RAMÓN LORENZO

CRÓNICA TROIANA



FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA

"COLECCIÓN DOCUMENTOS HISTÓRICOS"

Disposta pola

REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña 1985

FUNDACION
«PEDRO BARRIE DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA»

SERVICIO DE PUBLICACIONES

I

OBRAS PUBLICADAS:

SERIE MUSICAL

—TORNER Y BAL. Cancionero Gallego (1973). (Agotado).
—LOPEZ CALO. La Música Medieval en Galicia (1982).
—SCHUBARTH, DOROTHE. Cancionero Galego de tradición oral (1982).
—CASTO SAMPEDRO. Cancionero Musical de Galicia (1982).
—SCHUBARTH, DOROTHE. Cancionero Popular de Galicia I «Oficios e Labores» (1984).

SERIE GALICIA HISTORICA

—TORRES RODRIGUEZ. Galicia Sueva (1977). (Agotado).
—TORRES RODRIGUEZ. Galicia Romana (1982).
—GONZALEZ LOPEZ. Galicia de los Austrias (2 tomos). (1980).
—SANCHEZ ALBORNOZ. Estudios sobre Galicia en la Temprana Edad Media (1982).
—GARCIA GUERRA. El Hospital Real de Santiago en el siglo XVIII (1983).
—RODRIGUEZ GONZALEZ, Angel. Las fortalezas de la mitra compostelana y «Los Irmandiños». 2 tomos (1984).
—TORRES RODRIGUEZ. «Orosio» (1985).

SERIE CATALOGACION ARQUEOLOGICA Y ARTISTICA DE GALICIA

—CASTILLO. Inventario de la Riqueza Monumental y Artística de Galicia (1972). (Agotado).
—BANGO TORVISO. Arquitectura Románica en Pontevedra (1979).
—MARTINEZ RODRIGUEZ. El Hórreo Gallego. Estudio Geográfico (1979). (Agotado).
—GARCIA ALEN y DE LA PEÑA SANTOS. Catálogo de Grabados Rupestres. Provincia de Pontevedra (1981).
—PABLOS. Pintores Gallegos del Novecientos (1981).
—CATURLA. Antonio de Puga. Pintor gallego (1982).
—VALLE PEREZ. La arquitectura cisterciense en Galicia (1982).
—YZQUIERDO PERRIN. Arquitectura Románica en Lugo. I (1983).
—GARCIA ALEN. La alfarería de Galicia (2 tomos) (1983).
—CARBALLO CALERO, María Victoria. «Julia Minguillón» (1984).
—GARCIA IGLESIAS, José Manuel. «El pintor de Bango» (1984).
—FERNANDEZ OTERO, José Carlos. «Apuntes para el inventario del mobiliario litúrgico de la Diócesis de Orense» (1984).
—FRAGUAS Y FRAGUAS, Antonio. «El traje gallego» (1985).

SERIE GALICIA VIVA

—CARBALLO CALERO. Libros e Autores galegos I. Dos Trovadores a Valle Inclán (1980).
—CARBALLO CALERO. Libros e Autores galegos II. Século XX (1982).

COLECCION DOCUMENTOS HISTORICOS

—MEIJIDE PARDO. Escritos e Autores na Galicia da Ilustración (1982).
—RAMON LORENZO. «Crónica Troiana» (1985).

REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
32635
Biblioteca

R.3309

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA
COLLIGIT EXPURGET FIXAT
Biblioteca

LIMIAR

por

DOMINGO GARCIA - SABELL
Presidente da Real Academia Galega

Estamos a ofrecer, neste libro, unha obra de importancia fundamental para o coñecemento da nosa língua en profundidade e con rigor. Unha profundidade e un rigor que se botan ben de ver na magnífica introducción do profesor Ramón Lorenzo, Catedrático de Língua e Literatura Galega na Universidade compostelán e Numerario da nosa Real Academia Galega.

Era de todo punto necesario dispoñer dun estudo e dunha edición, á altura dos nosos tempos, da «Crónica Troiana». Nela latexa, con pulo emocionante, o idioma galego escrito da época medieval, cos seus avatares, cos cambios, as metamorfoses, que se corresponden co intre histórico no que o venerable texto foi escrito.

Dispoñíamos ata agora de duas edicións da Crónica Troiana. Unha, a de D. Andrés Martínez Salazar. E outra, a de Kelvin M. Parker. Interesante a primeira, e menos, ó meu ver, a segunda. Mais non dispoñíamos dunha edición crítica que fose verdadeiramente fiable. No caso de Martínez Salazar, non ten volta que o momento no que se levou a cabo non era o máis axeitado para a análise filolóxica que é facedeira a favor dos modernos métodos de investigación hoxe disponibles. Por eso esta nova impresión que a Academia Galega realizou na «Colección Documentos Históricos» en colaboración coa benemérita Fundación «Pedro Barrié de la Maza» constituie un fito básico nos traballos da nosa docta Corporación.

Mais calisquer consideración conceptual que agora se suxerise quedaría innecesaria diante das explicacións abertas, profundas, sabias e esixentes do propio encarregado da edición. Velaquí temos á prosa galega farturenta de capacidade expresiva, con enormes posibilidades de ulterior desenrolo que, por causas sumamente entrambilicadas, non acadou ata os tempos relativamente recentes, a sua merecida e importante maturidade.

Pero así é a Historia dos homes. Como dicía o protagonista do Ulises joyceano, a Historia «é un pesadelo do que trato de espertarme». O pesadelo anda, afortunadamente, a esmorecer. E agora, nos nosos días, cando agroma a língua en produccións vivaces, e moitas delas perennes, ó voltar os ollos para esta antiga Crónica Troiana, experimentamos o gozo de alucar para o noso herdo histórico. Para o esforzo dos nosos devanceiros. Por unha banda, e banda esencial, aquél Fernán Pérez de Andrade, o Bó, patrocinador da traducción galega do vello texto petrucial. Con ese persoaxe xa esvanecido, fai hoxe parella Ramón Lorenzo, patrón da pesca de altura que é este regate histórico. Non en balde o noso Profesor nos ten alumeado con abundantes traballos encol das raiceiras da língua galega. Algúns de tanta monta como, por exemplo, a edición crítica, minuciosa e valiosísima, da traducción galega da Crónica General e da Crónica de Castilla.

Agora, as sabencias do Profesor Ramón Lorenzo van dereitas ó cumio do estilo científico da indagación seria e responsable. E que somentes pode ser suliñado con unha palabra, con un soio calificativo, este: asombroso.

Así, pois, compre agora deixar o vieiro libre para que o lector, si é un entendido, se dispoña a aprofundar nos ensinos lingüísticos da propia Crónica Troiana e nos que, pola sua banda, Ramón Lorenzo ofrece. E si, sinxelamente, é un curioso da nosa prosa escrita, a sazón é espléndida para gozar das ricaces reviravoltas expresivas da nosa vella e xa, por sorte, remozada língua.

CRÓNICA TROIANA

RAMÓN LORENZO

CRÓNICA TROIANA

INTRODUCCIÓN E TEXTO

FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA
"COLECCIÓN DOCUMENTOS HISTÓRICOS"
Disposta pola
REAL ACADEMIA GALEGA
A Coruña 1985

División de Artes Gráficas
de «La Voz de Galicia, S. A.»
La Coruña
ISBN: 84-85728-46-7
Depósito Legal C. 129 - 1985

INTRODUCCIÓN

I. A LENDA DE TROIA NA ANTIGÜIDADE CLÁSICA

1. A lenda da guerra de Troia é un dos episodios de máis dimensión literaria e sempre presente ó longo dos séculos. Desde a creación do mundo maravilloso da *Ilíada* e da *Odisea* por Homero, foise completando toda a epopea troiana.

Na *Ilíada* contase só un episodio da guerra, sucedido no décimo ano da contenda: Aquiles retírase da loita porque Agamenón o despoxou da fermosa Briseida e só volve a loitar cando os troianos matan ó seu amigo Patróculo. Entón aparece a cólera de Aquiles, que o levará a vinga-la morte do amigo, matando ó héroe troiano Héitor.

Na *Odisea*, en cambio, Ulises narra ós feacios as aventuras polas que pasou desde a saída de Troia ata o seu regreso a Ítaca, así como a vinganza feita nos pretendentes de Penélope e a expedición de Telémaco á procura de noticias do pai.

Estes dous poemas apoiábanse nunha longa tradición oral, que continuou viva despois de Homero e que está presente noutros poemas épicos, algúns atribuídos durante algún tempo a este mesmo autor[1]. Neles complétase o ciclo troiano e sostense o alento da poesía épica durante séculos, desde o seu punto álxido no séc. VIII a.C., pasando por momentos de máis ou menos forza poética, ata as figuras de Quinto de Esmirna e Nonno de Panópolis (aprox. séc. IV e V d.C.).

En toda esta serie posterior, en xeral, moi descoñecida ou, ás veces, só fragmentariamente, trázase unha historia do mundo desde a súa orixe ata a morte de Ulises e aparecen outros asuntos que nos interesan particularmente para a nosa *Crónica Troiana*.

Hoxe sabemos da existencia dos seguintes poemas, máis ou menos cronoloxicamente. En primeiro lugar *A Cipriada*, atribuída na antigüidade a Homero e despois a Estásino de Chipre ou a Hexesias (ou Hexesino) e aínda a outros[2], que debe ser da 1ª metade do

---

[1] Hai quen sostén que algúns destes poemas son anteriores a Homero (como W. Kullmann, *Die Quellen der Ilias, Hermes Einzelschriften*, Heft 14, Wiesbaden 1960), pero o máis probable é que sexan posteriores (cfr. A. Bernabé Pajares, *Fragmentos de épica griega arcaica*, Madrid 1979, p. 94).

[2] A. Bernabé Pajares, ps. 94-97.

séc. VII a.C. Era un extenso poema en 11 cantos, no que se contaban unha serie de acontecementos, algúns anteriores á guerra de Troia: discordia entre as deusas no Olimpo, nacemento de Helena, xuício de Paris, rapto de Helena, sacrificio de Ifixenia e partida para Troia, o curso da guerra ata a pelexa entre Aquiles e Agamenón, a morte de Palamedes e outros acontecementos da conquista[3].

Con esta epopea enlazaba *A Etiópida*, de Arctino de Mileto (aprox. fins do séc. VIII a.C.), en 5 libros. Falaba de Pentesilea, a raíña das Amazonas, matada por Aquiles, que tamén mata a Persites porque o inxuriara. Despois seguía coa chegada de Memnón, rei dos etíopes, para axudar ós troianos e coa súa morte ás mans de Aquiles. Continuaba coa morte deste héroe por Paris e como Tetis, súa nai, o sacaba da fogueira para levalo á illa de Leuca. Remataba coa disputa entre Áiax e Ulises polas armas de Aquiles[4].

Había tamén a *Iliada Menor*, ou *Pequena Iliada*, en 4 libros, atribuída a Lesques de Pirra ou de Mitilene, que empezaba coa disputa entre Áiax e Ulises polas armas de Aquiles e continuaba coa morte de Paris, ferido por un dardo lanzado por Filoctetes, co casamento de Deífobo con Helena, coa vinda de Neoptólemo, para ocupa-lo lugar de seu pai Aquiles na guerra, coa morte de Eurípilo, a construcción do cabalo de madeira, Ulises en Troia coma espía, o roubo do Paladión, a introducción do cabalo na cidade e a alegría dos habitantes por se creren liberados. Remataba coa conquista e destrucción final da cidade[5].

O contido da última parte deste poema figuraba, por outra banda, na *Iliupersis* ou *Destrucción de Troia*, en 2 libros, atribuída ó xa citado Arctino de Mileto, que empezaba coa construcción do cabalo de madeira e continuaba coa historia de Laocoonte, a morte de Príamo por Neoptólemo, Helena recuperada por Menelao, a violación de Casandra por Áiax, a morte de Astianacte por Ulises, Etra levada por Acamonte e Demofonte, a entrega de Andrómaca a Neoptólemo e o sacrificio de Políxena ante a tumba de Aquiles[6].

No poema *Nostoi* ("Os Regresos"), en 5 libros, atribuído a Axias de Trecén, e para o que se pode pensar nun autor ou en 5 libros diferentes, descríbese a volta dos gregos e os traballos que pasaron no mar, o castigo de Áiax, o asasinato de Agamenón e a vinganza de Orestes[7].

Finalmente, o ciclo concluía coa *Telegonía*, de Eugamón de Cirene (séc. VI a.C.), en 2 libros. Trataba dalgunhas peripecias de Ulises e como Telégono, fillo deste e Circes, chegaba a Ítaca na procura do pai. Por erro loitaba con Ulises e matábao. A epopea remataba levando Telégono o corpo de Ulises xunto a Circes e co casamento de Telégono con Penélope e de Telémaco con Circes, que fai ós dous héroes inmortais[8].

---

[3] A. Bernabé Pajares, ps. 93-137; G. L. Huxley, *Greek epic Poetry*, Londres 1969, ps. 123-143; A. Severyns, *Le Cycle épique dans l'école d'Aristarque*, París-Liège 1928, ps. 245-313; H. Lloyd-Jones, *Stasinos* 4 [1968-1972], 1973, ps. 115-122; Albin Lesky, *Historia de la Literatura Griega*. Versión española de J. Mª Díaz Regañón y Beatriz Romero. Madrid 1976, ps. 104-105.

[4] A. Bernabé Pajares, ps. 138-154; Huxley, ps. 144-150; Lesky, *Historia*, p. 105; A. Severyns, *Le Cycle*, ps. 313-328; id. "L'Ethiopide d'Arctinos et la question du cycle épique", *Rev. de Phil.* 49, 1925, 153-183.

[5] A. Bernabé Pajares, ps. 155-179; Lesky, *Historia*, p. 106; Huxley, ps. 149-157; A. Severyns, *Le Cycle*, ps. 328-358.

[6] A. Bernabé Pajares, ps. 180-191; Lesky, *Historia*, p. 106; Huxley, ps. 157-161; A. Severyns, *Le Cycle*, ps. 358-370.

[7] A. Bernabé Pajares, ps. 192-214; Huxley, ps. 162-168; A. Severyns, *Le Cycle*, ps. 370-409.

[8] A. Bernabé Pajares, ps. 215-223; Lesky, *Historia*, p. 106; Huxley, ps. 168-173; A. Severyns, *Le Cycle*, ps. 409-417.

Temos noticias destes poemas por fragmentos conservados, polo testemuño de escritores clásicos, pola Βιβλιοθήκα de Apolodoro de Atenas (aprox. 180 a 120/110 a.C.)[9] e polos resumes feitos por Proclo, para quen se pensa nun gramático do séc. II d.C. ou no filósofo neoplatónico que morreu no 485 d.C.[10].

A abundancia de poemas non sempre ía acompañada de calidade. Por iso todas estas obras foron perdendo categoría ante a supremacía das dúas obras de Homero, que representaban o cumio da epopea. Así, xa na época grega se fixeron comentarios ós dous poemas e se discutiu a "cuestión homérica", olvidándose pouco e pouco tódolos demais poemas.

Co paso do tempo a épica foi perdendo importancia dentro da Literatura Grega, pero nunca se perdeu a tradición e o tema da lenda de Troia volveu aparecer de vez en cando, coma na *Argonáutica*, de Apolonio de Rodas (séc. III a.C.)[11], ou na compilación en 14 libros de Quinto de Esmirna (séc. IV d.C.), que reuniu tódolos episodios da guerra, con antecedentes e consecuentes, tal como aparecían nos poemas homéricos e posthoméricos[12]. Tamén se poden cita-los poemas breves *Toma de Troia* (691 versos), de Trifiodoro, e *Rapto de Elena* (394 versos), de Coluto (séc. V), ou a Ptolomeo Queno de Alexandría (aprox. 100 d.C.), autor da epopea *Antihomero* e da *Historia Troiana*. O mesmo tempo algún tema parcial foi sempre aproveitado polos poetas e autores dramáticos desde Esquilo, Sófocles e Eurípides, como os temas de Antígona, Andrómaca, Orestes, etc., ou a *Casandra* de Licofrón de Calcis[13].

Todas estas lendas arredor dos héroes da guerra de Troia tiñan un engado especial e nunca se chegaron a esquecer na tradición literaria. De Grecia pasaron a Roma e na Literatura latina deron lugar a obras tan importantes coma *A Eneida*, de Virxilio, ou *As Metaformoses*, de Ovidio. Lembremos que xa Livio Andrónico (séc. III a.C.) fixera unha traducción da *Odisea* e que tamén se traduciu moito despois a *Ilíada* ó latín. A mitografía grega aparece tamén nas *Fábulas* de Hyginus (séc. II) e no *Mythographus Vaticanus primus*, atopado na Biblioteca Vaticana, que debe ser posterior a Orosio. En época tardía (séc. V-VI) aínda volveu ó tema clásico o poeta Draconcio, autor da *Orestes tragoedia* e dos *Carmina Profana*, nos que canta o ciclo da lenda de Troia con altura poética e forza dramática[14].

---

[9] *Apollodorus, The Library*, with an english translation by Sir J. G. Frazer, 2 vols. Londres 1921 (reimpresión: vol. 1, Londres-Cambridge 1961; vol. 2, Londres-N. York 1963).

[10] A. Bernabé Pajares, p. 100; Lesky, *Historia*, p. 104 n. 142; A. Severyns, *Recherches sur la Chrestomathie de Proclos*. I. *Études paléographiques et critique*, París 1938; II. *Texte, traduction, commentaire*. París 1938; III. *La vita Homeri et les sommaires du cycle*. París 1953.

[11] Cfr. Lesky, *Historia*, ps. 759-768.

[12] F. Vian, *Histoire de la tradition manuscrite de Quintus de Smyrne*. París 1959; id. *Recherches sur les Posthomerica de Quintus de Smyrne*. París 1959.

[13] Amais da bibliografía citada véxase tamén G. S. Kirk, *The Songs of Homer*, Cambridge 1962 (*Los poemas de Homero*. Buenos Aires 1968); F. Rodríguez Adrados, M. Fernández-Galiano, L. Gil e J. Sánchez Lasso de la Vega, *Introducción a Homero*. Madrid 1963; C. Vellay, *Les légendes du Cycle Troyen*. Monaco 1957; W. Nestle, *Historia de la Literatura Griega*, 2ª ed., Barcelona 1951, ps. 20-47, 223, 274; Lesky, *Historia*, ps. 31-107; W. Kullmann, *Die Quellen der Ilias*. Wiesbaden 1960.

[14] Cfr. J. M. Díaz de Bustamante, *Draconcio y sus Carmina Profana*. Estudio biográfico, introducción y edición crítica. Santiago de Compostela 1978. Para as fábulas cfr. *Hygini Fabulae*, rec. H. I. Rose, Leiden 1933.

Amais disto, na época tardía xurdiron xa refundicións en prosa, coñecidas en textos latinos e tamén en textos gregos da época bizantina, e curiosamente estes textos en prosa, de non moito valor literario, son os que se consagraron no mundo occidental e os que se tiveron en conta na época medieval. Cando na literatura medieval románica se escriba sobre a guerra de Troia xa non se pensará na *Iliada* ou na *Odisea*, posto que as fontes de información serán estas prosificacións de toda a lenda, escritas por dous supostos autores contemporáneos da destrucción, os chamados Dictis e Dares, ou, como se di na *Crónica Troiana* galega, Dites e Daires.

2. Dictis e Dares.– Os supostos historiadores Dares Phrygius (séc. VI) e Dictys Cretensis (s. IV) pasaron durante moito tempo por auténticos e por contemporáneos da guerra de Troia. O primeiro como autor da obra *De excidio Trojae historia*[15] e o segundo da obra *Ephemeris belli Trojani*[16], ambas traducidas ó latín.

A consideración coma auténticos ven de longo e xa S. Isidoro de Sevilla consideraba a Dares coma o primeiro dos historiadores paganos: "Apud gentiles vero primus Dares Phrygius de Graecis et Troianis historiam edidit, quam in foliis palmarum ab eo conscriptam esse ferunt. Post Daretem autem in Graecia Herodotus historiam primus habitus est"[17].

Esta suposición parte do feito de que o autor da *Historia* coloca ó principio unha suposta carta de Cornelio Nepote a Salustio, na que di que atopou en Atenas a obra de Dares e a traduciu literalmente ó latín. Nesa introducción, Dares aparece como un natural de Troia, que viviu os acontecementos da guerra e que se considera con máis autoridade ca Homero, autor que só coñecía a historia coma un feito pasado, pois escribira 100 anos despois da destrucción da cidade.

Algo semellante acontece con Dictis, tamén suposto contemporáneo da guerra, que conta os sucesos desde a perspectiva dos gregos, ós que acompaña á conquista. Tamén o libro de Dictis aparece co misterio de se ter atopado o sepulcro do guerreiro cretense preto de Cnosos, no tempo de Nerón, contendo unha caixa de chumbo co seu relato sobre a guerra de Troia en caracteres púnicos. Traducido ó grego por un certo Eupraxidas, pasaría despois ó latín coa versión de Lucio Septimio.

Todo isto é pura fantasía, pero o misterio da existencia dos dous autores tense discutido moito na época moderna e con opinións moi disconformes. Hoxe suponse que o texto latino de Dares debe ser do séc. VI e o de Dictis do séc. IV, con todo hai razóns para pensar que o estado actual do texto de Dares non é o primitivo e que o texto latino de Dictis é realmente traducción dun texto grego máis arcaico, pois hai autores bizantinos, especialmente Malalas (séc. VI), que teñen moita relación coa *Ephemeris* e non se pode pensar que fixesen unha traducción do latín ó grego, entre outras razóns porque se coñece un fragmento do autor grego nun papiro descuberto en Tebtunis, do

---

[15] Ferdinand Meister, *Daretis Phrygii De Excidio Trojae Historia*...Leipzig 1873.

[16] *Dictys Cretensis, Ephemeridos belli Troiani libri a Lvcio Septimio ex graeco in latinvm sermonem translati. Accedvnt papyri Dictys Graeci in Aegypto inventae.* Edidit Werner Eisenhut. Leipzig, BSB B. G. Teubner Verlagsgesellschaft, 1973 (1ª ed. en 1958).

[17] *Isidori Hispalensis episcopi, Etymologiarvm sive originvm libri XX*, recognovit...W. M. Lindsay, I, Oxonii 1911 (reimpr. 1957), I, 42, 1 e 2.

ano 206 d.C., anterior en séculos ó texto de Septimio, e outro nun papiro atopado en Oxyrhynchos, máis antigo aínda e que confirma a posibilidade de que o texto grego sexa da época de Nerón[18].

2.1. Contido e tradición.– As obras de Dares e Dictis son de valor moi diferente, talvez debido a que chegaron a nós adulteradas, especialmente *De excidio Trojae historia*, de Dares. Esta obra, dividida en 44 capítulos, aparece escrita nun latín pouco coidado e monótono, sen preocupación literaria, o que fai pensar que se trata dun texto abreviado, unha especie de resume do texto primitivo. En xeral, redúcese a unha exposición exasperante de batallas e trégoas e só conta cuns cantos episodios de certa entidade expresiva: a ofensa de Leomedón ós compañeiros de Xasón (cap. I-III), a morte de Héitor e a escena da separación con Andrómaca (cap. XXIV), o amor de Aquiles por Políxena (cap. XXVII), a morte deste héroe ás mans de Paris no templo de Apolo (cap. XXXIV) e as deliberacións dos traidores para a rendición da cidade (cap. XXXVII-XL).

En cambio, a *Ephemeris belli Trojani*, de Dictis, ten moita máis extensión e presenta unha lingua moito máis elaborada e con certos valores literarios.

As dúas obras teñen moitos elementos en común e poden servir de complemento entre si, pois a de Dares empeza xa coa expedición de Xasón e remata coa conquista de Troia, mentres a de Dictis empeza co rapto de Helena e remata engadindo a volta dos guerreiros gregos á súa terra e a morte de Ulises polo seu fillo Telégono. Común é tamén a preocupación por eliminar toda intervención directa dos deuses nos acontecementos da conquista e o desexo de lle dar verosimilitude á historia, facéndose pasar por contemporáneos e partícipes nos feitos, un coma grego e outro coma troiano.

2.2. Transmisión dos textos.– Os textos de Dares e Dictis gozaron de elevada consideración e consérvanse hoxe numerosos manuscritos en diversos lugares de Europa, entre eles en España[19]. O mesmo tempo fixéronse numerosas edicións dos dous textos desde o séc. XV, en ocasións conxuntamente[20].

Das dúas obras sempre tivo preferencia a de Dares, aínda sendo a máis cativa, e xa no séc. XIII se fixeron dúas traduccións ó francés: unha por Jean de Flixécourt, en 1262[21], e outra polo dominico Jofroi de Waterford e un certo Servais Copale, pola

---

[18] Referencias a textos do Dictis grego recóllense no libro de Felix Jacoby, *Die Fragmente der griechischen Historiker. Erster Teil. Genealogie und Mythologie.* A. Vorrede. Text. Addenda. Konkordanz. 1957 (reimpr. fotomec. Leiden 1968), ps. 273-284; id. a. Kommentar. Nachtrage, id. ps. 527-530; referencias a Dares nas ps. 294 e 532. Tamén *The Oxyrhynchus Papyri*, XXXI, ed. with transl. & notes by J. W. B. Barns, P. Parsons, J. Rea & E. G. Turner. London, Egypt Expl. Soc., 1966, p. 45 ss., núm. 2539; W. Eisenhut, *Dictys Cretensis*, p. 140; id. "Zum neuen Dictys-Papyrus", *Rhein. Museum* CXII, 1969, 114-119.

[19] Agapito Rey e Antonio G. Solalinde (*Ensayo de una Bibliografía de las Leyendas Troyanas en la Literatura Española.* Bloomington, Indiana, 1942, p. 28) citam 3 de Dares e 1 de Dares e Dictis, pero hai máis.

[20] Na súa edición de Dictis, Eisenhut (ps. XL-XLI) cita 11 edicións (4 xa no séc. XV). A última de Dictis anterior á súa foi a de F. Meister, *Dictys Cretensis, Ephemeridos belli Troiani Libri VI.* Leipzig 1872.

[21] Ms. de Copenhague, Bibl. Real Gl, Kgl, S. 487, editado en 1951, en tese dactilografada da Univ. de Londres, por G. Hall.

mesma época[22]. Estas versións literais, feitas cun criterio de fidelidade ó texto latino, estaban concebidas precisamente para contrarresta-lo éxito que estaban a obter algunhas obras romances que seguían libremente ós autores clásicos, pero non tiveron moita expansión, porque quen marcou a pauta en toda a época medieval foi unha das adaptacións criticadas polos traductores, a feita no séc. XII por Benoît de Sainte-Maure, que está á cabeza do ciclo francés do chamado "roman antique"[23].

---

[22] Ms. de París, Bibl. Nac., fr. 1822, editado en tese dactilografada da Univ. de Londres en 1952, por F. W. A. George. Cfr. Françoise Vielliard, *Le Roman de Troie en prose (Version du Cod. Bodmer 147)*, Cologny-Genève 1979, p. 8, e B. Woledge, "La légende de Troie et les débuts de la prose française", en *Mélanges de linguistique et de littérature romanes offerts à Mario Roques*, II, 1953 (reimpresión, Genève 1976), ps. 315-319.

[23] Sobre Dictis e Dares hai un bo estudio en L. Constans, *Le Roman de Troie par Benoît de Sainte-Maure*, t. VI, París 1912, ps. 193-234. Alí cítanse os traballos máis importantes ata aquela data (ps. 192-193), entre eles os de H. Dunger, *Die Sage vom Trojanischen Kriege in den Bearbeitungen des Mittelalters und ihre antiken Quellen*, Dresden 1869; id. Dictys-Septimius, *Über die ursprüngliche Abfassung und die Quellen der Ephemeris belli Trojani*, Dresden 1878; G. Korting, *Dictys und Dares. Ein Beitrag zur Geschichte der Troja-Sage in ihrem Übergange aus der antiken in die romanische Form*, Halle 1874; R. Jaeckel, *Dares Phrygius und Benoit de Sainte-More. Ein Beitrag zur Dares--Frage*. Breslau 1875; W. Greif, *Neue Untersuchungen zur Dictys- und Daresfrage*. Berlín 1900; N. E. Griffin, *Dares and Dictys. An introduction to the study of medieval versions of the Story of Troy*. Baltimore 1907. Véxase tamén R. T. Clark, "Notes on Dares and Dictys", *Class. Quarterly* VIII, 1914, 17 ss.; I. Johnson, *Index criticus verborum Daretis Phrygii*. Diss. Vanderbilt Univ. Nashville, Tenn. The Joint Univ. Libr. 1938; E. Franceschini, "Intorno alla tradizione manoscritta di Ditti Cretese", en *Atti del Reale Ist. Veneto de Scienze, Lett. ed Arti* 1937/38, tomo XCVII, Venezia 1937, 141 ss.; S. Timpanaro "Per la critica testuale di Ditti-Settimio", en *Lanx satura Nicolao Terzaghi oblata. Miscellanea philologica*. Univ. di Genova. Ist. di Fil. Class. e med., 1963, ps. 325-342; O. Mazal, "Zwei neue Fragmentfunde zur lateinischen romanhaften Literatur", *Scriptorium* XVIII, 1964, 210-218; W. Speyer, "Die unbekannte Epitome des Dictys Cretensis im Codex Brixiensis 691", *Rhein. Museum* CVII, 1964, 76-92; W. Eisenhut, "Praefatio" á obra citada na n. 16, ps. V-LII; Dictys of Crete and Dares the Phrygian, *The Trojan War*, translated with an introduction and notes by R. M. Frazer, Bloomington and London 1966; *Una redazione poetica latina medievale della storia De Excidio Troiae di Darete Frigio*. Ed. e note di M. Godi, Roma 1967; J. Stohlmann, *Anonymi Historia Troyana Daretis Frigii. Untersuchungen und kritische Ausgabe*. Mittellat. Jahrbuch. Beiheft I. Wuppertal, Henn, 1968; H. J. Marblestone, *Dictys Cretensis. A study of the Ephemeris belli Troiani as a cretan pseudepigraphon*. Diss. Brandeis Univ. 1970.

II. A LENDA DE TROIA EN FRANCIA

1. O "roman antique".– Na Francia do séc. XII hai unha eclosión da literatura en lingua vernácula, coa creación dunha serie de obras en verso que podemos clasificar en ciclos, entre eles o ciclo do "roman breton" e o do "roman antique".

O ciclo do "roman antique" coñécese con este nome por se trataren nel temas da antigüidade clásica greco-latina. A el pertencen tres obras moi relacionadas polo asunto que tratan[1]: o *Roman de Thèbes*[2], basado na *Tebaida*, de P. Papinio Estacio (séc.

[1] Tense discutido a orde de aparición dos tres poemas, entre 1150 e 1165. Cfr. L. Constans, *Roman de Troie* VI, ps. 182-191; G. Paris, *Romania* XXI, 1892, p. 285; Salverda de Grave, *Enéas*. Halle 1891, ps. XXIV-XXIX; Woledge, *Mél. Roques* II, p. 313; J. Frappier, *Grundriss* (cfr. n. 6), ps. 145-146, 147; Adler, id. ps. 104, 105; Kohler, id. p. 86; E. Langlois, "Chronologie des romans de Thèbes, d'Enéas et de Troie", *Bibl. de l'École des Chartes* LXVI, 1905, 107-120; E. Faral, *Revue des langues Romanes* LVI, 1913, 129-147; F. M. Warren, "Notes on medieval French Literature", *Mod. Lang. Notes* XIII, 1898, 24-26; E. C. Fredrick, "The date of the Eneas", *PMLA* L, 1935, 984-986; F. E. Guyer, "The chronology of the earliest French Romances", *Modern Phil.* XXVI, 1929, 257-277; S. Hofer, "Zur Datierung des Thebenromans", *ZRPh* LXII, 1942, 91-97; F. A. G. Cowper, "Date and dedication of the Roman de Troie", *Modern Phil.* XXVII, 1929-1930, 379-382; G. S. Sarolli, "L'episodio di Montflor e la data di composizione del Roman de Thèbes", *Ist. Lomb. di Sc. e Lett.*, Rendiconti, LXXXV, fasc. II, Lettere, 1952, 231-245; R. Burmeister, *Antike und antikisierende Dichtung: ein neuer Versuch zur Chronologie französischer Literatur um 1160*. Hamburg 1953; P. B. Grout "The trial of Daire and the dating of the Roman de Thèbes", *French Studies* XIX, 1965, 392-395; R. R. Bezzola, *Les origines et la formation de la littérature courtoise en Occident (500-1200). Trosième partie. La société courtoise: littérature de cour et littérature courtoise.* Tome I, París 1967, ps. 273, 280; J. Ch. Payen, en *Études de Philologie Romane et d'Histoire Littéraire offerts à J. Horrent*. Liège 1980, p. 325; R. Blumenfeld-Kosinski, en *Rom. Phil.* XXXIV, 1980, p. 150. Algúns destes autores chegaron a alonga-la data ata 1173.

[2] Ed. de L. Constans, 2 vols. París 1890 (Société des Anciens Textes Français); ed. de G. Raynaud de Lage, 2 vols. París 1966-1968 (Class. Fr. du Moyen Âge 94, 96); cfr. Salverda de Grave, "Recherches sur les sources du Roman de Thèbes", *Mélanges de philologie romane et d'histoire littéraire offerts à M. Wilmotte*. París 1910, t. II, ps. 595-618; F. M. Warren, "On the latin sources of Thèbes and Enéas", *PMLA* XVI, 1901, 375-387; A. Adler, "The Roman de Thèbes, a *consolatio philosophiae*", *Rom. Forsch.* LXXII, 1960, 257-276; E. Hoepffner, "Le Roman de Thèbes", *Rev. des Cours et Conférences* XXXIV, núm. 2, 1933, 490-497; L. G. Donovan, *Recherches sur le Roman de Thèbes*. París, SEDES, 1975; J. Ch. Payen, "Structure et sens du Roman de Thèbes", *Le Moyen Âge* LXXVI, 1970, 493-513; id. "La mise en roman de la matière antique: le cas du Roman de Thèbes", en *Études J. Horrent*, Liège 1980, ps. 325-332; D. R. Ripley, "The Genesis of the Roman de Thèbes", en *Mediaeval Studies in Honor of Urban T. Holmes*, Jr. Chapel Hill, N. C., 1965, 157-167;

I a.C.), o *Roman d'Énéas*[3], que ten coma modelo *A Eneida*, de Virxilio, e o *Roman de Troie*, escrito por Benoît de Sainte-Maure segundo a narración dos citados Dares e Dictis. A estes tres poemas podemos engadir xa as diferentes versións do *Roman d'Alexandre*[4], o *Roman d'Apollonius de Tyr*[5] e outros[6].

O "roman antique" é unha das manifestacións máis arcaicas do *roman* en Francia e só toma a antigüidade coma tema, non coa intención de facer unha representación auténtica do mundo antigo. É certo que os autores destas obras toman coma modelo ós escritores clásicos e ata os poñen coma testemuñas, tratando de buscar autenticidade e mesmo de facer pasar por obras históricas as súas creacións, pero tamén é certo que imitan ós antigos dunha maneira persoal, sen servilismo, recreando dun xeito máis ou menos orixinal o asunto versificado.

No momento en que escriben non había unha separación clara entre a autenticidade histórica e a fábula novelística, todo se mesturaba e a todo se lle quería dar aparencia de realidade. Debemos lembrar que o *roman* nace na corte e os reis vían con bos ollos que os poetas e os historiadores fixesen remonta-la súa xenealoxía ata os héroes da antigüidade. Habería coma unha especie de "propaganda política" nestas obras[7].

Raynaud de Lage, "Le premier roman", en *Orbis Mediaevalis. Mélanges de langue et de littérature médiévales offerts à R. R. Bezzola à l'occasion de son quatre-vingtième anniversaire.* Bern, Francke, 1978, ps. 323-337; J. Dufournet, "La Thébaide de Stace et le Roman de Thèbes", *Rev. des Langues Romanes* LXXXII, 1976, 139-160; R. Blumenfeld-Kosinski, *The Traditions of the Old French Roman de Thèbes: A Poetico- Historical Analysis.* Diss. Princeton Univ. 1980.

[3] Ed. de J.-J. Salverda de Grave, 2 vols. París 1925-1929 (Class. Fr. du Moyen Age 44, 62; ed. revisada. París 1964-1968); id. *Enéas*, Texte critique. Halle 1891 (Bibl. Normannica IV); cfr. C. Minis, "Textkritische Studien über den Roman d'Eneas", *Neophilologus* XXXIII, 1949, 64-84; A. Pauphilet, "Eneas et Enée", *Romania* LV, 1929, 195-213; G. Angeli, *L'Eneas e i primi romanzi volgari.* Milano-Napoli 1971 (Documenti di filologia 15); D. J. Blask, *Geschehen und Geschick im altfranzösischen Eneas-Roman.* Tübingen 1984; D. Poirion, "De l'Énéide a l'Énéas: mythologie et moralisation", *Cahiers de Civ. Médiévale* XIX, 1976, 213-229; R. J. Cormier, "The present State of Studies on the Roman d'Enéas", *CN* XXXI, 1971, 7-39; M. Paschal, "The structure of the Roman d'Enéas", *French Review* LIV, 1980/1981, 47-51; D. J. Shirt, "The Dido episode in Enéas: the reshaping of tragedy and its stylistic consequences", *Medium Aevum* LI, 1982, 3-17; H. C. R. Laurie, "A New Look at the Marvellous in Eneas and its Influence", *Romania* C, 1970, 48-74; R. J. Cormier, "Sources for the Trojans' tent-fortress in the Roman d'Énéas", *Studi Med. e Volg.* XXV, 1977, 85-92; M. A. Freeman, "The Roman d'Énéas: Implications of the Prologue", *Med. Romanzo* VIII, 1983, 37-45.

[4] *The Medieval French Roman d'Alexandre*, editado por Edward C. Armstrong e outros, 7 vols. Princeton Un. Press 1937-1976 (Elliott Monographs 36-42); cfr. J. Frappier, *Grundriss* ps. 149-167 e xa Paul Meyer, *Alexandre le Grand dans la littérature française du Moyen Age*, 2 vols. París 1886.

[5] Cfr. A. Schulze, "Ein Bruchstück des altfranzösischen Apolloniusromanes", *ZRPh* XXXIII, 1909, 226-229; M. Delbouille, "Apollonius de Tyr et les débuts du roman français", en *Mélanges offerts à Rita Lejeune.* Gembloux, Duculot, 1969, t. II, p. 1171-1204; J. Ch. Payen, *Littérature française. Le Moyen Age. I. Des origines à 1300.* París 1970, p. 150; J. Frappier, *Grundriss*, ps. 167-170.

[6] Cfr. *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters.* Vol. IV. *Le roman jusqu'à la fin du XIIIe siècle.* Tome 1. Heidelberg 1978, esp. ps. 145-182 (J. Frappier e G. Raynaud de Lage "Le roman en vers en France au XIIe siècle"). Tamén ps. 61-64 (P. Zumthor, "Genèse et évolution du genre"), ps. 104-122 (A. Adler, "Höfische Romane neben und nach Chrétien: Bilder und sinngebende Gegenbilder"); Bezzola, *Les origines*, ps. 269-291; J. Ch. Payen e F. N. M. Diekstra, *Le roman.* Brepols, Turnhout, 1975, esp. ps. 33-39; Payen, *Littérature française*, ps. 146-150.

[7] É o que pensan Bezzola, *Les origines*, ps. 289-290, e E. Köhler, *Grundriss*, p. 84. Está en contra J. Frappier, *Grundriss*, p. 148.

Hai, pois, unha visión imaxinaria do mundo antigo, visto cos ollos do séc. XII. A mediados deste século témo-la literatura cortesana, o amor cortés, a novela sentimental. Os comezos da novela están na corte anglonormanda de Enrique II, casado coa famosa Aliénor de Aquitania, e os poetas cantan a antigüidade tendo en conta os gustos da sociedade medieval, para que o público cortesano se aficione polos seus relatos.

Moitos elementos do *roman antique* son aínda de asunto *épico*[8], como a descrición das armas e dos combates, as embaixadas, os consellos de guerra, os eloxios fúnebres dos héroes, etc. Pero a todo isto engádense xa os elementos do amor cortés, tendo unha enorme importancia neles o elemento feminino[9], especialmente no *Roman de Troie*, con parellas tan famosas coma Xasón e Medea, Troilo e Briseida, Aquiles e Políxena, Paris e Helena, amais doutras moitas de menor entidade.

Tódalas vicisitudes do amor cortés, do *fin'amor*, están presentes nos poemas con todos aqueles ingredientes indispensables: amor, olvido, tormentos, traicións, remordementos, etc. Hai tamén moitas veces fatalismo nas representacións femininas. Por outra banda é constante unha casuística psicolóxica, con abundante uso do monólogo por parte dos namorados. Como novidade está o feito de unir constantemente o *amor* e a *militia*[10].

Tamén é importante a riqueza da descrición, con moitos elementos exóticos e maravillosos. Os autores do séc. XII concédenlle pouca vixencia ós deuses paganos, pero non descartan a presencia de elementos imaxinarios e mitolóxicos, como poden se-los saxitarios, as amazonas, a esfinxe, as meigas, as sereas, etc. Ó mesmo tempo descríbense cámaras encantadas, episodios cheos de mundos fascinantes, de enfeitizamentos, que tiñan sempre un público acolledor[11].

Finalmente, compre lembra-lo constante anacronismo na representación da antigüidade[12]. Non cabe dúbida que hai moitos elementos idénticos, porque moitas cousas

---

[8] Cfr. A. Micha, "Couleur épique dans le Roman de Thèbes", *Romania* XCI, 1970, 145-160; J. Ch. Payen, "Structure et sens du Roman de Thèbes", *Le Moyen Âge* LXXVI, 1970, 493-513; Payen-Diekstra, *Le roman*, p. 35; Frappier, *Grundriss* p. 146.

[9] P. Jonin, *Les personnages féminins dans les romans français de Tristan au XIIe siècle. Etude des influences contemporaines.* Paris et Gap 1958 (Ann. de la F. des L. d'Aix-en-Provence, 22); Rosemarie Jones, *The Theme of Love in the Romans d'Antiquité.* London 1972; M. Thiry-Stassin, "Interpellations féminines dans le Roman de Thèbes", *Marche Romane* XXVII, 1977, 41-53; M. Gosman, "L'élément féminin dans le Roman d'Alexandre: Olympias et Candace", en *Court and Poet. Selected Proceedings of the Third Congress of the International Courtly Literature Society (Liverpool 1980)*, ed. Glyn S. Burgess e outros. Univ. of Liverpool 1981, ps. 167-176. Cfr. tamén nota 24.

[10] Cfr. A. Adler, *Grundriss*, ps. 106, 110, 112-113; id. "Militia et amor in the Roman de Troie", *Rom. Forsch.* LXXII, 1960, 14-29; Frappier, *Grundriss*, p. 146; Moshé Lazar, *Amour courtois et fin'amors dans la littérature du XIIe siècle.* París 1964; H. C. R. Laurie, "Eneas and the Doctrin of Courtly Love", *MLN* LXIV, 1969, 283-294.

[11] Cfr. Adler, *Grundriss*, ps. 107-108; Frappier, id. p. 146; E. Faral, *Recherches sur les sources latines des contes et romans courtois du moyen âge.* París 1913, ps. 307-388.

[12] Cfr. Raynaud de Lage, "Les romans antiques et la représentation de l'antiquité", *Le Moyen Âge* LXVII, 1961, 247-291 (recollido en *Les premiers romans français et autres Études Littéraires et Linguistiques.* Genève 1976, ps. 127-159): Frappier, *Grundriss* ps. 147-148; R. J. Cormier, "The problem of anachronism. Recent scholarship on the French Medieval Romances of Antiquity", *Phil. Quarterly* LIII, 1974, 145-157); *La représentation de l'Antiquité au Moyen Age.* Université de Picardie. Centre d'Études Méd. Actes du Colloque des 26, 27 et 28 mars 1981. Ed. D. Buschinger e A.

non sufriran evolución desde os romanos, pero os costumes, as crenzas, as institucións, os sentimentos son sempre medievais.

Cando se describen cidades, o que se fai é describi-los modelos medievais[13], e o mesmo acontece coas comidas, os costumes, a organización militar: todo está visto desde as estructuras feudais. O mundo cortés e cabaleiresco aflora por todas partes, discútese sobre o amor á maneira medieval e aparece a imaxe do torneo aplicada á guerra.

O anacronismo vémolo tamén constantemente nas referencias relixiosas. Hai unha continua transposición xeneralizada da relixión cristiá para as relixións paganas, facendo aparecer xa na antigüidade arcebispos, bispos, curas e monxas, ou igrexas consagradas ós deuses paganos, conventos de frades e monxas, funerais e aniversarios polos héroes mortos, coma se se tratase de cerimonias dos cristiáns.

Outro tipo de anacronismo atopámolo na tendencia a designar obxectos cun calificativo ponderativo, coma os cabalos de "Castela", ou as espadas "danesas", ou os arcos "torquís", ou a espada que contén reliquias na empuñadura, entre outros moitos. Todo de maneira idéntica ó que poderiamos atopar en calquera *Crónica* medieval.

E todo isto ornamentado cun exotismo fantástico e maravilloso, con descricións idealizadas, coma a da "cámara das belezas" no *Roman de Troie*, fabulosa recreación de Benoît de Sainte-Maure.

Resulta probable que os autores medievais fosen conscientes do anacronismo e que tratasen de se achegar ó gusto dos contemporáneos falseando a historia, mesturando o pasado co presente, buscando a maneira de facer máis viva a imaxe dun mundo xa remoto[14].

Todas estas particularidades podemos velas de maneira clara en todo o ciclo e moitas delas dun xeito especial na obra que máis nos interesa para a nosa *Crónica Troiana*, é dicir, no *Roman de Troie*.

2. Benoît de Sainte-Maure[15].– Parece que foi un clérigo de Touraine, natural de Sainte-

---

Crépin. Viena 1982 (Wiener Arbeiten zur germ. Altertumskunde und Phil. 20); F. M. Tubino, "Historia Troyana", *Museo Esp. Ant.* V, 1875, ps. 201-202.

[13] G. D. West, "The description on towns in old french verse romances", *French Studies* XI, 1957, 50-59; Raynaud de Lage, *Les premiers*, ps. 133-134.

[14] Cfr. Raynaud de Lage, *Les premiers*, ps. 156-158; Frappier, *Grundriss*, ps. 147-148; id. "Remarques sur la peinture de la vie et des héros antiques dans la littérature française du XIIe et du XIIIe siècle", en *L'humanisme médiéval dans les littératures romanes du XIIe au XIVe siècle. Colloque de Strasbourg, 29 janv.-2 févr. 1962.* Actes publiés par A. Fourrier. París 1964, ps. 13-54; O. Jodogne, "Le caractère des oeuvres "antiques" dans la littérature française du XIIe et du XIIIe siècle", en *L.Humanisme médiéval...*, ps. 55-85; R. Blumenfeld-Kosinski, "Old french narrative genres. Towards the definition of the roman antique", *Rom. Phil.* XXXIV, 1980, 143-159; R. Jones, "The *état présent* of research on the romans antiques", *Encomia* I, ii. 1976, 9-13; H. K. Wray, *The Vocabulary of the French Romances of Antiquity, with Special References to the Roman d'Enéas and the Roman de Troie.* London 1966-1967.

[15] Para todo o referente a Benoît véxase esp. L. Constans, *Le Roman de Troie par Benoît de Sainte-Maure* publié d'après tous les manuscrits connus. 6 vols. París 1904, 1906, 1907, 1908, 1909, 1912 (Reimpresión en N. York-London 1968).

Maure, a 30 kms. de Tours[16]. A súa obra máis importante é o *Roman de Troie*, escrito entre 1155 e 1165[17] e, ó que parece, adicado a Aliénor de Aquitania:

"De cest, veir, criem g'estre blasmez
de cele que tant a bontez
que hautece a, pris e valor,
honesté e sen e honor,
bien e mesure e sainteé,
e noble largece e beauté;
en cui mesfait de dames maint
sont par le bien de li esteint;
en cui tote science abonde,
a la cui n'est nule seconde
que el mont seit de nule lei.
Riche dame de riche rei,
senz mal, senz ire, senz tristece,
poisseiz aveir toz jorz leece!
(vv. 13457-13470).

Aliénor, filla do trovador Guillermo IX de Aquitania, repudiada por Luís VII de Francia en 1152, casou ese mesmo ano con Enrique Plantegenet, conde de Anjou e duque de Normandía, que en 1154 pasou a ser rei de Inglaterra[18]. Por iso se supón que Benoît viviu na corte anglonormanda e que tamén é autor da *Chronique des ducs de Normandie*[19].

Enrique II, canso do estilo de Wace[20], mandoulle a Benoît compor esta crónica, que non chegou a rematar, posto que só chega ata os acontecementos do ano 1135. Nela trátase de facer unha gabanza da corte normanda, aproveitando tódolos elementos reais ou imaxinarios posibles, pois Enrique II presumía de proceder en liña directa de exilados troianos.

A *Chronique* é aínda máis longa có *Roman de Troie*, pero non chega á súa altura

---

16 Constans, VI, 190, pensa mellor en Sainte-More, preto de Troyes. Así tamén en A. Henry, *Chrestomathie de la Littérature en ancien français*. I, 2ª ed. Berna 1953, ps. 44, 291.

17 R. R. Bezzola, *Les origines*, p. 147, e P. Zumthor, *Histoire littéraire de la France médievale*. Paris 1954, p. 192, din entre 1165-1170.Cowper, *Modern Phil.* XXVII, 379-382, dicía entre 1154-1173.

18 Sobre Enrique II e a súa corte véxase Bezzola, *Les origines*, ps. 3-207. Sobre Aliénor (ou Éléonore) Bezzola, id., ps. 247-263; Rita Lejeune, "Rôle littéraire d'une femme au moyen age", *Bulletin de la Société belge des proffesseurs de français* 1954, 3-13; id. "Rôle littéraire d'Aliénor d'Aquitaine et de sa famille", *CN* XIV, 1954, 5-57 (cfr. tamén o seu libro *Littérature et Société occitane au moyen âge*. Liège, *Marche Romane* 1979, ps. 401-472); Amy Kelly, *Eleanor of Aquitaine and the four Kings*. Cambridge, Mass. 1950; id. "Eleanor of Aquitaine and her Courts of Love", *Speculum* XII, 1937, 3 ss.; E.-R. Labande, "Pour une image véridique d'Aliénor d'Aquitaine", *Bull. de la Soc. des Antiquaires de l'Ouest*. Potiers 1952, p. 175 e ss.

19 Carin Fahlin, *Chronique des Ducs de Normandie par Benoît*, publiée d'après le manuscrit de Tours, avec les variantes du manuscrit de Londres. T. I, Uppsala 1951; II, Uppsala-Wiesbaden--Haag-Génève 1954; III. Glossaire entièrement revu et completé par les soins de Österen Sodergård, 1967; IV. Notes, par S. Sandqvist. Stockholm 1979; cfr. C. Fahlin, *Étude sur le manuscrit de Tours de la Chronique des Ducs de Normandie par Benoît*. Uppsala 1937; Bezzola, *Les origines*, ps. 190-198.

20 Cfr. Bezzola, *Les origines*, ps. 150-190.

literaria, polo que hai quen nega a identidade dos dous Benoît, se ben se admite desde hai tempo a posibilidade de que sexa un único autor[21].

2.1. O Roman de Troie.– O *Roman de Troie*[22], que comeza contando a conquista do "toisón de ouro" e remata coa morte de Ulises, consta de más de 30.000 versos octosílabos, exactamente 30.316, o que o fai dunha extensión considerable. Non se trata dunha composición orixinal en canto ó tema, pois, como xa indiquei, Benoît ten coma fontes de inspiración as obras de Dares e Dictis: Dares para a maior parte do texto e Dictis a partir do verso 24.396, con algunha volta neses últimos 6.000 versos á utilización de Dares.

Con todo, non se trata dunha simple transposición dos textos latinos. Benoît non se contenta cunha descrición seca dos acontecementos, como en Dares (e, en moita menor proporción, en Dictis), el deixa actua-la fantasía, recréase nos episodios interpretando os feitos á súa maneira e engadindo a reo material da súa propia colleita ou tomado doutras fontes[23].

Fagamos unha pequena comparación con Dares (e Dictis) e veremos todo isto.

Ó comezo, Dares apenas lle dedica 3 liñas ó episodio da conquista do "toisón de ouro". Benoît conta por extenso toda a conquista e detense especialmente nos amores de Xasón e Medea, suprimidos totalmente polo autor latino.

Tamén aumenta no relato do xuício de Paris, cambia algunhas particularidades no retrato dos héroes gregos e troianos (ó mesmo tempo que muda algún nome e engade os retratos de Polidamas e Memnón entre os troianos), cambia o texto de Dares na embaixada de Ulises e Diomedes a Troia (antes da expedición de Aquiles e Télafus a Mersa) e o episodio da morte de Merión ás mans de Héitor.

Os Bastardos, fillos de Príamo, teñen moita importancia en Benoît. Di que son 30 e noméaos todos ó longo da obra, dándolles a algúns deles preponderancia nos combates. Non hai nisto coincidencia con Dares, nin tampouco no número e nos nomes dos Bastardos, algúns pura invención do autor francés, como Bruns li Gemeaus, Né/Nez d'Amors, Maudan Clarueil ou Sardes de Vertfueil.

Hai episodios importantes alleos a Dares. Así, o episodio do Saxitario, levado polo rei Epistrofo de Alisonia e matado por Diomedes despois de ter feito estragos nos gregos.

---

[21] Cfr. F. Settegast, *Benoît de Sainte-Maure. Eine sprachliche Untersuchung über die Identität der Verfasser des Roman de Troie und der Chronique des Ducs de Normandie.* Breslau 1876; H. Stock, *Die Phonetik des Roman de Troie und der Chronique des Ducs de Normandie, Romanische Studien* de Böhmer, 1879; C. Fahlin (cfr. nota 19), Bezzola, *Les origines,* p. 183, etc. Están en contra F. Michel, o 1º editor da *Chronique* (París 1836); G. Paris, *La littérature française au moyen âge.* París 1888, § 93, e Constans, vol. VI, ps. 165-181. Véxase agora Gustav A. Beckmann, *Trojaroman und Normannenchronik. Die Identität der beiden Benoît und die Chronologie ihrer Werke.* München 1965.

[22] A mellor edición é a citada de Constans. Antes había a de A. Joly, *Benoît de Sainte-More et le Roman de Troie, ou les Métamorphoses d'Homère et de l'épopée gréco-latine au moyen âge.* 2 vols. París 1870. Cfr. *Der Trojaroman des Benoît de Sainte-Maure.* Nach der Mailänder Handschrift in Auswahl herausgegeben von K. Reichenberger. Tübingen 1963 (Sammlung Romanischer Übungstexte 48).

[23] Cfr. Constans, VI, ps. 192-263.

O episodio de Teseo, que prevén a Héitor para que non se expoña demais entre os enemigos e a recompensa que recibe do héroe grego. Tamén o episodio da prisión de Toas na 4ª batalla, a quen os troianos deciden deixar a vida por se algunha vez é mester un intercambio de prisioneiros, o que xa sucede na 5ª batalla, na que é preso Antenor. O intercambio proponse nunha entrevista, na que Héitor e Aquiles propoñen acaba-la guerra cun combate entre ámbolos dous e na que Calcas reclama a súa filla Briseida, cousa que lle é concedida e que lle serve a Benoît para falar dos amores da doncela e de Troilos.

Hai cambios nos nomes que se deben a erro de interpretación e omisións de pasaxes que estaban deturpadas no texto latino seguido, así como alusións alleas ós modelos, como é a referencia a Narciso. As aventuras de Ulises están máis desenvolvidas e ó final da obra engádense 45 versos con materia descoñecida por Dictis: os coidados que Telémaco prodiga a seu irmán Telégono e a volta deste á súa patria despois dun ano.

Benoît segue a Dares (e a Dictis) fielmente cando a exposición é clara, pero cando hai pasos escuros ou ten á man unha interpretación diverxente e máis coherente non fai caso dos dous textos latinos. Amais disto, ten sempre en conta os cambios experimentados desde a antigüidade nos modelos de sociedade, nos costumes e nas institucións e, como xa indiquei, reflexa no seu *roman* a sociedade feudal do séc. XII.

El sabe traslada-lo relato antigo ó gusto do seu público e mostra unhas cualidades de grande escritor na expresión de determinadas materias. Fai acopio de erudición, ó gusto medieval, intercalando antes do episodio da raíña Pentesilea (que está narrado con algúns cambios respecto ó modelo latino) unha exposición xeográfica sobre o Oriente, seguindo a *Cosmographia* de Aethicus (vv. 23127-23301) e un relato sobre os costumes das Amazonas (vv. 23302-23356). Xunto a isto está a descrición da "cámara das belezas" (vv. 14657-14913), que é impresionante, concentrando nela a expresión do maior número de maravillas, cousa que tanto gustaba na Idade Media.

A descrición das batallas tamén chega ó punto máximo. Hoxe resulta pesado ler estas moreas de versos adicados a cada unha delas, pero na época medieval non debía ser así. Benoît non se limita a presenta-la seca exposición de Dares, senón que alonga cada unha das batallas incrustando elementos do mundo cortés: as donas miran desde o castelo como loitan os cabaleiros, que senten vergoña cando non combaten con éxito contra o enemigo; hai lances corteses entre os enemigos, coma o episodio xa indicado, de Héitor e Teseo (v. 8919 ss., v. 9102 ss.); detense unha e outra vez en combates singulares e tódolos gregos e troianos interveñen activamente nas batallas. Desta maneira, aparecen os Bastardos, fillos de Príamo, cun papel preponderante e así emerxe, por exemplo, Troilo como sucesor de Héitor, como a figura máis importante dos troianos ata a súa morte ás mans de Aquiles.

Unha mostra do extremo coidado que puxo Benoît na poetización das batallas podémola ver na segunda, na que as 14 liñas de Dares se converten en 2.600 versos (7641-10186).

Finalmente, hai un motivo fundamental na obra, que Benoît sabe modelar con especial mestría, acadando momentos de grande inspiración: é o motivo amoroso. Como xa indiquei, o século XII é a época da poesía cortesana, do amor cortés, e Benoît tamén sabe aproveitar esta faceta, introducindo na súa obra numerosos episodios inéditos ou só aludidos de pasada nos autores latinos. Así, os amores de Medea e Xasón; o

desespero de Andrómaca cando Héitor decide ir á batalla, sen ter en conta o soño funesto que ela soñara; o lento cambio que experimenta o corazón de Helena ata chegar a sentir amor por Paris; o amor de Pentesilea por Héitor, falseamento da historia de Dictis, para quen era unha mercenaria que só actuaba por cobiza; o amor imposible de Aquiles por Políxena, que o leva a desesperar, a facer razoamentos co Amor e que será a causa da súa morte a traición; o amor que esperta en tódalas mulleres Héitor, pouco agraciado fisicamente (todas coidan del, todas teñen os ollos para el).

E, no cumio de todo, o amor de Troilo e Briseida e a traición da doncela, que abandona ó seu namorado e acepta o amor de Diomedes. Representa o punto culminante da obra: a figura de Briseida, que debe deixar Troia para pasar á hoste dos gregos, reclamada polo pai e concedida por Príamo; a escena da separación de Troilo (v. 13261 ss.); o *doneo* de Políxena e Diomedes (v. 13529 ss.); as dúbidas da namorada, que acaba por da-lo seu amor a Diomedes, gravemente ferido (v. 20237 ss.); a severa crítica á inconsistencia feminina; os combates entre Troilo e Diomedes, combates furiosos dos dous enemigos na guerra e no amor e con distintos planos: primeiro a conquista do cabalo de Troilo por Diomedes, despois Troilo vencedor[24]. Estamos diante dunha preciosa recreación novelesca, con moito éxito na literatura posterior, pois foi fonte de inspiración directa ou indirecta para máis dunha obra, coma para o Filostrato, de Boccaccio[25], o poema *Troilus and Criseyde*, de Chaucer[26], ou a obra *Troylus and Cressida* (1599), de Shakespeare[27].

No *Roman de Troie*, máis ca noutros poemas, o *amor* contraponse claramente á *militia* e ós exemplos citados podiamos aínda engadir moitos máis nos que a súa presencia xoga un papel importante.

3. Vivencia do *Roman de Troie*.— O *Roman de Troie*, se ben hoxe resulta monótono e prolixo demais, tivo unha enorme fortuna na época medieval, sendo aínda moi copiado

---

[24] Raynaud de Lage, *Grundriss* p. 180; Adler, id. ps. 112-113; J. L. Levenson, "The narrative format of Benoît's Roman de Troie", *Romania* C, 1979, 54-70; R. M. Lumiansky, "Structural Unity in Benoît's Roman de Troie", *Romania* LXXIX, 1958, 410-424; M. Thiry-Stassin, "Interpellations féminines dans Le Roman de Troie de Benoît de Sainte-Maure", en *Mélanges de Langue et Littérature françaises du Moyen-Age offerts à Pierre Jonin*. Aix-en-Provence 1979, ps. 645-660; Inez Hansen, *Zwischen Epos und höfischem Roman. Die Frauengestalten im Trojaroman des Benoît de Sainte-Maure*, München 1971; M. Wilmotte, "Observations sur le Roman de Troie", *Le Moyen Age* XVIII, 1914, 93-119 (separata, París 1914); Bezzola, *Les origines*, ps. 287-291; R. Jones, *The Theme of Love*, ps. 43-59.

[25] N. E. Griffin and A. B. Myrick, *The Filostrato of Giovanni Boccaccio*. Philadelphia, Univ. of Penns. Press, 1929.

[26] Cfr. xa Rosetti, *Chaucer's "Troylus and Cryseide" comparaded with Boccaccio's "Filostrato"*. 1873; G. L. Hamilton, *The indebtedness of Chaucer's "Troilus and Criseyde" to Guido delle Colonne's "Historia Trojana"*. New York 1903; K. Young, "The origin and development of the story of Troylus and Criseyde", *Publications of the Chaucer Society*. London 1908. Véxase agora *Essays on Troilus and Criseyde*, ed. por M. Falu. Woodbridge, Suffolk, 1979; G. Morgan, "The Ending of Troilus and Criseyde", *Mod. Lang. Rev.* LXXVII, 1982, 257-271.

[27] Constans, VI, ps. 337-339; R. M. Lumiansky, "The Story of Troilus and Briseida according to Benoît and Guido", *Speculum* XXIX, 1954, 727-733; Mary E. Barnicle, *The Seege or Batayle of Troye*. London 1927, ps. LVI-LXXIV e 216-231.

no séc. XIV[28], coñecéndose actualmente case 30 manuscritos completos e máis dunha ducia de fragmentos[29]. Na Península tamén parece que circularon algúns[30].

Ó mesmo tempo, no séc. XIII comezaron as prosificacións do poema. Neste século, como xa indiquei, fixéronse as traduccións ó romance da obra de Dares por Jean de Flixécourt (en 1262) e por Jofroi de Waterford-Servais Copale (pouco despois), que case non tiveron transcendencia. Eran obras que indicaban xa o cambio de criterio experimentado no séc. XIII: tendencia á fidelidade ó texto clásico, diferenciación historia/poesía. Pero, a pesar da nova concepción, resultaban obras moi secas para o gusto das xentes. Por iso tiveron máis expansión obras como a *Histoire ancienne jusqu'à César*, adaptación libre do libro de Dares, feita a comezos do XIII por un "châtelain" de Lille, chamado Roger, que conta con numerosos manuscritos conservados, arredor de 50[31], ou o chamado *Roman de Troie en prose*, tamén con numerosos manuscritos[32] e con varias versións independentes, pois coñécese unha versión "meridional" ("Southern" versión), conservada en 3 manuscritos, dous deles, polo menos, realizados en Italia[33], outra versión independente conservada nun manuscrito e 2 fragmentos[34], e unha terceira diferente conservada no manuscrito 147 da Bibl. Bodmer, que é do último cuarto do séc. XIII[35]. Por outra banda, o *Roman de Troie en prose* reemplazou ó relato primitivo na segunda versión que se fixo da *Histoire ancienne jusqu'à César*[36].

[28] Cfr. R. Witte, *Der Einfluss von Benoit's Roman de Troie auf die altfranzösische Litteratur.* Diss. Göttingen 1904; Constans, VI, ps. 346-403; Bayot, *La Légende de Troie à la Cour de Bourgogne.* Bruges 1908.

[29] Constans, VI, ps. 1-105; R. Crespo, "Un frammento del Roman de Troie di Benoît de Sainte-Maure", *Stvdi Medievali,* serie terza, XXI, fasc. II, 1980, 889-897; A. Lodge, "Fragments du Roman de Troie", *Vox Romanica* XXXIX, 1980, 64-72; P. Wunderli, "Zur Sprache der Mailänder Handschrift des Trojaromans", *Vox Romanica* XXVII, 1968, 27-49; P. Meyer, "Fragments du Roman de Troie", *Romania* XVIII, 1889, 70-106.

[30] Cfr. A. G. Solalinde, "Las versiones españolas del Roman de Troie", RFE III, 1916, p. 122.

[31] Tense dito que foi escrito entre 1223-1230 ou entre 1208-1213. Cfr. P. Meyer, "Les premières compilations françaises d'histoire ancienne. II. Histoire ancienne jusqu'à César", *Romania* XIV, 1885, 36-81; id. *Bull. de la Soc. des anc. textes français,* 1895, 83-96; B. Woledge, *Mélanges Roques,* II, ps. 321-322; K. Chesney, *Medium Aevum* XI, 1942, ps. 60-67; Raynaud de Lage, "L'Historia Britonum source de l'Histoire ancienne jusqu'à César", *Revue du Moyen Âge latin* IV, 1948, 275-278; id. "L'Histoire ancienne jusqu'à César et les Faits des Romains", *Le Moyen Âge* LV, 1949, 5-16; id. "Les Romans antiques dans l'Histoire ancienne jusqu'à César", *Le Moyen Âge,* LXIII, 1957, 267-309; id. "La morale de l'Histoire", *Le Moyen Âge.* Livre jubilaire, 1963, 365-369 (recollidos todos en *Les premiers,* ps. 1-4, 5-13, 55-86 e 171-174); R. Blumenfeld-Kosinski, "Moralization and History: Verse and Prose in the Histoire ancienne jusqu'à César", ZRPh XCVII, 1981, 41-46.

[32] L. Constans et E. Faral, *Le Roman de Troie en prose.* T. I, París 1922 (Class. Fr. du Moyen Âge, 29). Non se publicou máis.

[33] Kathleen Chesney, "A neglected prose version of the Roman de Troie", *Medium Aevum* XI, 1942, 46-67.

[34] Ms. de Rouen, Bibl. Mun. 1049 (O. 33); fragms. Londres, Brit. Libr., Lansdowne 229; Oxford, Queen's College CVI (cfr. Woledge, *Mélanges Roques,* II, p. 320; F. Vielliard, *Le Roman de Troie,* p. 8.

[35] Françoise Vielliard, *Le Roman de Troie en prose (Version du Cod. Bodmer 147).* Cologny-Genève 1979 (Bibliotheca Bodmeriana. Textes IV); id. "Un texte interpolé du cycle du Graal (Bibliothèque Bodmer, manuscrit 147)", *Revue d'Histoire des Textes* IV, 1974, 289-337; Bibliotheca Bodmeriana, *Catalogues. II. Manuscrits français du moyen age.* Catalogue établi par F. Vielliard. Genève 1975, 46-60.

[36] Woledge, *Mélanges Roques,* II, p. 323; F. Vielliard, *Le Roman de Troie,* p. 8.

Estas distintas versións do *Roman de Troie en prose* non significan unha simple prosificación do poema de Benoît. No séc. XIII había xa outra concepción da historia e do mundo cortesano e non debe extrañar que se fixesen tantas prosificacións, aínda que o poema seguía sendo ben coñecido no XIII e no XIV. Débese a que no XIII a prosa adquire máis prestixio para as obras históricas, dáselle máis verosimilitude ca á poesía. Por iso o prosador ou prosadores anónimos o que fan é resumi-lo poema, eliminando o que lles parece máis esaxerado, pero deixando aínda moitos ingredientes da expresión cortesana do século anterior, tódolos elementos de carácter cortés que agradaban ó público do séc. XIII.

Así, elimínanse os elementos extraños, os excursos "científicos"; as descricións máis desenroladas e brillantes, como a da "cámara das belezas", quedan reducidas ó mínimo; faise unha reducción das batallas, contándose o máis esencial delas; alixéirase o retrato dos héroes ou pasaxes de grande altura poética; modernízase a lingua, eliminando moitas palabras anticuadas, pintorescas e técnicas; déixanse fóra anacos de contido escabroso. Trátase dun moralista con intencións de historiador, que busca unha expresión sobria e firme e elimina todo aquilo que vai contra o seu propósito[37].

Das tres versións coñecidas (*Roman de Troie en prose*, publicado por Faral-Constans; versión Bodmer, publicada por Vielliard; versión meridional, de que fala Chesney), a versión meridional é a máis fiel ó poema de Benoît e a versión Bodmer a que máis se afasta. Precisamente, a versión meridional parece que foi a fonte de inspiración de Guido de Columna para a súa versión latina[38].

Esta versión de Guido de Columna interésanos particularmente polas repercusións que tivo na Península, pero compre lembrar que a obra de Benoît serviu de base a outras moitas versións, entre elas á *Liet von Troye*, de Herbort von Fritzlâr (entre 1190 e 1217), con máis de 18.000 versos, e ó *Buch von Troye*, de Konrad von Würzburg (1287), con máis de 60.000 versos e aínda así incompleto[39].

4. Guido de Columna.— Guido de Columna[40], xuíz de Messina de 1257 a 1280, que posiblemente debe identificarse co poeta lírico do mesmo nome, fixo unha adaptación da lenda de Troia ó latín. Refírome á *Historia destructionis Trojae* (ou *Historia Trojana*)[41],

---

[37] Raynaud de Lage, "Du Roman de Troie de Benoît au Roman de Troie en prose", en *Studies presented to Lewis Charles Hamer*, 1969, 175-181 (recollido en *Les premiers*, ps. 205-209); id. *Grundriss*, ps. 181-182.

[38] Cfr. para todo isto B. Woledge, *Mélanges Roques*, II, ps. 313-324; F. Vielliard, *Le Roman de Troie*, ps. 7-23; Raynaud de Lage, *Les premiers*, ps. 205-209; id. *Grundriss*, ps. 181-182; Constans, VI, ps. 264-318; Chesney, *Medium Aevum* XI, 1942, 46-67.

[39] Constans, VI, 340-345; Clemens Fischer, *Der altfranzösische Roman de Troie des Benoît de Sainte-More, als Vorbild für die mittelhochdeutschen Trojadichtungen des Herbort von Fritzlâr und des Konrad von Würzburg*. Paderborn 1883 (2ª ed. nos *Neuphil. Studien* de Körting II).

[40] O nome aparece de varias maneiras: xunto ó que escollo, atopamos Guido de Columpna, G. de Columnis, G. de Columpnis e G. delle Colonne. Chesney escolle Guido de Columnis: "this seems to be the best attested form of this name" (*Medium Aevum* XI, 1942, p. 52); igual fai Griffin, ed. p. XVI.

[41] Nathaniel E. Griffin, Guido de Columnis, *Historia destructionis Trojae*... Mediaeval Academy of America, Publication No. 26, Cambridge, Mass. 1936.

realizada por encargo de Mathieu de Porta, bispo-conde de Salerno. Interrompida á morte deste, en 1272, continuouna despois e rematouna en novembro de 1287.

Hoxe está demostrado que Guido de Columna fixo unha traducción ó latín dun texto francés, pero as declaracións que fai ó comezo da súa obra deron lugar a falsas interpretacións[42]. El queríalle dar á súa producción un valor científico, de autoridade, e, por iso, á parte de escribila en latín, ten moito coidado en cita-las súas fontes de inspiración. Estas serán fundamentalmente Dares e Dictis e aínda ten o atrevemento de dicir que leu a Dares no orixinal grego.

Todo isto é falso. Guido non utilizou nin a Dares nin a Dictis. O que si utilizou foi a versión en prosa do *Roman de Troie*, seguramente a versión meridional[43], pero en toda a súa *Historia* non hai unha única referencia a Benoît de Sainte-Maure. Resulta evidente que el non quere nomear a Benoît, porque non lle parecía serio poner coma autoridade a un poeta do séc. XII cando el quería realizar unha obra de prestixio. De aí os escrúpulos en cita-lo seu nome, aínda que non teña ningún recato en copiar constantemente a prosificación do seu poema, queréndolle facer ver ós lectores que bebeu nas fontes orixinais[44].

Esta *Historia* de Guido de Columna, coa autoridade de estar escrita en latín e xa en pleno renacemento literario medieval, tivo unha enorme importancia[45], e gozou de grande fama dentro e fóra de Italia, chegando a ser retraducida ó francés e mesmo traducida ó inglés[46]. En España tivo moi boa acollida no séc. XIV e no XV, moita máis có seu modelo francés, co que concorreu no séc. XIV[47].

---

42 Aínda Amador de los Ríos, *Historia crítica de la literatura española*. T. IV, Madrid 1863 (ed. Facsímile. Madrid 1969), ps. 344-345, 348, pensaba o contrario: que a *Historia* latina se traduciu inmediatamente ó italiano e ó francés.

43 Chesney, *Medium Aevum* XI, ps. 46, 52-60; Vielliard, *Le Roman de Troie*, p. 8; Woledge, *Mélanges Roques*, II, p. 319.

44 Constans, VI, ps. 318-335; Chesney, *Medium Aevum* XI, p. 59; H. Morf, "Notes sur la legende de Troie", *Romania* XXI, 1892, 18-38, 87-107; XXIV, 174-196.

45 Na Introducción (p. XI) Griffin indica que examinou 94 manuscritos e localizou 42 máis.

46 H. O. Sommer, *The Recuyell of the Historyes of Troye*. I, 1894, ps. XVII-XLVI; Mary E. Barnicle, *The Seege or Batayle of Troye*. London 1927, ps. LVI-LXXIV e 216-231; cfr. L. Hibler-Lebmannsport, *Das mittelenglische Versgedicht The Seege of Troye. Eine philologische Untersuchung nebst Abdruck der Handschrift*. Graz, Moser, 1928; C. D. Benson, *The History of Troy in Middle English Literature. Guido delle Colonne's Historia Destructionis Troiae in Medieval England*. London, D. S. Brewer, 1980. Sobre a lenda véxanse amais os libros de Dunger, Greif e Griffin citados na nota 23 do cap. I; tamén E. B. Atwood, "The Rawlinson Excidium Troie. A study of source problems in mediaeval Troy Literature", *Speculum* IX, 1934, 379-404; id. "The Excidium Troie and medieval Troy Literature", *Modern Phil.* XXXV, 1937-1938, 115-128.

47 A. Mussafia, "Über die spanischen Versionen der Historia Trojana", *Sitzungsberichte der Kaiserlichen Akademie der Wiss. Phil-Hist. Classe*, LXIX. Band, II. Heft, 1871, 39-62; id. "Sulle versioni italiane della Storia Trojana", *Sitzungsberichte*, vol. LXVII, ps. 297-344; A. Rey, *Leomarte. Sumas de Historia Troyana*. Madrid 1932, ps. 22-23; cfr. E. Gorra, *Testi inediti di Storia Troiana*. Torino 1887; N. de Blasi, "Il rifacimento napoletano trecentesco della Historia destructionis Troiae", *Med. Rom.* VI, 1979, 98-134; G. Pinkernell, "Die Quelle des Florentiner Libro della distruzione di Troia (ca. 1300). Analyse und Interpretation scheinbar unerklarlicher Abweichungen als Mittel der Quellenbestimmung", *ZRPh* XC, 1974, 203-215; G. Carlesso, "La fortuna della Historia destructionis Troiae di Guido de Colonne e un volgarizzamento finora ignoto", *Giorn. stor. della Let. Ital.* CLVII, 1980.

III. A LENDA DE TROIA NA PENÍNSULA

1. As primeiras manifestacións.– O poema de Benoît e a versión latina de Guido tamén chegaron á Península Ibérica, onde tiveron certa expansión, especialmente no séc. XIV. A literatura francesa coñecíase na Península desde moi cedo, combinada co coñecemento dos modelos latinos, e un dos temas tomados de Francia é a adaptación de asuntos clásicos, como o *Libro de Alexandre* ou o *Libro de Apolonio*[1].

Ben ou mal, o mundo mitolóxico clásico era coñecido polos nosos antecesores peninsulares e un dos feitos que sempre entusiasmou foi o da lenda de Troia[2], do que xa temos referencias vellas. As primeiras remontan ó sec. XI, en inscricións latinas. Así, no epitafio de Guillermo Berenguer, fillo de Berenguer o Curvo, morto polo a. 1060 e enterrado no Santuario de S. Miguel de Fay, podemos ler: "Hic, Wielme, jaces, Paris alter et alter Achilles, / Non impar specie, non probitate minor"[3].

Polo mesmo tempo, no a. 1072, no epitafio de Sancho II, o Forte, rei de Castela e León (no mosteiro de Oña), escríbese: "Sanctius, forma Paris et ferox Hector in armis, / clauditur hac tumba jam factus pulvis et umbra"[4]. Tamén no *Carmen Campidoctoris*

---

[1] Cfr. Hans U. Gumbrecht, "Die Rezeption lateinischer und französischer Romanstoffe in Spanien wahrend des XIII. Jahrhunderts", en *Grundriss* IV, ps. 645-664; Payen-Diekstra, *Le roman*, ps. 148-154.

[2] Cfr. A. Mussafia, "Über die spanischen Versionen der Historia Trojana", ps. 39-62; J. Amador de los Ríos, *Hist. crít.* IV, ps. 344-356; A. Morel-Fatio, *Romania* IV, 1875, ps. 82-89; L. Dolffus, *Études sur le Moyen Âge espagnol.* París 1894 (esp. "La légende troyenne à travers le Moyen Âge espagnol", ps. 225-268); M. Menéndez y Pelayo, *Orígenes de la novela.* I, Madrid 1906, ps. CXLIV-CXLVIII; 2ª ed., Santander, C.S.I.C., 1943, ps. 228-234; F. M. Tubino, "Historia Troyana. Códice historiado perteneciente a la cámara o librería del rey Don Pedro I de Castilla. Estudio histórico-crítico", *Museo Esp. Ant.* V, 1875, 187-205; id. "El códice de la Biblioteca del Excmo. Señor Duque de Osuna, con la versión galaica del Roman de Troie, escrito por Benito de Santa Mora, trovera anglo-normando del siglo XII. Estudio crítico", *Museo Esp. Ant.* VIII, 1877, 33-63; A. García Solalinde, "Las versiones españolas del Roman de Troie", *RFE* III, 1916, 121-165; A. Rey, *Leomarte*, ps. 15-29; A. Rey-A. G. Solalinde, *Ensayo de una Bibliografía de las Leyendas Troyanas en la Literatura Española.* Bloomington, Indiana, 1942.

[3] Amador de los Ríos, *Hist. crít.* II, Madrid 1862, p. 338 e n. 1; Tubino, *Museo Esp. Ant.* VIII, p. 56 n. 1; A. Rey, *Leomarte*, p. 15 e n. 2; R. Menéndez Pidal, *La España del Cid*, 7ª ed. Vol. I, Madrid 1969, p. 186 n. 1.

[4] Amador de los Ríos, *Hist. crít.* II, p. 339; A. Rey, *Leomarte*, p. 15 e n. 2; Menéndez Pidal, *La España del Cid*, I, p. 186; Tubino, *Museo Esp. Ant.* VIII, p. 48.

se fala "reiteradamente de Paris, Pirro, Eneas y Héctor"[5] e máis tarde nas obras latinas de Lucas de Tui e de Rodrigo Ximénez de Rada[6].

En lingua romance as referencias empezan no séc. XIII: no *Libro de Alexandre* e en dúas obras de Afonso X (*Crónica General* e *General Estoria*). No *Libro de Alexandre* hai unha interpolación ó comezo do poema na que se describe o episodio da destrucción de Troia, con datos tomados de Ovidio e obras latinas medievais[7].

Pola súa banda, nas obras de Afonso X tamén hai referencias, se ben de moi distinta dimensión. Na *Crónica General*[8] limítanse á indicación dalgúns supostos fundadores de cidades españolas, ó relato dos feitos de Hércoles, fundación da cidade de Tiro, historia de Dido e Eneas e das Amazonas[9]. En cambio, na *General Estoria*[10] as lendas troianas aparecen con relativa frecuencia e practicamente intércalase todo o que contén a *Crónica Troiana.*

Sabido é que Afonso X e os seus colaboradores[11] trataron de facer nesta obra

---

[5] Menéndez Pidal, *La España del Cid*, I, p. 186 n. 1; cfr. Tubino, *Museo Esp. Ant.* VIII, p. 56 n. 1.

[6] Lucae Diaconi Tudensis *Chronicon mundi*, en *Hispaniae illustratae seu urbium rerumque Hispanicarum, academiarum, bibliothecarum, clarorum denique in omni disciplinarum genere scriptorum auctores varii chronologi, historici*...opera Andreae Schotti Antuerpiensis, Societatis Iesu, tomus IV, Francofurti 1608; Rodericus Ximenius de Rada, *Opera.* Indices de lugares y personas preparados por M. D. Cabanes Pecourt. Valencia 1968 (Textos Medievales 22).

[7] A. Morel-Fatio, "Recherches sur le texte et les sources du Libro de Alexandre", *Romania* IV, 1875, 7-90; id. *El Libro de Alexandre, manuscrit esp. 488 de la Bibliothèque Nationale de París.* Dresden 1906 (GRL 10); Amador de los Ríos, *Hist. crít.* III, Madrid 1863, 304-333; Menéndez y Pelayo, *Antología de poetas líricos castellanos desde la fundación del idioma hasta nuestros días.* Vol. II, Madrid 1912, ps. LXII-LXXVIII (2ª ed., Santander, C.S.I.C., 1944, ps. 191-206); R. Schevill, *Ovid and the Renascence in Spain.* Berkeley, Univ. of California, 1913, ps. 19-26; R. S. Willis, Jr., *El Libro de Alexandre. Texts of the Paris and the Madrid Manuscripts.* Princeton N. J. 1934 (Elliott Monographs 32; reimpresión 1965); id. *The relationship of the Spanish Libro de Alexandre to the Alexandreis of Gautier de Châtillon.* Princeton Univ. Press. 1934; id. *The debt of the Spanish Libro de Alexandre to the French Roman d'Alexandre.* Princeton Univ. Press 1935; A. Rey, *Leomarte*, p. 16; Ian Michael, *The Treatment of classical Material in the Libro de Alexandre.* Manchester, Univ. Press, 1970. Nos últimos anos hai novas edicións: de J. Cañas Murillo (Editora Nacional, Madrid 1978), de D. A. Nelson (Madrid, Gredos, 1979), que o atribúe a Berceo (cfr. Mª T. Echenique, *Cuad. de Invest. Filol.* IV, 1979, 123-158 e A. Gier, *ZRPh* XCVII, 1981, ps. 172-183), e de M. A. Ryland (Diss. The Univ. of New Mexico, Albuquerque, 1977. University Microfilms Intern. An Arbor, Michigan); cfr. E. Alarcos Llorach, *Investigaciones sobre el Libro de Alexandre.* Madrid 1948 (Anexo RFE XLV).

[8] *Primera Crónica General de España que mandó componer Alfonso el Sabio y se continuaba bajo Sancho IV en 1289.* Publicada por R. Menéndez Pidal con la colaboración de A. G. Solalinde, M. Muñoz Cortés y J. Gómez Pérez. 2 vols. Madrid 1955; id. con un estudio actualizador de D. Catalán. Madrid 1977.

[9] A. Rey, *Leomarte*, p. 20; A. Rey-A. G. Solalinde, *Ensayo*, ps. 9, 44; A. G. Solalinde, *RFE* I, 1914, ps. 103-106; R. Schevill, *Ovid*, ps. 251-262; Amador de los Ríos, *Hist. crít.* III, p. 577.

[10] Alfonso el Sabio, *General Estoria.* 1ª parte. Ed. de A. G. Solalinde. Madrid 1930; Segunda Parte. Vol. I. Ed. de A. G. Solalinde, Lloyd A. Kasten, V. R. B. Oelschläger. Madrid 1957; id. Vol. 2, Madrid 1961.

[11] D. Catalán, "El taller historiográfico alfonsí. Métodos y problemas en el trabajo compilatorio", *Romania* LXXXIV, 1963, 354-375; F. Lázaro Carreter, "Sobre el modus interpretandi alfonsí", *Ibérida* VI, 1961, 97-114; A. G. Solalinde, "Intervención de Alfonso X en la redacción de sus obras", *RFE* II, 1915, 283-288; Gonzalo Menéndez Pidal, "Cómo trabajaron las escuelas alfonsíes",

unha historia do mundo, botando man de tódalas fontes de que dispuñan. Naquel momento non se distinguía moito entre realidade histórica e fábula literaria. Todo era válido e por iso os diferentes acontecementos da guerra de Troia funcionan coma algo realmente sucedido e pasan á *General Estoria* na súa totalidade.

Fundamentalmente aparecen estes feitos na 2ª e na 3ª parte da obra. Na 2ª parte fálase da orixe e fundación de Troia, da orixe e reinado das Amazonas, da raíña Dido e de Acerba, o seu home, dos traballos de Hércoles, da historia dos Argonautas e os amores de Xasón e Medea, do nacemento de Paris, do casamento de Tántalo, do xuício de Paris e a súa expedición a Grecia, da mocidade de Aquiles, da partida dos gregos para Troia, das batallas e a conquista, da traición e da destrucción da cidade, da morte de Príamo, Políxena e Hécuba, da partida de Eneas, coa súa chegada a África e o casamento con Dido. Termina o relato con Eneas Sylvio, rei dos latinos, e da súa morte polo seu propio fillo Bruto.

Na 3ª parte relátase a contenda entre os gregos sobre o Paladión, as fazañas de Aquiles e os feitos de Ulises, a vinganza do rei Nauplo pola morte de Palamedes, a morte de Agamenón pola súa muller Clitemnestra, as aventuras de Pirro e a súa morte ás mans de Orestes, as peripecias de Ulises ata a súa chegada a Ítaca e a súa morte ocasionada polo seu propio fillo Telégono, así como outros feitos posteriores.

Os que traballaban con Afonso X non tiñan en conta unha única fonte. Acudían a Dares, a Dictis, a Stacio, ás *Metamorfoses* e ás *Heroidas* de Ovidio e tamén ó *Roman de Troie*, de Benoît de Sainte-Maure, e a outros textos medievais. Todo se combina para face-la historia o máis completa posible.

De todas estas fontes, as máis utilizadas foron Dares, Dictis e o *Roman de Troie*, este último especialmente na 3ª parte. Del non se fai unha simple traducción ó castelán, é máis ben unha adaptación simplificada[12].

Frente a esta utilización limitada ou fragmentaria da lenda de Troia no séc. XIII, no século seguinte atopamos toda unha eclosión de textos troianos: faise a traducción do *Roman de Troie* en varias versións, tradúcese a *Historia* de Guido de Columna a varias linguas e tamén aparece a traducción ó galego da *Crónica Troiana*. Neste século aumenta o gusto polas lendas troianas e pola prosa. Reis e nobres importantes interésanse por

---

NRFH V, 1951, 363-380; E. S. Procter, "The Scientific Activities of the Court of Alfonso X of Castile: The King and his Collaborators", *Modern Lang. Rev.* XL, 1945, 12-19.

[12] Para todo isto cfr. A. Rey, *Leomarte* ps. 17-20; A. Rey-A. G. Solalinde, *Ensayo*, ps. 9-10, 43-44; A. G. Solalinde, Intr. á *General Estoria*, ps. XIV-XV; id. "El juicio de Paris en el Alexandre y en la General Estoria, *RFE* XV, 1928, 1-53; id. "El Physiologus en la General Estoria de Alfonso X", en *Mélanges offerts à F. Baldensperger*. II, París 1930, ps. 251-254; id. "Fuentes de la General Estoria de Alfonso el Sabio", *RFE* XXI, 1934, 1-28; XXIII, 1936, 113-142; id. *RFE* I, 1914, ps. 103-106, R. Schevill, *Ovid*, ps. 251-262; F. Rico, *Alfonso el Sabio y la General Estoria*. Barcelona 1972; 2ª ed. 1984, L. B. Kiddle, "A Source of the *General Estoria:* the French Prose Redaction of the Roman de Thèbes", *Hisp. Rev.* IV, 1936, 264-271; id. "The Prose Thèbes and the General Estoria: an illustration of the Alphonsine method of using source material", *Hisp. Rev.* VI, 1938, 120-132; D. Eisenberg, "The General Estoria: Sources and Source Treatment", *ZRPh* LXXXIX, 1973, 206-227; V. Almazan, *Lucan in der "Primera Crónica General" und der "General Estoria" Alfons des Weisen. Ein Beitrag zur Geschichte der früheren spanischen Prosa*. Univ. of Windsor Press 1963. Máis bibliografía en H.-J. Niederehe, *Die Sprachauffassung Alfons des Weisen. Studien zur Sprach- und Wissenschaftsgeschichte*. Tübingen 1975 (Beihefte ZRPh 144).

estes temas e potencian o seu espallamento, chegándose, ás veces, a facer combinacións de textos diferentes.

Nas páxinas que seguen vou falar das diferentes versións.

2. Versións da *Historia* de Guido de Columna.– A *Historia Troiana*, de Guido, á parte de circular manuscrita polas bibliotecas medievais ou xa impresa (desde 1489)[13], foi traducida ó catalán, ó aragonés e ó castelán. O catalán fixo unha traducción Jacme Conesa, "a instancia e a rogo dun nobre home e de grande conta, que desexaba ter en romance as *Historias Troianas* que están en latín", como di no comezo do libro. Conesa comezou a escribir en xuño de 1367 e rematou o traballo antes de 1375, data da súa morte. Desta traducción consérvanse 7 manuscritos[14].

Tamén nos últimos anos do séc. XIV se debeu face-la traducción ó aragonés, obra de Juan Fernández de Heredia (ms. Bibl. Nac. de Madrid, núm. 10801), códice iluminado procedente da Biblioteca do Marqués de Santillana e despois do Duque de Osuna. Este códice non contén unha traducción literal de Guido, senón un compendio da súa obra, resumida en moitos lugares[15].

Xa no séc. XV, en 1443, rematou a súa traducción ó castelán Pedro de Chinchilla, conservada nun manuscrito da Biblioteca Menéndez e Pelayo de Santander que comeza: "aquí comiença el libro de la Ystoria Troyana segund Guido de Colupna copilló, la qual trasladó de latín al nuestro romance Pedro de Chinchilla, criado de don Pedro Pimentel, conde de Benavente, e por su mandado". Chinchilla, ó contrario de Fernández de Heredia, segue ben o texto de Guido, aínda que suprime algúns pormenores e amplía outros de máis interese para el[16].

Amais destas traduccións, a obra de Guido aparece, en parte, noutros textos romances de grande importancia: nas *Sumas de Historia Troyana*, do imaxinario Leomarte, e nun manuscrito da *Versión en prosa e verso*.

***2.1. Leomarte e as* Sumas de Historia Troyana.**– As *Sumas de Historia Troyana*[17] é unha obra capital para a posterior consagración da lenda de Troia. Atribuída ó escritor imaxi-

---

[13] A. Rey-A. G. Solalinde, *Ensayo*, ps. 37-38.

[14] *Les Histories Troyanes de Guiu de Colupnes*. Ed. de R. Miquel i Planas. Bibl. Catalana, Barcelona 1916; A. Rey-A. G. Solalinde, *Ensayo*, p. 87; M. Schiff, *La bibliothèque du Marquis de Santillane*. París 1905, ps. 268-270; A. Rey, *Leomarte*, p. 23; Mussafia, "Über die sp. Versionen", p. 51.

[15] A. Rey, *Leomarte*, p. 23; A. Rey-A. G. Solalinde, *Ensayo*, ps. 38-39; M. Schiff, *La bibliothèque*, ps. 17-25 e 270. Heredia tamén utilizou o *Roman de Troie en prose* en *La Grant Crónica de Espanya* (ed. Regina af Geijerstam. Uppsala 1964). Cfr. F. Domínguez, "Fernández de Heredia's Grant Crónica de Espanya, the Roman de Troie en prose, and the versione d'anonimo", *Hispanofila* LXVI, 1979, 1-7.

[16] A. Rey-A. G. Solalinde, *Ensayo*, ps. 39-40; Tubino, *Museo Esp. Ant.* V, p. 195: Schiff, *La Bibliothèque*, p. 266; R. Beer, *Handschriftenschätze Spaniens*. Wien 1894, núm. 67/20; Menéndez y Pelayo, *Orígenes* I, p. CXLVII; 2ª ed., p. 233; A. Rey, *Leomarte*, p. 23; M. Artigas, *Catálogo de los manuscritos de la Biblioteca Menéndez y Pelayo*. Santander 1930, p. 382, núm. 326.

[17] *Leomarte. Sumas de Historia Troyana*. Edición, prólogo, notas y vocabulario por Agapito Rey. Madrid 1932 (Anexo RFE XV).

nario Leomarte[18], por primeira vez se presenta nela de maneira completa a *Historia de Troia* e non diseminada aquí e alá, coma nos textos de séc. XIII.

Hoxe consérvase en 2 manuscritos da Bibl. Nac. de Madrid[19] e na súa constitución entraron diversas fontes, xa que se ve a utilización da *Crónica General* e, especialmente, da *General Estoria* e da *Historia destructionis Trojae*, de Guido de Columna[20]. A historia do Saxitario, que só se atopa no ms. B, parece que é traducción directa do *Roman de Troie* francés. Amais disto, a parte final da obra, coma nos textos de Afonso X, está ampliada coa fundación de Roma, a chegada de Brito á Gran Bretaña, as aventuras de Edipo e a destrucción de Tebas.

Esta combinación de fontes deu lugar a un libro de moita importancia pola influencia na literatura posterior. Aínda que esta versión primitiva de Leomarte non se conserva en moitos manuscritos, ten a marca característica de constituí-la base da *Crónica Troyana* impresa, aparecida por primeira vez en Burgos en 1490. Este texto impreso tivo un éxito extraordinario e imprimiuse 15 veces ata o ano 1587[21], sendo atribuída sen fundamento ó chanceler Pero López de Ayala e a Pero Núñez Delgado, este citado por primeira vez na edición de Sevilla de 1502[22].

Esta *Crónica Troyana* impresa resulta ser unha combinación dos libros de Leomarte e Guido de Columna. O primeiro está incluído integramente, agás naqueles episodios que trata moi esquematicamente, para os que se recorre a Guido. Así, desde o comezo ata o momento de se reuniren os gregos para ir sobre Troia segue a Leomarte, despois segue a Guido ata a morte de Pirro e Ulises, onde termina o texto latino, coa incrustación dos amores de Aquiles e Políxena e a morte de Aquiles no templo, tomado de Leomarte. A parte final, desde a morte de Pirro e Ulises, volve tomala de Leomarte[23].

3. Traduccións do *Roman de Troie* ó castelán.– Xa vimos máis arriba que o poema de Benoît foi utilizado ampliamente na *General Estoria* afonsí, pero non se trataba dunha traducción senón dunha utilización libre de determinados sucesos. Isto quere dicir que o poema de Benoît era coñecido na Península e temos mesmo algunhas referencias a manuscritos escritos en francés e hoxe desaparecidos[24].

---

18 A. Rey, *Leomarte*, ps. 12-13.

19 A. Rey, *Leomarte*, ps. 6-12; A. Rey-A. G. Solalinde, *Ensayo*, p. 29.

20 A. Rey, *Leomarte*, ps. 35-50.

21 Burgos 1490 e 1491; Pamplona ¿1499?; Sevilla 1502 e 1509; Toledo 1512; Sevilla 1519, 1527, 1533, 1540, 1543, 1545 e 1552; Toledo 1562 e Medina 1587. Cfr. A. Rey, *Leomarte*, ps. 24-25, A. Rey-A. G. Solalinde, *Ensayo*, ps. 29-32.

22 P. Sarmiento, *Memoria para la historia de la poesía*. Madrid 1775, p. 239; Mussafia, ps. 51-53; A. Rey, *Leomarte*, p. 24; A. Rey-A. G. Solalinde, *Ensayo*, ps. 10-11; Menéndez y Pelayo, *Orígenes*, 2ª ed., p. 232; Amador de los Ríos, *Hist. crít.* IV, p. 349-350 n. 2.

23 A. Rey, *Leomarte*, ps. 24-25, 30-34; descoñecían aínda o texto de Leomarte Mussafia, ps. 39-62; Morel-Fatio, *Romania* IV, ps. 85-89; Amador de los Ríos, *Hist. crít.* IV, ps. 344-356; Menéndez y Pelayo, *Orígenes*, 2ª ed., ps. 230-233.

24 Na Biblioteca do Escorial, antes do incendio de 1671, e nas bibliotecas do rei D. Martín de Aragón, do Príncipe de Viana e de Gonzalo Argote de Molina. Un fragmento consérvase hoxe no Cancioneiro provenzal que posuía D. Pablo Gil e Gil, agora no *Institut d'Estudis Catalans* de Barcelona, cos versos 12987-13234 da edición de Joly. Cfr. Constans, VI, p. 64 (que o designa coa le-

Amais desta circulación pola Península do texto en francés, posiblemente no séc. XIII e no XIV se fixeron traduccións ó castelán, pois hoxe contamos con dúas versións diferentes e unha delas, aínda que non tivo tanta expansión coma a *Crónica Troyana* (combinación de Leomarte e Guido), si ten unha importancia especial para nós, por se-lo orixinal do que saíu a *Crónica Troiana* galega que agora publicamos, independentemente de que houbese ou non un texto galego anterior ó castelán, cousa que discutirei máis abaixo. Estas dúas traduccións ó castelán son a *Versión en prosa e verso* e a traducción de Afonso XI.

3.1. Versión en prosa e verso[25].– Esta versión, á que García Solalinde chamou *Versión en prosa e verso*[26], mestura o verso coa prosa e é anterior á versión de Afonso XI, se ben hai diferencias de criterio para a datación. Dada a coñecer por Amador de los Ríos[27], sitouse no séc. XIV, coa precisión de Solalinde de que é coetánea, senón anterior, á versión de Afonso XI (1350)[28]. Frente a esta tendencia, Menéndez Pidal dálle moito valor literario á parte versificada[29] e pensa que debeu redactarse polo 1270, cando se escribe a parte máis vella da *Primera Crónica General*[30].

Hoxe consérvase en 2 manuscritos moi diferentes: o ms. *M* da Bibl. Nac. de Madrid (10146), letra do séc. XIV, que contén a *Versión en prosa e verso* desde o fol. 63r ó 153v, con bastantes folios perdidos polo medio. Coa mesma letra e papel completouse este manuscrito cos folios 59-62 e 153v-295, que conteñen unha copia da versión de Afonso XI. Finalmente, un copista do séc. XV engadiulle novos folios polo comezo (1-58), polo final (296-305) e os folios perdidos polo medio, cunha copia da versión de Afonso XI, seguindo un manuscrito descoñecido que intercala varios capítulos da *General Estoria*[31].

O segundo manuscrito é unha mestura de diversas versións. Refírome ó manuscrito L-ii-16 da Biblioteca do Escorial[32], de fins do séc. XIV, que contén a *Versión en prosa e verso* nos folios 157v-180v (falta o fol. 174). Amais disto, escrito pola mesma man, aparece nos folios 1-74v a versión castelá de Guido de Columna[33], e nos folios 74v-157v e 180v-353 a parte correspondente á versión de Afonso XI[34].

---

tra S^2); A. G. Solalinde, *RFE* III, 1918, ps. 122-123 e 122 n. 3; A. Rey-A. G. Solalinde, *Ensayo*, p. 36.

25 *Historia Troyana en prosa y verso*. Texto de hacia 1270 publicado por R. Menéndez Pidal con la colaboración de E. Varón Vallejo. Madrid 1934 (Anexo RFE XVIII). Cito por esta ed., pero tamén pode verse en *Obras de Ramón Menéndez Pidal. Tomo XII. Textos medievales españoles. Ediciones críticas y estudios*. Madrid 1976, ps. 179-415. Cfr. Martín de Riquer, "El armamento en el Roman de Troie y en la Historia Troyana", *BRAE* XLIX, 1969, 463-494.

26 *RFE* III, 123, etc.

27 *Hist. crít.* IV, ps. 350-352 nota.

28 *RFE* III, 127.

29 *Historia Troyana*, ps. VIII-XX; tamén XXVII-IL.

30 *Historia Troyana*, p. IX.

31 Menéndez Pidal, *Historia Troyana*, p. XX; A. G. Solalinde, *RFE* III, 124; M. Schiff, *La Bibliothèque*, ps. 259-261; Amador de los Ríos, *Hist. crít.* IV, 350-352; Mussafia, p. 50; A. Rey-A. G. Solalinde, *Ensayo*, p. 36; Paz y Melia, *Rev. Hisp.* VI, 1899, p. 62.

32 Menéndez Pidal (*Historia Troyana*, p. XX) chámalle *E*; Solalinde (*RFE* III, 125) *M'*.

33 Publicada esta parte por Frank P. Norris II, *La Corónica Troyana. A medieval spanish translation of Guido de Colonna's Historia destructionis Troiae*. Chapel Hill, Univ. of N. Carolina,

Dos dous manuscritos, *M* contén a traducción dos versos 5703 ó 15567 do *Roman de Troie*[35] e o manuscrito *E* (ou *M'*) os versos 13822 ó 15567. Parecen ser independentes entre si, polo que Solalinde supón un manuscrito hipotético *X*, que daría orixe ós dous[36]. Con palabras de Menéndez Pidal, "la *Troyana Polimétrica* fue en su origen, en el siglo XIII, lo mismo que se nos revela: una traducción del *Roman de Troie* hecha en prosa y entreverada de trozos versificados que parafrasean los pasajes más llamativos; es muy probable que esta traducción fuese total y que las partes métricas, aun en el fragmento hoy conservado, fuesen más que las conservadas.

Esta traducción de Benoît, entera o no en el siglo XIII, se conservaba sólo fragmentaria y defectuosa ya en su métrica en la primera mitad del siglo XIV, y entonces fue completada copiándola con amplios suplementos tomados de la traducción hecha por orden de Alfonso XI en el reino de León, y así se formó el códice perdido **X*, de donde derivan *M* y *E*"[37]

3.2. A traducción de Afonso XI.– No séc. XIV atopámo-la versión completa do *Roman de Troie*, mandada facer por Afonso XI (1312-1350), que ten unha importancia extraordinaria por presentar por primeira vez na literatura castelá o texto tal como o concebiu Benoît de Sainte-Maure. Con todo, non foi unha versión que tivese moita fortuna, aínda que para Solalinde tivo máis cá *Versión en prosa e verso*[38].

Conservada fundamentalmente nun manuscrito completo e, fragmentariamente, en 3 máis, permaneceu inédita ata que K.M. Parker a publicou no ano 1977[39]. Resulta extraño isto, sendo unha versión mandada facer polo rei e que tivo circulación abondo no séc. XIV, como o demostra o feito de que exista un texto idéntico en galego, mandado copiar por Fernán Pérez de Andrade, e a versión diferente da *Historia Troiana* galega, conservada no manuscrito de Santander. De todas maneiras, é totalmente errónea a aseveración de Parker de que a versión de Afonso XI "en su turno extendió por toda España un sinnúmero de traducciones en los muchos y hermosos dialectos españoles"[40].

1970. Cfr. a introducción, onde fala da relación coa obra de Guido (ps. 16-22), da posible influencia de Benoît (ps. 23-25) e das características da traducción (ps. 26-36). Fai unha descrición do ms. (ps. 37-42) e dá as normas de transcrición (ps. 43-45).

[34] Menéndez Pidal, *Historia Troyana*, ps. XX-XXI; A. G. Solalinde, *RFE* III, 125-126; A. Rey-A. G. Solalinde, *Ensayo*, p. 39; J. Zarco Cuevas, *Catálogo de los manuscritos castellanos de la Real Biblioteca de El Escorial*. 3 vols. Madrid 1924-1929 (II, ps. 249-257); Norris, *Corónica*, ps. 37-42; Mussafia, "Über die sp. Versionen", p. 48.

[35] A distribución prosa-verso en Menéndez Pidal, *Historia Troyana*, ps. XXII-XXVI; cfr. A. G. Solalinde, *RFE* III, 154-156.

[36] *RFE* III, 126.

[37] *Historia Troyana*, p. XXVIII. Cfr. para todo isto as ps. VII-IL; tamén A. G. Solalinde, *RFE* III, 123-128, 132-133 e 151-157; nas ps. 136-151 fai unha comparación da *Versión en prosa e verso* e da versión de Afonso XI co *Roman de Troie;* as poesías publicounas A. Paz y Mélia, "Poesías intercaladas en la Crónica Troyana romanceada", *Rev. Hisp.* VI, 1899, 62-80; cfr. M. Scordiis Brownlee, "Undetected verses in the Historia Troyana en prosa y verso", *Romania* C, 1979, 270-272.

[38] *RFE* III, 128.

[39] *La versión de Alfonso XI del Roman de Troie. Ms. H-j-6 del Escorial.* Applied Literature Press (Univ. Microfilms Int. Ann Arbor, Michigan), 1977.

[40] *La versión*, p. VII.

Esta versión rexia consérvase íntegra no manuscrito H-j-6 da Biblioteca do Escorial, escrito en pergamino. Trátase dun códice orixinal, con moitas miniaturas (70 en total), que ocupan, ás veces, toda a folla[41] e, en parte, estragado polo incendio de 1671. Entre outros desperfectos, faltan hoxe os folios 55-62, 85-86, 104-105, 109 e 116[42].

O manuscrito remata cun párrafo moi importante[43]: "Este libro mando fazer el muy alto et muy noble et muy exçellente rrey don Alfonso, fijo del muy noble rrey don Fernando et de la rreyna doña Costança. Et fue acabado de[44] escriuir et de estoriar en el tiempo que el muy noble rrey don Pedro, su fijo, rregno, al qual mantenga Dios al su seruiçio por muchos tiempos et bonos?[45]. Et los sobredichos donde el uiene sean heredados[46] en el rregno de Dios. Amen. Fecho el libro postremero dia de deziembre, era de mill et trezientos[47] et ochenta et ocho años[48]. Nicolas Gonçalez, escriuan de los sus libros, lo escriuj por su mandado".

Por iso Solalinde considera que este manuscrito do Escorial é o orixinal, saído da cámara rexia e do que derivan tódolos demais[49]. A partir del teriamos un ms. *X* hipotético, que enlazou a versión de Afonso XI coa *Versión en prosa e verso* e que foi utilizado na elaboración do ms. 10.146 da Bibl. Nac. de Madrid e do ms. L-ii-16 da Bibl. do Escorial, como xa indicamos máis arriba.

Logo habería un ms. castelán *X'*, do que derivaría o ms. da *Crónica Troiana* galega *(G)* e un ms. *X''*, que mesturou a versión de Afonso XI con algúns elementos tomados da *General Estoria*. É a versión que se conserva hoxe nun manuscrito bilingüe da Bibl. Menéndez e Pelayo de Santander, cunha parte escrita en castelán e outra en galego e que teremos tempo de comentar nesta introducción[50].

Todo isto parece probable, pero cunha modificación. Os supostos mss. *X* e *X'* non derivan do texto acabado de copiar en 1350 por orde de Pedro I (1350-1369), fillo de

---

41 Véxanse algunhas reproducidas fielmente en *Crónica Troyana*. Estudio por Pilar García Morencos. Madrid 1976.

42 Descrición en J. Zarco Cuevas, *Catálogo*. I, Madrid 1924, p. 181; A. G. Solalinde, *RFE* III, 128-130; Amador de los Ríos, *Hist. crít.* IV, p. 345; Ebert, "Die Handschriften der Bibliothek des Escorial", *Jahrbuch f. Rom. Lit.* IV, 65; Tubino, *Museo Esp. Ant.* V, 187-205; A. Martínez Salazar, *Crónica Troyana. Códice gallego del siglo XIV de la Biblioteca Nacional de Madrid*. I, La Coruña 1900, p. XVI n. 3; A. Rey-A. G. Solalinde, *Ensayo*, p. 36; A. Rey, *Leomarte*, p. 21; García Morencos, *Cr. Troyana*, ps. 20-23 (resume o contido nas ps. 24-57); Parker, *La versión*, p. VII.

43 Lese mal no ms. e foi transcrito máis dunha vez con erros de interpretación. Véxase espec. A. G. Solalinde, *RFE* III, ps. 128-129, e Parker, *La versión*, p. 387.

44 Non é seguro que diga "acabado de", pois na trad. galega di "dado d'escriuir". Len "acabado" A. G. Solalinde, *RFE* III, p. 128; A. Rey-A. G. Solalinde, *Ensayo*, p. 36; J. Cornu, *Miscellanea linguistica in onore di Graziadio Ascoli*. Torino 1901, p. 126; Menéndez y Pelayo, *Orígenes* I, 2ª ed., p. 231; Tubino, *Museo Esp. Ant.* V, p. 193; García Morencos, *Crónica Troyana*, ps. 20-21; Amador de los Ríos, *Hist. crít.* IV, p. 345 n. 2, etc. Parker, *La versión*, p. 387, le "fue (-dado-) a escriuir".

45 Non está claro, pero todos estes autores citados len "bonos", menos Parker, que pon "buenos".

46 Parker le "herederos".

47 Ms. "trezientos?". Parker le "tresçientos".

48 Parker le "dias".

49 *RFE* III, p. 131.

50 A. G. Solalinde, *RFE* III, ps. 132-133 e 164-165.

Afonso XI. Polo menos, o suposto *X* debeuse copiar dun orixinal mandado facer por Afonso XI con características dialectais leonesas ou galeguismos, como o demostra o ms. 10.146[51]. Debemos supor, polo tanto, que a versión de Afonso XI é anterior á data de 1350, na que se rematou o ms. do Escorial xa no reinado do seu fillo. Desta maneira, Nicolás González só pode ser considerado coma copista e, en todo caso, coma posible iluminador, pero non coma traductor da obra[52].

Como sucedeu con outras versións, tamén se ten atribuído esta ó Chanceler Pero López de Ayala, debido a que Fernán Pérez de Guzmán, na súa obra *Generaciones y semblanzas* (Bibl. Aut. Esp. LXVIII, 703), ó falar del, cita unha *Estoria Troyana*. Aínda o dá coma posible Martínez Salazar[53], pero xa desde o séc. XIX se descartou esta posibilidade. Se non hai argumentos para atribuírlle outras versións, si os hai para descarta-la posibilidade de que fixese a de Afonso XI, por ser un neno cando vivía este monarca[54].

3.3. A **Historia Troyana.**– Xa indiquei que a *Historia Troyana*[55] se conserva nun ms. bilingüe da Bibl. Menéndez e Pelayo de Santander, escrito parte en castelán e parte en galego. No estado actual, este manuscrito está moi incompleto, pois, se lle facemos caso á numeración antiga, debeu constar de máis de 350 folios. Tal como se atopa agora, consta de 220 folios, deles 140 en castelán e 80 en galego[56]. A numeración moderna chega ó

---

[51] Cfr. Menéndez Pidal, *Historia Troyana*, p. XXII, que fala de leonesismos; frente a el, A. G. Solalinde supuña que se trataba dun copista leonés (*RFE* III, p. 127 e n. 3). Non está claro isto, como veremos no cap. IX, e tampouco se aclaran moitos autores ó consideraren o ms. de 1350 coma o orixinal de Afonso XI. Menéndez Pidal di "una traducción en prosa hecha por orden de Alfonso XI y acabada de copiar e iluminar en 1350" (*Historia Troyana*, p. VII), aclarando máis tarde que debeu existir un texto "de carácter dialectal leonés, que hemos de suponer el original mandado hacer por Alfonso XI, y que luego se castellanizó al copiarlo e iluminarlo en 1350 por orden del hijo de Alfonso, Pedro I" (id. XXII); A. Rey di "versión de Alfonso XI, por haber sido hecha por mandado de este monarca, en 1350" (*Leomarte*, p. 21); Morel-Fatio engade que foi "exécutée par ordre d'Alphonse XI, et qui ne fut terminée que sous le règne de Pierre le Cruel, en 1350" (*Bull. Hisp.* IV, 1902, p. 63). Para Solalinde "es el ms. original, salido de la real cámara, y del que, por tanto, arrancan todos los demás" (*RFE* III, p. 131), pois sabemos "que Alfonso XI fue quien tomó la iniciativa de la obra, la fecha fija en que se terminó de escribir y de miniar, 31 de diciembre de 1350, y el nombre del escribano a quien fue encomendado el trabajo" (*RFE* III, p. 129).

[52] Así o di A. Baist no *Grundriss der rom. Philologie*, II, Strassburg 1897, p. 438, e tamén A. Bonilla y Sanmartín, *Don Tristán de Leonís*, Bibliof. Madrileños, Madrid 1912, p. XXXV. Xa advertiron o erro C. Michaëlis, *Cancioneiro da Ajuda*, Vol. II, Halle 1904 (reimpr. Torino 1966), p. 518-519, e Schiff, *La bibliothèque*, p. 263 n. 1; cfr. A. G. Solalinde, *RFE* III, p. 135.

[53] *Crónica Troyana*, I, p. XIII n. 3; tamén o di A. Paz y Mélia, *Rev. Hisp.* VI, p. 62. Para F. Pérez de Guzmán, *Generaciones y semblanzas* hai unha ed. crítica de R. B. Tate (Tamesis Books Limited, London 1960). A referencia na p. 15.

[54] Tubino, *Museo Esp. Ant.* V, p. 195; Menéndez y Pelayo, *Orígenes*, I, p. CXLVI; 2ª ed. p. 232; A. G. Solalinde, *RFE* III, p. 135. C. Michaëlis (*Lições de Filologia Portuguesa segundo as prelecções feitas aos cursos de 1911/12 e de 1912/13. Seguidas das Lições práticas de português arcaico*. Nova ed. Lisboa 1956, p. 374) fala, sem máis, dunha crónica inédita do Chanceler.

[55] *Historia Troyana*. Edición e introducción de K. M. Parker, CSIC, Inst. P. Sarmiento de Est. Gall. Santiago de Compostela 1975.

[56] Martínez Salazar, *Crónica Troyana*, I, p. VIII, di que son 220 folios, 138 en pergamiño e 82 en papel, dos cales 141 están redactados en castelán e 79 en galego; A. G. Solalinde, *RFE* III, 131 nota, di que son 141 en castelán e 80 en galego; Parker, *Historia Troyana*, p. XI, di que son 219 folios, 141 en castelán e 78 en galego; Schiff, *La Bibliothèque*, p. 264, di que son 140 en castelán e

núm. 219, pero está repetido o núm. 184bis. Os folios escritos en galego son os seguintes: 1-16, 20, 25, 31-40, 46-50, 53-58, 60-67, 69-72r, 98-101r, 104-107, 170-179, 207-213 e 216-219. En castelán: 17-19, 21-24, 26-30, 41-45, 51-52, 59, 68, 73-97, 102-103, 108-169, 180-206 (hai 184bis) e 214-215.

Esta desproporción a favor do castelán vese compensada polo maior número de liñas que teñen os folios escritos en galego, e con letra máis miúda, polo que podemos afirmar, sen temor a erro, que a parte galega ten máis extensión. Así, facendo un rápido cómputo na edición de Parker, e sumando aproximadamente os numerosos folios que, incomprensiblemente, deixou sen transcribir[57], podemos considerar que unhas 193 páxinas da edición están en galego e só 184 en castelán.

A letra deste ms. é do séc. XIV e na parte castelán, escrita en pergamiño e en papel, hai un total de 8 miniaturas a cores (folios 19v, 22r, 23r, 24v, 27r con dúas, 42r e 44r) e outras 4 con tinta negra (29v, 30r, 30v e 59v). Con todo, a parte castelá está moito menos coidada e peor escrita. Faltan numerosas letras iniciais de capítulo e numerosas miniaturas, para as que se deixou o espacio necesario. Polo contrario, a parte galega presenta unha letra máis coidada e as letras iniciais aparecen, en xeral, expresadas, con letra vermella e azul[58].

O manuscrito de Santander ten unha constitución curiosa e abondo extraña. A parte castelá é anterior á galega, aínda que as dúas son do séc. XIV. Prodúceseno-la sensación de que, sobre un manuscrito mutilado en castelán, alguén tratou de completa-la materia da Crónica escribindo en galego, pois, en xeral, o comezo de cada folio en galego enlaza ben co fin de cada folio en castelán ou viceversa. Sucede isto nos fols. 19v-20r, 30v-31r, 25v-26r, 28v-37r, 50v-51r, 52v-53r, 58v-59r, 59v-60r, 97v-98r, 101v-102r, 107v-108r, 169v-170r, 179v-180r, 206v-207r e 215v-216r. Non sucede en 20v-21r, 36v-22r (sic), 24v-25r, 40v-41r, 68v-69r, 72v-73r, 174v-214r (sic), por se teren perdido folios. A adecuación non é perfecta en 16v-17r ("...mays por casamento / mas por casamiento..."), 45v-46r ("...era estõçe la luna llena et luzia / et clara..."), 67v-68r ("...cada hũ se del sentya / nĩgũt ōme nō se le podia tener...") e 103v-104r ("que se anda / vay enfingindo...".

Aínda que se ten discutido, é de supor que esta versión galega foi copiada dun manuscrito perdido *(X")*, que interpolou varios capítulos da *General Estoria*, de Afonso X[59]. Só así se explica que o copista e traductor galego puidera completa-lo primitivo texto castelán, tanto na parte da versión do *Roman de Troie* coma na parte tomada da *General Estoria*. A importancia que lle dá o autor á *General Estoria* móstrao claramente no Prólogo: "Porque se algũus mays complidamente quiserem saber o começo de cõmo foy poblada Troya, et os rreys que ende ouuo, et a estoria de Jaason et de Medea, lean por este libro, que o acharam mays cõplidamente cõmo esta ẽno libro de Troya segũdo foy

---

79 en galego (139 en pergamiño e 80 en papel); Artigas, *Catálogo*, p. 381, núm. 325, di que son 219 folios.

57 Véxase a recensión que fixen en *Verba* 9, 1982, 253-290.

58 Véxase para todo isto Martínez Salazar, *Crónica Troyana*, ps. VIII-X; Parker, *Historia Troyana*, ps. IX-XII; A. G. Solalinde, *RFE* III, 130-132; Artigas, *Catálogo*, p. 381, núm. 325; Schiff, *La Bibliothèque*, ps. 264-265.

59 A. G. Solalinde, *RFE* III, ps. 132-133.

jurado o achamos ẽna General Estoria, que ajunta cõ os feytos que passarõ ẽno mundo ata el rrey dom Afonso, que o fezo tornar de latin en rromãço et castellaão, et conçertou todaslas estorias que de escripuyr fosem et que passaron ẽno mũdo ata o seu tẽpo tam bem de gentijs cõmo de christãaos et de mouros con a Bliuia, et poso as cousas en quaes tenpos et en aqueles ãnos en que passarõ segundo que o acharã quẽ mays cõplidamente o quiser saber en aquela General [Estoria] que el fezo fazer" (fol. 1r)[60].

O estado actual destas interpolacions é o seguinte: folios 1 a 21v conteñen os feitos anteriores á guerra de Troia e a expedición dos Argonautas, tomado da *General Estoria.* Non está completo, pois queda cortado o relato ó final do fol. 21v e enlaza mal no fol. 22r coa versión de Afonso XI.

Folios 29r-36v, conteñen o nacemento e o xuício de Paris, tomado de *General Estoria* e incompleto polo comezo e polo final.

Folios 44r-48r, conteñen o episodio de Oenone e Paris e a infancia de Aquiles, tamén incompleto polo comezo e polo final.

Folios 48v-49r, co sacrificio de Ifixenia, filla de Agamenón[61].

Non sabemos cal sería o remate da obra, pois faltan folios polo final. É probable que, despois da conclusión da versión de Afonso XI, se engadisen uns folios co éxodo dos troianos despois da destrucción da cidade, tomado da *General Estoria,* como fai o ms. 10.146[62].

---

[60] Parker, *Historia Troyana,* p. 7.

[61] Cfr. A. G. Solalinde, *RFE* III, ps. 133-134.

[62] A. G. Solalinde, *RFE* III, ps. 134-135.

IV. A TRADUCCIÓN DE AFONSO XI E O POEMA DE BENOÎT

1. Comparación dos textos.– Solalinde xa fixo unha comparación da versión de Afonso XI e da *Versión en prosa e verso*, mostrando que son claramente independentes[1], aínda que están feitas sobre manuscritos da mesma familia, debido ás coincidencias existentes. Cal sería o manuscrito ou manuscritos orixinais é cousa que non sabemos, pois hai lecturas coincidentes nas versións españolas que non se atopan en ningún dos manuscritos coñecidos por Constans[2] e hai outras que se atopan en manuscritos pertencentes a familias diferentes. Por iso Solalinde considera que "aun con estos datos, implica dificultad el precisar a qué familia perteneciera el ms. o los mss. franceses bases de las traducciones. Las variantes, a pesar de haber algunas significativas, no nos dan pie para ello, pues vemos mezclarse las lecturas de las dos familias y de las varias secciones en que Constans clasifica los 39 mss. por él conocidos. Únicamente podemos decir que se aproximaría al ms. *A*, familia *v*, del *Roman*, pues son bastantes las coincidencias anotadas, aunque no lo sigan en todo. Dada la compleja formación de los mss. franceses, sólo se podría determinar esta cuestión –y quizá no de un modo definitivo– comparando íntegramente las versiones españolas con su original, tarea encomendada a un futuro editor de ellas"[3].

É evidente que o ms. ou mss. que circulaban pola Península tiñan unhas características propias e por iso non podemos saber con certeza se moitas das diferencias que presenta a versión de Afonso XI son propias do traductor ou xa estaban no ms. francés utilizado para a traducción. Solalinde coidaba que a versión de Afonso XI é, en xeral, boa e máis apegada ó *Roman de Troie* cá *Versión en prosa e verso*. "Apenas podemos señalar amplificaciones o frases sueltas que sean propias del traductor; abundan, en cambio, las omisiones. Algunos pasajes (...) proceden de outras lecturas"[4].

A opinión e a exploración de Solalinde son válidas, pero abondo simplistas, pois se comparamos todo o poema de Benoît coa versión de Afonso XI atopamos unha constante transgresión á fidelidade da traducción, con diversas vertentes: omisións, máis ou

---

[1] *RFE* III, ps. 136-157.

[2] *RFE* III, ps. 148-149.

[3] *RFE* III, p. 151.

[4] *RFE* III, p. 157. Nas ps. 158-161 indica as principais diferencias que atopa: no prólogo omisión dos vv. 1-44, 60-92 (sic), 97-106 (sic), 134-137, 185-714. Despois 918-930, 3095-3142, 13427-13494. Coma amplificacións sinala unha en 808-812 e outra despois de 23174.

menos longas; traducciòns máis ou menos libres; interpolaciòns, que poden ser amplias; cambios de lugar na colocación do contido; cambios de estilo; cambios nas citas das fontes latinas e, o que resulta máis importante se cadra, numerosos erros de interpretación. Como xa veño de indicar, o descoñecemento do ms. francés base da traducción non nos permite saber se moitas das pequenas interpolaciòns ou omisiòns estaban xa no texto traducido, con todo hai moitas que deben atribuírse á propia colleita do traductor.

En conxunto, podemos dicir que o traductor segue bastante ben o poema francés, pero non fai unha traducción servil, posto que constantemente acomoda o verso ás características da prosa e, ás veces, traduce moi libremente. Tamén se ve que non era moi partidario de mante-la altura poética que Benoît conseguira en moitos lugares do seu *roman*, pois a traducción adoita ser prosaica, reducindo en ocasiòns a unha liña o que o autor francés expresa en varios versos, por máis que tamén hai pasaxes en que se mellora a expresión do orixinal francés.

Velaquí pormenorizadas tódalas principais diferencias entre o *Roman de Troie* e a traducción de Afonso XI.

2. **Supresiòns.**– Son numerosísimas ó longo da obra. Algunhas redúcense a 1, 2 ou varios versos; outras consisten en condensar nunha frase o que Benoît extende por varios versos, suprimindo así os efectos poéticos; outras, por fin, alcanzan xa enorme extensión.

Así, no prólogo, omite os versos 1-44, 60-90, 97-104, 110-112, 118, parte de 176 e 185-714. Despois hai omisiòns dos versos 718, 722, 724-726, 785, 799-800, 921-930, 973-974, 977-979, 982, 990, 994, 997-1000, 1014-23, 1036, 1112, 1138-46, 1233-35, 1266-73, 1384, 1400, 1420, 1434, 1437-38, 1442-44, 1570-73, 1698-1700, 1736-37, 1813-44, 1850, 2162, 2164, 2187-91, 2266-98, 2651-54, 2883-84, 2902, 2950-52, 3010 (na descrición da reconstrucción de Troia faltan moitos pormenores), 3014-18, 3030-35, 3095-98, 3099-3138 (descrición dunha sala), 3275-76, 3589-92, 4512, 4521, 4656-64, 4667-68, 4673, 4769-72, 5116, 5189, 5191, 5239, 5244, 5372-74, 5404-06, 5408-10, 5419-29 (descrición de Troilo), 5437, 5482, 5617, 5620, 5640, 6234-42 (descrición dos cabalos), 6253-54, 6279, 6316, 6319-23, 6391-92, 6513-14, 6673-74, 6727-32, 6735-36, 6743-46, 6762, 6765-68, 6791-92, 6797, 6835-36, 6866, 6870, 6891-92, 6896, 7056, 7078, 7088, 7112, 7368-70, 7474-77, 7615-16, 7741, 7826, 7866-72, 7876-80, 7968-70, 7972, 7974-78, 8013-14, 8140, 8212, 8290-8304 (hai un salto), 8357, 8546, 8681-85, 8878-83, 8906-08, 8912, 10089-90, 10114-119, 11752, 11858, 11993-94, 12012-18, 12313-14, 12337-39, 12410, 12645-46, 12740-53 (sustituído por unha referencia ós gregos), 12936-37, 12940, 12183-88, 13234, 13311-16, 13427-494 (inconsistencia feminina), 13707-08, 13716, 13718, 13720, 13862-907, 13910, 13914, 13956-57, 14016, 14050, 14078, 14117-20, 14164, 14467-69, 14546-54, 14665-67, 14728-30, 14734-36, 14776-80, 14787-90, 14805-06, 14808, 14842, 14853-54, 14871-80, 14917-21, 14924-25, 14935-36, 14940-50, 14959, 14968-70, 14975-76, 15038-52, 15214, 15824-26, 16237-38, 16240-44, 16329-52 (un pranto), 16541-42, 16655-58, 16660, 16772, 16802, 16845-48, 16863-74, 16984, 17377-88, 17393-95, 17449-50, 17456-58, 17471-74, 17476, 17545-51, 17585-89, 17859-60, 17907-08, 17974-75, 18001-23 (referencia á paixón de Aquiles e prólogo ó seu mo-

nólogo), 18335-37, 18342, 18344-45, 19155-57, 19205-09, 19371-74, 19385-88, 19392-400, 19454, 19503-07, 19793, 19813-14, 19948-50, 20115-18, 20310-17, 20647-50, 20695-702, 20798-800, 20875-79, 20924-30, 21239-45, 21269-72, 21282-84, 21352-66, 21481-86, 21489, 21702-07, 21884, 22005-12, 22025, 22040, 22090, 21876-50, 22139-43, 22168, 22292, 22324, 22455-60, 22489-91, 22570, 22626-29, 22633, 22641-42, 22647-49, 22653-57, 22716-21, 22742-44, 22839, 22845-46, 22897, 22951-53, 22955-956, 23004, 23058, 23062-63, 23122-126, 23146-152, 23286, 23634, 23798-800, 23807-08, 23841-42, 23851, 23854, 23869-73, 23904, 23937, 23987-93, 23995-24002, 24075-77, 24137-38, 24176, 24178-79, 24191-96 (reducido), 24739-40, 24304, 24314-15, 24554-60, 24668, 24823-25, 24839-40, 25133-35, 25156-57, 25169-71, 25309-14, 25635-36, 25669-70, 25673-76, 25744-47, 25803-04, 26003, 26044-46, 26117, 26119, 26123-126, 26128-129, 26132-34, 26138, 26141-42, 26306-08, 26396-97, 26833, 26939-40, 27189-91, 27195-96, 27331-32, 27668-70, 27887-91, 28123-26, 28254, 28285-86, 28397-98, 28463-64, 28731-35, 28739-40, 28746, 28764-66, 28841-44, 29182-84, 29257-59, 29263-64, 29303-04, 29343-44, 29348-50, 29420, 29492, 29535-36, 29551-52, 29557-58, 29586-88, 29615-16, 29710-12, 29766, 29776, 29936, 29971-74, 29983-84, 30003, 30018, 30067, 30152-54, 30188, 30198-99, 30258, 30261-62.

Xunto a omisións totais, hai omisións parciais, pois o que fai o traductor é resumir, máis ou menos, o contido dalgúns versos. Coma mostra podemos cita-los versos 905-912, 1024-1028, 1100-07, 1190-96, 1368-70, 1551-68, 1593-94, 1881-82, 2785-89, 4033-38, 4177-80, 4233-38, 5285-88, 5344-46, 5365-69, 5375-80, 6265-69, 6871-74, 7675-86, 7965-78, 8706-09, 8724-28, 9682-89, 13068-70, 13254-260, 13308-09, 14172-80, 14516-24, 14539-45, 14617-30, 14650-56, 14791-804, 15142-172, 15600-04, 15723-37, 15948-59, 16323-28, 17590-96, 19085-87, 19715-16, 20047-55, 20651-55, 20755-83, 20784-89, 20801-12, 20898-910, 21176-82, 21327-34, 21622-30, 21671-72, 23153-164, 23191-214, 24600-03, 25997-26002, 26039-42, 28465-68, 28528-32, 29775-78.

Estas omisións parciais débense, en xeral, a que o traductor é pouco amigo da hipérbole, das comparacións, dos elementos encadeados, de todos aqueles recursos expresivos máis idóneos para a poesía. Por iso as máis das veces reduce a expresión ó mínimo ou elimina toda a pasaxe, facéndolle perder á traducción cualidades poéticas. Citemos algúns exemplos dos moitos que se podían enumerar:

Quant vint contre le tens novel, que doucement chantent oisel, que la flor pert e blanche e bele, e l'erbe est vert, fresche e novele; quant li vergier sont gent flori e de lor fueilles revesti, l'aure douce vente soef (953-959).	Despues que el verano fue entrado et los vientos del ynuierno fueron amansados (Parker, *La versión*, p. 5).
Tant ont tiré as avirons et tant siglé as pleines veiles	Et andudieron tanto que a poco tiempo aportaron en Colcos (p. 7).

e a la lune e as esteiles, qu'il ariverent en Colcon. (1134-1137).	
Desci qu'el fu devant le rei. Trop fu bele de grant maniere de cors, de façon e de chiere. Bendee fu d'un treceor, onques nus hom ne vit meillor; a ses cheveus esteit orlaz. Autre parole ne vos faz, mais el païs ne el regné n'aveit dame de sa beauté. Par mi la sale vint le pas; la chiere tint auques en bas, plus fine e fresche e coloree que la rose quant ele est nee: mout fu corteise e bien aprise (1240-1253).	Et fuesse por medio del palaçio o el rrey seya(?) muy passo et en buen contenente et abaxando sus oios por tierra" (p. 8). (despois engade algo).
De marbre blanc, inde, safrin, jaune, vermeil, pers e porprin (3063-3064).	De marmol de muchas colores (p. 32).
Des merveilles e des façons des murs, des tors e des donjons (3167-3168).	Las marauillas de Troya (p. 33).
Mout esteit forz, mout esteit durs (5183).	Et era muy duro (p. 61).
Et mout fu d'armes engeignos; mout fu estouz e sorpalez, e mout par fu sis cors dotez (5216-5218).	Et muy temido en armas (p. 62).
Soef voiz ot e douce e quasse (5300).	Et la boz flaca (p. 63).
... escuz e lances, chevaus, haubers e conoissances e chevaliers (6457-6459).	armas et caualleros (p. 78).
Lonc col e dreit, tel come as armes coveneit; les espaules mout bien seanz, a val traitices descendanz (5411-5114).	Et el cuello luengo et las espaldas anchas (p. 64).
D'un mantel gris s'est afublez d'un drap de seie a or ovré (11708-11709).	Et cubrio un manto (p. 132).
E quant il l'a aparceüe, contre li saut et si l'embrace; les ieuz e la boche e la face	Et Ector saliola a rreçebir et abraçar mucho a menudo (p. 133).

li a baisié plus de cent feiz (11736-11739).	
Trestoz les reis e les demeines, les dus, les princes, les chataines (12827-12828).	Todos los altos prinçipes de la hueste (p. 150).
En sarqueuz riches de liois e de fin marbre verz e blois, jaunes e pers, menuz gotez, sont seveliz e enterrez (13047-13050).	Et metieronlos en nobles monumentos quales pertenesçian a rreyes (p. 153).
(une mace) poi meins grosse d'un petit pain (14826).	(una pellota) pequeña (p. 175).
Une lance de fust fraisnin o un trenchant fer acerin (23459-23460).	Una lança (p. 287).
Cil lor voudra estre en aïe, tant com li iert el cors la vie (23487-23488).	Et auya muy [grand] sabor de la ayudar (p. 287).

Así tamén nos versos 1149-66, 2183-91, 2263-65, 2731-35, 3063-80, 5205, 7348-50, 7742-46, 9700-24, 11753-57, 11848-50, 12509-11, 13303-07, 13800-02, 14304-06, 14683-85, 14809-11, 14955-58, 16370-71, 16557-64, 17196-200, 17931-32, 19962-65, 20658-59, 23253-55, 23301-02, 23470-71, 23597-601, 24224-26, 24320-24, 24534-36, 24767-70, 26164-65, 27341-54, 29305-08, 30259-60 e noutros moitos.

Ás veces as reducciòns son de detalle, como, por exemplo,en:

Par Grece e par mi la contree (932)	por Greçia (p. 4).
Ofert, pramis e dit li on (943)	prometieronle (p. 4).
Trist e morne (1120)	muy tristes (p. 6).
Un cor d'olifant haut e cler (2650)	un cuerno de elefante (p. 27).
As temples as deus (2763)	a los templos (p. 28).
Franches dames, franches puceles (2901)	¡ay, dueñas! (p. 30).
En estor ne en tornei (5197)	en batalla (p. 61).
Les ieuz ot vairs, le vis joios (5469)	auya los oios alegres (p. 65).
Es granz batailles ou il fussent (6726)	en la batalla (p. 82).
Glaucon ot non Fierejostice (7694)	auya nombre Glaucon (p. 94).
Le destrier prent, que vaut cent livres (9021)	et tomole el cauallo (p. 112).
Pluto e Proserpine e li autre dieu enfernal (13756-57)	los dioses del infierno (p. 162).
Par l'anelet d'or a cristal (14323)	por la rrienda (p. 168).

De grip, de tigre, de lion (14725)	griffos et leones (p. 173).
Seches e enveillies (14843)	secas (p. 175).
Orestes, li chiens, li feus (29772)	Orestes (p. 379).

3. **Traducción libre.**– Xa dixemos antes que a traducción de Afonso XI non é servil e presenta, sempre que pode, unha acomodación á prosa do estilo poético do orixinal francés. En conxunto, esta acomodación non se desvía moito do contido, pero aínda así atopamos moitos casos en que o traductor actúa pola súa conta e traduce con enteira liberdade, chegando mesmo a cambia-lo sentido do "roman" francés.

Dentro destes cambios entran determinadas referencias de Benoît, que non lle pareceron oportunas ó traductor e que suprime ou substitúe por outras máis chamativas ou menos comprometidas. Así:

Sor un cheval sist d'Alemaigne, mais onques teus n'eissi d'Espaigne (7467-7468).	sobre un cauallo muy preçiado de Alemaña (p. 91).
A reis, a contes e a dus, la meins fort n'eüst pas dotance de tot l'empire al rei de France (3020-3022).	de duques et de condes que eran tan buenos et tan fuertes que de ningun emperador non aurian dubdança por poderoso que fuesse (p. 32).
Destriers de Castele (9456).	el cauallo (p. 119).
Quant remes fu en l'auqueton, qui fu d'un drap saragoceis (11702-11703).	finco en un gambax (p. 132).
Le destrier de Castele, qui vaut son peis de fin argent (14012-14013).	el cauallo que traya que era de grand preçio et fuera de España (p. 165).
Mais l'emperere d'Alemaigne, al mien cuidier, e cil d'Espaigne (16741-16742).	ca diz la estoria que el mas rrico emperador que nunca fue en Roma njn en Alemaña (p. 196).
Qui vint del regne a l'Aumaçor (19456).	que ouyera de tierra del Andaluzia (p. 227).
E li verniz e l'ors d'Espaigne (20897).	et todos trayan espadas de Alemaña (p. 250).
O les branz vieneis (21172).	metieron mano a las espadas (p. 253-254).
N'i a cel n'ait escu a broigne, heaume e espee de Saissoigne o Loherenge o d'Alemaigne (21279-21281).	et buena loriga preçiada de Sansoña et buen yelmo et buena espada et buen escudo (p. 255).
Si li tresors Otevien (28726).	si quanto en el mundo ha (p. 366).

Noutros casos o que se fai é mudar totalmente a imaxe presentada polo texto francés ou desenvolver máis a expresión. Así:

el sablon (988).	por el puerto (p. 5).
Oëtès l'a lez lui asise (1254).	desi tomola por la mano (p. 8).
Cent feiz li a baisié la face (1304).	et abraçola mucho (p. 8).
Quar pleine estes de grant saveir (1330).	por quanto bien los dioses uos quisieron fazer (p. 9).
Quin furent mort al chief del tor (1346).	et murieron por ello (p. 9).
Quar ja pert del jor la clarté (1662).	ca ya yua luziendo et temianse del dia (p. 14).
Mais clo tes ieuz, que tu nes veies (1726).	mas guardate bien dellos quando andudieres arando (p. 14).
Treiz feiz lor fai afflicion (1751).	et fincaras los ynoios et faras tu oracion (p. 15).
Mais doucement te vueil preier (1758).	mas una cosa te rruego por los dioses (p. 15).
Ja la le pié ne portereies (1784).	que non fuesses por aquella lana (p. 15).
son cors (1892).	sus armas (p. 16).
De marbre fin e de liois jaunes e verz, indes e blois (3011-3012).	et quanta piedra y auye que marmol et bermeia et negra et cardena et vis et india et otras muchas de estrañas colores (p. 32).
ciparis (3398).	maçano (p. 36).
amer la dei (3421).	et amela et amola et amarla quiero (p. 36).
Sis pere, li chaitis dolenz (3525).	su padre fue un gaffo catiuo (p. 38).
Por un vil chien (3620).	por rabo de un can (p. 39).
Ombre d'un geneivre (3870).	a sombra de un arbol (p. 43).
Mais Fortune nel voleit mie, que trop lor esteit enemie (4165-4166).	mas la auentura, que trae las cosas quando arriba quando ayuso, non lo quiso soffrir (p. 47).
E la grant noise iert abaissiee (4460).	et fueren todos assessegados (p. 51).
Sor un feutre de porpre bise (4734).	fuese sentar con ella en un estrado (p. 54).
Ros (5154).	et muy bien fecho (p. 61).
Cist fist mainte fausse pramesse (5214).	et prometia muy bien su auer (p. 62).
Neif n'est plus blanche qu'il ert toz (5233).	et era fermoso et muy blanco et mucho apuesto (p. 62).
Le col aveit de lonc espace. En li n'ot rien que bien n'estace (5523-5524).	et ouo su garganta blanca que le paresçia muy bien (p. 66).

Sages poëtes coneüz (5820).	fue un preste...mucho onrrado et mucho coñosçido (p. 70).
D'or vermeil (7355).	de oro et de azul (p. 90).
Fier e hardi come liepart (8992).	assi fardidos et aujuados commo si fuessen seños leones (p. 112).
Li poëte e li devin (29160).	et los maestros onrrados et sabidores de las grandes philosophias (p. 372).

Tamén en 4507-08, 5137-39, 5159, 5179-81, 5193, 5241, 5266, 5270, 5333-34, 5380, 5454, 5461, 5520, 5610, 5626, 6627, 6651, 6794, 6798, 6803, 6867, 7254, 7388-89, 7647-49, 7787-88, 7860, 7887, 7932, 8144, 9759, 11717, 12364, 12499, 12529, 12947, 13195, 13700, 13859, 13913, 13918-19, 14143-45, 14590, 14726-27, 14732-33, 15003-06, 16764, 17136, 17412-13, 18894-96, 19089, 23133-34, 23284, 23446, 23646-47, 23888, 23954, 26130-31, 26935, 27638-40, 27917-18, 29121, 29289-91 e 29568-71.

Noutras ocasións a traducción obedece a un desexo de amplia-lo contido do texto francés. Así:

E chevaliers set cenz e plus (804).	et muchos otros prinçipes de su señorio que y vinieron et otros muchos caualleros (p. 3).
Fort e siglant e atornee (902).	et que fuesse muy fermosa et muy bien labrada et que le non minguasse ninguna cosa (p. 4).
Grant honte nos a fait li reis (1064).	vedes que desonrra nos este conde ha dicha de parte de ssu señor (p. 6).
Que demain n'i seions trové (1067).	et si y mas estudieremos que nos matara et fara de nos iustiçia (p. 6).
Faite par art e par conjure (1666).	fecha por grand arte et muy fermosa et coniurada por muchos encantamentos (p. 14).
Guardez (3544).	et uos, don mensagero, guardatuos (p. 38).
Sa char e sa crine deugiee ert plus blanche que neif negiee (5147-5148).	et auya su catadura blanca et delgada et los cabellos leznes et delgados et auyalos ya todos blancos commo la nieue (p. 60).
Chascuns morra a son termine (9675).	ca todos los omnes mueren a ssu tiempo que an puesto et ante non (p. 122).
...De set semaines ne furent puis ses plaies saines (9925-9926).	que por dos meses non podria seer bien sano por muy buen maestro que aya (p. 127).
O li s'en issent plus de trei (13424).	et salieron con ella tres de los fijos del rrey (p. 159).

Chiés e bus (14041).	piernas et braços et espinaços et pies et manos et cabeças et costados (p. 165).
Qui mout par se fait bien de li (14297).	que se andaua enfiñiendo et gabando que estaua della muy enamorado (p. 168).
De sa ventaille (15599).	del yelmo et del almoffar et de la loriga (p. 180).
Dous briés escrist en dous semblances (27697).	el escriuio dos cartas partidas por A.B.C. (p. 351).

De xeito parecido está a traducción dos versos 1658, 1672, 9656-58, 9796-98, 9871-72, 11938-44, 11949-50, 12531, 13521-22, 13911, 14465-66, 14823, 14910, 15843-44, 17606-07, 19164, 19596-97, 19833-34 e 25794-800.

Tamén poden obedecer a un desexo de independencia as transgresións do tipo: 1750 as deus → a dios (p. 15); 5824 al deu → a los dioses (p. 70).

Outros numerosos casos de traducción máis ou menos libre, ás veces aumentando o texto, témolos para os versos 57-59, 129-144, 161-164, 171-172, 867-868, 903-904, 1131-33, 1185-89, 1198-1200, 1274-79, 1296-98, 1427-28, 1622-34, 1667-70, 1991-2000, 2079 ss., 2180-81, 2348-49, 3029-40, 3807-08, 3944-47, 4261-81, 5239-50, 5250-56, 5393-5400, 5532-40 (retrato de Casandra), 6227-33, 6658-66, 7110-12, 7140-46, 7351-53, 7400-05, 7601-03, 7650-56, 8246-60, 8315-28, 8505-14, 8675-85, 8789-90, 8805-07, 8844-46, 9000-05, 9083-84, 9535-36, 9547-52, 10609-10, 11613-16, 11625-36, 11958, 12054-57, 12372-74, 12425-26, 12591-99, 12647-52, 12754-59, 12779-83, 12915-16, 13033-36, 13318-22, 13822-45 (descrición do tendellón), 13978-81, 14025-35, 14221-26, 14271-87, 14310-22, 14326 ss., 14361-64, 14435-42, 14485-90, 14571-74, 14686-710, 14737-58, 14885-95, 14899-902, 14965-67, 14991-95, 15010-14, 15023-30, 15062-78, 15079-92, 15183-86, 15197-99, 16018-19, 16261-62, 16314-18, 16353-59, 16380-96, 16491-502, 16566-74, 16705-10, 16715-16, 16732-36, 16773-91, 16875-80, 17045-80, 17295 ss., 17356-57, 17553-84, 17638-46, 18028-100, 18346-50, 19227 ss., 19380-84, 19432-48, 19491-93, 19539-60, 19636-50, 19805-08, 19936-47, 19996-20005, 20068-70, 20080-102, 20444-45, 20451-72, 20940-46, 21237-38, 21557-58, 21687-93, 21967-69, 22034-35, 22099-102, 22120-26, 22136-38, 22469-70, 22665-72, 22676-712, 22796-800, 22858-69, 22900-08, 22989 ss., 23023-28, 23175-80, 23181-90, 23277-82, 23457-58, 23843-44, 23846-49, 23967-68, 23898-900, 24038-39, 24044-46, 24057-58, 24230-35, 24263-69, 24300, 24335-47, 24348-87, 24483-94, 24669-76, 24845-49, 25066-69, 25160-65, 25217-23, 25444-45, 25714-16, 25731-34, 25788-93, 26004-10, 26139-140, 26411-13, 26445-56, 26829-34, 26910-14, 27618-19, 27698-715, 27813-14, 27995-99, 28976-82, 28983-96, 29211-16, 29774-75, 30050-57, 30069-76, 30103-04 e 30116.

4. Interpolacións.– Aínda que Solalinde di que só atopou dúas notables amplificacións[5], o certo é que estas son numerosísimas e de moi diversa condición. Hainas que se limitan

[5] Os versos 808-812 e despois do v. 23174 (*RFE* III, ps. 160-162).

a unha precisión aclaratoria, outras son reminiscencias de lecturas alleas ó texto e algunhas presentan moita extensión. Unha primeira mostra vémola nos títulos dos capítulos. Frente ó texto francés, que apenas conta coa distribución en capítulos, o texto traducido abre constantemente novos capítulos co seu respectivo título.

En canto ás precisións que se fan, son do seguinte tipo:

(Achilles) qui mout fu proz e renomez (154)	(A.) fue cauallero bueno et de pro et fardido et muy temido et muy reçelado et coñosçido en muchos logares por los sus grandes fechos (p. 1).
Medea (159)	Media, fija del rrey Oetes (p. 1).
De querre Esiona, lor ante (175)	por demandar su tia Anssiona, que fuera robada quando fuera el primero destruymiento de Troya (p. 2).
despois de 177 engade	et commo le non quisieron dar la dueña et le troxieron mal (p. 2).
Qui dame Heleine en amena (180)	que leuo despues a Elena, la mas fermosa dueña del mundo, por Ansiona, su tia (p. 2).
Quar paor ont de lor seignor (1848)	ca auyan grand miedo et grand pauor de su muerte. Mas aquel que era de grand coraçon et muy biuo et muy ligero non dubdo de todo aquesto (p. 16).
Peleus a premiers parlé (2224)	Poleus, que era de los mas entendidos et mas onrrados señores de aquella compaña fablo primero et mouyo su razon en tal manera (p. 21).
despois de 2292 engade	et ascondernos hemos en un logar muy seguro que yo se muy grand pieça de la uilla, ca yo cate la tierra en derredor quando nos Leomedon fizo la desonrra et cate las matas et los logares espessos et las huertas por tal que si esto acaesçiesse que yo sopiesse bien la tierra (p. 22).
Li autre après ot non Paris (2937)	el segundo fijo ouo nombre Alixandre et llamaronle despues Paris por una auentura que le acaesçio que aqui non cuenta (p. 31).
despois de 3722 engade	Despues que el rrey P. ouo acabada su razon contra sus uassallos dixo assi a ssu fijo Ector: "Ector, tu eres mio fijo primero et yo quiero, sin dubda, que tu seas señor de aquesta fazienda, ca yo bien çierto so que eres muy bueno et muy sesudo" (p. 41).

Ele faiseit duel angoissos. A haute voiz a toz diseit (4886-4887)	ca esta fazia muy grand duelo por lo que auya adeuinado et era marauilla commo non moria con coyta, ca todauia se mataua et dezia a grandes bozes (p. 56-57).
Mais por amor traist mainte feiz maintes peines e mainz torneiz (5223-5224)	pero que lo suffrian por ualer mas, ca los omnes suffren grandes coytas por llegar a grandes estados, et despues fue este Diomedes muy cuytado de amor, assi commo la estoria adelante contara (p. 62).
Li uns fu reis, li autre dus (5642)	et vno dellos era duque et el otro rrey, mas yo non uos sabria çierto dezir qual dellos era duque njn qual rrey ca Dayres non lo quiso contar (p. 68).
e Aiaus (6638)	et Aias Talamon et el rrey Aias (p. 81).
de Boece (6781)	de tierra de Doeta, que es muy çerca de o naçe el sol (p. 82).
...compaigne que mout par ert fiere e grifaigne (6833-6834)	et esta compaña que consigo traya Filomenis de tierra de Palfagonia era muy fuerte et muy marauillosa et de grand orgullo et auyan rrostros de griffos, tales y auyan (p. 83).
despois de 6920 engade	et contando y unos et otros todos de consuno fueron çiento et tres, mas despues duro tanto la guerra que llegaron y muchos prinçipes et muchos rreyes de amas las partes que yo non conte aqui njn contare (p. 84).
nez de soignanz (8098)	et todos los ganara en dueñas et en donzellas de alto linage et de muy grand guisa (p. 99).
despois de 8894 engade	et fazialo tant bien por sus manos que mataua et derribaua quantos ante si fallaua (p. 110).
Soz lui ont son cheval ocis (8998)	ca ellos le mataran ya el cauallo, mas empero non el bueno a que dizian Galatea (p. 112).
Li Bastart (9593)	et los otros sus hermanos bastardos, que su padre ouyera de ganançia (p. 121).
Ses freres meine Hector o sei, par le comandement le rei (9877-78)	demas leuo consigo los sus hermanos bastardos, diez et siete que fincaran con el rrey, segund commo el cuento dize (p. 126).

Mostré li ont as queus forface, as queus aït e les queus hace (12407-12408)	et ellos mostraronle luego los griegos et mandaronle que les tirasse et les quisiesse mal. Desi mostraronle los troyanos et dixieronle que los amasse et fuesse de ssu parte. Et el entendio bien quanto le dixieron et fizolo assi (p. 143).
l'escu (12478)	del escudo, que era pintado a sus señales, que eran de flores de azul en campo de oro (p. 144).
ciglaton (15643)	çiclaton que le diera Brisella (p. 180).
hui cornerons la recreüe (15686)	et desque agora fueremos uençidos et desbaratados oyredes los gritos et los siluos sobre nos, atantos que nos non prestaran los sueños que doña Andromaca soño (p. 181).
Grant piece lor tindrent le pas (15879)	et el rrey de Perssia et Paris et Troylus et Polidamas enduraron et suffrieron grand affan et touieron aquel passo grand pieça con todos los suyos (p. 184).
Andromacha e dame Heleine (16405)	et A., su mugier, et Poliçena, su hermana, et El., su cuñada (p. 192).
Sacheiz ja el n'i trovereiz (20376)	ca sabet que en mj non fallaredes al sinon quanto he dicho a uos, don Nastor, et a Diomedes et a Vlixas quando aquj ueniestes (p. 242).
le germe Achilles e son heir (22551)	el fijo de A. que auya a que dezian Pirrus Neutolamus (p. 273).
Tuit li poëte e li devin i sont al mestier dire e faire (22898-22899)	ca alli fueron ayuntados todos los arçebispos et obispos et abades et toda la clerizia de ssu ley por fazer sobrel sus offiçios et dezir sus oraçiones (p. 277).
Julius Cesar, li senez, qui tant fu sages e discrez (23135-23136)	et aueno assi que en Roma ouo un emperador que dixieron I. Ç. Este emperador fue señor de todo el mundo et fue mucho entendido et muy sabidor (p. 281).
Ço sunt femmes, ço m'est a vis (24081)	mugieres son, ca non uarones. Amigos, feritlas sin ningun miedo (p. 296).
Pallas (25389)	Pallas...que dizen Minerua, a cuyo nombre el rrey fazia aquel templo (p. 317).
Ylion (26223)	el Aylion, a que dezian alcaçar (p. 329).
Son aiuel (29221)	el rrey Peleus, su auuelo, padre de Achilles (p. 373).
Femme Orestes (29598)	mugier de O., fijo de Agamenon. Esta

Hermiona era fija de Menalao et de Elena commo la estoria de ssuso conto (p. 377).

Como a traducción non é literal, a prosificación facilita a interpolación de elementos extraños ó texto francés, que case sempre tratan de poñer máis claro o que nos versos aparece esquematicamente. Estas interpolacións, combinadas coa traducción libre, poden abarcar varias liñas. As citas poderiámolas aumentar ás moreas, como aínda, por exemplo, nos versos 952, 1227, 1256, 1309-13, 1857-61, 4773-802, 5434-36, 8024-28, 8869-74, 8884-87, 9591-604, 9680, 10133-35, 12007-10, 12232-36, 12396, 12540, 13127-34, 13528, 13821, 14237-39, 14591, 14731, 14960, 15712, 15743-48, 15850-57, 16230, 16476-78, 16644, 16651-52, 16664, 16827-28, 17135, 17211, 17225, 17339-44, 17353, 19074-75, 19411-12, 19535, 19779, 19798-800, 19856-57, 20024, 20035, 20676, 20879-90, 20937-38, 21697, 21701, 22111-20, 22323, 22329-33, 22500, 22544-47 e 56, 22564, 22616, 22675, 22831-33, 23100-02, 23108-11, 23121, 23144, 23328-35, 23389-90, 23431-32, 23449, 23593-96, 23625-28, 23702-05, 23788-92, 23815, 23837, 23861-62, 23897, 23906, 24078, 24090, 24219-20, 24223, 24284, 24308, 24408-10, 24432, 24460-61, 24465-70, 24604-05, 25072-73, 25127, 25279, 25534, 25710-13, 25748, 25811 e 816, 25819, 25992-94, 26059-65, 26069-77, 26138, 26211-12, 26215, 26316, 26429, 26542, 26559-60, 26631, 26822, 26858, 27108, 27119-20, 27213, 27276, 27280, 27492-93, 27503-06, 27581, 27817, 27987, 28155-57, 28244, 28255-56, 28411, 28419-22, 28964 e 971, 29001, 29012-13, 29053-56, 29092-95, 29098-99, 29147, 29198, 29621 e 29790-810.

Onde se nota moito a traducción libre e a interpolación é na parte dialogada, nos parlamentos postos en boca dos personaxes. Amais dos casos citados, podemos engadir: versos 891-2, 1091-92, 1380, 1406-07, 1429, 1460, 1746, 1872-73, 3772-80, 4755-67, 6199-202, 12616-22, 13747, 15592, 18237-42, 17814-34, 18256-61, 19167-69, 19477-80, 19508-12, 19577, 19709, 19730, 19733-34, 19741, 19748-52, 19786, 19931-35, 20274, 20326, 20337-38, 22925, 22946, 22962-66, 22971-74, 22979-83, 23011, 24080, 24507-10, 24523-25, 24542, 24620-24, 25019, 25021, 26509, 26532-37, 26823-24, 27032, 27035-38, 27065-80, 27208, 28155-207 e 29448-54.

As acomodacións do verso á prosa poden verse en casos coma os seguintes:

Son message li dist li cuens, qui sire e mestre esteit des suens: "Jason, fait il, entent a mei: Oies que di de part le rei... (1035-1038)	et el diole la carta de creençia que traya del rrey, et Iaason tomo la carta et leyola, et despues que la ouo leyda, dixole el conde assy: "Jaason, Leomedon me embia a tj, assi commo tu vees en esta letra, que me creas de ssu parte. Et lo que me dixo quierotelo dezir (p. 5).
Vassaus, fait il al messagier (1074)	Desi tornosse al conde et dixole assi: conde (p. 6).
Reine dame, font li il (11895)	pves que los caualleros oyeron toda su rrazon que les la rreyna dixo, dieronle tal respuesta: señora (p. 135).

Parlé i ot, ço fu adès (17019)	pves que Agamenon ouo su razon acabada, todos los rreyes et condes et duques et señores fablauan sobr'este fecho cada uno lo que le semeiaua (p. 200).
Lors respondi Nestor li reis (19780)	Qvando Nastor uio et entendio que las palabras yuan cresçiendo entre Achilles et Diomedes, dixo assy (p. 234).
Seignor, fait sei Diomedes (19889)	Diomedes leuantosse en tanto en pie et començo su razon en tal guisa: señores, commo quier que se alguno quexe desto que yo agora quiero dezir, non puedo estar que lo non diga" (p. 236).
Despois de 20789 engade	Desy començo razonarse con Poliçena assi commo si ella delante estudiesse et deziale assi (p. 248-249).
Panthesilee ot la manace: a poi l'en est, petit le crient (24088-24089)	quando la rreyna P. oyo commo Pirrus esforçaua los suyos et despreçiaua las amazonas fue muy sañuda et todo quanto el dezia non lo preçio nada et dixole assy (p. 296).
Seignor, fait il (24845)	Pves que Antenor uio tiempo et logar para dezir su razon leuantosse en pie et dixo assy tan alto que todos lo oyeron: señores (p. 308).
La parole fu bien oïe (25014)	Antenor se leuanto estonçe en pie et començo su razon et dixo assy tan alto que lo oyeron todos (p. 311).

Xunto a todos estes casos citados, aínda atopamos outros exemplos máis importantes de interpolacións, pola maior entidade do engadido. Así:

Jason i fu e Hercules, cil qui sostint maint pesant fais e mainte grant merveille fist e maint felon jaiant ocist e les bones iluec ficha, ou Alixandre les trova (805-810)	Et vinieron y E. et Iason. Et aqueste Ercoles auya començado grandes fechos, et grandes conquistas acabadas, et mato muchos jayanes, et passo por muchas coytas, et por los grandes fechos que acabara auya grand prez, et era omne muy nombrado, et en cada hueste que se algun pleito boluia luego yua alla, et conqueria muchas tierras et ponia sus ymagines en aquellos logares fasta do conqueria, ca en aquel tiempo era costumbre que todos los rreyes que algunas tierras conquerian ponian sus ymagines ally fasta o conquerian. Si conquisiessen por guerra ponian ymage de omne ardido, si conquisiessen

por seso ponian ymage de omne sesudo. Et Ercoles fizo poner dos ymagines ally fasta o conquerio a un omne ardido et otro sesudo. Et estas dos ymagines fallo despues Alexandre estando ençima de vna sierra, quando el despues conquerio la tierra, o las el fincara por señal (p. 3).

Del rei Priant e de sa femme (4879)

del rrey P. et de E. su mugier. Et commoquier que era su nuera, sabet que Ecuba mucho la amaua, et tanto la onrraua commo si fuesse su fija, lo que agora fazen pocas suegras, ante les buscan quanto mal pueden a aquellas que sus nueras son, et prometenles mucho bien delante et detras cortan dellas et andan siempre escaruando si fallaran algun mal que digan dellas. Et tal cosa les assacan que nunca fue dicha njn pensada, et nunca es en al el su pensar sinon en boluer mal entr'ellas et sus maridos. Mas Ecuba non fazia assi, ca ella et el rrey Priamus amauan et seruian muy de coraçon a Elena (p. 56).

Despois de 5152 engade

Et mostraua bien siempre su razon en plaça, et fue omne de noble coraçon et que se tenia para grand fecho, et fizo siempre mucho por auer grand prez, et aun al uos quiero dezir, que siempre fizo al que con el quiso veuir que, de qual estado quier que fuesse, cada uno segund la su guisa siempre copo en la su merçed. Et era muy rrico et muy abondado et de muy buen talante contra todos (p. 60).

Ci est toz li monde jostez (19472)

Et a esta guerra son uenidos de todas las partes del mundo, de Europa, de Asia et de Affrica, en manera que ningun cauallero que sse de armas preçiasse non finco alla si non finco por dolor o por otra coyta tal que non podiesse uenir. Et los que uenir non podieron embiaron sus poderes et sus compañas, en manera que los unos uenjeron aqui por conquerir esta uilla et los otros por deffenderla. Et dellos venieron y por ganar prez et proeza, et otros por mostrar su grand brio et su poder, et los otros por ayudar a ssus

	amigos, et muchos por estoruar a ssus enemigos con que han en sus tierras omezillos et enxecos et por se uengar aqui dellos, et otros uenieron por despender sus aueres a grand brio, et otros por linage que han de la una parte et de la otra (p. 228).

O mesmo sucede nos versos 19918 (p. 236-237), 23276 (p. 284) e 25028-29 (p. 311). Finalmente, xunto a estas, hai outras interpolacións que chegan a un tamaño considerable. Son deste tipo as seguintes:

n'omes cornuz ne marmions (14734)	Et desque yua este iuego...son tamaños commo un coudo (ps. 173-174) (engade case 41 liñas).
Despois de 16212	engade 21 liñas: en todo esto Ector andaua...et deziruos he commo (ps. 188-189) (os versos 16213-222 están moi aumentados).
Narcisus sui, ço sai e vei, qui tant ama l'ombre de sei qu'il en morut sor la fontaine (17691-17693)	A mj me semeia que so Narçiso...porque la non pudo auer (p. 209-210) (aumenta 15 liñas cunha referencia a Narciso).
Despois de 15512	engade algo máis de 21 liñas: ca uos bien sabedes...et guardat bien uuestro prez (p. 228-229).
Cinc anz en a duré la guerre; trop i avons grant perte faite (19578-19579)	bien sabedes uos que siete años...que todos reçebimos" (p. 230) (aumenta 31 liñas).
Navrez i fu Diomedes (20071)	Et cuenta Dayres...fuel ferir tant duramente (p. 239) (aumentado en 12 liñas).
Despois de 23174	engade 32 liñas[6]: desi otrossy quiero que sepades commo la tierra es puesta et deuisada...Titulo de quantos son los pueblos del mundo et contra quales partes es la tierra despoblada (p. 282). Os versos 23175-80 con traducción moi diferente e logo engade algo máis de 7 liñas: ca otras partidas...non puede del reçebir calentura (p. 282-283).
Versos 23784-23787	sustituídos por: En esta parte dize el cuento...pero mucho adur et llorando muy de coraçon (p. 292) (algo máis de 17 liñas).

[6] A fonte está nas *Etymologiae* de S. Isidoro (XIV, II, 1-3 e XIII, XVI, I, XXIV). Cfr. A. G. Solalinde, *RFE* III, ps. 161-162.

Versos 24422-24424	sustituídos por: et desde oymas la estoria uos lo contara todo...et acabar la estoria que començe (p. 301) (total 24 liñas para falar da envexa).
Haï! Fortune dolorose, come estes pesme e tenebrose! (25215-25216)	¡Ay, uentura negra et escura...nunca eres estable en ningun fecho" (p. 314-315) (aumentado en 13 liñas). Os versos 25217-223 con traducción moi libre e logo engade 5 liñas: et esto ha muy poco tiempo...mientra touiste conmigo (p. 315).
Versos 30301-30316 Epilogue	Non coincide. A traducción pon un capítulo diferente: Aqui se espide el auctor de la estoria (43 liñas). Logo remata coa referencia á data da traducción por Afonso XI (9 liñas) (p. 386-387).

5. **Refráns.**– Benoît non utiliza no seu poema proverbios, en cambio o traductor español non puido fuxir á tentación de utiliza-lo refraneiro popular, pagando así tributo á moda de toda a literatura medieval peninsular. Vémolo claramente en 8 ocasións:

Quar l'onor de nos e le bien en desir jo sor tote rien (3839-3840)	cambiado en: et quien grand salto quiere saltar, de lueñe deue correr (p. 43).
Ne vuelent pas li chevetaigne que la vile sole remaigne (8159-8160)	otrossi non quisieron los señores que la villa fincasse sola por se non perder commo otra uez fiziera, ca diz el prouerbio antigo que de los escarmentados se fazen los arteros (p. 100).
Ç'a Troïens reconfortez, que par tot en sont li meillor: por un en perdent treis de lor (12672-12674)	et porque diz el prouerbio mal de muchos confuerto es, por ende los troyanos auyan grand confuerto de la muerte de los quatro rreyes que perdieran por aquellos otros siete que los griegos alli perdieron otrossi (p. 148).
Ç'avient en l'an, o meins, espeir, que l'om ne cuide ja veeir (12915-12916)	ca muchas uezes contesçe que viene a omne grand pro et grand ayuda dalli onde la non espera. Et por ende diz el prouerbio: faz bien et non cates a quien (p. 151).
V. 17743 (diferente)	ca el fuego ascondido peor quema que lo descubierto (p. 210).
Qu'uns mauvais guarz la geta mort (19771)	que un rapaz lo mato et commo quier que el prouerbio diga que mal de muchos confuerto es a mj non plaze nada de tal confuerto (p. 234).

Vv. 20089-20090 (diferente)	et por tal fecho commo este oy dezir que suele arder el iusto por el peccador (p. 239).
Despois de 29729 engade	et por esto diz el prouerbio: cabra ua por viña, qual fizo la madre tal fizo la fija, et nunca en el mundo nazcan otras tales (p. 379).

6. **Outras desviacións.**– Xunto a todo este tipo de desviacións, aínda podemos citar outras que fan referencia ós cambios duns nomes por outros, duns números por outros, ó tratamento dos vocativos, cambios de lugar do contido e citas das fontes utilizadas.

6.1. Os nomes e os números.– A lectura dos nomes e dos números non sempre coincide co poema de Benoît. Unha boa parte dos nomes está mal lida, con constantes deformacións, e nalgúns casos chéganse a substituír uns por outros. Poñerei uns exemplos de mostra:

Eneas vait veeir Heleine, Polidamas o sei en meine; ensemble o eus vait Troilus ..... Ecuba fu corteise e proz: les treis vassaus a joïz toz (11845-11847 e 11855-11856)	Eneas et aquellos caualleros que con el estudieran fueron ueer la rreyna Ecuba et las otras dueñas que con ella seyan...Et la rreyna Ecuba que fieramente era cortesa et sesuda, aparto luego a fabla tres caualleros daquellos et si me alguno preguntasse quales eran yo gelo diria, ca el vno era Troylus, su fijo, et el otro Polidamas et el otro Eneas (p. 135).
Sigeon (26004)	Agrion (p. 326).

Unha boa serie de diverxencias nos números e nos nomes dos reis témola na descrición das naves que os gregos levan a Troia (versos 5601-5702, ps. 67-68).

Nos números as diferencias son constantes e xa se notan manexando mesmo os distintos mss. franceses, que presentan moitas veces lecturas diferentes. Abonda con poñer uns cantos casos:

1094 jusqu'a treis anz → ante que vn año (p. 6).
6917 trente e treis → quarenta et tres (p. 84).
8959 trente → treze (p. 111).
10012 qu'il en i ocist mil e mais → daquella espolonada mato Ector treynta caualleros buenos (p. 128).
12628 trei mile → diez mill (p. 147).
12781 oitante jorz → ueynte dias (p. 149).
12804 oitante jorz → treynta dias (p. 150).
13915 dis mile e plus → çinco mill (p. 163).
14160 dous cous → tres golpes (p. 166).
14162 quinze des mailles → veynte et vna mallas (p. 166).

15822 trente → veynte (p. 183).
15908 dis mile → ueynte mill (p. 184).
15996 vint mile → diez mill (p. 185).
17118 dou mile → diez mill (p. 201).
18178 plus de cinc anz → passados son siete años (p. 216).
18421 bien a cinc anz → siete años son passados (p. 220).
18900 cinc cenz → trezientos (p. 221).
18906 vint mile e plus → diez mill (p. 221).
20024 vint mile → treynta mill (p. 238).
23145 trente mers → treynta et dos mares (p. 281).
23313 seisante liues → quarenta leguas (p. 284).
23793 dous meis → tres meses (p. 292).
24069 cent chevalier → mill caualleros (p. 296).
24590 dis mile → dos mill (p. 304).
28231 cinc jors → quinze dias (p. 359).
28299 dou mile → diez mill (p. 361).
24162 o plus de trente mile escuz → et uenian con el quatro mill caualleros bien guarnidos de lo que mester auyan (p. 297).

6.2. Vocativos.– Nas invocacións, o traductor é moi liberal e adopta diferentes combinacións. Se ben é certo que en moitos casos a traducción é literal, noutros moitos hai unha total liberdade na elección das palabras e non sempre uniformidade. Por citar unhas cantas mostras, podemos ver isto nos exemplos seguintes:

1321 dame → señora (p. 9).
1388 dame → por Dios, señor (p. 10).
1651 dame → hermana (p. 13).
(nos 3 casos Xasón a Medea).

4671 dame → dueña (p. 53).
4730 dame → señora (p. 54).
(nos 2 casos Paris a Helena).

11895 reine dame → señora (p. 135).

11740 bele → hermana (p. 133) (Héitor a Helena).
13504 bele → amiga (p. 159) (Troilo a Briseida).
13532 bele → señora (p. 159) (Diomedes a Briseida).
1313 vassaus → señor Iaason (p. 9).
3409 vassaus → Antenor (p. 36).
6328 vassaus → don Ulixas (p. 76).
12879 vassaus → señor cauallero (p. 151).
30048 seignor vassal → señores (p. 383).
2589 sire vassal → amigo (p. 26).

4755 sire → amigo (p. 54) (Helena a Paris).
6442 sire → amigo (p. 78) (a un enemigo).
7773 sire → hermano (p. 95).
7831 sire → señor don Ector (p. 96).
13619 sire → señor cauallero (p. 160).

13721 sire → padre, señor (p. 161).
19781 sire → Achilles (p. 234).
13163 sire Achilles → don Achilles (p. 155).
19565 sire Ulixes → don Ulixas (p. 230).

3660 seignor → amigos (p. 40).
4047 seignor → amigos (p. 45).
4383 seignor → señores (p. 50).
9745 seignor → hermanos (p. 123).
25369 seignor → mios señores (p. 317).
20428 seignor chevalier → amigos et uassallos (p. 243).

2640 fil a barons → señores (p. 26).
2671 Laomedon → mio señor Leomedon (p. 27).
3709 haï! haï! franc chevalier → a, señores caualleros (p. 41).
3978 danz Paris → Paris (p. 44).
9355 avoi! → señores (p. 117).

7841 beaus douz amis → amigo (p. 96).
22226 beaus douz sire → ¡ay, amigo! (p. 268).
8940 beaus amis, frere → amigo (p. 111).
12614 beaus sire amis → señor don Achilles (p. 147).
13135 beaus sire Hector → don Ector (p. 155).
21894 beaus fiz → mio fijo bueno et mi amigo (p. 264).
16377 sire, douz amis, sire chiers → ¡ay, señor et amigo et hermano! (p. 191).
22252 amis → ¡ay, amigo bueno et leal (p. 268-269) (despois omite 22262 beaus douz amis).

6.3.– Cambio de lugar na colocación do texto.– En xeral, a traducción segue a orde establecida por Benoît na versificación dos acontecementos, pero de vez en cando permítese transgresións á regra, distribuíndo o contido dalgúns feitos fóra do lugar en que aparece no autor francés. Abonda cuns exemplos:

1001-1002 antes de 995 (p. 5).
1790 antes de 1787 (p. 15).
6282-6286 colocado antes de 6265 (p. 75).
8373-8376 colocado despois de 8377-8380 (p. 103).
8651-8657 colocado antes de 8650 (p. 107).
8675-8680 cambio entre os versos (primeiro 8678 e cambio de sentido) (p. 107).
11845-11847 e 11855-11856 (cfr. a cita ó falar dos nomes).
12736 colocado despois de 12739 (p. 148).
15871-15872 antes de 15850 (p. 183).
19032-19033 despois de 19041 (p. 223).
22128-22135 inclúeo na traducción de 22111-22120 (p. 267).
23287-23294 coloca en distinta orde as provincias (p. 284).
24305-24306 despois de 24313 (p. 299).
25630-25632 despois de 25643 (p. 321) (no lugar que deberan ocupar 25630-25632 interpola outra cousa).
26056-26058 antes de 20052-20055 (p. 326).

26166	despois de 26172 (p. 328).
27527	antes de 27494 (p. 348).

O v. 16980 (ja ne m'en defendrai nul jor) aparece omitido, pero despois do v. 16981 (et estonçe finco assi el pleito que mas y non fablaron) engade "et finco para otro dia" (p. 199). Na serie 30246-30260 omite os vv. 30251 e 30258, sendo a orde de traducción: 30250, 30257, 30256, 30259-30260 e 30252-30255.

6.4. Cambio de estilo.– Algunhas veces o traductor afástase do texto francés na presentación do relato, poñendo en estilo directo o que o *Roman de Troie* ten en estilo indirecto e viceversa. Tamén utiliza coma variante a colocación do estilo directo antes ou despois do sitio en que aparece no poema francés. Vexamos uns cantos casos:

Fait Hercules: "Vos dites bien: ne me poüsseiz dire rien dont me feïsseiz si grant joie, come d'aler sor ceus de Troie" (2159-2162)	Estonçe le dixo Ercoles que dezia muy bien et que le non podia dezir njn fazer cosa que le mas gradesçiesse (p. 20).
24483-24494 estilo directo	estilo indirecto (p. 302-303).
24683 empeza estilo directo	empeza xa estilo directo en 24678 (p. 306).
25710-25713 estilo indirecto	estilo directo (p. 322).
26609-26618 estilo indirecto (ço dit Tel. A. que...)	estilo directo (p. 335) (A. T. leuantosse estonçe en pie et dixo assi: señores...).
26619-26634 estilo indirecto	estilo directo (p. 335).
28646-26678 estilo indirecto (empeza directo en 28679)	estilo directo (p. 365).
28701-28798 estilo indirecto (relato das aventuras de Ulises)	estilo directo (vv. 28701-28763), logo suprime vv. 28764-28766, despois estilo indirecto, libre e resumido (vv. 28767-28770) e finalmente estilo directo (vv. 28771-28798) (ps. 366-367).
28826-28922 estilo indirecto e logo 28923-28936 estilo directo	todo en estilo directo (p. 368).
29285-29296 estilo directo	estilo indirecto o correspondente a vv. 29285-29291 e estilo directo o resto (p. 374).
29297-29299 estilo indirecto	estilo directo (p. 374).

Para rematar, Constans pon o comezo do estilo directo no v. 29841, pero xa está así o v. 29835 (meins beaus esteit, mais, ço *sai* bien). Benoît pasa do estilo indirecto ó directo sen indicación. Na traducción empeza xa o estilo directo no v. 29825: et dixoles assy: yo yazia...(p. 380).

6.5. Cita das fontes.– O traductor cita en diversas ocasións a Beneito de Santa Marta, pero o que me interesa indicar aquí son as diferentes maneiras que utiliza para se referir

ás fontes latinas de Benoît. O criterio é múltiple e non sempre coincide co orixinal francés. Poñerei uns cantos casos coma curiosidade:

Iço que j'en l'Estoire en truis (2860)	commo yo falle en el escripto por la mano de Cornelio (p. 29).
Ço dit l'Escriz (2959)	segund affirma Dayres (p. 31).
Dont li Livres ne se taist pas... nus de son cors plus ne valeit (5482 e 5489)	et segund nos Dayres dixo, que non quiso encobrir ninguna cosa, dize que non valia tanto ninguno en el cuerpo commo el (p. 65).
Ço conte li Escriz (5495)	segund nos Dayres cuenta (p. 66).
en 5544 engade	pero que dire lo que ende aprendi por Dayres (p. 66).
Si com la Letre me devise (5673)	segund commo Dayres dize (p. 68).
Si com l'Estoire nos afiche (6040)	la estoria (p. 73).
Quar ço reconte li Escriz (7101)	ca segund la estoria cuenta (p. 86).
Ço dit l'Estoire que fist Daires (12440)	omite.
Si com l'Estoire nos devise (12780)	cventa Dayres (p. 149).
Ainz que li termes fust passez (12803)	diz el cuento que ante que fuessen passados (p. 150).
Ço dit Daires, qui pas ne ment (15200)	et dize Dayres (p. 179).
en 16230 engade	pero diz aqui Cornelio quel dio Achilles este golpe en desarmando a Polibetes (p. 189).
Ço dit l'Escriz (16258)	et diz el cuento (p. 189).
en lugar de 20875-20878 pon	et diz Co[r]nello que por esta razon duraron las treguas treynta dias (p. 250).
Cist fu en fiere hore engendrez e en plus fiere refu nez: bien dirons al definement en quel sen ne com faitement (28767-28770)	deste fijo cuenta Dites que fue naçido en fuerte punto para su padre, commo adelante oyredes (p. 366).
Les ieuz ot vairs (30011)	et cuenta Dites que el auya los oios uerdes (p. 382).

7. **Erros de traducción.**— Xunto a traduccións libres, que non sempre reproducen con exactitude o texto francés, achamos ó longo da obra numerosísimos casos de falsa interpretación, o que evidencia que o traductor non sempre entendía o que estaba a traducir. Poño a continuación os casos máis chamativos:

Se tu ne vueus estre veüz,	bien cierto sey por mj que si lo touy[es]-

la pierre met defors ta main: adonc puez bien estre certain que ja rien d'ueil ne te verra. E quant ço iert qu'il te plaira e que tu n'avras d'iço soing, clo la pierre dedenz ton poing: si te verra l'om come autre home (1690-1697).	tes en la mano, ningun omne non te uera, et despues, si quisieres que te uean, abre la mano et luego te ueran (p. 14).
De la cité s'en ist premier. Li reis, li prince e li baron, Herculès e si compaignon le conveient jusqu'al rivage ou il devait prendre passage (1800-1804).	et saliose luego de la çibdat con toda su compaña. Ercoles et el rrey Oetes fueron con el con grand compaña fasta alli o auya a passar al logar o andaua el carnero encantado (p. 15) (ía el só).
N'en dirai plus, ne nel vueil faire, quar mout ai grant uevre a retraire (2043-2044).	et dessy non quiero agora mas dezir que en su estoria lo contare (p. 18).
Il e Cedar erent cosin, mout i aveit noble meschin (2557-2558).	et el et Çesar eran vezinos de Troya et siempre amos uiuieran de consuno (p. 25).
Seguradon (2565)	mas, segundo yo entiendo (p. 25).
Sin delivrons nostre païs (2642)	et libraremos nuestra tardança (p. 26).
Bien fist semblant del consentir (4506)	ante fizo semblante de continente (p. 51).
Bel tens fist mout come en pascor (4807)	estonçe fazia buen tiempo et claro ca la pasqua se llegaua (p. 55).
E li beaus Eurialus e li forz reis Telepolus (5013-5014)	et el rrey Erualus, el muy fuerte, et el muy noble Neutalamus (p. 58) (Neut. en *BHk*).
cheveus...blois (5111)	cabellos buenos (p. 60).
Polidarius ert si gras qu'a granz peines alot le pas (5257-5258)	P. fue tan gruesso en el cuerpo que adur non ueria una possada de en derredor del lugar do estudiesse assentado (p. 62).
Oileius Aiaus (5634)	Aias et Elenus (p. 68).
De la terre e de la contree que Pilaca est apelee en ot cinquante Potarcaus, e il e danz Proteselaus. Danz Machaon, danz Polidri, qui furent fil Escolapi, en i aduistrent trente e dous de la terre de Tricios (5651-5658)	Portacus troxo çinq. de la tierra que es llamada Palarga. Et el rrey don Pretesselaus et Matoa et don Polidre et los fijos del rrey d'Anassi aduxieron quarenta bien guarnidas de tierra de Traça (p. 68).

D'Elide, une terre sauvage, en ot o sei onze al rivage danz Antipus e Amphimaus: n'en ert a dire tref ne maus. Si com la Letre me devise Seisante en i ot de Larise Polibetes e Leontins, qui esteient germains cosins (5669-5676)	El rrey Santripus et otro a que dizian Affimacus troxieron amos diez naues de tierra de Lira, que era tierra muy braua et muy saluage. Et segund commo Dayres dize tan buenos eran amos que adur podria omne fallar tan buenos dos rreyes. Otrossy otros dos rreyes a que dizian Leochin et P., que eran amos hermanos, aduxieron y de tierra de Larisa çinquanta (p. 68).
En la grant selve renomee que Alida est apelee (5957-5958)	al palaçio que es llamado Elida (p. 72).
Li vieuz Glaucon (6685)	el buen duque Glaucon (p. 81).
D'eissir des nes ert la dotance (6991)	desi desamparauan locamente sus naues (p. 85).
Nus n'i atent prince ne rei, per ne seignor ne compaignon (7108-7109)	en tal manera que ninguno atender non podia prinçipe njn señor, mas yuan todos de rrendon (p. 86).
Telamonius Aiaus (7341)	et Talamon et Aias (p. 89).
Telamonius Aiaus (15609)	et el rrey T. et el rrey A. (p. 180).
Donc vint Telamon Aiaus (15713)	ca alli llego el rrey T. et A., sú fijo (p. 181).
e Telamon e Aiaus (23569)	et Aias Talamon (p. 288).
Covert de porpre o de cendal (7554)	cubiertos de porpora a ssus señales (p. 92).
Anceis que vienge la vespree (7640)	onde al non puede seer (p. 93).
Uns fiz le rei les ot en main: frere ert Hector, non pas de mere (7706-7707)	et el otro que Ector tomo consigo fue hermano deste Glaucon, mas pero non de madre, mas amos eran fijos del rrey de Liça (p. 94).
Assez i ot darz empenez, haches danesches e espees, dont il ferra de granz colees. Tuit cil quil veient le remirent, quar onques mais tel rien ne virent (7908-7912).	de fachas et de dardos et de denesas et de espadas et de todas las armas de otra manera que meester auyan (p. 97).
Aveit unes armes d'argent o une bende de besli (7918-7919).	traya un escudo de argente et de bermeio con uandas al trauiesso (p. 97).
Sezimes fu Cadorz de Liz: mais Ausalon, li fiz Daviz, n'ot plus bel chief que il aveit; proz e hardiz e forz esteit.	el XVI^{0} ouo nombre Cados. El otro ouo nombre Absalon. Este fue muy buen cauallero et mucho hardit et mucho de pro et mucho enseñado. El postremero ouo

Li autre dui furent nomé, l'uns Nez d'Amors, l'autre Tharé. Ceus voust Prianz aveir o sei, quar il l'aiment par dreite fei: seit a pié o seit a cheval, cil li seront ami leal (8125-82534).	nombre Tarre. Et estos todos amaua mucho el rrey, su padre, et bien se que tales eran que nunca le fallesçerian con seruiçio (p. 99-100).
Un poi navrez (8177)	mal llagado (p. 100).
Merion fu en la seconde: jo ne cuit pas qu'en tot le monde eüst meillors chevaliers dis. Ipomenès o ses aidis, dont il ot bien dou mile e mais, e li dus d'Athenes après, li beaus, li proz Menesteüs, o chevaliers trei mile e plus, la tierce eschiele ront fornie. Cil qui furent d'Orcomenie - de ceus fu reis Ascalaphus, il e sis beaus fiz Almenus - en la quarte sont o tel gent... (8179-8191).	en la segunda az fue Merion, et con el Menesteus, duque de A. Et leuaron amos consigo de ssus vassallos et de ssus amigos quatro mill caualleros muy buenos et muy bien guarnidos. En la terçera az fue Telaffus et fueron con el todos los de Armonia, onde el era rrey. En la quarta az fue su fijo Almus... (p. 100).
De celi fu reis Archelaus, e Prothenor li bons vassaus, li forz, li proz, li segurains: cosins erent andui germains (8195-8198).	et fueron señores destos Achilles et P., que eran amos primos cormanos et caualleros buenos et hardites (p. 100-101).
Huniers (8238)	Upos (p. 101).
En dementres que Antipus, il e li bons reis Thalamus, contendeient o les grezeis (8595-8597).	et mientra que el rrey Telaffus et su fijo Almus se combatieran con los troyanos (p. 106).
Sor son escu, qui toz ert quas e estroez e depeciez... l'auberc deront e trenche e faut (8844-8845 e 8847).	por medio del escudo que lo falso todo et la loriga otrossi que vestia (p. 110).
Epistroz (8969)	Priamus (p. 111).
Eneas (9007)	Menalao (p. 112).
cosins germains (9557)	hermano (p. 120).
Nez d'Amors (9975)	Cados de Lix (p. 127)
Quar mout le requereit Tharez, c'ert des freres li meins nez (9987-9988).	llegaron y otros dos sus hermanos de aquestos, a que dezian Antenado de Amores et al otro Tare (p. 128).

Mais Destinee nel laissa, que ceus de Troie guerreia (10123-10124).	si la ventura non gelo estoruara, ca Troya siempre guerrea et lo que ha de seer non ha cosa que lo pueda partir (p. 129).
Quar li soleuz ert resconsez; mais as lor esteit venuz traire, quant se meïssent el repaire (11656-11658).	ca el solo era ya puesto de dar arrebato en los griegos sol que fuessen desarmados (p. 132).
Heleine (11845)	Ecuba (p. 135).
D'Arges li proz Diomedès (12276)	et Carges et Diomedes (p. 141).
Sacheiz bien s'i aida Paris ... (12332 ss.).	elimina a referencia a Paris e atribúeo a Héctor, de quen fala antes (p. 142).
Li ueil el chief li reluiseient, par nuit oscure li ardeient: de treis granz liuës, senz mentir, le poüst om tres bien choisir (12365-12368).	et los cabellos luzian assi quel semeiaua que ardian, en guisa que a tres leguas lo poderia omne deuisar por la noche oscura (p. 142).
Cent saietes de fin acier portot en un cuivre d'or mier, d'alerions bien empenees: es granz terres deshabitees sont e conversent vers Midi (12377-12381).	et traya a ssu lado un coldre duro en que traya saetas empeñoladas de peñolas de vnas aues a que llaman aliriones, que ha en vnas tierras que non son moiadas, et llamanlas los philosophos tierras de Menodia (p. 143).
Tote la terre (12396)	toda la carrera (p. 143).
Qui plus i puet enprès le rei (12603).	tenia m[ayo]r logar que el rrey (p. 147).
La nuit passa: li jorz repaire, que Lucifer e l'aube esclaire. Un poi fu embrons li matins, rosee mueille les jardins; mais del soleil vint la clarté, que del jor abat l'oscurté. Sor la fresche herbe vert e lee chaï des arbres la rosee; beaus fu li tens e cler le jor (12683-12691).	otro dia en la mañana començo el dia oscuro et ventosiento por vna grand ventisca buelta con nieue que fiziera. Mas pues que el sol se fue leuantando, fuesse tirando la nieue et fizo el tiempo muy claro et muy bueno (p. 148).
Treis meis (12850 e 12955)	tres años (p. 150 e 152).
dous meis o treis (12893)	tres años (p. 151).
N'eüst joi pro de quinze dis as morz ardeir e enterrer e a toz les chans delivrer? (12986-12988).	demas es muy grande, ca assaz abonda tres meses para soterrar et quemar los muertos et para sanar los llagados (p. 152).
... Et autres gieus vis e hontos, dont li plusor sont hainos as deus, quin prenent la venjance par la lor devine poissance. Granz biens sereit... (13185-13189).	...emendaredes los tuertos que uos tengo fechos. ¡Ay, dios, que grand bien seria ...! (p. 155).

A la reine e as puceles en sont contees les noveles: por la paor, por l'esmaiance, por la pitié, por la dotance, ont mout ploré e grant duel fait. Quos en fereie plus lonc plait? Ne vuelent sofrir Troien... (13229-13235).	et despues que lo oyeron las dueñas et las donzellas de la çibdat ouieron ende tant grand pesar que mayor non podrian, porque auyan pauor et non quisieron consentir por ninguna manera que... (p. 156).
Maudiz seit hui icist augurs, icist dons e icist eürs (13771-13772).	et malditos sean los griegos et los prouerbios (p. 162).
Ne parlast plus a nes un fuer (13778).	en tal manera que sol un uierbo mas non pudo dezir (p. 162).
Veant dis mile chevaliers, li vait doner par mi l'escu (14002-14003).	et yuan con el dos mill caualleros o mas et tal golpe le dio por medio del escudo (p. 164-165).
Chastel Clus (14108).	Castiellos (p. 166).
Qui trei mile ot de gent averse (14220).	et traya mill caualleros muy buenos (p. 167).
La se resont bien entrataint, ne tant ne quant ne se sont feint, Hector n'Achilles: cors a cors trop laidement ne sont amors (14253-14256).	et entretanto encontraronse A. et Ector et combatianse muy duramente commo auyan de costumbre (p. 168) (atribúelle a estes dous o combate de Troilo e Menelao).
Por la presse des chevaus (14260).	por la priessa grand que era de los caualleros (p. 168).
E si sacheiz lor chevalier le firent si que nule gent nel firent onc plus vassaument: ne seront hui del champ parti, ainz ne seient d'eus mil feni (14262-14266).	et sus uassallos fizieron y tant bien por lo librar que meior non pudieran, et fue libre. Et ante que se este torneo partiesse fueron y muertos mil caualleros (p. 168).
Grant piece dura la meslee (14505).	este acorro duro muchos dias (p. 171).
La menor (14681).	la que paresçia meior (p. 172).
(l'image ot son chief coroné... o esmaraudes, o rubis,) qui mout li esclairent le vis (14774).	et el resplandor que de ssi dauan fazian esclaresçer los rostros de aquellos que seyan en la camara (p. 174).
Esperital en est l'olor, quar il nen est maus ne dolor que n'en guarisse, qui la sent (14911-14913).	et non ha en el mundo olor malo de que luego non fuesse guarido aquel que sentiesse aquel olor (p. 176).
Sis meis (15187).	tres meses (p. 179) (son 6).
(ocist A.) cinc cenz, ço dit l'Escriz, e mais (16258).	e diz el cuento que (alli mato A.) quatroçientos por sus manos (p. 189).

Lermes li fondent sor la face si que la peitrine a moillie (16484-16485).	ca las sus lagrimas tantas eran que llegauan fasta los pies (p. 193).
Egaus de groisse e de semblanz (16654).	yguales en todo dictadas (p. 195).
Un sarcueil (16721)	una ymagen (p. 196).
Sor mei n'avra plus seignorie se cele non qu'il i aveit al tens que sis pere viveit (16908-16910).	ca sobre mj non auera mayor señorio del que ouo sobre mj su padre (p. 198).
La n'ot onc joste aplaideice (17131).	mas en esta batalla non ouo muchas iostas (p. 201).
O bien vint mile chevaliers (17133).	con el çiento uezes mill caualleros (p. 201).
Font hautes tors e contremur, fossez e vaus e desrubiers. A force trenchent les rochiers (17482-17484).	et alçauan los muros alli do entendian que eran mas flacos et fazian las carcauas mas altas et taiauan los campos et alçauan grandes ualles et metian y sus pieças de pan leuar (p. 206).
Ja mais des ieuz ne la verrai (17654).	ca so çierto que nunca la he de auer (p. 209).
Cuide me il prendre a la piege? Trop sereie por fol tenuz s'ensi esteie deceüz par l'ome que plus dei haïr (17946-17949).	agora cuyda Achilles que me engaña et que me toma en armadija si gela yo assi diere locamente. Grand locura seria si lo desto creuiere (p. 213).
Salenique (18192)	Salamina (p. 217).
Ne deüst pas la recreüe ja estre cornee entre nos (18364-18365).	et por quanto querria oyr tañer omne empos de ssi cuernos et baladros et gritos et apupos et siluos leuantados (p. 219).
Or ront perdu Deïphebus, dont il sont mout morne e confus, e chevaliers teus trente mile, dont mout sont feible par la vile (19481-19484).	otrossi an perdido a D., su hermano, onde se tienen por aontados et por confondidos para siempre, et esto es cosa sabida (p. 228).
Par mei ne par la meie aïe (19614).	por uos njn por uuestra ayuda (p. 231).
Qu'uns mauvais guarz le geta mort (19771)	que un rapaz lo mato (p. 234).
Qui lor en a doné congié (20441)	porque les (su señor) dio conseio (p. 243).
Plus neir, plus pale que n'est cendre (21606).	et negro et amariello commo la çera (p. 260).

Hai! reis Mars, reis Jupiter! Hai! Pluto, li deus d'enfer! (21715-21716).	¡ay, Mars et Iupiter, dioses gloriosos de los çielos et rreyes poderosos de los infiernos! (p. 261).
Quant cele nuit fu trespassee e l'endemain, a l'avespree (22091-22092).	otro dia grand mañana (p. 266).
Mangier le voust faire a guadeaus (22351) ('a porcos').	ante lo quisiera echar a canes (p. 270).
Fil de sa fille, auques grandet: por quant bien puet aveir quinze anz (22566-22567).	et es fijo de ssu fija et de Achilles et ha quinze años (p. 273).
Dous itanz (23236).	diez tanto (p. 283).
Exos, Cametes, Sigota, Eufrates e Carmanta, Armedius, c'est li novains, qui de m. merveille est pleins (23263-66).	Exos, Camete et este es el noueno, et en este rrio ueen tantas marauillas quantas non ueen en otro rrio que en el mundo sea (p. 284).
Sire, la plus chaude, l'ardant, e Mede, que mout par est grant. Toz Orienz trestoz entiers, qui del mont est l'uns des quartiers, en icez choses est compris e des autres treis parz devis dont jo ne vueil or plus traitier, qu'a ço me covient repairier por que j'ai de tot ço tochié (23293-23301).	Media, Syra. Et esta postrimera prouinçia es la mas caliente de ellas todas, ca esta mas allegada a oriente. Mas todas estas prouinçias dexare por contar de vna sola por que toda esta razon començe (p. 284).
Armez se fu Philemenis... o lui sont li paflagoneis (23485 e 23489).	el rrey Filomenis... fue muy bien armado, el et todas sus compañas, et los palfagonanos yuan con el (p. 287) (as súas compañas son os "palfagonanos", pois el é rei de "Palfagonia").
Glaucon (24213)	Elauti (p. 298).
Glaucus (25040)	Archelaus (p. 312).
Por ço que jo nel puis oïr, m'en vois (25236-25237).	pues ende fuyr non puedo, et yo yrm'e de aqui (p. 315).
Tornez vos en ore a itant e jo irai al rei Priant parler de ço que requerez ..... En l'ost des greus joiant e lié s'en sont li dui rei repairié. E Antenor a ajosté les hauz homes de la cité (25455-25457 e 25461-25464).	mas nos tornemonos agora et uayamos fablar con el rrey sobre las pleitesias... Ulixas et Diomedes se tornaron estonçe con Antenor al palaçio del rrey Priamo muy pagados de lo que auyan fablado. Et Antenor auya ayuntados todos los mas onrrados de la çibdat (p. 318).

Des saintuaires plus preisiez ert li auteus pleins e chargiez (25515-25516).	et todo el altar era lleno et complido a cada parte de candeleros nobles et preçiosos de oro (p. 319).
Por conoistre que ço mostrot e que tel rien senefiot, e por saveir certainement tote la fin del parlement, corent senz eschars e senz ris dreit a l'autel Apollinis (25525-25530).	et entraron en el templo de Apolonis por fazer pregunta et salieron çiertos que queria demostrar este mal et que acabamiento podian auer estas fablas en que andauan (p. 319).
Les entrailles e les boëles de bestes masles e femeles (25531-25532).	de bestias estrañas (p. 319).
25707-25709 pertencen ó discurso de Ulises	na trad. póñense estas palabras en boca de Antenor (p. 321-322).
En un bel curre emperial d'or e de pierres a esmal (25777-25778).	(et metieronla) en un muy buen cuero en que auya lauores de oro et piedras preçiosas (p. 322).
Ne por esté ne por chalor n'en poëit eissir male olor (25781-25782).	que iamas por frio njn por calentura que feziesse non daria de ssi mal olor (p. 323).
...Les granz muraus... que Neptunus ot faiz, mil anz aveit e plus, e qu'Apollo ot dediié (25920-25923).	los muros...que feziera Neutolamus, mas auya de mill años que don Apollo sagro et santiguo (p. 325).
Fors la fille al rei, Tecmissa (26757).	cambia a trad., pero di: que tome al rrey de Tamisa...sinon una su fija (p. 337) (Tecmissa é o nome da filla).
Nos firent...nos coronerent (26902 e 26905).	le fezieron...le coronaron (p. 339).
Por tot le regne de Baviere ne retornassent il ariere (27311-27312).	et por ninguna manera non fazian semblante que querian passar por el grand rregno de Patrus, mas yuanse quanto mas podian contra sus tierras et uan ellos commo aquellos que fueron mal guiados (p. 345).
Les nues d'a mont s'abaissierent que en mer burent e chargierent (27577-27578).	et semeiauales que las naues desçendian tomar el agua del mar (p. 349).
Noant, ço truis par nuit oscure: sis cors li fu bateaus e barge (27622-27623).	ca le quebro la barca et el yogo en el mar con una noche muy escura et començo de nadar (p. 350).
dis reis (27951).	dos rreyes (p. 355).

Mais en Chipre s'esteit remés. La ot une cité fondee que Salemine ert apelee (28446-28448).	et commo poblara a Chirre, una çibdat (p. 363).
Voiz ont cleres, angelieaus (28845).	ca ellas han las bozes claras que semeian aguilas (p. 367).
Fu sempres morz... li reis de Crete Idomenés. A ses dous enfanz est remés sis regnes..... Mais ainz li quinz jorz ne passa que morz en refu li ainznez: poi a esté sire clamez; mout li avint tost sis obiz. Plainz fu e li pere e li fiz (29058-29061 e 29064-29068).	...murio Ydamenes, rrey de Creta...et ante de ssu muerte partio bien su rregno a dos fijos que auya. Mas ante de çinco dias morieron amos...et fizieron los del rregno grandes duelos por ellos amos (p. 371).
A Molose fist rafaitier ses nes (29089-29090).	fizo adobar sus naues muy bien en un logar que llamauan Amollese (p. 371).
Mais Acastus ert haïnos vers lui e vers tot son lignage: fait li aveit maint lait damage (29100-29102).	et el lo desamaua a Acastus, tanto que mas non podria, ca le auya fecho mal a el et a todo su linage (p. 371).
Les reïnes et les puceles e les preisiees dameiseles, que treschierent e firent guas, furent apelees Musas (29167-29170).	estas bodas fueron mucho onrradas, ca todas las rreynas et dueñas et donzellas preçiadas et de grand guisa andauan y cantando. Et destas bodas fueron llamadas las Musas (p. 372).
Ja esteient bien loinz del port (29250).	et aun non era el muy redrado del puerto (p. 373).
Guari la centisme partie (29284)	que non escapara sinon el solo (p. 374).
Sa mere... que ert, ne sai, deuesse o fee (29581-29582).	a ssu madre, a que llamauan deessa (p. 377).
A Molose fu l'enfes nez qui de Pirrus fu engendrez (29777-29778).	et Andromaca ouo su fijo Amoroso en poco tiempo despues et pusieronle nombre Achilides porque era nieto de Achiles (p. 380).
Les ieuz ot vairs e le chief blont (30011).	auya los oios uerdes et los cabellos brunos (p. 382).
(Ulixes) le tres sage, le coneü (30177).	(Vlixas) el cano et sesudo (p. 384).

8. **Acertos na traducción.**– Non debemos pensar que só hai aspectos negativos na tra-

ducción peninsular, posto que moitas das interpolacións son acertadas e hai mesmo casos en que se mellora o texto francés. Así, en casos coma os seguintes:

"Mout bone pais, mout grant franchise as a ton gré, a ta devise: ne querras pas, se tu bien fais, com franchise perdes e pais. Mout dessert cil male merite, qui de son gré se desherite; de noble vie e de gentil te vueus embatre en grant peril". Li pueples toz comunaument, qui ert jostez al parlement contredistrent l'autorité que Panthus ot dit e mostré (4111-4122).	Tu as paz et quieres auer guerra, et eres rico et quieres pobreza, et eres alegre et quieres tristeza. Demas quieres perder tu señorio. A ti piden agora et tu pidras. A ti siruen et tu seruiras. Tu eres agora mucho onrrado et quieres tu enxalçamiento dar a otri. Et Dios dal uida escarnida al qui se desereda con su mano. Quanto bien tu agora as, otro tanto mal quieres auer. Et si te guardar quisieres, commo faz omne de buen seso, iamas non perderas y nada. Et pues tu tienes tan grand logar, non te metas a tan grand peligro para caer en ello. Et desde oymas para mientes en lo que te he dicho". Quantos y seyan en la fabla dixieron todos a una boz: "non dixo nada, non dixo nada" et despreçiaronlo en seso et en la propheçia de su padre (p. 46-47).
Tant fist, tant dist, tant porchaça, e tant revint e tant ala, que il la vit e ele lui: mout s'entresguarderent andui (4339-4342).	Et tanto dixo et fizo et engeño que los que de ssi muchas vezes oyeran fablar que se uieron de consuno, et sentaronse amos en un estrado et començaron de fablar, et catauanse de muy bonamiente et mucho a menudo, et fazianse dos semblantes, et si sse alguno dellos uençia en su catar luego a poca de hora alçaua los oios lo mas toste que pudia (p. 49).
La volent saietes e dart (23760)	alli ueriades bolar dardos et saetas tan espessas commo el granizo quando cae mucho espesso (p. 291).
Tona de tel vertu (27582)	cresçieron toruones et coriscos et relampagos tan grandes et tan brauos et tan fieros et tan desmesurados (p. 349).

Da mesma maneira na traducción dos versos 1466-1486 (p. 9), 3993-4018 (p. 45), 4747-4754 (p. 54), 13344-13352 (p. 157-158) ou 22157-22162 (p. 267).

9. Correccións ó texto francés.— De non estar isto no ms. que serviu para a traducción, debemos supor que o noso traductor corrixiu algunhas imprecisións do texto francés, coma nos casos seguintes:

23570	Agamennon e Menelaus	et el rrey Agamenon (p. 228)
	(é evidente que está errado o texto francés, pois Menelao non se atopaba nese momento na hoste, posto que fa en España na procura de Pirro).	
23625	o Menalau	Archelaus (p. 289) (N Archelax, A Ayaus, etc.).
29403	niés	bisnieto (p. 375).
29441	Acastus, vostre aiueus	Ac., uuestro uisauuelo et mio padre (p. 375).

Desexo de maior precisión témolo na referencia ós fillos bastardos de Príamo:

Ço dit l'Escriz que trente enfanz aveit ancor li reis Prianz, qui esteient bon chevalier, mais n'erent mie de moillier (2959-2962).	ca sabet, segund affirma Dayres, que el rrey Priamus auya treynta et tres fijos otros a que dezian Bastardos, et cada uno dellos auye grand prez de caualleria, et ganaralos de dueñas preçiadas et de alta sangre et fueron todos muy buenos caualleros (p. 31).
Trente fiz ot li reis Prianz, toz chevaliers, nez de soignanz; doze vos en ai ia nomez, les dis e uit oïr poëz (8097-8100) (XIII en ABCIJ...).	el rrey P. auya treynta et tres fijos bastardos que eran de muy grand prez, et todos los ganara en dueñas et en donzellas de alto linage et de muy grand guisa. Et porque uos yo ya nombre los treze, agora uos quiero dezir de los veynte, et contaruos he sus nombres (p. 99).

¿Como se explica a diferencia? Nos vv. 7994-8010 o francés nomea 10 (Odeneaus, Antonius, Edron, Dolonz, Siciliens, Quintiliens, Rodomorus, Cassibilanz, Dinas d'Aron e Doroscaluz) e a traducción coincide (ps. 97-98). Despois, nos vv. 8107-8130 Benoît enumera outros 18 (Menelus, Isdor, Chirrus, Celidonias, Hermagoras, Maudan Clarueil, Sardes de Vertfueil, Margariton, Fanoeaus, Bruns li Gemeaus, Mathan, Almadian, Gilor d'Agluz, Godelès, Doglas, Cadorz de Liz, Nez d'Amors e Tharé). Na traducción (p. 99) coinciden, máis ou menos, os nomes de Menalaus, Ysfros (Yffros?), Çirus?, Çiledonas, Ermegores, Matan Claruel, Sades de Uersel, Marg., Fanuel, Bron, Matas, Almadias, Guilas, Gundelus, Dulgas, Cados e Tarre. O último que pon é Absalón, ó entender mal a comparación que fai o francés de Cadorz de Liz con Absalón, o fillo do rei David. Por iso elimina da lista Nez d'Amors.

Para chegar ó computo dos 33 engade "pero que los dos non son contados porque eran estonçe pequeños. Et el uno dellos ouo nombre Affimacus et el otro Polidamas" (p. 99). Amphimacus é nomeado por primeira vez polo francés no v. 24578, pero Polidamas é fillo de Antenor. Os outros aparecen nomeados noutros versos do poema: v. 7709 Cicinalor (aínda que na traducción p. 94 se fai irmán de Glaucón e fillo do rei de Liça); v. 7799 Cadarz (kAC dimart, DM[1] dinart, B dunart, etc.), que figura traducido coma Donarte (p. 95), e v. 7914 Pitagoras (tr. p. 97).

10. A traducción española e a versión francesa en prosa.— Poderíase pensar que a traducción española non está feita sobre o poema de Benoît senón sobre a versión en prosa do séc. XIII. Isto debémolo descartar, tendo en conta as características da prosificación francesa analizadas máis arriba (Cap. II,3.).

Como alí se indica, a prosificación máis próxima ó poema é a "versión meridional", dada a coñecer por Kathleen Chesney. Non teño á man o Ms. Douce 196 para facer unha comparación dalgunhas diferencias características, pero abonda con compara-las citas que fai Chesney coas partes correspondentes da versión española para decatármonos da independencia das dúas versións. Así:

Vv. 5093-5098 Beneeiz dit, qui rien n'i lait
de quant que Daires li retrait,
qu'ici endreit voust demostrer
e les semblances reconter
e la forme qu'aveit chascuns,
qu'a ses ieuz les vit uns e uns.

Beneoit qe cestui livre escrist & treslaita de latin & le mist en romanz ne voust laissier a retraire nulle riens de ce qe Daire dist, car tot ce qe Daire dist savoit il por fine verité, car il avoit tot ce veu a ses elz ou por verité oir conter. Et por ce qe Daire voust fere sa ouvre complie & pleniere voust il escrire la forme & la contenense de cascun des princes qi vindrent au sige de Troie ensi com il savoit (fol. 22; Chesney, p. 51).

Beneyto de Santa Marta, que torno esta estoria en françes et que non quiso dexar ninguna cosa de escriuir de lo que fizieron los que çercaron a Troya, et esso mismo de los que la deffendian, segund commo lo el aprendio por Dayres, quierenos agora mostrar de los que se y açertaron de cada uno su semeiança quales eran, ca Dayres, de quien lo el aprendio, andaualos catando, vnos a unos... (ps. 59-60).

En ceste partie dit li contes, & Beneoit qe l'istoire translata le nos tesmoigne, qe cele nuit passa en tel mainiere com je vos ai dit (fol. 98v, Chesney p. 51; a trad. española omite os vv. 19205-19209).

Vv. 5271-5274 Li reis de Perse fu mout granz
e mout riches e mout poissanz.
Le vis ot gras e lentillos;
de barbe e de cheveus fu ros.

Li roi de cerses qi estoit en celle asemblee estoit molt grant et molt riche et molt puissant. Le vis avoit gros et estoit lentilos, les chevels et la barbe avoit rosses (fol. 23, Chesney, p. 53).

El rrey de la Deserta era omne de grand cuerpo, et era omne de grand rriqueza et de grand poderio, et auya el rostro lentigoso et gruesso yaquanto, et auya los cabellos de la cabeça et la barba bermeios que no uistes mas (p. 62-63).

Vv. 5633-5635 Trente e set en ot li vassaus,
Oïleïus Aïaus
de Logres, sa terre demeine.

Horelius et Aiax en amenerent de lor contree demaine XXXVII nes (fol. 34vb, Chesney, p. 54).	Et Caupus et Aias et Elenus aduxieron çinquanta et siete del regno de Logres (p. 68).

Vv. 28329-28330 Focensis aveit non li sire
de la cité e de l'empire.

Li sire de la cité avoit nom Faence, qi avoit en sa subjection tot le roiaume & le pais d'entor (fol. 149v, Chesney, ps. 54-55).	Do estaua el rrey Froteses, que era señor de aquella çibdat et de todo el rregno (p. 361).

28607 Lotophagos → ms. 196 Listorenge (fol. 150vb) → cast. Lotoffegus (p. 364).

Vv. 11845-11847 Eneas vait veeir Heleine,
Polidamas o sei en meine;
ensemble o eus vait Troilus.

Eneas ala veoir dame Heleine, si mena o lui Troielus et Polidamas et Athenor (fol. 57v, Chesney, p. 55).	Eneas et aquellos caualleros que con el estudieran fueron ueer la rreyna Ecuba et las otras dueñas que con ella seyan (p. 135).

Vv. 25593-25596 e 25599-25602 Dit a a peine e enseignié
qu'Apollo est vers eus irié
por son temple, qu'est violez
e laidement ensanglentez
.....
"Alez, fait ele, sis portez
la ou Hector fu enterrez;
sis alumez, e si ardront..."

Elle alor dit a mult grant poine qe les diex Apollin est iriez a els por son temple qi fu si vilment solliés...Si a lor enseignés q'il aillent la ou Achilles fu enterrés et la alument le sacrifice, car iluec ardra sanz faille (fol. 134v, Chesney, p. 56).	Yo uos lo dire, dixo Casandra. Sabet que don Apollo es sañudo et brauo fieramente porque el su templo que era muy onrrado et muy preçiado, fue quebrantado et ensuziado de sangre commo non deuia...Mas si quisierdes que los sacrifiçios sean reçebidos et los dioses pagados ytlos poner ally do yaze Ector, et ponetles el fuego, et sabet que arderan (p. 320).

No poema relátase a embaixada dos gregos a Aquiles e nel o parlamento de Ulises (vv. 19851-19888), vai seguido polo de Diomedes (vv. 19889-19918) e logo di:

Autretel dist reis Ulixes:
cil dui vousissent bien la pais.
Menelau ont mout contredit (19919-19921).

Na traducción castelá é idéntico (ps. 235-237) e remata: "Pves que Diomedes ouo acabada su razon Vlixas otorgo bien con el et amos amauan mucho la paz et conseiauan que la fiziessen et contradezian lo que Menalao dixiera" (p. 237).

Pola contra, no ms. Douce, está abreviado e o parlamento de Ulises é seguido pola aprobación de Néstor: "li roi Nestor dist toz ausi. Ces dui vodroient la pes mult volontiers. Et mult ont contradit Menelax" (fol. 102b, Chesney, p. 55).

Pode haber, ás veces, similitudes, coma no caso da confusión da 6ª e da 7ª batallas, o que leva a varia-la numeración nas seguintes ata volver ó computo normal na núm. 13 (Chesney, p. 57). Isto terá fundamento no feito de se teren feito estas versións sobre mss. que pertencían a unha familia que debía presentar esta confusión[7].

Fóra disto, en conxunto, podemos descartar toda posibilidade de que a traducción española teña coma fonte unha versión en prosa. Con toda probabilidade é versión directa do poema francés, unhas veces máis lograda e outras menos. O que non podemos saber con certeza é que tanto por cento das interpolacións, das pasaxes resumidas, das interpretacións libres, etc., son debidas ó traductor español e que tanto por cento ó copista do ms. francés por el utilizado, pois tamén é seguro que moitas das diverxencias co *Roman de Troie* tiñan que estar no ms. base da traducción.

---

[7] Véxanse outras comparacións entre o poema e as distintas versións en prosa en F. Vielliard, *Le Roman de Troie*, ps. 12-22.

V. A TRADUCCIÓN GALEGA

1. A situación política no séc. XIV.– Poucos anos despois de mandar facer Afonso XI a versión ó castelán do *Roman de Troie,* un nobre galego mandou traducir ó noso idioma esta obra ou, en todo caso, copiala.

O séc. XIV foi unha época clave, de grandes loitas políticas, de revoltas e contrarrevoltas, unha ocasión perdida para chegar á creación dunha verdadeira conciencia galega. É de lamentar a falla de visión realista e práctica dos nosos devanceiros máis poderosos, que case sempre se aliaron ó partido do perdedor nas loitas fratricidas de Castela e contribuíron así á implantación en Galicia dunha nobreza foránea, allea ó galego e impoñedora do castelán.

Foi unha desgracia porque no séc. XIV aínda se daban boas condicións para o desenvolvemento da prosa galega, como demostran as traduccións da *Crónica Xeral* e da *Crónica de Castela*[1], da *General Estoria*[2] e do *Roman de Troie,* amais de fragmentos doutras obras, e textos coma os *Miragres de Santiago*[3]. Se daquela houbese nobres galegos de categoría con conciencia da realidade diferencial que representaba o idioma, seguramente a prosa galega non iría esmorecendo ata a súa desaparición.

Cando xorde a cuestión dinástica entre Pedro I (1350-1369) e Enrique II (1369-1379), os nobres galegos, en xeral, apoiaron a Pedro I na guerra civil, pero o triunfador foi Enrique II, que tomou boa conta e adoptou as medidas oportunas, eliminando ós nobres enemigos e establecendo unha nova aristocracia, moita dela procedente doutras terras e allea á realidade cultural diferencial do noso idioma. Así aparecen os Sarmento en Ribadavia, os Andrade en Pontedeume, os Moscoso en Santiago, os Ulloa de terra adentro, os Soutomaior preto de Vigo, os Lemos en Monforte, os Monterrei, os Maceda, etc. "Esta aristocracia, que necesita espacios económicos e políticos, entrará en conflicto coa Igrexa e co pobo, iniciando o longo período da crise social galega do XIV

---

[1] Ramón Lorenzo, *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla.* Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario. 2 vols. Orense, Inst. de Estudios Orensanos "P. Feijoo", 1975 e 1977.

[2] *General Estoria, versión gallega del siglo XIV.* Edición, introducción lingüística, notas y vocabulario de R. Martínez López. Oviedo 1963.

[3] J. L. Pensado, *Miragres de Santiago.* Edición y estudio crítico. Madrid 1958 (RFE, Anexo LXVIII).

e XV e na que temos que situa-lo fenómeno irmandiño. Esta crise provocará o desmantelamento institucional que levarán a cabo os Reis Católicos"[4].

Da nova aristocracia galega da 2ª parte do XIV, poucos terán interese pola cultura galega, por máis que unha destas familias ten para nós un valor especial, por se-la patrocinadora da *Crónica Troiana*. Refírome a dos Andrade de Pontedeume e, concretamente, a Fernán Pérez de Andrade.

2. Fernán Pérez de Andrade, o Bo[5].– A familia de Andrade adquire xa certa importancia no séc. XIV con Roi Freire de Andrade (morto en 1362), pero serán os seus fillos os que lle darán a máxima importancia: Nuno Freire e Fernán Pérez.

O primeiro marchou a Portugal, onde fixo carreira, chegando a ser Mestre da Orde de Cristus e loitando, ás veces, en Galicia a favor do rei portugués . Entre outras accións acompañou a Fernando I na incursión por Galicia do ano 1369 e foi Gobernador da Coruña ata 1371 en nome de Portugal.

O segundo, Fernán Pérez, quedou en Galicia, coma herdeiro do pai, e soubo medrar á custa dos monarcas casteláns. Nos anos 1315-1316, en que Enrique de Trastámara e Fernando de Castro se coaligan contra Pedro I, Fernán Pérez apoia ó monarca lexítimo e o mesmo fará nos anos seguintes, razón pola que o rei o recompensa coas fregresías de Vilalba, Pontedeume e Santa María de Narahío.

Esta situación cambiará no a. 1366, na que, por esas reviravoltas da política, aparece Fernando de Castro apoiando a Pedro I e Fernán Pérez a Enrique de Trastámara. O final Enrique venceu a Pedro I e soubo recompensar ó seu fiel servidor, a quen lle donou Pontedeume, Ferrol e Vilalba. Desta maneira, pouco e pouco, D. Fernán Pérez foise convertendo nunha das figuras máis importantes de Galicia e non só gozou do favor de Enrique II, senón tamén de Xoán I (1379-1390). Xa vello, morreu no ano 1397, sendo enterrado no sepulcro que se conserva na igrexa de San Francisco de Betanzos, igrexa que el mesmo mandara edificar.

Á parte da súa acción política, Fernán Pérez foi home de grandes empresas. Fortaleceu o territorio con numerosos castelos, coma os de Leboreiro, Moeche, Narahío e Vilalba, así como a Torre de Pontedeume; edificou o pazo de Pontedeume, construíu pontes, coma a deste mesmo lugar, e igrexas, coma a xa citada de San Francisco, en Betanzos, co seu impresionante sepulcro, colocado ó lombo dun oso e dun xabarín, símbolos da súa casa.

Xunto a todo isto, Pérez de Andrade mostrou certo interese pola cultura, pois polo seu mandado se redactou en galego o texto que agora publicamos. Sabémolo porque un dos copistas tivo bo coidado de nos transmitir esta noticia nunhas liñas do folio 100r a que facemos referencia na descrición do manuscrito.

---

[4] X. R. Barreiro, en *Tradición, actualidade e futuro do galego*. Actas do Coloquio de Tréveris. Edición preparada por D. Kremer e R. Lorenzo. Xunta de Galicia, Consellería de Cultura. Santiago de Compostela 1982, p. 53.

[5] Para as notas históricas véxase, José García Oro, *La nobleza gallega en la Baja Edad Media. Las casas nobles y sus relaciones estamentales*. Santiago de Compostela 1981, ps. 124-132; A. Couceiro Freijomil, *Historia de Puentedeume y su comarca*. Santiago de Compostela 1944, ps. 113-176.

3. Descrición do manuscrito.– A versión galega da *Crónica Troiana* consérvase case íntegra no ms. 10.233 da Biblioteca Nacional de Madrid (ant. Ii-67). Consta este ms. dun total de 185 folios en pergamiño, escritos a unha soa columna e non a dúas, como é normal en moitos textos. No estado actual falta o primeiro caderno, que contiña os 8 primeiros folios, polo que a numeración empeza co número 9. No verso hai unha numeración antiga, en números romanos, que debe ser da mesma época do texto e vai do núm. IX ó núm. CXCIII. Modernamente numerouse outra vez no recto, con números árabes, desde o núm. 9 ó núm. 193. Como erro na numeración houbo un salto do núm. CLXXXVIII ó CXC, faltando, polo tanto, o núm. CLXXXIX, sem que isto repercuta na continuidade do texto.

A encadernación é moderna. "Tiene guardas de pergamino y tapas de chagrín verde con hierros, visillos y filetes de oro; en el tejuelo, sobre la piel, se lee: CRÓNICA / TROYANA / EN PORTUGUÉS"[6].

En xeral, o ms. consérvase ben, aínda que algunhas follas sufriron polo paso do tempo, presentando nas marxes cortes ou desgastes, que non afectan para nada ó texto. Así, nos folios 45, 46, 53, 61, 79, 82, 83, 90, 92, 93, 94, 95, 96, 105, 108, 110, 115, 120, 122, 125, 127, 135, 136, 137, 138, 139 e 140. Tamén hai algúns buratos, fóra das liñas escritas, nos folios 28, 39 (2), 41, 42 (5), 43, 44, 45 (3), 50 (2), 51, 52 (3), 55, 59, 61, 65, 90 (2), 92, 94, 95, 103, 104, 105 (2), 110, 115 (2), 124 (2), 129, 132, 133, 152 (2), 166 e 184 (2). Outros buratos están no medio das liñas, pero non repercuten no texto por estaren xa no pergamiño antes de ser escrito. Así, en 13, 18 (3), 21, 22, 25, 39, 42, 43, 45, 52, 59, 61, 63, 98, 114, 135, 141, 154 (2) e 192 (2). Hai cortes nas marxes ou que chegan ata as liñas, sen que dificulten a lectura, nos folios 9, 50, 64, 71, 82, 93 e 161. Por último, as derradeiras 17 follas conteñen manchas á marxe que non afectan ó texto. Si afecta unha mancha no fol. 134r e no fol. 130r lese mal unha palabra por estar carcomido.

As follas de pergamiño non presentan unha total regularidade no seu formato, que é de grande tamaño. "Miden las hojas de 370 á 400 mm. de largo por 260 á 275 de ancho, siendo las más usadas las de 395 por 265. La caja de lo escrito tiene de 285 á 305 por 180 á 195 mm., empleándose más la de 300 por 185"[7]. Para Schiff o formato é de 394 x 270[8].

En canto ó número de liñas de cada folio, Salazar simplifica demais e con erros: "cada plana contiene de 33 á 49 líneas, pero la más usada es la de 34"[9]. A situación exacta é a seguinte: as que máis se usan son as páxinas de 34 liñas, que aparecen 171 veces (de 9r a 40v, de 49r a 93v, de 94v a 99r e en 134r, 136v, 141v, 142r, 143v, 144r e 153r). Despois seguen as de 38 liñas en 40 ocasións (116r, 132v, 133r, 149v, 156v, 158r, 160v, 163r, 164r, 166r, 167r, 168r, 169v, 170r, 170v, 173r, 174r a 175v, 176v a 185v

---

[6] Martínez Salazar, *Crónica Troyana*, I, ps. XIV-XV. O ms. pertenceu ó Marqués de Santillana e despois pasou á Biblioteca do Infantado e do Duque de Osuna (Plut. I. Lit. N, núm. 16; Rocam. núm. 89). Aínda Amador de los Ríos (*Hist. crít.* IV, p. 345 n. 2) e Tubino (*Museo Esp. Ant.* VIII, 1877, ps. 33-63) indican que estaba nesta Biblioteca, da que pasou despois á Bibl. Nacional. Cfr. tamén Marqués de Santillana, *Obras*. Ed. J. Amador de los Ríos, Madrid 1852, p. 608.

[7] Martínez Salazar, *Crónica Troyana*, I, p. X.

[8] *La Bibliothèque*, p. 261.

[9] Martínez Salazar, *Crónica Troyana*, I, p. X.

e 193v), as de 35 liñas 35 veces (114r, 119r a 127r, 129r, 133v, 137v, 138r, 139r, 140r, 140v, 141r, 142v, 143r, 144v, 152v, 153v, 154r, 154v, 159v e 161v), as de 40 liñas 25 veces (101r a 107r, 108v, 113r, 116v, 118v, 129v, 130r, 157r, 158v, 164v, 186v, 187r e 193r), as de 37 liñas 23 veces (115r, 130v, 131v, 132r, 134v, 138v, 147v, 148v, 149r, 150v, 151r, 155r, 156r, 157v, 159r, 160r, 161r, 162v, 169r, 171r, 172r, 172v e 186r), as de 31 liñas 16 veces (41r a 48v), as de 36 liñas 11 veces (114v, 115v, 137r, 145v, 147r, 150r, 155v, 162r, 167v, 171v e 176r), as de 39 e de 41 liñas 10 veces (107v, 108r, 117v, 118r, 131r, 148r, 163v, 165v e 168v de 39; 113v, 166v, 187v, 188r, 188v, 190r a 192r de 41), as de 42 liñas 9 veces (109v a 111v, 112v, 165r, 173v e 192v), as de 33 liñas 8 veces (94r, 99v, 100r, 135v, 136r, 139v, 145r e 151v), as de 32 liñas 4 veces (135r, 146r, 146v e 152r) e, finalmente, aparecen 1 soa vez páxinas con 7 liñas (100v), con 25 (194r), con 44 (109r), con 43 (112r), con 47 (127v), con 48 (128v) e con 49 (128r).

Nesta distribución vese unha enorme diferencia entre a primeira parte do ms. e a segunda, pois nos folios escritos por Fernán Martís hai unha constante uniformidade, case sempre 34 liñas, agás os folios 41r a 48v con 31; os folios 94r, 99v e 100r con 33; o folio 100v con 7; os folios 119r a 127r con 35; o folio 127v con 47, o 128r con 49 e o 128v con 48. No resto do ms., copiado por outro ou por outros escribas, hai unha constante alternancia no número de liñas e rómpese a continuidade.

O ms. está escrito, polo regular, en cadernos de 8 folios e, como xa indiquei, falta o primeiro caderno, correspondente ós versos 1-2078 do *Roman de Troie* e ós folios 1r-7v da traducción castelá (ed. de Parker, ps. 1-19). Esta distribución vaise indicando ó longo do manuscrito, pois cada 8 folios aparecen encadradas na marxe inferior as primeiras palabras con que empeza o caderno seguinte. Sucede isto en 16v, 24v, 32v, 40v, 48v, 56v, 64v, 72v, 80v, 88v e 96v. Esta serie rómpese no caderno seguinte, que só leva 4 folios e chega ata o 100v, no que se despide da historia Fernán Martís, que só ten 7 liñas coas palabras desta despedida, pero aínda así á marxe inferior colócanse as palabras con que comeza o caderno seguinte (sse me fazía negro).

Despois seguen 2 cadernos con 8 folios (coas palabras na marxe inferior os folios 108v e 116v) e un caderno con só 2 folios (117 e 118). Débese isto a que no folio 119r reemprende o seu labor de copista Fernán Martís, que escribe agora un caderno cun total de 10 folios (119r a 128v). Nestes folios volve haber uniformidade no número de liñas, que son 35, a non ser ó final. Parece como se Fernán Martís os escribise despois de ter escrito xa outro copista o folio 129r e seguintes e que se vise obrigado a utilizar 10 folios en lugar de 8 por non lle caber totalmente a parte reservada para si. Vese isto aínda con moita claridade nos dous últimos folios, escritos con letra máis pequena e con moitas máis liñas: 47 liñas o folio 127v, 49 o folio 128r e 48 o folio 128v. Este último coa novidade de ter aínda unha letra máis pequena e de estar escrito cunhas liñas moi apretadas, que ocupan só 3/4 partes da folla pola parte superior, quedando en branco a parte inferior. A partir de aquí xa volve a normalidade, con cadernos de 8 folios e coa indicación das primeiras palabras do caderno seguinte na marxe inferior dos folios 136v, 144v, 152v, 160v, 168v, 176v e 184v.

4. Caracteres gráficos.— A letra do ms. é a francesa, típica dos privilexios do séc. XIV, se

ben non hai uniformidade en todo o texto. A parte escrita por Fernán Martís (folios 9-100 e 119-128) está moito máis coidada "y se distingue de las demás por el paralelismo de los renglones y de los trazos verticales de sus letras y por la equidistancia de los espacios entre palabras y letras: los palos altos y bajos de las que lo tienen, son de mediana longitud, y la s, final de palabra, es muy parecida á la sigma griega en su segunda forma. El rasgo horizontal que adorna el palo de la g, es elegante y sencillo, como también la vírgula de la ç"[10].

O texto está escrito con tinta vermella, coa cor xa esvaída polo paso do tempo, polo que parece que é marrón[10 bis]. As rúbricas tamén van escritas con tinta vermella e as letras iniciais de cada capítulo son capitais, deseñadas moi coidadosamente, unhas veces con tinta azul e outras con vermella, sempre alternando.

A orde seguida no traballo foi a de copiar primeiramente o texto, deixando espacio para colocar máis tarde a rúbrica e a letra capital inicial. No caso da inicial, o espacio sempre resultaba abondo e poucas veces se deixou de escribir por esquecemento do copista. En cambio, no caso das rúbricas dos capítulos é moi frecuente que o espacio deixado fose mínimo e insuficiente e que se coloque o texto de calquera maneira, entre liñas, pola marxe ou ocupando a metade da primeira liña correspondente ó comezo do texto do capítulo.

Os deseños das letras capitais e as rúbricas foron feitos por diversas persoas e, como recordatorio para elas, o escriba do texto tivo sempre coidado de escribir á marxe o contido do título e, ás veces, a letra inicial. Curiosamente, non sempre é fiel a reproducción do contido, pois constantemente hai pequenas diverxencias entre o que se escribiu á marxe e a rúbrica[11].

Fóra do esmero posto no deseño das letras capitais, algunhas de grande beleza, o ms. non presenta miniaturas e só hai algún ornamento especial nos folios 9r, 16v, 17r e 24v, así como no fol. 12r, que ten algunhas letras da última liña ornamentadas pola parte inferior.

En conxunto, o ms. está escrito con coidado, aínda que non aparece exento de erros: ás veces hai omisións por saltos dun lugar a outro, sen que o copista se decate; outras veces o olvido subsánase entreliñando unha ou varias palabras, e mesmo nunha ocasión colocando o texto esquecido nunha das marxes. Como erro máis notorio debemos conta-la falta de todo un capítulo ("Título de las treze prouinçias nombradas que son en la partida de Oriente"), que no ms. castelán aparece engadido á marxe inferior por olvido e que foi incorporado no seu lugar correspondente pola *Historia Troyana*[12].

---

10 Martínez Salazar, *Crónica Troyana*, I, p. X. Tubino di que a "letra es del siglo XV" (*Museo Esp. Ant.* VIII, p. 61), aínda transcribindo o contido do fol. 100. Non se decata de que á data de 1411 lle hai que descontar 38 anos.

10bis Martínez Salazar coidaba que a tinta era negra e por iso reproduce en negro o facsímele, dicindo que "las letras mayúsculas tienen un toque de tinta roja" (*Crónica Troyana*, I, p. XI). Schiff di "écriture du XIVe siècle, jaunie" (*La Bibliothèque*, p. 261).

11 Erroneamente Schiff, *La Bibliothèque*, p. 263, di que "tout le long du manuscrit il y a en marge des notules indiquant le contenu du texte".

12 Parker, *Historia Troyana*, p. 294; Parker, *La versión*, p. 284.

5. O folio número 100.– O folio núm. 100 é dunha importancia capital e por iso xa se ten reproducido parte do seu contido en diversas ocasións[13].

O folio 100r, na liña 21, di "et as coytas grãdes que sofría ẽno[14] coraçõ que cada día", seguido (liñas 21-22) polas palabras "volue esta folla et acharás a estoria", que queren indicar que o relato continúa no folio 101r coas palabras "se me fazía negro et triste".

Despois, o folio 100r segue con 3 renglóns (o terceiro incompleto), enmarcados por unha liña continua de cor vermella, co seguinte contido:

> Sábbean quantos este liuro virẽ que eu, Fernã Martíis, clérigo et capelán de Fernã Pérez d'Andrade, escriuj este liuro des onde sse começa esta estoria ata aquí. Et escriuj aýnda mays outro quaderno en que ha dez follas, que uay acó adeãt (é dicir, os folios 119r-128v). Et scriujo per mãdado do dito Fernã Pérez[15].

O apelido d'Andrade, así como a parte final da terceira liña, fóra do enmarcado vermello, e as 8 últimas liñas do folio 100r foron riscadas, "acaso con la intención de hacer desaparecer del códice el apellido que más distingue al prócer gallego que lo mandó escribir, y las notas biográficas y elogios que el amanuense y capellán Fernán Martís dedicó a su señor, algunos años después de haber escrito el códice y á raíz quizá de su fallecimiento"[16].

Aplicando reactivos xa conseguiron ler estas liñas M. Paz y Melia, Cornu, Salazar e Schiff, aínda que con algúns erros de interpretación. Di así:

> Et sabede que este Fernã Pérez foy fillo de Rroy Freyre d'Andrade, et por mj creede de çerto que a este tenpo que este liuro foy escripto que este Fernã Pérez era o mellor home que auía entõçe en Galiza dos cõde ou rrico home afora. Et sabede que el a este tenpo era home de duzẽtos homes de caualo armados a todo punto. Et era señor da uila da Cruña et da uila de Betãços et da Pontedeume. Et Ferrol et a Pontedeume dérallas el rrey por sua herdade. Et outrossy tãbén era señor de Neda et de Çedeyra et de Santa Marta et de Viueyro et de Uilalua, et de todos seus térmjños de todas estas uilas et luga-

---

[13] Cfr. Martínez Salazar, *Crónica Troyana*, I, ps. XI, XII e XIII; Schiff, *La Bibliothèque*, ps. 261-262; Parker, *Crónica Troyana*, p. VII; J. Cornu, "Estoria Troyãa acabada era de mill et quatroçentos et onze annos (1373)", en *Miscellanea linguistica in onore di Graziadio Ascoli*. Torino 1901, ps. 125-126; H. A. Rennert, *MLN* XVII, 1902, p. 23 (columnas 45-46), que reproduce a lectura combinada de Salazar e Cornu; Mussafia, "Über die sp. Versionen", p. 39, non coñecía o ms. e di que o ms. do Escorial e o galego foron rematados en 1350 e escritos ambos por Nicolás González; o mesmo din T. Braga e C. Michaëlis, no *Grundriss der rom. Philologie*, II, p. 212, se ben C. Michaëlis rectificou despois no *Cancioneiro da Ajuda*, II, ps. 518-519. Tamén Tubino di que as dúas traduccións son de 1350, "cuando acababa de sentarse en el trono de Castilla Pedro I, de todo lo cual se deduce que el códice que gozamos es simplemente un traslado o copia del primitivo o de otro posterior" (*Museo Esp. Ant.* VIII, p. 61).

[14] Schiff, *La Bibliothèque*, p. 261, le "en lo".

[15] Martínez Salazar, p. XI, e Parker, p. VII, les Martis...por (Salazar xustifica a lectura *Martís* na p. X, n. 4); Schiff, ps. 261-262, le: viren...Fernan Martins...Fernan...escriui...vay aco adeant et escriuio...Fernan; Cornu, p. 125, le: viren...Frnan...Frnã...escrivi...adeãte et scrivio...Frnã. En Tubino, *Museo Esp. Ant.* VIII, p. 61, e C. Michaëlis, *Lições*, ps. 369-370, transcrito con moitos erros.

[16] Martínez Salazar, *Crónica Troyana*, I, p. XI.

res, et tãbén das terras chãas en todas estas comarquas, en gisa que quantos homes morauã en tódaslas ditas uilas, bõos et lygeyros et...[17].

O folio 100v tamén presenta na parte superior 10 liñas e media[18] riscadas, que debían continuar coa exposición dos méritos de Fernán Pérez de Andrade e que resultan practicamente ilexibles. "El reactivo aquí empleado no ha hecho reaparecer sino algunos trazos ilegibles"[19], aínda que Schiff consegue ler "mill e quatroçentos et sete?"[20].

Despois desta parte riscada, a metade final da liña 11 e 5 liñas e media máis van enmarcadas con tinta vermella, e nelas lese claramente o seguinte texto:

> Este liuro foy acabado viĩt dias andados do mes de janeyro, era de mill et quatroçẽtos et onze ãnos. Et eu, o dito Fernã Martíis, clérigo, rrogo et peço, porlo amor de Deus et por saluamento de suas almas et en penjtençia de seus pecados, a quantos este liuro uirẽ et oyrẽ, que digan porla mĩa alma hũ Pater Noster et hũa Aue María, aa onrra de Deus Padre et de Deus Fillo et de Deus Spíritu Sancto, que me queyra perdoar, et da Uirgen María, sua madre, que lle rroge por mĩ et por uós que o queyra assy cõprir et outorgar[21].

6. A data do texto e a distribución do traballo.– O contido do folio 100v é moi importante, como vemos, por indicarnos con exactitude a data de terminación da copia: 20 de xaneiro de 1373. Non sabemos canto tempo empregaron Fernán Martís e os seus escribas en escribi-lo texto e poderiamos pensar que a data de 1373 corresponde só á terminación da parte transcrita polo citado clérigo. Non é así e xa con bo criterio Salazar colocou o contido desas 7 liñas ó final do segundo volume da súa edición (p. 206). O que leva a engano é a colocación desa nota no folio 100v e non ó final do libro, no folio 194r, pero as palabras de Fernán Martís son ben claras: "este *liuro* foy acabado".

Hai outro dato que nos confirma esta hipótese. Fernán Martís, como xa se dixo, só escribiu os 100 primeiros folios e logo outro caderno cos folios 119r-128v. O resto do traballo foi obra doutro copista, ou de varios; mais é evidente que o copista dos folios 129r e seguintes comezou o seu labor antes de que Fernán Martís escribise os fo-

---

[17] Lecturas de Martínez Salazar, p. XII: hõm...entõce...hõms...rrico hõms...põnt deũm (2) ...uillalua...terminos...chaas...boos et ligeyros et a...cũas.....; lecturas de Parker, p. VII-VIII: et ueedes que...dos boos ou rricos home(-s-) afora...Ponte Deum (2)...tã ben señor...Çeydeyr(-a-)...Sãta... Uiueyro...se(-us-) terminos...chaas...comarqu(-uas)...boos et lygeyros et a...cũas; Schiff, *La Bibliothèque*, p. 262, le: sauedes que Fernan P. foi...min...certo...foi...Fernan...homen...entonçe...dos grande ou r. homes...duzendos homens...vila...vila de Betanços...Pontdeume (2)...heredade...tanben...Sancta...Villalua...terminos...vilas...tanben...homens morauan...vilas...lygeyros et arredor; Cornu, p. 125, le: Frnã...mĩ...tẽpo...Frnã...homen...homen...tẽpo e. homen...homens...Ponte de Ume (2) ...Çedeira...de Outeyro...terminos de todos e. villas...homens...ligeyros et arredor ẽnas.

[18] Martínez Salazar, *Crónica Troyana*, I, p. XIII, di "once líneas y media".

[19] Martínez Salazar, *Crónica Troyana*, I, p. XIII.

[20] *La Bibliothèque*, p. 262.

[21] Lecturas de Martínez Salazar, II, 266: años...martis...santo; Parker, p. VIII: Martis...almas en...asy; Schiff, p. 262: vynt...quatroçentos...annos...Fernan Martins e. rogo...penitençia...viren et oyren...mina a. hun...huna...espiritu santo...virgen...roge por min...vos...conprir; Cornu, ps. 125-126: viinte...annos...Frnã...penitençia...mĩa...mĩ. En Tubino, *Museo Esp. Ant.* VIII, p. 61, está cheo de erros. C. Michaëlis, *Lições*, p. 370, só reproduce, con erros, ata "anos".

lios 119r-128v, ou, polo menos, ó mesmo tempo, pois este, ante o temor de que non lle coubese todo o texto, nos últimos folios cambia rotundamente a súa norma: en lugar de 35 liñas pasa a escribir, con letra moito máis miúda, 47, 49 e 48 liñas nos folios 127v, 128r e 128v, respectivamente. Neste derradeiro facendo aínda a letra máis pequena e apretando máis as liñas, co resultado de que, ó final, lle sobrou espacio e queda unha cuarta parte do folio en branco.

Aínda hai outra cousa que nos indica esta mesma circunstancia, como xa mencionei: como non lle collía a materia reservada para escribir el, Fernán Martís utilizou para os folios 119r-128v un caderno con 10 follas, en contra da norma establecida para o resto do texto, que consiste sempre en cadernos de 8 follas.

7. **O traductor e o copista.**— ¿Quen é o traductor ó galego do texto? Salazar non se decide: "muy cómodo sería el atribuir a Fernán Martís esta versión gallega de la Crónica Troyana, aun cuando sus subscripciones por sí solas no lo autoricen. El capellán de Fernán Pérez escribió, como se ha dicho y el confiesa, hasta el folio 100-C y desde el 119 al 128 del códice, y el resto lo escribieron amanuenses suyos que no nombra; pero, entre lo escrito por uno y otros, existen, además de las variantes comunes a las lenguas poco cultivadas y de los frecuentes yerros de copia, otras de carácter dialectal, que pudo F. M. ir adaptando al dialecto de su comarca y a su grafía particular, al escribirlo; pero de esto apenas se cuidaron sus amanuenses, ni el maestro se esmeró tampoco en corregirles estas diferencias que rompen frecuentemente la relativa uniformidad gráfica y lingüística que se observa en lo por el escrito, y revelan que por lo menos la parte escrita por los amanuenses no pudo ser traducción de F. M. sino copia de otro códice también gallego, pero escrito en distinta comarca, en el S. o en el O. de Galicia acaso, donde aún hoy se conservan algunas de las formas dialectales empleadas por sus amanuenses. Esta carencia de unidad lingüística en el códice lo avalora más aún para el estudio de la lengua gallega, porque contiene formas quizá de todos los dialectos de la región, las unas literarias, muchas de las cuales se habían perdido y populares las otras, que son las que más se han conservado en la lengua gallega hablada en la actualidad"[22].

Poño esta longa cita porque esta pasaxe resulta moi imprecisa, incongruente e problemática, pois o feito de que haxa diverxencias lingüísticas no manuscrito, non presupón a existencia de dous códices galegos anteriores, moi distintos, un que lle serve de copia ós amanuenses e outro a Fernán Martís. Non ten sentido isto, xa que as diverxencias débense atribuír simplemente ós distintos copistas.

No caso da *Crónica Troiana* galega coido que o traductor e o copista deben identificarse. Non se necesitaban uns coñecementos especiais para comprender un texto castelán case coetáneo e o mesmo copista podía face-las veces de traductor. Fernán Martís, clérigo e capelán de D. Fernán Pérez de Andrade, que "era ya considerado por sus convecinos como un verdadero *Magister scriptori* y lo buscaban para escribir o copiar documentos de importancia"[23], debía posuír categoría abondo para emprender esta tarefa. Con el traballaban outros amanuenses, que debían realiza-lo traballo independente-

[22] *Crónica Troyana*, I, p. XIV.
[23] *Crónica Troyana*, I, p. XIV, n. 3.

mente. Isto aclara as diferencias gráficas e lingüísticas. Máis ca pensar nun códice anterior procedente doutra zona dialectal galega, como di Salazar, o que debemos supor é que os varios copistas procedían de diferentes zonas dialectais galegas. Fernán Martís procede dunha zona con características lingüísticas tipicamente galegas frente as características portuguesas. O copista ou copistas da segunda parte alternan resultados tipicamente galegos con resultados comúns ó galego e ó portugués, pero para estes resultados non fai falla pensar nunha procedencia meridional, pois na mesma zona noroccidental de Galicia hai unha comarca actual que aínda presenta algunhas destas características medievais e non queda moi lonxe do lugar onde se escribiu o texto galego. Dela procedían seguramente estes escribas[24].

[24] C. Michaëlis acerta plenamente cando di que "trabalharam nêle diversos copistas: provàvelmente subordinados, de Fernão Martins, como chefe do escritório do magnate galiziano Fernão Peres de Andrade, que a meu ver são os próprios tradutores, visto que se distinguem não só pela letra, mas sobretudo pelas formas dialectais de que se serviram" (*Lições*, p. 369).

VI. A LINGUA DA "CRÓNICA TROIANA" E AS DIFERENCIAS ENTRE OS COPISTAS

1. **O galego e o portugués.**— En diversas ocasións falei do problema do galego e do portugués na época medieval e non vou repetir aquí o que xa teño dito[1]. Penso que está abondo demostrado que desde o comezo da literatura medieval hai unha dirección galega e unha dirección portuguesa, cunha serie de pequenas diferencias na fonética, na morfosintaxe e no léxico. Partindo dunha unidade primitiva no N., por evolución común, desde o séc. XII a separación política fixo que os dous troncos seguisen modelos diferentes. Na época de xestación dos dous idiomas non sempre se chega a unha única solución, pois constantemente vemos nos primeiros escritos varias posibilidades, pero como houbo axiña unha independencia entre as dúas zonas, as dúas linguas en moitos casos adoptaron finalmente unha solución diferente. Isto non sucede na época moderna, está xa na época medieval e moitas veces asistimos á configuración destas diferencias lendo os textos escritos do XIII ó XV.

Xunto a unha boa serie de elementos idénticos nos textos galegos e nos portugueses, hai outra boa serie de elementos diverxentes, debido a que, por evolución fonética, se chegou a dúas ou máis solucións e, en vez de se decidiren as dúas linguas pola mesma solución final, o que fixeron foi adoptar unha forma distintiva e diferente. Neste caso, polo xeral, o galego é máis innovador, especialmente nos verbos, pois o portugués case sempre queda coa forma fonética máis etimolóxica.

Cando fixen a edición de *Crónica Xeral* e da *Crónica de Castela*[2], xa falei do que os lingüistas consideran típico galego e típico portugués[3]. Téñense en conta, entre outros,

---

[1] Cfr. "Gallego y portugués. Algunas semejanzas y diferencias", en *Filología y didáctica hispánica. Homenaje al Profesor Hans-Karl Schneider.* Hamburg 1975, ps. 155-175; "Limiar" a Afonso X, o Sábio, *Cantigas de Santa Maria,* editadas por W. Mettmann. Edicións Xerais de Galicia. Tomo I, Vigo 1981, ps. 7-13.

[2] *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla.* Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario. 2 Vols. Orense, Inst. de Estudios Orensanos "P. Feijoo", 1975 e 1977.

[3] Cfr. Vol. I, ps. XXVI-XXXVI; tamén R. Rübecamp, "A linguagem das Cantigas de Santa Maria, de Afonso X, o Sábio", *BF* I, 1932-1933, 273-356; J. de Morais Barbosa, "La langue de la Chronique de Castille (ms. 8817 de la Bibliothèque Nationale de Madrid", *BF* XIX, 1960 (Actas do IX Congr. Int. de Ling. Rom. II), ps. 151-158 (esp. 152-153).

o resultado do latín *regina*, do latín *te*, da desinencia de 2ª e 3ª persoas sing. do perfecto, alternancia *b/v*, alternancia *ai/ei*, alternancia *oi/ui*, terminacións *-ales*, *-anes* e *-ones*, terminación *-dũe*, terminación *-emento*, solucións léxicas, confusión de *s/ss*, representación de *ñ* e *ll*, etc.

De acordo con todo isto podemos dicir coa máis completa seguridade que a *Crónica Troiana* é un texto galego e non portugués, tanto na parte escrita por Fernán Martís coma na parte escrita polos seus escribas. De todos xeitos, podemos establecer unha perfecta separación entre a parte escrita polos distintos copistas. O resultado desta confrontación é o que aparece nas páxinas seguintes.

2. Parte escrita por Fernán Martís.– A parte escrita por Fernán Martís está algo máis coidada cá parte escrita polos outros escribas, pois presenta menos erros de traducción, menos elisións do texto, por salto dun lugar a outro, e tamén atende máis á non confusión de certas grafías que representan nun principio fonemas diferentes.

Dentro do que é galego e do que é portugués, Fernán Martís mostra unha preferencia clara polos resultados típicos galegos. As veces, no texto poden alternar algo as formas galego-portuguesas e as formas exclusivas galegas, pero aínda así case sempre con preferencia pola forma autóctona nosa. Analisando os distintos fenómenos lingüísticos, témo-lo seguinte panorama:

2.1. Alternancia ai/ei.– Frente á forma portuguesa *raínha*, a única forma utilizada é a galega *reiña* (coa grafía *rreyña* 47.25, 83.2, 127.273, 165.4,7, 166.2, 226.4, 239.6, 313.3,19, etc.; coa grafía *rreyna* 49.4, 83.2, etc.).

Xunto ás formas *sayr* (116.68, 132.12, 206.6, 233.15, 293.40), *saydes* (193.26), *saya* (14.6), *sayan* (24.8, 115.16, 116.45, 190.10, 204.27), *sayã* (159.62), *sayo* (126.54, 175.2, 204.9), *sayosse* (121.108), *saeu* (114.17), *sayrõ* (187.3), *sayra* (192.13), *saysse* (222.8), *sayssen* (116.40), *ssayda* (197.11) e *saydas* (219.7), dominan os casos con *ei*: *seyr* (45 veces), *seydes* (121.119), *seya* (6 veces), *seyan* (9 veces), *seyanlles* (197.8), *sey* (10.11), *seyeu* (6.5, 233.16), *sseyeu* (177.16), *seyo* (32 veces), *seyoa* (200.3), *seyolle* (134.25-26, 157.17), *seyosse* (9 veces), *seyose* (121.129), *seyosselle* (116.84), *seyrũ* (3.8), *seyrõ* (34 veces), *seyrõsse* (5 veces), *seyra* (3 veces), *seyrã* (43.10), *seyrey* (122.4, 164.7), *seyrá* (232.32, 238.12), *sseyrá* (4.19), *seyremos* (4.24, 26), *seyría* (196.18), *seyriades* (233.23), *seyría* (153.40), *seisse* (114.4), *seysse* (9 veces), *seyses* (314.22), *seysen* (120.14), *seyssen* (5 veces), *seyrẽ* (4.16), *seyde* (23.30, 121.80), *seydeuos* (121.128), *seyda* (318.2), *seydas* (3 veces), *seydo* (42.3, 87.3), *seydos* (49.17) e *seyndosse* (106. 111).

Tamén aparece *rreyz* (68.2) e alternan *traytos* (116.153) e *treytos* (205.9). Coma únicas formas aparecen *baylaua* (209.4), *parayso* (198.43), *rretrayan* (205.70), *trayçõ* (6.134,136, 17.12, etc.), *trayções* (209.19) e no imperf. *caya* (209.6, etc.), *cayan* (97. 11, etc.). Tamén é exclusiva *aynda* (2.18, 5.17, 6.135, etc.), que ten a variante *aynde* (47.13, 294.19).

2.2. Forma te/che.– Xunto á forma *te* (23.14,15, 35.5,6, 51.24, 92.3, 108.37,39, 122.15,

314.7,11, 315.8,14; *dizerte ey* 226.11, *doute* 108.38, *mãdate* 100.8, *pídote* 35.18, *quérote* 35.13, *rrógote* 229.16, *uéiote* 139.5), común nun principio ó galego e ó portugués, atopamos xa a innovación galega *che* (35.27, 205.32, 229.18,20, 315.8,9,15,17, 18; *dizerche ey* 315.6, *deche* 139.7, *nẽbreche* 314.20) e tamén *cho* (229.20, 315.11).

2.3. Resultado da desinencia -sti.– A desinencia *-sti* da 2ª persoa de sing. do perfecto aínda pode estar representada pola forma máis achegada ó latín, como segue a suceder no portugués: *acordaste* (139.7), *andaste* (139.5), *desçendiste* (127.24), *enviaste* (314. 8), *fezeste* (314.7,9) ou *feziste* (127.22, 2 veces), *fuste* (23.15), *ouueste* (139.4), *passaste* (309.60), *prometiste* (314.22), *quebrãtaste* (314.8), *tomaste* (315.7). Xunto a estas formas máis normais dos primeiros tempos do idioma, aparecen outras nas que se representa xa o proceso de palatalización que se estaba a producir e que deu lugar á peculiaridade das formas modernas: *enviasche* (314.23), *faleçische* (314.23), *matasche* (315.10).

2.4. Terceira persoa dos pretéritos fortes.– Frente ó portugués, que ten desinencia *-e* ou *-cero (soube, fez, esteve, prouue, quis,* etc.*)*, F. Martís utiliza case exclusivamente a desinencia normal do galego en *-o: adusso* (35.33, 88.8,11,12,13,21,27,28,33,35, 91.5, etc.), *antepósosse* (127.4, 204.45), *cõtradisso* (206.17), *coubo* (58.10), *desfezo* (127.165), *deteuo* (177.15), *dysso* (25.5,9,10, etc.), *dyssome* (25.14,21, etc.), *dyssolles* (25.5), *djsso* (41.37), *disso* (1.12, 2.34, 4.2,5, 6.90,131, 17.37, etc.), *díssolle* (2.16,25, 29,37, 17.27, etc.), *díssolles* (6.118), *esteuo* (6.42), *fezo* (1.12,13, 2.15,42, 4.10,29, 6. 35,59,124, 7.9,25, 9.12, etc.; máis de 190 veces), *fézoas* (115.12), *fézoo* e *fézoos* (varias veces), *fézolle* (13.12), *jouuo* (51.38, 133.20, 212.10, 315.2), *ouuo* (1.7, 2.42, 4.2, 5.21, 6.2, etc., con máis de 230 casos), *podo* (6.36,46,102,146, 11.3, 24.6, etc.; en total 55 veces), *poso* (75.4, 116.80, 121.52,61, 127.87, 128.19, etc.; 20 veces), *pósoas* (115.13), *pósoo* (127.68, 233.10), *pósolle* (117.6, 127.281, 128.30, 130.13), *prougo* (6.15, 112.13), *próugolle* (33.5, 40.4, 129.31, 232.28), *próugolles* (135.6), *prouuo* (45.14, 152.193, 201.7, 212.9), *próuuolles* (19.11, 95.4, 188.3), *próuuolle* (1 vez), *quiso* (2.22, 3.4, 7.25, 25.21, 36.13, 47.29, etc.; teño anotados 36 casos), *quisso* (177.34), *quísolle* (2 veces), *rretéuoos* (124.7), *soubo* (6.98,144, 8.3, 40.11,22,23, etc.; 28 veces), *ssoubo* (202.15), *teuo* (48.10, 77.17, 107.6, 121.143, 124.9, 136.77, 224.6, 297.3), *téuosse* (49.21, 121.153, 127.59), *téuoos* (127.260) e *touo* (6.83, 108.49), *tóuollo* (222.3-4), *trouxo* (48.11, 87.2, 88.4,9,21,22,25, 212.8, etc.; 18 veces) e *trouuo* (88.3).

Só ocasionalmente aparecen *fez* (25.2, 39.12, 89.31, 159.65) e *quis* (224.7).

2.5. Terceira persoa dos pretéritos fracos da 3ª conxugación.– O texto de F. Martís non presenta formas rematadas en *-iu*, todo o máis o que ten é algunhas rematadas en *-io*, seguindo a tendencia normal do galego a remata-las palabras en -o. Así: *bastío* (306.21), *cobrío* (159.45), *ferío* (157.76, 171.29, 204.103), *oyo* (6.2,141,150, 15.15, 31.2, etc.; 25 veces), *partío* (111.15, 305.35), *partíosse* (171.17), *rrecodí[o]* (127.55), *sentío* (234.76), *sayo* (126.54, 175.2, 204.2), *sayosse* (121.108), *seyo* (49.11, 108.43, 116.116, 121.25, 123.2, etc.; 32 veces), *seyoa* (200.3), *seyolle* (134.25-26, 157.17), *seyosse* (48.10, 106. 10, 121.49, 121.59,87,131, 141.92, 159.24, 234.77), *seyose* (121.129), *seyosselle* (116. 84). Estas formas están aínda hoxe vivas na área fisterrá[4].

[4] Cfr. A. Santamarina, "Dialectoloxía galega: historia e resultados", en *Tradición, act. e fu-*

Xunto a ela, aparece coma forma máis utilizada a rematada en *-eu*, típica hoxe da maior parte do galego occidental[5]: *cobreu* (159.59), *cobreuse* (130.19), *cobreusse* (127. 253, 205.82), *departeu* (121.52), *espedeusse* (40.27, 199.2), *espedéusselle* (203.32), *fereu* (6.6,86, 108.15, 127.287, 128.19, 133.16, 136.86, 137.6, 141,6, etc.; 28 veces), *gorneu* (198.4), *mẽteu* (77.16, 199.14), *oyeu* (127.337, 144.6, 148.2, 217.2), *oieu* (47. 26), *oeu* (230.2), *parteu* (117.6, 118.23, 127.286, 137.7, 141.128, 142.35, 151.3, 157. 25, 177.20, 204.79, 205.39, 218.7, 313.19,30), *parteusse* (135.2, 138.2, 142.14, 158.21, 203.32-33), *parteulle* (171.35), *pedeu* (50.9, 173.6, 225.6, 232.22), *senteu* (152.83,130, 205.90, 207.6), *senteusse* (130.20, 141.91), *serueu* (204.54), *seyeu* (6.5, 233.16), *sseyeu* (177.16), *saeu* (114.17), *sobeu* (127.29,163), *uesteu* (20.4, 198.6), *vesteusse* (198.5).

2.6. Perfecto dos verbos da 2ª conxugación.– En relación co resultado anterior está a forma do perfecto dos verbos en *-er*. O normal é a terminación *-eu*, como en *acaesçeu* (5.15, etc.), *acõteçeu* (117.23), *acorreu, aprendeu, atordeçeu* (136.86-87), *caeu* (6.64, 171.135, etc.) ou *cayeu* (127.255, 128.32, 152.129, 204.150), *cometeu, cõtesçeu* (150. 42), *creçeu* (103.2, 127.250, 136.57, 141.67), *deçeu* (145.14), *deçeusse* (141.108), *desçeu* (203.20), *defendeu, desçendeu* (127.50, 157.20, 306.44), *deçẽdeusse* (108.17), *doeu, enbrusqueçeu, ensandeçeu, entendeu, entristeçeu, ergeu, escolleu, estendeu, fendeu, gorneçeu, gradesçeu, mereçeu, meteu, morreu, moueu, naçeu, paresçeu* (22.3), *perdeu, prometeu, rreçebeu, rrespondeu, rreuolueu, sofreu, tendeu, tolleu, ualeu, uẽçeu* (75.20), *uẽdeu, uolueu* (47.26, etc.). A forma *cõquereu* (121.89) pode corresponder a un infinitivo *conquerer* ou *conquerir*, pois este verbo alterna no texto, e a forma *çengeu* (179.21) tamén pode representar un infinitivo *çenger* ou *çengir* (ningún deles aparece).

Por outra banda, paralelamente ó que sucede coa terminación *-io* nos verbos da 3ª conx., algúns verbos da 2ª teñen a forma en *-eo*. Así: *goresçeo* (207.6), *meteo* (152.81), *moueo* (294.60), *rreçebéome* (108.22), *rrespondeo* (121.115), *ualeo* (127.160), *ujueo* (71.3), *uolueo* (180.9) e *uoluéosse* (311.84).

Por último, se nos verbos da 3ª conx. hai a tendencia a unha forma en *-eu*, nos da 2ª, inversamente, dase a tendencia contraria, como sucede hoxe tamén nalgunha zona galega[6], e por iso aparecen formas do tipo *cayo* (204.52,79, 232.51. 237.4), do verbo *caer*, e *ualjo* (97.17).

No verbo *ver*, para o que o portugués ten *viu*, F. Martís utiliza case exclusivamente a forma do galego occidental: *ueu* (5.8, 6.42,45,52,56,71,85,144,149,150,151, etc.), *veu* (6.5,47,72,151, 17.2, etc.). Xunto a estas dúas formas gráficas aparece *ueo* (108.14 e 130.21), *veo* (116.104 e 171.65). Só nunha ocasión témo-la variante *vío* (172.25). Estas formas están claramente separadas da que lle corresponde ó verbo *vir*, que é sempre *uẽo* (10.5, etc.) ou *vẽo* (5.18, 87.3, etc.) e 1 vez *ueo* (127.19). O mesmo nos compostos: *auẽo* (6.129, 24.2, 25.5, 142.7, etc.) e *aueo* (152.160), *cõuẽo* (231.64), *cõuẽome* (309. 43).

No verbo *dar* (da 1ª conx.) tamén hai alternancia na 3ª persoa. Xunto a *deu* (6.50,

---

turo do galego, ps. 172, 179, 180 e 181; F. Fernández Rei, "Bloques e áreas lingüísticas do galego moderno", *Grial* XX, núm. 77, 1982, ps. 273, 284.

[5] Cfr. A. Santamarina, *Tradición*, p. 181; Fernández Rei, *Grial* XX, p. 271.

[6] Cfr. A. Santamarina, *Tradición*, ps. 172, 181; Fernández Rei, *Grial* XX, ps. 271, 273, 284.

51,81,162, etc.), *deulla* (7.22), *deulle* (6.53,58,62,82,108,165, etc.), hoxe portuguesa e galega, que é maioritaria, aparece *dou* (204.103, 212.9, 226.15, 306.14), *doulle* (232.50, 234.31), típica hoxe de moitas partes da Galicia occidental.

2.7. Encontro de formas do perfecto co pronome persoal.– Cando unha forma do perfecto vai seguida das formas do pronome *o, a, os, as,* pode permanecer inalterada ou pode haber contracción das vocais en contacto por asimilación entre elas. Esta contracción resulta abondo normal en textos do N. e do S. do Miño para os verbos da 2ª conx.: *-euo* > *-eo*. O que é típico de F. Martís é que esta contracción se fai en tódolos casos e con tódolos verbos. Así, xunto a *colleo* (159.46), *cometeos* (134.13, 136.97), *coñosçeo* (129.31), *defendeos* (159.48), *goreçeo* (6.59), *gradesçeo* (205.71), *prendeo* (156.32), *rreçebeo* (6.14, 49.14, 159.55) e *rreçebeos* (18.7, 24.18, 292.18), que son comúns a textos do N. e do S., hai formas exclusivas galegas en perfectos da 3ª conx.: *cobreo* (108.19), *fereo* (116.84, 141.10), *fereos* (127.99) e *parteo* (98.4). O mesmo sucede cando conservan a forma en *-iu: ferio* (152.169, 159.21, 311.34), *partios* (142.28), *scriujo* (Ap. 3). Tamén coas formas dos verbos *ver* e *dar: vio* (159.16), *deo* (6.89, 128.33, 152.79, 171.37, 204.53, 205.14).

Cando se une ó pronome feminino a forma é máis complexa, pois engádese o pronome a unha forma rematada en *-o: deçéoa* (203.31), *defendéoha* (118.17), *gorneçéoas* (2.43), *metéoa* (152.133), *partéoas* (224.12-13), *rreçebéoa* (50.10), *seyoa* (200.3).

Nos verbos da 1ª conx. tamén é típica e xeral a contracción: *-ouo* > *-oo*, *-oua* > *-oa*. Así: *abraçoos* (292.18), *achoo* (52.5), *achoos* (135.3), *ajudoo* (127.307), *alcãçoo* (157.15), *andoos* (55.6), *apresuroo* (141.45), *catoo* (23.12), *chagoo* (6.50,88, 129.12, 136.85, 141.24, 152.128, 157.5,105, 231.24, 232.50-51, 305.43), *cõproo* (306.38), *derriboo* (6.88, 205.24-25), *desamoo* (121.154), *desmãchoo* (157.15-16), *deytoo* (128.31, 157.105), *envioo* (205.67), *envioos* (224.8), *leixoo* (157.91), *leuoo* (178.4), *leuoos* (305.34), *liuroo* (234.17), *mãdoo* (168.8), *mãdoos* (108.48), *matoo* e *matoos* (179.50), *preçoos* (232.29), *puxoo* (6 veces), *sacoo* (127.68, 156.33), *saluoo* (20.13), *tomoo* (6.89, 127.68, 136.69, 229.13), *tomoos* (121.86), *tornoo* (232.22), *cõfortoo* (52.7) e *abraçoa* (160.9, 202.18), *desmalloa* (157.105), [*e*]*sforçoa* (313.17), *mãdoa* (51.37), *tomoa* (47.34, 227.18, 234.74).

Coas terminacións *-ey, -oy* non se fai contracción: *ameya* (21.11), *foyo* (6.45, 232.4, etc.), *foyos* (6.5,74, etc.), etc. Por iso corrixín en *ache*[*y*]*o* (25.12) o inusitado *acheo* do manuscrito.

2.8. Encontro do imperfecto co pronome o *e outras palabras con* -ao.– No galego falado moderno é característica a asimilación do *-a* final do verbo ó pronome *o*, coa conseguinte reducción vocálica (*ao* > *oo* > o). Esta asimilación xa aparece en diversos casos no texto de F. Martís: *amáuoo* (77.12, 127.79), *chagároos* (311.28), *criároo* (152.180), *leuáuoo* (127.340) e *onrráuoo* (234.60). Máis normal é a forma primitiva: *amáuao* (234.60), *envíao* (39.17), *faziao* (6.40), *forçáuaos* (42.6-7), *menáuaos* (136.99), etc.

Fóra do verbo, esta asimilación aparece tamén en *órfõo* (227.10), precedente do actual *orfo* (port. *órfão*), *órgõos* (210.9) e *oõtado* (48.10), *oõtados* (138.6, 182.8, 293.24). No último caso o normal é que apareza *aontado* (171.133, etc.), *aontados* (166.6,

etc.). Non hai casos de contracción da prep. *a* + artigo *o* (sempre *ao*) e só aparece dúas veces *á* por *aa* (*á agia* 210.22, *á espada* 157.18).

2.9. Palatalización de formas verbais.– Frente ás formas do port. *fiz* e *quis*, no texto de F. Martís aparecen xa *fige* (21.13, 29.30, 203.8, 309.5,7,8,19,25) e *quige* (309.47), antecedentes inmediatos dos modernos *fixen* e *quixen*. Esta palatalización, que empezou pola 1ª persoa e despois se propagou ás outras, aínda non afecta ás formas *fezestes* (6. 92), *fezeron* (6.22, etc.), *fezera* (6.56), *fezeran* (2.37, etc.), *fezesse* (2.7. etc.), *fezesemos* (98.29), *fezessen* (2.12, etc.) e *fezermos* (3.38), *quiserõ* (2.5), *quiseron* (3.9), *quisesse* (21.15), *quiser* (3.26), *quiserdes* (22.11) e *quiserẽ* (4.28).

No verbo *dizer* é diferente, pois a palatal procede de *x* latino, pero o importante é que no noso texto aparece exclusivamente a forma *dixe* (31.6, 121.23, 133.44, 158.13, 198.18), *díxelle* (25.13). Nos textos portugueses xa empeza a alternar esta forma con *disse* na época arcaica. As outras formas non están afectadas pola palatalización: *disserõ* (1.3, 2.7, etc.), *dysserõ* (25.16, 233.3), *diserõ* (15.4), *dissesse* (7.3, etc.) e *disser* (8.20).

Finalmente, no verbo *trager* tamén procede de *x*, polo que coinciden as dúas zonas lingüísticas en casos coma *trouxerõ* (7.31,33, 88.5, etc.), *trouxérõme* (25.17), *trouxérõno* (34.16), *trouxerã*, *trouxer* (31.8,14), *trouxesse* e *trouxessen*. O importante é a utilización exclusiva por F. Martís dos xa citados *trouxo* e *trouuo* (cfr. VI,2.4), forma coa que se relaciona *trouueron* (52.20, 110.51).

2.10. Outras formas verbais.– Nas formas verbais utilizadas, F. Martís presenta moitas veces as máis etimolóxicas, que, en xeral, permanecen sempre en portugués e que en galego puideron sufrir transformacións posteriores pola actuación da analoxía no sistema verbal, cousa que levou a unha profunda diferenciación dos dous troncos. Así, en *diz* (1.1, 8.13, 17.2, etc.), *faz* (32.11, 73.4, etc.), xunto a *fázelles* (215.7), *faço* (2.38, 4.28, 15.13, etc.), *faça* (27.11, etc.), *faças*, *façamos*, *façades*, *façan*, *jaz* (110.47, etc.), *posso* (10.19, 37.13, etc.), *poderã* (6.128, etc.), *possa* (6.126, 127.339, etc.), *possas*, *possamos*, *possan*, *podesse* (238.16, etc.), *pergo* (port. *perço*) (313.12, 315.15), *pergas* (315.12), *traga* (154.16), *tiue* (121.72), *ualla* (108.21, 185.17, etc.).

Noutros casos aparecen xa formas especiais. Así, a carón de formas con *e* do tipo *teuestes* (17.12), *teuerõ* (110.95), *teueron* (6.21, 28.41), *teuerõno* (99.27), *teuérono* (127.263), *teuera* (127.316), *teuerades* (216.7), *teuesse* (62.4), *teuessedes* (34.10), *teuessen* (51.38) e *teuerdes* (34.21, 98.50), dominan os casos con *o*: *touestes* (165.13), *toueron* (5.2, 17.24, etc.; 11 veces), *touerõ* (134.10), *touérono* (34.15), *touera* (142.11), *touesse* (108.25, 209.52, 301.5), *touessedes* (29.32), *touessen* (93.9, 101.5, 126.9, 164. 6, 186.8), *touer* (4.19, 26.12, 187.11), *toueres* (29.22), *touerdes* (17.19-20, 47.47-48, 54,55, 98.43-44, 184.13, 187.9, 188.5, 216.31) e *toueren* (41.41, 221.11). O mesmo acontece con *mãteueron* (133.28) e *mãteuessen* (126.3), xunto a *mãtoueron* (116.42), *mãtouérona* (126.48-49) e *mãtouesse* (152.33), e con *esteuera* (178.6), *esteueran* (165. 4), *esteuesse* (126.5) e *esteuessen* (212.4), xunto ós máis usuais *estouemos* (25.7), *estouerõ* (152.7), *estoueron* (112.3, 137.17, 166.12,16), *estouera* (145.7, 178.8), *estoueran* (175.4, 299.10), *estouesse* (8 veces), *estouessemos* (113.23), *estouessen* (5 veces) e *es-*

touermos (127.212). Tamén atopamos *ateuesse* (127.224) e *deteueran* (229.7); frente a *tiue* (121.72) a forma *detuue* (309.65).

Hai formas que se afastan do tronco primitivo e adoptan total ou parcialmente a forma moderna galega. Así, xunto a *pude* (309.40), forma aínda hoxe portuguesa, xa *poyde* (25.11, 29.12); xunto a *peço* (47.48, 221.12, Ap. 15), *péçouos* (200.26), hoxe forma portuguesa, aparecen *pídote* (35.18) e *pidades* (17.28) do galego normal. Con alternancia vocálica aparece *peden* (35.22, 293.65).

Non se atopan formas do verbo *escrever* (port.) e si exclusivamente de *escrivir* (gal. mod. *escribir*): *escriuir* (55.4, 57.6, 90.10), *escriuí* (Ap. 2, 2 veces) e *scriujo* (Ap. 3). Aínda que non na mesma proporción, tamén no verbo *dizer* (2.34, etc.; *dizemos* 42.10, etc.) aparecen diversas formas que fan coidar no cambio posterior de conxugación no galego moderno: *dezía* (2.34, 17.25, 18.10, 25.24, etc.; 36 veces), *dezíalle, dezíalles, dezían* (2 veces), *dezíã* (1.8, 35.4, 38.6, etc.; 67 veces), *dezíãlle* (3 veces), *dería* (32.11, 64.4, 75.26, 77.9, 165.8), *deríã* (164.4,5), xunto a *diría* (152.68). Nos compostos: *cõtradezíã* (193.12) e *cõtradizíã* (304.3), *maldezía* (51.17, 238.2,6), *maldezíã* (239.10-11) e *maldizíã* (197.9).

Son tamén interesantes as formas *cómeas* (127.21), xunto a *comamos* (188.8); *oyue* (21.10, 40.7, 94.10, 309.6, 2 veces) e *soybe* (47.36, 294.6), a extraña *aio* (32.12, 216.32), *ajo* (157.8), xunto ó normal *ey* (4.31, etc.), que está en relación co subx. *aja* (181.16). No subx. de *saber* alternan os normais *sayba* (238.15), *saybades* (98.9) e *sayban* (100.16) coas formas *sábea* (31.5, 35.6, 101.21, 294.5), *sábeas* (35.10), *sabeades* (11.19), *sábeã* (161.14) e *sábbean* (Ap. 1).

Tamén hai alternancias noutros verbos. No verbo *fazer* as variantes do imperativo *fays* (139.7) e *faz* (185.33); no verbo *prazer*, xunto ós normais *prazíalles* (50.13), *praza* (95.16, 102.5), as variantes *praz* (23.18, etc.) e *plaz* (202.4), *prouuer* (3.43, 20.16, 22.11, etc.) e *prouger* (47.45, 185.22), *prouuesse* (2.41, 141.107, etc.) e *prougesse* (33.8, etc.). No verbo *ser* alternan *sõo* (2.18, 10.9, etc.) e *soo* (10.20), *seerey* (2.39, 10.22, etc.) e *serey* (10.6, 17.35, etc.), *será* (4.14, 8.9,12, etc.) e *seerá* (4.15, 31.18, etc.), *sería* (10.20, etc.) e *seería* (2.19, 6.160, etc.). Xunto a elas *serás* (6.134), *seremos, seeredes, serã, sería* e *seede* (4.21, etc.). No imperativo aparece *sey* (23.17, 315.18) e co valor de *sedere* latino *sija* (6.38, etc.) e *seuesse* (143.11). No verbo *valer*, xunto a *ual* (3.33, 26.16, etc.) interesan as formas *ualuera* (311.104-105) e *ualuesse* (48.14), *ualrrás* (315.5) e as alternancias *ualrrá* (3.39, 35.19, etc.) e *ualerá* (47.52), *ualrría* (28.20, 132.20, etc.) e *ualería* (26.11). Finalmente, no verbo *viuer* (10.18, 58.9, etc.), xunto a formas normais coma *ujuẽ* (292.15), *uiuamos* (3.38), *viuerã* (6.78), *uiuerã* (10.22), hai disimilación en *veuja* (292.14), *ueuja* (55.8) e *veujã* (65.5).

Entre o resto dos verbos podemos lembrar algúns: *aduzer* (33.10), coas formas *adussestes* (18.21), *adusserõ* (33.9-10), *adugamos* (3.27), *aduserdes* (17.35) e *adusserẽ* (28.26); *asconder* (5.14), *asconden*, etc.; *auẽerõ* (8.5) e *aueerõ* (182.5); o imperativo *aue* (226.11), de *aver;* as diferentes formas do verbo *caer; cobijçar* (202.42), etc.; *cofonder* (6.120, 150.5, etc.), *cofondía* (231.69, 234.92, etc.), *cofonderõ* (34.8), *cofonda* (23.25, etc.), etc.; *cõbater, cõbatẽdo* (127.322), etc.; *cõprir* (Ap. 19), *cõpre* (28.35, 32.15, 109.6, etc.), *cõpría* (151.3, etc.), *cũpra* (27.24, 181.15-16, 293.20), *cũpla* (150. 33), *cõprida* (7.34, etc.), *cõplidas* (180.30), etc.; as formas *cõuerrá* (4.12, 47.52-53,

133.56), *cõuẽera* (193.19) e *cõuẽéralle* (215.11); *creo* (4.5, 302.23 e *creerdes* (4.6-7); *dou* (10.7, etc.), *dedes* (20.20), *demos* (22.20), *den* (39.17), etc., de *dar; deterríasse* (209.52); *doya* (234.77), *doyades* (17.19) e *doyan* (142.42); *espedírõsse* (189.13, 311. 13); *estés* (6.133) e *estén* (122.5); *feyrades* (127.224); *jouueran* (218.11); *mãterría* (110.17); *morrer* (6.92), *moyramos* (26.15), *moyra* (10.21), etc.; formas exclusivas de *oír* (*oyr, oymos, oydes, oya, oyan, oy, oystes, oyrõ, oyra, oyrã, oyrey, oyredes, oyriades, oysse, oyssen, oyrẽ, oyde, oyndoo, oydo* e *oyda*, xunto a *ouça* 8.20, 19.17).

Do verbo *poer* (3.30, 155.2) ou *põer* (13.14, etc.), amais das citadas, hai as formas *poserã* (10.7), *poserõ* (5.4), *porrey* (26.35), *porrá* (185.26), *porrã* (100.12), *porría* (25.23) e *porría* (26.39); de *querer* cómpre citar *quer* (22.10, etc.), *querrey* (32.14), *querrá* (6.99), *querrán* (4.20) e *quería* (1.12; en 309.23 co valor de *querría*); o verbo *rreçeber* (21.19, 86.16, etc.) e as súas formas (*rreçebo, rreçebe, rreçebí, rreçebera, rreçeba*, etc.); de *riir* alternan *rrija* (77.3) e *rrían* (28.7), xunto a *rrijrõ* (33.3), *rrijsse* (143. 13), etc.; de *saír* destaca a forma *sal* (152.26, 294.24), en plural *saen* (294.27); de *sentir* as formas *sente* (3.33, 18.20, etc.) e *sinta* (47.7) e de *servir* a forma *seruẽ* (35.22, 314. 13,18); as formas de *sofrer* (3.14, 4.12, etc.); do verbo *soer* as formas *sol* (8.13, 158.21), *soya* (300.5, etc.), *soyas* (10.15) e *soyan* (3.10, etc.); do verbo *tẽer* as formas *tẽemos* (4.17), *tẽen* (3.3, etc.), *terrey* (27.19), *terra* (23.24) e *terría* (21.14); do verbo *ir* as formas *uaa* (223.6,8), *vaa* (205.38), *vaamos* (3.42), *vaades* (304.15) e *uaan* (232.36); o verbo *veer* (157.96), coa forma *vee* (198.35), e o verbo *uijr* (32.10), *vijr* (10.4), coas formas *vẽen* (6.139), *vẽestes* (18.14), *uerrá* (4.19), *uerredes* (4.12), *uerrã* (28.23), *verría* (49. 23), *vẽer* (3.42), *vẽerẽ* (89.16), etc.

Véxase, amais disto, o punto en que falo da grafía -sc- (VI, 2.41).

2.11. Os demostrativos e o pronome persoal de 3ª persoa.– O portugués desde un principio, aínda facendo alterna-las formas con *e* e con *i*, decidiuse polas formas metafónicas *isto, isso, aquilo* para o demostrativo neutro. No texto de F. Martís aparecen exclusivamente formas con *e*, hoxe maioritarias en Galicia[7]: *esto* (3.37, 6.124, etc.), *desto* (2.8, 3.43, 6.160, etc.), *esso* (55.4, 94.20, etc.), *aquelo* (1.12, 8.14, 149.10, etc.), *daquelo* (219.6), *aquesto* (2.39, 314.1, etc.), *daquesto* (127.250), etc.

Para a forma masculina tamén é exclusivo *aquel* (2.8, 200.28, etc.), o mesmo que a forma *el* para o pronome persoal de 3ª persoa: *el* (2.13, 3.5, etc.), *del* (2.15, etc.).

2.12. Forma lo *do pronome ou do artigo.*– Cando se combina o pronome *lles* coa forma de obxecto directo *lo*, o normal dos textos galegos é a asimilación do *s* ó *l* da 2ª forma do pronome, co resultado *llelo, llela*, aínda hoxe viva en moitas partes de Galicia. Así, aparecen en F. Martís: *llela* (89.18, 192.24, 307.9), *llelo* (49.18, 101.23, 110.27, 116.91, 121.34, 136.63, 167.4, 210.13, 295.9), *déullelo* (131.15), *gradesçéullelo* (49.14), *outorgóullelas* (291.4), *synalándollelo* (136.63).

A asimilación do *s* ó *l* seguinte, tanto se é o pronome coma o artigo *lo*, é común ó galego e ó portugués primitivos. O que sucedeu foi que o portugués literario rechazouna despois no caso do artigo e consolidouna cando era pronome. F. Martís practica a asimi-

[7] Cfr. A. Santamarina, *Tradición*, p. 181; Fernández Rei, *Grial* XX, p. 267; Fernández Rei, R. Álvarez e Xove Fernández, *Enciclopedia gallega*, t. XIV, p. 237, mapa 5.

lación, pero é máis característico del o uso da 2ª forma do pronome ou do artigo sen chegar á eliminación do *s*. Así, temos *ánbaslas* (29.31, 111.13, 133.50, 144.17, 152.34, 159, 159.2, 177.29, 181.4, 204.38), xunto a *ánbalas* (127.37, 133.10,14, 152.7,107, 171.57, 178.11, 180,7,21, 189.8, 204.59,61,141, 206.18, 219.4, 227.4, 234.74, 306.48, 307.14, 311.98) e ocasionalmente *anbas as* (57.7, 152.46). Tamén aparece *ánbolos* (141.55).

Con *des* atopamos *deslo* (127.223) e *delo* (174.2); con *nos* as formas *nosla* (295.6), *nola* (17.20,21), *noslo* (98.51, 153.44, 179.28, etc.), ou mesmo a forma tónica *nóslos* (301.12), e con *uos* as formas *uosla* (127.223-224, 150.21), *tẽẽruola an* (100.12-13), *uoslo* (7.14, 31.12,13, 127.339, 132.13, 142.23, 153.13, 304.9, etc.), *dizéruoslo ey* (26.26), *gradesçéruoslo ey* (17.36), *quérouoslo* (18.16), *uoslos* e mesmo *uóslo* (297.27).

Con *todos* ou *todas* hai tres posibilidades, co predominio da forma sen asimilar: *todoslos* (3.6,21,22, 4.20, 5.19, 6.35,71, 10.13, 11.17, 12.5, etc.; en total 146 veces), *tódolos* (8.2, 53.6 e 172.36; en 205.78 é *tódolos* + verbo), *todosla* + verbo (203.33-34, 36, 206.17, 211.4), *todoslo* + verbo (31.3, 127.276, 186.16, 304.5, 311.62), *todos os* (6.170, 41.39, 150.8, 168.3, 177.25, 198.19, 293.65 e 311.65), *todos o* + verbo (196.6, 232.75); *tódaslas* (2.24, 3.11,13, 7.15,16, 12.4-5,5,6, etc.; en total 71 veces), *tódalas* (7.10, 55.10, 134.25 e 173.4), *todas as* (166.17, 189.10, 204.35, 219.17 e 293.9).

A asimilación dáse con outras palabras, alternando ou non coa conservación do *s*. Por exemplo, con *tras: trasla* (232.63), *traslas* (231.96; 2 veces) e *tralas* (134.48, 233.4), *traslos* (121.30, 303.20) e *tralos* (121.24, 134.50). Ás veces alterna a forma *o* coa forma *lo: enpúslos* (133.5) e *enpús o* (116.18), ou *enpús os* (203.22), *poyslo* (52.7, 152.166, 161.11) e *poys o* ou *poys os; quántosla* (228.6) e *quantos a* (199.6), *quántoslo* (77.5, 206.11, 291.10-11), *quántoslos* (28.12, 131.6-7), etc.; *tãtaslas* (126.61, 2 veces) e *tãtos os* (126.60); con *mays* só aparece *o: mays as* (46.8), *mays os* (152.167), etc.

Cos verbos non se coloca a forma *lo* do artigo (*sodes a* 200.30, *tomados os* 293. 19, *abres os ollos* 239.21, *quebrastes os* 193.18, etc.), pero si a 2ª forma do pronome e case sempre sen a asimilación do *s* ó *l* seguinte: *cometámoslo* (28.15), *deujámoslo* (17. 19), *façámoslo* (3.34), *feyrámoslos* (41.40), *outorgémoslas* (184.9), *partísteslo* (216. 9-10), *uaámoslos* (127.235, 132.25, 136.30), *veédeslo* (136.65). Nunha ocasión a forma asimilada: *ajudádelos* (202.23). Ocasionalmente tamén aparece a 2ª forma con sustantivos: *bastárdoslo* (136.62), *Deuslo* (47.54) e *uez la* (206.17).

Aínda que non ten nada que ver con isto, no caso da forma verbal en *-mos* + pron. *nos* alternan as formas con *s* ou sen ela: *cõbatámonos* (113.32), *partámonos* (6.139), *tornémonos* (127.91), *vaámonos* (6.139), *uaámonos* (113.31) e *matármosnos* (226.12), *traballémosnos* (26.21), *vaámoslos* (6.119).

Algo semellante ocorre coas formas rematadas en *-r*. Para o infinitivo seguido do artigo, F. Martís nunca usa a 2ª forma do artigo: *cõtar os feytos* (11.14-15), *saber as cousas* (8.16), *sacar o muro* (13.11), etc. En cambio, para o infinitivo + pron. persoal utiliza sempre a 2ª forma e alterna os casos con asimilación ou sen ela: *buscalas* (107.7), *çercalos* (113.22), *cõfortala* (50.3), *derribalo* (131.29), *desarmalo* (159.57), *desherdalos* (301.13), *destroyla* (293.6), *deytalos* (301.13), *fazelos* (137.96), *liuralo* (178.9), *metelo* (129.37), *queymalas* (142.29), *rreçebela* (160.9, 202.17), *rreçebelo* (143.2), *rreçebelos* (49.11), *soterralos* (147.6) e *ajudarlos* (202.36), *amarla* (21.11), *basteçerlas*

emos (4.25), *cobrarla* (17.35), *cõssellarlos ás* (92.5), *cõtarla ey* (106.6), *cõtarlos* (234. 121), *ençarrarlos emos* (4.27), *fazerlo ey* (28.3), *gardarlo ey* (216.25), *giarlas* (150.29), *leuarlo* (234.102), *osmarlos* (234.121), *penssarlo* (41.10), *poderla ha* (47.18), *prenderlos emos* (41.41), *rreçeberlos* (24.17), *rrecobrarlo* (311.93), *rrecollerlos* (150.27), *rroubarlos emos* (41.41), *seruirlo* (202.8), *tẽerla ey* (21.11-12), *tẽerlo ya* (121.99), *tornarla emos* (100.8), *tragerla* (190.7), *ueerla* (203.33), *ueerlo* (169.6) e *veerlo* (143.22). Tamén a combinación *querlos* (294.21).

O contrario dos infinitivos, si se utiliza a 2ª forma do artigo coa preposición *por* ou a súa variante *per*. Nos numerosos casos en que aparece esta combinación, sempre atopámo-lo estado máis arcaico, sen asimilación: *porla* (6.109, 10.10, 49.19, 52.9, 108.4, etc.; teño anotados 34 casos), *porlas* (12.12, 17.8, etc.; anotei 7 casos), *porlo* (17.38, 25.19, 51.12, etc.; teño anotados 44 casos), *porlos* (3.5, 43.6, etc.; anotei 13 casos), *perla* (8.21, 11.14, 40.2, 47.34, 49.9, etc.; anotei 41 casos), *perlas* (6.59,136,137, 56.4, etc.; anoteino 19 veces), *perlo* (6.62,164, 7.27, 24.11, 40.2, etc., con 37 anotacións), *perlos* (6.48,137, 12.3, 25.2, etc.; anoteino 32 veces). Tamén entran aquí *parla* (232. 55) e *parlos* (4.29).

Finalmente, debemos lembra-las palabras *sobre* e *entre* (ou *ontre*), que se combinan coa 2ª forma do artigo debido a que tiñan *-r* final en latín (*super, inter*). Por iso aparecen *sóbrela* (20.11), *sóbrelas* (6.42, 116.93), *sóbrelo* (24.2, 45.6, etc.; teño anotados 14 casos + 8 de *sóbrelos*). Pode aparecer esporadicamente a forma *o: sobre os* (232.79), *sobre as* (132.42-43). Con *entre* temos: *óntrelos* (128.36-37, 171.118, etc.), *éntrelos* (134. 18, 157.95, etc.).

2.13. Sustantivos en **-ento.**— No portugués, os derivados verbais da 2ª e da 3ª conxugacións adoptaron a terminación *-imento* desde un principio, o mesmo que aconteceu no castelán. Nos textos galegos, aínda que pode haber algún caso de confusión, o normal é facer unha separación entre os verbos da 2ª (forma *-emento*) e os da 3ª (forma *-imento*). É o que sucede aínda hoxe na nosa lingua e feito que F. Martís practica sempre, sen ningunha excepción: *acaesçemento* (109.18), *acaesçemẽto* (132.47), *acaescementos* (313.31), *acollemento* (105.7), *afazemento* (93.4-5), *atreuemento* (23.16), *basteçemento* (188.8), *cofondemento* (152.114, 234.45), *corregemento* (22.18), *defendemento* (152.173, 153.30, 216.32, 221.10, 225.5, 304.8, 308.8), *detẽemento* (3.42, 112.9, 136.30, 203.26), *entẽdemento* (6.93,114, 21.11, 25.33, 26.26, 52.12, 75.20, 77.4-5, 89.34, etc.; 19 veces), *entẽdementos* (150.6), *mãtẽemento* (153.30), *mouementos* (97.8) e *prometementos* (310.25). En cambio, para os da 3ª: *ardimento* (28.14), *bastimento* (293.20), *espedimento* (23.4), *espedimẽto* (200.9), *falimẽto* (304.11), *falimento* (153.9), *gornimentos* (238.10-11), etc.

2.14. Terminación **-dũe.**— Frente á terminación *-dõe* do portugués, precedente da actual *-dão* (*firmidõe* > *firmidão, servidõe* > *servidão*, etc.), nos textos galegos aparece a terminación *-dũe*, precedente da actual *-dume*. Así, en F. Martís atopamos *firmedũe* (100.12) e *seruidũe* (18.21).

2.15. Alternancia **oi/ui.**— Aínda que nos textos portugueses pode aparece-la solución *oi*,

sobre todo nalgunhas palabras, e no galego a solución *ui*, cada vez houbo maior propensión nos textos do S. cara a *ui* e nos do N. cara a *oi*, que é hoxe a solución maioritaria no galego[8]. No texto de F. Martís aparece exclusivamente a solución *oi*. Así: *acoytarõ* (6.23), *acoytauã* (171.115-116), etc., *agoyro* (32.9), *agoyros* (32.12,20), *agoyrares* (32.15), *agoyreyro* (181.16, 192.10, 304.4), *anoyteçer* (152.189), *ascoytas* (150.28, 209.19), *ascoytar* (8.21-22), *ascoytádeme* (104.3), *condoyto* (88.15), *coydado* (6.142, 78.5, 152.73, 166.10, etc.), *coydador* (60.5), *coydar* (24.8, 292.16, etc.), *coydo* (4.31, 7.7, 141.98), *coyda* (8.14, 23.22), *coydades* (6.91), *coydaua* (292.16-17), *coydauã* (1.8), *coydou* (6.75,81), *coydastes* (6.93), *coydarõ* (19.12, 24.15), *coydaria* (6.64), *coydándoos* (6.40), etc., *coydoso* (70.4), *coyrmão* (142.16, 234.31), *coyrmãos* (126.16), *coyro* (121.98), *coyros* (110.68, 174.10), *coyta* (1.10, 5.23, 6.28,57,85,98,114,150, etc.), *coytado* (6.149, etc.), *coytara* (112.10), *coytassẽ* (123.6), etc., *coytelos* (43.5, 209.7), *coytosas* (152.28), *coytoso* (152.23-24), *destroymento* (29.34, 141.64, 148.21, 152.54, 219. 16, 232.58, 294.69, 304.8), *destroyr* (6.3, etc.), *destroyrnos* (6.120), *destroyla* (293.6), *destroya* (117.17), *destroystes* (18.20), *destroyrõ* (7.15), *destroyrã* (31.16, etc.), *destroyría* (2.37), *destroyriã* (1.7, 2.10), *destroyndo*, *destroyda* (3.24, 7.18, 8.7, etc.), *destroydo* (6.134, 32.21-22, etc.), *encoyrado* (121.98), *estroydos* (126.63), (eu) *foy* (10.6, 21.8, 25.6,12,25, 40.7, 108.21. 145.5, 203.12, 306.23, 309.10,20,24), *foylle* (309.66), *foyme* (25.15,20, 29.14), *froytas* (110.49), *moymento* (108.45, 146.6, 168.8, 291.6,8), *moymẽto* (147.8), *moymentos* (190.16), *moymẽtos* (206.24), *oyuasse* (6.53) xunto a *huujassen* (295.4), (eu) *poyde* (25.11, 29.12) xunto a *pude* (309.40), *poyña* (49.9, 209.19, etc.), *poyna* (108.22), *poynaa* (209.9), *poynã* (3.6, 110.9, etc.), *poyñan* (55.7), *rroydo* (116.111, 180.15, 204.35, 234.52), *rroydos* (231.13), *soydade* (136.22). A única posible excepción é *destruyades* (94.13-14), pero é unha situación diferente á das outras formas de *destroyr*.

2.16. Grupo **-str-** *interior.*– Non aparece nunca a eliminación do *r* propia do portugués: *arrastrar* (23.17, 25.22, 161.13-14, etc.), *arrastráualle* (198.8), *rrostro* (6.76,88, 65.2, 68.3, 133.52-53, etc.; 32 veces), *rrostros* (127.244, etc.; 5 veces).

2.17. Representación da palatal [l].– No séc. XIV tódolos textos portugueses usan xa a grafía *lh*, importada do occitano e imposta obrigatoriamente por Afonso III. Os textos galegos decidíronse pola solución *ll*, que é a única utilizada por F. Martís: *lles* (1.1,2,3,8, etc.), *tollera* (1.8), *mellor* (2.5), *dissolle* (2.16), *follas* (3.4), etc., etc.

Noutros textos galegos pode aparecer como grafía *l* simple (*melor*, *filo*, etc.), cousa que non ocorre en F. Martís. O que si utiliza este copista é con relativa frecuencia *ll* en lugar de *l*, especialmente con algunhas palabras, igualando deste xeito a representación gráfica de dous fonemas diferentes. Así: *Apollo* (92.2) e *Apolo* (89.36), *aquelles* (6.26, 139, 42.3, 87.8, 99.25, etc.) aparece menos ca *aqueles* ou *aquela*, *Castella* (6.39), *castello* (9.6, 37.19), *castellos* (20.12, etc.) e *castelo* (41.27, etc.), *cauallaria* (28.24, 36.12, etc.) xunto a *caualaria* (10.7, 28.30, etc.), *caualleyro* (6.14,42,54,55,56, 11.7,13, 21.15, etc.; moitas veces), *caualleyros* (2.31, 3.19, 5.11, 6.31,61,66,69,95, etc.; numerosas

[8] Cfr. A. Santamarina, *Tradición*, ps. 178, 180, 181 e 184; Fernández Rei, *Grial* XIV, p. 261; Fernández Rei, R. Alvarez e Xove Fernández, *Enciclopedia gallega*, t. XIV, p. 235, mapa 3.

veces) xunto ós máis usuais *caualeyro* (6.122, 9.4, 27.11, etc.) e *caualeyros* (5.9,10, 11.22, 12.4, etc.), *cauallo* (6.39,52,88,108, etc.) ou *cauallos* (6.66,79, etc.) e os normais *caualo* (6.46,70,87, etc.), *caualos* (6.79, 7.12, etc.), *collor* (14.16) xunto a *color* (14.15, 316.9) e *colores* (13.14, 14.15), *delles* (3.25,35, 6.157, 11.21, 12.15, 13.2, 17.20, 27.25, etc.), xunto ó máis usado *deles, elles* (2.7.10, 3.5,35, 4.16,29, 5.19,23, 6.41,130,136,146, etc.), moito máis usado ca *eles, Ércolles* (2.4) e *Ércoles* (1.1). Esta grafía aparece tamén sempre en *mill* (5.9, 148.20, etc.) e en *alcallde*s (15.10).

2.18. Representación da palatal [ŋ].– Paralelamente á grafía anterior, nos textos portugueses do séc. XIV xa está imposta a grafía occitana *nh*; en cambio, nos textos galegos alternan *n, ñ* ou *nn*. O que fai F. Martís é alterna-lo uso de *n* e *ñ*, con clara preferencia pola representación por *ñ* (nun cómputo aproximado anotei uns 800 casos de *ñ* por uns 200 de *n*). Ás veces alterna a grafía nas mesmas palabras: *conpaneyros* (49.6) e *cõpañeyros* (239.5-6), *conosçe* (21.5) e o normal *coñosçe* (303.10), *coñosçer* (52.14), etc., *mariñeyros* (19.10) e *marineyros* (18.4), *poyña* (49.9) e *poyna* (108.22), *puñemos* (136.65) e *punarã* (135.10), *señores* (136.14, 150.10, etc.) e *senores* (150.3,10), *soños* (239.23) e *sonaua* (239.23-24), *tĩjña* (210.5) e *tĩjna* (108.32), etc. No caso do posesivo o normal é a forma máis arcaica *mĩja* (10.16, 17.13,32, etc.), *mĩjas* (17.32, etc.). Só nunha ocasión rexistro *mjñas* (145.18).

O feito de que *n* ou *ñ* representen a palatal [ŋ] leva consigo a posibilidade de que para representar *n* se utilice algunhas veces, por tradición latina, a grafía *ñ*. Así: *ãno* (2.33, etc.), *dãno* (2.20, 4.29, 10.3, 28.16, etc.) ou mesmo *dãpno* (1.14, 3.35, 6.32) xunto a *dano* (10.10, 18.24, 23.21, 44.9, 94.16, etc.), *dãnosa* (188.10) e *danosa* (152. 147) ou *danoso* (127.170), *engãno* (108.41, etc.) e *engano* (294.75, etc.), *pãno* (20.11, 136.94, 217.3, 292.11, etc.), *pãnos* (86.8), *pẽna* (198.7,21,40,42), *pẽnas* (174.13), xunto a *enpenolados* (131.24) e *enpenadas* (174.13).

2.19. Resultados de **gua-** *inicial ou -gua- interno.*– O resultado máis usual do galego é a reducción a *ga-* inicial ou interna, mentres que en portugués o normal é a conservación de *gua-*. Nos textos galegos medievais alternan as dúas grafías, ás veces con ultracorrecciónes, pero con certa preferencia xa polo resultado moderno. A circunstancia de aparecer moitas veces a grafía *gua-* non indica pronunciación real do grupo, senón apego á tradición escrita. No texto de F. Martís temos: *agardaua* (234.60), *agardauã* (305.37) e *agardado* (305.36, 311.26) xunto a *aguardáuãno* (20.12); *gardar* (15.12, 21.13, 35.19, 25, 89.19, 150.16, 155.2, 160.16, 165.23, 177.3, 193.18,25, 200.33, 201.17, 293. 31,33,43, 297.24-25, 301.11, 304.11, 306.24, 309.11), *garda* (6.34, 15.10, 23.27, 122.16, 293.34, 297.25; verbo ou sust.), *gardades* (293.30, 297.6), *gárdansse* (314.15), *gardaua* (66.5, 211.9), *gardauã* (15.9, 49.13, 209.17), *gardarõ* (153.8), *gardárõna* (307. 14), *gardarey* (201.18), *gardarlo ey* (216.25), *gardarme ey* (121.48), *gardará* (47.15), *gardaredes* (297.27), *gardaria* (293.48), *gardemos* (153.11, 163.11), *gardedes* (21.17, 25.28, 293.65,66, 304.10), *garden* (4.7, 117.7, 313.13), *gardasse* (143.4, 171.38), *gardassen* (6.138, 116.46, 164.8, 189.8, 312.7), *gardardes* (216.19), *gárdaos* (27.22), *gárdesse* (27.11, 160.6), *gardade* (132.19, 293.62, 297.25-26), *gardádeuos* (23.29, 121.39, 293. 29), *gardada* (41.11, 51.38, 148.13), *gardadas* (149.2, 207.2, 208.30), *gardado* (163.4),

e *gardados* (211.12, 219.12) xunto ós poucos *guardar* (193.21), *guarda* (121.86), *guardauã* (176.4), *guardarás* (108.41), *guarde* (216.25), *guardedes* (121.112), *guardasse* (127.185) e *guardassen* (113.7).

Tamén son máis usuais as formas *minga* e *mingar*. Así: *mĩga* v. ou sust. (27.15, 121.36,42, 150.36, 157.8, 180.31, 188.13, 193.25, 206.14, 209.34, 232.33, 234.14, 236.8, 293.36, 310.5) xunto a *mĩgua* (132.20, 216.11, 292.4); *mĩgar* (148.12, 166.5, 211.11), *mĩgaua* (46.11), *mĩgáualles* (206.8), *mĩgárõlles* (188.14), *mĩgara* (153.15, 195.17), *mĩgará* (153.15, 199.18, 231.27), *mĩgasse* (153.10), *mĩgada* (116.73), *mĩgado* (52.17, 75.7, 216.9, 293.56) e *mĩgados* (181.11, 216.7, 232.27).

Frente a estes casos, o normal é o uso de *igual* (14.8, 66.3, 67.2) e *iguaes* (234.35). Pola contra, alternan *maligualados* (132.46) e *igalar* (63.6). Noutros casos, ó contrario doutros textos, case non hai formas máis ou menos ultracorrectas en *gua*. Así: *galardón* (21.9,12-13,13, 23.21, 26.13, etc.), *galardoaría* (185.31), *gargãta* (84.4, 116.84), *gaãça* (6.94, 42.19, 44.10, etc.). Tamén é normal o uso de *gãañar* (52.12, 79.7, 293.13,31,41, 300.8, etc.), *gãaña* (297.13), *gãañamos* (294.12), *gãañades* (293.28-29), *gãañã* (98.10), *gãanaua* (310.4), *gãanauã* (152.106, etc.), *gãañey*, *gãañou* (8.17, etc.), *gãañastes* (297.15), *gãanastes* (165.17, 297.12), *gãañaron* (52.10), *gãanarõ* (136.19, etc.), *gãanara* (124.3), *gãañáraos* (11.21), *gãañaremos* (153.19), *gãañaría* (230.7, etc.), *gãañariã* (157.61), *gãane* (293.28), *gãañemos* (293.69), *gãañassen*, *gãañado*, *gãañados* (121.138). Só nunha ocasión aparece *guãaney* (294.39-40). Tamén como caso illado, ó lado de *gastados* (294.20) atopamos *guastados* (293.18), *guastemos* (188.8) e *desguastados* (294.31).

Finalmente, en F. Martís, o mesmo que noutros textos do N. e do S., aparece aínda a solución *go-* para algunhas palabras, ás veces alternando coa solución *gua-*. Así: *goreçer* (6.168, 7.4,7, 98.53, 136.48,89, 183.9, 227.14), *goresçer* (116.27), *goreçeo* (6.59), *goresçeo* (207.6), *goreçerõ* (207.2), *goreçessen* (144.14), xunto a *guareçer* (203.13), *guaresçerá* (184.12), *guaresçeriã* (169.7) e *guarescamos* (26.22); *gorneçer* (108.48), *gorneçẽ* (89.32), *gorneçeu* (123.17, 305.3), *gorneçéoas* (2.43), *gorneçerõ* (49.7, 114.9, 219.5, 311.3-4), *gorneçérõnas* (53.25), *gorniçidos* (110.42); *gorir* (188.9, 215.16), *gorido* (112.13, 143.20,24, 207.1, 211.21, 212.11, 235.9), *goridos* (308.4), xunto a *guarir* (143.19, 218.14) e *guarido* (121.72-73); *gorneu* (198.4), *gornida* (2 veces), *gornidas* (6 veces), *gornido* (3 veces), *gornidos* (130.24, 204.10), *gornidos* (5.13, 37.7, etc., 19 veces), xunto a *guarnida* (18.3, 199.2); tamén o sust. *gornimẽto* (234.58-59), *gornimẽtos* (177.55, 234.59), *gornimentos* (49.7, 121.63, 171.49, 234.65, 238.10-11).

2.20. Resultados de qua- *inicial.*— O resultado normal do galego frente ó portugués é *ca-*. Curiosamente, nos textos galegos medievais a grafía utilizada é maioritariamente *qua-*. Sería falso coidar que neste caso se pronunciaba a vocal velar e que despois desapareceu. Máis ben hai que pensar na tradición gráfica, que leva a escribir sistematicamente á maneira latina e non á romance. En F. Martís só aparecen *cadrillo* (159.20) xunto a *quadrillos* (231.77), *cal* (8.14, 131.21 e 297.13) xunto ó normal *qual*, e *cã* (23.4; no ms. *tã*), xunto a *quan* (136.26, 305.49), así como *camaña* (2.15), *camaño* (18.18, 303.12). Escríbese, pois, dunha maneira constante *qua*: *quaderno* (Ap. 3), *quadrado* (65.2, 77.6), *quallado* (143.11, 159.61-62), *quareẽta* (111.9), *quatorze* (127.63), etc.

Que este elemento velar non debía ter valor e que era na maioría das formas grafía

latinizante, demóstrano os casos en que, por ultracorrección, se escribe *qua, quo*. Así: *çerqua* (231.11, 310.3) *a çerqua* (107.11, 108.5, 234.69), *çerquado* (156.28), *comarquas* (Ap. 12), *desçerquados* (143.5), *enforquar* (163.6), *enforquasse* (52.31), *fraqua* (74.5), *fraquos* (187.9-10), *marquos* (15.12), *porquo* (152.62, 156.23, 158.6, 171.120-121), *porquos* (209.12). Posiblemente é reminiscencia da grafía latina *çinquo* (15.12, 126. 53, 131.5, 204.8,132, 220.6), *çĩquo* (11.6, 129.18) e tamén *arquo* (127.5, 134.13,27, 136.84, 137.3, 159.6,19,20,21,33,39, 160.4, 177.13, 210.19), *arquos* (116.119, 134.3, 8, 141.72, 159.8, 204.10-11, 205.42, 231.76) e *enarquadas* (86.5-6), xunto a *arco* (6.24, 13.12, etc.), *arcos* (110.35, 116.121, etc.), pois en latín había *arcus* ou *arquus*.

A reducción *qua-* > *co-* é normal en textos do N. e do S. na palabra *cõtia* (98.5, 121.134, 152.175, etc.).

2.21. Neutralización de xordas/sonoras.– Estou convencido de que a desonorización das consoantes sonoras medievais é un fenómeno primitivo no galego e que xa se producía na época medieval. Mesmo é probable que asistamos a unha disociación lingua culta/lingua popular e que as sonoras tivesen pouca penetración no pobo. Os cultos esforzaríanse por manter un sistema cada vez máis artificial de oposición xorda/sonora, pero non sempre son consecuentes coas diferentes representacións gráficas. F. Martís, máis culto cós seus escribáns, atende máis á diferenciación e por iso no caso de *ss/s* separa, en xeral, de acordo co valor xordo/sonoro. Aínda así, hai casos nos que se lle escapa a grafía *s* por *ss*. Por exemplo, en *aduserdes* (17.35), xunto a *adusserõ* (33.9-10), *adusserẽ* (28.26), etc.; *asacã* (51.7), *asacarõ* (16.4,7), *asacassen* (16.7), xunto a *assacados* (16.8); *asañarnos* (26.20), *asaña* (94.17), *asañouse* (222.3), *asañousse* (195.11), xunto a *assañar* (203.5), *assañarsse* (26.4), *assañaua* (66.5), *assañauã* (193.13), *assañousse* (36. 10), *assañaría* (215.20-21); *asederez* (124.16), xunto a *ssederez* (16.8); *asentárõsse* (310.11), *asentado* (292.10), xunto a *assentar* (292.18), *assentaua* (209.6,9), *assentado* (210.2); *asessegou* (130.19) e *assessegados* (41.38); *asũados* (115.5) xunto a *assũauã* (54.1), *assũárõsse* (113.11), *assũasse* (131.7), *assũada* (89.4), *assũadas* (89.32), *assũados* (87.2); *atrauesando* (130.26), xunto a *trauesso* (127.153, 136.36, etc.); *rresõaua* (234.10) xunto a *rressoauã* (190.11); *apresuroo* (141.45) e *esas* (131.22).

No verbo *dizer* é normal a grafía *disserõ* (1.3, etc.), pero hai dúas veces a grafía simple en *diserõ* (15.4), *disérõme* (221.7). O mesmo na forma *poso* (294.34), xunto ó normal *posso* (10.19, etc.), de *poder; fezesemos* (98.29), de *fazer*, ou as formas *seysen* (120.14), *seyses* (314.22), do v. *seír*. Tamén sucede en *escaso* (60.5), *groso* (79.2), *grosos* (60.3), xunto a *grosso* (65.2), *grossos* (60.3, 62.2, 82.5, etc.) e *grossas* (68.4). Xunto a *passagen* (95.7), *passaien* (31.17-18), *passajen* (95.11,13) e *passagẽ* (33.8) a forma *pasagẽ* (4.29). En fonética sintáctica tamén escribe normalmente *ss*, pero hai casos de vacilación: *dóbraselle* (98.24), *escusouse* (112.7), *seyose* (121.129) e *seyosse* (234.77), *cobreuse* (130.19) e *cobreusse* (127.253), *asañouse* (222.3) e *asañousse* (195. 11), etc.

Como contrapartida, pode aparecer *ss* en lugar da consoante sonora *s*: *quisso* (177.34), xunto ó normal *quiso* (47.29, 177.33, etc.); *sessudo* (150.21), xunto a *sesudo* (20.14, 27.6, etc.); *sysso* (6.101), xunto a *siso* (2.18, 4.31, etc.).

Máis coidado preséntao F. Martís na separación de *z/ç/ss*, é dicir [z], [s], [ś], se

ben hai uns cantos casos de confusión, en que iguala dous sonidos xordos (s/s) ou un xordo e outro sonoro (s/z). Son: *donçelas* (143.12), xunto ó normal *donzela* (152.19, etc.), *donzelas* (152.12, etc.); *mezquiña* (148.5,10) e *mezquiño* (145.13), xunto a *mesquiña* (227.15) e *mesquiño* (10.6), *mesquiños* (301.7-8); *seruiz* (141.31) por *cerviz;* as formas *crezca* (302.9) e *acaezca* (122.6), xunto ós normais *cresca* (185.27, 293.35, etc.), *paresca* (27.10, 199.17), etc.; as variantes *topás* (208.6) e *topaz* (211.14) e a alternancia gráfica en *ençarrar* (51.37), *enssarrar* (148.27), *ençarrou* (202.43), *ençarrárõnos* (303.19), *ençarrassen* (134.48), *ençarrada* (315.8), *ençarrados* (121.126, 165.29, 188.12, 206.7) e *çarrarõ* (97.2).

Outras veces a dobre grafía débese a que nuns casos presenta a forma popular e noutros a forma culta. Así: *dézema* (15.14) e *déçima* (126.26,34, 301.1, 317.1), *déçimo* (121.145, 124.14, 128.33) ou *sesta* (29.12, 116.30, 126.17, 180.1, 182.2, 209.40), *sesto* (121.141, 124.11) e *sexta* (15.5, 311.1).

Para rematar, F. Martís sempre utiliza *z* en *mezcladura* (198.15), *mezclamento* (172.14-15), *mezclar* (80.4, 128.3), *mezclou* (152.87), *mezclarõ* (137.16), *mezclado* (127.156, 311.23) e *mezcrador* (74.7).

2.22. Neutralización de b/v.– No galego medieval non había *v* labiodental (nunca o houbo), pero si había unha diferencia primitiva entre as grafías *b* (sonido bilabial oclusivo) e *u* ou *v* (sonido bilabial fricativo). Esta diferencia mínima empeza a romperse xa na época medieval e hai textos que presentan constantes confusións, aparecendo cada vez con máis frecuencia o uso de *b* por *v*. F. Martís aínda fai ben a distinción gráfica e presenta poucas transgresións á norma. Os únicos casos de *b* por *u* son: *bolueusse* (128.36), xunto a *uolueusse* (127.137, etc.), *uolueu* (47.26, etc.); *atabío* (231.85), *cõturbaua* (317.20) e *turbado* (183.6), *tablas* (16.7), xunto a *tauua* (210.2); *sobérbea* (294.42), xunto a *sobéruea* (98.10), *soberuja* (98.30,38,44, 294.52, 296.6) e *soberua* (98.9, 10,12,15, 101.8,19, 310.24), *soberuas* (28.6). Tamén aparece ocasionalmente a forma moderna *palabra* (113.13), *palabras* (299.3), xunto a *paraura* (32.9), o normal *palaura* (32.3, 58.5-6, 74.8, 75.10, 79.3, 80.2-3, etc.; 15 veces), *palauras* (105.2, 106.8, 127.219, 150.34, 203.35, 299.5,10, 306.28, 313.29), e a forma típica do galego medieval *paráuoa* (62.4, 74.5, 84.6, 309.64), *paráuoas* (105.4, 298.3).

É diferente o caso de *bóueda* (13.20, 208.8), que tamén aparece así no port. medieval, e a alternancia de *proue* (52.17, 110.19) e *pobre* (47.18, 88.10, 157.40), *pobres* (216.6, 294.57), así como *proueza* (35.21, 52.14) e *poblement* (39.10, 111.10-11), que afecta tamén ó portugués, onde aínda hoxe existe *pobre* xunto ó popular *povre*. Tamén son normais *barõ* (105.14) e *barões* (11.6).

2.23. Formación do plural.– En conxunto, non hai transgresións á regra primitiva e non aparecen formas de evolución cara ós resultados modernos. Así, temos casos coma *corações* (17.11, 123.13), *dões* (74.12), *briaes* (239.10), *leaes* (3.21), *maes* (6.151, 302.23), *mortaes* (6.131), *taes* (6.79,95), etc. Algunhas veces aparece un til falso de nasalidade: *mães* (98.16), *naturães* (171.59), etc.

Os únicos casos en que non se cunpre a regra de *-ales* > *-aes* son: *almirales* (126.22, 127.301), en sing. *almiral* (127.320,324, 128.22,24,26, etc.); *atabales* (311.64), que

pode ser unha forma diferente; *áuoles* (222.9,11); *mármoles* (14.15), sing. *mármol* (13. 13), e *uiles* (132.19, 294.65).

2.24. Terminación -ione.– Nesta terminación houbo unha tendencia xeneralizada no portugués a elimina-lo iode, co resultado primitivo *-om* (por exemplo *visóm*). Este resultado é común a textos galegos e portugueses e F. Martís utiliza *uisón* (220.9, 221.3, 223.10). De aí xurdiu o port. mod., coa terminación *-ão (visão)*. No galego, polo contrario, sempre apareceron en xogo dúas tendencias: unha máis popular, coa supresión do iode, e outra máis culta, coa conservación ou reposición. Na lingua moderna, coa penetración dos cultismos, triunfou case sempre a forma culta e xa F. Martís utiliza neste caso a forma *visiõ* (220.2, 221.7), *uisiõ* (220.4), en pl. *uisiões* (31.12, 239.24).

2.25. Representación da consoante nasal implosiva.– Para a representación da nasal implosiva, tanto en interior de palabra coma en posición final, nun principio non hai diferencia entre *m* ou *n*. En xeral, os escribas en romance seguen a tradición dos escribas en latín e usan en posición final *m*, porque así estaba en latín, ou tamén con moita frecuencia usan un til enriba da vocal anterior para indicar que falta unha consoante nasal. Pouco e pouco fóronse marcando as diferencias e o portugués decidiuse pola representación final con *m* (agás cos casos de formación do ditongo nasal *-ão*), mentres que o galego se foi decidindo cada vez máis pola representación por medio de *-n*, acorde coa pronuncia coma consoante nasal velar [ŋ]. En posición interna sucede o mesmo e os textos medievais que prefiren *n* en posición final tamén colocan esta letra en posición interna, inclusive ante *b* ou *p*. Só máis tarde se estableceron as diferencias e se adoptou *m* ante *b* ou *p* e *n* ante as outras consoantes.

Polo que respecta a F. Martís, nunca utiliza a grafía máis portuguesa *m*, alternando o uso do til co de *n*, nas dúas posicións: *anbos* (310.30), *enpós* (6.134, 29.11, etc.), *ẽpós* (118.14), *ẽde* (302.16), *ascõdiã* (5.22), *encomẽdou* (121.2), *mẽtre* (213.1), *mentre* (213. 3), *tãbén* (Ap. 10,12), *tẽdillón* (177.5), *tẽperado* (75.21), *tẽplos* (7.4,15), *tenplo* (40.3), *seyrõ* (5.18), *seyrũ* (3.8), *bon* (4.28), *uisón* (220.9), *tõbaua* (209.4,5), etc.

Cando entra en contacto o *n* final dunha forma verbal coa 2ª forma do pronome hai asimilación: *-n + lo > nno*. Esta asimilación na maioría dos casos aínda se representa: *abaldoárõno* (127.262), *abraçáuãno* (109.16), *agisarõnos* (3.11), *aqueixáuãno* (156.22), *enderẽçárõnos* (3.13), *segiãno* (6.102), *teuérõno* (99.27), etc. Xunto a estas formas aparecen uns cantos casos en que xa se cumpriu a reducción: *nn > n*. Son: *fezérono* (53.24, 113.20, 127.43, 134.33, 198.11, 204.86, 291.4), *fezéronos* (177.28), *mãtouérona* (126. 48-49), *quérenas* (188.15), *rreçebéronos* (100.4), *teuérono* (127.263), *touérono* (34.15), *tẽeno* (128.10, 209.28-29), *tijñana* (38.12) e *tijñano* (97.7).

Isto mesmo acontece cando entran en contacto *ben, con, en, nen* ou *non* coa 2ª forma do pronome ou do artigo. F. Martís representa nunha serie de casos a primitiva asimilación en *nn: bẽno* (120.10, 201.15), *bẽnos* (175.7); *ẽno* (1.3, 2.5, etc.), *ẽna, ẽnos, ẽnas* son constantes e só nunha ocasión aparece *eno* (54.3) e noutra *no* (26.33), *nẽna* (299.12), *nẽno* (121.155, 150.17, 174.12, 196.8). Coa negación tamén é usual *nõna* (46.8, 98.25, 204.151, etc.), *nõnas* (45.8), *nõno* (6.163, 86.2, 127.282, 231.37, etc.), *nõnos* (92.6, 113.34, 171.50, etc.). Pero xa hai algúns casos da forma reducida: *nõ o* (3.27, 45.2,

177.46, 229.9, etc.; teño anotados 7 casos máis), *nõ os* (5.17, 190.15). Coa preposición *con* está xa sempre a forma reducida *(cona, cono): cõ a, cõ as* (6.61, 157.89), *cõ o* (23.18, etc.), *cõ os* (3.14, 6.18, 116.41, etc.).

2.26. Alternancia vocálica.– Nos textos medievais é moi frecuente a alternancia de solucións fonéticas, especialmente de alternancia vocálica. En F. Martís, coma en calquera outro escribán, hainas ás moreas e podemos facer diversos grupos.

2.26.1. Alternancia a/o.– Ó lado do máis normal *cárcoua* (13.9), *cárcouas* (113.18, 121. 5-6, 191.6, 219.8, 232.62), utiliza unha vez *cárcauas* (232.24). Lembremos tamén *soúde* (121.44, 127.186, 152.29), *soúdo* (100.7), *soudou* (205.22) e *soúdamo* (205.36), así como a alternancia *coudillo* (27.13,15) e *caudillo* (111.16, 121.57, etc.).

2.26.2. Alternancia u/i.– Hai verbos da 2ª conx. que só teñen o participio rematado en *-ido*, como *abatidos* (53.30), *acollidos* (179.3), *amorteçida* (227.17, 228.14, 233. 18), *amorteçidas* (236.9), *amorteçido* (133.20, 232.9), *apremjdos* (209.37), *bastiçida* (181.9), *bastiçidas* (88.6), *bastiçido* (97.6), *cõquerido* (3.22-23), *escarnjçidos* (153. 28-29), *estẽdido* (141.54), *estordido* (152.78-79), *naçida* (148.24), *naçido* (14.5, 29.5, 152.67), *naçidos* (171.75), *preçebidas* (113.30).

Outros verbos presentan só participio en *-udo: açenduda* (26.30), *açendudas* (42. 24), *cõbatudos* (111.25), *corrõpudo* (183.6), *creçudo* (127.170), *criúda* (148.15), *criúdo* (6.161, 94.22), *criúdos* (36.11, 239.13), *descriúda* (309.61), *gradesçudo* (179.19), *malcornudos* (231.65), *maltrajuda* (116.135), *maltrajudo* (162.5), *maltrajudos* (116.65, 132.3), *maltragudos* (127.44, 179.28), *maltrahudos* (28.40), *mãteúda* (298.8), *mãteúdo* (294.66), *rrendudo* (179.63), *rretiúdo* (163.10), *rretraúda* (202.21), *rretrahuda* (105.8), *rretrahudas* (82.9, 306.28), *retrahudo* (94.18, 98.12), *rretrahudo* (29.35, 48.5, 89.15, 101.7, 293.56, 294.39, 309.19), *rronpudas* (132.32-33, 133.49), *rrompudos* (127.168), *sabuda* (293.24, 298.9), *sabudo* (26.28, 98.31), *sofrudo* (152.199), *tĩúda* (4.21), *tĩúdo* (6.114, 17.26, 152.173, 294.39), *tĩúdos* (157.31).

Noutros verbos alternan as dúas formas: *acorrida* (109.8), *acorrido* (127.263, 141.28, 231.35,54) e *acorrudo* (anoteino dúas veces), *apreçebido* (134.4), *apreçebidos* (224.15) e *aperçebudos* (119.19), *apreçebudo* (52.8, 150.24), *ascondidas* (225.6) e *asconduda*s (36.2), *atreujdos* (188.6) e *atreuudo* (2-13, 27.18, 152.69), *atreuudament* (205.93-94), *cofondido* (6.134, 171.113-114, 316.13), *cofondidos* (166.6, 184.11), *cofondida* (52.32) e *cofondudo* (10.10, 32.21, 171.133, 222.14, 294.68), *cofondudos* (6.20, 33.6, 153.28, 176.23, 239.14, 293.24, etc.), *cofonduda* (26.30, 31.8-9, 148.24), *cofunduda* (130.27), *coñosçido* (127.274) e *coñosçudo* (152.11) ou *coñusçudo* (27.16, 91.5, 117.18, 127.326), *defendida* (214.5), *defendidas* (311.99), *defendidos* (306.11) e *defendudo* (178.7, 231.47), *entẽdida* (166.14), *entẽdidos* (294.70) e *entẽduda* (19.2, 220.5, 309.13), *entẽdudas* (9.10), *entẽdudo* (74.6, 78.3, etc.), *entẽdudos* (3.17, etc.), *fendidos* (131.19-20, 157.113) e *fendudas* (132.33-34), *metida* (148.23), *metido* (166.9, 205.99, etc.) e *metudos* (156.8), *moujda* (192.7), *moujdos* (116.59) e *mouudo* (171.55, 204.94), *perdjda* (298.9), *perdida* (110.53), *perdidas* (152.30, 235.14), *perdido* (126.37, 228.10, 293.56, etc.), *perdidos* (111.22) e *perduda* (110.18, 236.7), *perdudo* (117.12, 148.17, 200.37, 234.131, 293.21,23, etc.), *perdudos* (116.15, etc.), *prometida, prome-*

tido (203.15) e *prometudo* (293.25, 301.15, etc.), *rreçebida* (127.226), *rreçebido* (10. 20, 233.3), *rreçebjdo* (173.6) e *reçebuda* (2.24), *rreçebuda* (2.28, 17.4, 28.9, 29.9, 294.23, etc.), *rreçebudas* (293.7), *reçebudo* (26.14-15), *rreçebudo* (2.6, 10.22, 12.15, 18.24, 26.12,17, etc.), *timjda* (89.22), *temjdas* (126.59) e *temudo* (65.4, 317.13, etc.), *timudo* (17.3), *temudos* (161.18), *tendida* (122.7), *tẽdidas* (115.12, 116.4,44, 123. 9, 231.7, etc.), *tẽdidos* (205.42), *tendidos* (134.3, 141.72) e *tendudas* (114.9), *tendudos* (121.132), *vençidas* (116.2), *vençido* (316.7), *vençidos* (205.46, etc.) e *uẽçuda* (309. 13, etc.), *vençudos* (177.23, 233.4, etc.), *uẽçudos* (6.26, 231.43, 233.26, 295.7, 317. 14, etc.), *vendidos* (97.16) e *uẽdudos* (1 vez).

Tamén aparecen con *u* as formas *desauĩũdas* (29.21), *desaujũdos* (150.35) e *ujũdos* (293.8); con *i* a forma *diuidoso* (174.8), por *duvidoso*, e *Eyropa* (28.22, 293.9), xunto a *Europa* (28.24, etc.). As formas ocasionais *oyro* (7.12) e *thesoyros* (7.11) posiblemente están condicionadas polo contorno: "moy grãdes thesoyros, de moyto oyro et de moyta prata...". Outra alternancia típica é a dos verbos *derribar* e *derrubar*, o primeiro máis usado: *derribar, derribaua* (116.148, 127.238, etc.), *derribou* (127.116, 141.19, 171. 129, etc.), *derribarõ, derribara, derriben* (31.15), *derribasse, derribada* (31.9), *derribadas* (12.6), *derribado* (127.101, 231.32, 232.6, etc.), *derribados* (170.6, 177.55, etc.) O segundo nos seguintes casos: *derrubar* (171.85), *derrubarõ* (116.147, 140.9, 231.106), *derrubárõno* (136.74), *derrubando* (127.181), *derrubada* (7.17), *derrubadas* (12.5), *derrubado* (157.83) e *derrubados* (157.65, 159.5, 231.73, 234.68).

2.26.3.– Alternancia a/e.– Entran aquí os casos seguintes: *anojados* (152.193, 189.5), *anoiados* (211.10, 214.3) e *enoiados* (181.12), *enoje* (47.47), *aynda* (2.18, 5.17, 6.135, etc.) e *aynde* (47.13, 294.19), *baesta* (171.19), *baestas* (114.10) e *beesta* (127. 238, 205.10), *barragãa* (9.9, 17.14,18, 101.16) e *barregãa* (7.25, 17.34, 20.19), *derraniauã* (204.17-18), *derranjou* (204.40), *derranjado* (23.7), *derranjados* (6.152, 234.113) e *arrenjar* (111.19), *alifãt* (121.98) e *elifante* (6.124), *enderẽçar* (150.15, etc.), *enderẽçado* (44.7-8), *enderẽçados* (3.11) e *enderãçarõ* (116.56), *lanpinas* (209.30) e *lenpinas* (209.23), *maestre* (31.13, 183.9, 198.18, 202.28, 207.3,4, 209.50, 218.13-14, 235. 6), *maestres* (119.17, 159.56, 169.7, 208.17, 231.27-28) e *meestre* (14.5, 43.15, 96. 7, 133.21-22, 136.48,89, 141.25, 143.17,19, 152.59), *meestres* (308.4), *de rrandón* (116.72) e *en rrendón* (115.5), *saeta* (129.11, 137.5, 171.19, 206.5), *ssaeta* (13.12, 141.91, 176.16, 177.15,16,18), *saetas* (97.7, 102.7, 110.80, 115.19, 116.9,11,35,119, 123, 121.84,133, 126.33, 129.7, 133.38, 134.32, 156.3,4, 174.13, 204.11, 311.46,86) e *seeta* (136.84), *seetas* (97.13), *trahedor* (2.8, 35.7), *traedor* (153.26, 309.55, 314.20) e *treedores* (222.11).

Nalgúns casos só aparece unha única solución: a solución *a* en *crualdade* (202.36), *maestría* (16.4, 121.98, 174.11, 198.12, 291.9, 292.11), *piadade* (91.7, etc.), *piadosa* (83.5) e *saetada* (134.14, 207.1); a solución *e* en *afortelezar*(113.19-20, 191.6, 307.17), *afortelezauã* (191.2), *forteleza* (41.27, 52.30, 148.9, 306.10, etc.), *fortelezas* (7.15, 102.7, 108.47) e *beesteyros* (116.9, 121.101, 126.20).

2.26.4.– Alternancia e/o.– Xunto ás formas *amĩũde* (40.16, 116.148, 122.16, 127.180,183,192, 129.16, 148.26, 152.105, 162.9, 193.26, 203.32, 210.16, 213.3, 215.4,12,15,17, 231.103, 233.12, 308.9), *amjũde* (159.14), *amẽũde* (152.106, 160.

10) e *ameúde* (40.25) aparece *amĩjúdo* (116.150, 149.8, 204.37), antecedente do galego moderno. Tamén alternan *antípodes* (209.24) e *antípedes* (209.42), *ontre* (3.16,27, 32, 4.27, 5.23, 6.16, 93.8, 106.9, etc., 43 veces) e *entre* (6.7,90,135, 17.26-27, 18.11, 29.18, etc., 47 veces), *entropelar* (231.51) e *entrepelaua* (118.12-13), *selorgía* (207.4) e *solergía* (143.17, 235.7), con *solyrgiães* (119.19). Xunto á forma moderna galega *ayre* (183.6, 184.11,12, 191.4) aparece *ayro* (176.15,17). Formas únicas son *arromedaua* (209.17), *couardo* (8.18, 32.12, 127.137, 141.75, 216.20, 230.7, 302.13), *couardos* (121.76, 153.35, 311.85), *somana* (24.16, etc.), *somanas* (110.63, 212.10) e *sopoltura* (108.40, 144.21, 168.11).

2.26.5. Alternancia o/u.– É moi usual que nos textos medievais alternen *o/u* en posición átona, e mesmo, ás veces, en posición tónica. Así, en posición átona: *bruñjdo* (152.8), *bruñjdos* (318.8) e *broñjdos* (132.33), *coberturas* (6.43, 116.92,133, 155.10, 157.58, 305.5) e *cuberturas* (5.13), *cofonduda* (26.30, 31.8-9, 148.24) e *cofunduda* (130.27), *coñosçudo* (152.111) e *coñusçudo* (27.16, 91.5, 117.18, 127.326), *coraçõ* (123.4, etc.) e *curaçõ* (117.6), *costume* (7.30, 20.6, 39.12, etc.), *costumes* (55.2) e unha vez *custume* (144.21), o máis normal *fogir* (127.121,122,181, etc.), *fogimos, fogides, fogía, fogía* (6.168, 7.4, 118.14, etc.), *fogirõ* (130.6), *fogirã, fogisse, fogindo* (6.169, 7.5, etc.) e os raros *fugides* (127.125), *fugirõ* (6.167, 127.131), *fugisse* (177.9), o normal *orgullo* (12.14, 70.4, 84.4, etc.), *orgullos* (26.33) e unha vez *urgullo* (21.11), o normal *orgulloso* (6.101, 60.8, 65.3, 110.59, etc.), *orgullosos* (6.80, 88.16, etc.) e o ocasional *vrgulloso* (77.14, 171.120), *vrgullosos* (3.21-22), *omildosament* (39.13) e *humildosament* (96.4), *rrecodirã* (238.10) e *rrecudirõ* (42.22-23), *seyrõ* (5.18, etc.) e *seyrũ* (3.8); xunto á forma do pronome *os* unha vez a combinación *u us* (127.62), *uirõ* (6.167), *virõ* (5.19, 19.12, etc.) e *virũ* (3.8,16, 6.15,163, 12.11, 19.11), *uyrũ* (3.7). Tamén alternan *deuses* (4.29, 7.29, 10.7, 12.11, etc., 17 veces) e *déoses* (28.7, 29.9, 32.22, 36.4, 91.6, 98.13, 142.24, 152.32, 181.15), no fem. *déosa* (29.31, 38.17, 95.14), *déosas* (29.17, 39.6).

Nalgunhas palabras só hai formas con *o*. Así: *acostumado* (146.3), *ágoa* (44.6), *Andalozia* (292.19), *auõdança* (149.5), *auõdaría* (109.20), *auõdada* (10.15), *cobrir* (121.66, etc.), *cobría, cobriã, cobrirõ*, etc., *comunal* (73.2), *cõprimẽto* (208.7, etc.), *costura* (198.22-23), *descobrirõ* (93.5), *dormir* (29.15, 71.5, etc.), *encobrir* (81.5, etc.), *fondamentos* (13.8), *jnssoa* (38.13,15, 40.3, 88.27), *légoas* (45.7, 49.12, etc.), *léngoa* (7.13, 209.34), *mãdadoría* (17.29), *moller* (6.131, 7.21, etc.), *molleres* (7.3,17,19, etc.), *omildança* (90.10-11), *ondéçima* (126.27), *paos* (97.7), *páscoa* (49.5), *pojou* (166.4), *polmões* (141.13), *poridade* (29.26,29, etc.), *rrobj* (208.6), *rrobijs* (198.45, 210.6), *sabedoría* (11.17, 15.13-14, etc.), *sobir* (97.10, 129.36, etc.), *sobirõ* (20.5, 49.6, etc.), *sobería* (105.13), *sobisse* (111.18, etc.), *sojugamento* (89.20), *somyr* (254.53), *sopoltura* (108.40, 144.21, 168.11), *sospiraua* (237.5), *sospirando* (47.27), *sospiros* (196.9, 229.5), *sotil* (14.5, etc.), *torquí* (137.3), *torquijs* (110.35, 116.119, 159.8), *torquíos* (110.32), *trégoa* (25.9, 26.36, etc.).

Noutros casos só aparece *u*. Así en *cuberta* (6.106, 133.14, 175.9, etc.), *cubertas* (5.16, 13.20), *cuberto* (134.26, etc.), *cubertos* (6.12, 116.92, etc.), *custou* (89.18, 130.32), *custarã* (145.15), *custado* (127.22), *descuberto, encuberta* (196.6), *encuberto*

(201.17), *fugeyras* (190.8), *furesta* (29.11), *lugar* (4.9, 5.17, 6.35, etc.), *pumar* (20.9), *vngir* (108.45).

En posición tónica temos: *depús* (114.12), *enpós* (6.134, 29.11, 97.8, 116.140, etc.) e *enpús* (133.7, 141.77, 151.6, 155.17, 171.88, 176.11, 177.9, 204.20,22, 232.36, 236.9), *perpontos* (205.50), *ponto* (2.38, 37.5, 95.10, 116.73, 127.81,179, 136.66, 157.103, 177.15, 202.16, 204.120-121, 207.7, 216.20, 222.5, 231.23, 234.73, 237. 5, 302.14, 305.15), *pōto* (6.25, 54.5, 127.259) e o moderno *punto* (136.5, 177.50, 210.28, Ap. 8), *pūto* (295.5); *púrpura* (6.43, 110.71, 121.66), *púrpuras* (305.5, 311.6) e *pórpura* (118.5), *pórpuras* (114.8), amais de *púrpora* (238.5), *pos* (116.32, 204.9,26) e *pus* (171.91).

2.26.6. Alternancia e/i.– Coma no caso anterior, é constante a alternancia de *e/i* en posición átona e mesmo, ás veces, en posición tónica. Así, en *adeujñador* (11.12, 32.9,14,20), *adeujñar* (32.14, 33.5, 76.5), *adeujnoo* (132.14), *adeujña* (136.28), *adeujñaua* (36.3), *adeujñado* (51.12) e *adiujñar* (31.5), *adiujñaua* (85.4), *adiuiñey* (31.7); *amēude* (152.106, 160.10), *ameúde* (40.25) e *amjude* (40.16, 116.148, etc., 22 veces), *amjúde* (159.14), *amjúdo* (116.150, 149.8, 204.37); *andámeos* (143.7, 204.35, 205.59) e *andamjos* (123.11); *basteçer* (108.48. 113.26), *basteçerõ* (6.138, 87.7, 125.14-15, 126.15), etc. e *bastiçida* (181.9), *bastiçidas* (88.6), *bastiçido* (97.6); *cābear* (103.5), *canbeado* (199.19) ou *cābauã* (127.144) e *cābiasse* (309.38-39), para o sust. *cābeo* (163.12), *cánbeos* (309.29); *çentura* (69.2, 77.8) e *çintura* (171.135); *çeópides* (209.24) e *çiópides* (209.39); *cōsentir* (89.20, etc.) e *cōsintimento* (150.19), *consintir* (150.1), *cōsintirey* (150.38); *deuisar* (55.1, 174.8), *deuisa* (236.2), *deuisado* (231.3) e *diujsou* (121.61); xunto a *escarnescā* (301.6) a forma *escarnjçidos* (153.28-29); *fegura* (177.20, 203.22), *feguras* (198.16, 208.10) e *figura* (208.20, 209.27), *figuras* (14.17, 209.24); *gorneçer* (108.48, etc.) e *gorniçidos* (110.42); *lentegosa* (85.2) e *lentigoso* (72.3); *leõ* (116.80), *leões* (117.4, 128.7, etc.) e *liões* (209.13); *negromāçia* (35.12, 36.3, 85.3, 208.17, 209. 50) e *njgromāçia* (99.23); xunto ás formas de *partir* a variante *partería* (154.8); *prinçepe* (53.8, etc.; 17 veces), *príncepe* (27.9, 39.11), *prinçepes* (52.26-27, 53.7, etc.; 21 veces), *príncepes* (301.6) e *prinçipe* (95.19, 155.20), *prinçipes* (110.2, 150.40); *rrepentir* (212.6), *rrepentiāsse* (181.13), *rrepentirnos emos* (28.39), *rrepinta* (309.34) e *rripinto* (309.33), *rrepintirã* (142.36), *rrepītimento* (28.39); *rrequeza* (46.6-7, 47.44, 121.92) e *rriqueza* (7.33, 35.16, 48.14, 72.2, 99.27, 101.10, 108.27,38, 201.13, 210.33), *rriquezas* (106.12, 202.22, 311.100); *sábea* (83.6) e *sabia* (199. 22), *sabios* (35.18); xunto ás formas de *seguir* a variante *sygideme* (116.139); *senalados* (152.151) e *synaladas* (131.6), *synalados* (152.102, 234.89), *senaladamēt* (199.3) e *synaladament* (134.15); *sesuda* (86.17), *sesudo* (20.14, 27.6, 35.4, 40.20), *sessudo* (150.21), *sesudos* (294.80, 310.18) e os máis normais *sisuda* (40.4; anoteino 2 veces), *sysuda* (165.7), *sisudo* (17.26, 38.5, 53.21, 58.6, etc., anoteino 15 veces), *sysudo* (150.22, 301.4), *sisudos* (86.24, anoteino 2 veces); *sesudament* (98.4, 112.12) e *sysudament* (28.2, 138.11-12); *sobérbea* (294. 42), *sobéruea* (98.10) e *soberuja* (294.52, 296.6); *soberia* (105.13) e *sobirõ* (49.6), etc.; *temudo* (65.4, 317.13), *temudos* (161.18) e *timudo* (17.3), *temjdas* (126.59) e *timjda* (89.22); *uestidas* (132.39), etc. e *uistirõ* (5.4); cfr. tamén a forma *envíjn* (17.31).

Dentro desta alternancia entran palabras moi importantes da lingua, que xa na

época medieval fluctuaban entre a tendencia a unha forma común para o N. e para o S. e a tendencia á separación, o mesmo ca na actualidade. Así, aparecen *ēemjgo* (12.14, 136.64, 235.11, 309.26, 313.21), *ēemjgos* (98.18,20, 115.8, 127.60,267, 138.4, 140.6, 148.24, 150.5, 152.72, 166.7, 171.16,45, 202.22, 204.39, 305.38, 309.30, 312.2-3, 313.32, 318.7), *emījgo* (98.60), *emījgos* (2.28, 235.13) e *jmījgo* (110.95), *jmījgos* (6.119, 50.13,15, 60.5, 63.4, 87.8, 116.110, 126.4, 127.217,225, 293.15; teño un caso máis sen indicación de cap.).

Para *mesmo* alternan *meesma* (38.3, etc.), *meesmo* (2.37, 6.100, etc.), *meesmos* (49.19, etc.), que é máis normal, e xa a forma antecedente do actual *mismo*, coas variantes *mijsma* (50.7, 2 veces), *mijsmo* (25.21,23, 35.8, 55.4, 160.3, 293.54) e *mijsmos* (43.16).

O indefinido *ningún* aínda non presenta a forma moderna, se ben é certo que xa ten a alternancia *e/i*, con predominio da forma primitiva con *e* e tratamento de *ne(c) unu* por separado. Así: *nehũa* (3.33, 12.14, 13.6, 17.3, 18.9, 19.4, 22.8,23, 35.5, etc., 117 veces), *nehũas* (184.7 e outra vez máis), *nehũ* (6.142, 7.8, 11.13, 17.24, 23.4, 32.10, etc., 163 veces), coas formas nasalizadas *nẽhũ* (209.48), *nẽhũa* (1 vez), e *njhũa* (3.23, 4.22, 6.99, 7.17, 8.13, 9.11, 31.8, etc., 13 veces), *nihũa* (18.12), *njhũ* (3.27, 5.17, 6.73, 146,160, 7.7, 11.8, 12.9, 13.16, 17.34, etc., 15 veces); xa con nasal en *nj̃hũa* (2.36, 4.17, 12.7, 14.28, 21.4, 25.27), *nīhũa* (26.9) e *nj̃hũ* (7.3). Só aparece con *i* a forma *nj̃gén* (218.14).

Dentro da posible alternancia *e/i* dominan as formas con *e*, como acontece actualmente, en *uẽgadores* (41.6), *uẽgança* (26.16-17, 27.25, 28.5,9,19, 29.6, 32.20-21, 34.9-10,18, 41.25, 89.15,28, 127.225, 135.10, 154.8-9,15, 159.28, 165.28, 171.122, 179.11), *uengança* (134.8-9), *uẽgãça* (98.48, 121.131, 301.9), *vengança* (2.8, 3.30,36, 6.86, 21.7, 52.24), *vengãça* (17.4, 29.9, 52.19,22, 53.14, 98.23,34, 105.12); *uẽgar* (52.27, 127.253, 136.65, 141.117, 204.67, 238.15, 306.31), *vẽgar* (193.21), *vengar* (23.22, 26.14, 141.11, 238.16, 293.15), *uẽgarsse* (89.30), *uẽgou* (205.32), *uẽgarõ* (306.4), *vengaremos* (26.35), *uẽgaredes* (193.36), *vengaría* (159.37), *vengaríã* (98.19-20), *uẽgasse* (134.22), *vengada* (8.13), *uẽgada* (122.15), *uẽgadas* (152.113), *uengado* (127.289), *uẽgado* (159.23-24, 179.64), *vengado* (10.22, 49.21, 204.71), *uẽgados* (171.89), *vengados* (52.11-12) frente a *uj̃gadores* (216.18), *vingança* (10.19, 32.22, 315.5), *ujngança* (139.8), *vingãça* (116.107), *vyngãça* (137.8), *uīgança* (171.126, 203.12), *uj̃gança* (12.15, 17.15-16, 23.22, 127.318, 162.6, 293.60, 305.28), *vinganças* (98.14), *uj̃gar* (6.123, 8.14, 134.17, 204.107, 232.18), *vingar* (171.117), *vingauã* (97.20), *vingey* (6.91), *uj̃gara* (178.2), *vingará* (238.13), *vingaremos* (26.32), *vingarnos emos* (2.27), *uj̃ge* (145.9), *uīge* (145.11), *uj̃gemos* (136.19), *vīgasse* (6.118), *uingada* (171.39) e *vingado* (101.17-18).

Tamén é moi importante o caso da palabra *Deus*. En singular aparece sempre *Deus* (6.94,96, 10.18,21, 23.25, 25.9, 26.21, 27.17, etc.). En plural alternan *deuses* (4.29, 7.29, 10.7, 12.11, 16.3, 25.3, 28.4, 31.12, 92.8, 121.43, 234.111, etc., 17 veces), *deus* (94.3, 179.13), *déoses* (28.7, 29.9, 32.22, 36.4, 91.6, 98.13, 142.24, 152.32, 181.15) e o moderno *dioses* (85.4, 101.24, 110.95, 122.16, 162.7, 165.27, 166.6,7-8, 192.20,25, 193.20, 202.34, 203.5,11,15, 204.76, 219.12, 220.10, 221.6, 222.8, 228.11, 238.15, 239.11,13, 301.15, 304.8-9,10,14,16, 312.6, 313.13). Para o feminino apare-

cen *déosa* (29.31, 38.17, 95.14), *déosas* (29.17, 39.6), *deesas* (239.11) e *diosa* (95.18, 96.4), *diosas* (29.16).

Hai palabras que só presentan unha única forma: *cófeas* (132.41), *debuxado* (121.97), *díuedo* (148.10), *esperimento* (95.10), *léngoa* (7.13, 209.34), *ordenou* (120.14), *ordenarõ* (111.23), *postremeyra* e *postremeyro* (14.22, etc.), *rretenir* (6.158, 116.111), *retenir* (136.41), etc., *soteleza* (208.18, 292.11), *uertude* (203.25, 210.3), *uertudes* (39.3), *ueúuas* (152.11, 235.15, 311.17), *veúuas* (119.21, 305.20) e *veziño* (9.6), *ueziño* (12.14), *ueziños* (11.4), *veziños* (6.77), frente a *fornjziño* (23.14), *mjũda* (179.52), *mjũdas* (236.4) e *sijã* (104.2). Só hai formas do verbo *mingar* (*mjũge* 153.12, 199.17, 311.11, etc.).

En posición tónica alternan *cõquerer* (9.5, 91.11, 216.13, 293.12, 294.10, etc.), *cõquererõ* (52.10) e *cõquerir* (6.93, 304.19), *cõquirimos* (113.34); *sandeçe* (24.5) e *sandiçe* (23.16, 104.6,8). Xunto á forma moderna *couardía* (28.33, 32.8,11, 98.57, 110.72-73, 127.227, 310.23, etc.), aparece *couardez* (232.47) e *couardiçe* (164.4, 215.20, 22,23). Só hai formas do verbo *caer* (35.26, etc.).

2.27. Alternancia na representación da nasalidade.– En liñas xerais, indícanse ben os casos de nasalidade, pero hai algunhas palabras que poden aparecer con ela ou sen ela, como é típico de toda a época medieval, o que evidencia que o comezo do proceso de desnasalización é moi vello. Así temos: *ameaça* (18.23, 171.92, 308.9), *ameaças* (133.41) e *amẽaça* (101.20); *ameúde* (40.25) e *amẽúde* (152.106, 160.10); *aueo* (152.160), *aueerõ* (182.5) e *auẽo* (6.129, 24.2, 25.5, etc.), *auẽerõ* (8.5); *Beeyto* (55.3) e *Bẽeyto* (56.2); *boa* (13.20, 36.12, 89.39, 127.145, 142.31, 202.3, 220.5, 303.5, 309.12, 311.69) e *bõa* (3.24, 6.10,60, 10.17, 11.5, 127.146, etc.), *bõas* (5.4, etc.), cfr. *boaandança* (132.47) e *boament* (40.16); *chea* (129.14, 239.23), *cheas* (121.133), *cheo* (152.85, 159.61, 234.129, etc.), *cheos* (60.4, 77.4, 190.10, etc.) e *chẽo* (205.58), *chẽos* (56.5); *doa* (216.17), *doas* (41.20) e *dõa* (309.56, etc.), *dõas* (7.13, etc.); *esporoada* (231.106, etc.), *esporoadas* (152.113) e *esporõada* (231.107); *freos* (110.71) e *frẽos* (99.14); *mãteúda* (298.8) e *mãteũdo* (294.66); xunto á forma moderna *menos* (14.8, 32.5, 81.6, 83.4, 127.212, 128.21, 136.9, 152.20, 165.26, 222.14) hai *meos* (157.108, 161.17, 207.11, 302.11, 310.22) e *mẽos* (32.6, 201.16, 302.16, 303.13,14, aquí 4 veces), así como *meoscabo* (141.59) e *mẽoscabauã* (310.4), *mẽoscabe* (132.17) e *mẽospreçándome* (101.20); *nomeados* (111.9,10) e *nomẽey* (111.4, 121.4, 124.4); *perdoar* (Ap. 18), *perdoarey* (17.31) e *perdõe* (231.41); *poer* (3.30, 155.2) e *põer* (13.14, etc.), *põerme* (47.57); *rrazoarsse* (316.5), *rrazoaua* (86.15), *rrazoarõ* (307.12), *rrazoando* (316.3), *rrazoado* (66.3, 80.2) e *rrazõado* (79.3, 302.2); *rressoauã* (190.11) e *rresõaua* (234.10); *soar* (6.124, 42.11, 137.9, 141.74, 234.9, 311.64), *ssoar* (177.26) e *sõar* (120.4), *sõada* (48.3), *sõo* (2.18, 10.9, etc.) e *soo* (10.20); *troyãos* (2.37, 3.14, etc.) e *troyaos* (3.31, 6.74, 38.13, 39.13, etc., 24 veces), *ueo* (127.19), *veerõ* (53.10,12, 110.43, 111.6,10), *ueesse* (14.28) e *uẽo* (10.5, etc.), *vẽo* (5.18, etc.), *vẽerõ* (111.4, etc.), *uẽesse* (5.3, etc.), *vẽesse* (5.17, 53.8, etc.); *yrmãa* (10.16, etc.) e *yrmaas* (312.8).

Algunhas formas con nasal son *algũus* (4.16, etc.), *amãesçia* (45.11), *apeõado* (129.28), *brũus* (86.5), *chãos* (110.36, 204.16), *corõa* (210.5), *estrẽado* (117.13), *gẽollos* (90.11), *grãado* (60.6), *lũa* (41.38, 42.4), *lũar* (189.10), *mõesteyros* (32.15), *sãar*

(188.17), *sẽestro* (128.5), *tẽen* (17.18), etc. O moderno *menor* (157.40, 212.7) alterna con *mẽor* (303.13, 318.10). Polo contrario, aparecen sen nasal *ameaçaua* (226.15), *ameaçauã* (154.19), *ameaçastes* (185.18), *ameaçárõme* (101.14), *ameaçara* (141.6), *ameaçando* (159.29-30), *area* (152.6), *cárdea* (13.13) e *cárdeo* (312.11), *deostauã* (155.6), *deostoume* (25.14), *deostándoos* (127.124) e *deostos* (26.5), *ueado* (156.24), *veados* (110.50) e *ueados* (208.11, 213.5).

Tamén pode suceder que, por ultracorrección, se coloque til de nasalidade onde non lle corresponde, coma en *cãeu* (116.85), *abraçõa* (160.9), *mãestre* (183.9, 198.18, 202.28, 207.3,4, 218.13-14, etc.), *mãestria* (121.98, 198.12, 291.9, 292.11) e outros casos corrixidos no texto.

Finalmente, debemos lembra-lo o adx. masc. *bo*. Para o plural aparece sempre *bõos* (1.6, 5.4, etc.), pero para o singular alternan ante sust. as formas *bõo* e *bon*, con claro predominio da segunda, pois, aínda que os non contei todos, anotei 131 casos de *bon* (4.6,28,31, 6.70,94,108, 9.3,4, 11.7,13, 19.12, etc.) e só 41 de *bõo* (6.10,114, 11.12, 21.11, 136.89, etc.) Unha vez a forma sen nasalizar *boo* (11.13).

2.28. Elisión da vocal e final ante palabra que empeza por vocal.– Non hai unha regra xeral para a elisión e alterna constantemente coa conservación. Así, a preposición *de* unhas veces elide o *e* e outras consérvao, como sucede en *de ajudar* (3.5), *de al* (121.34), *d'alá* (294.41), *de alá*, *d'algo* (60.6, 238.10), *de algũ* (47.34), *de algũus* (53.10), *de alende* (171.71), *d'aló* (110.57), *d'alto* (11.21, 15.10), *de alta*, *de aly* (6.145, 23.6, 29.14, 45.9-10, etc., teño anotados 23 casos), *d'aly* (142.26, etc.), *de amor* xunto a *d'amor* (40.25, 77.4, etc.), *de anbos* (126.8), *de aquela* (3.18, 6.155, 17.8, 25.19, 54.7, 127.59, 102,203, 132.39, etc.), *daquela* (6.43, 14.10,20, 24.15, 127.43,145,306, etc.), *daquelas* (210.26), *de aquel* (54.5, 94.7, 204.106, etc.), *de aqueles* (127.63), *daquel* (19.6,13, etc.), *de aqueles* (210.7, etc.), *daqueles* (98.14-15, etc.), *de aquelo* (137.10, etc.), *daquelo* (219.6), *de aquesta* (11.18, 89.37, etc.), *daquesta* (3.28, 27.5, etc.), *daqueste*, *de aquestes* (6.139, 41.29, etc.), *de aquesto* (4.30, 98.57, 121.31, 314.1, etc.), *daquesto* (127.250), *de aquí* (51.30, 94.23, 127.21, etc.), *d'aquí* (3.31, 6.135, 25.29, 101.26, etc.), *d'ardidos* (294.47-48), *de armas* (3.12, 4.25, 6.102, 11.7, 28.12, etc.), *d'armas* (48.15, 75.13, 76.4, etc.), *d'áruores* (20.9), *d'azur* (121.33, 157.4), *del* (6.112, 205.79), *de elles* (6.35, etc.), *delles* ou *deles*, *dela* ou *delas*, *delo* (14.21, 50.12, 134.51, 215.24, 341.40), *d'ende* (36.4, 94.14, 127.70,71, 136.10, 180.24, 231.36), *de espadas* (6.110, 43.5), *d'espadas* (6.105), *dessa* (109.20), *de estar* (4.15), *desto* (2.8, 3.43, 6.160, 22.23, etc.), *d'oie* (153.24, etc.), *donde* (14.7, 37.11, 110.43, 133.26, 210.17, etc.), *d'ontre* (3.32, 127.133, etc.) e *d'entre* (127.4, 136.93, etc.), *de entre* (17.26-27, etc.), *de ora* (18.5, 40.17, 127.99, etc.), *d'ora* (10.8, 23.5, etc.), *de ouro* (14.18, 29.18, 99.22, etc.), *d'ouro* (42.17, 99.10, 103.9, etc.), *d'ourofreses* (152.36), *de outra* (6.33, 127.82, 293.20, etc.), *doutra* (186.9, 203.9), *de outras* (121.104, 152.145), *de outro* (88.38, etc.), *doutro* (17.14, 152.132, 199.13, etc.), *du* (183.9), *de y* (17.30, 91.5), *d'y* (125.9, 148.22, 306.17), *d'ỹ* (232.53).

Con outras palabras temos ocasionalmente a elisión: *ant'el* (152.61, 234.47), *desd'aquí* (297.22), *entr'elles* (305.31), *entr'eles* (313.29), *estoutra* (152.26) e *este outro* (309.52), *rrycome* (53.8) e *rrico home* (Ap. 7). Con *grande* o normal é a forma

plena *grande* ou a apocopada *gran*, pero hai uns cantos casos de *grand*. Así: *grãd oste* (5.19), *grãd amor* (100.12) e *grãd arte* (35.19). Con *me* temos *me os* (238.14) e *mo* (205.37, 216.10, etc.). Con *sobre* non se fai a elisión: *sobre el* (6.65,99, 104.6, etc.), *sobre elo* (28.35, 48.2, 292.5), *sobre esto* (34.16, etc.). Finalmente, aínda que non é a vocal final, senón a vocal inicial, a preposición *en* nunca se apocopa co pronome: *en aquel* (5.16), *en el* (6.83), *en ela* (2.33), *en elas* (3.15,30), *en elles* (2.11, 7.27). Tampouco coa forma *un* (*en hũus* 5.4) e case nunca co artigo *o: ẽno, ẽna, ẽno, ẽnas* (é dicir: *enno, enna, ennos, ennas*). Só unha vez aparece *eno* (54.3) e outra a forma moderna *no* (26.33).

2.29. Elisión da vocal -e en posición final despois de t.– Aínda que non é un fenómeno moi xeneralizado, ó galego e ó portugués tamén chegou a tendencia a elimina-lo *-e* final de palabra cando seguía a un *t*, cousa que é moito máis usual no castelán, no aragonés e no catalán e que debe estar en relación coa apócope extrema por influencia francesa. Casos destes son: *acordadament, adeãt* (30 veces), *aficadament* (9 v.), *altament, apostament* (3 v.), *apostadament, ardidament* (5 v.), *atreuudament, auiltadament* (4 v.), *auolment, ben andãt, boament, brauament* (59 v.), *carament* (44 v.), *caramẽt* (2 v.), *çertament* (7 v.), *clarament* (3 v.), *comunalment* (3 v.), *conpridament, cõpridament, cordament, creẽt, cruament* (9 v.), *cruelment, denodadament* (2 v.), *dereytament* (6 v.), *desapostadament, desonrradament, doadament, durament* (23 v.), *encubertament* (4 v.), *endeãt* (4 v.), *enteyrament, entramẽt, entrament, entregament, esforçadament, espessament* (2 v.), *estrayament* (3 v.), *estrayamẽt, fardidament, feament, ferament* (20 v.), *finament, fortement, fortemẽt* (19 v.), *francament, grãadament, humildosament, lealment* (4 v.), *ligeyrament* (5 v.), *lygeyrament* (5 v.), *longament* (5 v.), *loucament* (2 v.), *malament* (7 v.), *malamẽt, malandãt, maldizẽt, maldoẽt, mãtenẽt* (11 v.), *marauillosament* (2 v.), *mayormẽt* (2 v.), *mayorment* (2 v.), *mẽt* (3 v.), *mortalment* (15 v.), *mortalmẽt, nobrement* (2 v.), *omildosament, onrradament* (6 v.), *outorgadament, parẽt* (11 v.), *perigoosament, poblement* (2 v.), *primeyrament* (14 v.), *rregeament* (7 v.), *rrezeament, rricament* (11 v.), *saborosament* (2 v.), *sandiament* (2 v.), *sañudament* (4 v.), *segurament* (6 v.), *semellãt* (2 v.), *senbrãt* (11 v.), *sesudament* (2 v.), *sisudament* (2 v.), *sysudament* (2 v.), *sobeiament* (7 v.), *solament* (16 v.), *sotilment* (2 v.), *sotilmẽt, soltament, synaladament* e *senaladamẽt, talẽt* (24 v.), *tallãt* (5 v.), *ualẽt* (13 v.), *verdadeyrament, uerdadeyrament, uergonçosament, viçosament, viĩt* (19 v.), *uiuament* (7 v.) e *ujuament*.

Nuns cantos casos temos dobre posibilidade: *almirãt* (121.113) e *almirãte* (234.30), *almjrãte* (193.4); *cõtenẽt* (6 v.), e *cõtenẽte* (23.4), *deãt* (9 v.) e *deante* (121.71, 136.53), *alifãt* (121.98) e *elifante* (6.124), *gente* (normal) e *gẽt* (51.38, 90.9, 92.7, 294.32), *mõte* (213.5, etc.) e *mõt* (78.6, 213.3,7), *Ouriẽt* (3 v.), *Ouriẽte* (235.7), *presẽt* (2 v.) e *presente* (204.93). Coma única forma aparece *xamete* (141.116).

2.30. Alternancia de "cons. + l / cons. + r".– Un rasgo característico dos textos galegos e portugueses é a alternancia no resultado do grupo "cons. + l" nas palabras cultas ou semicultas. A tendencia ó rotacismo coñécese desde sempre, se ben hai unha certa diferencia entre o galego e o portugués, no sentido de que este, en xeral, se decidiu por unha

única forma, mentres que no galego permaneceu viva en tódalas épocas do idioma a dobre posibilidade[9].

En F. Martís alternan *açoplos* (209.23) e *açopros* (209.28), *clara* (44.6, 119.9, 120.2, 168.10, etc.) e *crara* (42.4), *claro* (5.18, 49.5, 116.95, 119.10, 120.12, 139.5, etc.) e *craro* (127.107), *craros* (198.45), *cõprir* (Ap. 19), *cõpre* (28.35, 32.15, 109.6, etc.), *cõpría* (150.3, etc.), *cõprían* (15.6), *cũpra* (27.24, 181.15-16, 293.20), etc., e *cũpla* (150.33), *cõprida* (7.34, 35.17) e *cõplidas* (180.30), *despoblada* (3.34, 26.30, 51.14-15) e *despobrada* (12.4), *enfraqueçe* (28.19) e *enflaqueçendo* (179.34), así como *flaco* (8.19, 152.156), *flacos* (184.7) e *fraqua* (74.5), *fraquos* (187.9-10), *esplandeçía* (152.16,69) e *esprãdesçiã* (123.10), *frol* (57.2, 73.4, 77.16, 167.3, 193.5, 198.14, 26,41, 238.8), *froles* (210.15,17,25,26,29,32), *flores* (57.4, 99.10, 121.27, 177.14-15) e *frores* (49.6), *pleytesía* (17.26, 188.7), *pleytesías* (192.6) e *preytesía* (300.2), *preytesya* (64.4), *preytesías* (179.27), *poblar* (13.17,18), *poblada* (17.16), *poblado* (157.54, 234. 50, 294.61,66) e *pobrada* (17.3) ou *probada* (88.36), *prazer* (3.8, 7.17,27, 8.20, 10.11, etc.), *praz* (23.18, 193.39, etc.) e *plazer* (17.15, 49.8, 199.14), *plaz* (202.4), *prazo* (53. 26, 194.6) e *plazo* (53.24).

Pola contra, só aparecen casos con rotacismo nas palabras *brãca* (58.4, etc.), *brãco* e *brãcos* (58.5, etc.), *brasmado* (103.8), *crauos* (171.129), *cõpridament* (191.8, etc.), *cõprimento* (26.19), *cõprimẽto* (208.7), *desprazía* (120.3), *despregarõ* (136.33), *diabro* (179.14), *diabrura* (294.81), *dobrar* (141.116), *dobra* (293.29), *dobraua* (137.8), *dobrada* (136.11, etc.), *dobrado* (98.46), *engrudidos* (174.11), *ennobreçer* (75.4), *escrarecer* (210.7), *fraqueza* (311.92), *frota* (30.6), *mezcrador* (74.7), *nobre* (53.11, etc.), *nobres* (51.20, etc.), *nobreza* (14.14,20, etc.), *obrígome* (31.10), *praça* (34.16, 58.7, 75.25, etc.), *prata* (7.12, 42.17, etc.), *prumas* (99.11), *rresprãdeçía* (204.33), *rresprendor* (210.6), *senbrãt* (40.21, 42.14, etc.), *senbrãtes* (40.16), *singrar* (3.6, 114.13), *singrarõ* (7.27, 19.13, 44.8, etc.), *singrassen* (18.4), etc. e *uenabre* (159.39,43, 171.82). Tamén *pregou* (134.30), *pregadas* (121.95) e *despregarõ* (136.33).

Sen rotacismo atopamos *claridade* (152.16, etc.), *mezclamento* (172.14-15), *mezcladura* (198.15), *mezclar* (80.4, 128.3), *mezclou* (152.87), *mezclarõ* (137.16), *mezclado* (127.156, 311.23), *plazenteyro* (69.3), *pleytejados* (294.27), *pleyteses* (206.15), *pleito* (1.11, 3.28,39, 4.28, etc.), *tablas* (16.7) e *tenplo* (40.3, etc.).

Coma consecuencia desta alternancia pode haber casos de ultracorrección, como son *cõplar* (136.18) 'comprar' e *poblement* (39.10, 111.10-11), xunto ás formas *pobre, poure* e *proueza* (cfr. VI,2.22.).

2.31. Terminación -ge/-gen.– En contra do que sucede na segunda parte, onde alternan as dúas posibilidades, F. Martís só coñece a terminación *-gen*, coma hoxe na grafía do portugués: *auãtajen* (98.23-24), *beueragẽ* (143.20), *jmagen* (211.4), *jmagẽ* (208.19,32, 209.2,49,50,52, 210.5,31, 211.2,6), *ymagẽ* (209.45, 210.29), *linagẽ* (3.32, 10.13-14, 17, 34.8, 142.11, 171.112, 293.16), *lynagẽ* (144.7, 155.23), *lynagen* (26.23), *liñagẽ*

[9] Incomprensiblemente Parker di que a conservación do *l* é castelanismo: "Por la mayor parte uno puede averiguar la castellanización del texto en el trato fonológico de la consonante "l". Siguiendo las reglas del desarrollo fonológico castellano más bien que las gallegas, donde se sustituye "r" por "l", conservan los grupos iniciales esta "l" (??)" (*Historia Troyana*, p. X).

(17.12, 152.173-174, 222.10, 238.14), *ljnagẽ* (294.63), *lyñagẽ* (148.14, 150.11), *liñagen* (18.19, 216.16), *liñajen* (124.4), *ljñagẽ* (127.200), *ljñagen* (124.12), que aparece, ás veces, coma masculino; *menagẽ* (2.38) e *omenagẽ* (193.34), *messagẽ* (20.7, 21.22, 22.7,14, 45.10,12, 186.4,13,15), *messagen* (25.7,20), *messajen* (99.6, 100.6, 310.12), *messaien* (26.4), unhas veces fem. e outras masc.; *passagen* (95.7), *passaien* (31.17-18), *passajen* (95.11,13), *passagẽ* (33.8), *pasagẽ* (4.29), *salu[a]gẽ* (88.30), *saluagẽ* (198.28), *uiagẽ* (18.5), *viajen* (53.28), nos dous exemplos masc., e *Uirgen* (Ap. 18).

2.32. Grafía de palabras con **h**.– Como o *h* latino non se pronunciaba, nos textos medievais máis arcaicos e en toda a Idade Media houbo tendencia a facelo desaparecer da escrita, pero non dunha maneira sistemática. Por recordo do latín e por se tratar, ás veces, de cultismos, sempre hai casos de utilización e mesmo en ocasións de forma ultracorrecta.

En F. Martís temos casos coma *desherdamẽto* (148.22), *desherdar* (161.10, 165. 23-24,28, 298.13), *desherdalos* (301.13), *desherdados* (142.19) e *deserdar* (108.32, 316.14), *deserda* (35.24), *deserdou* (298.14), *deserdado* (35.9, 202.24), *deserdados* (294.58-59), *deshonesta* (84.6), *herdade* (153.10, Ap. 10), *herdeyro* (171.113), *herdeyros* (294.64-65), *humildosament* (96.4) e *omildosament* (39.13), *hoste* (87.6, 88.3, 150.3, 155.21) e *oste* (5.19, 11.2-3, 87.5,150, etc.), *maltrahudos* (28.40), *rretraher* (26.5, 200.33-34), *retraher* (7.8, 113.16), *rretraherõ* (192.17), *retraheruos yan* (109.10), *retrahudo* (94.18, 98.12), *rretrahudo* (29.35, 48.5, 89.15, 101.7, 293.56, 294.39, 309. 19), *rretrahuda* (105.8), *rretrahudas* (82.9, 306.28) e *retraer* (35.13, 112.7), *rretraũda* (202.21), *thesouro* (75.16), *thesouros* (166.9), *thesoyros* (7.11) e *tesouro* (163.12), *tesouros* (7.32). Mención especial merécea *home*, que aparece case sempre con *h*: *home* (3.23,29, 4.27, 5.20,23, etc., en total 207 veces), *homes* (2.32, 3.31, 15.10, etc., 36 veces); só temos *ome* 1 vez (29.5), *õme* 3 veces (4.29, 13.6, 64.3) e *omes* 7 veces (1.6, 7.20, etc.).

Aparecen sen *h* palabras coma *erua* (20.11, 198.26), *eruas* (157.66, 158.8, etc.), *jpópodes* (209.43), *omezios* (293.15), *onbro* (152.131), *onrra* (3.28, 28.11, 29.7, etc.) e *desonrra* (1.2, etc.), *onrrador* (79.5), *onrrados* (52.9), *ora* (6.12,36, etc.), *oras* (40. 9, 117.2, etc.), *onta* (26.12), *ortas* (4.11,24, 5.15), etc. Tamén as diferentes formas do verbo *aver*, entre elas *ey* (53.16), *ás* (27.23), *(apoderarnos) emos* (4.24) e *an* (3.38); para a 3ª persoa do presente pode aparecer *á* (22.18, 231.3, 313.18), pero é máis usual *ha* (3.40, 4.4, 6.140, 7.13, 9.13, 10.17, etc., etc.) ou xa *hay* (302.8, 313.22).

De maneira ultracorrecta aparece *ha* coma preposición (2.27, 94.2, 112.9) e coma pronome (6.136, 48.9, 55.5, 98.27, 313.29; *defendéoha* 118.17), *ho* coma artigo (16.2) e a grafía *he* para a 3ª persoa do pres. de *seer* (3.30,33,37, 4.6 (2 v.), 31, 6.138,139, 15.2, 17.14, 21.5,6, etc.). Outras palabras con *h* ultracorrecta son: *hosmar* (156.27) xunto ó normal *osmar* (18.12, etc.), *hu* (110.91, 127.197, 136.47, etc.), que alterna con *u* (127. 100,178,190,205, etc.), *hũ* (29.10, 31.10, etc.), *hũa* (6.54, etc.), *husar* (28.30-31, 293. 50), *husasse* (74.13), *husado* (143.31), *husados* (108.7, 152.195), *husso* (156.23, 158.6), *hussos* (209.12), *hyrmãdade* (77.17), *proheza* (10.8, 37.10, 75.9,16, 77.18, 111.5, 121. 42, 136.22-23, 153.35-36, 156.25, 177.45,57, 315.3,11, 317.19,22), xunto a *proeza* (86.18, 121.10), *prohezas* (82.9, 193.7, 234.36) e *trahedor* (2.8, 35.7), xunto a *traedor* (153.26, 309.55, 314.20). Cfr. *nehũa*, etc. en VI,2.26.6.

2.33. **S- líquido.**– Só aparece en *scriuío* (Ap. 3), frente a *escriuí* (Ap. 2), *escriuir* (55.4, 56.6), en *scripto* (15.3, 17.9, 110.55), que alterna con *escrita* (29.19), *escripto* (8.6, 21, 29.19, Ap. 6), *escriptos* (111.10, 144,16) e *escritura* (208.4), e tamén en *Spíritu* (Ap. 18).

2.34. ***Alternancia*** **f/ph.**– Xunto a *filósafos* (174.15), só se rexistra alternancia en *propheçía* (35.17,30), *propheçías* (239.11) e *profeçía* (180.30-31), *profeçías* (180.30, 239. 12), así como exclusivamente *ph* en *prophetizado* (35.18, 234.95).

2.35. ***Alternancia*** **c/ç.**– O usual é que se utilice a grafía *ç* ante *e, i,* pero pode haber algún caso en que apareza *c: acaescementos* (313.31), *cercárono* (96.10-11), *cercarẽ* (92.6), *cercado* (9.6), *cidade* (231.91), *cibdade* (142.36), *cima* (157.15), *cinfonía* (210.8), *falescería* (74.9), *mercee* (171.44-45, 230.8), *príncepe* (27.9, 39.11) e *príncepes* (301.6). Esporadicamente aparece unha vez ante *o* e ante *a: comecoulle* (141.23) e *cafil* (208.5).

2.36. ***Alternancia das grafías*** **ge/gue, gi/gui.**– Aínda que F. Martís pode utiliza-la grafía *gue, gui,* é típico del o uso xeneralizado de *ge, gi* co valor de oclusiva/fricativa velar sonora, igualando así a grafía desta consoante e a da prepalatal fricativa sonora (*gente,* etc.). Como exemplos, citaremos: *achegẽ* (132.25), *agya* (119.8, 210.18), *agia* (157.104, 210. 22,24,28), *algẽ* (157.97, 167.5), *alongedes* (94.21), *desagisado* (75.23), *esgiçauã* (239. 9-10), *fugeyras* (190.8), *gerrear* (6.3-4), *gerra* ou *guerra, giador* (58.2), *guyarõnos* (20.9), *gisarsse an* (3.35), *gitarra* (210.9), *jogetes* (160.8), *julges* (29.22), *mager* (121.79), *outorgey* (29.30), *pregiçosos* (305.14), *rrogeylle* (25.13), *sange* (20.18, 116.25, etc.) ou *sangue* (11.21, 127.249, etc.), *segyr* (102.3), etc., etc.

2.37. ***Uso de consoante dobre.***– Como F. Martís utiliza na maioría dos casos *ss* para indica-lo sonido xordo, esta grafía utilízase tamén en fonética sintáctica cando o *s* inicial vai precedido de vocal: *amãssasse* (225.11), *ssabede* (127.266), *ssabedoría* (153.42), *ssaeta* (141.91), *ssagitario* (177.2) e *sagitario* (177.6), *ssange* (156.31, 158.8), *ssão* (296. 10), *se sse* (23.27), *sseer* (24.4), *ssen* (200.8, 218.3, 313.11), *sseyrá* (4.19), *sseyeu* (177. 16), *sseñor* (227.8), *sseñora* (216.21), *sseque* (172.34), *sserras* (110.36), *sseu* (1.8, 2.33, 3.32), *ssua* (3.32), *ssey* (29.10), *seyosse* (48.10), *ssiso* (116.130, 297.23), *ssyso* (6.86), *ssyna* (6.44), *ssobre* (307.12), *ssofrer* (1.10), *ssoo* (179.45), *ssõos* (210.10), *ssoterrar* (146.4), *cobreusse* (127.253), etc.

Por efecto óptico, lévase tamén a casos en que un *n* está representado por til, o que lle fai coidar ó escriba que o *s* está en posición intervocálica: *amãssasse* (225.11), *amãssou* (54.8), *cãssados* (6.156), *cõssello* (5.8,21, 17.7, 23.15, 27.20, 28.10,34, 30.2, etc.), *cõssygo* (11.3, 232.20, etc.), *cõssigo* (99.15), *dérõsse* (6.9), *espedírõsse* (37.20), *feríãsse* (6.11), *fórõsse* (5.13-14), *mãsso* (58.6), *sentárõsse* (42.4), etc.

Á parte destes casos xustificables, colócase *ss,* seguramente por inercia, cando precede *n: consselleyro* (105.16), *conssello* (5.2, 18.2, 28.38), *defenssón* (116.3), *ínssoa* (202.37), *penssamento* (85.5), *penssar* (26.32, 51.8, 154.14), *pensso* (28.10), *penssa* (23.26), *penssou* (17.4, 18.13): *de conssún* (22.22), *denssũun* (93.9), *denssũu* (6.125, 40.14), *denssún* (116.122).

Esta posibilidade sempre alterna co uso da consoante simple: *toda sua* (2.35), *cobreuse* (130.19), *cõsello* (6.144), *cõsygo* (121.137), *consello* (3.27), *de cõsũun* (299. 9), *de cõsún* (3.26-27, 6.9,78, etc.), *sabedoría* (79.7), *seyose* (121.129), *seyeu* (233.16), *sange* (158.8), *seyrá* (238.12), *siso* (11.17, 26.25), *sysso* (6.101), *soterrar* (146.2).

Amais destes casos *ss*, pode aparecer tamén despois de *r* ou *l*: *auerssario* (234.66), *diuerssas* (198.13), *djuerssas* (99.12), *gisarsse an* (3.35), *Perssya* (155.16), *rrazoarsse* (316.5), *uẽgarsse* (89.30) e *bálssamo* (108.46, 198.33,41), *falssidade* (208.26), *falsso* (31.11, 74.8), *falssos* (201.8), *falssou* (116.80) e *falsoulle* (116.83), *falssada* (6.11), etc.

Ocasionalmente aínda poden aparecer outras consoantes dobres: *affán* (152.184, 172.36, 190.7,14, 198.29, 309.62, etc.) e *afán* (154.4, 191.4, etc.), *ffáçome* (148.19), *ffazede* (297.25), *fferro* (127.282), *fforõ* (206.6), *ffosse* (179.27), *ffoy* (74.12), etc. Tamén *sábbean* (Ap. 1).

No caso do *r*, en posición inicial é normal que se escriba *rr* ou *R*, que transcribín sempre por *rr*. F. Martís segue a regra xeral, pero, de tódolos xeitos, ó longo do seu traballo imos atopando aquí e alá casos de *r* simple inicial: *rramos* (99.25) e *ramos* (99.27), *rrazõ* (4.4) e *razõ* (4.2), *rraujoso* (127.21) e *rauyoso* (130.21), *recado* (24.5), *reçebe* (98.48), *reçeberedes* (22.25), *redondo* (71.3), *requeçer* (100.15), *respondeu* (109.5), *respõdeu* (47.32), *resposta* (2.42, 39.4, 91.4, etc.), *respostas* (41.35, (91.9), *retrahudo* (94.18, 98.12), *retraher* (7.8, 113.16), *reuoluer* (6.53), etc. Tras consoante aparece en *bulrrador* (64.4), *onrrador* (79.5), *onrra* (3.28, 28.11, etc.), *onrrados* (52.9), etc.

Para o uso de *ll* véxase VI,2.17.

2.38. Representación gráfica da consoante bilabial **v** *e da vocal* **u**.– Nos textos medievais non hai diferenciación gráfica para a representación da vocal e da consoante e úsase maioritariamente *u* nos dous casos. Consecuente con isto, F. Martís emprega correntemente a grafía *u* para a consoante, aínda que xa presenta abondos casos da grafía moderna *v*: *curuas* (86.9), *enviao* (39.17), *liuroo* (234.17), *serueu* (204.54), *todavia* (79.4), *vaa* (205.38), *uaa* (223.6,8), *ueeriades* (123.8), *veeriades* (123.8), *uẽtura* (142.30), *ventura* (142.32), *uestía* (62.3), *ueuja* (55.8), *veuja* (292.14), *uila* (4.26, 118.17), *vila* (4.9, 118. 15), *vilão* (23.18), *uilão* (23.19), *viua* (43.17), *uoluja* (176.3), *ueesse* (14.28), *ueados* (208.11), *veados* (110.50), *uertude* (203.25), *ueúuas* (152.11, 235.15, 311.17), *veúuas* (119.21, 305.20), etc., etc.

Para a vocal xa case é xeral o uso de *u* e só esporadicamente atopamos algún caso de *v*: *hvn* (150.3, 216.2), *qvando* (143.2, 157.2, 176.3, 237.3), *vrgulloso* (77.14, 171. 120), *vrgullosos* (3.21-22), *vngir* (108.45).

2.39. Representación gráfica da consoante prepalatal fricativa sonora [ž].– Nos textos medievais hai unha constante alternancia gráfica para a representación do [ž], podendo aparecer como grafías *i*, *j*, *g* e mesmo *gy*, *ygy* ou *y*. Na *Crónica Troiana* hai xa unha marcada tendencia á reducción e alternan fundamentalmente *j* e *i*. En posición inicial de palabra F. Martís usa maioritariamente *j*, como en *jayán* (224.10), *jalne* (147.8), *jalnes* (198.44), *jeyto* (234.80), *jogo* (209.16), *jogos* (16.4), *judeus* (203.22), *julgaua* (74.9), *julgasse* (29.27), *justiça* (74.10), *juyzo* (29.18), etc. Tamén hai algún caso de *i*, como *ia* (13.21, 305.14), e xa moitos de *g* ante *e*, *i*: *gẽeraçõ* (3.39), *gigãto* (110.58,

171.28), *gigantos* (121.55). Atendendo á etimoloxía é normal que estas palabras teñan *g* inicial, pero aínda así nótase a tendencia a impor como grafía inicial *j*, pois ó lado de *gente* (2.18, 113.15, 126.57, etc.) ou *gentes* (110.64) atopamos *jente* (110.30,35,88, 114.6, 116.135, 121.55,111, 122.8,12, 126.52, 132.8, etc.) e *jentes* (6.90). Tamén alternan *gestos* (208.27) e *jestos* (208.31).

En posición interna alternan, en xeral, *j* e *i*: *asseiando* (234.80), *correiesse* (121. 68), *cujo* (141.88), *derranjou* (204.40), *derranjados* (6.152, 133.37), *derraniauã* (204. 17-18), *nojo* (99.16, 205.29) e *noio* (205.18), *oie* (10.17, 117.14, 121.73, 132.17, 136. 24) e *oje* (117.11,13, 132.16, 136.21, 153.45), *poia* (52.18), *poiar* (52.18), *seian* (98. 26), *trajede* (294.80), *veio* (108.39), *aio* (32.12, 216.32) e *ajo* (157.8), etc.

A grafía *g* interna úsase menos e case sempre alterna coas outras dúas: *corregemento* (22.18), *derrangedes* (121.39), *engeñoso* (150.24) e *enjenoso* (112.6), *foje* (118. 13), *fogẽ* (152.62) e *foien* (153.34), *fige* (21.13, 29.30, etc.), *fogir* (127.121,122,181, etc.), *longe* (9.5, 127.34, 307.16) e *lonje* (231.35, 234.71), *messageyro* (6.130, 17.38, 19.6, 20.6, 48.8, 121.118), *messageyros* (98.50, 103.9, etc.) e *messajeyro* (45.11, 103. 7-8), *messajeyros* (99.7), *rrégeo* (127.38, 204.133, 231.87, 232.73, 305.16, etc.) e *rréjeo* (127.36), *rreger* (120.12), *quige* (309.47), *vngir* (108.45), etc. Así tamén nos casos citados en VI,2.31., entre eles *liñagen* e *liñajen*, *messagen* e *messajen* ou *messaien*, *passagen* e *passaien* ou *passajen*, *uiagẽ* e *viajen*.

Peculiar de moitos textos medievais, e tamén de F. Martís, é a posibilidade de que a grafía *g* co valor de [ʒ] poida aparecer ante *a, o, u*. Compréndese doadamente este feito: se *j* pode utilizarse co valor de [ʒ] ante calquera vocal, substituíndo a *g* ante *e, i* en moitas ocasións, pola mesma razón *g*, que vale coma [ʒ] ante *e, i* e coma [g] ante *a, o, u*, pode amplia-lo seu campo de acción, aparecendo tamén co valor de [ʒ] ante estas últimas vocais. En F. Martís non é un feito xeral, pero si ben abonado: *beigar* (167.2, 313.16), *beigáuãno* (109.16), *enqueigón* (8.10, 145.5, 313.13, 316.4), *fugamos* (51.30), *fugan* (234.47), *maltragudos* (127.44, 179.28) e *maltrajuda* (116.135), *maltrajudo* (162.5), *maltrajudos* (116.65, 132.3), *orgo* (110.48), *pelegar* (209.11) e *peleiar* (209.12), *prigón* (6.104, 127.234, 152.33-34, 153.45, 154.7, 178.10), *prigõ* (20.17) e *prijón* (169.10, 179.23,64, 182.11,13, 234.16), *sabugos* (152.62), *sabujos* (171.121) e *sabuios* (29.13). Este proceso é idéntico ó que leva a empregar *c* ante *a, o, u*, en lugar de *ç*.

2.40. Representación gráfica da vocal i.– Tampouco hai uniformidade para a representación gráfica da vocal *i*, que pode escribirse coma *i, j* ou *y*. En F. Martís as grafías *i* e *y* alternan en calquera posición, se ben en posición intervocálica é usual *y*. Así: *abaixa* (75.9), *abaixada* (41.38), *abaixamento* (28.13, 89.19), *aly* (3.15), *aquí* (3.31), *assy* (1.5), *Asya* (28.27), *baixar* (26.33), *baixo* (150.11), *beyço* (6.63, 209.32), *cõsygo* (111. 11), *cõsigo* (110.93), *dormir* (29.15, 143.29), *dormyr* (143.30, 292.14), *Diomedes* (65.7), *Dyomedes* (65.2), *diz* (1.1, 8,13), *dyz* (56.2, 86.17), *dyrey* (28.27), *dyrei* (98. 58), *ensynada* (11.5), *ensynado* (9.4), *falimento* (110.86), *falymento* (110.46), *foi* (77.11), *folya* (7.25, 23.26), *ysla* (110.87), *yrmão* (76.5), *yrmãos* (2.5), *leixa* (37.1), *ligeyro* (78.2), *lyde* (7.2, 6.16), *noyte* (3.10), *queixe* (303.3), *queixo* (6.64), *rrico* (58. 10), *rryco* (9.4, 53.21), *señoryos* (89.23), *sinas* (114.9), *synas* (114.14), *synal* (57.7,8), *syso* (127.60), *siso* (2.18), *tyrar* (128.40), *ualia* (152.124), etc.

O normal é *poyaes* (13.20), *Troya* (98.21) e *troyãos* (6.19, etc.) e só ocasionalmente aparecen *Troia* (98.21), *troiãos* (115.16) e tamén *ensaiarõ* (52.15); sempre se usa *estraya* (41.10, 132.31, etc.), *estrayas* (3.23, 13.14, etc.), *estrayo* (6.28, 133.41, etc.) e *estrayos* (3.25, 182.7). A grafía *j* é menos usual e non é normal que apareza na segunda parte do ditongo: *aquj* (215.2), *capeljñas* (127.111), *choujá* (13.21), *djz* (168.3), *jda* (233.19), *jnfanta* (7.21), *jnssoa* (88.27), *jnuerno* (87.3), *jrmãos* (76.2), *naujos* (53.14), *todavja* (51.12, 93.7), *ualja* (63.2), *ujla* (14.9, 133.48), *vjño* (109.8), etc.

2.41. Alternancia gráfica sç/ç.— O grupo latino -sc + e, i- ten coma resultado romance nunha serie de palabras a consoante africada medieval [s], representada por *ç*. Como se trata de verbos e derivados verbais e estaba latente a tradición latina, ocorre moitas veces que se utiliza para a representación do *ç* a grafía latinizante *sç*, na que non se pronunciaba o *s*. A esta grafía contribuíu tamén o feito de que no presente de indicativo houbese alternancia no resultado, pois ante *o* permanecía o grupo latino sen alterar, o mesmo ca ante *a* nas formas do presente de subxuntivo: *coñosco, coñoçes, coñoçe, coñosca, coñoscas, coñosca; cresco, creçes, cresca; gradesco, gradeçes, gradesca*, etc. Estas dúas circunstancias (tradición latina e dobre resultado) fai que se leve a introducir *s* onde non lle corresponde.

En F. Martís temos casos deste uso, con predominio da forma sen *s*. Aparece só *ç* en: *acreçẽtar* (211.11), *acreçẽta* (81.4), *acreçẽtasse* (143.4); *amudeçes* (32.8); *amorteçia* (225.9), *amorteçida* (227.17, 228.14, 233.18), *amorteçidas* (236.9), *amorteçido* (133.20, 141.17, 232.9, 235.4, 236.6, 238.17); *atordeçeu* (136.86-87); *basteçemento* (188.8), *basteçer* (108.48, 113.26), *basteçerõ* (6.138, 87.7, 125.14-15, 126.15), *basteçérõna* (126.14), *basteçérõnos* (3.12), *basteçerlas emos* (4.25), *bastiçida* (181.9), *bastiçidas* (88.6), *bastiçido* (97.6); *creçer* (97.14, 132.31, 133.11, 136.9, 149.9, 153.35), *creçe* (180.31, 293.36, 297.17), *creçia* (127.162,205, 131.9, 181.10, 215.5, 317.27), *creçeu* (103.2, 127.50, 136.57, 141.67), *creçerá* (6.104, 143.34, 179.9), *creçendo* (132.22), *creçẽdo* (116.95, 134.31, 299.3), *creçudo* (127.170); *desfaleçe* (313.11); *despereçerõ* (110.64-65); *enbraueçer* (26.20); *enbrusqueçeu* (294.2); *enfraqueçe* (28.19), *enflaqueçendo* (179.34); *ennobreçer* (75.4); *enpeeçer* (131.26-27, 297.28); *ensandeçiã* (46.10), *ensandeçeu* (172.31, 223.4), *ensandeçera* (157.14), *entristeçer* (229.6), *entristeçeu* (294.2); *enuerdeçer* (3.3); *escarniçidos* (153.28-29); *escrareçer* (210.7); *estraeçer* (153.44, 203.15); *estremeçia* (177.50); *gorneçer* (108.48), *gorneçẽ* (89.32), *gorneçeu* (123.17, 305.3), *gorneçéoas* (2.43), *gorneçerõ* (49.7, 114.9, 219.5, 311.3-4), *gorneçérõnas* (53.25), *gorniçidos* (110.42); *naçe* (51.14, 86.7), *nacj* (47.36, 303.15), *naçeu* (11.16, 42.9, 75.26,26-27, 156.11,13,23, 303.20), *naçera* (14.13, 220.6, 238.3), *naçerã* (197.13), *naçido* (14.5, 29.5, 152.67), *naçidos* (171.75), *naçida* (148.24); *obedeçessen* (53.18); *ofereçer* (91.6,9), *ofereçesse* (94.7); *padeçerõ* (133.53); *rresprãdeçiã* (204.33).

Aparece só *sç* en: *agradesçérõllo* (179.38), *amãesçia* (45.11), *coñosçer* (52.14, 117.19, 127.15-16,144, 136.62, 150.24, 165.14, 166.21, 201.9, 294.30, 311.12,23), *coñosçe* (303.10), *conosçe* (21.5), *coñosçia* (35.13, 121.27), *coñosçeu* (108.14), *coñosçeo* (129.31), *coñosçerõ* (152.75, 157.75, 205.12, 234.8), *coñosçerã* (200.19), *coñosçessen* (159.7), *coñosçerẽ* (110.27, 311.7), *coñosçido* (127.274), *coñosçudo* (152.111),

coñusçudo (27.16, 91.5, 117.18, 127.326) e *pertẽesçe* (150.30,32,37), *pertẽesçíã* (190.16), *pertẽesçesse* (192.25, 211.6).

Domina o uso de *ç* en: *acõteçer* (163.8,9), *acõteçeu* (117.23) e *acõtesçer* (94.8); *cõteçer* (153.36, 158.21, 160.15-16, 163.10, 200.20), *cõteçe* (185.31, 294.24, 302.8), *cõteçera* (160.4) e *cõtesçeu* (150.42); *deçer* (232.52), *deçíã* (204.47, 229.6), *deçeu* (145.14), *deçeusse* (141.108), *deçéoa* (203.31), *deçerõ* (119.7) e *desçeu* (203.20); *esplandeçía* (152.16,69) e *esprãdesçíã* (123.10); *faleçer* (61.4, 234.41-42), *faleçía* (116.109, 171.10), *faleçestes* (295.8), *faleçer[a]* (29.31), *faleçerá* (47.20), *faleçeriã* (124.19) e *falesçer* (47.42), *falesceria* (74.9), *falesçesse* (31.7); *goreçer* (6.168, 7.4,7, 98.53, 136.48,89, 183.9, 227.14), *goreçeo* (6.59), *goreçerõ* (207.2), *goreçessen* (144.14), *guareçer* (203.13) e *goresçer* (116.27), *goresçeo* (207.6), *guaresçerá* (184.12), *guaresçeriã* (169.7); *pareçer* (38.6, 57.3, 75.7-8, 86.2,20,21, 152.69, 165.17, 236.7, 316.7-8), *pareçe* (4.5, 13.5, 139.4,6, 188.13, 193.17, 294.19,33, 297.17, 302.15, 303.19,24), *pareçía* (6.80, 39.9, 40.4, 57.8, 75.19-20,25, 84.4, 114.14, 159.64, 186.9, 204.32, 209.3,49, 211.17, 234.54, 306.44, 312.10,12,13), *pareçíã* (56.5, 204.31,34), *pareçia[n]* (99.12), *pareçerá* (171.45, 302.15, 313.25) e *paresçer* (46.6, 57.4, 314.12), *paresçía* (171.117, 198.13,14, 231.8), *paresçía* (208.23), *paresçiã* (120.7), *paresçíãlle* (159.60), *paresçeu* (23.3), *paresçerá* (127.220), *paresçerlle ya* (14.10).

Domina *sç* en: *acaesçer* (85.5, 91.10), *acaesçe* (205.80, 293.41), *acaesçeu* (5.15, 11.10, 34.13, 107.5, 116.90, 127.16, 150.43, 294.69-70), *acaesçeulle* (90.5), *acaesçera* (94.6), *acaesçesse* (4.11, 150.17), *acaesçemento* (109.18), *acaesçemẽto* (132.47), *acaescementos* (313.31) e *acaeçe* (302.5); *desçender* (127.23, 148.12), *desçendiste* (127.24), *desçendeu* (3 v.), *desçenderõ* (114.20, 116.55, 292.17), *desçendera* (127.60), *desçendeusse* (108.18) e *deçẽdeusse* (108.17), *deçẽde* (293.44); *gradesçer* (51.33), *gradesçéruoslo ey* (17.36), *gradesçiã* (136.32), *gradesçeu* (2.11, 204.120), *gradesçeullo* (2.21, 47.26, 129.39, 185.30), *gradesçéullelo* (49.14), *gradesçeo* (205.71), *gradesçerõ* (310.31), *gradesçerã* (204.125), *gradesçesse* (2.35), *gradesçudo* (179.19) e *gradéçẽlles* (314.15), *gradeçérõllo* (109.21); *meresçer* (200.28), *meresçia* (23.22, 98.5, 144.5,21, 153.24-25), *meresçíã* (144.10), *meresçería* (120.11-12), *meresçesse* (144.9) e *mereçeu* (152.185), *mereçesse* (205.37); *peresçer* (193.39), *peresçerá* (153.31), *peresçerã* (153.30) e *pereçer* (203.13), *pereçesse* (192.15).

No caso da 1ª persoa do pres. de indicativo ou no pres. de subxuntivo é normal a grafía *sc*, co valor de [sk], alternando unhas cantas veces con *zc*. Así: *acaezca* (122.6), *agradesca* (229.20), *coñosco* (21.5, 105.5, 188.18, 196.12, 309.8), *crezca* (302.9) e *cresca* (185.27, 293.35), *desperesca* (199.17), *ensandesco* (10.9), *escarnesca* (301.6), *gradesca* (127.338), *guarescamos* (26.22), *paresca* (27.10, 199.17) e *peresca* (27.14).

A analoxía actuou máis tarde, facendo que desaparecesen estas formas etimolóxicas e adoptándose as formas *coñozo, acaeza, creza, gradeza, pareza*, etc. No portugués, tamén por analoxía, chegou a imponerse nalgún caso a grafía con *sc*, totalmente falsa, que condicionou mesmo a pronuncia moderna das palabras, cousa insólita no galego.

Mesmo nunha ocasión, F. Martís usa ultracorrectamente *sç* na forma *comesçamos* (3.29), que non tiña *sc* en latín. Por iso o normal é que aparezan sempre as formas *começar* (25.32, 28.20,38, etc.), *começa* (8.12), etc.

2.42. O léxico.– Nos apartados anteriores xa tivemos ocasión de facer algunhas referencias ó léxico, e neste último imos dar indicacións máis concretas, podendo nelas ver como tamén no léxico o galego e o portugués non sempre presentan coincidencias.

Partindo dun léxico común galego e portugués e, ás veces, da mesma forma inicial, as dúas linguas puideron adoptar finalmente unha forma diferente. É unha das facetas que tamén fai ó galego independente, aínda que nos nosos días hai quen lle nega esta particularidade e trata de eliminar todas estas formas diverxentes descoñecidas polo portugués. Resulta falso, xa que o galego desde a Idade Media tratou de seguir un camiño propio e isto vémolo sempre reflexado nos textos arcaicos.

En F. Martís atopamos claramente esta peculiaridade. Hai casos nos que aínda presenta dobre posibilidade, pero case sempre coa preferencia cara á solución galega. Noutros xa usa exclusivamente a forma diferencial. Velaquí algunhas mostras. Aparecen exclusivamente as formas galegas *ata* (3.7, 4.22, etc.; unha soa vez *atra* 116.31), *alabando* (89.31), *andamjos* (123.11) ou *andámeos* (143.7, 204.35, 205.59), *aviĩça* (294.76, 300.9) (forma típica galega frente ó port. *aveença* > *avença*) ou *auinẽça* (150.35), *agraueado* (152. 145) e *agraueados* (179.41, 180.24-25, 181.5), *ayre* (183.6, 184.11,12, 191.4) e *ayro* (176.15,17), nunca *aar, arraualde* (232.64), *azaueches* (171.20), *auergonçado* (222.15) (port. *envergonhado*), *alcallde*s (15.10), *burzeses* (236.4) e *burzesas* (7.5, 123.11) en lugar de *burgés, burgesa; color* (14.15, 110.27, 127.283, 159.61, 198.15,27, 203.32, 204. 36, 210.27,29, 215.18, 236.7, 297.17, 316.9), *colores* (13.14, 14.15, 40.25, 99.13, 198.12-13, 233.12), non aparece *coor; coñosçer*, etc. (cando no port. do XIV xa se ía impoñendo *conhecer*), *caer* (nunca *caír*), *chuuja* (115.19) e *chuujas* (203.25), *coomear* (157.88) e *coomeado* (311.54); *dulta* (2.39, 4.30, 6.49,59, etc.), *dultãça* (13.16, 100.13, 128.3, 148.27), *dultar* (27.18, 122.9), *dulto, dultaua, dultastes, dultarã, dulte, dultasse, dultado, dultada*, etc. e *dultoso* (204.86, etc.), *dultosas* (141.84), nunca *dúvida, duvidar* ou *duvidoso* (unha vez *diuidoso* 174.8), *donayro* (73.6) xunto a *doaro* (57.9), *dereyto* (2.35, 3.31, 4.6, etc.), *enqueigón* (8.10, 145.5, 313.13, 316.4), *escaleyras* (294.18-19), *escriuir* (cfr. VI,2.10), *fume* (211.18) e *fumes* (190.10), non *fumo; façaya* (302.15), *léngoa* (7.13, 209.34), non *lingua; loar* (98.47, 303.9, 310.30), *loo* (313.24), *loa* (98.11), *loade* (204.73), *loe* (313.24), *loado* (105.15), etc. e *loor* (144.5,10, 152.185, 294.38, 297.23, 301.11), que son as formas galegas frente ó port. *louvar* e *louvor; mortaldade* (116.24, 133.31, 148.3, 204.61, 219.2, 232.58-59), port. *mortandade; naturaleza* (14. 16), non *natureza; oyr* e tódalas súas formas, frente ó port. *ouvir; poçoya* (121.90, 176. 16), *rrauioso* (171.125), *rraujoso* (127.21) e *rauyoso* (130.21); *Rruujo* (203.21) e *rruujos* (60.4, 79.6); *senlleyro* (32.3) e *senllos* (99.10, 128.7); *soúdo, soudou, soúdamo* e *soúde* (cfr. VI,2.26.1.), variantes típicas do gal. medieval; *término*s (Ap. 11); *testemoyo* (152. 51), *testemoyos* (304.10) e *uizcos* (75.10).

Ás veces presenta dobre forma, unha común ó portugués e outra máis galega ou exclusiva da nosa lingua. Así: *áruore* (29.15, 68.2), *áruores* (3.3, 5.15,16, 20.9, 49.5) e *áruol* (198.32); exemplos de *acabdelando* (116.13) xunto a *acaudillar* (150.26, 155.17), *acaudilláuaos* (129.4), *acaudillemos* (3.40), *acaudilladas* (204.44), *acaudillados* (127. 195, 231.3, 305.45) e *acabdillaua* (116.75), *acabdillade* (122.7-8), *acabdillasse* (121.68), *acabdilladas* (120.15), *acabdillados* (116.121), así como *cabdillo* (121.35,85,105, 127. 245), *caudillo* (111.16, 121.57, 127.108,209, 131.14,15, 133.38, 150.19, 153.22,25,

32, 179.4, 231.63), *caudillos* (159.2) e *coudillo* (27.13,15); o apego á forma *baesta, baestas,* xunto a *beesta* ou *beesteyros* (cfr. VI,2.26.3.); a típica forma galega *çibdade* (3.8, 7.2,11, 18.6, 51.27, 152.201, 200.3) xunto ó común *çidade* (5.12, 13.4,18, 15.6, etc.; anoteino 80 veces); o castelanismo *cola* (23.17) xunto a *coa* (25.22), *coas* (192. 21); a forma galega *couardía,* xunto a *couardez* ou *couardiçe* (cfr. VI,2.26.6.); a tendencia a mudar *cambiar* en *cãbear* (103.5), *canbeado* (199.19) ou o sust. *cãbeo* (163.12), *cánbeos* (309.29), así como a forma *cãbauã* (127.144); as formas *cadrillo* (159.20) e *quadrillos* (231.77); a forma *cãbax* (134.19), *canbax* (171.30) xunto a *cãbays* (152. 128, 159.59,61); a forma *cõquerir* (6.93, 304.19) xunto a *cõquerer* (9.5, etc.); a alternancia entre *despoys* (3.10, 23.13, 44.6, 99.3, 110.96, 115.6, 143.14, 153.4, 159.57, 167.6, 179.5, 180.23, 195.12, 312.14), que triunfou en galego, e *depoys* (3.35, 4.2,21, 23,25-26, etc., en total 197 veces), que triunfou en portugués; a alternancia entre *deuses, déoses, déosa, déosas* e os modernos *dioses, diosa, diosas* (cfr. VI,2.26.6.); a alternancia entre *door* (40.7, 51.27, 293.10) e *dolor* (309.48), así como *doorida* (51.32), *doorido* (6.28, 127.167) e *dolorida* (228.5-6), *doloridas* (305.21), *dolorido* (239.4).

Entra aquí tamén a alternancia entre *entõ* (2.29, 16.2, 28.2, etc., 9 veces), *entón* (29.2), *entoçe* (6.32, 125.5, 127.95,141, 132.9, 137.10, Ap. 7), *entõçes* (204.88), *estonçe* (2.34, 6.31, 10.20, 14.3, 16.7, etc., 132 veces), *estõçe* (97.18, 121.122, 136.77, 157.20, 186.13) e *estonçes* (116.127); a alternancia entre *espaldas* (115.20, 118.10, 234.113) e *espádoas* (56.4, 77.7, 82.3, 86.9, 234.119-120); as formas *estraya* (41.10, 132.31, 153.9, 198.29, 231.64), *estrayas* (3.23, 5.13, 13.14, 39.3, 110.37, 203.23, 204.21,31, 205.96, 209.22), *estrayo* (6.28, 133.41, 135.8, 203.27, etc.), *estrayos* (3. 25, 182.7, etc.), *estrayament* (6.21, 14.15, 118.12) xunto a *estraña* (209.2), *estrañas* (14.24, 108.10, 183.7, 204.14, 209.25), *estraños* (127.228, 209.7,11, 238.12, 309.33) e *estrañezas* (209.47); a forma do gal. moderno *medio* (8.11, 103.3, 182.3, 307.7) frente á arcaica *meo* (6.58,163, 14.8, 42.18, etc., 50 veces), *mea* (294.21) e *meodia* (20.13, 99.18, 119.10, 172.19), port. mod. *meio;* a forma *medade* (14.11, 57.10, 86.3, 127. 355, 294.23), exclusiva de textos galegos, xunto a *meatade* (141.52, 158.9, 177.18). Os diferentes casos de *mijsmo, mijsma* xunto a *meesmo, meesma,* así como as formas de *njhũ* ou *ñjhũ, njhũa* ou *ñjhũa,* precedentes do mod. *ningún, ningunha,* xunto a *nehũ,* etc. (cfr. VI,2.26.6.), e a preferencia por *maestría,* xunto coa maior frecuencia de *maestre, maestres* frente a *meestre* (cfr. VI,2.26.3.).

Xunto a *perigoo* (35.26, 136.45, 156.12,14, 160.17, 166.3, 178.12, 185.17, 198. 29, 205.99, 224.4; 12 veces) e *perigoosa* (8.12, 152.176, 169.8, 204.62, 231.26, 318. 4), *perigoosas* (180.30), *perigooso* (54.8, 127.156, 175.8, 182.10, 190.12, 204.141, 232.41, etc., 9 veces), *perigoosos* (182.6), *perigoosos* (162.9), as formas *peligro* (142.31, 171.59-60, 198.36,38-39, 222.17, 303.7, 304.12), *peligros* (110.62, 116.28), *peligrosa* (165.21) e *peligroso* (306.41-42). Xunto a *perda* (6.145, 35.8, 116.17, etc.) e *perdas* (293.8, etc.) a variante *pérdida* (100.16, 118.26) e *perdidoso* (237.7). Ó lado de *palabra, palaura* e *paraura,* as formas *paráuoa* e *paráuoas* (cfr. VI,2.22).

Tamén a forma *quiçays* (127.16) xunto a *quiçá* (47.11), as típicas formas *rrégeo* (127.38, 152.190, 204.133, 231.87, 232.73, etc.) ou *rrézeo* (152.165, 171.71, 174.11, 177.13,33), así como *rregeament* (116.151-152, 127.214,352, 141.76, etc.) ou *rrezeament* (136.30); a forma galega *soberuja* (98.30,38,44, 294.52, 296.6), coas variantes

sobérbea (294.42) e *sobéruea* (98.10) e o adx. *soberuio* (23.8), xunto a *soberua* (98.9, 10,12,15, 101.8,19, 310.24), *soberuas* (28.6) e o adx. *soberuo* (25.25) ou *soberuosos* (222.9); a preferencia por *saeta, saetas, saetada* frente ás dúas abonacións de *seeta, seetas* (cfr. VI,2.26.3.); as formas *senalados* (152.151) e *senaladamẽt* (199.3) xunto a *synaladas* (131.6), *synalados* (152.102, 234.89) e *synaladament* (134.15); a utilización exclusiva de *uergonça* (6.91, 127.127,136-137, 152.197, 153.14, etc.) e *uergonçosament* (133.32), aínda que alternan *uergonçoso* (61.4) e *uergoñoso* (294.10, 297.5) ou *vergoñosa* (73.4); a preferencia das formas de *vengar* e *vengança* sobre *vingar* e *vingança* (cfr. VI,2.26.6.); a forma *ysla* (110.87) xunto a *ínssoa* (38.13,15, 40.3, 88.27, 202.37).

Hai palabras do texto que coinciden coas dos textos portugueses medievais e que nunca cambiaron de forma ata hoxe na nosa lingua. Así: *acó* (19.5, 21.16, etc.), *acolá* (127.331), *aló* (2.19, 17.30, 21.16, etc.), *alá, agiña* (só o enxordecemento), *çeo* (14.7, 198.15, etc.), *enteiro* (*enteyra* 198.22), *enveia* (293.51), *enveiosos* (211.11), co enxordecemento mod., *fame* (294.32), *feo* (8.18), *feos* (190.9), *feas* (121.76), *mãchas* (171.20), *mãchado* (313.4), *marfil* (121.96), *mellor* (13.10, etc.), *negro* (312.11, etc.), *negra* (121. 66), *negrura* (110.82), *nuues* (14.11), *ourela* (198.43), *paos* (97.7), *pel* (198.25,26, 40), *pelota* (210.21,22,23,29), *peor* (98.16, etc.), *peoria* (116.19, 206.8), *enpeoramento* (37.14), *enpeoraua* (169.4), *solamente* (*solament* en 9.8, 17.18, 21.18, etc.), *veziño* (9.6), *ueziño* (12.14), *uoluer* (143.31), etc. Tamén se dan formas que perviven aínda hoxe na fala popular: *bulrrador* (64.4), *escontra* (171.27, 205.24, 306.43-44), *estreueron* (234.121) xunto a *atreuerme ey* (150.25), *proue* (52.17, 110.19) e *proueza* (35.21, 52.14).

Outras veces a forma que presenta a palabra é típica de moitos textos medievais ou a que lle corresponde ó estadio máis arcaico da lingua. Tamén atopamos palabras hoxe desaparecidas e, xunto ós moitos casos xa citados, grafías ou formas diferentes para a mesma palabra. Así, casos como *aas* (210.25), *abastada* (110.15-16), *abastança* (110.49), *acalçar* (209.41) e outras formas, *acalço* (133.5,7), *adáraga* (129.6) e *adágara* (157.78), *adágaras* (97.8), *adeãtousse* (6.75), *adefiçios* (13.6), *aderẽçou* (127.84), *adur* (70.2,4, 99.14, 132.15, etc., 8 veces) e *aduro* (6.160, 60.7, 127.263, etc., 11 veces), *afaagar* (150.36), *afiuzauã* (169.7), *afrontas* (110.52), *ágoa* (44.6), *aguçosos* (141.72), *alançauã* (156.4, etc.), *alcáçer* (14.2, 15.8-9), *alinpar* (143.11), etc., *almadraque* (143. 10), *almiral* (127.320,324, 128.22,24,26), *almofre* (134.25) e *almófar* (157.15), *amostrarã* (127.179), *amudeçedes* (32.8), *ángeos* (208.22), *anjmalias* (198.16), formas de *apertar* (128.12, 136.94, 205.83, 232.57, etc.), *aperçebudos* (119.19) e *apreçebédeuos* (121. 117), *apreçebudo* (52.8, 150.24), *aqueste, aquesto* xunto a *este, esto, ardido* (5.23, etc., máis de 34 veces) e *fardido* (78.8, 81.4, 82.6, etc., 19 veces; *fardidos* 13 veces), *argento* (116.142), *arrequẽtada* (52.23), *arroubã* (202.23) e *arroubo* (97.21) xunto ós normais *rroubar* (206.22) e *rroubo* (23.33, 41.43, etc.); *asperança* (111.24, etc.) e formas de *asperar* (185.32, 315.17,18, etc.), *assalydores* (209.20), *astragamento* (23.23), *atal* (3.28, 314.19, etc.) e *tal, atamaño* (204.72, 209.40) e *tamaño, atã* (35.26, 312.10,11) e *atãto* (76.2), *atãtos* (231.43) xunto a *tan, tanto, auãtal* (136.78, 172.27, 234.103) e *uãtal* (6.88), *auesso* (296.8), *auessos* (172.22), *áuol* (294.10,78, etc.) e *auoleza* (315. 16, etc.), *az* (4.12, 152.26, 204.87) e *aaz* (6.36, etc.; pl. sempre *azes*).

Tamén *beestarias* (3.12), *caentura* (116.95, etc.), *cales* (7.5), *carbũcolo* (208.5),

caualariosa (33.9), *sse çertarõ* (140.4), *çijza* (36.8), *çinquaeẽta* (88.7,8,13,14,17,21,22, 25,28,33,34), *cobijça* (139.8, etc.), *cobijçoso* (60.8), *cofondiçõ* (294.69), *colparã* (193. 11), *colpados* (193.10), *colpe* (6.58,60,162,166, etc., 38 veces), *colpes* (6.29,47,54,67, 79,155, etc., 38 veces) e unha vez *golpes* (152.151), *comedio* (184.10), *cõmigo* (2.40, 21.4, 27.17, 127.132, 229.16, etc.), *cortesa* (7.22, 124.13, etc.), *costuso* (60.6), *cras* (113.35), *creẽça* (29.20), *cruu* (121.143, 132.35, 226.8, etc.) e *cruel* (23.7), *deãteyra* (114.7, 115.11, 152.40, etc.), *de conssún* (22.22), *de cõsũun* (299.9), *de cõsún* (3.26-27, 6.9,78, 127.37), *de cõsũu* (127.352) e *denssũun* (93.9), *denssũu* (6.125, 40.14), *denssún* (116.122), *demostrãças* (220.12), *despós* (204.24), *dereyteyra* (83.6), *dereyteyro* (89.38-39), *derrancar* (127.184), *desassemellado* (204.126), *desauariadas* (41.35, 110.37, 119.6), *desauariados* (107.4) e *desuariadas* (136.33), *desuariado* (85.5), *des* (306.45, 313.28, etc.) e *desde* (297.27, etc.), *desenssynados* (211.10), *desmalladas* (132.39, 156.30) e *desmãchada* (231.78), *desnẽbrar* (161.13), *nẽbro* (161.13) e *nẽbrudo* (58.2), *desonrramento* (52.14), *despeçadas* (115.14), *despeçado* (127.233) e *despedaçar* (136.41, 205.50, etc.), *despedaçados* (152.49), así como *espeçados* (152.64) e *espedaçar* (163.6, etc.), *despertou* (220.8-9) e *espertou* (29.17), *deteẽça* (208.11), *duzentas* (14. 7) e *duzẽtos* (103.3).

Continúa a lista con *ẽader* (293.64), *emẽda* (22.10-11,12,15, 98.51, etc.), *emẽdar* (100.15, etc.) e *enmẽdarey* (309.67), *enmẽdaredes* (193.37), *ẽmẽdarẽ* (98.53), *enauessados* (309.33), *encalço* (141.82), *ençẽçario* (211.14) e *ençenço* (198.41), *enfamado* (98. 58), *enfingindo* (205.17), *enformados* (77.7), *enmaginado* (127.67), *enmaginados* (148. 26), *enmẽtre* (21.14, 101.26, 116.37, etc.) e *mẽtre* (3.38, 10.5, etc.), *enpoçoados* (110. 80), *enrriçado* (210.21), *entẽçõ* (188.7, 299.12), *entrametẽ* (216.14), *enxalçamento* (35.23) e *enxaltamento* (28.12-13), *enxeco* (17.21, 23.19), *enxecos* (293.15), *escarniçados* (209.26), *escarno* (109.9-10, 202.34-35, 303.7), *escusanças* (121.76), *esgremir* (234.129), *esmõla* (26.34, 47.31), *espaduudo* (62.2), *esprouey* (303.17), *esquipadas* (116.43), *estormentos* (16.5, 63.2, 74.11, 120.5, 210.14), *estreologia* (35.12), *esuarioulle* (137.4-5), *felisteus* (224.11-12), *felón* (65.3, 152.176, 227.11), *féuera* (42.17, 99.9, etc.), *feuereyro* (87.4-5), *fiança* (26.7, 153.31), *fimẽça* (117.19), *firmãça* (101.17), *fiúza* (165.19), *fol* (104.4, 294.41) e *folía* (26.25, 104.4, etc.), *fremosa* (7.21, 8.1, 11.5, etc.), *fremoso* (6.36,76, etc.) e *fremosura* (29.21, 46.6, etc.), *fronte* masc. (209.29), *furacados* (127.112), *gaãça* (6.94, 42.19, 44.10, etc.), *gẽeraçõ* (3.39, etc.), *gigãto* (110. 58, 171.28) e *jayán* (224.10), *grãde* sust. (62.2), *grifos* (209.13) e *grĩfos* (110.67), *grilandas* (208.29), *justiça* (74.10), *juyzo* (29.18).

Despois venen palabras como *layda* (198.28), *laydo* (174.5), *lazeyra* (32.18) e *lazeyro* (311.75), *lazeyrar* (306.21) e formas de *lazerar* (por ex. 19.6), *leal* (47.39, etc.) e *leaal* (35.7), *leterado* (17.26), *lezne* (77.4), *leznes* (58.4, 69.4), *lilio* (73.4, 198.14), *liuão* (62.4), *lousyñeyro* (157.7), *lousyneyro* (74.7), *lumeosa* (208.7), *maa* (3.43, 4.29, etc.), *mao* (6.23, 8.18, etc.) e *malament* (6.68, 22.17, 142.18, etc.), *maçãal* (20.10), *macar* (10.20) e *mager* (121.79), *malapresos* (24.14), *mãteẽça* (313.10), *mármol* (13.13, 14.15,16, 45.6, 108.45, 146.6), *mármoles* (14.15) e *mármor* (13.11, 147.8), *masnada* (6.165, etc.), *meeziña* (26.21), *meeziñas* (235.8), as deformacións *míchel* (208.15) e *énichel* (168.9); a constante alternancia *nao* (masc. ou fem., 18.2, 19.9, 21.18, 22.4, etc.), *naos* (3.11,14, 4.7,15, etc.), *naues* (88.6, etc.) e *naus* (29.8 e 88.39), *neiçijdade*

(104.5-6) e *néyçeo* (103.7), *nẽbrado* (11.9), *nẽbradas* (157.61), *neruos* (174.11), *nosco* (294.27, 295.8,10,11, 303.22), *nouena* (121.135, 220.1), *noueno* (121.144, 124.13) e *nona* (126.24, 231.1), *nuzia* (75.10), *odor* masc. ou fem. (99.11, 184.5, 185.25, 187.8, 198.42, 206.11, 211.18,20,21), *oiemays* (127.29), *ojemays* (133.14) e *oymays* (3.39), *oufanioso* (77.10).

Rematarei con *paação* (2.13, etc.), *pe* (4.2, 6.53, etc.) e *pees* (47.22, etc.), *peçeadas* (11.62), *peleg[r]ar* (116.28) e *perigoar* (54.10), *perfía* (152.187, etc.), *perlonga* (128.16), *perlongança* (138.8) e *perlongar* (234.95, etc.), *piares* (14.19), *poçoado* (183. 6), *poçoados* (184.11), *posfaçador* (75.12), *posfaçẽ* (26.13), etc. e *posfaço* (29.8), *preçeban* (41.18), *preçebesse* (141.111), *preegaua* (181.16), *pregiçosos* (305.14), *prol* masc. ou fem. (6.83, 136.7, 164.9, 222.18, 299.7, etc.), *proueyros* (32.20), *prouiços* (110. 38), *rrafez* (294.63), *rrapazeio* (210.28), *rrayal* (170.3, 209.17), *rreferta* (51.14), *rrenẽbrãça* (153.16), *rreposte* (202.39), *rretrayre* (309.5-6), *rregno* (1.8) e *rreyno* (1.9), *rroá* (159.25), *rroán* (6.70, 121.22), *rroldas* (155.5), *rroldassen* (179.40), *rromãço* (203. 29), *rromãços* (74.10), *rruços* (99.13), *sandía* (86.14, 227.5, etc.), *sangoẽto* (139.3), *sẽestra* (152.133), *sequer* (26.13, 98.13, etc.), *sètima* (204.1), *sètimo* (124.11) e *sèptima* (121.110, 126.18, 317.1), *sèptimo* (121.142), *seruiço* (47.12, 108.41), *syñer* (296.3), *syrgo* (217.3, 312.14), *sofredor* (32.6), *ssojornamento* (311.47), *sol* adv. (44.7, 145.8, etc.), *soo* (20.11, etc.), *soõbra* (20.10, 198.33), *soõbreyros* (99.10), *sorrijr* (102.2), *suas* (314.17, etc.), *sa* (313.24), *sas* (314.13), *seu* e *sou* (293.23), *talén* (203.34) e *talẽt* (21.3, 47.58, etc.), *tãbén* (Ap. 10,12), *teixelos* (198.45), *terçer día* (203.37) e *terçeyro* (210.2), *toste* (5.14, 18.2, 40.2, etc.), *trageytos* (209.11,48), *trageytaua* (209.22), *trameterey* (294.83), etc., *trãçõ* (232.6,10, etc.), *trauès* (23.12, 121.107) e *trauesso* (127. 153, 136.36, 152.165, 296.9), *trezẽtos* (35.11, 116.152), *trijnta* (11.20, etc.), *vegada* (3.28, 6.155, etc.) e *vez, uezes* (6.158, etc.), *uertudeyras* (211.16), *ueruo* (202.44), *uijda* (234.28,49, etc.), *voõtade* (7.29). Lembremos tamén as variantes *arredor* (6.160, 159.15, etc.), *a derredor* (231.68), *en derredor* (4.9, 12.6, 234.46) e *en rredor* (6.106).

Algunhas formas son evidentes confusións co texto castelán: *ahũque* (47.12), *bestias* (110.37-38) xunto a *besta* (174.6, 198.17), *uerdat* (129.33) e *viuela* (210.9).

Nos nomes propios destaca o uso sistemático que fai F. Martís da forma *Éytor* (27.4,5, 28.2, etc.), así como da forma *Pares* (29.2, 30.2, etc.).

3. Parte non escrita por Fernán Martís.— A segunda parte do manuscrito sabemos que non foi escrita por Fernán Martís, pero o que non coñecemos con certeza é se foi obra dun só escriba ou interviron varias persoas na copia. Xa indiquei máis arriba (V, 7) como Martínez Salazar fala de "amanuenses" de Fernán Martís e supón que interviron dous, pois para el o códice foi escrito "por tres distintas manos por lo menos"[10]. O mesmo di Parker, que pretende ser ben explícito: "La letra que se emplea es la francesa que varía bastante a la mano de los varios escribanos. Fue escrita en la mayor parte por Fernán Martís, escribano a sueldo de Fernán Pérez de Andrade, pero participaron en la tarea

[10] *Crónica Troyana*, I, p. X.

a lo menos dos amanuenses más según los indicios de los cambios de letras y los dialectalismos que entran en el texto"[11].

Non explica nada Parker onde se nota esa diferencia entre os "dous amanuenses" nin onde están eses supostos "dialectalismos" e o único que fai é reproducir de maneira inintelixible as palabras de Martínez Salazar, que xa non resultaban totalmente aclaratorias. O feito é que só podemos admitir con absoluta seguridade que a segunda parte non foi copiada por Fernán Martís e que os títulos dos capítulos foron copiados "a posteriori" por outra man. Isto é innegable, pero, se na segunda parte actuaron un ou máis amanuenses, non o podemos afirmar nin negar. Pola letra non se perciben grandes diferencias, aínda que, ás veces, parece que hai folios escritos de maneira algo distinta.

En canto á lingua habería que facer un estudio moito máis profundo e despois de ter clasificado todo o vocabulario, cousa de que non dispomos neste momento. En xeral, parece que hai uniformidade lingüística, con características ben opostas ás da 1ª parte, agás nuns cantos folios (112r-118v), nos que aparecen certas particularidades alleas a Fernán Martís e ó resto da segunda parte. Frente a F. Martís, que separa claramente -ss- de -s-, e toda a segunda parte, que usa case exclusivamente a grafía -s- para os valores primitivos de xorda e sonora, nos folios 112-118 alternan -ss- e -s- para a representación do sonido xordo e, de maneira ultracorrecta, úsase moitas veces -ss- para a representación do sonido sonoro.

Por todo o que acabo de dicir, falarei das características de toda a segunda parte conxuntamente, deixando para outro apartado as particularidades dos títulos dos capítulos.

Aínda que con afirmacións totalmente erróneas, xa Martínez Salazar notou a diferencia entre a primeira e a segunda parte: "Entre lo escrito por uno y otros, existen, además de las variantes comunes a las lenguas poco cultivadas (??) y de los frecuentes yerros de copia, otras de carácter dialectal, que pudo F. M. ir adaptando al dialecto de su comarca y a su grafía particular, al escribirlo (??); pero de esto apenas se cuidaron sus amanuenses, ni el maestro se esmeró tampoco en corregirles estas diferencias (??) que rompen frecuentemente la relativa uniformidad gráfica y lingüística que se observa en lo por el escrito, y revelan que por lo menos la parte escrita por los amanuenses no pudo ser traducción de F. M. sino copia de otro códice también gallego (??), pero escrito en distinta comarca, en el S. o en el O. de Galicia acaso, donde aún hoy se conservan algunas de las formas dialectales empleadas por sus amanuenses"[12].

Salazar xa cita algunhas das diferencias entre a primeira e a segunda parte: "los amanuenses han empleado siempre o con más frecuencia que F. M., las formas siguientes: a por ha (del v. haber); aio, ajo, he, por ey; eynda y eynde, por aynda; ouue, soube, por ouuo, soubo; aquilo, aquisto, quiria, quirria, por aquelo, aquesto, queria, querria; cayo, nacio, oyo, partio (pr. cayo, nacío, etc.), por caeu o cayeu, naceu, oyeu, parteu; i por y: pois, depois, mais, troiãos, queimar, ali; i por j: ia, iaz, iazia; gue por ge: guerra, guisa, mingue, guarganta por gerra, gisa, minge, garganta; m por n: afam, sem, dom, som, uirom, conuem, gram; o por ho y viceversa: õm y õme por hõm y hõme, y honrra,

[11] Parker, *Crónica Troyana*, p. VII. Schiff fala claramente de dous, pois di que "dans ce manuscrit on distingue nettement deux écritures" (*La Bibliothèque*, p. 261).

[12] *Crónica Troyana*, I, p. XIV.

honrrado, por onrra, onrrado; s por ss: uosa, fezese, nosa, podese, diso, consello; u por o: fui y fuy, muy, muyto, a os, as, formas nunca usadas por F. M., al lado de foy, moy, muyto, a, os, as. Emplean con frecuencia ca por que y algunas veces sangre y sangue por sange, peligro por perigoo, ley por lee, meesme por meesmo, golpe y colbe por colpe, dũa, dũas, dũ por dhũa, dhũas, dhũ; separan a menudo las palabras compuestas: en laçou, meos preçados, en fraqueçerõ, contra diso, de mudado y los sufijos pronom. de los verbos, incluso la antigua forma no, na, del art. y pron.: forõ se, fazẽ se, mandarõ lle, gradeceu lles io, nõ na rompeu, meterõ no, forõ na, fezerõ nas, defenderõ nos, etc. etc."[13].

En conxunto, podemos dicir que a segunda parte está escrita con moita menor atención, abundando os erros de interpretación do texto castelán ou os saltos dunha palabra a outra. Tamén son frecuentes as palabras mal escritas, a utilización de signos descoñecidos por F. Martís, a constante variedade na representación dos nomes propios, para os que, ás veces, se adopta unha forma diferente á da primeira parte, a predilección polo uso de *u* e *i* coma vocais e consoantes, etc.

Amais disto, e xa con referencia ás peculiaridades lingüísticas, hai unha grande diferencia de criterio entre a primeira e a segunda parte. Como se viu no cap. VI,2, Fernán Martís adopta en moitos casos unha solución única, a que corresponde ó galego, e noutros de forma maioritaria a que é característica do noso idioma. Pola contra, na segunda parte abundan menos as solucións que son exclusivas do galego, aínda que tamén as hai. O usual é que se presente sempre alternancia entre unha solución máis arcaica, que é, en xeral, a que permaneceu no portugués, e unha solución máis moderna e innovadora, que terminou por triunfar no galego. Hai, pois, un estado de maior indecisión na escolla das solucións fonéticas; con todo, se examinámo-lo conxunto das características de toda a segunda parte, debemos establecer coma conclusión que domina o compoente galego sobre o que podemos chamar galego-portugués.

De acordo coa orde feita para a primeira parte, atopámo-la seguinte situación.

3.1. Alternancia ai/ei.– Coma na primeira parte, tamén é usual a forma con *ei*, que aínda se ve incrementada coa utilización en novas palabras. Así, aparece máis de 100 veces *reiña*, agora só coa grafía *rreyna* (239.27, 320.5, 321.2, etc.), en plural *rreynas* (487.5, etc.).

Da forma *sair* só hai 5 casos (*saya* 279.66, 359.63, *sayu* 498.12 e *sayrõ* 373.28, 379.141), sendo tódolos demais de *seir: seyr* (244.16,18, 246.69, 252.32, 273.6, 282.11, 287.19, 324.3, 326.12, 356.27, 361.4, 369.3, 373.56, 380.45, 383.29, 388.7, 394.2, 399.84, 422.37, 514.16), *seya* (330.19, 343.12, 373.86, 497.17, 514.42), *seyam* (369. 12), *seiam* (419.18), *seyamse* (278.9), *seyãse* (288.3), *sey* (488.3, 514.33), *seyo* (21 veces, cfr. VI,3.5), *seyose* (338.13, 423.5), *seyu* (401.41), *seyuselles* (485.8), *seyrõ* (245. 7, 251.2, 252.6, 253.33, 276.8, 278.2, 290.2, 324.3,8, 345.11, 355.4,24, 373.18,28, 34,35,57, 377.4, 379.5, 405.3, 408.15, 493.26, 505.7, 515.9), *seyrom* (370.6), *seirõ* (327.3), *seyrõse* (330.30, 357.16), *seyromse* (408.13), *seyra* (377.3, 513.33), *seyrã* (422.3), *seyrá* (279.95), *seirá* (356.20), *seyse* (252.3, 254.25, 261.37, 268.4, 288.2, 373.

[13] *Crónica Troyana*, I, p. XIV, n. 4.

12, 379.210, 383.28, 394.3, 425.21, 458.13, 463.8, 469.32, 512.21, 514.46), *seysem* (251.3, 373.14, 378.16, etc.), *seysen* (342.7, 374.6, 378.12, 380.46), *seydo* (375.3), *seyda* (355.8) e *seydas* (355.2, 493.13, 511.10), coma part. ou sust.

Tamén aparece *rreyz* (381.19) e coincide o uso de *parayso* (246.27, 460.10) ou os de *abayxamento* (274.14), *abayxar* (273.9, 279.47, 382.7, 401.30), *abayxou* (279.41), *abayxemos* (274.25), *abayxando* (401.29), *abayxado* (267.8, 437.22), *bayxou* (267. 3, 274.5), *bayxados* (279.5), etc. Tamén aparece *bayxelas* (428.12) e *estrayçí* (488.24).

Nos outros casos é diferente, pois só aparece *ai* en *trayto* (279.116) e *traytos* (252. 60, 379.203-204) e, en cambio, alterna *ai/ei* en *caya* (239.31, 279.63, 332.3, 462.31), *cayã* (279.184, 380.24), *cayam* (279.182, 288.23, 330.6), *cayan* (355.30,31) e *queía* (359.64,67), así como en *rretrayã* (444.18) e *rretreyam* (446.14). Máis importante é o uso de *ei/ai* noutras palabras. Así, xunto a un único caso de *aynda* (330.23), domina a variante *eynda* (246.11,73, 251.12-13, 252.45,78, 261.27, 264.11, 272.16, 273.24,35, 279.109, 281.24, 289.6,24, 328.19, 344.3, 357.9,22, 359.30, 362.31, 373.108, 384. 4, 386.15, 387.8, 395.14, 399.21,24,25 2 v., 400.7, 401.11, 405.10, 406.12,42, 411.4, 425.11,17, 438.10, 442.7,18, 443.31,32,46, 464.93, 471.4, 480.2, 489.3, 492.16, 496.14, 497.4,18, 511.2, 514.56, 516.17). Alternan *treyçóm* (281.15, 345.53, 390. 9-10,14, 391.22, 393.15, 396.7, 405.6, 408.4, 419.6,7, 422.36, 443.101, 474.12, 479. 21, 506.13, 507.20), *treyçõ* (381.11, 422.23, 443.84, 464.12,100), *treiçóm* (338.7) e *trayçóm* (381.1,8, 390.7, 393.17, 396.29, 425.11, 464.7,60), *trayçón* (381.2), *trayçõ* (424.6, 443.13, 464.12), *traiçõ* (345.48, 422.35, 425.6), *traiçóm* (399.33, 464.37) e *trayções* (443.10). En cambio *traydor* (2 veces) e *traidores* (424.6) alterna con *traedor* (14 veces), *traedores* (9 veces) e *treedor* (425.15) (cfr. 3.26.6). Lembremos tamén o part. *traydo* (345.16), que alterna con *traúdo*.

3.2. Forma te/che.– Frente a F. Martís, na segunda parte úsase con moita maior proporción a forma palatalizada galega *che*, que aparece 24 veces, por só 8 veces a forma *te*. Así, temos: *cha* (281.22), *leyxarcha* (281.21), *che* (262.16, 264.12, 318.82,83,84, 337.3, 4,26, 341.7, 345.47, 390.27, 411.5,14 3 veces, 425.8, 497.22, 509.19), *dizerche ey* (264.13, 498.5), *douche* (337.3) e *fáçoche* (411.11), frente a *te* (335.16 2 v., 337.5, 21,25,26, 359.9) e *rrógote* (335.18).

3.3. Resultado da desinencia -sti.– Tamén presenta diferencias respecto á 1ª parte, posto que na 2ª só aparece exclusivamente a desinencia xa palatalizada *-sche*, típica do galego. Atopámola en *achasche* (401.28), *comecasche* (514.23, corrixido en *cometische*), *desche* (401.33), *falische* (318.83), *fezische* (401.30), *fusche* (401.26,29), *fúscheme* (401.28), *matasche* (514.20), *pagasche* (401.34), *podesche* (425.6,10), *quebrantáscheme* (401.31), *tollische* (318.83, 401.33), *tomasche* (422.8, 479.20), *uẽesche* (514. 24), *ueéscheme* (514.22), *uische* (401.29) e *uoluische* (401.29).

3.4. Terceira persoa dos pretéritos fortes.– A diferencia de F. Martís, que só usa o perfecto en *-o*, na 2ª parte alternan os perfectos normais do galego en *-o* e os perfectos en *-e*. De tódolos xeitos é moito máis abundante o perfecto típico do galego, único utilizado para algúns verbos: *aduso* (442.22), *contradiso* (255.16, 387.5), *desdiso* (483.20),

deteuo (514.18), *diso* 68 veces (244.4, 247.3, 250.8, 255.15, 283.3, 284.12, 323.12, 329.12, etc.), *djso* 31 veces (251.5, 287.5, 337.2, 338.20, 339.6, 340.6, etc.), *dísome* (509.17), *dísolle* 29 veces (320.5, 328.33, etc.), *djsolle* 6 veces (262.6, etc.), *dísolles* 19 veces (325.3, 379.92, etc.), *djsolles* 3 veces (249.5, 379.89, etc.), *esteuo* (246.3, 261.41, 267.4, 345.45, 359.68, 373.74, 380.8, 491.6), *estouo* (471.16), *jouuo* (262.3, 332.31, 360.12, 463.3,6), *mãteuo* (515.19), *mãteuoo* (501.14), *podo* 46 veces (240.4, 252.71, 253.24, 255.11, 259.10, 260.8, 261.32,43, 279.34,112,155, 283.8, 318.35,41, 319.26, 328.56,61, 338.12, 345.35,45, 348.7, 356.10,26, 373.89, 379.74,138,196, 380.11,20, 401.30, 417.3, 429.8, 443.81, 447.10, 459.4, 460.33, 463.6, 466.33, 469.19, 471.7, 476.11, 487.30,34, 510.12, 512.7,9, 513.4,25), *pudo* (348.8), *poso* (260.18, 279.114, 356.10, 399.16, 406.11, 443.148, 449.16, 464.23, 509.3), *pósolle* (360.14), *quiso* 46 veces (246.100, 250.12, 255.8, 260.7, 261.35, 268.9, 350.20, 351.3, 355.8, 360.21, 361.25, 378.3, 379.88,145, 383.19, 389.29, 393.17, 394.2, 403.9,11, 411.20, 434.22, 437.32, 438.3, 443.20,120,128,133, 447.10, 448.4, 449.16, 459.14, 464.68,84, 476.14, 479.41, 483.20, 492.10,12,13, 500.29, 504.12,13, 512.13, etc.), *quissoa* (343.14).

A alternancia, sempre con ciara preferencia pola forma máis galega, dáse en *maltrouxo* (253.53, 320.5), *maltróuxoo* (472.9) e *maltrouxe* (443.74), *ouuo* 120 veces (240.5, 245.2, 247.13, 250.3, 252.27,39,46, 319.46, 320.3, 326.15, 327.7, 328.20, 330.25, 334.9, 338.2, 339.2, etc.) e *ouue* 24 veces (253.55, 328.39,49, 351.5, 373.117, 395.10, 411.1, 435.2, 438.3, 443.2, 464.49,50, 479.16, 485.40, 487.49, 488.19, 492.6, 498.2,21, 500.2, 508.11, 510.6, 511.10, 512.4), *prouuo* (252.2, 354.3, 391.3, 433.4, 487.30), *próuuolle* (271.5, 354.15, 376.13, 477.12, 480.7, 497.7, 500.25), *próuuolles* (464.76), *prougo* (248.29), *próugolle* (283.14, 340.3) e *prouue* (426.4, 474.19, 487.43, 506.11), *soubo* 12 veces (259.3, 285.3, 318.53, 320.3, 369.11, 458.5, 470.6, 471.7, 480.3, 495.47, 513.3, 514.7), *sóubose* (464.24,81) e *soube* 9 veces (287.20, 328.24, 391.5, 443.84, 464.32,51, 497.3, 506.3,11), *teuo* (250.10, 420.21, 464.81,82, 469.32, 492.10, 495.47), *téuollo* (274.5), *téuose* (323.4), *touo* (491.12) e *teue* (430.9), *tóuenos* (485.40), *trouxo* 10 veces (255.21, 319.6, 329.8, 372.23, 389.11, 443.75,78, 82,93, 464.12), *trouxe* 4 veces (443.69,71,90, 490.9) e *troixe* (345.40).

Xunto a *fezo* 141 veces (241.7, 244.6, 246.101,102, 252.32,34,41,46, 318.36, 37,57, 319.6, 320.4, 321.7, 324.10, 325.8, 328.8,9, 337.14, etc.), *fézoa* (395.9, 511.10), *fézoas* (443.44), *fézoo* (255.16, 376.7, 378.3, 483.23, 501.16, 512.7, 515.7), *fézoos* (433.9), *fézome* (325.6,7), *fézonos* (337.15), *fézose* (411.19), *fézolle* (464.85, 491.5, 12, 510.7), *fézolles* (355.62), *fézollo* (373.73, 379.79) e *fizo* (457.5), aparece 4 veces a forma *fez* (250.5, 269.32, 345.53, 513.15).

3.5. Terceira persoa dos pretéritos fracos da 3ª conxugación.– Os resultados son paralelos ós de F. Martís, pero con algunha diferencia. As formas máis abundantes son as rematadas en *-eu*, coma na 1ª parte. O que sucede é que, xunto a elas, hai moitos máis casos de *-io* ca en F. Martís e algún exemplo raro de *-iu*.

Só aparece a forma *-io* en *cõsentío* (411.23), *departío* (373.11), *destruío* (395.7), *destroyo* (443.66,72), *desuestío* (497.7-8), *graciolles* (429.6), *mentío* (469.12), *oyo* 44 veces (319.2, 321.2, 322.3, 330.5, 335.14, 336.2, 341.15, 370.3, etc.), *ordío* (467.

4), *pedío* (451.12, 479.6, 500.26), *pedíolle* (404.3), *pedíolles* (417.4, 452.3) e *segío* (395.16, 442.10).

Só aparece a forma en *-eu* en *abreu* (261.38 2 v., 279.90, 284.11), *asegeu* (411.21), *cobreu* (411.22), *descobreu* (512.7), *descobreulle* (262.6), *dormeu* (343.3), *encobreu* (396.29), *fogeu* (443.89, 448.7), *fugeu* (471.5), *rrecodeu* (497.24), *rrepenteu* (479.42), *senteu* (265.4, 279.54, 356.12), *serueu* (460.32) e *sobeu* (373.97, 394.2, 429.4).

Alternan as dúas formas en *cõpreu* (487.23) e *cõprío* (437.32), *espedeuse* (338.13, 396.27, 412.25) e *se espedío* (506.11-12), *fereu* (252.69, 279.40,54, 328.39, 373.32, 379.78,137,146,194, 380.6, 426.4, 497.29), *fereuse* (252.72) e *ferío* (318.35,54, 328.6, 329.8, 355.56, 356.27, 373.81), *parteu* (318.23, 319.43, 328.64, 330.45, 343.2, 362.35, 379.197, 459.4, 469.25, 485.28, 494.18), *parteuse* (356.34) e *partío* (328.63, 362.34, 405.21, 443.93,105, 444.4, 452.8, 509.25, 512.13), *partíose* (477.15), *scriueu* (381.4,7, 516.2,4,5,39), *scripueu* (464.16) e *scriuío* (464.12, 516.10), *escriujo* (516.9), *uesteu* (319.4, 498.11) e *uestío* (372.8).

Para o verbo *seír* (ou *saír*) domina a forma *seyo* 21 veces (252.7,8, 254.14, 274.11, 289.7, 355.7,14,15,16,23,37, 362.34, 373.53, 389.19, 394.5, 399.14 2 v., 443.146, 451.11, 479.24, 505.4), *seyose* (338.13, 423.5). Só ocasionalmente aparece unha forma en *-iu* en *seyu* (401.41), *seyuselles* (485.8) e *sayu* (498.12).

3.6. Perfecto dos verbos da 2ª conxugación.— Tamén é semellante ó que sucede en F. Martís, coa particularidade de que aumentan moito os casos en *-ío*.

Maioritariamente aparecen as formas en *-eu*, como corresponde ós verbos da segunda: *açendeu, acolleu, acorreu, amorteçeuse, aprendeu, ascondeuse, atendeu, atreueuse, beeyzeulle, beueu, caeu, colleuse, confondeu, creçeu, defendeu, despendeu, entendeu, escolleu, faleçeu, fendeu, meteu, morreu, moueu, naçeu, perdeu, prendeu, prometeu, rreçebeu, rrespondeu, rreuolueu, rrompeu, sofreu, sorueu, tendeu, tolleullas, ualeu, uençeu, uendeu, uiueu* e *uolueu*. Tamén aparecen *cõquereu* (443.68,70,74,75,77,78, 87,90) e *çingeu* (379.4).

Por outra banda, témo-la terminación *-eo* nuns poucos casos: *caeo* (499.16), *entendeo* (390.6), *enuolueo* (345.16), *moueo* (464.74), *naçeo* (407.22), *perdeo* (318.48), *rrespondeo* (336.2, 341.11), *uolueo* (327.10, 373.60, 380.8). Para o verbo *creer* conécese a forma *creuo* (514.15).

Por último, con relativa frecuencia aparece a terminación *-ío:* en *cayo* (279.86, 283.8, 284.9, 285.4, 373.19, 380.7, 423.5,7), *creçío* (379.104, 442.2, 444.13), *cresçío* (379.48, 380.27, 395.21, 443.125), *defendío* (443.148), *metíose* (502.6, 512.18), *moujo* (442.20), *naçío* (318.67, 335.14) e *rreçebío* (318.40).

Para o verbo *ver* non aparece a forma *veo*, sendo a máis usual, coma en F. Martís, a variante *ueu*, que aparece 88 veces (246.45,65, 319.24, 328.5,14, etc.). A variante *vío* aparece 8 veces, coas grafías *ujo* (318.34,67, 319.2,30, 422.35, 444.6), *uío* (445.3) e *vío* (345.3). Para o verbo *vir* temos coma única forma *uẽo* (240.8, 244.13, 321.5, 328.67, 343.4, etc.), *uẽolle* (485.29), *uẽose* (480.3). En cambio, nos compostos poden aparecer formas sen nasal: *avẽo* (380.2), *auẽo* (247.1, 335.2, 356.4, 357.16, 359.11, etc., 14 veces), *aueo* (324.2, 343.12, 376.10, 464.2, 470.8, 490.9), *auẽolle* (261.34), *auẽonos* (485.41), *cõuẽo* (373.45), *conuẽo* (437.42).

Finalmente, para o verbo *dar* (da 1ª conx.) tamén é diferente a F. Martís, pois agora domina a forma *dou*, usada 22 veces (252.33,76, 273.10, 279.14,157, 318.40,41, 345.57, 376.17, 379.30,182, 380.12, 396.27, 410.4, 429.4, 443.103, 479.7, 487.38, 492.12 2 v., 501.5, 513.27), *doulla* (443.104), *doulle* 12 veces (328.40, 349.7, 356.25, 376.18, 378.4, 380.16-17, 464.91, 491.8,9, 513.26, 515.7,12), *doulles* (450.11, 469.19, 479.38), *doullo* (376.17) e *doumo* (443.19). A forma *deu* aparece 23 veces (250.12, 252.71,73, 318.29,37, 328.45, 345.21, 435.5, 469.12,30, etc.), *deulle* 8 veces (252.75, 265.6, 279.13,45,143,156, 356.11, 379.32) e *deulles* (246.103).

Aínda que non ten nada que ver con isto, debemos lembrar dous verbos da 1ª conxug. que presentan unha forma correspondente ó castelán: *enujo* (341.3) e *estrayo* (411.19-20).

3.7. Encontro de formas do perfecto co pronome persoal. – A segunda parte presenta diferencias con respecto a F. Martís. A contracción abunda no caso dos pretéritos da 1ª conx. en contacto co pronome *o*. Así: *abraçoo* (514.46), *amoo* (464.83), *auiltoo* (472.9), *beyioo* (496.25), *cõmeçoo* (281.13-14, 500.2), *cõmeçoos* (464.59, 513.29), *começoos* (325.3, 389.28), *coydoo* (380.11), *crioo* (376.13), *deostoo* (387.5), *derriboo* (379.143), *desdenoo* (387.6), *leuoo* (376.12, 411.25, 483.22), *mandoo* (480.7,8, 510.8), *mãdoos* (360.9), *matoo* (497.28, 507.4), *mostroo* (413.2), *negoo* (507.4), *sacoo* (411.4), *seguroo* (406.39) e *tiroo* (279.84). Unha vez aparece escrito *madõs*, por *mandoos* (345.68), e noutra ocasión parece que di *leuoa* (252.71), aínda que é probable que diga *leuoo*, que é o que lle corresponde. Fóra deste caso, non hai ningunha contracción coa forma feminina.

Estas formas contractas, ó contrario de F. Martís, alternan coas formas inalteradas: *achoua* (335.10), *ajuntouas* (373.98), *albergouo* (491.12), *chagouo* (319.37, 328.41, 345.57), *começoua* (335.11), *cõmeçoua* (434.13), *desnẽbroua* (380.17), *enganouo* (343.8), *enuioua* (486.12), *guiouos* (464.46), *lançoua* (345.43), *lançouos* (513.27), *leuoua* (332.30, 425.20, 435.4, 503.4, 507.6), *leuouo* (319.42, 469.31), *leuouos* (427.7), *mandoua* (479.40), *mãdouas* (511.6), *mãdouo* (447.5), *oorouos* (429.5), *seytouo* (279.155), *soudoua* (263.6, 268.5), *tiroua* (435.4), *tomoua* (435.4) e *tomouo* (356.24, 379.195). Tampouco se dá asimilación coas formas de *dar: deuo* (442.23) e *douo* (411.26).

Para a 2ª e 3ª conxugacións, ó contrario de F. Martís, é moi extraña a asimilación e só aparece en 3 ocasións: *defendeos* (373.25), *seruío* (464.82) e *seruíos* (450.10). Sen contracción hai máis casos: *atendeua* (379.138), *atendeuo* (319.30, 373.67), *cometeuas* (373.83), *coñosçeuo* (496.23), *defendeuo* (345.46,58), *leeuas* (464.10), *parteuas* (362.35), *parteuo* (443.133), *rreçebeua* (503.4), *rreçebeuo* (471.11, 491.5) e *rreçebeuos* (461.8). Tamén co verbo *ver: ueua* (345.44) e *veua* (379.138).

Coa 1ª persoa non hai asimilación: *deyo* (443.29), *fareyo* (385.12), *leyxeya* (487.37), etc.

3.8. Encontro do imperfecto co pronome o e outras palabras con -ao. – Diferénciase de F. Martís, pois non hai ningún caso de *-a + o > oo* no verbo: *amauao* (322.6, 348.4, 376.13,17), *andáuao* (356.16), *enujáuao* (255.6), *faziaos* (252.12), *ouuérao* (345.44, 379.179), *yao* (328.20), etc. Tampouco aparece en *aontado* (337.8) e *aontados* (245.5,

252.52,66, 277.4, 279.162). Só se atopa o sust. *órfõos* (481.14) e, coma novidade, a forma verbal *oorouos* (429.5), dun máis arcaico *aorar*.

Para o fem. *aa* temos un caso claro de asimilación en 362.23 (en 328.66 podemos ler "vijna a batalla"). Fóra deste caso, o normal é *aa*, o mesmo ca na combinación co verbo: *afaagáuaa* (373.121), etc.

3.9. Palatalización de formas verbais.– Hai máis casos de palatalización. Así, aínda que aparece unha vez a forma *fiz* (332.18), é normal *fige* (248.11,12,13,31, 262.9, 359. 53,58, 389.10,15, 440.7, 442.21, 443.34,45,46,140,141,143,153, 486.10 2 v., 487.28, 488.7,21), tamén *fije* (248.16) e mesmo xa unha vez coa forma desonorizada *fixe* (262. 11). A palatalización tamén se dá no verbo *querer: quige* (359.53, 488.9) e *quiie* (359. 52). No composto temos tres posibilidades: *cõquige* (443.16), *cõquís* (443.25,35) e *cõquerí* (443.33). Nas outras formas aínda non hai palatalización: *fezestes* (328.36, etc.), *fezerõ* (318.73, 330.30, 334.14, etc.), *fezera* (323.11, etc.), *fezese* (323.8,9,11, etc.), *fezesem, fezesen, fezer* (359.60, 389.24), *quiseron, quisera* (279.86, 320.10,11, etc.), *quisese, quisesemos* (366.6), *quisestes* (332.13), *quisesem, quiser* (319.44, 339.8), *quiserdes*, etc.

A palatalización tamén aparece nos verbos *dizer* e *trager*. Así: *dixe* (248.13, 362.21, 395.17, 443.156), *troixe* (261.44,45, 411.15, 440.8, 443.25,27-28,29,37,43), *troyxe* (443.17 2 v.), *trouxo* e *trouxe* e compostos (cfr. VI, 3.4), *trouxemos* (443.62), *trouxerõ* (240.4, 408.10,17, 416.16, 419.6), *trouxérõna* (403.3-4), *trouxérõno* (480.6), *trouxérõnos* (379.53), *trouxérõlle* (372.14), *trouxera* (243.9, 415.11, 444.15), *trouxerã* (328. 59), *trouxese* (324.5), *trouxesem* (326.8), *trouxer* (261.62), *trouxerẽ* (354.11) e *maltrouxerã* (383.12). Non hai aínda palatalización en *disemos* (243.13), *disestes* (273.38,43, etc.), *diserõ* (245.3, 343.11, 354.14, etc.), *disera* (274.5, 321.2, 322.4,7, etc.), *disese, disesen* (331.7, 332.32, etc.) e *diser* (352.14).

3.10. Outras formas verbais.– Presenta igualdades e diferencias con F. Martís. Así, moitas veces aparece a forma etimolóxica: *diz* (239.30, 318.43, 331.3, etc.), *faz* (343.15, 382. 3, etc.), *fazme* (269.39), *faznos* (337.16), *faço* (247.4, 325.15, etc.), *faça* (249.12, 339. 10), *faças, façamos, façades, façan, iaz* (246.80, 261.58, 359.28, 410.14, 498.18, etc.), *eu poso* (251.13, 283.5, 327.6, 329.11, 330.6, 332.5, 334.20, 345.37, 389.18, etc.), *posa* (248.6, 359.59,61, 381.20, etc.), *posamos* (274.7, etc.), *posades* (363.19, etc.), *poderõ* (318.65, 326.19), *poderom* (355.46), *poderã* (318.63, 325.20), *podese* (318.76, 323.7,13, 327.11, 331.9, 332.4, etc.), *podesem, pergo* (359.5), *perga* (339.11, 396. 11), *trago* (261.44, 371.10, 425.17, 513.8), *tragamos* (391.16), *tíueme* (488.4), *ualla* (248.6, 386.14, 443.151, etc.).

Co verbo *ter* coincide con F. Martís no predominio de formas con *o*. Así: *teuestes* (442.24), *teuerõ* (285.8, 356.3, 507.20), *teuese* (259.10, 361.21, 512.10) e *teuesem* (406.17), frente a *touerõ* (252.3, 402.3, 408.12, 474.6, 502.17), *touéronno* (464.41-42), *touérõna* (373.118), *touera* (401.10, 443.143), *touese* (419.14, 451.7), *touesen* (403. 11, 406.26), *touessen* (275.4), *touer* (249.19, 339.9, 493.10), *touerdes* (287.24, 338. 6,9,33, 385.3, 395.30) e *touerẽ* (396.16). Cos outros verbos diferénciase, pois *deter* só ten formas con *e* e en *estar* e *manter* dominan as formas con *e*. Así: *deteuérõse* (466.

34), *deteuera* (487.41), *deteuerã* (357.17, 414.11) e *deteuese* (364.5); *esteuerõ* (398.7, 495.9,37, 516.2), *esteuera* (323.5, 350.17, 442.18), *esteuese* (350.15, 398.8, 462.33), *esteuesem* (380.20, 511.11) e *esteuerdes* (467.16), frente a *estouese* (323.10, 381.10, 442.11) e *estouesen* (374.6); *mãteuerõ* (253.38, 318.66), *mãteuese* (464.73), *mãteuesen* (416.10), *mãteuesem* (416.23) e *mãteuer* (279.128), frente a *mãtouese* (501.4). Hai 4 casos de confusión do ms.: *estese* (458.13) e *estesem* (252.23, 256.5, 448.11).

Tamén se afasta de F. Martís no uso das seguintes formas: *poyde* (487.20, 497.20, 509.29) e *puyde* (516.32), non *pude; peço* (335.16, 337.26, 359.49), *pèçolles* (261.64), non *pido*, etc. Coincide, en cambio, no uso exclusivo de *escrivir: escriuir* (516.35-36), *scriuir* (362.7-8,9), *scripueu, scriuío, escriujo, scripuj, scriuirõ* (cfr. VI,3.33).

Para o verbo *dizer* e compostos volve haber diferencias, pois non hai formas con *e*, do tipo *dezia*, etc. Xunto a *dizer* (319.31, etc.), *dizedes* (321.3), *dizẽ* (337.18), *dizédeme* (336.3), *dizendo*, etc., só aparecen *dizia* (246.80, 332.4, etc.), *dizíalle* (345.46, 373.122), *dizíalles* (251.6, etc.), *dizíã* (242.5, 246.23, 318.31,46,79, 330.21, etc.), *contradiría* (443.55), *maldizía* (239.31, 279.87,101, 401.4), *maldizía* (246.56), etc.

Non hai formas de *comer*, pero si son idénticos *oyue* (269.27, 359.49, 443.21) e *soybe* (487.29, 488.7). A variante *aio* úsase máis veces (251.2, 254.1, 261.12, 269.9, 280.3, 345.39, 389.16, 397.14, 401.8,35), tamén *áioo* (249.9), xunto ó normal *ey* (246.63,72, 321.11, 325.5, etc.) e tamén *aia* (247.10, 269.41, 337.23, 352.8, etc.), *ajamos* (474.17), etc. Do verbo *saber* só aparece a forma *sabeades* (266.10, 361.5, 362.20).

No verbo *fazer* só está o imper. *fays* (337.26, 479.17), *fais* (337.22) e no verbo *prazer* as formas *praz* (247.6, 340.7, 418.13, etc.), *prazme* (248.35, 249.11), *prouuera* (321.4, 455.5, 469.35, 500.6), *prouuese* (264.5, 265.7, 349.3, 386.26, 433.10, 485.18) e *prouuer* (248.36, 264.13, 266.18, 287.21, 321.12, 378.6, 397.6, 432.6, 439.3); tamén *prazía* (265.7, 351.4), *prazíalle* (322.6), *prazerá* (264.14), *prazería* (264.4), etc. A alternancia está en *praza* (250.6, 359.17,56, etc.) e *plázauos* (418.12). Para o verbo *ser* só temos agora *sõo* (239.26, 244.14, 345.47, etc.) e predominio das formas con reducción vocálica: *serey* (8 veces) e *seerey* (1 vez), *serás* (2 veces), *será* (58 veces) e *seerá* (2 veces), *seremos* (12 veces) e *seeremos* (1 vez), *seredes* (6 veces), *serã* (16 veces) e *seerã* (4 veces), *sería* (62 veces) e *seería* (1 vez), *seerías* (1 vez), *seriades* (359.31), *sería* (11 veces). Sen asimilar *seede* (270.12, etc.) e *seendo* (240.3, 338.14). No imper. aparece *sey* (337.20, 338.5, 411.9,15) e co valor de 'estar, estar sentado' as formas *sé* (389.10, 443.117,150), *seem* (401.22), *sija* (246.72, 338.18, etc.), *sía* (338.16), *sijam* (243.20, etc.), *sijã* (2 veces) e *siam* (243.21). Do verbo *valer* só hai as formas *ual* (247.11, 341.13, 381.19, etc.), *ualuerõ* (273.40, 487.31), *ualuera* (418.16, 436.10), *ualuese* (246.84, 269.7,16, 509.8), *ualrrá* (259.15), *ualrría* (399.51, 487.15, 509.11) e *uallrría* (255.10). Non hai disimilación no verbo *viuer* (438.14), *ujuer* (471.6, 507.17), que xunto a *uiuemos, uiuera* (244.6-7) ou *viuera* (469.22), *uiuería* (332.27) e *uiuese* (332.27), ten a forma *uiuía* (279.88).

Para os outros verbos temos: *aduzer* (389.27) e *adusese* (374.7); *asconder* (425.3) e *ascondera* (451.2); *auẽem* (240.10), *auerrá* (259.15) e *auerría* (269.28), xunto con *aueña* (336.5) e o inf. *auijnr* (460.25) ou *avijnr* (503.13); o imper. *aue* (425.16) e xa a forma *ay* (352.17, 364.3, 399.67, 407.18), de *aver;* as diferentes formas do verbo *caer* (334.16, 338.8, etc., *cae, cay, caemos, caera*, etc.); as formas de *cobijçar* (cfr. VI, 3.41); xunto a *cofonder* (332.21), *cofonda* (383.20-21), *cofondiã* (379.213) e *cofundudo* (359.

26, 401.13), aparece *cõfonder* (281.16,20, 399.59-60), *cõfonda* (435.6), *cõfondía* (345.28), *cõfondeu* (443.68), *confundudo* e *confundudos* (cfr. VI,3.26.2 e 5); *conbater* (361.15), *cõbaterõ* (319.46) e *cõbatendo* (318.45); as formas de *conprir* ou *conplir* (cfr. VI,3.30), agora co subx. *cõpra* (269.23), *se conpla* (449.14) e *cõplase* (429.15); as formas *cõuẽera* e *cõuerrá* (261.48, 261.53-54, 341.14), *conuerrá* (342.8), que agora alterna con *cõvĩjnrá* (386.33), así como *conuerría* (239.29), *cõuém* (242.6, 325.7) e *convĩjna* (383.14,15), etc.; de *creer* (320.7,11), *creo* (318.12, etc.) e *crea* (339.11); de *dar*, as formas *dou* (516.32), *dá* (272.25), *dey* (486.23), *dé* (262.13, 263.14), *demos* (276.8, 411.13), *dedes* (407.8), *dem;* de *detẽer* (242.6), *deterríase* (363.19) e tamén *deterrey* (246.104), *deterrá* (337.23) e *detẽerme ya* (382.10); a forma *doya* (401.9); *espedírõse* (414.6) e tamén *espidamos* (274.20); *esté* (443.154); as formas *feyra* (272.46), *feyramos* (274.21, 345.25) e *feyrades* (325.9); as formas *jouuerõ* (374. 3), *jouuera* (468.7, 497.17), *jouuemos* (485.39), *jouuese* (246.105, 360.4, 403.8, 503.17) e tamén *jarey* (335.19) e *jarás* (337.20); a forma *mãterrá* (457.20), xunto a *mãtẽer* (379.117), *mãtẽemos* (379.121), *mãtẽem* (368.24), *mãtinas* (332.22,24), *mãtijnã* (330. 29) e *mãtiue* (441.5); de *morrer* (341.14, etc.), xunto ós usuais *morremos, morren, morría, morri* (332.23), *morreu, morrera, morrerey, morrería, morrese* e *morreren,* podemos lembrar *moyro* (261.44), *moyra* (261.65, 335.21), *moira* (356.19), *moyramos* (272.24) e *moyrã* (266.21); finalmente as formas exclusivas do verbo *oír: oỳr, oem, oen, oỳa, oỳam, oỳ, oỳstes, oỳrom, oỳra, oyredes, oyrán, oyriades, oyrían, oỳse, oỳsem, oỳde, oỳdo,* xunto a *ouça* (279.96), *ouçamos* (249.19) e *ouçã* (276.12).

Do verbo *poer* (280.5, 360.9, 373.45, 387.12, 409.7, 410.14, 421.5, 445.5, 447.5) temos *poerẽ* (247.7), *poỳna* (cfr. VI,3.15), *poserõ* (243.26, 342.7), *porrey* (267.15), *porrã* (325.21), *porríã* (413.6) e *poede* (464.96); de *querer* cõpre citar *quer* (330.14), *queruos* (263.19), *querrey* (267.17), *querrá* (261.56), *queredes* (338.26) por *querredes* e, coma novidade, o uso constante de *quiría* (247.7, 251.5, 322.5, 340.4, 345.4, 347.9, 352.20, 356.35, 358.9, 383.14, etc.; co valor de *quirría* en 261.22), *quiríase* (358.8-9, 359.64, 425.3, etc.), *quiríã* (246.108, 252.46, 328.26, 346.6,7, 357.8, etc.; co valor de *quirrían* en 274.16), *quirría* (263.21, 264.10, 274.12, 339.17; co valor de *quiría* en 347.5, 360.23, 384.7, 464.81), *quirríã* (co valor de *quiría* en 332.34, 357.12, 395. 18); coma única forma aparece *rreçeber (rreçeben, rreçebía, rreçebí, rreçebeu, rreçebemos, rreçeberon, rreçebera, rreçeban, rreçebesem, rreçeberen, rreçébame);* de *rrijr* (261. 40) só hai *rrija* (261.40); de *saír* podemos lembrar *sayo* (269.19), *sal* (362.36,37,38, 367.8, 460.10, etc.), que alterna con *sae* (246.27) e *sáenos* (274.19), *saen* (367.6), *saem* (367.8), *saẽ* (366.4) e *saya* (338.22); de *sentir* coinciden as formas *sente* (261.55) e *sinta* (386.16) e aparecen agora para a 1ª persoa as variantes *sinto* (359.61, 504.6) e *senço* (261.56); tamén coinciden as formas de *sofrer* (318.66, 328.19, etc.), pero hai diferencias en *soer,* para o que temos *soyo* (390.23), *soe* (269.41), *ssoya, soyamos, soỳam* ou *suíam* (cfr. VI,3.15).

Para o verbo *tẽer* (328.54), temos *tẽes* (318.84, 411.13), *tẽ* (406.42), *tẽemos* (337. 17), *teedes* (395.27, 434.19, 442.6), *tẽen* (362.32), *tina* (339.5, 514.44), *tjna* (408. 19), *tĩjna* (243.20, 328.15, 343.8), *tinã* (360.22, 346.4), *tĩjnã* (246.17, 361.9), *tijnã* (361.6), *terrey* (276.11, 494.8), *terremos* (429.13), *terrã* (249.17, 378.9), *tẽeruos am* (338.29-30), *terría* (267.9, 355.62, 365.7, 366.5, 501.7), *terríame* (262.24), *terría*

(379.163, 405.15). Do verbo *ir* temos *uou, uas, uay, uan, ya, yam, uaa* (359.50), *uaamos, uaades* (338.21). Para o verbo *ver* compre lembrar *ueio* (272.20), *uees* (335.13,15), *uee* (335.21, 382.4,6, 399.57), *ueemos, ueedes* (320.10) e *uedes* (386.27), *ueem* (272.14, 368.14), *uía* (319.11, 358.10), *uiía* e *víía* (373.75), *uiíã* (346.14, 379.47), *vííã, vííam* e *uiíam* (345.9, 347.12, 379.17), *uí* (247.7, 261.5, 273.10, 359.6,52), *ueerá, veeredes* (345.25), *ueeriades, uisen, uir, uirdes* (325.12) e *ueede* (387.9). O verbo *vir* ten agora a forma *uĩjnr* (348.2, 399.70, 411.23, etc.), *vĩjnr* (246.109, 258.9, 321.11, 325.11, 328.55, 340.4, 343.13, etc.) ou *vijnr* (391.20) e del podemos citar *uẽes* (498.16), *uẽ* (240.11), *vijndes* (359.40), *uẽem* (367.4, 382.8), *vẽem* (367.4), *uijña, vijña, uĩjna, vĩjna* e *viña* (379.19, 498.13), *uĩjnã* (373.42,115), *vijnã* (281.8, 289.7, etc.), *uijnã* e *vĩjnã, vim* (514.34), *ueemos* (379.127), *ueerom* (414.4), *uẽeron* (318.61), *ueerõ* (258.4,5, 408.3) e *uẽerõ* (258.7, etc.), *uẽera* (320.3, 322.3, 323.5, 359.47), *uẽeram* (421.11), *ueerã* (253.32, 443.24) e *uẽerã* (356.33), *uerrá* (449.17, 509.19,20), *uerremos* (272.10), *uerría* (341.5, 389.13), *uẽese* (343.6,8, 345.69, 359.25, 374.7) e *vijnde* (359.44).

Amais destas formas aínda podemos indicar outras, como *coubese* (382.10), *cõçebẽ* (368.18), *cõquerer* (246.82, 274.7, 346.6, 443.89), *cõquerestes* (442.15), *cõquererõ, cõquererã, cõquerernos am* (475.8), *cõquejra* (272.49) e *cõquerese* (443.39); a forma *fogẽ* (401.33); *meti* (269.11) e *meterrey* (249.14), así como a forma de pres. *sigue* (272.27). As formas en *-sco, -sca* para o pres. abundan, coma na 1ª parte (cfr. VI,3.41).

3.11. Os demostrativos e o pronome persoal de 3ª persoa.– Hai unha diferencia clara entre a 1ª e a 2ª parte, pois, frente a F. Martís, que só coñece formas con *e*, na 2ª parte alternan formas con *e* e con *i* para o neutro, se ben é certo que dominan as formas máis usuais do galego con *e*. Así: *esto* 297 veces (242.6, 245.8, 246.40,44,56, 318.71, 319.2,13, 325.8,17, 328.10,15, 330.37,49, 384.9, etc.), por ningún caso de *isto; desto* 38 veces (246.76, 261.42, 337.3, 349.3, etc.). Alterna na forma composta *aquesto* (345.21) e *aquisto* 25 veces (275.4, 281.3, 336.2, 356.8, 357.6, 362.12, 373.81, 379.190, 380.20, 385.2, 409.9, 422.46, 433.3, 435.2, 443.49,145, 444.7, 464.50,85, 480.9, 495.16, 498.2, 500.2, 502.19, 504.12) ou *daquisto* (330.23, 411.1, 422.46, 430.6, 451.11, 479.1, 495.1). Tamén temos exclusivamente *eso* (246.24, 385.10, 422.11) ou *esso* (273.4) e volve a alternancia en *aquelo* 9 veces (255.9, 339.4, 388.3, 405.23, etc.), *daquelo* (363.16) e *aquilo* 9 veces (248.19, 250.10, 256.5, 347.9, 409.15, 420.5,7, 485.17, 509.22), *daquilo* (460.25).

Para a forma masculina, coma na 1ª parte, son exclusivos *aquel* (240.3, 244.6, 246.8, 249.19,20, 318.58, 320.7, etc.) e o persoal *el* (240.3, 244.14, 246.8, 318.29,54, 319.14, 343.16, etc.).

Finalmente, ó lado das formas maioritarias *este, estes, esta, estas*, aparecen *aqueste* 6 veces (328.37, 379.122, 439.2, 500.9, 516.3), *aquestes* (386.20, 516.29), *daqueste* (279.83), *aquesta* (273.6, 362.29, 379.147, 443.118) e *aquestas* (507.10).

3.12. Forma lo *do pronome ou do artigo.*– Os resultados son paralelos ós de F. Martís, pero con maior preferencia pola conservación da consoante final e non a asimilación total á forma *lo, la* seguinte. Así, ó lado de *llelo*, é máis usual *lleslo: llesla* (378.7, 420.20), *lleslo* (280.13,17, 373.90, 407.11, 513.25), *gradeçéulleslo* (250.7), *gradesçéulleslo* (497.

24) e *tolléulleslo* (373.92), frente a *déyllelo* (248.18), *gradesçéullelo* (433.5), *outorgóullelo* (420.21) e *outorgárōllelo* (454.10). Cando segue sust. aparece a primeira forma: *lles os* (395.20), *contárōlles as*.

A preferencia pola forma non asimilada tamén se dá cando se une unha forma verbal ou outra palabra rematada en *-s* á 2ª forma do pron. ou do artigo. De acordo con isto temos: *ánbaslas* (245.6, 252.41,50, 253.13,48,49,51, 254.4, 258.6, 279.4,5,116-117,150, 280.39, 287.7, 290.5, 318.14,17-18,26,51, 328.3, 354.17, 355.72, 373.47, 379.209, 479.39, 514.8,13) e *ánboslos* (500.8, 514.9), frente a *ánbalas* (355.52) ou o normal *anbos o* + verbo (379.193).

Con *des* só aparece a forma *deslo* (248.11, 384.15); con *nos* a forma *noslo* 4 veces (352.14, 391.15, 475.18, etc.), *dárnoslo* (406.35), tamén coa forma tónica *nóslos* (399.45), e con *uos* a forma *uoslo* 12 veces (255.7, 263.14, 272.30, 318.76, 331.9, 346.12, 355.53, 373.100, 386.28, 410.10, etc.), *uoslos* (386.26), *uosla* 2 veces (270.12, etc.) e *uoslas* (1 vez). Coa forma tónica non é normal a segunda forma: *nos os* (345.50), *uós o* (336.3, 406.35), *uós os* (434.20).

Con *todos, todas* tamén é usual a forma sen asimilación: *tódoslos* 82 veces (241.6, 243.5,23, 245.2, 247.1, 249.3, 250.3, 319.28, 324.2, 325.13, 334.5, 352.19, 353.3, etc.; *tódoslos* + verbo en 274.6, 356.35, 422.17,42); *tódaslas* 54 veces (242.7, 243.23, 246.9,84,86,89, 252.37-38, 253.56, 256.4,7,8, 257.11, 259.16, 280.9, 354.10, 360.23); *todoslo* + verbo 5 veces (272.6, 354.14, 464.41, etc.). Só temos *todos os* en 5 ocasións (279.11,48,122, 379.41, 386.13) e *todos o* + verbo (345.27), *todos o* + sust. (410.5).

Con outras palabras aparece a forma sen asimilar, exclusivamente ou alternando coa forma *o*: *trasla* (357.11), *traslas* (253.31, 279.129, 289.18) e *traslos* (280.31, 373.34, 386.18, 389.16, 419.23); *enpúslos* (318.69) e *enpús os* (327.8), *enpús a* (332.26); *depús o* (497.27,28); *poyslo* pronome (389.22, 501.13) e *pois os* artigo; *tātos os* (326.10); *quántoslo* + verbo (464.46); *maislas* (240.10) e *mays a* (252.70), *mais a, mays o* (350.12), *mais o* (334.4), *mays os, mais os* (346.3), etc.

Coma en F. Martís, cos verbos non se coloca a forma *lo* do artigo: *aliues o* (335.17), *confortes o* (335.18), *fazemos o* (399.46), *feytas as* (417.2), *outorges o* (335.18), *oyredes o* (496.18), *pasastes as* (371.5), *perdestes os* (359.32), *poédelles o* (410.14), *seremos os* (345.50), *sostenas a* (335.17), etc. Co pronome hai máis casos de alternancia e sempre coa 2ª forma: *apedrámoslo* (443.19), *cōmeçámoslo* (273.39), *cōmeçástes-lo* (273.13-14), *começémoslo* (345.24), *deuédeslo* (385.4), *deuiámoslo* (399.48), *feyrámoslo* (279.126) e *uaámoslos* (280.19), frente a *aprémelos* (401.24), *derribalos* (401.23), *enxáltalos* (401.25) e *leuāltalos* (401.25). Non se utiliza a 2ª forma noutros casos: *uez o, uezes a* (350.7).

Nos casos da forma verbal en *-mos* + pron. *nos* non hai alternancia: *aueñámosnos* (475.12), *cōbatémosnos* (273.19), *deueriámosnos* (399.19), *espidámosnos* (274.21) e *tomémosnos* (406.44-45).

Co infinitivo hai unha pequena diferencia coa 1ª parte. O normal é que non se use a 2ª forma do artigo (*cobrar o canpo* 318.65, *correr os* 318.21-22, 319.31, 326.6, 373.71; *leyxar o canpo* 326.20, *ueer o* 343.17), pero nunha ocasión aparece *fazerlo mais aguisado* (495.20). Co pronome xa é normal a forma *lo*, coa asimilación ou non do

r: desdenalos (464.59), *deytalo* (510.6-7), *esforçalos* (379.109), *falala* (411.5), *seguralo* (270.9) e *soruelo* (462.22), frente a *abraçarlo ya* (513.17), *acha(a)rla á* (276.14), *acharla edes* (338.22), *ajudarlos ey* (457.12-13), *amarlos ey* (457.12-13), *beijarlo* (341.15), *cõmeçarlo* (271.7), *cõuidarlos ey* (390.26), *coroarlo* (483.23), *culparla ya* (261.5-6), *defenderla* (361.13), *demãdarla* (443.86), *deytarlos* (345.69), *esforçarlos* (279.125), *fazerlos ey* (262.14), *leuarlo* (246.54), *oyrlo ey* (385.11), *preçarlos ey* (457.13), *prouarla am* (475.8-9), *prouarlo ey* (443.49), *rreçeberla* (370.6-7, 419.18), *rreçeberlo* (418. 12), *seruirlo ey* (513.11), *tẽerlo* (273.15), *tirarlo emos* (464.97), *tomarlo* (411.22), *ueerlo ey* (513.10) e *uençerlos edes* (282.9).

Hai coincidencia no uso da 2ª forma con *por* ou *per: porla* 56 veces (240.9, 244. 13, 321.11, 329.9, 330.28,46, 334.3, etc.), *porlas* 4 veces, *porlo* 33 veces (240.9, 319. 43, 325.21, 328.47, etc.; en 379.51 corresponde a *por llo* e en 379.196 é co pronome), *porlos* 15 veces (318.58, 319.38, etc.; 2 veces *porlos dioses*), *perla* 22 veces (253.27, 319.26, etc.), *perlas* 22 veces (318.73, 330.19, etc.), *perlo* 34 veces (252.69, etc.), *perlos* 23 veces (330.37, 345.12,13, etc.) e ademais *parlos dioses* (273.27, 274.8, 399.51).

Finalmente, témo-la segunda forma con *sobre* e *entre: sóbrela* 2 veces, *sóbrelas* 6 veces (246.12, 361.5, etc.), *sóbrelo* 13 veces (239.32, 243.18, 279.141, 332.29, 334. 16, 360.15, 379.104, 481.18, etc.), *sóbrelos* 5 veces (279.118, 328.4, 379.15, etc.) e *éntrelo* (380.12), *éntrelos* 13 veces (252.34,62, 279.64, 327.4, 330.15, 344.5, 450.3, 469.31, etc.), *óntrelos* (252.71, 279.149), *éntrelas* 3 veces (260.5-6, 378.15, etc.). A forma *o* aparece en *sobre os de* (249.16) e *entre os outros* (436.11).

Tamén pode aparecer, por confusión, o artigo (ou o pronome) castelán: *dela rreyna* (339.10), *Creta la Grande* (365.5-6), *del dios* (443.58), *en el Delfón* (443.59), *al Delffón* (507.11), *cõla* (252.73), *cõ el grã uento* (288.24), *en el rrey Salamõ* (277.9), *por el bom rrey* (254.6); o pron. en *atoulo* (328.20). Un caso especial é *cõlo seu esforço* (443.62).

3.13. Sustantivos en -ento.– Coincide con F. Martís no uso da terminación galega: *acaesçemento* (287.9), *acaesçementos* (287.7), *acollemento* (253.36, 401.16-17, 457. 22), *cõfondemento* (274.14), *defendemento* (266.8, 276.18, 277.2, 279.179, 406.24, 451.3), *desfaleçemento* (279.107, 382.4), *deteemento* (276.4), *detẽemento* (279.52, 280.22, 367.15, 407.21), *enpeesçemento* (411.24), *entendemento* (240.9, 246.41, 248. 3,31, 255.8, 263.7, 264.3,9, 268.11, 269.18,20,23-24, 272.18, 287.13-14, 332.32, 338.19, 373.124, 389.6,17-18, 399.28-29,81, 460.21, 475.19, 508.19,21, 512.4), *mãtẽemento* (253.18), *mereçemento* (514.4), *meresçemento* (510.14), *rreçebemento* (397. 13) e *rrefazemento* (495.8). Para os derivados da 3ª conx. temos *ardimento* (240.9, 319.43, 345.9,38, 357.3, 379.111-112, etc.), *desfalimento* (332.25-26), *gornimento* (253.44-45), *gornimentos* (278.11, 491.8), etc. Coma mostra da forza da terminación típica galega, mesmo hai un derivado de *consentir* que remata en *-emento*. Trátase de *cõsintemento* (501.5).

3.14. Terminación -dũe.– Coincidindo coa 1ª parte atopamos *çertedũe* (502.24) e *seruidúe* (432.15).

3.15. Alternancia oi/ui.– Diferéncianse claramente as dúas partes, pois F. Martís usa exclusivamente a solución máis galega *oi*, mentres que na 2ª parte alternan as dúas posibilidades e con algunhas palabras mesmo se chega a un uso maior de *ui*.

Aparece só o ditongo *oi* (ou hiato *oí*) en *acoyto* (261.51), *acoytou* (252.40), *acoytastes* (273.13), *acoytárõse* (373.40), *acoytaremos* (391.15), *acoytándoos* (318.70), *acoytados* (273.21), *agoyros* (509.3, 514.15), *anoyteçento* (402.7), *antepoyna* (289. 10), *ascoytar* (422.34, 447.15, 513.22), *ascoytado* (272.5, 352.16), *coydador* (399. 54), *condoyto* (255.21, 386.9), *coyro* (415.8), *coyros* (246.68), *coytado* 26 veces (254. 18, 259.15, 333.4,7, etc.; *malcoytado* 259.13, 476.6), *coytados* 23 veces (254.18, 331. 4, 355.20, 383.3, etc.), *coytada* 6 veces (332.2, 335.2,8, etc.), *coytadas* 2 veces, *coytáuaos* (373.64), *coytáuãnos* (373.30), *coytela* (328.42), *coytelos* (438.6), *coyxa* (252. 76), *estroydo* (278.17), *gorgoyros* (279.156-157), *moyno* (489.9), *moyro, moyra, moyramos*, etc. (cfr. VI,3.10), *oyda, oyr*, etc., *poyna* (379.50), *poynã* (416.18), *poynase* (495.39), *uóytores* (347.5, 479.41).

Só aparece *ui* en *agüyrador* (353.5).

Hai alternancia, con predominio de *oi*, en *coydar* (259.7, 393.14, 425.10), *coydo* (248.13,14, 498.8), *coydas* (379.122), *coyda* (267.10), *cóydao* (504.8), *coydamos* (274.23), *coydades* (248.9, 267.13, 273.4, 279.47, 320.8, 359.31, 387.13, 399.50, 437.18, 443.9), *coydã* (338.27), *coydaua* (376.17, 492.14, 503.13), *coydauã* (256. 12, 347.7, 374.4, 379.4, 419.17), *coydou* (279.65, 320.10, 464.91, 472.8, 514.2,8, 11,15), *coydoo* (380.11), *coidarõ* (380.21), *coydarõ* (240.5, 405.19, 466.13, 483.25), *coydara* (464.65), *coydaría* (399.57), *coydase* (326.12, 332.4), *coydarẽ* (466.14), *coydando* (261.35-36, 405.9, 458.3, 466.17, 503.15) e *cuydauã* (414.10, 461.7), *coydado* (271.8, 373.8, 379.124, 406.6, 425.15, 460.23), *coydados* (343.5) e *cuydado* (327. 8), *coyta* 74 veces (239.26, 241.3, 242.4, 244.7, 254.6,7,19, 260.18, 318.79,83, 319. 9, 322.7, 323.6, 328.23,27, 330.32, 331.8, etc.), *coytas* 14 veces (259.13, 379.212, etc.) e *cuyta* 3 veces (425.13, 438.2, 496.11), *destroimento* (249.13, 409.13, 439.2, 449.5, tamén 399.10), *destroymento* (240.8,11, 399.27, 434.3) e *destruimento* (399. 10, tamén 272.20), *destrujmento* (319.24), *destruymento* (258.12, 395.8, 516.8,13), *destroyr* (273.18, 389.12), *destroyo* (443.66,72), *destroirõ* (386.7), *destroyrã* (463. 20, 478.5), *destroysen* (399.45), *destroyda* (425.15-16, 447.17), *destroída* (381.2, 425. 9), *destroydo* (406.28, 504.10), *destroído* (359.14, 386.8-9), *destroydos* (244.9, 409. 11-12, 422.20), *destroídos* (246.98, 289.14, 386.27, 439.6, 450.7) e *destruír* (399. 60), *destruyr* (393.7), *destruío* (395.7), *destruída* (396.8, 399.44), *destruyda* (481. 16, 516.15), *destruídas* (481.13), *destruído* (464.58), *destruídos* (399.37, 443.114), *moymento* (334.19, 360.3,5,10,11,15, 435.7; tamén 360.18), *moymentos* (501.17) e *muymento* (334.18), *poyde* (487.20, 497.20, 509.29) e *puyde* (516.32), *rroydo* (246. 56, 275.5, 278.16, 279.23, 287.18, 372.17, 405.17, 444.3), *rroydos* (279.147) e *rrujdo* (337.20), *ssoya* (274.25), *soyamos* (273.5, 274.25), *soyam* (366.5; tamén 287.4) e *suiam* (408.12). É diferente en *destruyamos* (474.11) e *destruyã* (390.18).

En poucos casos domina o uso de *ui*. En *eu fuj* (269.10, 443.149) e *eu foy* (489. 3), *el fuj* 339 veces (246.39, 249.9, 318.26,38,39,41,48,52, 353.5, etc.), *ffuj* (279. 78, 499.14), *fuja* (373.82, 380.15), *fujo* (252.31, 279.13,77,141, 328.56, 355.58, 409. 7), *fujlle* (328.44, 343.3, 424.10), *fujme* (488.5), *fujse* (260.16, 477.15), *fuise* (401.41),

fújselle (380.20), *fuy* 142 veces (240.11, 241.4,8, 242.4, 244.3, 246.49,51, 318.28,36, 422.47, 438.2,3,17, etc.), *fuyse* (340.3, 409.6, 468.3, 472.3, 479.10, 497.8,12,28, 498.23, 500.2, 503.9, 516.3), *fuyos* (513.29), *ffuyo* (279.79) e *foy* (253.34, 346.3), *foj* (279.84), *foyos* (345.17), *foyse* (412.26, 496.14, 507.3). O mesmo en *muy* 598 veces (241.5, 243.3, 318.18, etc.) e *moy* 272 veces (243.13, 318.44,63, etc.), *muyto* 388 veces (243.7,15,16,18, 318.36, etc.) e *moyto* 122 veces (243.14, 244.16, 318.28, 54, etc.), *muytos* 133 veces (318.13, etc.), *muitos* 2 veces (397.2, etc.) e *moytos* 62 veces (243.20-21, 318.16, etc.), *muytas* 110 veces (240.5, 318.16,27, etc.) e *moytas* 68 veces (243.15, 318.49, 328.31, etc.); contrariamente *muyta* 6 veces e *moyta* 11 veces (243.18, etc.).

Esta vez non hai ditongo en *huueamos* (248.26), *huueara* (280.9) e *huuiase* (252. 73). Lembremos *oi* en *oyue* (269.27, 359.49, 443.21) e *soybe* (487.29, 488.7).

3.16. Grupo **-str-** *interior.*– Coincide con F. Martís: *arrastrar* (383.23, 479.40, 480.7), *arrastrando* (328.21,23,28,35), *arastrando* (383.21), *rrostro* (240.6, 267.3, 274.5, 275. 7, 283.15, 345.44,58, 359.59, 379.194, 446.4-5, 514.30), *rrostros* (281.10, 446.7).

3.17. Representación da palatal [l].– Coincidindo con F. Martís, úsase maioritariamente a grafía *ll: batalla* (319.44-45), *batallas* (321.7), *cõsello* (321.10), *lle* (318.36), *lles* (248.33), *mellor* (243.26, 246.23), *mellores* (246.85-86, 253.54), *melloria* (379.115), *semelláualle* (500.4), *tallantes* (253.5), etc.

A diferencia coa 1ª parte está en que agora tamén pode aparecer ocasionalmente a grafía simple: *se acolíã* (253.36), *falarõ* (463.11), *la* (279.143), *les* (466.4), *pasoulos* (356.11), *semelança* (496.25), *semelaua* (498.22), *talados* (512.14), *talant* (319.27), *talante* (514.5) e posiblemente *porlo* (379.51).

Tamén coma na 1ª parte pode aparecer *ll* en lugar de *l* nalgunhas palabras: *Achilles* (250.8, 345.23, 443.127, 444.16, 496.19, 508.9), *Apollo* (246.6, 410.10, 449.12, 463.13), *Apóllinis* (410.4), *aquella* (343.2), *aquelles* (405.20), *atropellar* (373.62) e *atropelárõse* (379.94), *cauallaría* (318.82, 444.22), *cauallarías* (318.27), *caualleyro* (246.105, 279.79,134,142,145, 356.5), *caualleyros* (318.12,13, 455.9, 479.11, etc.), *cauallo* (279.41), *cauallos* (318.13,22,23, etc.), *collando* (367.8), *collor* (261.45), *collores* (338.16, 462.27), *delles* (476.14), *elles* (251.11, 252.3, 253.22, 325.21, 361.6, 414.9, 422.42, 493.32, 513.22), *falla* (404.1), *fellóm* (279.131), *Illióm* (406.11), *Jullio* (362.6, 363.14) e *Julio* (363.3), *meollo* (380.8) e *meolos* (464.100), *mill* (246.59, 318. 51,59, etc.; a grafía máis empregada) e *mil* 26 veces (318.14, 359.23, 373.35, 379.105, 210, 407.8,9, 415.4,11, 419.23, 421.7,9, 422.14,19, etc.), *Noutéllão, Nectóllamos, Neutóllamos* e *Neutéllamos* (cfr. VI,3.26.4), *sella* (328.54), *sellas* (252.19,66, 373.77, 379.83), *Troyllos* (252.8), *ualler* (328.16), *uellas* (495.6) e *uilla* (252.6, 253.33, 330. 36, 361.5-6, 422.21), case sempre alternando coa forma propia. Outra posibilidade témola en *uallrría* (255.10).

3.18. Representación da palatal [n].– Diferénciase de F. Martís en que agora é máis usual a representación por *n* (anotei 652 casos de *n* por 325 de *ñ*) e en que aparecen coma novas posibilidades *nn* e *nñ*, aínda que só esporadicamente. Algúns exemplos de *ñ: se*

asañou (250.8), *bañar* (318.16), *bañados* (328.42), *conpañas* (355.32,64), *deteña* (336.4), *engeños* (246.69-70), *puña* (379.92), *rremuño* (489.4), *saña* (332.10), *sañudo* (319.4, 328.60), *señor* (319.19,40), *soño* (509.2,28), *viño* (386.9), etc.

Algúns exemplos de *n: agina* (279.127), *asanouse* (350.18), *banar* (319.15-16), *banadas* (355.35), *camino* (493.11), *camjno* (272.19, 356.21, 395.32), *conpanas* (356.32, 398.3), *escarno* (273.11), *espinaço* (356.11,29-30), *manãa* (244.3, 249.3, 330.2), *prene* (486.24), *rremuno* (489.6), *sana* (338.25), *sanudo* (319.10, 355.58), *sanudos* (324.8, 355.4), *senores* (244.5, 352.7,10-11), *sobrino* (482.6), *soney* (509.28), *uergonoso* (273.29), *ujno* (443.21), *vjna* (507.8), etc.

Temos grafía con *nn* en *sanna* (323.10), *sannudo* (323.3) e *sennora* (339.18, 467.10). En 273.13 podemos interpretar *manneyra* ou *manna?* Nunha ocasión temos *senñorío* (247.13).

No caso do posesivo a forma máis utilizada segue sendo *mĩa* 82 veces (247.6, 325.4, 332.22,23,24,25,26, 335.13,14,15,16, 337.3, 339.11, 359.56, etc.), *mĩas* 7 veces (514.35,40, etc.), pero agora tamén aparece *mías* (457.10) e hai máis casos de *miña*, coa grafía *mina* 10 veces (261.16, 329.9 2 v., 335.17 2 v., 337.27, 339.8, 437.18, 457.12), *minas* (379.128) e *mjna* (267.17, 335.15, 338.8).

Coma na 1ª parte, tamén hai aquí grafías con *ñ* para representar *n: ãno* 10 veces (244.6, etc.), *ãnos* 32 veces (354.8, etc.), xunto a *anos* (432.11); *dãno* 95 veces (240.8, 244.17, 319.3,20,23, etc.), *dãnos* 11 veces (321.8, 337.9, etc.), xunto a *dano* 5 veces (395.22, 396.31, etc.), *danada* (383.17), *danosa* (279.116), *danoso* (373.37); *dõna* 18 veces (241.4, 320.7, 359.18, 376.11, 501.8, 516.35, etc.), *dõnas* 10 veces (242.5,7, 252.38, 368.8, etc.), xunto a *dona* 9 veces (343.12, 376.9, etc.), *donas* 15 veces (330.38, 332.33, etc.); *engãno* (261.15), *engãna* (267.10), *engãnados* (414.8) e *enganar* (320.10), *enganados* (345.49), etc.; *engãno* 10 veces (248.11, 390.7, 393.17, 408.5, etc.) e *engano* (402.5, etc.); *engãnosas* e *enganoso; pãno* (243.7, 338.15, 372.15), *pãnos* 6 veces, e *pano* (243.18,19), *panos* 2 veces. Só aparece *pena* (460.8).

3.19. Resultados de **gua-** *inicial ou* **-gua-** *interno.*– Ó contrario de F. Martís, só aparece *gua* ou domina *gua* sobre *ga* nas palabras *aguardar* (378.3), *aguardauã* (253.22, 326.15), *aguardou* (493.37), *guardador* (416.14), *guardamento* (406.24), *guardar* (256.6, 339.8, 357.21, 360.21, 371.11, 380.45, 381.20, 383.27,28, 399.67, 414.9, 443.88, 445.9, 466.39, 480.3, 485.9, 510.8,11, 511.10; fut. 355.9), *guarda* (277.7), *guárdase* (412.16), *guárdaa* (425.16), *guárdao* (406.43), *guardades* (499.7), *guardã* (399.66), *guardauã* (252.44, 258.6, 448.12, 486.8), *guardou* (464.16), *guardouse* (345.44), *guardaron* (416.21; tamén 429.11-12), *guardarõna* (447.7), *guardarã* (476.8), *guardaría* (501.8), *guarde* (321.11, 381.16), *guardedes* (412.11, 467.15), *guardẽ* (273.37), *guardase* (372.32, 411.27, 469.27, 471.7, 510.4-5), *guardasem* (243.25, 256.13, 416.10), *guardade* (276.17, 467.16), *guardádeuos* (397.11), *guardada* (361.5, 407.12, 434.19, 514.5), *guardadas* (321.6, 396.16), *guardado* (246.3, 257.9, 360.6, 393.18, 396.30, 399.66, 416.20), *guardados* (381.17), *guarda* sust. (352.13, 411.4, 422.8, 433.9, 442.25, 443.44, 457.22, 472.8, 495.13), *guardas* (252.43, 361.4, 422.40), frente a *gardar* (287.13), *gardou* (321.5), *gardárõnas* (424.5), *gardase* (320.9), *gárdea* (381.17).

Tamén domina o uso de *minguar* sobre *mingar*, ó contrario do que sucede na 1ª parte: *mĩguar* (390.30), *mĩgua* (273.24), *mĩguamos* (272.16-17), *minguaua* (479.30; tamén 372.26, 460.18, 485.24), *mĩguaría* (483.9), *minguada* (443.92, tamén 444.16), *minguado* (386.9; tamén 392.6, 504.11), *mĩguados* (346.5, 443.41; tamén 419.24, 481. 15, 482.7), frente a *mingaua* (246.78), *mĩgou* (420.8). O sust. *mingua* alterna con *míngoa: mingua* (269.39; tamén 274.24, 287.11, 355.22, 389.7) e *mĩgoa* (485.19; tamén 276.11).

Como era de esperar, só hai casos de *-gua-* en *jgual* (368.6), *jguaes* (362.24,31), *yguaes* (246.16,20, 362.29), *ygualar* (443.152), *jgualment* (429.18), *ygualment* (442. 19) e *jguaua* (509.10). Non hai casos de *gua* en *galardóm* (318.84, 345.52, 350.31, 442. 13, 443.98, 493.27), *gãanar* (252.16, 273.40, 368.28, 369.7, 379.127, 495.42), *gãanou* (252.36,41-42, 253.54, 280.39, 373.69, 476.15, etc.), *gãanarõ* (273.10, 379.21), *gãanarã* (463.20), *gãanemos* (251.9), *gãanasẽ* (373.55), *gãanada* (443.100), *gãanado* (279. 137, 379.22) e *gastados* (273.21). Casos de alternancia, con *gua* ultracorrecto, son: *algarue* (464.96) e *alguarue* (464.86,95, 465.4), *garganta* (279.156; tamén 259.8, 279. 66) e *guargãta* (510.8), *siga* (352.12) e *sigua* (352.10).

Finalmente, temos *go-* en *goreçer, goresçer, gorreçer, goreçerõ, goreçerá, goreçería, goreçese* (cfr. VI,3.41), *goriría* (330.22), *gorida* (437.33), *gorido* (265.4, 328.67, 488.4, 497.18), *gorneçesen* (372.3), *gornimento* (253.44-45), *gornimentos* (278.11, 491.8), *gornírõse* (256.7, 374.8), *gornidas* (252.56, 256.5, 355.24-25, 368.9, 421.3), *gornidos* (278.9,11, 288.4, 368.12, 379.152, 479.8). Unha vez aparece *gua* en *guareçeu* (430.10) e outra, unha forma nova, *ga* en *garneçer* (256.8).

3.20. Resultados de **qua-** *inicial.*– Na 2ª parte só aparece a grafía *ca* en *camana* (373. 90, 464.44) e *camano* (259.14). No resto dos casos atopamos sempre *qua: qual* (325. 5, 330.34, 338.33, etc.), *quanto* (324.4), *quatro* (516.9), etc.

O que si abundan, coma en F. Martís, son os casos de ultracorrección. Así: *a çerqua* (318.80, 325.15, 367.14, 368.4, 373.74, 375.3, 416.4, 457.17, 487.47, 489.4), xunto a *a çerca* (278.8, 318.36, 499.12), *çerqua* (290.3, 362.2,34) e *çerca* (258.7, 266. 19), *çerquada* (460.13), *çerquados* (399.83) e *çercada* (358.14), *çercadas* (460.10), *barqua* (343.14, 463.2), *cárquauas* (256.11), *comarquas* (362.8), *cõmarqua* (362.9) e *cõmarcas* (457.17), *enxequo* (396.10) e *enxeco* (263.14), *marquos* (246.20, 412.23, 464.87) e *marcos* (255.4, 443.76, 407.8,9), *quantos* (373.9) e *cantos* (479.34). Tamén *çinquo* (345.57, 516.12) e *çinco* (246.31), coa variante *çinque* (355.47, 494.18); *arquas* (416.7, 511.9) e *arca* (318.48), *arquo* (279.112, 350.9,12, 355.47, 356.10, 379.28), *arquos* (246.36) e *arco* (279.114,155,156, 356.21, 379.204), *arcos* (288.22-23). Xunto a *fracos* (256.11, 285.9) achamos agora *fraques* (345.31). Posiblemente tamén entre aquí a grafía *çinquoenta* (252.6, 362.15,16, 516.14), *çinquoeenta* (496.25) e a forma *rreliquas* (246.12, 416.6), xunto a *rreliquias* (443.109). Frente a F. Martís témo-la forma *quoreenta* (362.17, 391.18).

A reducción *qua-* > *co-* aparece en *contía* (246.20, 464.27,44).

3.21. Neutralización de xordas/sonoras.– Aquí rómpese claramente a liña seguida por F. Martís, especialmente na representación do *s* xordo e do sonoro. Na 2ª parte, en xeral,

non se distingue entre a grafía *ss* para o sonido xordo e *s* para o sonido sonoro, escribíndose de forma moi maioritaria *s* para ámbolos casos, o que parece indicar a non existencia do sonido sonoro. Coma mostra podemos citar: *anteçesores* (386.7), *a presa* (279.96), formas de *apresar* (318.39, 328.60) e *apresurar* (253.16, 279.29,55, 288.22, 441.6), *asanou* (380.5, 507.2, 513.24), *asañou* (250.8), *asanouse* (350.18), *asaz* (272.45), *asentar* (401.28, 406.4; e 243.13, 246.64, 332.4), *asesegaua* (511.2), *asesegouse* (319.27), *asesegada* (401.2), *asesegados* (407.6, 434.9), *así* 164 veces (246.74, 247.1, etc.), *asy* 90 veces (241.6, 244.4, etc.), *asouiarlles* (319.18), *asouiando* (284.4), *asoufos* (274.13), *asuarõ* (373.17), *atrauesado* (380.13), *auesa* (490.10), *auesas* (361.17, 466.22), *disera* (274.5, 275.3, etc.), *engrosauã* (462.22), *esa* (318.48, 347.3, etc.), *eses* (324.7, etc.), *eso* (246.24, 385.10, etc.), *espesa* (279.183, 367.9, 462.31), *espesas* (288.2), *espeso* (253.11), *espesos* (279.182, 361.17, 375.7), *espesura* (355.26, 380.39), *groso* (463.12), *laso* (318.43), *lasos* (282.7, 496.6), *mesaie* (283.2), *mesageyro* (263.3, 264.2, 265.3, 266.11, 268.4,5,8,11, 339.2, 354.15), *mesageyros* (245.3, 334.7, 363.3), *mesar* (514.29 e 241.3, 246.55), *nosa* 31 veces (242.6, 244.8, etc.), *nosas* 7 veces, *noso* 24 veces (280.16, 337.6, etc.), *nosos* 22 veces (244.19, 273.36, etc.), *oso* (243.16, 513.26), *outrosí* 55 veces (279.171,185, 328.61, etc.), *outrosy* 29 veces (246.92-93, 249.8, 285.7, etc.), formas de *pasar* (276.9-10, 279.54,65,156, 288.7, 289.6, 318.77, 319.14,32, 324.6, 334.3, 353.3, etc.), *paso* (279.73, 330.34, etc.), *posa* (248.6), *posamos* (274.7), *promesa* (335.10), *presa* (279.9,67,84, etc.), *sesaenta* (362.19, 373.27, 386.15), *sosacou* (503.2), *suçesores* (415.18), *traspasaua* (509.10), *traueso* (319.15), *uasalo* (276.12,18, etc.), *uasalos* (276.4-5, 279.22,149, etc.), *uosa* ou *uosas* 51 veces (249.13,14, 279.48,107, etc.), *uoso* ou *uosos* 59 veces (248.5, 279.94,108, 338.5, etc.).

Tamén entran aquí as formas do imperf. de subx., que aparecen en máis de 900 casos con *-se* ou *-sem/-sen*. Así: *abrisem, acabase, achase, achasen, acollesem, acorresen, afiuzase, ajudasem, ajudasen, amasen, andase, andasem, anparasem, ascondese, atendesem, atendesen*, etc., etc. O mesmo acontece en fonética sintáctica: *achouse* (318.45-46), *chamándose* (330.38), *leyxouse* (318.35, 328.29), *metíase* (319.11), *que se* (318.21), *de se* (319.2), *a seu* (319.5), etc.

Esta norma constante parece que falla unicamente nuns cantos folios do manuscrito, o que podería dar a entender que os primeiros folios da 2ª parte, e particularmente os folios 112r-118v, foron escritos por unha man diferente. Temos dobre *ss* para a cons. xorda en *anteçessores* (254.14, 273.40), *assí* (379.109), *assy* 45 veces (249.5, 261.28, 264.3, 267.4, 273.32,35,36,40,41, 274.6,17, 276.3,5, 278.14, 279.21,46,90,91,101, 280.10,31, 281.5,14,20, 282.2, 283.3, 284.7, 287.5, 319.8,12, 321.3), *assoujauã* (357.7), *espessa* (289.9), *esso* (273.4), *grossos* (281.9), *nossa* (272.36, 273.34, 274.22, 280.16), *nossas* (283.7), *nosso* (279.126, 282.3), *nossos* (274.7), *ossos* (502.8), *passarã* (276.12), *possas* (281.24), *possamos* (273.25), *possã* (287.10), *uossa* (279.93), *uossas* (276.7), *uosso* (279.106) e en *esforçassen* (288.7-8), *metessem* (360.10), *tomassen* (288.8), *touessen* (275.4) e *uisse* (279.181, 281.7, 285.5,7, 288.18).

De tódolos xeitos, o copista destes folios non ten unha idea clara da distinción *ss/s*, pois ó lado de *ss* utiliza moitas veces *s* para a xorda e, coma contrapartida, ofrece moitos casos de *ss* para a representación da sonora, o que evidencia unha vez máis a confusión dos dous sonidos. Así: *Çéssar* (363.3) e *César* (362.6, 363.14), *cõfussyón* (273.

33), *dessonrra* (274.19, 281.18, 287.10), *deuissada* (290.8), *guissa* (244.12, 273.35,41 2 v., 278.12, 279.78,88, 280.15, 290.5, 338.19), *sobreguissa* (279.169), ó lado de *guisa* (274.18,23, 279.56,80,104,109,166, 280.17,21, 338.21, etc.), *perdidossos* (290.16), *perigoosso* (280.30) e *danosa* ou *perigoosa* (279.116), *astroso* (289.13) e *pauorosa* (280.30), *pessar* (272.34, 279.39,85, 284.13, 285.5, 286.2) e *pesar* (279.52, 281.23), *pessa* (281.20), *pessou* (279.83), *presso* (269.9), *pressos* (273.33) e *presos* (274.17), *quissoa* (343.14), *quisserdes* (279.127), *Tessus* (279.12) e *Tesus* (279.9), *uergonçosso* (274.14) e *astroso* (id.), *uiçossa* (273.34).

As confusións de *z/ç/ss*, coma no caso de F. Martís, tampouco son moitas; con todo, son máis significativas. Aparece *ç* por *z* (xordo por sonoro) en *rrefaçer* (451.14) e *z* por *ç* (sonoro por xordo) en *amortezía* (348.6), *amortezido* (279.86), *difizios* (246. 8-9), *fazes* (241.3) por *façes* (500.3), *enlazados* (443.126), *lazo* (350.5), frente a *enlaçará* (272.41), etc., *laço* (261.9) e *sacrifizios* (479.14) por *sacrifiçios* (258.4, 378.9, 408.10,17, etc.). Aparece *s* por *z* en *ascũa* (319.27), *ascũas* (345.43), *ascũadas* (345.42), xunto a *azcũada* (469.22), *azcũadas* (253.27, 328.11), e en *naris* (512.16), xunto a *narizes* (290.11). Hai confusión de *s* e *ç* en *basos* (246.67), por *baço*, *ssarrou* (350.32), *sarraron* (380.44; tamén 360.18, 361.3-4, 479.32), *sarrada* (373.45), *sarradas* (511.11), *sarrados* (383.29) e *çarrou* (284.18), *çarrarõ* (357.19), *ençarrarõ* (330.43, 361.3, 386. 17), *ençarrárõnos* (253.15), *ençarrados* (389.16) e *proçisóm* (420.9), xunto a *proçições* (419.18-19). Dous casos importantes de confusión de xorda por sonora son *fixe* (262. 11), por *fige* (cfr. VI, 3.9.) e *beixaruos ey* (359.59), en lugar de *beijaruos ey*, dous preciosos testemuños da utilización á moderna da grafía *x* xa no séc. XIV.

Só aparece *z* en *donzelas* (242.7, etc.), *topaz* (350.29), *topazas* (246.46), *mezcla* (464.1, 465.2, 466.3), *mezclas* (467.3), *mezcra* (468.4), *mezcrou* (379.149), *mezclando* (380.29), *mezclado* (328.57, 355.34), *mizquina* (332.8, 359.13, 399.56), *mezquina* (332.7), *mizquinas* (359.43), *mizquino* (261.4,16-17, 401.7,15), *mizquinos* (419.17, 24) e *mizquindade* (399.39).

3.22. Neutralización de b/v.– Case non hai casos claros coma na 1ª parte e as grafías utilizadas son as usuais nos textos medievais. Así, son normais *barõ* (368.3, 422.27), *barões* (379.113, 437.13), *bóueda* (246.41,43, 350.12), *bóuedas* (342.5), *palaura* (240. 4, 284.18, 338.12, 491.11), *palauras* (242.5, 363.16-17, 387.16), que alterna máis coa forma típica galega *paráuoa* (273.6, 274.12, 286.4, 398.7, 443.154, 401.42, 460.23, 500.3, 509.21), *paráuoas* (388.2, 389.29, 397.15, 469.3); *póboo* (249.4, 257.3, 419.4, 444.13, etc.), *póboos* (363.4, 490.4); *pobre* (399.56, 401.34, 422.26, 485.16), *pobres* (399.6, 411.7, 463.15-16, 481.13), *pobreza* (399.39) e *toruado* (514.6); *táuoa* (463. 8, 509.23) alterna con *taula* (512.19). A única forma con *u* por *b* é *prouarla am* (475. 8-9), xunto ás formas *de pobrar* (cfr. VI,3.30).

3.23. Formación do plural.– En xeral, cúmprese a regra: *braçaes* (372.22), *brocaes* (252.57), *leaes* (333.7, 341.8), *maes* (390.16), *mentiraes* (514.15), *naturaes* (328.31), *portaes* (361.17), *prinçipaes* (365.2), *quaes* (371.9), *sinaes* (319.6,17, etc.), *taes* (318. 81); *capitees* (246.35,36), *cascauees* (372.16), *donzees* (455.7), *anafijs* (278.17, 373.16), *çafijs* (246.45), *sotijs* (334.17); *cães* (347.5, 383.20, 432.14); *persiãos* (252.7-8, 328.

58); *bordões* (246.33), *leões* (360.8,9), *orações* (358.4), *pendões* (318.16, 355.5), *peões* (255.11), *rrazões* (385.6), *tranções* (318.15, 379.71), etc.

O único que pode haber é algún caso sen til: *caes* (347.5), *leoes* (328.41), *pendoes* (379.140), *troyaos*. Tamén a conservación illada do *n*: *dõas* e *donas* (cfr. VI,3.27), *mermidões* (324.10, 327.8, etc.) e *mermidones* (319.38). O plural de *uil* é *uiles* (387.16, 449.18) e para a forma *áuoles* (443.135) hai os singulares *áuole* (414.5) e o normal *auol* (273.16, 281.19,25, 328.34, 435.5).

3.24. Terminación -ione.– Xunto ás formas *defensóm* (244.9-10), *diuisón* (362.22), *diuisões* (362.21), *deuisões* (433.11) e *proçisóm* (420.9), *proçições* (419.18-19), temos xa *cõfusióm* (399.52,61, 409.13), *cõfussyón* (273.33) e *ocasióm* (345.47) ou *ocasión* (389.22).

3.25. Representación da consoante nasal implosiva.– Para a representación da nasal implosiva en posición final de palabra esta 2ª parte afástase sustancialmente da escrita por F. Martís, xa que este só utiliza *n* ou til enriba da vocal, mentres que na 2ª parte alternan as grafías *n* ou *m* e o til sobre a vocal. O uso de cada unha das tres posibilidades é moi diferente, pois nun cómputo aproximado anotamos 8.300 casos con til (*tã, derõ,* etc.), 1.909 con *n (ben)* e só 970 con *m (bem)*. Coma mostra podemos citar: *afám* (325.17), *afán* (330.32), *ajuntarõ* (318.13-14), *auíã* (243.21), *ben* (318.39,51,60), *bem* (318.12,50), *bẽ* (318.59, 327.9), *çem* (318.40), *chegaron* (327.9), *defensóm* (244.9-10), *derõ* (318.22), *en* (318.15), *foron* (318.23), *gran* (318.30), *gram* (318.32), *grã* (318.30,32), *leyxaron* (326.6), *liurarõ* (319.40), *pendóm* (319.6), *pendón* (328.42), *quen* (318.76), *rrecadarõ* (245.4), *sen* (318.37), *sem* (319.31), *uirõ* (318.21), *ueerõ* (408.3), *ueerom* (414.4), *uẽeron* (318.61), etc.

En posición interna alternan máis *n* ou til enriba da vocal anterior: *ajuntarõ* (244.3), *chorãdo* (240.3), *fazendo* (240.4), *mãçebos* (246.17), *mandadeyro* (338.18), *mãdadeyro* (338.12), *tãgía* (246.70), *tendas* e *tantos* (318.74); *anbos* (318.23, 330.28), *enbraçarõ* (326.5), *desnẽbrado* (334.13), *canpo* (318.53,68, 330.27, 355.67-68), *cãpo* (323.4), *conpañeyro* (486.4), *cõpañeyro* (486.6), *conprar* (246.52, 323.12, 357.17), *conpraredes* (345.62), *conprada* (321.7), *enperador* (246.51), *rronper* (318.15), *rronpendo* (328.31), *senpre* (240.10, 325.15, 338.7, 351.6, etc.), *tenpo* (244.19, 318.50, 319.16, 348.5-6), *tẽpo* (254.3, 318.62, 401.31), *tenplo* (246.2-3,5,6,7,9,10,101, 337.18, 20), *tenplos* (332.19). Ocasionalmente aparece *m* en *sempre* (320.11, 321.4, 348.8, 359.49, 396.14, 411.17) e *templo* (345.11,20).

Tamén é típico da 2ª parte o feito de que o copista esquecese moitas veces poñe-lo til enriba da vocal: *andaro* (434.15), *chager* (355.69), *chagía* (437.38), *chagerõ* (348.5), *chagudos* (349.9), *demada* (267.20), *demadauã* (454.7), *leuatarõ* (350.28), *maçebo* (422.27), *madádeme* (359.38), *mateuo* (515.19), *mateuerõ* (253.38), *ne* (252.77), *nebraua* (319.7, 323.8), *nebrou* (319.4), *nebrarõ* (330.2), *pregutáuãlle* (394.7), *pregutarõ* (248.22, 497.14, 507.17), *pregutárõlle* (397.3), *quebratara* (451.3), *saçó* (399.46), *segudo* (354.13, 405.18, etc.), *se* (459.11), *tormeta* (474.3), etc. Algunha vez, polo contrario, ponse *n* e til ó mesmo tempo: *demãndey* (249.7), *mõntões* (279.184).

No caso das formas verbais co pronome enclítico é normal a asimilación sen sim-

plificar (*onno*, etc., coa 1ª cons. representada por til: *õno*, etc.). Así: *amáuãno* (379. 26), *apresárõnos* (355.45-46, 379.61,96, 386.17), *atárõna* (438.9), *çercárõno* (328. 3; plur. en 345.14), *chamáuãnos* (453.6), *dérõno* (411.27), *deytárõna* (359.63, 383.21), *enviárõno* (464.98), *enuoluérõno* (411.26-27), *esleérõno* (250.6), *espedaçárõno* (453. 4; plur. en 426.8-9), *fazíãnos* (466.14), *fezérõna* (350.8), *lançárõnos* (462.38), *leérõnas* (464.30), *metérõna* (415.7), *mostrárõnas* (424.4), *outorgárõna* (405.6), *rreçebíãnos* (253.12), *tragíãnos* (372.27), etc. En dúas ocasións aparece a grafía con dobre *n*: *achárõnno* (464.46) e *touéronno* (464.41-42). En oito casos achamos xa a forma reducida, ben coa grafía *n*, ben con til: *batíanos* (422.38), *quiríano* (476.4), *fázẽas* (488.18), *fezérõos* (279.177, 319.22-23), *fórõos* (253.12, 357.18), *pódẽo* (368.16), *quisérõos* (446. 12) (léase *fázenas*, *fezéronos*, *fóronos*, *pódeno*, *quiséronos*).

Con outras palabras témo-los seguintes casos. Con *ben*, *quen* e *con* só hai formas simplificadas: *bẽ o* (442.111), *bem o* (345.37), *quen o* (355.62, 365.7), *quen as* (372. 29), *cõ o*, *cõ os* (319.33,34, 334.9), etc. Con *en* é máis usual a forma sen simplificar *(enno, enna)*, escrito *ẽno* (240.10, 241.7, 242.3, 246.27,45,49, 251.11, 318.67, etc.), *ẽnos* (239.31, 246.35,36, 252.10,12, 318.22,55, 319.8, etc.), *ẽna* (240.6, 246.4,58,72, 318.20,42, 319.27, etc.) e *ẽnas* (246.12,33, 252.12, 355.6, etc.). Nuns poucos casos aparece a forma simplificada *eno* (333.2, 362.9, 465.4), *enos* (379.184, 444.3, 448.3), *ena* (330.39, 361.3,22, 373.6,66, 424.2, 435.4, 454.10, 464.13,27, 498.13) e *enas* (422. 40). A forma moderna dúas veces: *na* (469.16), *nas* (246.32). Con *nen* alterna a forma sen simplificar (*nẽno* 246.82, 443.55; léase *nenno*) e a simplificada (*nẽ o* 274.11, 279. 62, 363.6, 379.55; léase *neno*) e o mesmo sucede con *non*: *nõno* [nonno] (319.26, 318. 65, 337.19, 368.20, 373.81, etc., 26 veces), *nõnos* (246.96, 357.14, etc., 10 veces), *nõna* (252.70, etc., 6 veces), *nõnas* (368.22) e *nõ o* [nono] (246.99, 248.33, 267.13, 273.39, 279.151), *nõ os* (399.35), *nõ as* (362.35). En 453.6 escrito *nõnõ*.

3.26. Alternancia vocálica.– Atopamos numerosos casos, posiblemente aínda máis ca en F. Martís, e, ás veces, nas mesmas palabras.

3.26.1. Alternancia a/o.– Alternan *acobdellados* (325.11), *acoudillarõ* (375.5-6) e *acabdelladas* (324.9); *caudaes* (362.15) e *coudaes* (366.2); *morauedís* (485.4) e *marauidil* (255.4); *Nástor* (287.5) e *Nóstor* (287.25, 348.2,6, 351.3, 475.20), tamén *Néstor* (475.3); *Arestes* (479.1) e *Orestes* (479.5, etc.) ou *Orrestes* (479.6); *Palamades* (279. 110-111) e *Palomades* (279.79); *por Deus* (359.57) e *par Deus* (399.44). Só aparecen casos con *o* en *coudillo* (352.5), *coudillos* (272.3), *cobdillo* (287.26, 354.12, 355.21) e *coldel* (286.2), *outor* (362.33), *outores* (381.4) e *outures* (381.17); *soúde* (269.31, 339.8), *soudar* (512.11), *soudoua* (263.6, 268.5), *soúdama* (262.7) e *soúdame* (339. 18); tamén *quoreenta* (362.17, 391.18). Aparece con *a cárcaua* (513.27), *cárcauas* (361. 19, 373.51, 511.6; tamén 256.11) e o sust. *seu cánbea* (272.25). Alternancia *a/o/e* en *Neutólamos* (cfr. 3.26.4).

3.26.2. Alternancia u/i.– Verbos da 2ª conx. que só teñen o participio en *-ido* son: *amorteçida*, *amorteçido*, *amortiçido* e *amorteçidos* (cfr. VI,3.41), *bastiçidos* (361. 8), *ençendidos* (462.24) e *tollido* (328.47).

Ó contrario de F. Martís, a maior parte dos verbos presenta unicamente o part. en *-udo*: *açendudas* (345.54, 373.111), *acorrudo* (253.7, 319.38), *acorrudos* (279.31), *acurruda* (440.7), *aperçebudo* (337.20), *asconduda* (434.19, 435.4, 458.6, 497.9), *ascondudo* (289.18, 496.19-20), *ascondudos* (345.12, 443.43), tamén *asconduda*ment (337.20), *atreuuda* (372.18), *atreuudo* (280.21), *atreuudos* (443.65) e *atreuuda*ment (390.10), *chãgudos* (349.9), *cofundudo* (359.26, 401.13), *confundudo* (481.11), *cõfundudo* (389.23, 399.38, 406.28), *confundudos* (346.5 e tamén 246.98, 337.8-9, 390.14, 443.129), *cõffondudas* (281.25), *malcõfunduda* (264.8), *coñosçudo, coñusçudo, coñosçudos, coñosçudas, coñuscudos* (cfr. VI,3.41), *creído* (240.7, 287.17, 387.11, 443.5), *creída* (379.6), *defendudo* (373.89, 511.9), *defendudos* (246.99, 399.64), *defenduda* (240.10), *detẽído* (373.89), *entendudo* (248.7, 249.21, 256.3, 262.5, 263.5, 344.4-5, 354.12, 362.7, 379.180-181, 406.34, 464.9, 486.13, 494.15), *entenduda* (263.8, 410. 8, 467.8), *espargudos* (279.165), *espargudas* (280.37), *estabelesçudo* (353.8-9), *estabeleçudo* (240.12), *estabeleçudas* (240.11), *estendudas* (326.3), *fendudos* (279.7, 355. 28, 387.11), *gradeçudo* (443.96), *metudo* (399.38, 464.66), *metudos* (273.33, 281.9, 345.24, 361.11, 373.9, 443.43, 474.9, 490.7), *metuda* (264.8), *metudas* (318.15, 379. 64), *meúdas* (481.18), *mouudo* (406.22), *mouudos* (279.168, 325.10, 441.7), *mouudas* (381.2), *perçebudos* (392.9), *perdudo* (264.9, 266.9, 269.10, 281.24, 285.9, 287.3,15-16, 323.4, 330.47, 337.6, 359.26,52, 381.17, 401.3, 447.4, 462.33, 486.9), *perdudos* (272. 27, 282.5, 332.3, 335.3, 359.27, 371.3, 379.9, 383.5, 386.10, 389.16, 395.23, 399. 24, 401.11, 418.8, 420.19, 439.5, 443.115, 462.3, 482.7, 501.3, 509.27), *perduda* (502.2), *perdudas* (282.4, 466.33,37), *rreçebudas* (273.30, 420.18-19), *rrecebudo* (244. 17), *rreçebudo* (288.8, 320.4, 357.24, 359.41, 379.207, 383.10, 395.15, 420.8, 458.4, 472.8, 477.13, 478.2-3, 479.3, 485.10, 493.30, 515.4), *rreçebudos* (321.8, 373.124, 410.13, 462.3, 475.15, 478.11, 487.5), *rretraída* (437.6), *rretraídas* (396.7, 444.8), *rretreído* (514.47), *rretraído* (273.36, 281.25, 389.25, 483.21, 500.28, 514.24), *rronpudas* (462.28), *sabuda* (472.11, 507.5), *sabudas* (396.7, 464.31, 479.20, 501.11), *sabudo* (386.4, 391.3, 411.9, 412.11, 461.4, 475.6, 478.2, 480.9, 486.12,23, 500.28, 507.4), *sofrudo* (334.22), *soruudos* (489.8), *temuda* (253.4, 379.102), *temudas* (368. 26), *temudo* (246.81, 272.5), *temudos* (273.42, 443.77), *tendudas* (278.11), *tendudos* (246.18, 253.3-4), *tẽído* (249.9), *teído* (281.19, 443.158), *traído* (423.4), *traídos* (390.15,18, 409.11), *uençudas* (355.49), *uençudo* (261.60, 273.29), *uençudos* (244.9, 279.21,126,168, 280.3,32, 281.17, 286.7, 325.10, 327.2, 373.110, 379.64, 203, 380.43, 387.15, 441.7) e *uertudos* (359.24).

Son moi poucos os casos de alternancia: *naçido* (328.13), *naçidos* (359.22) e *naçudo* (487.26), *naçudos* (399.69-70), *naçuda* (359.17), *prometido* (357.5) e *prometudo* (321.5, 337.10, 348.4, 411.6, 412.15, 420.7, 429.10,15).

Tamén hai alternancia en *Pirus* (379.30), *Pirius* (379.143) e *Pirios* (495.26), *Piro* (452.5). Do verbo *derrubar* só temos *derrubados* (253.13), sendo tódalas demais formas de *derribar* (253.35), como *derribaua* (355.67), *derribou* (328.8,44), *derribando* (355. 68), *derribado* (252.78, 373.84), *derribados* (318.13), *derribada* (373.96), etc.

Nas constantes alternancias podemos atopar *o/i* en *Antólatos* (318.43) e *Antílatos* (318.48).

3.26.3. Alternancia a/e.– Alternan *Agamenõ* (287.18, etc.), *Agamanõ* (287.26, 318.33, 352.19, 431.2, etc.) e *Agemenõ* (244.3-4), *Agistus* (479.9) e *Egistus* (479.12), *Aneas* (355.23), *Anẽes* (328.25) e *Eneas* (418.15, etc.), *anoiados* (289.4, 399.35, 434.7) e *enoiados* (399.28, 437.14), *Apólinas* (337.18), *Apólines* (408.15) e tamén *Apólinis* (338.22, 342.5), *baesteyros* (373.23) e *beesteyros* (373.8), *Deyfabus* (355.20) e *Deyfebus* (252.46), *estraeçer* (512.22) e *estreeçeulles* (472.14), *Meridia* (362.26,29), *Meridie* (362.40, 363.10, 462.18) e *Meridies* (362.4), *Noutálamos* e *Neutélamos* (cfr. 3.26.4), *Pantaselona* (370.3, 371.2), *Pantaselõna* (372.8) e *Panteselona* (373.53), *Polidamas* (355.55, etc.) e *Polidames* (355.58, 373.28), *rretraúdo* e *rretreúdo* (cfr. VI, 3.26.2), *saeta* (356.22,36, 357.13, 389.27), *saetas* (361.10, 375.7, 379.12-13, 479.34) e *seeta* (279.115, 350.10, 356.10, 489.11), *seetas* (253.4,43, 279.3,182, 288.23, 373.48), *Telámacus* (514.3,17, 515.3), *Telémacus* (494.5, 510.6, 514.49, 515.5) e tamén *Tolémacus* (494.13,14, 514.50).

Só aparece a solución *a* en *maestre* (244.14, 350.12,26,32, 379.104, 413.6, 462. 30), *maestres* (246.10,15,16,45,66,76, 330.50, 334.17, 350.2, 360.17, 447.12, 495. 36, 515.7), *maestría* (246.14,77, 487.36, 488.21), *piadade* (252.25, 326.10, 327.10, etc.), *piadosa* (359.40,42), *piadoso* (262.23, 457.14), *saeteyras* (361.18). A solución *e* en *barregãa* (395.12, 437.22), *beesta* (252.60, 489.12), *beestas* (361.9), *besta* (357. 13), *crueldade* (328.19, 332.11, 475.4, 480.12, etc.), *crueldades* (424.12, 475.17), *forteleza* (460.4, 511.5) e *fortelezas* (443.66, 475.16).

3.26.4.– Alternancia e/o.– Témo-los seguintes casos: *çinquo* e *çinque* (cfr. VI, 3.20), *cõmo* (240.8, etc.) e *cõme* (422.35), *entre* 74 veces (250.6, 253.48, 318.30,81, etc.) e *ontre* (395.30), *éntrelos* e *óntrelos*, etc. (cfr. VI, 3.12), *Orestes* (507.18,19), *Horestes* (507.6) e *Erestes* (507.2), *meesmo* (258.12, etc.) e *meesme* (403.3,10), *Neutélamos* (252.69, 503.2), *Neutéllamos* (504.5), *Neutólamos* (252.73, 506.8), *Neutóllamos* (495.3), *Nectóllamos* (437.46-47, 447.3), *Neoutólamos* (379.167), *Neutálamos* (252.61), *Neutálamos* (379.18) e *Noutéllão* (379.193-194), *sepultura* 22 veces (246. 104, 260.3, 334.11, 347.5, etc.) e *sopultura* 13 veces (246.5,53,105, 257.6, 258.4-5, etc.), *Telémacus*, *Tolémacus* (cfr. VI,3.26.3) e *Tolómacus* (510.13), *tenplo* (406.12,15, etc.) e *tenple* (406.12), *teuese* e *touese*, etc. (cfr. VI,3.10), *uenabres* (345.12) e *uenabro* (498.13,24). Formas únicas son *couardo* (272.4, 273.15, 281.19, 355.12), *Narçise* (261.32,33,43,47-48,49), *somana* (272.15, 513.4) e *temoroso* (409.3, 462.20). En 248.20 está *rroçoar* por *rreçear*.

3.26.5. Alternancia o/u.– É máis usual aínda ca na 1ª parte. Así, alternan *o/u* en *acurruda* e *acorrudo*, *cofundudo*, *confundudo* e *cõffondudas*, *coñosçudo* e *coñusçudo*, etc. (cfr. VI,3.26.2 e 41), *cõmunalment* (443.114, tamén 419.4, 429.8-9) e *cumunalment* (249.4, 286.6, 444.13, 447.13), *coraçõ* (259.5,12, 260.10, etc.), *corações* (330. 29-30, 345.34, etc.) e *curaçõ* (279.163), *fogir* (261.55, 345.20, 401.38, etc.), *fogides* (345.23), *fogeu* (443.89, 448.7), *fogira*, *fogindo* (273.29, 279.119, 318.72, 327.6, 422.33), *fog(u)ir* (273.34, 281.24, 423.10), *ffogir* (273.35) e *fugir* (261.10), *fugía* (425.3), *fugeu* (471.5), *gregos* (466.13, etc.) e *gregus* (466.9), *humildouse* (429.6) e *omildaua* (460.20), *omildóuselles* (433.5), *omillar* (416.25-26), *humildoso* (460.22), *humildosos* (401.25, 508.17), *humildosa* (401.21) e *omildosos* (359.34), *hurgullo* (442.

3, 444.7, 474.12), *urgullo* (446.17) e *orgullo* (329.10, 373.94), *hurgulloso* (252.62, 279.10,122, 341.9, 344.4, 386.22,24, 443.54, 462.32, 476.14), *urgulloso* (287.12), *hurgullosos* (253.11, 255.11, 272.8, 273.31, 279.26, 355.17, 379.102, 399.34), *urgullosos* (379.138-139), *hurgullosa* (369.6, 372.31, 373.54) e *hurgollosa* (372.19, 375.14) ou *orgullosos* (355.4), *Menalao* (407.10, etc.), *Menalão* (253.10, 453.8) e *Menalau* (330.40, 354.15, 374.7, 375.19, etc.), *mingua* e *mingoa* (cfr. VI,3.19), *ongido* (360. 10-11) e *vngidos* (349.9), *ponta* (356.27), *ponto* (273.7, 326.15, 343.3,16, 346.6, 506. 11, 514.33,34) e *punto* (262.26, 253.33, 487.26), *poridade* (341.7, 406.8, 411.5), *poridades* (410.8, 449.6) e *puridade* (263.16, 266.12, 268.15, 390.22, 396.20, 512.7), *posfaço* (277.5,11) e *pusfaço* (338.8, 381.16, etc.), *preguntoulle* (498.7) e *pregontoulle* (498.4), *rrecodeu* (497.24) e *rrecudía* (287.13), etc., *sobir, sobía* (350.12), *sobirõ* (253. 42), etc. e *subir* (372.24), *subirõ* (464.93), *sosp(r)irar* (271.3), *sospirauã* (400.4), *sospirando* (260.11, 335.20) e *suspirar* (408.22), *suspiraua* (359.62-63), *Ulixas* (413.1, etc.), *Vlyxas* (492.3) e *Olixas* (412.20), *uingemus* (474.14); en 386 *dorou*.

Só temos formas con *o* en: *ágoa* (240.6, 261.41, 362.39, 367.8,9,12, 383.21, 462.16, 463.4, 489.9, 497.18, 511.6, 513.28), *ágoas* (362.37), *bolir* (373.15), *bronidos* (278.4), *capítolo* (516.21), *cobríã* (288.10), *conprir* (cfr. VI,3.30), *cordura* (508. 16), *descobrir* (406.8), *dormir* (259.13), *encobrir* (396.29, 406.46), *fondamento* (428. 5), *fondérõnas* (246.47), *ínsoa* (368.4,5,6,8,19), *ínsoas* (362.16, 363.17, 365.2,6, 487. 4,5,10), *légoa* (279.24), *légoas* (368.5, 489.6,11, etc.), *moller* (240.3, 322.5, etc.), *ordir* (335.7), *ordira* (350.18), *ordido* (468.3), *sospiros* (239.25, 509.25), *sotil* (246.50, 502.15), *sotíjs* (246.15, 334.17), *táuoa* (463.8, 509.23), *trégoa* (245.19, 318.84, etc.), *trégoas* (244.18, 245.6, 246.2, etc.).

Noutros casos só aparece *u*. Así: *acustumado* (324.3), *apustura* (286.4, 334.19, 382.3, 443.23, 446.14, 509.10), *bufurdauã* (493.18), *bufurdando* (492.20), *cuberta* (246.43, 253.14, 319.22, 328.52), *cuberto* (252.32, 373.39), *cubertos* (318.17,50, 373.59, etc.), *cubertura* (356.7), *cuberturas* (278.11, 288.10, 372.15), *custume* (243. 24, 246.103, 254.5, 334.11, 353.6, 368.11, 379.125, 394.4, 408.10,17, 416.17,17-18, 443.97, 447.7, 488.18, 495.43, 498.11, 512.20), *custumes* (381.21), *descuberta* (507. 5, 509.26), *descuberto* (261.63, 442.24, 458.5-6), *descumunal* (338.4), *encuberto* (261. 62,63, 396.20), *lugar* (243.27, 326.16, etc.), *púrpura* (356.7), *Purtugal* (376.3), *pusfacaua* (277.2-3), *pusfaçauã* (277.6), *pusfaçẽ* (269.25), *pusfaçado* (273.43, 338.7, 352. 20, 469.33), *pusfaçados* (273.36, 381.18, 443.11,14), *pustura* (320.9), *pusturas* (270. 8), *rrubí* (350.23), *rrubíjs* (372.21), *spíritu* (425.21) e *sujuge* (389.23).

En posición tónica temos *hurgollo* (399.53), xunto ós citados *orgullo, urgullo,* e *chúuea* (466.18) ou *chuuia* (289.21, 462.31) xunto a *chouias* (456.6). Só temos *u* en *apús* (325.11), *depús* (279.31, 326.20, 328.21, 359.9, 486.19), *despús* (497.30), *enpús* (246. 55, 252.7,8, 254.26, 274.12, 283.7, 506.8, 508.34) e *pus* (357.8, 359.56, 437.19).

3.26.6. Alternancia e/i.– Hai alternancias idénticas ás que presenta F. Martís e outras moitas que non aparecen na 1ª parte. Alternan *afeuzado* (373.120), *afeuzauã* (330. 50) e *afiuzase* (464.73), *amorteçido* e *amortiçido* (cfr. VI,3.41), *asenalados* (328.14) e *asinaladas* (318.69), *asinalados* (252.22, 355.62), *basteçer* (393.15) e *bastiçidos* (361. 8), *consentir* (359.45, 401.38, 492.13 e tamén 247.8, 276.15, 389.27, etc.) e *cõsintir*

(273.7), *cõsintira* (389.14), tamén *cõsintemento* (501.5), *correger* (248.8) e *corrigí* (248.30), *deuisarey* (362.27), *deuisou* (361.23-24), *deuisado* (416.7) e *diuisada* (362. 20), *diuisadas* (326.2), *diuisón* (362.22), *diuisões* (362.21) e *deuisões* (433.11), *enfinta* (409.14) e *jnfintas* (464.33), *estraeçer* (512.22) e *estrayçí* (488.24), *fegura* (246. 48, 496.25) e *figura* (509.7, 512.20), *fegurada* (350.21) e *figurada* (465.2), *lee* 13 veces (243.24, 246.103, 267.18, 334.12, 349.9, 358.4, etc.), *lees* 4 veces (391.7, 464.4, etc.) e *ley* (429.14), *mereçí*, etc. e *meriçí* (cfr. VI,3.41), *mezquina* e *mizquina*, *mizquino* (cfr. VI,3.21), *ordinou* (464.12, 469.37), *hordinoulle* (464.11), *ordinarõ* (325.19), *ordinárõnas* (246.76-77), *ordinados* (414.7) e *ordenadas* (240.11), *Pares* 6 veces (401.11, etc.) e *Paris* (318.21, 328.24, etc.), *pedir* (261.11, 334.8, etc.) e *pidirey* (261.11,48), *pidisem* (254.2), *Pelónape* (492.5) e *Pilónape* (492.17), *Perius* (495.1), *Perio* (453.2, 496.13) e *Pirius* (502.1), *Pirios* (495.26), *Pirio* (495.3,9), *Piro* (452.5), *querer* e *quiría* (VI,3.10), *rráuea* (356.35) e *rrayua* (358.7), *rretenir* (290.11) e *rretinir* (279.30), *rretjnía* (278.18), *sábeos* (381.21) e *sabio* (354.12), *seguiría* (322.5) e *segerey* (359.57), *sinalado* (483.13), *sinalados* (279.166, 318.56, 372.20), *sinaladas* (279.59) e *senalados* (246.97-98), *sentir* (330.22), *sentía* (277.5), *sentía* (345.31) e *sintía* (279.70-71), *traydor* (337.5, 411.21), *traidores* (424.6) e *traedor* (244.10, 281.15,18, 283.7, 320.7, 411. 25. 425.6,8,10, 464.40,42, 474.11, 499.7, 504.9), *traedores* (416.21, 418.15, 419.4, 422.7,40, 425.8-9, 437.30, 438.5, 443.11) ou *treedor* (425.15), *uertude* (246.29, 368. 6, 406.25), *vertude* (365.5), *uertudes* (246.25) e *uirtudes* (246.24). Cfr. a forma *enuíj* (391.12), a metátese *cõsintedores* (479.36) e a forma *desuistirõ* (453.6) xunto a *uestir* (355.8), *uestirá* (272.41), *uestiduras* (443.108), etc. Frente a *dizer* está a forma *dizidor* (443.10).

Nalgunhas palabras importantes hai un criterio diferente ó de F. Martís. Así, case temos exemplos exclusivamente de *ẽemigo* (246.85, 263.9, 279.35, 337.5), *ẽemigos* (246.98, 252.17,41, 274.7-8, 278.7, 279.158, 280.12, 287.9, 288.4, 290.3, 318.80, 332.16, 399.74, 443.67, 469.31, 495.49, 509.27) e *emĩjgo* (379.22, 504.10). Só unha vez *ymĩjgos* (251.10). O mesmo sucede con *meesmo* (258.12, 261.15, 354.10-11, 376. 19, etc.), *meesmos* e *meesma* (339.11, 359.7, etc.), xunto a *meesme* (403.3,10), xa que unicamente nunha ocasión temos *mijsmos* (475.9).

Un cambio radical vémolo na palabra *ningún*, que aparece sempre con *i* e nunca con *e*. Así: *nihũ* 84 veces (247.6, 318.41, 327.7, 328.9, 337.19, 339.3, etc.), *njhũ* 18 veces (260.17, 318.56, 326.15, 331.7, 335.7, etc.), *nihũa* 88 veces (244.10, 247.4, 335.3, 337.21, etc.), *njhũa* 14 veces (318.74, 325.9, 337.14, 347.8, 362.17, etc.). Xa nunha ocasión aparece a forma moderna *ningún*, grafiada *ñgũ* (511. 14). Tamén se documenta *nĩguẽ* (464.66, 486.8; outra forma en 437.22).

Outra diferencia con F. Martís está en que só hai formas de *vingança* e en que *vingar* é máis abundante: *uingança* (251.6, 253.28, 273.30,32, 279.92, 328.43, 335.8, 359. 37, 379.185,200, 380.7, 424.12, 443.116, 479.8-9,17,20,28,41, 483.16, 503.6, 506.4; tamén 288.8, 325.13, 463.15, 481.8), *vingança* (329.4, 359.41, 380.34, 386.5, 437. 5 e tamén 493.6); *uingar* (287.10, 380.25, 395.18, 446.19, 449.14, 475.17, 479.12, 495.17), *ujngar* (356.16, 499.11), *uingauã* (478.7), *uingemus* (474.14), *uingou* (380.18), *uingarõ* (443.111), *uingará* (466.30), *uingará* (259.12), *vingarey* (276.19), *uingaría* (435.7), *uingues* (337.22), *uingase* (378.4-5, 479.7), *uingado* (279.95, 284.9,12, 443.

115, 479.23, 503.9), *vingado* (279.49, 359.31), *uingados* (442.20), *vingados* (345.64), *uingada* (246.74, 335.5, 359.31-32, 434.11), *ujngada* (470.13), *vingada* (246.74) e *uengar* (281.18, tamén 279.94), *vengar* (279.40), *uengarey* (279.109,110), *uengará* (354.13), *uengado* (279.94), *vengada* (485.12).

Na palabra *Deus* hai un claro dominio do castelanismo moderno, pois, xunto ó singular *Deus* (321.11, etc.), úsase 75 veces o plural *dioses* (239.31, 240.11, 247.4, 332. 9, 353.4,6,9, 354.3, 356.21, etc.). Só en dúas ocasións témo-lo plural *deus* (332.26, 443.116) e nunha ocasión o sing. *dios* (443.58). O fem. é *deesa* (406.14, 449.16, 502. 21).

Hai formas que presentan só *e*: *adeantarse* (287.14), *adeuinadores* (509.4), *adeuinamentos* (384.16), *adeuinãça* (390.25), *adeujnar* (261.59, 273.12), *adeuinando* (409. 12), *aliuearás* (337.26-27), *ameúde* (239.31, 252.50,51, 260.8, 279.125,170, 288.23-24, 348.7, 359.4, 366.5, 383.8, 500.5), *amẽúde* (252.50, 260.11, 279.120), *andámeos* (361.18-19, 511.8), *azémelas* (485.33), *canbeou* (462.12), *canbease* (326.16), *candeeyros* (243.21, 408.8), *debuxadura* (350.6), *descordia* (255.9, 444.5), *epitáfeo* (246.80), *feúza* (338.23), *meollo* (380.8), *meolos* (464.100), *meúda* (350.3), *meúdas* (330.12), *nérueos* (361.10), *pleitesía*, etc. (VI,3.30), *postremeyro* (251.13, 516.38), *postremeyros* (345.50, 373.11), *postremeyras* (466.34, 503.12), *rrepinta* (325.8, 328.19), *rrequeza* (359.29, 485.17,18), *rrequezas* (246.89, 443.26,35,37), *saráuea* (375.7), *sesudo* 17 veces (249.21, 253.33, 381.6, 386.2, etc.), *sesudos* 8 veces (253.34, 334.8, 353.3, 432. 16, etc.), *sesuda* 5 veces (417.4, etc.), *sobéruea* (272.8, 276.14, 289.15, 395.19), *soberueoso* (460.22), *soteleza* (246.43,70,77, 283.12, etc.), *tápea* (361.7), *ueúua* (359. 18) e *ueúuas* (481.13).

Só aparece *i* en *arçibispos* (358.3), *clerizía* (257.4, 358.4), *clerizías* (243.23), *cofia* (279.143), *cofias* (288.20), *espirimentos* (486.20), *spirimentos* (487.7,22,28,30, 36), *mĩgue* (251.8) e formas de *minguar, mingar* (VI,3.19), *mizquindade* (399.39), *obidientmẽt* (352.16), *omizío* (441.11), *prínçipe* 20 veces (247.5, 248.32,36, 250.7, 279.162,168, etc.), *prínçipes* 32 veces (244.11, 246.96, 247.1, 516.18,19,23,25,27, etc.), *tributo* (443.101) e *uizino* (373.3, 379.90).

En posición tónica só temos *conquerer* (cfr. 3.10) e *sandiçe* (323.5, 514.23,25).

3.27. Alternancia na representación da nasalidade.– Tamén na 2ª parte hai alternancia na representación da nasalidade, pero hai moitos máis casos en que se representa xa a forma moderna sen til. Temos alternancia en *algũus* (368.16, 516.19, etc.) e *alguus* (516.17), *auẽo* e *aueo* (cfr. VI,3.6), *auĩjnr* (460.25) e *avijnr* (503.13), *amẽúde* e *ameúde* (cfr. VI,3.26.6), *corõa* (360.14), pero *coroar* (348.5), *coroarlo* (483.23), *coroarõ* (443.96), *coroado* (483.3, 501.14, 515.4), *detẽemento* e *deteemento* (cfr. VI,3.13), *doas* (384.6, 422.45, 428.11, 450.11, 460.24, 476.16, 477.8, 493.31, 507.14), *dõas* (410.13) e mesmo *donas* (399.72, 443.76,91), *graado* (330.16) e *grãados* (359.33-34), *grãadas* (493.31), *leões* (360.8,9, etc.) e *leoes* (328.41), *lũa* (345.4, 416.15, 464.94) e *lua* (338.22) ou *luar* (462.15), *manãa* (244.3, 249.3, etc.) e *manaa* (334.7), *mão* (252. 33, 318.54, 328.14,43, etc.), *mãos* (246.32,90, 252.30, 319.39, etc.) e *mao* (328.6, 373.20,45,83), *maos* (332.6, 360.14, 443.89), *mĩas* e *mías* (cfr. VI,3.18), *pendões* (318.16, 355.5, etc.) e *pendoes* (379.140), *perdõe* (247.6-7, 500.16) e *perdoauã* (422.

18), *perdooulle* (514.47), *perdoarõ* (433.7), *perdoarey* (267.16), *perdoaría* (477.8), *perdoase* (500.30), *perdoasem* (514.48), *perdoádelle* (500.21), *pertẽeçiã* (246.9) e *perteeçía* (351.5), *rrazõou* (472.9) e *rrazoar* (380.43), *rrazoauã* (481.18), *rrazoando* (443.152), *rrazoado* (386.2, 430.9), *rrazoados* (334.7), *sẽestro* (380.13, 419.12) e *seestro* (319.15), *seestras* (246.33), *tẽer*, etc. e *teedes*, etc. (cfr. VI,3.10), *tẽúdo* (249.9) e *teúdo* (281.19, 443.158), *troyão* (498.18), *troyãos* 35 veces (253.14, 318.64, etc.), *troiãos* 19 veces (244.8, 246.2, 253.12,18,19,32, 279.16, etc.) e *troiaos* (349.8), *troyaos* 81 veces (245.4,8, 252.2,5, 318.63, 319.8, etc.), *uẽesche* (514.24) e *ueéscheme* (514.22), *uĩjna*, *uẽeron*, *uẽera*, *uẽese* e *uijña*, *ueeron*, *ueera*, *ueese*, etc. (cfr. VI,3.10), *uĩjnda* (262.27, 289.17), *vĩjnda* (318.63, 369.14, 370.8) e *vijnda* (319.26, 362.41, 500.21), *yrmãa* (337.11, etc.) e *yrmaas* (272.35); *caes* (479.40) e *caes* (347.5).

Algunhas formas con nasal son: *auĩjnça* (337.15, 391.17, 395.6, 450.9, 500.31), *auĩjnças* (464.21), *bẽeyçóm* (335.16, 337.3, 502.10), *bõauentura* (244.12), *cãal* (489.9), *canpãa* (360.15), *cão* (514.21), *cãos* (395.30), *çẽem* (390.26), *chãa* (401.19), *chãos* (318.50, 326.11), *cĩjnsa* (447.7), *desauĩjnça* (433.13, 450.3), *detẽença* (366.6), *detẽendo* (330.31), *gãados* (443.43,71), *mermidões* (324.10, 327.8, etc.) e *mermidones* (319.38), *mãtẽemento* (253.18), *mãtẽer* (326.19), *órfãa* (359.19), *rremãeçeu* (318.20), *sãa* (401.20), *são* (244.15, 329.4), *sõo* (278.17), *sõos* (326.17), *yrmão* (318.53). Cfr. formas de *gãanar* en VI,3.19 e a alternancia *seruidúe/çertedũe* en VI,3.14.

Xa sen nasal temos: *achaados* (428.6), *amaesçera* (280.7), *ameaçar* (345.21) e outras formas (246.73, 414.10, 468.5, 510.5, 513.25), *ameaça* (361.14, 492.19), *area* (288.16, 334.4, 463.12, 497.17), *beeyzeulle* (360.14-15), *beeyzerã* (359.24), *cadea* (261.30), *cadeas* (510.7), *cárdea* (350.4), *chea* (379.49), *cheas* (246.65), *cheo* (240.7, 332.21), *cheos* (252.21), *çidadaos* (505.9), *deostar* (281.14, 345.21-22), *deostaua* (438.5), *deostoo* (387.5), *encordoado* (243.17), *entençoar* (393.8), *esporoada* (252.34,46), *esporoadas* (375.14, 379.168), *geollos* (338.16, 345.60), *graa* (274.4), *meores* (249.6) ou xa *menor* (443.18), *menores* (399.6), *meos* (246.20, 269.7, 420.16, 463.21, 464.28, 509.28) ou xa *menos* (386.24, 412.22, 516.3) e o erro *mẽnos* (270.12), *meoscabamos* (272.17), *meoscabado* (323.4, 352.8) e *menoscabo* (266.19-20), *meospreçados* (255.10), *meúda* e *meúdas* (cfr. VI,3.26.6), *moesteyro* (246.101, 376.4,8), *noa* (462.42), *nomeada* (253.56, 373.113, 415.7, 418.11, 461.3, 491.12, 492.7, 493.37), *nomeadas* (362.16), *nomeado* (279.145, 469.21, 470.3, 488.22), *nomeados* (516.25,29), *nomeáuase* (279.75), *nomeándose* (328.61), *peedença* (279.110), *perdoança* (405.5, 430.5, 500.31), *poçoadas* (253.5), *poer*, etc. (cfr. VI,3.10), *rresoar* (288.18; tamén 278.18), *semeou* (459.4), *sereas* (488.11,20), *soar* (357.3, 373.15), *soando* (466.27), *soadas* (346.2), *terreal* (246.27, 460.10).

En diferentes ocasións colócase til onde non lle corresponde. Así: *alegríã* (493.29), *Anẽes* (328.25), *Archilãos* (373.65), *cõbãtiase* (355.64), *desnũado* (480.8), *Elẽna* (257.10, 332.30, etc.), *leães* (379.26), *mão* 23 veces (261.4, 318.73, 350.19, etc.), por *mao* (261.4, 355.46, etc.), *Menalão* (253.10, 453.8), *Nicolão* (516.39), *nõme* (246.97, 362.5, 496.8, 508.8), por *nome* (362.24, 376.3,4,5, etc.), *pãos* (361.11, 438.6), por *paos* (373.9), *sinães* (278.12), etc.

Este til tamén se coloca noutros casos alleos á 1ª parte, sempre alternando coa forma propia: *comarquas* (362.8) e *cõmarcas* (457.17), *cõmarqua* (362.9); *cometamos*

(274.24), *cometerõ* (345.19, 379.175) e *cõmeter* (464.64, 506.7), *cõmeteu* (379.116, 497.10, 508.10), *cõmeterã* (506.7), *cõmetese* (514.25), *cumunalment* (249.4, 286.6, 444.13, 447.13) e *cõmunalment* (443.114, tamén 419.4 e 429.8-9); *começar* (387.9), *começou* 15 veces (253.35, 318.19, etc.), *começoos* (325.3, 389.28), *comesçouse* (328. 53), *começoua* (335.11), *começarõ* 6 veces (319.18, 373.51, etc.), *começarom* (345.12), *começárõse* (463.10), *começárõnos* (253.6), *começarã* (345.29), *começémoslo* (345.24), *começada* (395.29, 432.11), *começado* (255.9) e *cõmeçar* (248.12), *cõmeçarlo* (271.7), *cõmeça* (260.17, 262.26), *cõmeçou* 29 veces (247.2-3, 260.13, 261.3, etc.), *cõmecou* (499.5), *cõmeçoo* (281.13-14, 500.2), *cõmeçoos* (464.59, 513.29), *cõmeçoua* (434.13), *cõmeçoulles* (433.5), *cõmeçamos* (248.27, 443.57,62), *cõmeçámoslo* (273.39), *cõmeçastes* (248.24, 273.12), *cõmeçásteslo* (273.13-14), *cõmeçarõ* 13 veces (253.42, 279.83, 160, 280.5,23, etc.), *cõmeçárõse* (373.51), *cõmeçara* (279.136, 445.7), *cõmeçemos* (251.8), *cõmeçase* (432.12), *cõmeçasem* (508.20), *cõmeçada* (272.31, 408. 4), *cõmeçado* (244.5, 248.23, 273.25-26, 352.21, 381.6-7); *começo* (384.15,16) e *cõmeço* (261.57, 273.16, 379.47, 395.19).

Finalmente, no caso do adx. *bo* a situación é moi diferente á da 1ª parte. En plural é normal *bõos* (244.11,12, 252.29,56, 318.12,38, etc.) e só aparece unha vez *boos* (437.6). En singular, ante sust., a forma preferida é agora *bõo*, 76 veces (244.14, 324. 6, 328.35, 338.19, etc.), frente a 29 casos da forma *bom* (244.12, 246.83, 248.3,4, 332.35, etc.), 7 da forma *bon* (324.5, 373.124, etc.) e 10 de *bõ* (252.13, 352.15, 377. 5, 379.181, etc.). Cando vai despois dun sust. ou doutra palabra sempre se usa *bõo* (243.7, 337.16, 345.47, 359.48, 385.4, 390.20, etc.; en total 19 veces). Para o feminino alternan as formas con vocal nasal ou oral: *boa* 16 veces (246.105, 279.114, 280.8, 324.5,6, 351.4, 361.13, etc.), *boas* 16 veces (252.56, 270.6, 272.12, 278.4,10, 279. 135,174, etc.) e *bõa* (252.70, 329.9, 397.14, etc.), *bõas* (252.43, etc.).

3.28. Elisión da vocal e final ante palabra que empeza por vocal.– Na 2ª parte non se practica a elisión dunha maneira xeral, pero hai moitos máis casos ca na 1ª parte. Coa prep. *de* temos: *d'abayxar* (279.47, 382.7), *d'abraçar* (500.3), *d'abrir* (388.7), *d'acá* (356.8), *d'acabar* (352.21, etc.), *de Acastus, d'Achiles* 28 veces (318.58,70, etc.), *d'Achilles* (319.19, 444.16, 508.9) e *de Achiles* (322.7, 335.7, 347.10-11, 350.24), *de Achilles* (496.19), *d'acorrer, d'acorro* (330.14), *d'adubos* (399.77) e *de adubar* (443.144), *muy d'aduro* (493.38), *d'África, d'ágoa* (497.18, 511.6), *de Agamenõ, d'ajudar* (330.17), *d'al* 2 v., *d'alá* 3 v., *de alabastro* (424.2), *d'Alamaña* (318.11), *d'alende* (272.21), *de Alea, d'algo* (244.12, 424.3), *dalgũ* (287.9, 464.59), *dalgũa* (361.25), *d'alí* 9 v., *d'aly* 23 v., *de aly* (460.18), *d'alongar* (373.49), *d'alteza* (419.19-20), *d'alto* 2 v., *d'amar, d'amigo* 2 v., *d'amiga* (319.7), *d'amigos* (392.4), *d'amor* 10 v., *de ameaçar* (345.21), *d'ánbaslas* 24 v., *d'ánbalas* (355.52), *d'anbos, d'anchura* (419.20), *d'andar* 2 v., *d'Andrómaca* (427.6), *d'Angis* (422.2), *d'Antenor* 4 v. e *de Antenor* 2 v., *d'Antenus, d'Antílogus* 2 v., *de Apólines* (408.15), *de Apólinis* (338.22, 342.5), *de Apolo* 3 v., *de Apollo* 2 v., *d'Aprilus* (376.5), *daquel* (246.101, 249.20, etc.), *daqueles* (239.29, 252.45, etc.), *daquela* (252.34, 253.13, etc.), *daquelo* (363.16), *daqueste* (279.83), *daquisto* 7 v., *d'aquí* 29 v., *daquilo* (460.25), *d'Arabia* 2v., *d'Arangóm* (279.50), *de Arcadia, d'arco* 2 v., *d'arder* 2 v., *d'ardido, de Aressa* (279.68), *d'Arges, d'armas* 8 v., *d'Asandrus* e *de*

Asandrus 2 v., *d'ascoytar* (422.34), *d'Asia, d'Aspersuj, d'Atenas* (318.27) e *de Atenas* 8 v., *d'atender, d'atreuudo* (280.21), *d'auer* 18 v., *d'aues* (243.14), *d'Ayas, d'azur* (428. 6), *d'Egistus* e *de Egistus, del* (243.8, etc.), *deles* (246.20, 252.41, etc.), *delles* (476. 14, etc.), *dela* (246.27, 335.7, etc.), *delas* (246.29, etc.), *delo* (367.15, etc.) e *de eles* + verbo 2 v., *de Elena, d'encantamentos* (487.7), *d'ençimar* (442.16), *d'ende* (475.7), *de Eneas, d'engãno* 3 v., *d'engrosar* (462.20), *d'enpuxar* (319.18), *de entençoar* (393.8), *d'entendemento* (389.6) e *de entendemento* (508.19), *d'entrar* 2 v. e *de entrar, d'éntrelos, d'enuiar* (402.6), *d'escriuir, d'escudos, d'escureçer, dese, desa, d'esmaltes* (372. 13), *d'esmeraldas* 2 v., *d'espadas* 6 v., e *de espadas, d'España* 3 v., *d'esquiuar* e *de esquiuar, d'estar* 2 v. e *de estar, deste* (239.26, etc.), *destes, desta* (246.30, etc.), *destas, desto* (349.3, etc.), *d'estoriar* (516.36), *d'Éutor* 19 v., *d'Éctor* 2 v. e *de Éutor* 3 v., *de Europa* 2 v., *de obrar, d'oie* 2 v., *de Oly, d'ome* 4 v., *d'omes, d'ōme, donde* 7 v., *d'ontre* (395. 30), *d'óntrelos* 2 v., *d'ora* 23 v., *d'oras* (356.14), *de Orestes* 2 v., *d'oso* 2 v., *d'Ouçident* 3 v., *d'Ouçidente* (362.36), *d'ouliua* (394.3), *d'Ourient* (243.19), *d'Ouriente* 4 v., *d'ouro* 6 v., *d'ourofrés* (372.22), *d'outorgar* (401.35), *doutro* 2 v., *doutros* 2 v., *doutra* 7 v., *doutras* 2 v. e *de outra* (359.54), *de oyto, de Vlixas* 3 v., *du* 6 v. (342.8, 362.16, 363.5, etc.), *d'uso, d'y* 4 v. e *de y* (346.7), *d'ydade, d'yr* (322.8), *d'ir* 2 v. e *de yr* 3 veces.

Co artigo é normal *do, da, dos, das,* tanto na 1ª coma na 2ª parte; en cambio, coa forma *un* hai diferencias, pois na 2ª é moi usual a contracción: *dũ* 28 veces (243.19, 246.27, 254.23, 255.4, 261.33, 271.8, 279.50, 289.24, etc.), *dum* (243.16), *dũa* 25 veces (246.26,43, 252.26, 255.4, 272.12,17, 278.15, 279.24, 288.25, 289.21, etc.), *dũas* (243.17, 372.7). Sen contraer temos: *de hũ* (350.23, 437.15), *de hũus* (288.13) e *de hũa* (246.23, 252.39, 362.38, 516.28).

Con outras palabras é menos usual a elisión: *ant'el* (283.14, 338.16, 413.6, 464. 69) e *ante ela; sobr'el* (250.5, 279.65, 284.9, 285.4, 345.43,45,59, 347.7, 358.4,5, 464. 24,29), *sobr'eles* (466.31), *sobr'ela* (240.8), *sobr'elas* (464.32), *sobr'elo* (393.13, 433.3, 441.4, 443.117), *sobr'esto* (483.19) e *sobre el* (345.57), *sobre eles* (379.196), *sobre este* 4 veces, *sobre estes, sobre esto* (384.9), *sobre aquisto, sobre aqueles* 2 veces, *sobre aquelo.* Con *me* temos *ma* (261.7, 395.14,15, 443.31, 516.32), *mo* (247.7, 248.28, 249.9, 335.19, etc.), *mos* (332.13,15), *darm'edes* (406.7), *falarm'ás* (498.5), *ynn'ey* (359.60, 401.39), pero *me ela* (339.9), *me yr,* etc. Tamén é normal con *lle* a combinación *lla* (506.5, 514.9, etc.), *llo* (323.12, 328.29, etc.). Non hai casos de contracción con *entre* e *este: entre eles* (252.36-37, 253.48), *este amor* (345.62, 356.23), etc. Tampouco con *en: en el* (355.59), *en elo* (332.27, etc.), *en este* (343.11, etc.), *en esto, en hũ* (352.4), *en outra* (318.24, 355.38), *en outro* (330.2, 345.71-72). Co artigo xa citei *enno, enna, eno, ena* e as formas modernas *na, nas* (cfr. 3.25).

Otras peculiaridades son: o cap. 465 é da propia colleita do traductor, pois non está no castelán, e a 1ª liña ("Aquí nom auya capítolo, segundo oyredes") foi escrita por outra man. No cap. 483, as liñas 2-3 ("Agora...por rrey") escribiunas o copista do texto e a liña 1 ("de cõmo sse conta a estoria adeãte") unha man distinta. Finalmente, no cap. 247 falta o título, porque se desplazou a 248.1-2, e tamén falta no cap. 254. Por outra banda, en 367.13 a palabra "Outrosí", con que comeza o párrafo final do cap., empeza unha liña nova con inicial maiúscula, coma se fose un título, e a liña anterior só contén unha palabra ("bayxo"), quedando o resto en branco.

4. Características lingüísticas e gráficas dos títulos.– Os títulos de cada capítulo, como xa indiquei, foron escritos máis tarde por unha terceira man, que debeu ser tamén a que escribiu a letra inicial maiúscula de cada capítulo. Non podemos saber se foi un único escriba o que copiou os títulos ou máis de un, aínda que por certas particularidades poderiamos pensar en dous[14]. Para que este copista soubese o que tiña que escribir, o encarregado de copia-lo texto sempre puxo á marxe o contido do título e unha letra pequeniña correspondente á inicial.

O escriba destas rúbricas non se mostrou moi seguro na súa transcrición. Moitas veces copia de maneira diferente o que lle indicaban á marxe e distorsiona a reo os nomes propios. A inseguridade chega ás grafías e ás alternancias lingüísticas, ás veces con erros manifestos.

A lingua que presentan as rúbricas non é idéntica a ningunha das dúas partes estudiadas máis arriba, coincidindo unhas veces con F. Martís e outras co autor da 2ª parte, ou afastándose dos dous para presentar unhas características propias na grafía ou na forma fonética. Velaquí os resultados, que na maioría dos casos mostran preferencia pola forma galega.

4.1. Alternancia ai/ei.– Xunto a *rretraya* (35.1) e as alternancias *traycõ* (384.2), *treyçõ* (412.1), *traydores* (429.1), *treedores* (412.2), o normal é *ei: rreyña* (46.1, 83.1, 166.1, 369.1, 380.1, 512.1), *rreyna* (226.1, 262.1, 263.2, 264.1, 266.1, 267.1, 268.1, 270.2, 285.1, 313.1, 320.1, 321.1, 332.1, 335.1, 336.1, 337.1, 338.1, 339.1, 370.1, 371.1, 383.1, 403.1, 410.1, 438.1), *rreynna* (340.1, 341.1, 415.2, 425.1), *rreynnas* (487.2), *seyo* (6.1, 123.1, 152.1, 319.1), *sseyo* (233.1), *seyrom* (373.2), *seyrõ* (252.1) e *seysem* (374.2).

---

[14] Martínez Salazar di: "ilustran el códice letras capitales de formas varias, rojas y azules, alternadas casi siempre, y tanto estas letras como las rúbricas, parecen dibujadas por varias manos" (*Crónica Troyana*, I, p. XI).

4.2. Non hai exemplos.

4.3. Non hai exemplos.

4.4. Terceira persoa dos pretéritos fortes.– Aínda que dominan os casos con *-o*, hai alternancia: *disso* (22.1, 104.1, 341.1, 499.1), *diso* (293.1), *djsso* ou *djso* (está abreviado en 106.1, 270.1, 294.1, 295.1, 302.1, 410.2), *fezo* (111.3, 115.1, 146.1, 325.1, 329.1, 378.1, 397.1), *ffezo* (10.1, 12.1 2 v., 34.2, 89.1, 447.1, 466.1) e *fez* (176.2), *ouuo* (105.1, 108.2, 161.1, 297.1, 315.1) e *ouue* (12.1, 23.2, 308.2, 447.2), *poso* (93.1, 500.1), *quiso* (248.1), *soube* (370.1), *trouxe* (227.1, 265.2) e *maltrouxe* (320.1).

4.5. Terceira persoa dos pretéritos fracos da 3ª conxugación.– Ó contrario das outras dúas partes, dominan as formas en *-o: ffugío* (505.1), *ordío* (469.1), *partío* (4.1, 454.1), *partyo* (452.2, 459.1), *seyo* (6.1, 123.1, 152.1, 319.1) e *sseyo* (233.1). A forma *-eu* só en *espedeu* (199.1), *pedeu* (225.2, 452.2) e *parteu* (294.1, tamén 299.1). Un híbrido das dúas en *descobreo* (406.1).

4.6. Perfecto dos verbos da 2ª conxugación.– Dominan as formas en *-eu: acolleu* (423.1), *acorreu* (136.1), *aprendeu* (492.1), *ascondeu* (342.1), *conteceu* (119.2), *creçeu* (103.1), *defendeu* (276.1, 280.2), *entendeu* (343.1), *gorneçeu* (2.3), *prometeu* (406.2), *rreçebeu* (9.1) e *rrespondeu* 20 veces (139.1, 264.1, 273.1, etc.). A forma *-eo* témola en *agradesçeo* (501.2), *moueo* (395.1, 399.1, 443.1) e *rrespondeo* (164.1). Unha vez a forma *cayo* (283.1).

Para o verbo *vir* temos *veo* (91.1, 118.1, 120.1, 131.1, 133.1) e *uẽo* (132.1, 134.1, 135.1) e para *dar* as variantes *deu* (101.1, 163.1, 301.1, 303.1, 336.1, 425.2) e *dou* 19 veces (4.1, 19.1, 21.1, 28.1, 29.1, 30.1, 31.1, 32.1, etc.).

4.7. Non hai exemplos.

4.8. Encontro do imperfecto co pronome o *e outras palabras con* -ao.– Non temos ningún caso. O único que aparece é a alternancia entre *aa* (109.1, 123.1, 129.1, 130.1, 166.1, 221.2, 225.2, 252.1, 263.2, etc.), *aas* (47.1, 235.1) e *á* (117.1, 118.1, 125.1, 140.1, 224.2, 233.1, 234.1, 267.1, 268.1, 320.2, 323.2, 336.1, 373.2). Nunha ocasión aparece *aa* (142.1) ultracorrectamente coma artigo.

4.9. Palatalización de formas verbais.– Só témo-las formas do verbo *trager: trouxe* (227.1, 265.2) e *maltrouxe* (320.1).

4.10. Outras formas verbais.– Entre as formas verbais que aparecen cómpre salientar *caera* (490.1), *detouesse* (228.2), *dizem* (14.1, tamén 38.2), *dizíã* (124.2), *disera* (225.1, 277.1), *disese* (398.2), *estouesẽ* (275.1), *fezerõ* (114.1, 120.1, 128.1, etc.), *ffezerom* (453.1), *fezera* (309.2, tamén 486.1), *ffezesse* (176.1), *maldizendo* (283.1), *oyredes* (465.1), *oyra* (35.2), *poserõ* (121.1, 280.1), *preegaua* (304.1), *pro(o)uuese* (349.1), *queríam* (393.2, 434.1, 493.2), *quiserõ* (361.1), *rreçeberõ* (143.1, 420.1), *rreçebera* (341.2), *rrecebe[sse]* (200.2), *soyam* (3.2) e *touese* (248.2).

4.11. Os demostrativos e o pronome persoal de 3ª persoa.– Coincide con F. Martís: *desto* (248.1, 251.1, 288.1, 320.1, 334.1, 335.1, 355.1, 362.1, 375.1, 379.1, 384.1, 416.1, 434.1, 439.1, 449.1, 450.1) e *daquesto* (324.1, 369.1, 372.1, 414.1). A forma masc. é *este* (125.1, 164.1, 195.2, 267.2) e o pron. persoal *el* (93.2, 106.1, 168.2, 176.2, 269.2, 308.2, 313.2, 356.1, 358.1, 452.1, 510.1), contraído con *de* en *del* (23.2, 362.1, 393.2).

4.12. Forma **lo** *do pronome ou do artigo.*– Con *lles* temos *leslo* (406.2) e con *todos* as variantes *tódolos* (111.1, 152.1, 275.1, 285.1, 373.1) e *todoslos* (89.1). Non hai 2ª forma en *mortos os* (426.2) e tampouco co inf.: *quebrar as* + sust. (115.1), *partyr os* (271.1), *pedir o* (347.1), *devisar o* (362.1), etc. Con *por* ou *per* temos: *porlo* (183.2, 225.1, 277.1), *perlo* (103.1) e *porla* (170.2, 346.1, 347.2, 480.1); con *ontre* as formas *óntrela*[*s*] (374.2) e *óntrelos* (450.1) e con *sobre* as combinacións *sóbrela* (153.1, 329.2), *sóbrelo* (440.1, 443.1) e *sobre as* (187.2).

4.13. Non hai exemplos.

4.14. Non hai exemplos.

4.15. Alternancia **oi/ui**.– Alternan as dúas formas, con preferencia por *ui*. Así, alternan *agoreyro* (304.1) e *agüyreyro* (91.1), *coytado* (215.1) e *cuytado* (269.1), *destroyrõ* (97.1), *destroyda* (7.1, 9.2, 428.1) e *destruyda* (384.2), *fuy* 28 veces (138.1, 142.1, 159.1, 172.1,2, 178.1, 223.1, etc.), *ffuy* 22 veces (2.1, 7.1, 13.1, 38.1, 39.1, 40.1, 93.2, etc.) e *foy* (111.1, 235.1), *ffoy* (18.1), *moy* (215.1), *moyto* (312.1) e *muyto* (269.2). Con *oi* temos: *coydado* (154.1), *coyta* (170.1, 322.1), *noyte* (119.2, 170.1, 448.1) e *soyam* (3.2).

4.16. Grupo **-str-** *interior.*– Rexístrase unha vez *rrostro* (137.2).

4.17. Representación da palatal [l].– Acércase máis a F. Martís, pois é normal *ll*: *acolleu* (423.1), *batalla* 40 veces (108.1, 117.1, 118.1, etc.), *batallas* (375.1, 379.2), *consellou* (499.2), *consello* (4.1, etc.), *filla* (203.1), *fillo* (139.1, etc.), *lle* (22.2, 186.2), *lles* (119.2, 124.2, 406.2, 418.1), etc. Só temos *l* en *leslo* (406.2) e tamén en *falou* (498.1), e *ffalou* (426.1), por *achou*, dous casos de confusión co verbo *falar*.

O caso contrario, *ll* por *l*, témolo en *cauallarías* (128.1, 141.1), *caualleyros* (147.1, 224.2, 281.1, 289.2, 342.2, 385.1, 386.1, 392.1), xunto a *caualeyro* (378.1) e *caualeyros* (166.1, 167.1, 492.1, 493.1), *cauallo* (172.1, 216.1), xunto a *caualo* (205.1, 413.1, 418.2, 419.1, 420.2), *Nectóllamus* (447.1), xunto a *Neutálamos*, etc. (cfr. VI,4.26.1), e *villa* (121.1), xunto a *vila* (14.1). Con consoante simple están *Apolo* (92.1, etc.), *Apólinis* (342.1), *aquela* (119.2, 170.1), *castelo* (43.1, 45.1), *ela* (47.2, 403.2), *eles* (17.1, 26.2) e *mil* (289.1).

4.18. Representación da palatal [n].– Coincide coa 2ª parte, pois alternan para a representación ñ, *n* e *nn*, con certa preferencia pola última. Así: *aconpañados* (392.1), *conpañas* (34.2, 463.1, tamén 276.1), *rremuño* (489.2), *sañudo* (225.1), *señor* (53.4, 111.1),

sseñor (47.12), *ssobriños* (452.2), *soño* (510.1), *tijña* (161.2) e *rreyña* 6 veces (cfr. VI, 4.1), xunto con *asanou* (222.1), *conpaneyro* (344.1), *cunado* (241.2), *tijnã* (361.1), *uijnã* (46.2), *rreyna* 24 veces (cfr. VI,4.1) e *conpanna* (45.1, tamén 43.1), *conpanneyro* (486.2), *connoscía* (309.2), *sennores* (414.1), *sonno* (509.1), *ssonnou* (509.1), *vijnnã* (47.2), *rreynna* (4 veces) e *rreynnas* (cfr. VI,4.1). Tamén leva til a palabra *ãnos* (189.1), pero non o leva *donas* (46.1, 47.1, 167.1, 226.1, 239.1).

4.19. Resultados de **gua-** *inicial ou* **-gua-** *interno.*– Só hai exemplos de *ga-*: *gardauã* (176. 2) e *gardasse* (425.2, 499.2). Xunto a eles a reducción a *go-* en *gorneçeu* (2.3) e *gornymentos* (198.1).

4.20. Resultados de **qua-** *inicial.*– O normal é a grafía *qua-*. Así, en *qual* (13.1, 396.2), *quando* (197.2), *quanto* (2.3, 182.1), *quantos* (11.1, etc.), *quarta* (156.1), *quarto* (211. 1). Frente a estes casos temos xa a grafía propia en *catro* (385.1). A grafía ultracorrecta témola en *Andrómaqua* (427.1, 508.1) e *cerqua* (275.2), xunto a *Andrómaca* (84.1, 240. 1, 433.2, 504.1, 505.1) ou *Andrómata* (221.1, 222.1, 223.1, 225.1, 227.1, 228.1, 432. 2) e *cerca* (214.2). Só aparece *arco* (137.1).

4.21. Neutralización de xordas/sonoras.– Non coincide coas outras dúas partes, posto que as grafías *ss* e *s* para o sonido xordo están á par, con algúns máis casos de *ss*. Así: *acorresse* (282.1), *assacados* (16.1), *criasse* (471.2), *detouesse* (228.2), *disso* 4 veces, *ffezesse* (176.1), *fosse* (221.2), *gardasse* (425.2, 499.2), *guerreassem* (474.2), *leixasse* (418.1), *lydassem* (195.2), *matasse* (504.1), *messagie* (18.1), *messagiẽ* (23.1, 100.1), *messagẽ* (99.2), *messajẽ* (22.1), *messagem* (182.2), *messageyros* (186.1), *ouuesse* (154. 1), *passou* (459.2), *vassalos* (17.1, 26.1) e *uissem* (51.2), frente a *asanou* (222.1), *disera* (225.1, 277.1), *disese* (398.2), *doese* (400.2), *diso* (293.1), *enviasem* (353.1), *estouesẽ* (275.1), *fficase* (226.2), *ffosem* (276.2), *mesagiẽ* (20.1), *mesagieyro* (263.1), *mesageyro* (265.2, 268.1), *pasara* (482.1), *pro(o)uuese* (349.1), *seysem* (374.2), *touese* (248.2), *traesem* (391.2), *uasalo* (471.1) e *veese* (323.2). Por erro escribiuse *defensem* (374.1). Non hai casos de ultracorrección e, da posible confusión entre *z/ç/ss*, só temos *enssarrou* (51.2), *asederex* (16.1) e *rreçebeçẽ* (469.2). Con *z* está *mezclou* (467.1, 468.1).

4.22. Neutralización de **b/v.**– Son normais as formas *palauras* (105.1, 193.1, 299.1), *póboos* (363.1) e *pobrou* (460.1). Só aparece *b* por *u* en *tablas* (16.1), que ten un valor especial.

4.23. Formación do plural.– É normal en *principaes* (367.1), *quaes* (111.2, 363.2, 396. 1), *synaes* (410.1), *çibdadãos* (505.2) e *rrazões* (294.1). O que pode faltar é o til de nasalización (cfr. VI,4.27).

4.24. Terminación **-ione.**– Coincide cos outros dous na forma galega: *uisyóm* (223.2).

4.25. Representación da consoante nasal implosiva.– Diferénciase da 1ª e da 2ª parte, posto que, se ben utiliza en posición final til, *n* ou *m*, coma na 2ª, faino en distinta pro-

porción. Segue sendo máis usual a expresión por medio de til (266 casos), en 2º lugar aparecen agora os casos con *m* (100 veces) e pasa á 3ª posición a representación por *n* (só 15 veces). Coma mostra podemos indicar: *acordarõ* (5.1), *ajudauã* (3.1), *armarõ* (119.1), *chegarõ* (53.2), *cõ* (39 veces), *derõ* (166.1), *falarõ* (396.1), *forõ* (189.1), *grã* (454.1), *nõ* (8 veces), etc.; *Alçeóm* (491.2), *andauam* (492.1), *bem* (361.2), *com* (16 veces), *dom* (30.1), *em* (17 veces), *gram* (170.1), *rrazóm* (102.1), etc.; *auyan* (2.3), *con* (27.1), *en* (5 veces), *ouueron* (113.1), *quen* (376.1), *Talamón* (4 veces), *Ténedon* (97. 1) e *tornaron* (414.2).

En posición interna domina a representación por *n* ante calquera consoante (anotei 270 casos): *abastança* (149.1), *ajuntou* (17.1), *Anchises* (390.2), *andauam* (492.1), *Anfícamos* (387.1), *Cansandra* (148.1), *consentir* (248.1), *donzela* (486.2), *enueja* (382. 1), *enviou* (205.2), *onrra* (397.1), *príncipe* (249.2), *aconpañados* (392.1), *canpo* (190. 2), *conpanna* (45.1), *Lonbardya* (477.2), *tenplo* (39.1), *tenpo* (182.1), etc. A representación por til é moito menor (121 casos): *adeãte* (483.1), *ajũtou* (34.1), *astragamẽto* (461.1), *cõpanna* (43.1), *cõsello* (5.1), *cõtar* (223.2), *estãdo* (193.2), *tẽplo* (90.1), *tẽpo* (170.2), etc. A grafía con *m* só aparece en 3 ocasións: *emfadados* (214.1), *empeoraua* (181.2) e *emuyarõ* (53.1).

Dentro das posibles combinacións só aparece a da prep. *en* co art. *lo*, que ten a forma *enno, enna* (grafía con til): *ẽna* (38.2, 147.2, 175.1, 275.1, 331.1, 366.1, 409.2, 418.2, 420.2, 457.2), *ẽnas* (44.1, 136.1, 193.2), *ẽno* (3.1,2, 5.1, 33.1, 45.1, 109.2, 137. 2, 172.1, 190.2, 235.1, 268.2, 342.1, 383.2, 410.1, 469.2) e *ẽnos* (466.2). Coa prep. *con* úsanse as combinacións *cõ o* (265.1), *cõ os* (192.1, 272.1, 325.1, 405.2, 513.2) e *cõ as* (487.2). En 2 ocasións aparece *cõlos* (6.1, 329.1).

4.26. Alternancia vocálica.– Tamén hai numerosos casos.

4.26.1. Alternancia a/o.– Alternan *Nectóllamus* (447.1), *Vencólanos* (53.3) e *Neutálamo* (68.1), *Neutálamos* (506.2), *Palamades* (69.1, 113.2, 114.1), *Polomades* (248.1, 255.1) e *Palomades* (250.1, 286.1), *Polidamas* (333.1, 384.1-2) e *Polidamos* (81.1, 390.2, 391.1) e tamén *Polidemas* (42.2), coa alternancia *a/e*. Só aparece a forma *caudyllo* (250.2).

4.26.2. Alternancia u/i.– Só aparece *-ido* en *naçido* (508.2) e *-udo* en *maltraúdos* (281.2), *metudo* (420.2), *rreçebudo* (477.1), *rreçebudos* (478.1), *rrecebudos* (377.1), *uẽcudos* (281.2) e *vẽcudos* (357.1). Hai alternancia na forma maioritaria *Éytor* 48 veces (27.2, 28.1, 75.1, etc.) e *Eutor* (427.2), tamén *Octor* (452.2), coa alternancia *e/o*.

4.26.3. Alternancia a/e.– Alternan *Écuba* 13 veces (83.1, 166.1, 226.1, 263.2, 264.1, etc.) e *Ácuba* (433.1), *Elenus* (452.1, 432.2) e *Alenus* (433.1), tamén *Lenus* (31.1, 76.1), *Menelao* (38.1, 59.1, 301.1, 302.1) e *Menalao* (53.1, 482.1, 484.2, 504.1), tamén *Menalau* (376.1, 377.1, 426.1) e *Menelau* (354.1), *Nástor* (23.1, 38.1, 66.1, 131. 1, 295.1, 296.1, 299.1, 348.1, 351.1) e *Néstor* (2.2, 475.1), *Pantaselona* (369.1, 370.1, 371.1, 383.2), *Panteselõna* (415.2), *Panteselona* (403.1) e tamén *Pantiselona* (380.1), *Paladyóm* (440.1, 441.1, 442.1), *Paladiõ* (406.1, 443.1, 444.1) e *Peladiõ* (412.1), *Pro-*

tesalao (115.1) e *Proteselao* (67.1), *traydores* (429.1) e *treedores* (412.2). Son formas únicas *fforteleza* (511.1), *saeta* (137.1) e *Tolámacus* (515.1). Cfr. VI,4.26.1.

4.26.4. Alternancia e/o.– Alternan *Atenas* (53.5) e *Atonas* (274.1), *Elena* 10 veces (40.1, 42.1, 46.1, 47.1, etc.) e *Elona* (426.1), *Oneus* (468.1) e *Eneas* (467.1), *Orestes* (471.1, 480.1, 484.1, 506.1) e *Erestes* (507.1), *sepultura* (246.1, 349.2, 350.1, 360.1) e *sopoltura* (447.1), *Ténedon* (97.1), *Ténedoy* (96.2) e *Tónydõ* (45.1), *Téuçer* (455.2) e *Téuçor* (456.1), *Peleus* (508.1) e *Poleus* (496.2). Só aparece *ontre* (474.1, 500.1; tamén 374.2, 450.1). En lugar de *ueerõ* (258.1) escribiuse *ueorõ* (111.1) e *veorõ* (129.1).

4.26.5. Alternancia o/u.– Alternan *Patróculus* (90.1, 145.1) e *Patróculos* (146.1), tamén escrito *Patrícolus* (61.1) e *Acríolos* (53.2), *Príamos* 33 veces (9.1, 10.1, 11.1, 12.1, etc.), *Príamo* (347.1, 393.1, 399.1, 407.2, 418.1, 423.1), *Apríamos* (285.1), *Primos* (101.1, 128.1, 417.1) e *Príamus* (398.1), *Pryamus* (266.2, 371.1, 392.2), *Primus* (100.2), *sepultura* e *sopoltura* (cfr. VI,4.26.4), *Vlixas* 23 veces (64.1, 99.2, 185.1, etc.), *Ulixas* (444.1), *Vlyxas* (487.1) e *Olixas* (100.1, 106.1), *Menelao* e *Menelau*, etc. (cfr. VI,4.26.3). Só hai formas con *o* en *capítolo* (363.1, 364.1, 368.1, 383.1, 405.1, 465.1), *descobreo* (406.1), *Hércoles* (2.1, 3.1, 4.1, 5.1), *moller* (262.2, 320.2, 467.1, 468.2, 469.1, 492.2, 493.2, 507.1), *molleres* (431.1), *ordío* (469.1), *poridade* (406.1), *título* (124.1, 152.1, 212.1, 318.1), *trégoa* (184.1, 245.1), *trégoas* 10 veces (144.1, 185.2, 187. 2, etc.), *ynsoa* (38.2) e *ynsoas* (365.1). Só hai *u* en *ffugía* (425.1), *ffugío* (505.1) e *pusfacauã* (277.1); tamén *pus* (506.2).

4.26.6. Alternancia e/i.– Hai alternancia en *Achiles* 19 veces (53.2, 60.1, 90.1, 93.1, 94.1, etc.) e *Achilis* 52 veces (108.2, 109.1, 145.1, 146.1, 154.1, etc.), *Paris* 10 veces (283.1, 333.1, 336.1, etc.) e *Pares* 14 veces (29.1, 39.1, 41.1, 42.1, 43.1, etc.), *Panteselona* e *Pantiselona* (cfr. VI,4.26.3), *Perius* (463.1), *Pirius* (447.1, 497.1, 500.1, 507.1), *Pirus* (353.2), *Pirios* (498.1), *Pyrius* (496.1, 499.2), *Prius* (501.1), *Pririus* (376. 1, 380.1), *Prirrus* (354.2), *Príames* (377.1) e *Pielus* (378.1), *prínçepe* (111.1), *príncepes* (187.1) e *príncipe* (249.2, 250.1, 286.1, 287.2), *prínçipe* (58.1), *príncipes* (111.3), *prínçipes* (89.1), *pleitesía* (396.1,2), *pleytesías* (416.1), *pleitesías* (407.1) e *pleytysía* (393. 2), *pleitysía* (394.1), *pretisías* (402.2). Tamén alternan *deuses* (12.1) e *dioses* (353.1).

Só hai casos de *e* en *adeãte* (483.1), *agraueados* (183.1), *consentir* (248.1, tamén 195.1), *estoría* (483.1), *devisar* (362.1), *pedir* (262.1, 347.1), *sábeo* (391.2) e *sesudament* (388.1, 389.1). A forma *mesma* aparece escrita *mẽsma* (309.1) e só hai casos de *i* en *amyúde* (308.1) e *uyngaría* (323.1), *uyngado* (449.2). Tamén aparece *espidirõ* (167.1), xunto a *espedeu* (199.1), e o extraño *sseguy* (13.1). Amais disto, contrariamente a F. Martís, utiliza *dizíã* e, en contra da 2ª parte, *queríam* (cfr. VI,4.10).

4.27. Alternancia na representación da nasalidade.– Alternan *mermjdoes* (325.1) e *mermidões* (329.1), *troyãos* 17 veces (38.1, 115.2, 120.1, 152.1, 173.1, etc.) e *troyaos* 8 veces (121.1, 149.1, 252.1, 256.1, 357.1, 373.1, 457.2, 461.1), *tĩjnã* (361.1) e *tijña* (161.2), *vẽerõ* (414.2) e *ueerõ* (258.1; tamén 111.1, 129.1), *uẽera* (320.2) e *veera* (322. 2), *veese* (323.2). Hai sempre vocal nasal en *çibdadãos* (505.2), *vẽo* (91.5, 118.1, 120.1, 131.1, 133.1), *uẽo* (132.1, 134.1, 135.1) e *yrmão* (232.2, 238.1, 242.2, 472.1). Hai

vocal oral en *ameaçou* (445.1), *amyude* (308.1), *deostou* (425.1), *sereas* (488.2), *uijnã* (46.2) e *vijnnã* (47.2). Non levan falso til *maos* (410.1) e *nome* (88.1). Tampouco levan til *comecou* (326.1), *começou* (156.1, 272.1) e *começarã* (214.2).

4.28. Elisión da vocal e *final ante palabra que empeza por vocal.*– Alternan *de Achiles* (60.1, 499.1), *de Achilis* (266.1, 275.2, 277.1, 350.1) e *d'Achiles* (341.2), *d'Achilis* (263.1, 264.1, 268.1, 270.1, 278.1, 337.1, 345.1, 346.1, 347.1, 352.1, 353.2, 354.2), *de Agamenõ* (99.1) ou de *Agamẽto* (58.1) e *d'Agamenõ* (471.1), *de Antenor* (80.1) e *d'Antenor* (390.2, 400.1), *de Ajas* (62.1, 63.1) ou *de Ayas* (454.2) e *d'Ayas* (446.1, 456.2, 472.1), *de Éytor* (75.1, 153.1, 154.1, 157.1, 208.1, 232.2, 243.1, 246.1) e *d'Éutor* (427.2) ou *d'Óctor* (452.2). Só hai casos de elisión en *da* (19.1, 34.1, etc.), *das, do, dos* (16.1, etc.), *d'Amazona* (368.1), *d'amor* (215.1, 269.1), *d'Antílogus* (352.1), *del* pron. (cfr. VI,4.11), *del* art. (9.1, 18.1, 56.1, 455.1, 494.2, 497.2), *dela* (22.2), *delas* (111.3), *deles* (400.2), *desto* e *daquesto* (cfr. VI,4.11), *d'Ascandra* (383.2, 403.1), *donde* (376.2), *d'Ouriente* (366.1) e *d'y* (53.5). Non hai elisión en *de Alysonya* (175.1), *de Anchises* (390.2), *de Andrómaca* (84.1), *de Apólinis* (342.1), *de Apolo* (90.1, 91.2, 92.1, 423.1), *de arco* (137.1), *de Asya* (367.1), *de Atonas* (274.1), *de Elẽa* (43.1), *de Elena* (57.1, 484.2), *de Eneas* (79.1, 390.1, 452.1, 457.1, 476.1) e *de Vlixas* (64.1).

Con outras palabras temos: *al* (2.2, 22.1, 23.1, 223.1, 449.1, 489.1, 490.1, 499.1) e *a el rrey* (321.1, 347.1, 397.1, 399.1, 400.2, 407.1, 414.2, 418.1, 455.1, 471.2, 486.1, 487.1, 488.1), *ante Éytor* (227.1), *ante el rrey* (392.2), *grãde abastança* (149.1), *grãde algo* (491.1), *sobre este* (164.1, 195.2, 267.2) e tamén *em este* (125.1).

4.29. Elisión da vocal -e *en posición final despois de* t.– Hai elisión en *onrradament* (146.1), *parẽt* (455.2) e *sesudament* (388.1, 389.1); tamén en *duc* (274.1). Permanece en *adeãte* (483.1), *Ouriente* (366.1) e tamén en *corte* (34.1), *morte* (153.1, 154.1, 328.1, etc.), *parte* (445.2), *oste* (cfr. VI,4.32) e *noyte* (cfr. VI,4.15).

4.30. Alternancia de "cons. + l / cons. + r".– Alternan *pleitesía,* etc. e *pre[i]tisías* (cfr. VI,4.26.6). Hai rotacismo en *despobrada* (363.2), *ffrota* (466.1) e *pobrou* (460.1). Non o hai en *Aclimestra* (468.1), *Glaucus* (402.2), *mezclou* (467.1, 468.1), *pleito* (161.1), *tablas* (16.1) e *tenplo* (39.1, 40.1, 91.2, 345.2, 423.1; tamén 42.1, 90.1, 342.1 e 343.1), *tenplos* (426.1).

4.31. Terminación -ge/-gen.– Domina a terminación *-gen,* agora cunha nova representación gráfica da consoante: *jmagiem* (209.1, 210.1, 211.1), *ymagiẽ* (418.2, 419.1); *messagie* (18.1) e *messagiẽ* (23.1, 100.1), *mesagiẽ* (20.1), *messagẽ* (99.2), *messajẽ* (22.1), *messagem* (186.2).

4.32. Grafía de palabras con h.– Hai poucos casos con *h* e só aparece alternancia en *Ermyona* (484.1) e *Hermyona* (504.1), *Ahermyona* (507.1), *oste* (89.2, 106.2, 109.1, 170.2, 192.1, 402.1) e *hoste* (393.1, 394.1, 405.2, 409.2, 450.1, 452.2). Só hai *h* en *Hércoles* (2.1, 3.1, 4.1, 5.1) e *Hunies* (137.1), pero non a hai en *Écuba, Elena* e *Elenus* (cfr. VI,4.26.3 e 4); tampouco en *auer* (433.2), *aueres* (429.2), *ora* (343.1, 345.1), *onrra*

(397.1), *onrradament* (146.1), *onrrauã* (312.1) e nas formas do verbo *auer* (17.1, 406. 2, 412.2, 420.1, 486.1, etc.). Ultracorrectamente, aparece en *ha* prep. (19.1), xunto a *a* (35.2, etc.), *he* (363.2), *hera* (9.1), xunto a *era* (212.1), *hu* (513.1), *hũu* (195.1,2) e *hũa* (88.2). Non aparece en *proeza* (315.1).

4.33. Non hai exemplos.

4.34. Non hai exemplos.

4.35. ***Alternancia*** **c/ç.**– Afástase moito dos outros copistas pola abundancia da grafía *c* ante calquera vocal co valor de *ç*. Así, temos uns 50 casos de *çe, çi* por 23 de *ce, ci*: *Alçeóm* (491.2, 494.2), *çem* (116.1), *çidade* (143.1, 192.1, etc.), *çibdade* (340.1, etc.), *Çirçes* (512.1), *prínçipe* (58.1), *prínçepe* (111.1), *rreçebudo* (477.1), *sacrifiçio* (12.1), etc. e *cerqua* (275.2), *cerca* (214.2), *cidade* (152.1, 199.1), *cibdade* (399.1), *connoscía* (309.2), *conteceu* (119.2), *Eucelegõ* (391.2), *parecerõ* (410.1), *principaes* (367.1), *príncipe* (249.2, 250.1, 286.1, 287.2), *príncepes* (187.1), *príncipes* (111.3), *prouĩcias* (362. 1), *rrecebe* (200.2), *rrecebudos* (377.1), *sacrificio* (409.1, 410.1), *terceyro* (268.2) e *Trace* (281.1).

A grafía correcta *ça, ço* aparece 19 veces e a incorrecta *ca, co, cu* en 9 casos: *abastança* (149.1), *ameaçou* (445.1), *Breçayda* (73.1, etc.), *começou* (156.1, 272.1), *treyçõ* (412.1), etc. e *Brecayda* (200.1), *comecou* (326.1), *lancar* (409.2), *oracom* (39.1), *paaco* (103.1), *pusfacauã* (277.1), *traycõ* (384.2), *uẽcudos* (281.2) e *vẽcudos* (357.1).

4.36. ***Alternancia das grafías*** **ge/gue, gi/gui.**– A diferencia dos outros copistas só utiliza *gue, gui*. Así, en *aguya* (409.1), *aguysar* (33.2), *guerreassem* (474.2), *guysa* (13.1) e *sseguy* (13.1). En *agüyreyro* (91.1) é o ditongo *ui*.

4.37. ***Uso de consoante dobre.***– Presenta unha situación moi diferente á dos outros copistas, posto que utiliza con moita frecuencia a consoante dobre. Así, frente a uns 140 casos de *s* inicial, temos 77 de *ss*: *ssagitario* (173.2, 174.1, 176.1), *ssabedores* (510.1), *sse* (16 veces, por 23 de *se*), *sseer* (449.2), *ssegundo* (13.1, 209.1, 424.1, 446.1), *sseguy* (13.1), *sseñor* (471.2), *sserras* (366.1), *sseu* (20 veces, por 27 de *seu*), *sseus* (8 veces e tamén 8 de *seus*), *sseyo* (233.1), *ssobre* (421.1), *ssobriños* (452.2), *ssonnou* (509.1), *ssoterrarõ* (190.1), *ssua* (13 veces, por 24 de *sua*), *ssuas* (2 veces, por 11 de *suas*), *Ssyra* (3.2). En posición interna temos 12 casos: *conssello* (161.1, 162.1, 303.1; tamén 99.1, 163.1, 187.1, 188.1, 301.1; por 25 casos de *consello*, etc.), *cõssigo* (427.1), *enssarrou* (51.2), *enssynarõ* (176.1) e *Merssa* (108.1),xunto a *Mersa* (109.2).

Con todo, o que resulta máis peculiar é o aumento considerable de *ff* inicial, pois contei 131 casos, frente a 156 de *f* simple. Así, en *ffalar, ffala, ffalou* (16 veces por 33 de *f-*), *ffazer, ffazía, ffezerom, ffezera, ffezesse*, etc. (11 veces por 38 da simple), *Ffebus* (30.1), *ffeyta* (450.1), *ffeytos* (77.1), *ffeytura* (14.1), *ffeyturas* (29 veces, por 2 de *feyturas*), *ffezo* (7 veces), *fficou* (109.2), *fficarom* (457.2), *fficase* (226.2), *ffillo, ffillos, ffilla* (19 veces, por 16 de *fillo*, etc.), *Ffilomenis* (415.1) e *Filomenis* (373.1), *ffirmada* (412.1), *ffora* (89.2), *fforõ* (11 veces por 18 de *f-*), *fforteleza* (511.1), *fossem* (276.2),

ffrota (466.1), *ffugía* (425.1), *ffugío* (505.1) e *ffoy, ffuy* (23 veces, por 30 de *foy, fuy*). En posición interna *Alffenor* (486.2), *conffortou* (47.1), *deffenderõ* (505.2), *Demaffóm* (473.1) e *Deyffebus* (41.1).

Para *r* múltiple inicial escribe sempre *rr*, agás nunha ocasión en que aparece escrito *resposta* (166.1). Tamén aparece unha vez a grafía *ttẽplo* (42.1). Para o uso de *ll* véxase VI,4.17.

4.38. Representación gráfica da consoante bilabial v *e da vocal* u.– Para a consoante en posición inicial hai 24 casos de *u* e 20 de *v*. Por exemplo, en *uasalo* (471.1), *uello* (299. 1, 475.1), *ueer* (308.1; tamén 111.1, 258.1, 320.2), *uez* (159.1, 172.2, 287.2), *uissem* (51.2), *uistas* (192.1), *uolta* (103.1), etc. e *vassalos* (17.1, 26.1), *veer* (38.1, tamén 129.1, 322.2, 323.2, 414.2), *vegada* (7.1), *Venus* (39.1, 40.1), *vila* (14.1), *vyandas* (255. 2), etc. En posición interna é case xeral o uso de *u*: *agraueados* (183.1), *auenturas* (482. 1), *auer* (17.1, 406.2, 412.2, etc.), *auoo* (496.2), *braueza* (170.2), *caualo* (205.1), *leuou* (263.1), *liurou* (157.1, 232.1), *liures* (433.1), *noue* (281.1), *palauras* (105.1), *soruer* (489.2), etc. Só nunha ocasión aparece *devisar* (362.1), así coma diferentes formas do verbo *enviar*: *enviou* (205.2, 255.1, 262.1, 351.1, 491.2, 506.1), *envjou* (224.1, 347.1, 349.1, 393.1), *envyou* (282.1), *enviarõ* (99.1, 354.1), *enviasem* (353.1) e *enviados* (402. 1), frente a *emuyarõ* (53.1) e o sust. *enueja* (382.1).

Para a vocal é normal a grafía *u* (*dous* 245.1, *durou* 182.1, etc.) e só aparece *v* en *Vlixas* (23 veces), xunto a *Ulixas* (444.1) e *Olixas* (cfr. VI,4.26.5).

4.39. Representación gráfica da consoante prepalatal fricativa sonora [ʒ].– Coincide cos outros copistas no uso de *g, i* e *j*, pero engade coma novidade importante a representación por medio de *gi*, que atopamos en *jmagiem* (209.1, 210.1, 211.1), *ymagiẽ* (418.2, 419.1), *messagie* (18.1), *messagiẽ* (23.1, 100.1), *mesagiẽ* (20.1), *mesagieyro* (263.1) e *prigiõ* (158. 2), que se debe ler [prizón].

Da grafía *i* só temos *Aias* (132.1), xunto a *Ajas* (62.1, 63.1) e *Ayas* 13 veces (280. 2, 282.1, 356.1, 378.1, 427.1, 443.1, etc.). No resto dos casos temos *j*. Así, en *ajuda* (2.1, 369.2), *ajudar* (414.2), *ajuntou* (17.1, 187.1), *enueja* (382.1), *jogos* (16.1), *julgada* (435.1), *juntada* (279.1), *juramento* (391.2), *pelejou* (513.2), etc. A grafía *g* témola en *Egistus* (480.1), *mesageyro* (265.2, 268.1), *messageyros* (186.1), *Ogeal* (467.1, 469.1), *ssagitario* (173.2, 174.1, 176.1), *sagitario* (177.1), *tragía* (173.2, 398.2) e *tragíam* (114. 2, tamén 88.2). Alterna en *jentes* (51.2) e *gentes* (111.2), *messajẽ* (22.1) e *messagem* (186.2, tamén 99.2).

4.40. Representación gráfica da vocal i.– Tamén aquí alternan *i, j* e *y*. Delas, a grafía con *j* é moi rara, pois só aparece en *amjgo* (200.2), *djso/djsso* (6 v.), *envjou* (4 v.), *jnsoas* (365.1), *jmagiem* (3 v.), *mermjdoes* (325.1), *Peonja* (129.1), *perijgos* (459.2), *tijña* (161. 2), *tijnã* (361.1) e *vijnnã* (47.2). Das outras dúas grafías, en posición tónica domina claramente *i*, con máis de 330 casos: *auía* (124.1), *consentir* (248.1), etc. A grafía *y* en posición tónica aparece 100 veces: *auya* (11.1), *caudyllo* (250.2), *Ermyona* (484.1), *guysa* (13.1), *partyr* (271.1), *Pryamus* (266.2), *Salamyna* (472.2), etc. Engádanse os 50 casos de *ffuy, fuy*.

En posición átona tamén domina *i* (uns 125 casos): *liurou* (232.1), *Filomenis* (373.1), etc. Pero hai algún caso de *y:* 14 do tipo *Alysonya* (175.1), *lydassem* (195.2), *gornymentos* (198.1), *synaes* (410.1), *uyngaria* (323.1), *uyngado* (449.2), etc. Inicial é máis normal *y: Idamedés* (471.2) e *Ydameus* (486.1), *Ydamés* (487.1), *Ydamenés* (4 v.), *Ylyóm* (14.1), *yrmão* (4 v.), *ymagiẽ* (2 v.). Cando vai precedido doutra vocal domina *y*, pois pasan de 200 os casos: *mays* (320.1), *coytado* (215.1), *leyxa* (278.1), etc. De *ei* só hai 32 casos e de *oi* un: *queixaua* (309.1), *leixa* (287.1), *pleito* (161.1), *Troilos* (33.1), etc. Cando segue outra vocal é ó revés, pois entón hai máis casos de *i* (anotei 75, frente a 16 só de *y*): *aniuersario* (257.1), *enviou* (506.1), *Greçia* (46.1), *Taltarius* (397.1), etc., frente a *aguya* (409.1), *envyou* (282.1), *Asya* (365.1), *Dyana* (96.1), etc. En posición intervocálica, á parte dos casos de *Ayas* (13 veces), temos *troyãos* (17 veces), *troyaos* (8 veces), *Troya* (24 veces) e só unha vez *Troia* (428.1).

4.41. Alternancia gráfica sç/ç.– Atopamos *basteçerõ* (384.2), *conteceu* (119.2), *creçeu* (103.1), *gorneçeu* (2.3), *naçido* (508.2) e *parecerõ* (410.1), frente a *agradesçeo* (501.2), *cõtesçera* (487.1) e *connoscía* (309.2).

4.42. O léxico.– No léxico podemos lembrar *abastança* (149.1), *alcáçer* (14.1), *arroubo* (98.1) xunto a *rroubou* (42.1), *ascondeu* (342.1), *asederex* (16.1), *ata* (491.2), sing. *aaz* (135.1) e pl. *azes* (4.1, 5.1, 114.2, 121.1), *caudyllo* (250.2), *colpado* (172.1), *çibdade* (89.2, 340.1, 418.2, 419.2, 420.2), *cibdade* (399.1) e *çibdadãos* (505.2) xunto a *çidade* (143.1, 192.1, etc.), a alternancia *desterrado* (451.1, 458.2) e *esterrados* (473.2), *despoys* (452.1), *dézima* (251.1), *dozena* (288.1, 290.1), *empeoraua* (181.2), *enueja* (382.1), *esleyto* (250.1), *esleer* (249.2), *oyredes* (465.1) e *oÿra* (35.2), a alternancia *naos* (33.2, 44.1) e *naues* (2.3, 88.1, 114.2, 115.1, etc.), *odo(o)r* (183.2), *onzena* (278.1), *ora* (287.1, 320.1) e *agora* (244.1), o part. *outorga* (245.1) xunto a *outorgadas* (189.1, 334.1), *oytaua* (218.2), *partida* (366.1) xunto a *parte* (445.2), *partes* (363.2), *perígoo* (463.1), *perígoos* (482.1, 488.2) e *perijgos* (459.2), *piar* (209.1, 210.1, 211.1), *vegada* (7.1) xunto a *uez* (159.1, 172.2, 287.2) e *uõtade* (275.2).

Tamén chama a atención a frecuente falta da prep. *a* (228.2, 229.2, 259.1, 287.2, 295.1, 354.1, etc.) e do art. *el* ante *rrey* (2.1, 21.1, 25.1, 28.1, 100.2, 101.1, 138.1, 164.1, 228.1, 229.1, 232.1, 266.1, 349.1 e 371.1), así como a constante alteración dos nomes propios. Xa indicamos varios casos en 4.26.1-6 e podemos engadir aínda *Anfícamos* (387.1), *Antor* (18.1) por *Antenor* (19.1, 20.1, etc.), *Agamẽto* (58.1) por *Agamenõ* (53.1,4, etc.), *Cansandra* (148.1) por *Casandra* (36.1, 85.1, etc.), *Deÿfebus* (76.1, 285.2) e *dom Ffebus* (30.1), *Dorastolos* (168.1), *Ernálaus* (53.3), *Idamedés, Ydamés, Ydameus* e *Ydamenés* (cfr. VI,4.40), *Mersa* (109.2), *Merssa* (108.1) e *Mesa* (255.2), *Minuerua* (423.2), *Pelónape* (492.2), *Poleus* (2.1, 19.1) por *Polus* (22.2, 56.1), *Telégonus* (512.1, 515.1) e *Telégomus* (513.1), *Tesalado* (506.1) e *Trace* (281.1).

VII. COMPARACIÓN DO TEXTO GALEGO CO TEXTO CASTELÁN

1. A traducción galega.– Independentemente de que houbese ou non un texto galego anterior ó texto castelán, a *Crónica Troiana* galega tal como hoxe a coñecemos é unha traducción da versión castelá de Afonso XI, como indican as derradeiras liñas do texto:

> Este liuro mandou fazer o muyto alto et muy noble et muy eixelẽt rrej don Alfonso, fillo do muy noble rrey don Fernãdo et da rreyna dõna Costança. Et fuj dado d'escriuir et d'estoriar ẽno tenpo que o muy noble rrey dom Pedro rreynou...Feyto o liuro et acabado o postremeyro día de dezenbro, era de mill et ccclxxxviij^{o} ãnos. Nicolão Gonçâluez, scriuã dos seus liuros, scriueu per seu mãdado (fol. 194r).

Estas liñas son reproducción fiel do final da versión castelá:

> Este liuro mando fazer el muy alto et muy noble et muy exçellente rrey don Alfonso, fijo del muy noble rrey don Fernando et de la rreyna doña Costança. Et fue dado a/ acabado de?[1] escriuir et de estoriar en el tiempo que el muy noble rrey don Pedro, su fijo, rregno...Fecho el libro postremero dia de deziembre, era de mill et trezientos et ochenta et ocho años. Nicolas Gonçalez, escriuan de los sus libros, lo escriuj por su mandado (fol. 183r; ed. Parker, p. 387).

Comparando o texto castelán coa versión galega, aínda que, en xeral, vemos coincidencias, tamén é certo que atopamos constantes transgresións de natureza diversa e mesmo se nota unha diferencia entre a parte escrita por Fernán Martís e polos outros escribas.

Nas notas ó texto da nosa edición incluímos sempre as lecturas diverxentes da *Crónica* castelá, así como as da *Historia Troiana* (ms. de Santander), e á vista do número elevadísimo das diferencias, podemos cuestionarnos se o manuscrito castelán utilizado para a traducción foi o que se conserva hoxe na Biblioteca do Escorial ou se se tratará dunha copia diferente, xa que resulta abondo difícil coidar que se puidesen cometer tantas transgresións nunha versión do castelán ó galego.

Sobre esta particularidade xa falaron algo Martínez Salazar e Parker, sen profundizar moito e referíndose ás diferencias entre F. Martís e os outros copistas. Salazar di que "entre lo escrito por uno y otros, existen...frecuentes yerros de copia", "que

[1] Cfr. as lecturas indicadas no cap. III, notas 44, 47 e 48.

se encuentran a millares en el códice"[2]. Pola súa banda, Parker di: "Desde el folio 100 en adelante ocurren más errores, divergencias y discrepancias entre la *C. T.* y los otros dos manuscritos...Unas distinciones, se pueden entender fácilmente, existen para abreviar el texto, pero otras muestran una falta de comprensión de la parte del escribano. Unas representan cambios de poca importancia ya que no alteran mucho el sentido del original. ¡Pero, otras! ¿Se esfuerza el escribano para hacer más impresionante el asunto, o es que sigue otra versión del manuscrito?"[3].

Estas dúas afirmacións en parte son certas, se ben compre matizalas, pois quedariamos coa opinión de que F. Martís fixo unha traducción moi boa e os outros copistas só cometeron erros. E certo que o autor ou autores da 2ª parte son pouco seguros na súa traducción. Non se pode negar. Pero, xunto a esta verdade innegable, debemos salientar que tamén F. Martís cometeu erros ás moreas, máis dos debidos para podermos atribuírlle o calificativo de gran traductor. A diferencia entre o capelán e o escriba, ou escribas, da 2ª parte está exclusivamente na cantidade dos erros cometidos, xa que na 2ª aumenta moito o número de diverxencias co texto castelán, e iso aínda sendo maior a parte escrita por F. Martís, posto que el escribiu 102 folios (cun total de 6717 liñas) e o outro copista, ou os outros, só 83 folios (cun total de 6145 liñas).

Para vermos cales son as características da traducción galega, imos facer a continuación un deseño das diverxencias co orixinal castelán, que se contan por milleiros tanto na 1ª coma na 2ª parte e que responden a diversas categorías. Así, atopamos interpolacións dunha ou máis palabras, supresións dunha ou máis palabras, saltos dunha palabra a outra, cambios de tempos verbais, cambios de persoa verbal, cambios do sing. polo plural ou viceversa, traduccións falsas por incomprensión do orixinal, adulteracións dos nomes propios, cambios na orde das palabras, cambios de construcción, sustitucións dunhas palabras por outras, sustitucións dunhas formas por outras e cambios de concordancia.

Velaquí cada un destes apartados.

2. Interpolación dunha palabra.— Tanto na 1ª parte coma na 2ª e nos títulos é moi corrente a interpolación dunha palabra: en F. Martís máis de 500 casos, na 2ª parte máis de 600 e nos títulos 36 veces. Tamén resulta curioso que se introduza en moitas ocasións a conx. *e* cando non está no castelán (en F. Martís unhas 170 veces e na 2ª parte unhas 213) ou, polo contrario, que se suprima cando está. Estas interpolacións son do tipo:

Cap.	1.8	coydauã de fazer	RTC	cuyd. fazer.
	2.15	quanto lle Leomedón		quanto Leom.
	2.26	Leom. que he		Leom. es.
	2.39	seerey eu hũ		seré uno.
	243.23	et en toda a noyte		et toda la noche, etc.

[2] *Crónica Troyana*, I, p. XIV e n. 2.
[3] *Crónica Troyana*, p. VIII.

3. Interpolación de máis dunha palabra.– Tamén é frecuente a interpolación de máis dunha palabra, con maior abundancia na 2ª parte. Así, en F. Martís atopamos arredor de 90 casos, con case 250 palabras engadidas. Na 2ª parte aumenta o número a uns 125 casos, cun total dunhas 385 palabras interpoladas. Tamén nos títulos hai 16 casos, con interpolación de 63 palabras. En xeral, en F. Martís estas interpolacións son de 2 ou 3 vocablos, pero tamén as hai de 4, tres casos de 6, dous de 5 e de 7 e unha vez de 8. Algúns exemplos de F. Martís:

2.27-28	vingarnos emos de nossos emijgos et do mal	uengarnos hemos del mal.
3.17	faríã. Et el rrey Poleus	farían. Poleus.
231.80-81	caualeyros que hũa grã marauilla sería de cõtar. Mays	caualleros. Mas, etc.

Na 2ª parte tamén é normal interpolar 2 ou 3 palabras, con numerosos casos de 4, dous de 5, cinco de 6, dous de 7 e mesmo un caso de 16 palabras. Así, temos:

240.9	et porlo seu entendemento et ardimento	et por el su ardimento.
249.8-9	entendo que eu que o nõ ualía pera o demãdar. Outrosy sabedes que a mĩ que me	ent. que lo non u. para lo yo dem. et otr. sab. que me.
318.22	se ferirõ das lanças et dos cauallos et se derõ ẽnos escudos	se f. de las lanças en los escudos.
321.11-12	mal, se sua merçee for et lle prouuer	mal si le ploguier, etc.

Un caso importante da 2ª parte está no cap. 465.1-4, no que se interpolan 41 palabras.

Finalmente, nos títulos están á par os casos de 2 ou 3 palabras (5 para cada tipo) e a eles debemos engadir tres casos de 5 palabras e un de 6, 7 e 10. Así:

425.1	Écuba ffugía et deostou	E. denostó.
434.2	et cõmo ouuerõ tẽpo contrario	(falta).
483.1	De cõmo sse conta a estoria adeãte	(falta).
447.1-2	a Ayas, et do doo et pesar que ouue da ssua morte	a Aias Talamón (só), etc.

4. Supresión dunha palabra.– Os casos de supresión dunha palabra superan ós de interpolación e tamén nesta ocasión é máis frecuente na 2ª parte, pois en F. Martís case chegan a 700 e na 2ª pouco lle falta para chegar ós 900 (sen ter en conta a supresión de *a*, anotei 685 por 867, respectivamente). Nos títulos temos 70 abonacións. Outra particularidade é a supresión da conxunción *e* do texto castelán, da que anotei 71 casos en cada unha das partes e 1 nos títulos. Por exemplo, temos:

1.7	a rrey	al rrey.

2.17	ben queredes	bien me q.
2.29	entõ ajuda	e. su ayuda.
241.8	todos de Troya	todos los de Tr.
243.5	feruerõ especias	feruieran las esp., etc.

5. Supresión de máis dunha palabra.– Paralelo á interpolación de máis dunha palabra, tamén atopamos supresión de dúas ou máis palabras, con clara diferencia neste punto entre a 1ª e a 2ª parte, posto que F. Martís suprime nuns 80 lugares, cun total dunhas 200 palabras, mentres na 2ª parte o número aumenta a 274, cunhas 740 palabras eliminadas. Nos títulos hai 15 casos, con 57 palabras suprimidas.

F. Martís, en xeral, suprime 2 ou 3 palabras, con casos illados de 4 e dúas veces 7. Así.

3.11	naos todos juntados	naues en az por la ribera del mar todas iuntadas.
6.49-50	nõ fora. Mays	non fuera tan fuerte. Mas.
25.2-3	suas orações aos deuses	sus or. et sus sacrifiçios a los d., etc.

Na 2ª parte tamén están á par os casos de supresión de 2 ou 3 palabras, pero abundan os de 4 e hai outros en que se suprimen 5 ou 6. Nunha ocasión chéganse a suprimir 11. Algúns exemplos son:

246.15	sotíjs os maestres	sot. et sabidores los m.
246.49	ymagẽ que	ym. et la mas estraña que.
247.7	et nõ mo dizerẽ ante se	et non me lo dezir ante njn me preguntaron si.
335.21	rrespondes	responderás et commo y querrás fazer.
407.9-10	pam. Et el r. V. et el r. M. et el r. Ag. et tódoslos outros prínçipes de Gr. esto he o que demãdã. Et se	pan et esto es lo que uos dem. el r. Diomedes et el r. V. et el r. M. et el rrey Nastor et el rrey Talamón et el r. Ag. et t. los o. pr. de Gr. et si.

Nos títulos dominan os casos de supresión de 2 palabras, rexistrándose amais dous casos de 3 e un caso de 4, 5, 8 e 15. Así:

56.1	Polus	Polus, su hermano.
192.1	oste	hueste et commo dieron el rrey Toas por Antenor.
386.1	derõ	dieron el rrey Príamo.
431.1	c. os gregos derõ molleres aos rreys	c. los gr. d. Cassandra al rrey Agamenón et Clímena al rrey Demaffón et Etra al rrey de Atenas (máis ben neste caso é unha sustitución).

Algunhas das pasaxes con supresións son evidentes erros de interpretación do texto castelán e están en relación con outros casos en que se ve claramente o salto dunha palabra a outra.

6. Salto dunha palabra a outra.– Cando se fai unha traducción ou unha copia dun texto medieval ocorre moitas veces que a falta de atención do copista lle fai saltar dunha palabra a outra dentro do mesmo renglón ou de renglóns diferentes. A esta falta de atención non son alleos os nosos copistas e tanto F. Martís coma os autores da 2ª parte e dos títulos caeron nestes erros. A diferencia está outra vez na cantidade de veces que isto acontece, que son bastante menos na 1ª parte.

F. Martís presenta 43 casos, que van desde a supresión de 2 palabras ata a eliminación de 24, pasando por casos 3 (4 veces), 4 (2 v.), 5 (6 v.), 6 (4 v.), 7 (4 v.), 8 (2 v.), 10 (2 v.), 11 (3 v.), 12 (2 v.), 13, 14 (5 v.), 16, 18 e 19, cun total de 359 palabras eliminadas. Destes casos, 8 corresponden a pasos en que o texto castelán comeza capítulo novo. O que falta no galego é o título, por esquecer F. Martís esta circunstancia, se ben algúns destes erros están condicionados por un erro anterior do castelán. Así, en 202.1 o título castelán está errado e F. Martís corríxeo, poñendo o texto adecuado, pero isto fai que suprima o título ó comezo de 202.13 e 202.17, por estaren colocados fóra do seu sitio no texto castelán. Tamén suprime antes de 203.31 por estar errado o castelán.

Algúns exemplos de F. Martís son:

6.22	que uissen. Et fezeron	que ouiessen et todauía le llegaua gente de la uilla et por esto creçía mayor esfuerço et fizieron.
38.11-12	era yrmãa destes rreys anbos, Castor et Polus. Et tijñana	era hermana destos rreyes amos et auya ya una fija del rrey Menalao, su marido, a que llamauan Ermíona, et criáranla estos rreyes amos Castor et P. et t.
88.7	Abios et el rrey Tálafus et Çéledos	Almus et el r. T. aduxieron treynta muy bien guarnidas de tierra de Arcomonia. Patraffus et Célidus.
88.41-42	Capadón leuoy (!) y çinq. naues moy bõas. Et sabede	Capedón leuó y çinq. de tierra de Capedia. El duque de Atenas, Menesteus, leuó y çinq. de las muy buenas et sabet.
96.5	áncoras et tãto	anc. et mandaron pregonar que se guisassen todos de mouer dende otro día de mañana. Et tanto.
291.7	et meterõno et (!) el. Outrossỹ	et met. en el et fizieron por el grand duelo. Otrossỹ, etc.

Na 2ª parte aumentan considerablemente os saltos, cun total aproximado de 64, que van desde supresión de 2 palabras (2 veces), ata a supresión de 82, pasando por omisións de 3 (3 v.), 4 (4 v.), 5 (7 v.), 6 (6 v.), 7 (3 v.), 8 (8 v.), 9 (5 v.), 10 (5 v.), 11 (4 v.), 12 (2 v.), 14 (3 v.), 16, 17, 18, 19, 21, 23, 24 (2 v.), 27 (2 v.), 28 e 78, cun total de 794 palabras eliminadas.

Os casos máis chamativos son os que están despois do cap. 367 e de 385.1, nos que se eliminou todo o capítulo (no primeiro caso eliminando título e capítulo e no segundo poñendo o título e eliminando todo o contido do capítulo, así como o título do capítulo seguinte), e en 462.6, onde non se entendeu que debía comezar novo capítulo. Algunhas mostras son:

256.12	uales et en	ualles et metían y sus pieças de pan leuar et en.
269.15	por ende nõ me ual contradizer nẽ armas nẽ ardimento en tãto	por ende non me ual contra el seso njn armas njn fardim. njn otro esfuerço ninguno. ¡Val, Dios, que confondimiento, en tanto.
319.37	ẽnos dedos et fuj	en los dedos et en el músculo del braço et fue.
350.14	d'ouro, de grandeza et de f. et do tallo	de oro con que leuaron grand affán a mamaruilla, ca la querían fazer de gr. et de la f. et de la talla.
359.34-35	amigos et en todo mellor dos mellores. Por ende, rreyna señora, g. cõmo oie este	amigos et orgullosos et fuertes contra los enemigos et en t. bien meiores de los m. et iamás nunca dueña tales fijos ouo commo uós njn aurá en quanto el mundo durare. Por ende, rreyna madre señ., g. de c. oy en este.
362.15	mais. Et diserõ que auja y mais çinquoenta et dous rríos caudaes. Despois	más. Desí aun pusieron más que a. y LVJ ríos cabdales, pero bien dixieron que otras aguas muchas et otros rríos grandes auya y, mas que non eran cabdales. Después, etc.

Para rematar, debemos indicar que o copista dos títulos esqueceu en 4 ocasións a colocación das rúbricas, aínda que o escriba da 2ª parte deixara espacio para a súa colocación. Ocorre isto nos caps. 254, 338.11, 404 e 516, eliminándose por esta razón 46 palabras do texto castelán. Cfr. cap. VIII,3.5.

7. Cambio de tempos verbais.– Son numerosos os casos de cambio do tempo verbal utilizado polo texto castelán, ás veces por erro e outras conscientemente. Como sucede en tódolos demáis apartados, a proporción é maior na 2ª parte, para a que anotei 318 alteracións, mentres que en F. Martís se reducen a 289. Nos títulos contei 20 diverxencias. Coma mostra podemos citar:

1.7	jurarõ	iurauan.
5.14	poderõ	pudían.
6.9	cõta	contará.
6.36	podo	pudíe.
243.5	feruerõ	feruieran.
243.28	oyrõ	oyan.
246.30	he	era.
256.1	rrenouarõ	renouauan, etc.

8. Cambio de persoa verbal.– Unhas veces por erro, outras por cambia-lo suxeito e outras por concordancia psicolóxica, poden aparecer casos nos que se usa unha forma verbal di-

ferente á do texto castelán, aparecendo o sing. polo plural ou viceversa, ou unha persoa en lugar doutra. A proporción é semellante, xa que anotei 100 abonacións en F. Martís e 117 na 2ª parte, ás que debemos engadir 5 máis nos títulos. Así, en F. Martís:

2.6	auyã	auýa.
2.41	falarã	fablará.
5.6	auerá	aurán.
6.135-136	escapes	escapemos.
8.21	penssade	piense.
10.18	pode	puedo.
15.6	ouuo	ouyeron.
25.17-18	de quantos éno mũdo aujã	de q. en el m. auýa, etc.

Na 2ª parte:

246.29	am	ha.
246.37	fazíãse	fazíase.
256.5-6	conprise	cumpliessen.
272.11	auemos	auedes, etc.

Nos títulos:

286.1	fazía	fazían.
457.1	tornã a cõtar	torna a c., etc.

9. Cambio do singular polo plural no sust. e noutras palabras.– Ás veces coincide co apartado anterior polo cambio da forma verbal, outras colócase unha expresión en sing. ou en plural independentemente da construcción verbal e de maneira distinta á do texto castelán. En F. Martís hai menos casos ca na 2ª parte, pois contei para el 63, frente a 99 da 2ª parte; a eles engádense 5 máis nos títulos.

En F. Martís son do tipo:

5.11	mays cõpaña	mas compañas.
6.152	segíãno	seguíanlos.
8.22	uos	le.
13.3	quanto...moytas pedras	quantos...mucha piedra.
13.17	tódaslas gentes	toda la gente.
20.3	lles disserõ	le d.
43.17	a porta do castelo	las puertas del c., etc.

Na 2ª parte:

243.23	tódaslas clerizías	toda la clerizía.
246.13	en madeyros	de madero.
246.22	p[r]asmos uerdes	prasmos uerde.
246.65	bálsamos	bálsamo.
246.73	sinaes	señal.
246.90	cõ suas mãos	por su mano, etc.

Nos títulos:

97.1	os castelos de Ténedon	el castiello de T.
115.1	defenderõ os portos	deffendíen el puerto.
294.1	aas rrazões	a la razón.
436.1	dos doos.	del duelo.

10. Traducciòns falsas por incomprensión do orixinal.– Unido ós erros producidos por interpolaciòns, supresiòns, etc., hai un capítulo importante, que é o das palabras mal escritas e o das traducciòns falsas do texto castelán. Ás veces, esta traducción falsa limítase a unha palabra, outras exténdese a toda unha frase, dándolle un valor totalmente diferente ó texto ou deixando incomprensible a lectura. O número desta clase de erros é proporcional nas dúas partes, pois anotei uns 295 en F. Martís e uns 314 na 2ª parte. A única diferencia que poderiamos indicar é que en F. Martís moitas veces o erro só afecta a unha palabra, en tanto que na 2ª parte hai máis casos de traducción errónea dunha frase enteira. Nos títulos tamén abunda, pois rexistrei 25 casos..

Así, temos en F. Martís:

4.15	et esta	et este.
5.19	ca elles virõ estar tódoslos de caualo, ben armados	ca los uieron estar todos de cauallos et bien armados.
6.17	uirõ	uinieron.
13.4	ẽnos anteçessores	en los auctores.
13.20	et juso erã estradas per poyaes	et de yuso e. estrados para poyales.
14.17-18	as feyturas do sobrado	las finiestras de los sobrados.
16.2	forõ entõ moy	f. en todo muy.
32.14-15	adeujñar et que nõ querrey el cõ seus agoyrares ontre cau. Et váasse	adeuinar. ¿Et que quiere el con sus agorerías entre cau.? Váyase.
41.23	et vẽen y moytos b. presos	et aun demas ueo yo y m. b. presos.
55.6-7	andoos cõtando	andáualos catando.
60.3-4	os ossos grossos et grãdes et moy cõpridos et os ollos del erã brãcos	los huessos grandes et los miembros muy complidos. Los oios del eran brauos.
95.14	a déosa onrra dona	la deessa onrrada Diana.
127.265-6	malpenssado dos pees de caualos	mal pisado de cauallos.
134.30	fezo longe correr o sange	f. luego quebrar la s.
136.81-82	foyo ferir a mays andar de hũa lançada cõ hua lança	fue ferir a Ordinax de vna lança, etc.

Na 2ª parte:

246.6	era santo aa honrra	era fecho a la onrra.
246.7-8	este tenplo era chamado deus do sol en aquel tenpo	este Apollo era llamado en a. t. dios del sol.

247.1-2	os mellores prínçipes et senores da hoste	los m. pr. et mas sesudos de la hueste.
248.29	nũca fuj tã grã sentido que o y mester	n. fue de tant g. sent. quien lo meester.
248.32	nẽ sey que am de mj̃	njn se quexan de mj.
253.24	nõ podo mays sofrer et tornou pera hu nũca fuy cõpana	non pudo mas soffrir el torneo, pero nunca fue c.
253.29-30	foro̅ l. entonçe tornados et enpuxados per força, et per força lles leyxarõ o canpo	f. l. est. troyanos enpux. et por fuerça les fizieron dexar el c.
257.4	fezo estacõ cõ muy gr. festas	fizo estonçe grandes f.
261.58	bẽ sey que morte, ca y al nõ iaz	bien se que yo morire, ca al non y yaz.
262.17-18	meus. Et outra c. lle outorga et lle promete: que farey d'aquí partir esta hoste et partir esta hoste, que eles	mios. Otra c. le otorgo et le prometo de mj parte, que faré daquí p. esta hueste et partiré esta guerra de guisa que ellos, etc.

Nos títulos:

6.1	da Troya	de Troya.
193.2	estãdo ẽnas bestas	estando en las uistas.
200.1-2	que o rrecebe por amj̃go	que lo reçibiesse por amigo, etc.

11. Adulteración dos nomes propios.– Aínda que moitas veces os topónimos e antropónimos coinciden exactamente co texto castelán, hai unha constante diverxencia ó longo da Crónica, sen que poidamos facer unha diferencia entre F. Martís e os outros escribas, pois en todos eles se atopan moreas de formas diverxentes. En conxunto, estas novidades afectan máis ó vocalismo, se ben tamén hai casos de franca distorsión do nome castelán. Coma curiosidade podemos lembrar en F. Martís:

1.3	Semeõta	Symeonta.
29.16	Vjno	Iuno.
30.2	don Febus	Deÿfebus.
53.26	Ẽtenos	Atenas.
81.2	Polidamos	Polidamas.
88.22-23	Palagra	Palarga.
88.23	Pelidre	Polidre.
88.34	Angẽs et Talameus	Arges et Talenius.
88.36	Meliber	Melibea, etc.

Na 2ª parte:

252.61	Córdoua	Cordua.
255.12-13	Deurofám et a Carretas	Demoffán...Carrentas.
283.3	Bon	Ber.
318.43	Antólatos	Antílogus.

318.48	Antílatos	Antílogus.
328.25	Anẽes	Eneas.
337.18	Tenebra	Timblea, etc.

Nos títulos:

18.1	Antor	Antenor.
53.2	Acrúolos	Patróculus.
58.1	Agamẽto	Agamenón (cfr. VI,4.42), etc.

12. Cambio de orde na colocación das palabras.– Outra particularidade moi utilizada é o cambio de orde na colocación das palabras. Na maioría dos casos o que se fai é intercambiar dúas palabras entre si, colocándoas en posición diferente á que teñen no texto castelán; outras veces o intercambio dáse entre varias palabras, pasando unha ou máis dunha a colocarse nunha posición anterior. Sen ánimo de facer un cómputo total, anotei 212 casos en F. Martís, 312 na 2ª parte e 15 nos títulos.

En F. Martís son cambios como:

3.24	bõa terra et rrica	buena rica tierra.
3.43-44	agora, se uos prouuer, quen souber mays desto que eu dígao, que	agora dezit, si uos pl., quien s. mas desto, que.
4.14-15	et ẽna t. yrá el r. Peleus	et el r. Poleus yrá en la t.
4.20-21	poder seÿr	sal. pud.
6.99	en q. lle a ujda d.	en q. la uida le d.
6.164	et de hũ cabo ao outro tãto andou perlo c. que	et tanto and. por el c. del un c. al otro.
7.11-13	thes., de moyto o. et de m. prata et m. p. preç. et m. cau. et de m. dõas	thes. de m. plata et de m. oro et m. cau. et m. p. pr. et de m. donas.
11.17	que ouuo ẽno mũdo	que en el m. ouo, etc.

Na 2ª parte:

247.10	et des oie este día endeant	desde este día de oy en adelante.
248.17-18	ante que nós de uós ouuesemos ajuda	ante que nós ouiéssemos de uós ayuda.
250.12-13	deu a entender despois	dio después a entender.
251.13	se eu y cras poso	sy yo y puedo cras.
251.14	cõprar carament	carament comprar.
252.25	tã cruament se ferían et tã sem piadade que	tant cr. et tant sin piadat se ferían.
258.3	honrras que por E. fazíã	onrras que fazían por E.
261.8	outros muytos	muchos otros, etc.

Nos títulos:

2.3	auÿan mester	mester auÿan.

190.1-2	c. queymarõ et ssot. os mortos que	c. quem. los m. et sot. los que.
262.1	A. aa rreyna enviou pedir	A. embio a la r. Ecuba pedir, etc.

13. Cambio de construcción.– Tamén é moi normal o cambio de construcción respecto ó castelán. Ás veces, este cambio afecta só a unha preposición ou conxunción, quedando o resto inalterado, e por iso o colocamos dentro do apartado de cambio de palabras. Outras veces o cambio afecta a máis dunha palabra e debémolo considerar no presente apartado. Dentro destes cambios de construcción, temos moitos exemplos que resultan perfectamente xustificables, pero outros débense a erro de interpretación do texto castelán, co que se muda totalmente o contido do orixinal.

Coma na maioría dos demais apartados, tamén neste hai máis exemplificación na 2ª parte. Nunha lista aproximada, anotamos 236 casos en F. Martís e 359 na 2ª parte, ós que se suman 5 dos títulos. Así, en F. Martís:

1.11	mostrou a quantos amjgos auja	mostró a los amigos que auya.
2.9-10	defendesse et que o elles nõ tomassen	def. onde ellos non lo tom.
2.27	ficar, nós ha yremos rroubar	f. poderla hemos r.
5.2	toueron por ben o conssello que	t. por buen cons. lo que.
6.3-4	destroyr et gerrear a el	destruyr por guerra a el.
6.5	et cõmo os veu	et luego que los ujo.
6.78-79	leixárõsse correr os cauallos	dexaron correr a ssi los cauallos, etc.

Na 2ª parte:

241.4	que aquela Elena ca	que ella ca.
244.8	auemos a auer	deuemos auer.
246.44-45	ymagẽ, mays rrica et mays aposta que nũca ome ẽno mũdo outra tal ueu; ca	ym. la más r. et la más a. que nunca otra en el mundo fue ca.
252.31	ante suas gentes	ante todos los suyos.
318.74-75	poderiã seer contados	p. auer cuento.
318.84	nẽ tees cõ eles õme	njn traes entr'ellos o.
319.17-18	sua cõpana fuj esforçada et logo cobrou o canpo	sus compañas fueron esforçadas tanto que cobraron el c.

Nos títulos:

241.1	cõmo fazía doo Elena	del duelo que f. E.
438.1	cõmo a rreyna Ecuba fuy morta	de la muerte de la r. E.
513.1-2	et cõmo pelejou cõ	et de la pelea que ouo con.

14. Sustitución dunha palabra por outra.– E un dos fenómenos máis xeneralizados na traducción e, coma sempre, con maior extensión na 2ª parte. Esta sustitución pode afectar a toda clase de palabras (sustantivos, adxectivos, verbos, pronomes, etc.) e hai algúns cambios que se repiten a reo, como é o de *que* por *ca* ou o de *et* por *ca*. Tamén é moi usual o intercambio da prep. *a* por *de* en construccións perifrásticas. Nunha lista aproximada, sen conta-los numerosos casos de *a* por *de*, F. Martís ofrece 753 exemplos de sustitución, ós que se suman 40 veces *et* por *ca*, 11 veces *ca* por *et*, 5 veces *ca* por *que*, 91 veces *que* por *ca*, 3 veces *que* por *et* e 5 veces *et* por *que*. Así:

1.14	quero contar	quiero retraer
2.6	desonrra	onta.
3.4	começã a fazer	com. de f.
3.7	en pouco de tẽpo	en poca de hora.
3.22-23	cõquerido en terras	c. de t.
3.24	per uossa bondade	por uuestro griesgo.
3.27	tomemos	prendamos.
4.20	cada hũ o mays agiña	cada qual lo más ante.
4.22	quebrados	fendidos.
5.8	que el dera	que el dixiera.
6.7	ergeu	boluió.
8.19	barnesco	largo, etc.

Na 2ª parte, sen indicar tódolos casos, anotei 1021 sustitucións e mais 102 casos de *et* por *ca*, 17 de *ca* por *et*, 94 de *que* por *ca*, 34 de *ca* por *que*, 12 de *et* por *que* e 9 de *que* por *et*. Podemos ver algúns en:

240.5	nõ rrefolgaua pouco	non r. punto.
240.6	lauárõlle o rrostro	lauáronla el rostro.
243.2	metérõno	echáronlo.
243.8	fezerõ del	f. dende.
243.13	en hũ leyto	en el l.
243.26	poserõ suas uelas	pararon sus u.
244.9	destroÿdos	perdidos.
245.2	contado	deuisado, etc.

Nos títulos anotei 58 casos, coma:

4.1	de cõmo	et commo.
42.1	quebrou	quebrantó.
51.2	en ssua casa	en una casa.
53.5	d'y	dende.
77.1	dos ffeytos	de las fechuras.
111.2	parou	partió, etc.

15. Sustitución dunhas formas por outras.– En relación co anterior está o feito de que, por veces, o que se fai é adoptar para a mesma palabra unha forma diferente, dentro das posibilidades que podía presentar na Idade Media. Non anotei tódolos casos, por

se repetiren algúns con certa frecuencia, pero pasan en F. Martís de 125 e na 2ª parte de 130. Nos títulos hai 19 destas diferencias.

Así, temos en F. Martís variantes do tipo:

3.11	naos	naues.
3.26	maltreytos	maltraydos.
3.27-28	a atal	a tal.
3.39	des	desde.
4.18	estas	aquestas.
4.28	coller	acoger.
6.56	açercousse	çercose.
6.106	en rredor	en derredor.
6.154	baixos	baxados.
15.14	demays	además.
35.13	depoys	pues, etc.

Na 2ª parte:

243.20	arrèdor	aderredor.
243.23	ajuntados	iuntados.
244.16	ora	agora.
252.22	asinalados	señalados.
253.5	poçoadas	empoçoñadas.
267.9	terría	aternía.
268.6-7	comenda	encomienda.
272.41	trameterá	entremeterá.
286.4	grandeza	grandez, etc.

Nos títulos:

33.2	mandarõ aguysar as naos	m. guisar las naues.
98.1	arroubo	rrobo.
245.1	outorga	otorgada.
281.2	maltraúdos	maltrechos.
287.1	ora	agora, etc.

16. Cambios de concordancia.– Aínda que non ocorre tanto coma nos outros apartados, tamén se coñece o cambio de concordancia, especialmente no participio do verbo. En F. Martís rexístranse esta vez algúns máis casos ca na 2ª parte, sendo a proporción aproximadamente de 85 a 80.

Son formas do tipo:

2.13	todo Greçia	toda G.
2.24	desonrra que auja reçebuda	d. que a. reçebido.
4.16-17	gentes están todos armados	g. e. todas armadas.
4.21	todos estas nouas	todas estas nouas.
7.18	deytada	echado.
11.17-18	tòdoslos outros	todas las otras.

26.12	rreçebudo	reçebida.
37.19	tomado et astragado	tomada et astragada.
42.23-24	gentes que tã toste nẽ tã agiña fossen armados	gentes...fuesse armada.
252.9	guisados	guisadas, etc.

VIII. A CRÓNICA TROIANA E A HISTORIA TROIANA

1. Relación dos dous textos.– A *Crónica Troiana* galega está en relación coa *Historia Troiana* (en galego e castelán), que contén o manuscrito de Santander, e a esta relación xa se referiron Martínez Salazar e Parker. O primeiro di: "pero no cabe duda de que, exceptuados los capítulos y fragmentos del principio, que no existen en el códice de la Biblioteca Nacional descrito más adelante, el texto gallego de este códice es el mismo de aquél, sin otras diferencias que las variantes anotadas al pie del texto impreso, en las cuales y en los expresados fragmentos se observa mayor influencia del castellano, circunstancia que induce a sospechar que el texto gallego del códice M. y P. es algunos años posterior al de la B. N. y acaso copia de éste, ampliado con materiales tomados de otras fuentes que no dejarán de descubrir los eruditos"[1].

Parker, empregando un castelán macarrónico, precisa máis na introducción á súa edición da *Historia Troiana* (1975) e resulta enigmático na introducción á *Crónica Troiana* (1978). Na *Historia* segue a Solalinde e di que "esto nos da la prueba de que las dos traducciones gallegas no salen del mismo manuscrito, aunque se derivan ambas de una fuente común castellana"[2]. Despois fala das diferencias entre a *Crónica* e a *Historia:* "palabras distintas que tuercen o faltan de sentido y que revelan que no entendía bien el escribano lo que traducía ocurren a menudo en la *H. T.*, pero no en la *Crónica Troyana*[3], omisiones de asuntos tratados en la *C. T.;* inclusión en la *H. T.* de materia sacada de otras fuentes que la *Crónica Troyana* o la *General Estoria;* epígrafes más breves que los de la *C. T.* y que casi carecen de sentido, o son más largos y contienen más información que los de la *C. T.;* frases también más largas y con más información de lo que ocurre en la *C. T.;* distinciones estructurales en la composición de la narrativa en la *H. T.* donde la *C. T.* tiene una exposición sencilla y directa"[4]. Por iso conclúe que "los folios gallegos de la *H. T.* no son meras traducciones de los de la *C. T.*", senón que "los manuscritos de los cuales salieron...tenían el mismo antecedente castellano, pero derivaron los dos de manuscritos distintos"[5].

---

[1] Martínez Salazar, *Crónica Troyana*, I, ps. IX-X.
[2] Parker, *Historia Troyana*, p. IX.
[3] Cousa totalmente falsa, como demostramos na comparación co castelán (cfr. cap. VII).
[4] *Historia Troyana*, p. XI.
[5] *Historia Troyana*, p. XI.

Na introducción á *Crónica Troiana* galega opina da seguinte maneira: "en general el texto de la *Crónica Troyana* se aproxima más al contenido de los folios gallegos del manuscrito santanderino que al de los folios castellanos del manuscrito escurialense. Pero estos dos –sobretodo los folios castellanos del manuscrito bilingüe– muestran más afinidad el uno al otro que a la *Crónica Troyana*"[6].

Cómpre aclarar esta cuestión, pois tal como a expoñen estes dous autores non chega a satisfacer. Nas notas á presente edición indico sempre as diverxencias do manuscrito de Santander co texto da *Crónica Troiana* e por iso non é mester facer aquí un estudio completo. Abonda cunhas cantas mostras.

Se comparámo-los dous textos en conxunto, vemos que hai unidade de contido, por pertenceren a un arquetipo común, pero non se pode dicir que a parte galega do manuscrito de Santander sexa unha copia do manuscrito da *Crónica Troiana* galega nin que o texto desta última se aproxime máis ó contido dos folios galegos do manuscrito de Santander có dos folios casteláns. Xa García Solalinde viu claramente que a *Historia Troiana* non deriva da *Crónica Troiana* galega, "pues divergen en su contenido, por haber hecho *B*, tanto en su parte castellana como en la gallega, las interpolaciones que ya señalé de la *General Estoria*, supuestas en un ms. *X*'"[7], coincidindo moitas veces a *Historia Troiana* coa versión de Afonso XI e non coa *Crónica Troiana* galega. Por iso coida que, tanto a *Crónica Troiana* coma a *Historia Troiana*, "éste con el intermedio *X*"– derivan de un *X'* castellano"[7].

A situación aproximada é a seguinte.

2. A parte castelá da Historia Troiana.– A parte castelá da *Historia Troiana* coincide bastante ben coa versión española de Afonso XI. Trátase dunha copia pouco deturpada, que se achega tamén moito á versión da *Crónica Troiana* galega. Cando hai diverxencias entre esta versión galega e a *Crónica* de Afonso XI, o manuscrito castelán de Santander, en xeral, coincide coa versión de Afonso XI e non coa traducción galega. Só en poucas ocasións concorda co texto galego e non co castelán. Poñeremos uns cantos exemplos para indicar esta situación.

2.1. Coincidencia da versión de Afonso XI co manuscrito de Santander.– En primeiro lugar temos coincidencia da versión de Afonso XI e da parte castelá do ms. de Santander frente á *Crónica Troiana* galega. Así:

1.7	juraro̅	RTC iurauan; HT jurauã.
1.7	a rrey	RTC e HT al rrey.
1.11	mostrou a quantos amjgos auja	RTC (e HT) mostro a los amigos que auya.
1.14	quero contar	RTC q. retraer; HT rretraher.
2.6	desonrra	RTC e HT onta.
2.6	auyã	RTC auya; HT auía.
2.13	todo Greçia	RTC e HT toda G.

[6] *Crónica Troyana*, p. VIII.
[7] *RFE* III, p. 164.

2.15	quanto lle Leomedón	RTC e HT quanto Leom.
2.15	et a camaña desonrra del o fezo seyr	RTC e HT et a tamaña des. del fazer salir.
2.24	reçebuda	RTC reçebido; HT rresçebido.
2.26	Leom. que he	RTC e HT Leom. es.
2.27	ficar nós ha yremos rroubar	RTC e HT f. poder la hemos r.
2.27-28	et vingarnos emos de nossos emĩjgos et do mal	RTC (e HT) et uengarnos hemos del mal, etc.

2.2. Coincidencia da Crónica Troiana coa versión de Afonso XI.– Tamén hai moitos casos de coincidencia da *Crónica Troiana* coa versión de Afonso XI frente a unha lectura diferente do manuscrito castelán de Santander. Así:

2.5	sse quiserõ	RTC se quisieron; HT se quisiesen.
2.13	mellor rrey que el nẽ	RTC m. rrey que el njn; HT m. rrey nj̃.
2.19	seería sen falla, ca	RTC sería sin falla, ca; HT será sin falla que.
2.19	sen uós tal guerra começasse	RTC sin uós tal guerra com.; HT sin vos gerra tã grande cõmo esta com.
2.23	cõtoulle a gran desonrra	RTC cont. la grand des.; HT contole la rrazõ et la grãt des.
2.31	poder leuar	RTC pudiere l.; HT pudiese l.
2.37	destroyría	RTC destruyría; HT destroyría, etc.

2.3. Coincidencia da Crónica Troiana co manuscrito de Santander.– As menos veces hai coincidencia do texto galego co manuscrito castelán de Santander:

2.8	fosse	RTC fuessen; HT fuese.
2.21	gradesçeullo	RTC gradesçiolo; HT gradesçiógelo, etc.

2.4. Versións diferentes nos tres textos.– Xunto a estas tres posibilidades, para as que poderiamos poñer innúmeros exemplos, hai outros casos en que os tres manuscritos ofrecen lecturas independentes. Así:

2.1	Páçita	RTC Pacta; HT Porta.
2.4	Páçita	RTC Pacta; HT Parta.
2.9-10	defendesse et que o elles nõ tomassen	RTC def. onde ellos non lo tom.; HT def. ende ellos non lo tom.
2.22	Ssyca	RTC Ssicha; HT Ascha.
14.14	(as moradas que y) fezeran	RTC fizieron; HT que ally fuerõ.
15.6	Troyjín. Outras portas ouuo moytas	RTC Troyián. Otras p. ouyeron y m.; HT Troyja. Otras p. ovo y m.
16.2	foro entõ moy ledos	RTC f. en todo muy l.; HT f. en muy l.
159.41-42	et P. estaua ja desarmado et tijña penssado de dar arrebato ẽnos gregos, sol que fossen desarmados	RTC et P. estaua ya des. ca el solo era ya puesto de dar arr. en los gr. sol que f. des.; HT et P. estaua ya des. ca era ya el sol puesto et estaua pensando de dar arr. en los gr. sol que f. des., etc.

Á vista disto, podemos concluír que o ms. da *Crónica Troiana* galega, a parte castelá do de Santander e o do Escorial coa versión de Afonso XI son independentes entre si e ningún deles é copia do outro. Son moitas as pequenas diferencias entre o ms. do Escorial e o de Santander para coidar que este é unha simple copia do ms. escrito en 1350.

3. A parte galega da Historia Troiana.– Pola súa banda, a parte galega do manuscrito de Santander, aínda sendo máis moderna, tampouco é unha copia do manuscrito galego da *Crónica Troiana*, posto que as diverxencias entre eles son constantes. En primeiro lugar aparecen nel as grandes interpolacións citadas xa nesta introducción (cfr. III,3.3), despois numerosas pequenas interpolacións ó longo do texto e cambios constantes de estructura. As pequenas diferencias por cambio de palabras, de formas verbais, de interpolación ou supresión de palabras, etc. atopámolas por milleiros. Amais disto, moitas veces hai coincidencia de criterio coa versión de Afonso XI e non co texto galego da *Crónica Troiana*. Por iso podemos dicir, sen ningunha dúbida, que o texto galego de Santander representa unha variante ampliada, que debeu ter como base un manuscrito castelán diferente ó que serviu para a traducción da *Crónica* que agora publicamos. Vexamos unhas cantas mostras para comprobalo.

3.1. Igualdade da Crónica Troiana e da versión de Afonso XI frente ó ms. de Santander.– Ocorre isto unha e outra vez. Así:

2.43	et de quanto (id. RTC)	HT et quanto.
3.1	et os rr. que o ajudauã	RTC et los r. que los ay.; HT et os outros r. que o avían de ajudar.
3.2	et aportarõ ẽno porto que soyam chamar Ssyra (id. RTC)	HT et cõmo ap. ẽno p. de Siria et fezeron todos seu cõsello cõmo bõos et nobles, que aly yã moy altos rreys et de moy grande poderío et de moy nobles coraçoes et moy orgullosos et ardidos.
3.3	poys que o verão foy entrado en (id. RTC)	HT depoys que veẽo o v. en.
3.4	seus cãtos (id. RTC)	HT seus cantares.
3.4-5	tardada et enviou porlos rreys que (id. RTC)	HT tardança et mãdou por aqueles que.
3.5	logo y et el entrou ẽno (id. RTC)	HT logo moy apresa et el e. logo ẽno.
3.7	uyrũ a terra (RTC uieron)	HT vierõ aa t.
3.8	virũ tã gran prazer...virũ a çibdade (RTC uieron...uieron)	HT ouverõ tam grande plazer...vierõ aa ç.
3.18	moueu (id. RTC)	HT começou.
3.26	maltreytos (RTC maltraydos)	HT vençidos.
4.19	estar gisados sen cõtenda sseyrá (id. RTC)	HT e. apreçebidos sen dulta sayrá, etc.

3.2. Coincidencias do ms. galego de Santander coa versión de Afonso XI.– As coinci-

dencias destes dous manuscritos frente ó texto galego da *Crónica Troiana* son numerosísimas. Uns cantos casos vémolos en:

2.38	en ponto que eu ouuer	RTC en el p. q. yo o.; HT ẽno p. que ouver.
2.39	seerey eu hũ	RTC seré uno; HT seerey vn.
3.13	endereçárõnos	RTC endereçáronlas; HT enderẽcarõ as.
3.19-20	todo Greçia	RTC e HT toda G.
4.12	mays que nós	RTC e Ht m. que a nós.
4.16-17	todos armados et que tẽemos apostadas nossas a.	RTC todas armadas et que tenedes ap. uuestras; HT todas armadas et que tẽedes ap. uosas a.
4.23	moy ben quedos	RTC e HT muy/moy quedos.
5.13-14	fórõsse todos asconder	RTC e HT f. asconder, etc.

3.3. Igualdade da Crónica Troiana e do ms. de Santander.– Aínda que son moitos menos os casos, ás veces tamén se dá esta igualdade. Así:

3.27	tomemos (id. HT)	RTC prendamos.
3.32	ssua desonrra (id. HT)	RTC su onta.
3.39	des oymays (id. HT)	RTC desde oymás.
4.16	nossas gentes (id. HT)	RTC uuestras g.
5.6	y auerá (id. HT)	RTC y aurán, etc.

3.4. Versións diferentes nos tres textos.– Outra posibilidade que atopamos é que os tres manuscritos presenten versións diferentes. Coma mostra podemos citar:

3.24	per uossa bondade	RTC por uuestro gresgo; HT por vosa forte arte.
6.7	(sse entre elles) ergeu	RTC boluió; HT moueo.
6.33-34	ca sua gente derrancáuasse	RTC ca su g. derranchaua; HT porque derramauã sua g.
6.36	podo	RTC pudíe; HT pareçeu.
6.137-138	mill cau. que oymays en tal gisa a gardassen et a basteçerõ. Et ben creo, poys tomada foy, que he sua	RTC mill c., que ay mas, en tal g. la guarnesçieron et la bast., pues tomada fue, que es suya; HT mjll c. que ende estã. Et em tal g. a garneçerõ et a preçeberõ et bast. que, pois que a así tomarõ, sua he.

3.5. Saltos de lectura.– Abonda cos exemplos anteriores, que podiamos multiplicar á nosa vontade, para ver que o manuscrito galego de Santander non é copia do texto galego coñecido da *Crónica Troiana*, senón copia doutro manuscrito diferente, que xa presentaba grandes desviacións. Para reforzar esta afirmación aínda podemos engadir uns cantos casos en que a *Crónica Troiana* contén saltos de lectura frente á versión de Afonso XI e do ms. de Santander. Así, por exemplo:

6.22	que uissen et fezeron	RTC que ouiessen et todaufa le llegaua gente de la uilla et por esto creçía mayor esfuerço et fiz.; HT que ouvesem et todavía chegaua gẽte da villa et por esto creçeo mayor esforço et f.
88.7	Abios et el rrey Tálafus et Çéledos	RTC Almus et el r. T. aduxieron treynta muy bien guarnidas de tierra de Arcomonia. Patraffus et Célidus; HT Alynus et el r. T. trouxeron trijnta moy bem garnydas de terra de Arcomonja et Patrafus et Çélidus.
88.41-42	Capadón leuoy y çinq. naues moy bõas. Et sabede	RTC Capedón leuó y çinq. de tierra de Capedia. El duque de Atenas, Menesteus, leuó y çinq. de las muy buenas. Et sabet; HT Capedón leuou çinq. de terra de Capedia. O duque de Arenas, Monesteus, leuou y çinq. naves das mellores que ende erã. Et sabede.
96.5	áncoras et tãto	RTC anc. et mandaron pregonar que se guisassen todos de mouer dende otro día de mañana et tanto; HT áncoras et mãdou apregoar que todos se apreçebesen cõmo en outro día ben çedo andasem, et tãto.
209.21	era marauilla que	RTC era grand mar. Esto todo fazía ella tant sotilmente et por tant grand maestría que; HT era mar. Et esto todo fazía ella sotilmẽt et por grã meestría que.
345.73	que muyto erã bõos caualeyros et honrrados	RTC ca mucho eran buenos c. onrr. et de grand prez et a todos fizo fazer muy rricos monumentos et mucho onrrados; HT ca moyto erã nobles et onrrados cau. et a todos fezo fazer moy rricos et onrrados moymẽtos.
359.34-35	amigos et en todo mellor dos mellores. Por ende	RTC am. et orgullosos et fuertes contra los enemigos et en t. bien meiores de los m. et iamás nunca dueña tales fijos ouo commo uós njn aurá en quanto el mundo durare. Por ende; HT am. et orgullosos et fortes contra os enamygos et en t. bem mellores dos m. et nũca foy dona que taes fillos ouvese cõmo vós, nẽ averá en quanto o mũdo durar. Por ende.
362.15	mais. Et diserõ que auja y mais çinquoenta et dous rríos caudaes. Despois	RTC más. Desí aun pusieron más que a. y LVJ ríos cabdales, pero bien dixieron que otras aguas muchas et otros rríos grandes auya y, mas que non eran cabdales. Después; HT mays. Desý poserõ que avía y çinq. et seys r. cabd., pero bem diserõ que

		outras agoas moytas et moytos rríos grandes avía y, mays que nõ erã cabdaes. Depoys.
367.15	despois falta un cap.	RTC foi engadido (p. 284); incorporado en HT (p. 294).
460.26	segurança ¿Que uos digo? Sabede	RTC seg. et amor con aquellos que auyan poder en aquella tierra et con los más dellos fizo iuramento et abenençia. ¿Que uos digo? Sabet; HT seg. et amor cõ aqueles que avía poder em aquela terra et cõ os mays deles fezo juramẽto et avenẽça. Sabede.
480.10-11	cõmoquer que fezera rrazõ, que fezera desaguisado en matar sua madre. Et por	RTC c. que f. razón en uengar a ssu padre, mas que fiziera des. en m. su m., ca non ha en el mundo razón por que ningún omne, a tuerto njn a derecho, deua matar su madre. Et por; HT c. que f. rrazõ em vengar a seu padre, que fezera mal em matar sua madre, ca nõ ha ẽno mũdo rrazón por que nẽgũ õme, a torto nẽ a dereyto, deua matar sua madre. Et por.
508.24	de seu tenpo. Et despois	RTC del su t. et bien dauan a entender el linage de que uenían. Todos dezían que non podían errar que non fuessen muy buenos. Et desp.; HT do seu t. Et ben dauã a entender o lynage de que vinã. Et todos dezía que nõ podía errar que nõ fosen moy bõos. Et desp.

IX. ¿HOUBO UN TEXTO GALEGO (OU PORTUGUÉS) ANTERIOR Á VERSIÓN DE AFONSO XI?

A confrontación do texto galego coa versión de Afonso XI ofrécenos algúns datos importantes que non se tiveron en conta ata agora e que compre salientar. Tal como a atopamos actualmente no ms. de 1273, a *Crónica Troiana* é claramente traducción dun texto castelán, como xa probamos máis arriba na comparación que fixemos dos dous manuscritos (cfr. cap. VII). Tamén mostramos alí que o ms. galego non era unha versión do ms. do Escorial de 1350, polo grande número de variantes que presenta respecto a el, algunhas fundamentais, entre as que debemos contar aínda as que teremos ocasión de enumerar no presente capítulo.

Aclarado isto, temos que presentar unha cuestión importante: ¿a versión de Afonso XI fíxose directamente sobre o francés ou tivo coma intermediaria unha versión galega (ou portuguesa) anterior? Non podemos contestar con absoluta seguridade, pero o que si está claro, como veremos, é que o ms. de 1350 conservado no Escorial é unha traducción do galego (ou portugués) ó castelán.

Poderá para algúns resultar un feito extraño, mais non sería o único caso. Lembrémo-lo que pasou coa *Crónica de 1344*, cunha traxectoria ben complicada: despois da *Crónica General*, de Afonso X, apareceu a *Crónica de Castilla* e delas fíxose unha traducción ó galego[1], que foi utilizada polo Conde de Barcelos para a súa redacción da *Crónica de 1344* en portugués, traducida á súa vez na *Crónica de 1344* castelá[2]. Con máis motivo podemos coidar nunha versión occidental da *Crónica Troiana* cando no galego coñecemos fragmentos do *Libro de Tristán*[3], nos *Miragres*[4] hai materia francesa e a *Demanda do Santo Graal* foi traducida primeiramente para o portugués e despois fíxose a traducción desde esta lingua para o castelán, como probou Rodrigues Lapa[5].

---

[1] Cfr. a miña ed. xa citada de *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. 2 vols. Orense 1975 e 1977.

[2] Como demostrou Luís F. Lindley Cintra na súa introducción á *Crónica Geral de Espanha de 1344*. Vol. I, Lisboa 1951, espec. ps. XLV-XCIV.

[3] José Luis Pensado, *Fragmento de un "Livro de Tristán" galaico-portugués*. Santiago de Compostela 1952 (anexo XIV de *CEG*).

[4] José Luis Pensado, *Miragres de Santiago*. Edición y estudio crítico. Madrid 1958.

[5] *Lições de literatura portuguesa. Época medieval*, 8ª ed. Coimbra 1964, ps. 233-236; id. "A Demanda do Santo Graal. Prioridade do texto português", en *Miscelânea de língua e literatura por-*

No Occidente peninsular había certa preferencia por materias novelescas tomadas de Francia, como é o tema de Bretaña, e o mesmo debeu acontecer coa materia de Troia, pois temos noticias de obras cos títulos *Crónica Troiana, Historia Troiana, Historia de Troia* ou *Conquista de Troia* na Librería do rei D. Duarte, na do Condestable D. Pedro de Portugal e na de D. Manuel o Venturoso[6]. Tamén coñecía a Crónica o Conde D. Pedro (séc. XIV), cando escribe no seu *Livro de Linhagens:* "e per esta razom moverom-se todas as gentes das terras e veerom sobre a Troia e teverom-na cercada dez annos, e houve i grandes fazendas e mortas grandes cavalarias, assi como fala na sa estorea"[7].

¿Que pasou entón co *Roman de Troie*, de Benoît de Sainte-Maure? Dúas son as hipóteses que podemos considerar. Unha delas que Afonso XI (1312-1350) mandou face-la súa versión moi cedo e que dela se fixo inmediatamente unha traducción ó galego, perdéndose o orixinal castelán, e que xa no reinado de Pedro I (1350) se volveu traducir desde o galego ó castelán. Todo isto parece pouco probable, tendo en conta que Afonso XI sucedeu a seu pai en 1312 cando tiña un ano de idade. A coroa cinguiuna en 1325, ós 14 anos, e se a traducción a mandou facer para que lle servise de guía ó seu primoxénito, nacido en 1334 (o futuro Pedro I), como se ten dito[8], debería redactarse arredor de 1340. Sería difícil de comprender que se perdese este texto, que del se fixese unha traducción case simultánea ó galego e que Pedro I, no primeiro ano do seu reinado (1350), mandase retraducilo ó castelán.

Por iso resulta máis factible a segunda hipótese. A traducción do *Roman de Troie* realizaríase primeiramente en galego (ou portugués), texto hoxe desaparecido, e dela mandaría facer Afonso XI unha traducción ó castelán. Desta versión houbo varias copias e dunha delas (non a que se conserva de 1350) Fernán Pérez de Andrade, que descoñecía a versión primitiva galega (ou portuguesa), pero que si coñecía a versión de Afonso XI, polo seu contacto con Pedro I e Enrique II, mandou face-la traducción galega a Fernán Martís, rematada no ano 1273 e que agora publicamos. Dela é independente, como dixemos, a versión galega do ms. de Santander, pois está sempre máis cerca do ms. do Escorial ca da *Crónica Troiana* galega en pasaxes fundamentais, como imos ver a continuación.

A suposición de que houbo un texto galego (ou portugués) anterior ó castelán entrevémola ó analizarmos detidamente o ms. 1350 e o de 1373, pois ó longo de todo o ms. castelán hai unha serie de palabras deturpadas que evidencian nitidamente que se está a traducir, non un texto francés, senón un texto galego (ou portugués).

---

tuguêsa medieval. Rio de Janeiro 1965, ps. 105-133 (traballo de 1930); tamén ps. 134-143 (de 1931). Foi publicado despois en Coimbra (1982), podéndose ve-los traballos nas ps. 303-340 e 341-353. Cfr. tamén C. E. Pickford, "La priorité de la version portugaise de la Demanda do Santo Graal", *Bull. Hisp.* LXIII, 1961, 211-216; R. Steiner, "*Domaa/Demanda* and the Priority of the Portuguese Demanda", *Mod. Phil.* LXXIV, 1966, 64-67; F. Bogdanow, "Old Portuguese *seer em car teudo* and the Priority of the Portuguese Demanda do Santo Graal", *Rom. Phil.* XXVIII, 1974, 48-51.

6 Cfr. C. Michaëlis, *Lições de filologia portuguesa*, p. 371.

7 Portvgaliae Monvmenta Historica...Nova Serie. Vol. II/1, *Livro de Linhagens do conde D. Pedro.* Ed. crítica por José Mattoso. Acad. das Ciências. Lisboa 1980, p. 73.

8 Por ex., Tubino, *Museo Esp. Ant.* V, p. 187 e 203-204, e García Morencos, *Crónica Troyana*, p. 21.

Ó falar da *Versión en prosa e verso*, Menéndez Pidal refírese á traducción de Afonso XI e pensa na existencia dun texto "de carácter dialectal leonés, que hemos de suponer el original mandado hacer por Alfonso XI, y que luego se castellanizó al copiarlo e iluminarlo en 1350 por orden del hijo de Alfonso, Pedro I"[9]. Entre os supostos leonesismos conservados no ms. 10.146 da Bibl. Nac. de Madrid cita *dilles, que lle preguntase, contolles, lle los dio, ela* (art. fem.), *progo, branco, plados, plez, solombra*, etc.[10]. Frente a el, García Solalinde di que o copista do manuscrito "parece ser leonés; y no sólo coloca leonesismos en toda su copia, tanto en la *Versión en PV* como en la de *Alfonso XI*, sino también ciertas formas arcaicas"[11]. Coma mostra cita *niebra, sembrante, plados, plecio, plez, proy, mogier, rrelozien, rrelozir, podiese, podieron, fezieron, feziera, sobreujeno, ambidos, mays, ymos* e *yndo*[12].

¿Son leonesismos ou están en relación cos exemplos do ms. do Escorial? Xa C. Michaëlis chamou a atención para a posibilidade de que certas palabras portuguesas pasasen ó texto castelán, aínda que non pensou na posible existencia dunha traducción directa do *Roman de Troie* para o galego-portugués[13]. Canto á miña opinión, estes exemplos casteláns teñen que ver na maior parte co galego (ou portugués) e non co leonés e sorprende que Menéndez Pidal non falase desta posibilidade, posto que o deu a entender xa moito antes da súa edición da *Historia Troyana*. Cando Rennert fixo a súa edición de *Macías, O namorado* (Philadelphia 1900) notou[14] que Amador de los Ríos[15] mencionaba a existencia na Biblioteca do Marqués de Santillana dun ms. galego do séc. XIV. Como el non sabía que ese ms. pasara á Biblioteca Nacional, coma o resto da biblioteca de Osuna, isto induciu ó Prof. Teza a preguntarlle ó investigador español. A resposta de Pidal foi clara: "La *Troyana* gallega está en la Biblioteca Nacional...Creo que la castellana del Escorial, aunque hecho también en la corte de Alfonso XI y Pedro I, se hizo sobre la gallega, contra lo que afirme Amador de los Ríos. Lo digo por algún galleguismo que descubrí en la del Escorial"[16].

Esta opinión de Menéndez Pidal é completamente certa, como imos probar nas páxinas seguintes, onde poñeremos algúns dos erros máis significativos do texto castelán. Así:

Cap. 110.43 "et Sáneas et *o prol Fortes*", traducido por "et Sanias et *Oprolfortis*" (p. 82). Corresponde ó francés "*Fortis li proz* e Sanias" (v. 6782) e entendeuse o art. galego *o* e a forma galega *prol* (cast. *pro*) coma parte do nome. Tamén está errado na HT, que di "et *Apolomytes*" (p. 118).

Cap. 121.8-9, 17 "et tomou logo cõsigo *dos* seus amjgos, que amaua moyto. Et hũ deles auja nome Galtõ...et outro que Éytor tomou cõsigo foy yrmão deste Galtõ". No galego di "dos", porque traduce do castelán, onde está errado: "et tomó luego consigo *de los* sus amigos que amaua mucho..." (p. 94). No cast. debería dicir "*dos* sus amigos",

---

9 *Historia Troyana*, p. XXII.

10 *Historia Troyana*, ps. XXII-XXIII, n. 1.

11 *RFE* III, ps. 127-128.

12 *RFE* III, ps. 127-128, n. 3.

13 *Cancioneiro da Ajuda*, II, p. 519 e n. 3.

14 Na p. 33, nota.

15 Marqués de Santillana, *Obras*. Madrid 1852, p. 608.

16 Hugo A. Rennert, *MLN* XVII, 1902, p. 23 (columna 45).

pero púxose "de los" por interpretarse mal "*dous* seus amigos" do texto galego perdido. Na HT interpretouse ben neste caso: "tomou logo cõsigo *dous* seus amygos" (p. 129). No francés di "dous suens amis" (v. 7692).

Semellante é o que ocorre no cap. 126.44-45, aínda que aquí o texto galego corrixiu o erro, pois di "Jtem a xxj[a] aaz fezérõna *dous* rreys de Lyra, que ouueron nome Antíopos et Anfímatos". No cast. interpreta mal *dous* e di "otra grand az fizieron *de los* rreyes de Lira" (p. 101), mentres que a HT volve estar ben: "*dous* rreys de Lira" (p. 136). Traduce o francés "d'icez esteit sire Antipus, / il e li reis Amphimacus" (v. 8275-8276).

Cap. 141.98-99 "çertas, don caualeyro, eu coydo que agora será tenpo en que seredes cõpañeyro(s) dos mortos ou en *perderdes a força*". No cast. interpretouse *a* coma prep. e non coma art.: "çertas, don cauallero, yo cuydo que agora será tiempo en que seredes companero de los muertos o en *perderuos a fuerça*" (p. 129). Falta na HT e no francés di: "ja avendra, fait il, vostre hore: / as morz vueil que seiez compainz, / qu'irié me feïstes dès ainz / de Patroclus, cui m'escossistes" (v. 10052-10055).

Cap. 171.18-19 "et ya en hũ caualo que corría tã agiña que nõ auja arco nẽ *baesta* que tã agiña podesse lançar hũa saeta". Aquí témo-la forma *baesta*, que o texto cast. interpreta mal, posiblemente porque no texto primitivo estaba escrito *beesta*. En lugar de traducir por *ballesta*, faino por *bestia* (gal. *besta*): "et yua en vn cauallo que corría tan ayna que non auya arco njn *bestia* que tan ayna pudiesse lançar vna saeta" (p. 138). Na *HT* está correcto: "nõ auía arco nj̃ *ballesta* que tã ayna pudiese lãçar la saeta" (p. 174). En francés temos "e vint poignant tot a eslais / sor un cheval, qui plus tost vait / qu'*arbaleste* ne ars ne trait" (v. 12030-12032).

Cap. 196.17-18 "et se me os deuses dessen a morte ante da manãa, en esto *seyría* da coyta et do pesar en que sõo". O traductor interpretou a forma *seyría* coma do verbo *ser* e non do verbo *seir* 'salir', confundindo *seyría* con *seería:* "et si me los dioses diessen la muerte ante de la mañana, esto *sería* quiçá de pesar et de coyta en que so" (p. 157). O resultado é incomprensible, o mesmo ca na HT, que tamén confunde: "et sy me los dioses diesen la muerte ante de la mañana esto *sería* de grãt pesar et de grãt cuyta en que so" (p. 180). No francés temos "ja Deus ne place que jo seie / vive desci qu'a l'ajornant! / La mort vueil e quier et demant" (v. 13292-13294).

Cap. 204.47 "sobre seu elmo tragía hũa çimeyra tã brãca cõmo a neue, et os rramos dela deçíã ssobre *o alcafre* do caualo". Traduce o francés "e en son heaume un chaperon / plus blanc que neif, d'un amiton, / dont les langues batent a val / par son la *crope* del cheval" (v. 13993-13998). O traductor non entendeu a palabra *alcafre* e deixou espacio en branco: "et sobre su yelmo traya un pendón tant blanco commo la nieue et los rramos del desçendían sobre el del cauallo" (p. 164). A HT traduce sobre un ms. no que faltaba a palabra e reméndao poñendo "et sobre seu elmo tragía hũ pendõ tã blanco cõmo a neue et os rramos del desçẽdía *sobrelo caualo*" (p. 188).

Cap. 209.30 "et os ollos trágenos ẽno *meo* dos peytos" (p. 166). Posiblemente o ms. primitivo tiña, en lugar de *meo*, a forma *meogo* (ou *meyogoo*), que levou ó traductor a interpretala mal e confundila con *meolo*. Por iso puxo "et los oios traen en el *meollo* de los pechos" (p. 174). Na HT está ben: "mays os ollos trágenos ẽno *medio* dos peytos" (p. 195). Falta no francés.

Cap. 231.101-102 "outrossy Pares leuaua sua espada ẽna mão et desfazía moy ben *a pressa* arredor de ssy, hu el chegaua". Traduce ben o francés "le brant d'acier retint Paris, / qui d'entor lui deront la *presse*" (v. 15812-15813), pero o traductor castelán confundiu o gal. *a pressa* (art. + sust.) con *apressa* (adv.), traducindo erradamente "et desfazía muy bien *apriessa* a derredor de ssi o el llegaua" (p. 183), pois debería dicir "la pressa". Falta esta vez na HT.

Cap. 233.14-15 "¡ay, Deus, que grã perda et que grã mal que sse Éytor nõ *podo* aquel día sofrer de sayr aa batalla!" Posiblemente no ms. galego primitivo estaba escrito *pode*, interpretado falsamente coma pres. e non coma pasado polo traductor, que escribiu "¡ay, Dios, que grand p. et que grand mal que se E. non *puede* aquel día s. de salir a la batalla!" (p. 186). Tamén está o erro na HT: "que se E. nõ *puede* sofrir aquel día de s. a la b." (p. 206). No francés ten unha forma de imperf.: "qu'il ne *poeit* cel jor sofrir / qu'il li deveit mesavenir" (v. 16029-16030).

Cap. 274.8-11 "se quantos á ẽna hoste loasen esta rrazõ et este cõsello et se outorgasem que nos d'aquí partisemos sen algũas bõas pleytesías, taes de que nós ficasemos onrrados et pagados, *eu* ante quiría seer espedaçado et desnenbrado ca sseer en este cõsello". No francés di "mieuz voudreie estre desmembrez / qu'eüsse esté a cest conseil" (v. 18360-18361), polo que parece exacto "eu ante". O traductor leu mal "eu", confundindo *u* con *n*, e por iso, en vez de "yo ante" puxo "enante": "...tales de que nós fincassemos pagados et onrrados *enante* querría seer despedaçado et desmembrado que seer en tal conseio" (p. 219). Falta na HT.

Cap. 293.46-47 "ca se a home fosse en lugar onde tãtos posfaçar nõ podessen *aynda o* yría passando". Non se entendeu *aínda* 'aún' e traduciuse mal: "ca si omne fuesse en logar do tantos p. non podiessen *a omne* yría passando" (p. 229). Tamén na HT di "et ca sy o. fuese ẽ lugar do tantos nõ pud. porfazar *a omne* yría pasando" (p. 240). Falta no francés.

Cap. 401.3-4 "lançaua suas mãos ẽnos cabelos, que auía cãos et *brancos*". Corresponde ó francés "ses lons cheveus *blans* e chenuz" (v. 25189), e interpretouse mal por estar no texto primitivo xa a forma rotatizada *branco*. O castelán di erradamente "en los cabellos, que auya canos et *brunos*" (p. 314). O mesmo na HT: "l. sus m. a los cab., que auía canos et *brunos*" (p. 318).

Cap. 416.11,13-14,15 "depoys jurarõ esto meesmo...et, demays, poserõ por *testemõias* a dom Júpiter...et poserõ por *testemõia* o sol...". Corresponde ó francés "de ç'ert reis Jupiter guarant, / e tuit li autre deu poissant, / soleiz e lune e terre e mer" (v. 25831-25833). O traductor ó castelán entendeu mal a palabra *testemoia* e non a traduciu por *testigo*, senón por *testimonio:* "demás pusieron por *testimonjos* a don lúpiter...et todos los otros dioses...et pusieron por *testimonios* el sol..." (p. 323). O mesmo erro na HT: "(cortado) et pusierõ por *testimonios* el sol..." (p. 326).

Cap. 429.4-5 "et desque os y ouuo ajuntados, sobeu en çima dũa torre, et dou aos dioses grandes graças, et *oorouos* muyto(s) porque os ajudarã". En francés "toz les deus *aore* e mercie / de ço qu'il lor ont consentu / que li Troïen sont vencu" (v. 26248-26250). É dicir, trátase do verbo *adorar*, coa perda do -d- e a atracción do *a* inicial polo *o*. O traductor non entendeu esta forma e puxo *orar:* "et dio a los dioses grandes graçias et *oroles* mucho porque los ayudaran" (p. 329). Na HT aínda presenta maior adulteración: "et dio a los dioses graçias et *ololes* mucho porque les ay." (p. 327).

Cap. 500.20-21 "o grã prazer que ey *de uosa vijnda*, nõ mo tornedes en pesar et en doo". A palabra *vijnda* corresponde ó castelán *venida*, pero o traductor interpretouna coma *vida*, posiblemente porque o ms. galego tiña a grafía *vijda*. Por iso di "el grand plazer que he *de la uuestra uida* non me lo tornedes en pesar" (p. 376). O mesmo na HT: "o grã plazer que ey *da vosa vida* nõ mo tornedes em pesar" (p. 362). En francés di "ne tornez pas la joie en plor, / que j'ai de vos" (v. 29467-29468).

Tamén debe entrar aquí a alternancia *proveiro/proverbio:* cap. 32.11-13,19-20 "et tãto aio eu aprendudo dos *prouerbios* et dos agoyros que fazẽ ao home seer couardo, et fázẽlle tomar medo da cousa en que nõ ha pauor...poys cõmo por sortes et agoyros et por *proueyros* deste adeujñador queredes leixar de prender uẽgança...?". No francés está de maneira diferente, pero podemos citar "*proveire* sont toz jorz coart, / de poi de chose ont il reguart... / e qui por son *devinement* / laira a prendre vengement" (v. 4001-4002, 4013-4014). No francés *proveire* é unha variante de *prestre*, é dicir 'sacerdote', pero no gal. *proveiro* funciona coma 'agoiro, adeviñanza, predicción de adiviño'. Por iso non ten sentido a traducción por *proverbio*, que aparece no castelán e que tamén puido pasar despois á mesma traducción galega de 1379: "et tanto he yo aprendido de los *prouerbios* et de los agueros...por suertes et por agueros et por *prouerbios* deste adeuinador" (p. 45). Falta na HT.

O mesmo no cap. 408.1-2 "agora leyxa o conto a falar desta rrazõ por contar dos maos sinaes et *proueyros* espantosos que auíã os de Troya". No texto castelán aparece traducido erroneamente por *proverbios:* "por contar de las malas señales et *prouerbios* espantosos que auían los de T." (p. 319). Igual na HT: "de las malas señales et *prouerbios* que auíã en T." (p. 321).

En cambio, no cap. 202.39-40 tamén o texto galego deixou sen corrixi-lo erro de traducción do castelán: "et malditos seiã os gregos et os *prouerbios* que uos an tornado a tã grã desonrra". Corresponde ó francés "maudiz seit hui icist *augurs*, / icist dons e icist *eürs* / qu'a si grant honte vos revert!" (v. 13771-13773). No ms. galego primitivo seguramente dicía *proveiros*, traducido mal polo castelán en "et malditos sean los griegos et los *prouerbios* que uos han tornado a tant grand desonrra" (p. 162). De aquí pasou á traducción de 1373 e á HT: "et malditos sejan os gregos et os *proberbios* que uos am tornado a tã grã desonrra" (p. 185).

Outro capítulo importante é o dos infinitivos conxugados. Moitas veces no texto castelán tamén se deixa unha forma conxugada (do tipo *tomáremos*, etc.), pero outras veces interprétase mal a terminación *-mos* da 4ª persoa e ponse inf. + *nos*. Así, no cap. 17.17-18 "que nõ alongemos de *tomarmos* ende dereyto", traducido por "que lo non alonguemos de *tomar nos* ende derecho" (p. 34). Falta na HT.

Tamén cap. 17.20-21 "seméllame bõa rrazõ de *sabermos* delles se nola querrán dar", traducido por "seméiame que sería buena razón de *saber nos* dellos si nos la querrán dar" (p. 34). Falta na HT.

Outros casos témolos no cap. 98.28-29 "porque será ben de *auermos* senpre ben et mesura en nosso feyto et de nõ *fazermos* nehũa cousa sen aquesto". Na traducción cast. di "porque será bien de *auer nos* siempre bien...et de non *fazer nos* ninguna cosa sin aquesto" (p. 74). Na HT reméndase da seguinte maneira: "porque sera bem *aver em nós* mesura et rrazõ em noso feyto et de nõ *fazermos* n. c. que seja sem rrazõ et sen d." (p. 108).

No cap. 121.120-121 di "et des oymays, tẽpo he de *lidarmos* et de *juntarmos* cõ elles", traducido por "et desde oymás tiempo es de *lidiar nos* et de *ayuntar nos* con ellos" (p. 97). Na *HT* está algo cambiado: "de *lidarmos* et de *juntar* cõ elles" (p. 132).

O mesmo no cap. 179.31 "nós faremos grã bondade de *auermos* al rrey Toas por Antenor", traducido por "nós faríemos grand bondat de *auer nos* al rrey T. por A." (p. 147). Falta na HT.

Finalmente, no cap. 184.8-9 di "terría por cõssello de *demãdarmos* trégoa por tres anos", traducido por "ternía por conseio de *demandar nos* treguas por tres años" (p. 150). Falta na HT.

O mesmo caso temos con outra persoa no cap. 142.35-36 "et Éytor parteu estonçe os seus da batalla a grã traballo, et tornárõsse pera sua cibdade por folgar et *penssarẽ* de ssy. Mays en tódoslos días que uiuã sse rrepintirã do que fezeron. Et cõmoquer que algũus delles yan ledos...". O inf. está correcto, pero o traductor interpretouno mal e puxo "et tornáronse para su çibdat por folgar et *pensaron* de ssi" (p. 130), dando coma un feito pasado o que aínda é futuro. Tamén está errado na HT: "por folgar et *pensarõ* de sy" (p. 152).

Xunto a todos estes casos, aínda temos outros nos que a lectura do texto castelán parece mala traducción dun texto galego (ou portugués). Así, cap. 97.8-9 "enpós esto leixauã vĩjr *cãtos de* pedras et outros moy grãdes mouementos que lançauã sobre elles". Corresponde ben ó francés "fort se defendent de *chaillous*, / a ceus defors donent granz cous" (v. 6015-6016), onde temos *caillou*, gal. *callao*, cast. *guijarro*, *canto rodado*. O traductor non entendeu a palabra *cantos* e traduciu por "dexauan venir *tantas de las* piedras et otros muy gr. mouemjentos" (p. 73). O mesmo erro na HT: "leyxauã *vijr tantas das* pedras" (p. 107).

No cap. 99.22,26-27 di "hũ pineyro de ouro...et toueron aquela cousa por grã marauilla, en cõmo aqueles ramos forã obrados sobre aque[l] *toro* tã delgado", traducindo o francés "por ço qu'ensi grailes esteit / e par desus tel fais aveit, / se sont li dui rei merveillié / com ço pot estre apareillié" (v. 6273-6276). No castelán debería traducirse por *tuero* ou por *tronco*, pero seguramente o traductor confundiu no ms. *t* con *c*, lendo *corpo*, e puxo "en commo aquellos rramos fueron obrados sobre aquel *cuerpo* tant delgado" (p. 75). Tamén aparece este erro na HT: "em cõmo aqueles rramos forom feytos et oblados sobre aquel *corpo* tam delgado" (p. 110).

No cap. 130.5-6 vemos "et *cometerõ* estas azes anbas tã brauament cõtra troyãos en tal maneyra que, cõ moy grãde afán, se toueron aquela uez que nõ fogirõ". Posiblemente se lese con certa dificultade -te- no ms., confundíndose con -ce- ou -ca. Iso foi o que levou ó traductor a traducir por "et *començaron* estas azes amas tant brauamente contra troyanos, en tal m. que con muy g. a. se t. aquella uez que non f." (p. 114). O erro tamén está na HT: "et *começarõ* estas duas azes tã brauamente cõtra tr." (p. 147). No francés di "quant cez dous batailles i vindrent, / a mout grant peine se retindrent / li troïen qu'il ne foirent" (v. 9121-9123).

No cap. 131.35 di "¿uedes? El rrey Fión está ja preso. Agora paresca sse *ha aynda* amjgos et puñemos de lle acorrer". Parece a traducción correcta de "vez la Fion: ou il l'ont pris, / or i parra s'il *a* amis / ne bienvoillanz a lui socorre" (v. 9253-9255). Na traducción ó castelán interpretouse mal *ha aynda* e púxose "agora paresca si *auya ya* ami-

gos" (p. 116). Na HT amañouse poñendo "agora *veremos se tẽ* amjgos ou parẽtes para lle acorrer" (p. 149).

No cap. 131.61-63 atopamos "et forõ ferir de uolta ẽnos gregos, aly hu estaua, que aujã ja leixado o cãpo cõ medo de Éytor. Et aly foy moyto *golpe dado*, et aly desmayarõ moytos bõos caualeyros, et forõ y derribados et malferidos". Trátase dunha traducción moi libre de "iluec ot un tel tasseïz / e un si fait abateïz" (v. 9331-9332), pero parece o antecedente da lectura do texto castelá, que ten "allí fue mucho *golpeado*" (p. 117). O mesmo na HT: "aly foy moyto *colpeado*" (p. 149).

No cap. 137.13 temos "et logo outra uez, cõmo de cabo, *agillarõ* todos de cõssún, moyto aujuados de ferir" e no cap. 141.71-73 "et tragía en sua aaz sete mill caualeyros, todos naturaes de hũa terra et moy ben gisados de batalla. Et *agillarõ* todos de cõsún, seus arquos tendidos et aguçosos por ferir", correspondendo no 1º caso ó francés "puis lor *chevauchent* de rehiz" (v. 9825). Seguramente o traductor ó castelán confundiu *l* con *s* alto e traduciu por "et luego otra uez commo de cabo *aguisaron* todos de consuno" (p. 125), así como "et *aguisaron* todos de consuno, sus arcos tendidos et acuçiosos por ferir" (p. 128). Falta na HT.

No cap. 142.17-18 di "et esta gente *uẽ* sobre nós, nõ sabería eu dizer por que, et annos ja destroyda malament nossa terra". Corresponde ó francés "ceste gent *est* sor nos *venue*" (v. 10151), polo que é de supor que o texto galego dixese *uẽo*. O traductor interpretou mal *uẽo* (cast. *vino*) e traduciu por *veo* (pres. de *ver*): "et esta gente *ueo* sobre nós, et non sabería yo dezir por que" (p. 130). O mesmo na *HT:* "et esta gẽte *veo* sobre nós et nõ sabería yo dezir por que" (p. 151). O traductor galego de 1373 decatouse do erro do cast. e puxo unha forma do verbo *vir*, pero en presente.

No cap. 159.17-18 lese "ca, sen falla, eu mataruos ey o caualo ou uos *ferirey* mal ẽno corpo", que traduce irregularmente o francés "e guardez que jo ne vos *fiere* / el cors de vos o el cheval" (v. 11604-11605). Pero, en todo caso, *ferir* é o propio e non *fazer*, como está no cast.: "yo mataruos he el cauallo o uos *faré* mal en el cuerpo" (p. 131). Tamén na HT di "o uos *faré* mal en el cuerpo" (p. 167).

No cap. 182.2,3-4 di "conta Dayres...que esta sesta batalla durou vijt días...et forõ *aynda* trijta días entregament que nõ ouuo y trégo[a] posta nẽ outorgada". Traduce imprecisamente o francés "senz triuë que entre eus fust prise, / si com l'Estoire nos devise, / dura oitante jorz, senz faille, / icele setme grant bataille: / oitante, ce sont quatre vint" (v. 12779-12783). O que parece claro é que *aynda* se traduciu mal por *oy* no cast.: "et fueron *oy* treynta días entregamente en que non fue tregua pedida" (p. 149). Falta na HT.

No cap. 171.116 lemos "ería Éytor tã sen piadade que marauilla era et penssauã de o *chegar* a morte". Non está no francés nin na HT para facermos unha comparación, pero témo-la impresión de que *chegar* é o que motivou no cast. a mala traducción por *echar*, en vez de *llegar:* "et pensauan de lo *echar* a muerte" (p. 140).

No cap. 198.19-20 di "et todos os que *o vijan* qual era et per qual maneyra et per qual engeño fora feyto tijnãno por grã marauilla". No francés "onc nus nel *vit* n'eüst merveille / qui est qui tel chose apareille" (v. 13357-13358). A forma *vijan* non foi interpretada coma imperf. do verbo *ver*, senón de *vivir* e traduciuse "todos los que *uiufan* qual era" (p. 158). Na HT está ben: "tódolos que *vían* en que maneyra et por qual e. fora feyto" (p. 181).

No cap. 215.21-22 temos "et esto he grã marauilla, que caualeyro tã ardido fosse *chegado* por aficamento d'amor *a* tã grã couardiçe". No francés está diferente, pero *chegar* é a lectura correcta. O traductor leu *chagar* e traduciu por *llagar* e non por *llegar*, cambiando ó mesmo tempo a prep. para establece-la concordancia: "et esto es grand marauilla que cauallero tan ardit fuesse *llagado* por af. de amor *de* tant grand couardeza" (p. 177-178). Na HT aínda se estraga máis: "fose *chagado* de tã forte af. de amor *et de* tã grã cobardeza" (p. 199).

Tamén podemos pór aquí casos coma o do cap. 6.63-64 ("et lle *tallou* hũa gran peça do beyço et do queixo") e o de 172.26-27 ("deulle tã esquiuo colpe cõ a espada que lle *tallou* a cabeça et o auãtal da loriga et deu cõ el morto en terra"), que traducen o francés "que de la levre e del menton / puet om veeir sor le sablon" (v. 2529-2530) e "*trencha* la teste o la ventaille" (v. 12308). O verbo *tallar* é o correcto, que o castelán debería traducir por *tajar*, pero o traductor confundiu *tallar* con *toller*, idéntico nos dous idiomas: "et le *tollió* una grand pieça del beço" (p. 25) e "diole tan esquiuo golpe con la espada que le *tollió* la cabeça" (p. 142). Falta na HT.

Algo semellante temos no cap. 331.4-5, que di "et andauã tã coytados que semellauã que meos mortos erã, et nõ *fillauã* conforto en cousa do mũdo que fose", traducindo o francés "rien ne lor puet doner confort" (v. 21692). O traductor castelán confundiu *fillar* 'tomar' co cast. *fallar* e puxo "et non *fallauan* confuerto en cosa que en el mundo fuesse" (p. 261). Así tamén na HT: "et nõ *fallauã* cõfuerto en cosa que en el m. fuese" (p. 274).

Outra confusión témola na interpretación das preposicións *per, por, par.* Así, no cap. 17.30 di "jde assy *per* toda Greçia", que se traduce mal por "yt *para* toda Greçia" (p. 34). O mesmo no cap. 232.55-56, onde temos "jurou *par* la sua ley", mal traducido por "iuró *para* la su ley" (p. 184). Falta nos dous casos no francés e na HT. Un pouco diferente é no cap. 485.25-26, que di "mais que logo se ende partira, et que se fora *per a par* da rribeyra, et que tãto andara per ese mar ata que chegara a L.", correspondente ó francés "iluec ne fist pas lonc estage. / Tant costeierent le rivage / qu'a Lotophagos pristrent port" (v. 28605-28607). No cast. interpretouse "et que se fuera *par a par* de la ribera" (p. 364) e na HT "et que se fora *a par* da rribeyra" (p. 351).

No cap. 240.5-6 di "ca nõ rrefolgaua *pouco* nẽ mays". Non é doado distinguir ás veces nos manuscritos galegos entre *pouco* e *ponto*, pola posible confusión de *n* e *u*, así como de *t* e *c*. Foi o que lle pasou ó traductor castelán, que leu *ponto* e traduciu por "ca non refolgauan *punto* njn más" (p. 192). Falta na HT e o francés di "de li nen ist funs ne aleine" (v. 16464).

Hai outros casos en que a lectura do ms. galego de 1373 parece máis correcta e a do ms. do Escorial incorrecta. Deben obedecer á mala comprensión do texto primitivo. Citaremos uns cantos exemplos.

No cap. 52.22 di "que tomemos ende tal vengãça que seia *sabuda* per todo o mũdo", que corresponde ó francés "que en prenons tel vengement / que nostre honor i seit *seüe* / e par tot le mont *conëue*" (v. 4980-4982). No cast. di "que sea *sonada* por todo el mundo" (p. 58) e o mesmo na HT: "tal vengãça que seja *sonada* per todo o mũdo" (p. 89).

No cap. 91.11 está "et que çima *auerỹan* deste pleito", frente a "et que çima *uerian*

deste pleito" (p. 70) do cast. Na HT está ben: "que çima *averiã* deste pleito" (p. 104). *Haber* é o correcto.

No cap. 113.27-28 lese "ca eu ben creo que as naues nõ ou[u]eran cõtrasta, nẽ outro enbargo, qual agora auerán, se *elas* logo chegarã dereytament aa vila, assy cõmo aportarõ", que corresponde ó francés "se fust alee la navie / a la vile tot dreitement..." (v. 7030-7031). Parece a lectura correcta e coidamos que o traductor cast. interpretou mal *elas*, poñendo "si *las* luego llegaran derechamente a la villa assí commo aportaron" (p. 85). Na HT está ben, aínda que ten outros erros: "ca eu bem creo que as naves nõ averã cõquista qual agora averã se *ellas* logo chegarã d. aa villa así cõmo aquí ap." (p. 121).

No cap. 122.8-9 aparece "et armádeuos de tal maneyra que, se nós acó tornarmos, nõ podamos *dultar* en uós", que corresponde ó francés "que por les geudes, que por vos, / ne devons *estre* trop *dotos*" (v. 8045-8046). No cast. está errado, pois di "si nós acá tornáremos non podamos de *ficar?* de uós" (p. 98), e na HT arránxase poñendo "nõ posamos *dar* en vós" (p. 133).

No cap. 127.338-340 di "amjgo, uós me dizedes cousa onde eu auerey senpre que uos gradesca. Et eu uos coydo ende dar bon galardón, se uos achar en lugar hu uos-lo dar possa. *Entramẽt*, Menelao leuaua preso a Polidamas et leuáuoo Aias Talamõ moy malchagado". No francés di "Beaus amis, frere, mout bien diz. / Grant gré t'en sai: se jo poëie,/ volentiers tel guerredorreie; / mais mout ses poi que jo sai faire: / or le verras jusqu'a ne guaire. / Reis Menelaus *entre tant* dis / Polidamas en menot pris: / Telamon aveit abatu, / qui dur estor li ot rendu" (v. 8940-8948). Na trad. cast. interpretouse mal: "et yo uos cuydo ende dar buen gal. si uos fallar en logar o uos lo dar pueda *enteramente*. Menalao leuaua preso a P., que A. T. leuaua et muy mal llagado" (p. 111). Na HT está mellor: "se vos en lugar achar que o posa fazer. *Entramẽte* M. leuaua pr. a P. que A. T. leuaua moy mal chagado" (p. 145).

Outro erro semellante témolo no cap. 138.10-11 ("et uos *entrament* caualgade depoys cõ uossa cõpaña moy bõa que tẽedes"), onde o cast. di "et uos *entanamientra* caualgat después con u. comp. muy b. que t." (p. 125). Falta na HT e no francés di "chevauchiez *hui mais* après nos / o la grant gent que est a vos" (v. 9853-9854).

No cap. 128.39-40 di "se ajudarõ tã ben aquela uez que as tres azes dos gregos fezerõ *tyrar afora*", que é lectura máis correcta ca "fizieron *fasta fuera*" (p. 113) no cast. e "fezerõ *fasta fora*" (p. 146) na HT. No francés di "li onze frere s'i aiuënt, / si que les treis conreiz remuënt" (v. 9053-9054).

No cap. 209.25-26 a lectura "os mernios son feos et de maa semellança et *escarniçados* tãto en suas feyturas que esto he hũa grã marauilla", parece mellor ca "et *escarnesçidos* tanto en sus fechuras" (p. 173) no cast. ou "et *escarneçidos* tanto en feyturas" (p. 195) da HT. Falta no francés.

Tamén está ben no cap. 209.33 "boca senõ tã estreyta cõmo hũa *casca* de auelãa". Non ten sentido a lectura "commo una *caña* de auellana" (p. 174) do cast. e "como hũa *cana* de avelão" (p. 195) da HT. Falta no francés.

No cap. 255.8-9 "et nõ quiso y fazer cousa onde podese naçer mal nẽ *estorua* a aquelo que auíã começado", corresponde ó francés "ne voleit mie / que noise en sorsist ne folie / nen *destorbier* ne desacort" (v 17423-17425). No cast. púxose o verbo: "cosa

onde p. naçer mal njn *estoruar* aquello que a. com." (p. 206). Igual na HT: "nj *estoruar* aquello que a. com." (p. 216).

No cap. 261.31 é máis correcto "ca eu nõ aspero bem nẽ *cõforto* de nihũa parte" ca no cast. "bien njn *esfuerço* de ninguna parte" (p. 209). Tamén na HT di "nõ espero b. nj *esfuerço* de n. p." (p. 218). No francés temos "plus ne puis jo aveir leisor / de li aveir ne de s'amor" (v. 17701-17702).

No cap. 271.3-4 achamos "qvando A. oyo o mãdado que lle djso o mesageyro, cõmeçou de sosp(r)irar muy de coraçõ et *tornouse* moyto alegre". Parece mellor lectura ca "començó de sospirar muy de coraçón et *tóuosse* muy alegre" (p. 216) no cast. A HT di "et *tornose* muy alegre" (p. 223) e o francés "de mout parfont cuer sospira. / Ire a e joie e atendance" (v. 18130-18131).

No cap. 293.21-22 o galego di "Ẽytor...era o mellor caualeyro en armas et en todas bondades que *en Troya* auja". Parece lectura máis probable ca a do cast.: "meior cau. en armas et en todas las bondades que *entr'ellos* auya" (p. 228). Tamén na HT está "que *entre ellos* auja" (p. 239). O francés non nos axuda, pois ten "Hector o la fiere poissance, / en cui ert tote lor fiance, / qui de proëce ert soverains" (v. 19477-19479).

No cap. 306.20-21 lese "Breçayda...pero sabede que a ssua *graça* et o sseu amor uos bastío todo aquesto". No cast. está en branco: "mas pero sabet que la su
et el su amor uos bastió todo aquesto" (p. 239). Na HT cambia para "la su *nobleza* et el su amor" (p. 251). Posiblemente o traductor non entendeu o manuscrito galego ou é erro do copista. No francés é diferente (v. 20085-20090).

No cap. 309.45-46 di "et se esto nõ fezera, senpre fora en tristeza, et tal me podería agora posfaçar *que me uerría* cõfortar tarde ou nũca", que traduce ben o francés "qui me *venist* tart conforter" (v. 20302). No cast. non ten sentido: "et atal me podría agora posfaçar que *conuernía* conf. tarde o nunca" (p. 241). Tamén na HT aparece "et atal podría agora porf. *que couernía* c. tarde o n." (p. 254).

No cap. 313.10-12 lemos "et tu es mja uida et mja mãteẽça. Mays ey tã grã dulta de tj, et tã grã pauor que o *ssen* me desfaleçe, et nõ posso entẽder a cousa que me digã". A palabra *sen* 'sentido' non foi entendida polo traductor, que puxo "que la *sangre* me desfallesçe" (p. 246). Na HT adultera aínda máis o texto: "que la *sangre* me *fallesçe*" (p. 259). No francés é diferente.

No cap. 315.17-19 di "et o amor che diz que asperes...et el che mãda uiuer senpre en coyta et en *asperança*, sen outro ben", de acordo co francés "senz bon *espeir*, senz atendance" (v. 20772). Na traducción cast. está errado: "en coyta et en *aspereza*" (p. 248). Na HT esta vez está ben, aínda que ten outros cambios: "el te manda beuir en c. et en *esperãça* de syn todo biẽ" (p. 261).

No cap. 367.3-4, o texto "Camete. Et este he o noueno et *a* este rrío *vẽem* tãtas marauillas quantas nõ *uẽem a* outro rrío que en este mũdo seia", traduce mal o francés "...c'est li novains / qui de mainte merveille est pleins" (v. 23265-23266), atribuíndo ó río Camete o que o francés di do río Armedius. Na traducción cast., en vez do verbo *vir*, púxose a forma correspondente do verbo *ver*, cambiando consecuentemente a prep.: "et *en* este rrío *ueen* tantas marauillas quantas non *ueen en* otro rrío que en el mundo sea" (p. 284). Tamén na HT di "et *em* este rrío *veẽ* tãtas mar. quantas nõ *veẽ en* outro rrío que ẽno m. seja" (p. 293).

No cap. 372.32 temos "fazíã suas oraçoes, *rrogando* muyto a *Deus* que as guardase de mal", que traduce ben, aínda que parcialmente, o francés "mout oïsseiz *les deus preier* / as gentis dames honorees, / que de la vile esteient nees, / qu'il les defendissent le jor / de mort, de perte e de dolor" (v. 23480-23484). No cast. mudouse *rrogar* por *llorar*, adulterando totalmente o texto: "fazían sus oraçiones *llorando* mucho que las guardasse *Dios* de mal" (p. 287). Na HT mestura as dúas versións: "fazíam por ellas suas oraçoes *chorãdo moyto et rrogando aos dioses* que as gardasem a todas de mal" (p. 297).

No cap. 379.114-116 di "et eu uos juro perlos dioses que ia mais nũca tome armas, nẽ *entre* en torneo, se oie este día nõ for nosa a melloría desta batalla". No francés "mais, se n'en est lor li desoz, / *ja mais ne* quier armes porter" (v. 24084-24085). No cast. cambia o verbo: "que iamas nunca tome armas njn *estaré* en torneo" (p. 296). Tamén na HT di "nĩ *estaré* en torneo" (p. 304).

No cap. 410.17-19 aparece "et pois que esto ouuerõ acabado, tornárõse pera suas casas iaquanto segurados et alegres, porque *uijam* aos dioses pagados, et rreçeberã seu *sacrifiçio*". É a lectura correcta, aínda que o francés só di "grant joie ont, quant li damedé / se sont envers eus rapaié" (v. 25610-25611). No cast. está errado, pois ten "porque *auyan* a los dioses pagados et reçibieran su *seruiçio*" (p. 320). O mesmo na HT: "porque *auiã* a los dioses pagados et rresçebíã su *seruiçio*" (p. 323).

En 419.24-25 está correcto o texto ("¡ay, mizquinos, malfadados, cõmo forõ *miguados de bom siso* et enganados por fiança!"), correspondente ó francés "Ha! las, com se sont engeignié! / Com malement sont deceü! (v. 25924-25925). No cast. está deturpado: "¡Ay, mesquinos, malfadados, commo fueron *metidos en grand mal seso* et engañados por enfiança!" (p. 325). Falta na HT.

Tamén no cap. 420.21 parece correcta a lectura "Rrey Príamo *teuo* que lle dizíã uerdade", na que o traductor sustituíu o verbo *ter* por *crer*, coa forma *creuo* (non *crouo*). Así, "et el rrey P. *creuo* que le dezían uerdat" (p. 325). Falta na HT e no francés di "ço vueut bien Prianz e otreie" (v. 25977).

Abonda con estes casos máis chamativos, que podiamos aumentar con outros de menor entidade, para vermos que o ms. castelán do Escorial, escrito en 1350, aínda sendo un ms. rexio, non é o orixinario e que ten elementos abondos para pensarmos nun antecedente galego (ou portugués) do mesmo.

X. EDICIÓNS DA CRÓNICA TROIANA GALEGA

1. A edición de Andrés Martínez Salazar.– A primeira edición que se fixo da *Crónica Troiana* foi realizada por A. Martínez Salazar e publicada en 1900: *Crónica Troyana.* Códice gallego del siglo XIV de la Biblioteca Nacional de Madrid, con apuntes gramaticales y vocabulario por D. Manuel R. Rodríguez. Publícalo a expensas de la Excma. Diputación de esta provincia Andrés Martínez Salazar. 2 Vols. La Coruña, Imprenta de la Casa de Misericordia. MDCCCC.

O 1º volume, con XVI + 366 páxinas, contén a introducción de Martínez Salazar (ps. VII-XVI), os "Apuntes Gramaticales sobre el romance gallego" de Rodríguez (ps. 1-87), un facsímile a cor do fol. 27v e xa o texto ata o cap. 247 inclusive da nosa edición ("da sepultura de Éytor").

O 2º volume, con 369 páxinas, contén o resto do texto (ata a p. 266) e logo uns Apéndices. O Ap. I inclúe "Capítulos y fragmentos de texto gallego del Códice bilingüe Menéndez y Pelayo, que no se contienen en el de la Biblioteca Nacional" (ps. 269-289); o Ap. II "Texto castellano del códice escurialense, correspondiente al que le falta del principio al gallego de la Biblioteca Nacional" (ps. 291-301) e o Ap. III "Fragmento de texto castellano del códice escurialense, correspondiente al gallego del facsímile" (p. 303). Remata co "Vocabulario de palabras comunes" (ps. 307-355), co "Vocabulario de nombres propios" (ps. 357-368) e as "Erratas" (p. 369). O longo da obra M. Salazar foi colocando notas, nas que puxo as variantes máis importantes do ms. de Santander.

Aínda que esta edición foi meritoria para o seu tempo e non se lle pode negar certo valor, o feito é que contén erros de grande magnitude. A introducción de Martínez Salazar é correcta, pero xa os "Apuntes gramaticales" de Manuel R. Rodríguez representan un atentado contra a investigación lingüística. Resulta difícil crer que no ano 1900, cando xa F. Diez puxera á nosa disposición a súa *Gramática Histórica das Linguas Románicas* entre 1836 e 1843, e ían publicadas dela 5 edicións[1], e cando xa aparecera no 1890 o 1º volume da *Gramática Histórica* de Meyer-Lübke, precisamente sobre Fonética[2], se puidesen dicir tantas barbaridades sobre a lingua como se conteñen nese curto

[1] Friedrich Diez, *Grammatik der romanischen Sprachen,* 3 vols. Bonn 1836-1843; 5ª ed. Bonn 1882 (coa traducción ó francés da 3ª ed., de 1874-1876, feita por A. Brachet, G. Paris e A. Morel-Fatio).

[2] W. Meyer-Lübke, *Grammatik der romanischen Sprachen.* Erster Band. Lautlehre. Leipzig

traballo. Cun estilo cheo de tópicos e barroco ó máximo, Rodríguez di cousas tan peregrinas como que a obra contén "lusitanismos" (p. 5), que hai "vocablos que pasaron incorruptos de la lengua latina a la gallega", tomados del "nominativo de singular", como *antecesor, rosa*, etc., o del "ablativo", como *ferro, inferno, terra*, etc. (p. 6). Di que "la corrupción de las voces latinas, al ser romanceadas, se verificó bajo los conceptos" de "supresión", "permutación" e "adición" (p. 7). Fala da "lengua gótico-romana" (p. 9), da "pérdida de la declinación latina" que deu orixe "a la declinación gótica" (p. 10), etc., etc.

Así poderiamos continuar con moitas páxinas, pero non ten utilidade facer isto. Só por curiosidade lembrarémo-lo que di do artigo *o, a*, pois para el "estos artículos son de origen griego (sic), a no dudarlo, por más que algunos pretenden que se han romanceado de los artículos (sic) latinos *ille, illa, illud*" (p. 18).

A edición do texto, que é o que máis nos interesa, foi de moita utilidade, por poner nas mans dos estudiosos un texto medieval tan importante. A *Crónica Troiana* podía así ser utilizada e contribuíu ó desenvolvemento da lingua literaria de comezos de século. O grave foi que Martínez Salazar cometeu erros ás moreas na súa lectura, pois cóntanse por milleiros os que aparecen na súa edición e algúns moi gordos, como as confusións de xordas e sonoras (*feçermos* por *fezermos* na p. 95, etc.; *veese* por *vëesse* na p. 97, etc.). As confusións son de todo tipo: non pon o til de nasalidade, confunde *b* con *v* ou *u* con *v*, le contracción en casos en que non hai elisión de vocal (*delles* por *de elles*, p. 99), pon *ç* por *c*, *por* por *per*, *plazer* por *prazer*, etc. Mesmo chega a inventar palabras, como "mandaron aquipar as naos" (I, p. 128), cando o ms. di "aguysar"; "dubradoyro" (II,203), cando o ms. di "dultadoyro", etc., etc.

Tamén hai diferencias de criterio que non se entenden. Na 1ª parte adoptou coma criterio poñer sempre *n* final en vez de til sobre a vocal, pero no folio 101 rompe con isto para poñer agora *m*, ás veces mesmo onde non a hai. Despois dunhas páxinas con este criterio, adopta un terceiro, que é deixar con til sobre a vocal aquelas palabras que aparecen así no manuscrito.

O glosario recolle as palabras que lle pareceron a Rodríguez máis importantes, sen indicación de páxina e con todos aqueles erros de lectura que presenta Salazar. Así, *abondadament* (con *b*), *amaçelado* (con *ç* por *z*), *apretar* por *apertar*, *apedrado* por *apedreado*, *aquipar* por *aguisar*, *árbor* por *áruor*, *baruesco* por *barnesco*, etc., etc. As palabras da *Crónica Troiana*, tanto se estaban ben coma mal lidas, pasaron ó *Diccionario gallego-castellano por la Real Academia Gallega* (Coruña 1913), que chega ata a palabra *cativo*, e despois a outros diccionarios galegos.

1.1. Sobre a edición de Martínez Salazar fixéronse algunhas recensións: unha de A. Thomas, na *Rev. Critique d'Hist. et de Littérature* LIII, 1902, p. 273, que non cheguei a ver; outra de Hugo Albert Rennert, en *Modern Language Notes* XVII, núm. 1, 1902, ps. 22-24 (columnas 44-48), e outra de Alfred Morel-Fatio, no *Bulletin Hispanique* IV, 1902, ps. 63-64.

1890; Zweiter Band. Formenlehre. Leipzig 1894; Dritter Band. Syntax. Leipzig 1899; o 4º vol. con correccións e índices saíu no 1902 (simultaneamente fixeron unha traducción ó francés A. Doutrepont e G. Doutrepont: *Grammaire des langues romanes*. París 1890-1906).

Rennert refírese conxuntamente á edición de Martínez Salazar e ós fragmentos publicados por Cornu, indicando algunhas das diferencias de criterio na transcrición do texto (columna 47) e reproducindo algunhas pasaxes do fol. 100 e do final, segundo a lectura combinada de Salazar e Cornu. Canto á valoración da obra, enténdese que diga "we have already spoken of the great accuracy and trustworthiness of the text presented to us by the learned editor, Don Andrés Martínez Salazar. It is what we should expect from a scholar of such high reputation as a paleographer" (p. 24, columna 48), pois non dispuña de elementos para saber que o editor galego era pouco fiable. O que xa non se comprende moi ben é o eloxio da gramática e do vocabulario: "The whole is preceded by an excellent grammar of the old Galician dialect...from the pen of the well known scholar, D. Manuel R. Rodríguez, whose blindness has in nowise impaired the extreme care and accuracy with which he has preformed his task. The vocabulary, prepared by the same grammarian, is also singularly complete and admirably done" (id.).

Morel-Fatio demostra máis categoría no seu comentario, pois el, coma traductor da obra de Diez ó francés e coñecedor doutras gramáticas históricas, non podía concordar cos criterios e coñecementos de Rodríguez. Por iso di: "l'étude grammaticale et le glossaire...rendront certainement de bons services, quoiqu'ils ne soient pas exécutés selon la méthode aujourd'hui usitée" (p. 64). Sobre a edición, o sistema de transcrición parécelle "généralement louable" (p. 64), aínda que nota algunhas diferencias de criterio entre Salazar e Cornu, crendo "qu'en somme l'édition de la Corogne peut inspirer confiance" (p. 64).

2. Os fragmentos de Cornu.– Un ano despois de Martínez Salazar publicou J. Cornu fragmentos da *Crónica* no seu artigo "Estoria troyãa acabada era de mill et quatroçentos et onze annos (1373)", que apareceu na *Miscellanea linguistica in onore di Graziadio Ascoli* (Torino 1901, ps. 95-128). Neste artigo reproduce o contido dos caps. 148 (ps. 95-96), 196 e 203 (ps. 96-106), 205 (ps. 106-110), 215 a 217 (ps. 111-113), con episodios de Briseida, Diomedes e Troilo; os caps. 261 (ps. 113-116), 269 (ps. 116-118), referentes ó amor de Aquiles por Políxena; os caps. 308 e 309 (ps. 118-121), outra vez con Briseida e Diomedes, e o cap. 359 (ps. 122-124), co dó de Helena por Paris.

Cornu, que numera os folios sen ter en conta a falta dos 8 primeiros e non coñecía a edición de Martínez Salazar, cousa normal, pois deberon traballar polo mesmo tempo, coloca ó final do artigo unha nota sobre o folio 100 e sobre o fol. 194r (ps. 125-127), rematando cunhas consideracións sobre a grafía e os criterios de transcrición (ps. 127-128). Tampouco Cornu é totalmente seguro nas súas lecturas, pois ten erros abondo e modifica o texto demais, unhas veces con modernizacións innecesarias e outras con falsas interpretacións (cfr. as notas ós capítulos indicados aquí e tamén nesta introducción o cap. V, notas 15, 17 e 21).

3. A edición de Parker.– A 2ª edición completa que se fixo da Crónica débese a K. M. Parker e foi publicada en 1978: *Crónica Troyana. Manuscrito gallego del siglo XIV No. 10.233 Bibl. Nacional Madrid.* Edición crítica Kelvin M. Parker. Applied Literature

Press, Medieval Studies. Volume 3. Monograph Publishing on Demand; Imprint Series. Produced and distributed by University Microfilms International. Am Arbor, Michigan, 1978.

Ten un total de IX + 399 páxinas, cunha introducción mínima (ps. VII-IX), o texto (ps. 1-379), as notas (ps. 381-395, en total 998, con algunhas referencias ó ms. castelán e o de Santander), bibliografía (p. 397) e fe de erratas (p. 399). Trátase dunha edición cunha cantidade tan grande de erros que resulta incomprensible, pois non entendemos como este autor, que corrixe moitas lecturas falsas de Martínez Salazar, le ás veces de maneira disparatada o que este autor interpretara ben.

Sobre esta edición de Parker xa escribín hai uns anos o artigo "La edición de la *Crónica Troyana* de Parker", publicado en *Verba* 6 (1979), nas páxinas 375-414, e nel refírome á pobreza da súa introducción, ós falsos criterios de edición e ós varios miles de erros de lectura. Esta circunstancia, e o feito de estar simplemente dactilografada a obra e microfilmada, foi o que me levou a traballar na edición que agora se publica.

Lembremos tamén que Parker publicara xa no ano 1958 o vocabulario da Crónica: Acta Salmanticensia ivssv Senatvs Vniversitatis edita. Kelvin M. Parker, Ph. D. *Vocabulario de la Crónica Troyana* (Manuscrito gallego del siglo XIV, n^0 10.233 Bibl. Nac. Madrid). Filosofía y Letras. Tomo XII, núm. 1. Salamanca 1958. Cun total de XVI + 327 páxinas, contén o índice (ps. VII-XII), a introducción (XIII-XVI), o vocabulario clasificado (ps. 1-289), a bibliografía (ps. 291-292), un apéndice con correccións á edición de M. Salazar (ps. 293-296) e o índice de palabras (p. 297-327).

4. Outras referencias.– Carolina Michaëlis, nas súas *Lições práticas de português arcaico* (publicadas conxuntamente coas *Lições de filologia portuguesa* pola *Revista de Portugal. Série A. Língua Portuguesa*, en 1956), reproduce o contido do fol. 27v (valéndose do facsímile publicado por Salazar na súa edición). Non segue ó autor galego e adopta un criterio propio de transcrición, modernizando a grafía, interpretando mal, ás veces, os signos e cometendo algúns erros de lectura. Os erros que presenta son: cap. 60.3 grossos, 60.4 ruiuos, 60.5 sempre, 60.6 feramente, 60.8 omite "de vençer toda cousa que cobijçasse"; 61.2 Patrúcolos, 61.4 sannudo, 61.5 enno; 62.2 Aaias, 62.4 certo se...llo...mentido e sempre. 62.5 tiinna; 63.6 trabalhasse; 64.1 Ulixas, 64.2 venceu, 64.3 omen, 64.4 ele; 65.1 Dyomedes, 65.2 foi...rosto, 65.4 conpanna, 65.5 ele; 66.5 sannudo...assannaua. (ps. 368-369). A autora completa a lectura cun estudio moi documentado da lenda de Troia e das diferentes versións literarias medievais (ps. 369-376).

Tamén reproduce a parte final do cap. 516 (liñas 34 a 40), cos seguintes erros: 1. 34 muito...eiselent Rey, 35 filho...fui, 36 et destorcer eno tempo...Don, 38 acabado no primeyro dia, 39 dezembro...mil et 388 anos. Nicolau Gonzalvez...screveu, 40 por (p. 370). Amais dos autores citados nas notas ó cap. 506, len este fragmento Amador de los Ríos, *Hist. crit.* IV, ps. 345-346, n. 2 e Rennert, *MLN* XVII, p. 23 (columna 46).

No artigo de Francisco M. Tubino, amais desta pasaxe (*Museo Esp. Ant.* VIII, p. 61), reprodúcese o contido do fol. 100 (id. p. 61) e outros anacos: os correspondentes ós caps. 55.3-11 (id. p. 61), 246.1-20 (id. p. 62) e 73.2-7 (id. p. 62). Os erros e as lecturas disparatadas son constantes.

Tamén debemos lembrar que R. Menéndez Pidal reproduce na súa *Crestomatía del español medieval.* Tomo II (Madrid, Gredos, 1966), ps. 425-426, un fragmento da versión de Afonso XI (o correspondente ó cap. 234.55-121 da nosa edición), poñendo en notas (ps. 426-427) as variantes da traducción galega.

Finalmente, no libro *Prosa galega. III. Da época trovadoresca ao neoclasicismo,* publicado por R. Carballo Calero (Vigo, Galaxia, 1980), ps. 127-155, reprodúcense as ps. 131-141, 350-361 do 1º vol. e 69-72, 182-187, 234-243 do 2º vol. da edición de Martínez Salazar, con tódolos erros de lectura nelas contidos, algúns moi graves por atentar ás solucións fonéticas medievais e que se podían subsanar doadamente.

XI. NORMAS DE TRANSCRICIÓN

As normas de transcrición son practicamente as mesmas que utilicei na edición da *Crónica General* e da *Crónica de Castilla* (cfr. I, p. LVIII da edición), con algunhas variantes. Respetei normalmente a lectura do ms. 10.233 sen adultera-la grafía. Só me limitei a moderniza-la puntuación e a resolve-las abreviaturas, esta vez sen transcribi-lo texto en cursiva por consideralo innecesario. Conservo exclusivamente a representación de consoante nasal por til (como en *bẽ, cãpo,* etc., que deben lerse coma se estivesen escritas con *n* ou *m: ben, campo.* Non deben interpretarse coma se levasen unha vocal nasal). Só hai que ler con vocal nasal cando é resultado da perda dunha consoante -n- latina intervocálica (*bõa, vẽeron,* etc.).

Cando o til vai no ms. sobre dúas vocais iguais consiste nunha raia fina ondulada e facemos con el a seguinte distinción: se houbo perda da consoante -n- intervocálica, mantense (por exemplo, *bõo, yrmãa, tĩjna,* etc.), pois é de supor que represente aínda a vocal nasal (o mesmo ca en *bõa, yrmão,* etc.). Polo contrario, nos casos que non ten ningún valor fonético (como en *fézõo, mãa,* etc.) suprímese, pero indicándoo sempre nas notas que acompañan ó texto. Se son dúas vocais distintas, a raia é recta e máis gorda e só aparece cando é vocal nasal, agás nuns poucos casos que se corrixen (m[a]o, tom[o]a, etc.), Déixase constantemente a lectura *cõmo,* que debe lerse [kómo], pois o til aparece simplemente por apego á tradición escrita latina. En cambio, leuse sempre *mill,* aínda que no ms. está cunha raia e habería que ler *mĩll* ou *mille.* Ante a dúbida, e porque é probable que ese til non signifique nada, lese *mill,* indicando aquí esta particularidade, xa que non se fai nas notas.

En formas verbais coa consoante *ñ,* cando atopámo-la 3ª persoa de plural podemos ler de dúas maneiras: *venã* ou *veñã, tijnã* ou *tijñã,* etc. Depende do criterio que se adopte, pois no ms. aparecen cunha única raia cubrindo as dúas últimas letras. Na nosa edición optouse pola primeira solución.

Consérvanse as grafías *i, j, y, v* e *u* tal como aparecen no ms. Hai que ter en conta, polo tanto, que *i* e *j* poden representar unha vocal (*podia, podja, jnuerno,* etc.) ou ser grafía da consoante prepalatal fricativa sonora, coma en port. ou en francés hoxe (*iuntar, juntar, enueia, enueja,* etc.). O mesmo acontece con *u* ou *v,* que poden ser grafía da vocal (*quando* ou *qvando, usar* ou *vsar*) ou da consoante bilabial fricativa sonora (*uiuo* ou *viuo, enviar* ou *enuiar,* etc.). Non se lea nunca coma labiodental ou coma semiconsoante.

O *R* alto vai interpretado coma *rr* e as consoantes dobres iniciais ou mediais (coma *ff, ss, rr*) consérvanse. A distinción entre *ss* e *s* déixase tal como aparece no manuscrito, sen altera-los casos de confusión.

Tamén se deixan sen altera-los usos de *ç* e *c*, así como os casos de *c* e *g* ante *a, o, u* co valor de [s] e [z] respectivamente (en palabras como *lancar, vencudos, enqueigón, prigón, maltragudos*, etc.).

As palabras van separadas seguindo as normas actuais, polo que os pronomes van unidos ós verbos en casos coma *chegárolle, pósolle*, etc. Cando se elidiu o *e* da prep. *de* ou doutra palabra, cousa que ocorre con moita frecuencia, colócase un apóstrofo, agás naquelas formas que hoxe seguen sendo usuais e se escriben sen el (*deste, del*, etc. ou *d'ouro, d'armas, entr'eles*, etc.).

Tamén vai unido o artigo ou o pronome á palabra anterior naqueles casos en que se conserva o *r* ou *s* final (*fazerlo, porlo, maislas, quántoslo*, etc.) ou nas combinacións de *sobre* e *entre* co art. (*sóbrelo, éntrelo*).

Unha novidade importante é a utilización de acentuación gráfica. Teño a experiencia de que moitas veces a xente le mal por non saber onde vai o acento. Por iso tomei a decisión de pór acento gráfico naquelas palabras que o necesitaban. Para isto adoptei o criterio moderno de acentuación galega. Non sempre foi doado saber onde estaba o acento, especialmente nos numerosos nomes gregos que figuran na obra, polo que é posible que, en máis dunha ocasión, vaia colocado o signo gráfico no lugar onde non lle corresponde ou que aparezan algunhas palabras sen el. Tamén depende do criterio que adoptemos, pois non é o mesmo acentuar á grega ou xa tendo en conta que estes nomes penetraron a través dun texto francés. Nas formas verbais de imperf., plusc., condic. e imperf. subx., a 4ª e a 5ª persoa non levan acentuación esdrúxula, senón grave, porque esa debía ser seguramente a súa pronunciación real como é aínda hoxe en moitos lugares de Galicia.

As palabras *pera* e *pero* van sen acento, pero o máis probable é que teñamos que ler *perá* e *peró* (antecedentes dos modernos *pra* e *pro*). A lectura *pera* e non *para* débese a que nos poucos casos en que non vai abreviada está escrita así (cap. 53.5, 414.2, 415.1, 435.1, 461.1, 515.2). Pola mesma razón vai escrito *per*, que alterna con *por*, pois vai así escrito sen abreviar nos caps. 13.1, 103.2, 449.2, 450.2 e 458.2.

Canto ó texto, reprodúcese totalmente o contido do ms. 10.233, conservando mesmo moitas lecturas erróneas, sempre que a nova lectura tivese un sentido propio e non fose moi disparatada. As enmendas fixéronse tendo en conta fundamentalmente o texto da *Crónica Troiana* castelá (ms. do Escorial) e tamén a *Historia Troiana*. Os nomes propios, en xeral, agás nuns poucos casos, aparecen sempre coa forma do manuscrito, aínda que moitas veces está completamente adulterada. As letras ou palabras engadidas van entre corchetes e as letras ou palabras eliminadas van entre parénteses.

Polo que se refire ás notas, moi numerosas, poño nelas tódalas particularidades que se atopan no manuscrito e as interpretacións diferentes ou os erros de lectura de Martínez Salazar, Cornu e Parker, que aparecen coas siglas AMS, JC e KMP respectivamente. Por outra banda inclúo nelas tódalas discrepancias da *Crónica Troiana* castelá (ms. do Escorial), que aparece coas siglas RTC, e da *Historia Troiana* (ms. bilingüe de Santander), indicado coas siglas HT. En moitas ocasións indico tamén a lectura do *Ro-*

man de Troie, coas siglas RTF. Desta maneira podemos ver constantemente en que lugares coinciden a nosa *Crónica,* a RTC e a HT e en que lugares presentan lecturas diferentes, tendo así sempre á man unha comparación dos tres manuscritos, por máis que sempre haberá quen coide que é superfluo facer esta comparación, pois para iso xa están publicadas as obras e podemos recorrer a elas. E unha opinión que non comparto.

O texto vai distribuído por capítulos, numerados do 1 ó 516. Era a única maneira posible para poder coloca-las notas, que fan sempre referencia ás liñas dos capítulos. Lémbrese que en toda a introducción, as citas que se fan corresponden ó capítulo e non ás páxinas, posto que cando se redactou aínda non estaba o libro paxinado e só era factible a indicación do cap. e da liña correspondente.

Non publicamos agora o vocabulario da Crónica, que queda reservado para un próximo volume. En tanto non apareza, remitimos ós lectores para o citado *Vocabulario de la Crónica Troyana,* de K. M. Parker (cfr. cap. X.3).

Para rematar, teño que facer constancia do meu agradecemento a Xosé García Oro e Fernando L. Alsina, pola súa axuda na lectura dalgúns pasos escuros; a Xoán Xosé Moralejo e a María Xosé García Blanco pola súa axuda no intento de coloca-lo acento gráfico en certos nomes gregos; a Antón Santamarina, Lydia Fontoira e Carmen García Rodríguez, pola axuda na interpretación dalgúns lugares, e, especialmente, a Ursula Heinze, que leu tódalas probas do libro, e a Charo Álvarez, con quen discutín durante horas a interpretación das pasaxes máis deturpadas do texto.

Tamén os meus agradecementos á Real Academia Galega e, sobre todo, á Fundación Barrié de la Maza pola financiación desta obra.

TEXTO

1

Fol. 9r Agora diz o conto que os gregos ouuerõ grã pesar, quando lles Ércoles et Jaasón contarõ a grã desonrra et o gran pesar que lles auja feyto el rrey Leomedón de Troya, ẽno porto de Semeõta, et lles uedou a terra desonrradament. Et disserõ todos a hũa uoz:

—¿Cõmo foy assy ousado el rrey Leomedón de fazer tan gran desonrra a tãtos omes boos et tã onrrados?

Et ouuo ende cada hũ grã saña et jurarõ todos que destroyría a rrey Leomedón et a sseu rregno. Et dezía que por seu mal lles tollera o porto, ca lle coydauã de fazer tal gerra que o chegaría a morte et lle faría perder seu rreyno. Mays Ércoles, a que sse nõ oluidaua a onta nẽ o mal que rreçebera, auya tã grã coyta que sse nõ podía ssofrer que o pleito nõ tomasse sobre ssy. Et mostrou a quantos amjgos auja o pesar cõ que andaua, et tãto disso a cada hũ et tãto fezo que acabou todo aquelo que quería, ca lle prome[te]rõ todos que yría cõ el a Troya. Et, segundo cõta a estoria, por seu feyto sse fezo o grã dãpno que uos eu quero contar.

2

Cõmo Hércoles ffuy a Páçita demãdar ajuda a rrey Cástor et a Poleus et a Talamõ et al rrey Peleus et al rrey Néstor, et cõmo m[ã]dou ffazer qui[n]ze naues et as gorneçeu de quanto auyan mester

Ércolles, cõ grã saña que auja, nõ tardou mays et foysse a Páçita. Et achou y a Cástor et a Poleus, que erã dous yrmãos que ẽno mũdo mellor sse quiserõ. Et cõtoulles a desonrra et o mal que auy[a] rreçebudo del rrey Leomedón et demãdoulles sua ajuda.

Cap. 1. 1: ms. oũuerõ... Jãason. 3: RTC Symeonta (id. HT et eles vedo). 5: KMP grã. 6: AMS e KMP boos. 7: RTC (e HT) iurauan...al rrey. 8: RTC cuyd. faz.; HT p. et ca le c. faz. 9: AMS se; RTC e HT a la muerte. 11: RTC (e HT) m. a los am. que auya. 12: ms. promerõ; KMP prometerõ; AMS prome(te)ron. 14: AMS dapno; RTC (e HT) q. retraer.

Cap. 2. 1: RTC Pacta...al rrey...Polus; HT Porta a dem. a. al rrey...Polus. 2: ms. madou? (lese mal); AMS como (mandou) facer; HT Tal. et al r. Nastor. 3: ms. quize; AMS quinze...gornezeu; KMP auian; RTC mester au.; HT de q. m. a. falta. 4: RTC Pacta; HT Parta. 5: AMS et P.; HT et Poleus...quisiesen; RTC et Polus. 6: ms. auy; KMP auy(-ã-); AMS auy(a); RTC (e HT) c. la onta

Et elles dérõlle logo sua rresposta et que o faría moy de grado. Et disserõ que nõ fezesse mays tardada, mays que fosse tomar vengança de aquel trahedor, et que desto fosse el ben çerto que nõ auya y tã alto muro, nẽ tã alta torre, que sse lles defendesse et que o elles nõ tomassen, et que destroyría seus rreynos et todas suas cõpañas.

Ércoles lles gradesçeu moyto a rresposta que en elles achou et rrogoulles que o fezessen assy. Et foysse logo a Ssalamjna, et achou y el rrey Talamõ. Et sabede que en todo Greçia nõ moraua mellor rrey que el, nẽ mays paação, nẽ mays atreuudo, nẽ que mellor ajudasse a sseu amjgo, ca nũca lle ajuda demãdaría que per el ficasse. Desy cõtoulle quanto lle Leomedón auya feyto et a camaña desonrra del o fezo seyr do porto de Symeõta. Et díssolle assy:

–Rrey Talamõ, sse me uós amades ou ben queredes, rrógouos que me vaades ajudar, ca, sse eu a uós ey, çerto sõo que aueremos gran gente. Et aynda gran pouco siso faría, se eu sen uós aló fosse, et assy seería sen falla, ca, sse eu sen uós tal guerra começasse, grã dãno se me ende segiría.

Tanto llo rrogou que el rrey Talamõ prometeu que [y]ría cõ el. Et el gradesçeullo moyto, et nõ sse quiso mays detẽer, et foysse logo a Ssyca. Et achou y el rrey Poleus, et rrogoulle moyto aficadament que lle fosse ajudar. Et cõtoulle a gran desonrra que aujá reçebuda del rrey Leomedón, et rrogoulle que enviasse suas cartas a tódaslas suas gẽtes mellores de sua terra et que os ajuntasse a ssy. Et díssolle tal rrazõ:

–Señor rrey Peleus, sabede que a terra del rrey Leomedón que he moy rrica de auer. Et, se por uós nõ ficar, nós ha yremos rroubar toda et vingarnos emos de nossos emijgos et do mal et da desonrra que eu teño rreçebuda del.

Et el rrey Peleus prometeulle entõ ajuda. Et díssolle assy:

–Amjgo Ércoles, eu uos prometo, poys assy he, que leuarey en uossa ajuda condes et duques et quantos caualleyros eu mays poder leuar. Et sabede que será ardidos homes et de grã ualya et tãtos que ben poderemos entrar a terra del rrey Leomedón, a sseu pesar, et folgaremos en ela hũ ãno ou dous. //

Fol. 9v Estonçe lle disso Ércoles que dezía ben et que lle nõ podía dizer nẽ fazer cousa que lle mays gradesçesse. Desy foysse dereyto a el rrey Nástor et cõtoulle toda sua desonrra, que nõ ficou ende njhũa cousa. Et a el rrey Nástor pesoulle moyto et juroulle que el meesmo per seu corpo destroyría os troyãos porla desonrra que lle fezeran. Et díssolle:

–Eu uos faço menagẽ que, en ponto que eu ouuer uosso mãdado, que me acharedes ẽno porto. Et en aquesto nõ poñades dulta et seede çerto que seerey eu hũ dos primey-

---

et...auya. 7: AMS resposta. 8: RTC fuessen t. 9-10: RTC def. onde ellos non lo tom. (id. HT ende). 10: RTC (e HT) su rregno. 11: AMS resposta. 12: AMS Salamina. 13: RTC toda; HT toda...rrey njj. 14: AMS e KMP por; HT am. que nũca...demandaria. 14-15: HT et desy tomole q. Leom. 15: RTC (e HT) quanto Leomedon...a tamaña des. del fazer s. 16: KMP do S. 17: ms. vãades; RTC b. me quer.; HT me biẽ am. o vos me bien. 18: AMS e KMP soo. 19: HT sera s. f. que...vos g. tã grande cõmo esta com. 20: KMP gran. 21: ms. eria (AMS e KMP non corrixen); RTC le...yria...gradesçiolo; HT et t. le r. el que...yria. 22: AMS e KMP deteer; HT 1. Ascha...Peleus; RTF Fice. 23: HT cont. la rrazõ et la. 24: ms. todaslas (las entreliñado); RTC (e HT) reçebido. 25: AMS ajuntase. 26: RTC (e HT) Leom. es. 27: KMP todo; RTC (e HT) f. poder la hemos robar. 27-28: RTC (e HT) hemos del mal. 28: KMP emijgos...rreçebudo; AMS emijgos...reçebuda. 29: RTC Poleus p. e. su ay. (HT Peleus; falta nos dous et inicial). 30: KMP amigo...prometeu. 31: KMP caualeyros; HT pudiese. 32: KMP gran. 34: HT f. njj d. 35: AMS dreito; HT et desy. 36: RTC (e HT) f. ning. 37: ms. mẽesmo; AMS e KMP por; HT destroyriã...fezera. 38: RTC en el p.; HT ẽno p. que ouver. 39: RTC

ros. Et leuarey cõmjgo tãtos dos meus uassalos, cõ que lle farey tãto mal que senpre ende falarã. Et nũca oy mãdado de que me tãto prouuesse.

Poys que Ércoles ouuo esta resposta de todos seus amjgos, fezo fazer quinze naos, et gorneçéoas moy ben de viandas et de quanto mester aujã.

3

Cõmo Hércoles et os rreys que o ajudauã [en]trarõ ẽno mar et aportarõ ẽno porto que soyam chamar Ssyra

Poys que o verão foy entrado, en que os prados soẽ enuerdeçer et as áruores tẽen follas et as aues começã a fazer seus cãtos, Ércoles nõ quiso fazer mays tardada, et enviou porlos rreys que o aujã de ajudar. Et elles chegarõ logo y. Et el entrou ẽno mar et cõ el tódoslos outros rreys. Et poynã toda sua força en singrar ao mar alto, quanto mays podía. Et andarõ tãto en pouco de tẽpo ata que uyrũ a terra que deseiauã. Et sabede que nũca virũ tã gran prazer, desque de Greçia seyrũ, cõmo quando virũ a çibdade de Troya. Et nõ quiseron aportar de día, por tal que os nõ vissen.

Et despoys que chegou a noyte, aportarõ ẽno porto que soyan chamar Syra. Et aportarõ tódaslas naos, todos juntados et enderẽçados. Et agisárõnos moy ben pera batalla, et basteçérõnos de armas et de beestarías et de dardos et de escudos et de pedras et de tódaslas cousas que aujã mester. Et enderẽçárõnos en tal maneyra que, sse ouuessen batalla cõ os troyãos et a nõ podessen sofrer, que sse acollessen a seus naos et se defendessen en elas. Et assy folgarõ aly toda aquela noyte.

Et quando virũ a luz, ouueron ontre ssy acordo et tomarõ cõsello, demãdando hũus a outros que faría. Et el rrey Poleus, que era dos mays entẽdudos et mays onrrados señores de aquela cõpaña, falou primeyro. Et moueu sua rrazõ en tal maneyra:

–Meus señores et meus amjgos, uós sodes os mellores caualleyros que eu sey en todo Greçia. Sodes moy rricos et moy poderosos. Et al uos quero dizer: mays ualedes en armas que tódoslos do mũdo, et sodes mays ardidos et mays leaes et esforçados et vrgu-

---

(e HT) sere uno. 40: HT t. de mal; RTC t. de mal q. ya por s. 41: AMS prouuese; RTC fablara. 42: RTC (e HT) naues. 43: HT et q.

Cap. 3. 1: ms. contrarõ; AMS entraron; RTC q. los a. entraron; HT os outros r. q. o avian de ajudar entrarõ. 2: AMS soyan; HT et cõmo ap. e. p. de Siria et fezeron todos seu cõsello cõ bõos et nobles que aly yã moy altos rreys et de moy grande poderio et de moy nobles coraçoes et moy orgullosos et ardidos. 3: AMS e KMP teen; HT depoys q. veẽo o v. en. 4: AMS facer; RTC c. de f.; HT c. de f. s. cantares...tardança. 5: HT et mãdou por aqueles que...logo moy apresa et el e. logo e. 6: AMS poyña(n); KMP poyñã; HT s. o mar. 7: HT p. tẽpo...vierõ aa t.; RTC en poca de hora. 8: HT n. ouverõ tam...vierõ aa ç. 10: HT p. a que. 11: RTC naues en az por la ribera del mar todas iuntadas et enderesçadas et aguisaronlas (HT mar ajũtadas). 12: ms. bẽestarias; RTC basteçieronlas...ballestas (id. HT b. moy bẽ de). 13: RTC (e HT) enderesçaronlas. 14: RTC naues; HT suas naues et que se. 15: HT aly aq. 16: AMS e KMP huus; RTC demandandosse. 16-17: HT c. pregũtãdo os h. aos o. 17: RTC far. Poleus; HT Et Pol. 18: HT et começou s. r. em esta m. 19: HT man. señ. et am. 20: RTC toda; HT toda...et pod. 21: AMS todolos; KMP urgullosos; HT t. omẽes do.

llosos et mays fidalgos et de mayor ualor que tódoslos que eu sey. Et tãto auedes cõquerido en terras estrayas que nõ sey home ẽno mũdo que por njhũa rrazõ açertar podesse pera cõtar quanta bõa terra et rrica uós auedes cõquista et destroyda per uossa bondade, et quantas batallas uẽçestes et quantos estrayos feytos auedes começados. Et nũca delles fostes maltreytos nẽ seeredes, se Deus quiser. Agora uos rrogo eu que, poys aquí somos de cõsún ajuntados, et nõ o sabe njhũ, que tomemos ontre nós tal consello que adugamos a atal çima nosso pleito, que daquesta vegada aiamos onrra et prez de tã grã feyto cõmo começamos. Et quérouos agora dizer tres cousas que todo home deue de catar et que cada hũ deue saber et poer en elas toda sua puña. Et a hũa he que tomemos vengança
Fol. 10 r et dereyto dos troyaos,// porque deytarõ d'aquí os gregos, que son os mellores homes d'ontre nós, et que somos todos de hũ linagẽ, ca o sseu mal et a ssua desonrra, nossa foy, et nõ ual nehũa cousa o que sse nõ sente. A segũda cousa he que rroubemos toda a terra et façamos en tal gisa que fique despoblada. Mays façámoslo en gisa cõmo nõ rreçebamos dãpno delles; ca elles, depoys que virẽ rroubar toda sua terra, gisarsse an de sse defender brauament et tomar vengança de nós, et punarã de nos prender et de nos matar se poderẽ. Esto sey eu ben. A terçeyra cousa he que, sse vençermos, que lles rroubemos todo o auer que an; et, se o assy fezermos, senpre ja mays seremos rricos mẽtre uiuamos, et toda nossa gẽeraçõ, et senpre Greçia mays ualrrá. Et des oymays nõ uos falarey en este pleito. Mays, senores, poys o día uẽ, ha mester que nos armemos et acaudillemos ben nossas gẽtes. Et façamos ben nossas azes, por tal maneyra et por tal rrecado que, se Leomedón a nós vẽer, que o vaamos logo ferir primeyrament, sen outro detẽemento, en gisa que el nõ nos teña por gẽte maa et sen rrecado. Agora, se uos prouuer, quen souber mays desto que eu, dígao, que eu nõ quero may[s] dizer.

4

Do consello que dou Hércoles; de cõmo partío as azes

Depoys que el rrey Peleus ouuo sua razõ acabada, leuãtousse Ércoles en pe et disso assy:

Aquj diz o conto que Agamenõ nõ tardou mays, poys as trégoas forõ fora. Et parteu suas azes en aquela maneyra que ueu que cõpría, et fezo Achiles yr ẽnos primeyros, et mãdou que Diomades, cõ toda sua cõpaña, fosse logo çerca del. Et sabede que este Diomades tragía sete mill caualeyros, moy bõos et moy ben gisados. Et erã todos de sua terra. Desy fezo logo seyr enpús deles a Menelao, seu yrmão, que leuaua outros sete mill caualeyros moy bõos. Depoys desto fezo seyr rreys et almirãtes et duques, cõ todas suas azes paradas et enderẽçadas pera grã feyto.

152

Títolo cõmo Éytor seyo da cidade com tódolos troyãos

Éytor nõ quiso mays tardar et seyo de Troya tã ben gornido que nõ uistes mellor. Et seyo cõ el seu yrmão Troylos. Et leuauã anbos vijt mill caualleyros, moy bõos et moy ben gornidos de quanto mester aujã. Et partirõ logo suas azes, et apostárõnas moy ben, et dérõnas a seus prínçepes, segundo cõmo aujã ordenado. Et passarõ logo essas oras todos fora das barreyras, et forõ jndo perla area, a sseu uagar, a hũus grãdes chãos que sse y fazía. Et estouerõ aly quedos. Et aly podería home veer aquel día de ánbalas partes moyta bõa caualaría et moyto orgullosa et moyto bõo elmo bruñjdo et moyta bõa lança et moytos bõos caualos preçados et de grã ualor. Et eu sey ben que, ante que o día passe,

---

les...afãagar; HT falagar. 37: AMS e KMP perteesçe. 39: HT mas dellos que...el et ca. 40: HT amado et mucho querido et...pr. et y. 41: HT dio et ca m. mas he avn de...q. est. f. el pl. asy en. 42: HT que fue e. pl. torn. 43: HT pues las.

Cap. 151. 1: HT c. de f. (que o. falta). 2: AMS aqui; HT p. que las. 3: HT cũplian et f. a Ach. 4: AMS cerca; HT Diomedes...açerca; RTF Diomedes. 5: AMS boos. 5-7: HT guisados despues destos. 7: AMS boos...feço; KMP boos. 8: HT duq. todos cõ sus.

Cap. 152. 1: KMP çidade; HT ssal. a la batalla cõ (titolo falta). 3: AMS caualeyros moy boos; KMP boos. 6: AMS e KMP porla...huus. 7: ms. veer; HT se faziã...pudiera. 8: AMS boo e. bruñido; KMP boo; HT mucho yelmo. 9: AMS e KMP boos; HT b. caualleros de grãt. 11: ms.

morrerã en esta batalla mays de mill caualeyros dos que están en aquela praça, da hũa 10
Fol. 63v parte // et da outra, de que moytas donas ficarã ueúuas et outras moytas farã grã doo.

Depoys que as azes forõ paradas ẽno cãpo, tódaslas donas et donzelas et burzesas da vila se parauã perlos adarues a mirar a aqueles que amauã, cõmo farĩã. Et a moy fremosa Elena estaua y estonçe, parãdo mẽtes a sseu amjgo. Et sabede que ela estaua moy pauorosa et ferament coydando, et dultaua moyto, que era marauilla. Et ela era tã fremo- 15 sa que ẽno lugar en que sijá esplandeçía todo en derredor da grã claridade de sua façe. Et en aquel día foy catada de moytos, et mostráuãna cõ os dedos os hũus aos outros, et pregũtando se vijân outra tã fremosa. En par dela sijá logo Políçena, filla del rrey Príamos, que era donzela moy aposta et de moy bõo tallo. Et sabede que estonçe nõ era menos fremosa que Elena. Desý chamáuãsse hũas a outras, et mostráuãsse cõ seus dedos 20 a sseus amjgos per u estauã. Et elas aujã os dedos longos et delgados et moy ben feytos. Et dezíã assý:

—¿Uedes alý hu está Pares et Éytor et Polidamas? Outrossý veede cõmo está coytoso por ferir. Çerto, nõ ha y al que o ferir nõ uaa. ¿Vedes que ben [lle] está o elmo et que ben lle están as armas? Sen falla, el he bon caualeyro et fardido et ben esforçado. 25 ¿Veedes? Daquela parte está a az de Troylos. ¿Vedes? Agora sal pera estoutra parte Deyfebus, seu yrmão. ¿Veedes que a çerca están os hũus dos outros? Agora nõ ha y al senõ ferir. Moyto deuemos a sseer pauorosas et coytosas, ca ueemos estar todas nossas uidas et nossa soúde et todo nosso ben et toda nossa alegría en tã grã balança, que cada hũa de nós deue a temer que seremos perdidas per morte das cousas do mũdo que mays 30 amamos.

Estonçe começarõ todas a rrogar moy de coraçõ aos déoses, et fezeron suas orações que os anparasse et lles mãtouesse os seus, que nõ rreçebessen morte, nẽ caessen en prigón. Aquí sse começarõ a chegar as azes de ánbaslas partes et demãdáuãsse per hũa tã grã saña que marauilla [era]. Et começousse a batalla et a uolta moy grãde et moy mara- 35 uillosa, en tal maneyra que daquela uez forõ y vijt mill pendões d'ourofreses et de çẽdaes, de caualeyros de grã gisa, abaixados pera ferir, que ja mays nõ serã leuãtados ata que todos seiã bañados en sange.

Alý chegou Éytor ẽnos primeyros, cõ toda sua cõpaña, moy grãde et moy bõa que tragía, et moy ben gornida. Da outra parte chegou Achiles, que tragía a deãteyra. Et tra- 40 gía y outrossý cõsygo todas suas cõpañas, que erã moytas et moy bõas et moy ben gornidas. Aquestes anbos sse ajuntarõ estonçe primeyro, ca elles anbos sse aujã grã saña et

---

dõo; HT f. ally biudas...muchas que farã. 12: HT et las donz. 13: ms. ãaqueles; AMS e KMP porlos. 15: HT et muy fier. c. et d. tãto que. 16: HT seyã rresplandesçia...de grãt. 17: AMS e KMP huus; HT el dedo los que la catauã a los o. preg. 18: ms. vĩjan...sĩja; HT uierã...seyã. 19: AMS e KMP boo. 20: HT ferm. nĩ paresçia peor que. 21: AMS por; KMP por...ela; HT delg. et nõ nudosos et deziã. 23: ms. vẽede; HT ot. ueedes. 24: ms. uãa...ben esta (AMS e KMP non corrixen); HT q. los...biẽ le esta. 24-25: HT yelmo et las a. 25: HT es el. 26: ms. vẽedes...ãaz; KMP (-a-) aaz; HT sal por esta otra. 27: ms. vẽedes; AMS D. seo...huus; KMP huus; HT q. cerca. 28: ms. sseer...uẽemos; AMS sser; HT deu. ser cuytosos et ca. 29: AMS saude. 30: AMS e KMP por; HT deue temer...muerte del m. de lo que. 32: AMS oraçoes; HT c. a rr. todas muy. 33: AMS seos. 34: AMS e KMP por. 35: ms. que marauilla et (AMS non corrixe); HT saña et com. la buelta. 36: AMS vijnte. 36-37: KMP çendaes. 37: ms. abaixados entreliñado; HT guisa para...ya mas nũca seran. 41: HT otr. todas. 42: AMS se aujan; HT pr. et ca. 44: ms. sẽer; AMS e KMP por (AMS non indica a repetición);

sse desamauã a desmesura. Et leixarõ correr os caualos a ssy, et dérõsse tã grãdes feridas per çima dos escudos que tragía que ja tã fortes nõ poderõ (nõ poderõ) seer que lles a forteleza podesse prestar, et passarõ as lanças da outra parte ata que enpeçarõ ẽnas lorigas moy bõas que tragía. Et quebrarõ anbas as lanças en peças, et elles anbos caerõ en terra dos caualos.

Fol. 64r Et aly sse // uolueron as azes todas, et começousse hũ torneo tã mao et tã brauo et tã forte et tã sen piadade que, en pouca de ora, forõ y despedaçados mays de vijt mill escudos et outros tãtos elmos et outros tãtos caualos de grã preço, de que os señores cayan mortos ẽnos prados. Et segundo Dayres dá testemoyo, en aquel día sse demãdarõ todos per tã grã saña que, en pouca de ora, forõ y tãtos mortos que era hũa grã marauilla de cõtar.

Mays Éytor ya ferindo de cada parte, fazendo moy grã destroymento, et ya desfazẽdo ben suas azes. Et sabede que Éytor os cofondía et os ya leuãdo moy mal. Et Éytor os atrauessaua et os uoluja et os fazía fogir todos. Et outrossy feríaos tã mal que desbarataua tódaslas azes, et fendía toda a batalla da hũa parte aa outra. Et sabede que o que lle aly nõ quería fazer carreyra, que de tal gisa o castigaua que, en pouca de ora, nõ auja meestre mester.

Et Achiles nõ folgaua per hu ya, que mataua quantos achaua ante ssy. Et andaua tã sañudo et tã brauo en aquela batalla que tódoslos troyãos fogía ant'el, assy cõmo fogẽ os sabugos ante o porquo brauo. Sabede que en derredor del estauã tódoslos chãos cubertos de mortos et de chagados, et moytos bõos caualeyros outrossy feridos et chagados, et moytos caualos feridos et espeçados, que Achiles auja mortos per suas mãos. Et el estaua en hũ caualo que fora de terra de Nabia, que era moy forte et moy ligeyro et moy corredor et de que sse el preçaua moyto et de que moyto fiaua; et andaua tã quedo ẽna sela que semellaua que aly fora naçido. Et estaua tã ben armado que, quenquer que o uisse, ben diría que ẽno mũdo nõ veería mellor formado caualeyro, nẽ de mellor pareçer en armas, nẽ mays atreuudo, nẽ mays fardido, et todo esplandeçía da claridade das suas armas.

Et el et Éytor tã fortemẽt se desamauã hũ ao outro que nõ podía mays, et todauja sse desamauã cõmo ẽemjgos mortaes. Et ẽno mũdo nõ cobijçauã cousa tãto cõmo tallarsse a cabeça hũ ao outro, et seu coydado et sua aguça era en topar anbos por mostrar suas forças et prouar seu poder et sua ualẽtía. ¿Que uos dyrey? Tãto andarõ et tãto sse buscarõ ata que toparõ anbos et, tãto que sse virõ et sse coñosçerõ, leixarõ correr os caua-

---

HT podiã. 45: HT et pusierõ...empestarõ. 46: HT lor. que erã m. b. et queb. amas en. 48: ms. mão; HT todas las a. 49: AMS vijnte. 51: ms. da t^{o}s; HT cayerõ. 52: AMS e KMP por; HT ora fincarõ y. 54: HT p. et f. 54-55: HT yua defendiendo bie. 55: HT mal Ector. 56: HT trauesaua...et Ector los firia. 56-57: AMS desbarataba. 57: ms. ãa; KMP de hũa; HT fendio la bat. de la otra parte et. 57-58: HT que al que nõ. 58: HT carr. de. 59: AMS mestre; HT men. maestro. 60: ms. nõ entreliñado; AMS e KMP por; HT Ach. folgaua...yua et ca mat. (falta et inicial). 61: HT el cõmo. 62: AMS porco. 62-63: HT est. los llanos delãte el cob. todos de. 63: AMS e KMP boos. 63-64: HT caualleros ardidos et preçiados auia y muertos por. 64: AMS e KMP por. 65: HT Nobia; RTF Nubie. 66: HT corr. de...et mucho f. 67: AMS nacido; HT que ally semejara nasçido. 68: ms. veeria. 68-69: HT no auia cau. m. form. nj m. paresçiete en. 69: AMS parecer. 69-70: HT ardid de las armas. 71: HT fuerte...vno a otro. 72: ms. cobijçauã; AMS eemjgos...cobijçaban; KMP eemjgos; HT se demãdauã cõmo...cobd. tãto c. tollerse. 73: HT las cabeças vno a otro...era de t. 73-74: HT su fuerça. 75: AMS

los o mays toste que poderõ, et tã grãdes feridas se derõ per meo dos escudos que os ferros et os pendões seyrõ da outra parte, et as lorigas fortes et preçadas forõ falssadas aquela uez. Mays Éytor puxou a Achiles per tã grã força que o lançou en terra, todo estordido, et tomoulle o caualo logo per tã grã saña que fora mao de toller, et deo a hũ seu donzel, a que dezíã Daldámides de Pira.

Estonçe leuãtousse Achiles moy uiuament, et meteo mão aa espada, et leixousse correr a el moy brauament, et deulle tã grãdes colpes que todo o abalou, en tal gisa que per pouco Éytor ouuera a yr en terra. Quãdo sse Éytor senteu malabalado, cõ grã saña que ouuo, meteu mão aa espada et deulle tã grãdes duas espadadas, per çima do elmo,
Fol. 64v que Achiles foy malchagado // et seu rrostro todo cheo de sange. ¿Que uos dyrey? De tal gisa se ferían que nehũa auẽtura nõ os podería partir, que hũ deles aly nõ fosse morto, se sse ontre elles nõ meterã. Et aly se mezclou hũ torneo tã duro et tã brauo et tã forte que nũca foy home que mays brauo uisse.

Da outra parte de Achiles chegaua Diomedes, moyto acõpañado, por lle acorrer. Et vĩjnã cõ el çento et quareẽta caualeyros moy preçados et moyto ardidos. Da parte de Éytor chegaua Troylos, seu yrmão, acõpañado doutros caualeyros que nõ erã peores. Et leixárõsse correr hũus aos outros et fórõsse ferir tã sen piadade que esto foy hũa grã marauilla. Aly veeriades quebrãtar moyta lança preçada et quebrar moyto escudo dourado. Aly ueeriades falssar moyta loriga dobrada et de grã preço, et as lanças passar da outra parte. Aly ueeriades dar grãdes colpes et moytas lançadas et moytas espadadas et sacar moytas almas dos corpos. Aly veeriades dar tamañas espadadas per çima dos elmos que fendíã as cabeças ata os dentes.

Troylos et Diomedes achárõsse anbos en aquel torneo et, tã toste que sse uirõ, leixarõ a ssy correr os caualos, et dérõsse tã grãdes feridas que sse derribarõ anbos en terra. ¿Que uos dyrey? Por sua maauẽtura ouueron todos este orgullo, que tã grãde era de cada parte. Éytor andaua perla batalla moyto aujuado et moyto ardido, dando moytas espadadas et moytos colpes synalados, et mataua dos gregos moytos caualeyros preçados, onde elles ouueron grã pesar et grã doo.

En este lugar forõ ajuntadas as azes, et começárõsse a ferir moyto sen piadade. Et aas uezes fogíã, et aas outras uezes tornauã, et amjũde justauã, et amjũde sse derribauã, et ameũde gãanauã, et ameũde perdíã, et ameũde se ferían atã fortemẽt que as armas nõ lle prestauã. En este torneo morrerõ de ánbalas partes seteçẽtos caualeyros, dos mellores et mays fardidos que y auja.

Aly chegou estonçe hũ rrey moy preçado a que chamauã Boetes, et era de parte dos gregos, et tragía seu escudo ẽno braço et seu elmo ẽna cabeça et sua lança ẽna mão, moy brauo et moy sañudo cõtra os troyãos. Et por seer mays coñosçudo tragía hũ pen-

---

connosçeron; KMP cõnosçerõ; HT amos et se...con. estõçe dex. 76: AMS e KMP por; HT dierõ de las lãças por. 78: ms. ãachiles; AMS e KMP por; HT vez et mas E. puso Achilles...lo echo en, 78-79: HT t. estendido. 79: AMS por...mão; KMP por; HT que le fuera. 80: AMS Daldamidos; HT donzel que; RTF Dodaniet del Pui de Tir. 81: ms. ãa; HT leuato. 82: HT grandes dos golpes q. lo. 83: AMS e KMP por; HT o. de yr a tierra. 84: ms. ãa; AMS e KMP por; HT a la su esp. 85: HT fue muy mal...rrostro lleno. 86: HT falta desde guisa se. 90: AMS vijñan; KMP vijñã. 92: AMS e KMP huus. 93: ms. vẽeriades. 94 e 95: ms. uẽeriades. 96: ms. vẽeriades; AMS e KMP por. 100: ms. mãa uẽtura. 101: AMS e KMP porla. 103: ms. dõo. 104: KMP ajuntados. 105: ms. ãas...ãas. 106: AMS gaanauan; KMP gaanauã...perdiã a a meũde. 111: ms. sẽer; AMS connosçudo; KMP

dón laurado a sseus synaes. Et auja y feyta moyta bõa caualaría en esta batalla, et fezo y moytas bõas esporoadas, que a pouco tenpo serã moy ben uẽgadas perlas mãos de Éytor, que he chaga et cofondemento dos gregos.

Et chegando assy aa batalla, cõmo uos ey dito, parou mẽtes a hũa grãde espessura et ueu estar Éytor, et Éytor a el outrossy; et tã toste que sse uirõ anbos, (et) leixárõsse a ssy correr os caualos, et fórõsse ferir ẽnos escudos, tã durament que as lanças forõ britadas. Mays Éytor, que era moy fardido et aujuado, tornou logo, sen mays tardar, et meteu mão aa espada, et foyo ferir tã sen piadade per sóbrelo elmo que lle tallou o elmo et o almófar et a cabeça ata os dentes, et deu cõ el morto en terra. Et moytos que este colpe uirõ, que estauã a derredor, tomarõ ende grãde espanto et grã pesar, ca
Fol. 65r era grã señor et moy poderoso et moy // preçado et hũ dos mellores caualeyros de armas que andauã en esta oste dos gregos. Et Éytor lle tomou o caualo, ca moyto era bõo et preçado; ca, segundo que diz o cõto, ualía mays de mill marcos d'ouro.

Archílogos, hũ caualeyro grego que era parẽt del rrey Hoetes, quando o ueu morto, tomou ende grã pesar et grã saña. Et começou de yr cõtra el en hũ moy bon caualo de España en que andaua, et foy ferir a Éytor ẽnos peytos, tã de coraçõ et tã brauament que lle falssou as mallas da loriga, et passoulle o cãbays et chagoo, en gisa que lle seyo moyto sange. Et a lança quebrou et cayeu en terra en peças, senõ Éytor fora aquela ora morto. Et Éytor, quando se senteu ferido, meteu mão aa espada et foyo ferir tã sañudament per çima da cabeça que lla tallou ata o onbro. Et mays de tres mill caualeyros de gregos uirõ este colpe, et tomarõ grã pauor et grã medo doutro tal. Et tomoulle o caualo perla rrédea cõ a mão destra, et metéoa logo ẽna mão sẽestra; et, pero el leuaua o caualo del rrey Oetes, nehũ nõ foy y ousado de llo toller. Et segundo que diz a estoria, nõ auja estonçe dous caualeyros mays preçados ẽno mũdo nẽ mellores en todas bondades.

Estonçe ajuntárõsse os troyãos, et cobrarõ coraçõ, et enderẽçarõ contra os gregos, et arrancárõnos do cãpo, et enpuxárõnos o mays que poderõ. Pero logo tornarõ, et forõ cobrados en seu lugar, ca chegou y logo Achiles, o moy bõo caualeyro et moy fardido et moy esforçado en armas et mays preçado et mays arrizado et mays orgulloso et mays nomeado que éntrelos gregos auja. Et cobrou o cãpo moyto agiña, et foy en esta batalla moy forte et moy brauo, et fezo moy grãdes marauillas. Et tã toste que chegou, foy ferir a Dorastalos, fillo del rrey Príamos, de hũa tã grã ferida que lle tallou a cabeça; mays porla sua morte rreçebeu el moytas lançadas et moytas feridas de dardos et de outras armas. Et pero dizeruos ey cõmo nõ foy chagado nẽ maltreyto nẽ agraueado en nehũa cousa, ca os troyãos, cõ pesar da morte de Dorastalos, fillo del rrey seu señor, fezeron hũa esporoada moy forte et moy danosa cõtra os gregos, en que lles fezeron grã dãno et grã morte.

Et Troylos, yrmão de Éytor, tã sañudo et tan brauo andaua en esta batalla, porla morte de seu yrmão Dorastalos, que era hũa grã marauilla. Et meteusse perla batalla hu

---

cõnusçudo. 113: AMS e KMP porlas. 115: ms. ãa. 119: ms. ãa; AMS e KMP por. 123: AMS e KMP boo. 125: AMS Hoetes; KMP Boetes. 127: KMP coraçõ. 128: ms. chagõo; AMS falsou. 130: ms. mãa. 131: AMS e KMP por. 133: AMS e KMP porla...seestra. 134: KMP (-B-)oetes. 137: AMS endereçaron. 139: AMS e KMP boo. 143, 146 e 150: AMS Dorastalus; KMP Dorascalos; RTF Do-

a el ueu mays espessa, dando grãdes espadadas, et fazẽdo golpes senalados, assy que nehũ grego nũca sse a el chegaua que del pagado sse partisse. Et ben armada sería a cabeça que aa sua espada se podesse defender. Pares, seu yrmão, andaua da outra parte tã sañudo et tã brauo que ẽno mũdo nõ podría seer mays, et per hu el chegaua moytos ficauã y mortos et malchagados. Polidamas, aquel caualeyro troyão, era y tã bõo que mellor nõ 155
podería, et quen y estouesse ben entẽdería que nõ era uello nẽ flaco, que os troyãos
Fol. 65v desbaratauã tã mal aos gregos que todos // (que todos) se bañauã en sange.

Esta cõtenda foy en este lugar tã braua et tã crua et tã aficada que toda a terra en aquel lugar jazía cuberta de mortos de ánbaslas partes. Mays o grã dãno et a grã perda foy dos gregos, et dyzeruos ey cõmo: aueo assy que ẽna oste dos gregos auía hũ rrey a 160
que dezíã Pratanor, et era rrey de Boeçia, et era dos mays rricos et mays poderosos et mellores que auía en todo Greçia. Et este era moy bõo caualeyro d'armas et moy fardido et moy orgulloso, et auía tal prez que era o mellor dos bõos. Et quando ueu que Éytor andaua fazẽdo aquelas brauuras que o cõto cõta, fereu o caualo das esporas et foyo ferir en trauesso. Et deulle hũa tã grã ferida de toda sua força et puxoo tã rrézeo que 165
deu cõ el en terra. Et poyslo derribou, quísolle tomar o caualo bõo [et] preçado que dezíã Galatea. Mays os seus pecados o fezeron ende traballar, ca Éytor, porque fora derribado, ouuo grã despeyto. Et leuãtousse moy sañudo et moy brauo, et meteu mão aa espada, et leixousse yr a el, et ferío cõ toda sua força tã brauament per çima do elmo que escudo, nẽ loriga, nẽ arma que trouxesse nõ lle prestou nehũa cousa, que todo o fen- 170
deu ata os dentes. Et deu cõ el morto en terra.

Aly rreçeberõ os gregos grã dano et grã perda et grã pesar, ca moyto era bon caualeyro et amado et preçado deles, et era tĩudo por defendemento et por escudo de sua liñagẽ. Et Éytor caualgou logo en seu caualo, et tomou o caualo del rrey Protenor, que ualya hũa grã cõtía. Et logo, sen mays tardar, entrou ẽna batalla, hu a ueu mays espessa, 175
moy felón et moy brauo et moy orgulloso. Et leuaua a ssua espada perigoosa, cõ que auía feyto grã dãno ẽnos gregos, et cada día coydaua mays a fazer.

Quando Achiles ueu que Éytor assy matara a el rrey Protenor, ouuo ende tal pesar et tal coyta que mayor nõ podería, et per pouco sse ouuera de matar cõ sua lança meesma, ca Protenor era seu sobriño et criároo de moy pequeno, ca era hũ dos homes do 180
mũdo a que el grã ben quería, et por ende nehũ home do mũdo nõ podería por el fazer mayor doo do que el fazía. Et os gregos o quiserã sacar do cãpo, et poserõ y toda sua força, mays nũca ouueron poder nẽ maneyra per que o tirar podessen. Et hũ rrey grego, a que dezíã Archelanos, poso y grãde affán porlo sacar, et mostrou y toda sua força et seu poder, et matou dos troyãos atãtos que mereçeu a auer grã prez et grã loor. ¿Que 185
uos dyrey? Os hũus porlo sacar do cãpo et os outros porlo defender, morrerõ en essa

---

roscalu. 150: AMS e KMP porla. 151: AMS espesa. 152: KMP pagado (-nõ-) partisse. 153: ms. ãa. 154: ms. sẽer; AMS e KMP por. 155: AMS e KMP boo. 157: AMS non indica a repetición. 160: AMS dizer uos; KMP aue(-n-)o. 161: RTF Boece. 162: AMS e KMP boo. 163: AMS e KMP boos. 165: ms. puxõo. 166: ms. bõo preçado; AMS boo preç.; KMP boo (-et-) preç. 167: AMS trauallar. 169: ms. ãa; AMS e KMP por. 176: ms. perigõosa. 179: AMS e KMP por. 179-180: ms. mẽesma. 180: ms. criarõo; AMS criaroo; KMP criaro o; HT (reaparece en) muy peq. et era. 181: HT a quien el mucho queria...pudiera. 182: ms. dõo; HT duelo que...et el et los gr. lo q. de grado s. 183: AMS e KMP por; HT que lo pud. leuar. Vn. 184: AMS archelanus; HT y tan grãt; RTF Archelaus. 185: ms. ãauer..lõor; HT mer. auer. 186: AMS e KMP huus. 187: AMS e KMP porfia; HT o. cer-

perfía da hũa parte et da outra a çerca de mill caualeyros, pero nõ poderõ fazer tãto que o corpo del rrey Protenor nõ ficasse no cãpo.

Et esto durou tãto ata que chegou ora de uéspera, et começou de anoyteçer. Et os troyãos, quando esto uirõ, cometérõnos tã de rrégeo que, per força, os enpuxarõ do cãpo, querendo ou nõ. Et fezéronlle uoluer as costas ata as tendas et, se a noyte
Fol. 66r tã agiña nõ uẽera, os da oste dos gregos rreçeberã y grã // perda et grã dãno, ca ferament er[ã] ja anojados et cãssados et malferidos. Et por ende ben creo que lles prouuo cõ a noyte.

Estonçe partírõsse cada hũa das ostes a ssua parte. Et aquelles que erã mays husados de gerras et de batallas et mays entendudos en seu feyto, tyrarõ do cãpo os seus, o mellor et mays passo et mays sen uergonça que poderõ, jndo todos ajuntados et nõ dando a entẽder que sse yan fogindo, nẽ cõ pauor dos outros. Et todos yan moy quebrãtados et moy cãssados do traballo grãde que aujã sofrudo, et todos yan coydãdo ẽno moy grã dãno et ẽna grã perda que aquel día rreçeberã. Et os troyãos, que aquel día ouuerã o mellor da batalla et que forã y moy bõos, yansse acollendo a ssua çibdade, moy passo et moy de cõtenẽt. Os de Greçia outrossy moujã cõtra suas tendas cõ grã pauor et cõ grã pesar, que nõ foy home deles que sse ende alegre fosse, nẽ de ssy ouuesse sabor, et mays temjã a Éytor que podería temer coyta de morte.

153

Cõmo os gregos ouuerom sseu consello sóbrela morte de Éytor

Depoys da batalla, seẽdo ja ben noyte, ante que nehũ dormisse, forõ ajuntados ẽna tenda de Agamenõ rreys et prínçepes et tódoslos señores et caualeyros nomeados que erã ẽna oste dos gregos. Et despoys que os Agamenõ ouuo juntados, leuãtousse en pe et disso esta rrazõ:

–Senores et amjgos, uós sodes os mellores caualeyros que ẽno mũdo ha, et mays rricos et mays preçados et mays nomeados do começo do mũdo acá, que ssabede que aqueles que ante de uós uẽerõ taes forõ et en tal gisa gardarõ seu prez et sua onrra que nũca forõ abaixados de nehũa gente estraya. Et grã falimento nosso seería sse aquela onrra que nos elles leixarõ por herdade mjgasse en nosso tenpo ou se a per nós perdessemos. Et por ende, senores, uos rrogo que, en tal gisa a gardemos nós, que nũca ela per nós mjge, ante traballemos de a enxalçar en quanto nós podermos. Et esto sabedes por

ca. 189: HT bisperas et comẽçaua (falta et inicial). 190: AMS e KMP por; HT q. uierõ c. muy de... puxarõ. 191: HT cuestas et tjrar las t. 192: AMS veera; KMP ueera; HT rresçibrã...daño et ca. 193: ms. era; AMS era ja anojadas et cansados; KMP era(-n-); HT erã. 195: HT partierõ. 196: HT en este f. tirarõlo del. 197: AMS Indo. 198-199: HT otros et todos yuã cuyd. 199: KMP coydando. 200: HT rresçibierõ...ouierõ. 201: AMS e KMP boos. 202: HT muy en c. et los. 203: HT dende.

Cap. 153. 1: AMS ouueron sseu conssello; HT agora dexa el cuẽto de ffablar de los troyanos por cõtar c. gr. 2: HT biẽ anocheçido. 3: AMS princepes; KMP ẽna a (-sic-) tenda; HT ay. a la t. 4: HT ovo todos ayũtados. 5: KMP rrazo. 6: AMS e KMP señores. 7: AMS sabede; HT mundo et sabed. 8: AMS ueeron; KMP ueerõ. 9: ms. sẽeria. 10: AMS mjngase...por; KMP por; HT en el nuestro...sy lo por. 11: AMS e KMP señores...por; HT g. lo g. 14: HT verg. en. 15: HT durar en.

que uoslo digo: nós auemos começado hũ grã feyto et cõuẽnos de meter en el mẽtes, en tal maneyra que nós sayamos cõ nossa onrra sen uergonça. Et en outra gisa ben sey que nosso prez et nossa onrra mjgará cada día, et nõ pode moyto durar, et en nehũ tenpo do mũdo nũca será feyta de nós rrenẽbrãça que nossa onrra fosse, se este feyto nõ acabassemos, et a terra et os lynágẽes onde nos vijmos será auiltada et desonrrada et perderá pera senpre a onrra que lle leixarõ nossos anteçessores. Mays, sse nós esto podermos acabar, per tódaslas terras que esto oyrẽ, gãañaremos grã prez et grãde onrra et todos auerán de nós rreçeo et grã medo. Et todo esto acabaremos nós se ouuermos de entre nós tirado hũ enbargo grãde et esquiuo que nós auemos. Et dizeruos ey qual: elles an por caudillo hũ caualeyro a que dizẽ Éytor, et he o mays forte et o mays brauo de que eu nũca oy falar, ca el he esquiuo et mortal a sobregisa, ca nõ ha y tal que ende aontado nõ seia, et o día d'oie nos ha mortos tres rreys per suas mãos, que cada hũ delles mere-
Fol. 66v çia seer // caudillo de tal oste cõmo esta. Por ende, amjgos, senores, ajamos cõssello cõmo tal enbargo cõmo este partamos d'ontre nós, ca, sse este traedor tirado for, acabaremos quanto quisermos; et se o nós ouuessemos preso ou morto, nõ dulto que tã toste nõ ajamos a Troya, ca este he aquel que nos ha cofondudos et maltreytos et escarnjçidos per moytas uezes; et, se os troyãos este perderẽ, estonçe perderã seu ben et seu esforço et seu mãtẽemento et seu castelo et seu defendemento; et aly peresçerã, et perderã todo o anparamento et acostamento et fiança et aujuamento; et aly peresçerá seu ardimento todo, et quebrarlles ha o coraçõ, ca este he seu caudillo et sua syna et seu synal et seu pendón. Et este he o que lles faz carreyras ẽna batalla et que os esforça et quebrãta os nossos, et sen el nõ podería nada, ca, sse foien, este os rrecobra, et, se son couardos, este lles dá ardimento et este lles faz creçer et auer et cobrar ẽna sua grã proheza, et, se lles cõteçer pressa, logo son liures per hũa esporoada que el faz. Mays quen uẽtura ouuesse que o podesse prender ou matar, ben creo que elles nõ porría o pe fora da uila, nẽ auerỹan cõtra nós esforço nẽ poder per nehũa maneyra, nẽ auerỹan poder de nos sofrer hũ día, ca tã grã descõforto et tã grã desasperança tomarã en ssy deste dãno tã mao que nõ seyría a batalla cõnosco. Et, posto que seyssen, nõ nos podería endurar. Et, señores, por esto ey por uós enviado, que cada hũ de [u]ós coyda sobre este feyto et que façades en gisa que metades en esto o ssiso et a força et a ssabedoría et todo uosso poder quando cõprir, en gisa que o ajamos preso ou morto. Et ben sey que, sse todos y traballar quisermos, nõ ha cousa que noslo possa estraeçer de morte ou de prigón. Se don Achiles, que aly está, oje en este día ouuera ajuda quanta quer, en tã grã coyta uj aquel caualeyro que tres feridas que lle el deu, fortes et desmesuradas, que,

---

16: HT seria. 17: AMS e KMP lynagees...vijmos; HT tierra onde. 18: HT nos este. 19: AMS e KMP por...gaañaremos; HT t. del mundo que. 20: HT nos grãt rresçelo...miedo de nos et. 22: HT cau. que d. E. el mas. 23: HT f. et ca...sobr. que nõ...e. desonrrado nõ. 24: AMS e KMP por. 25: AMS e KMP señores; HT e. et por e. am. et señ. 26: HT c. tamaño enbargo...este tirado. 28: HT T. et ca...maltraydos. 29: AMS e KMP por. 30: KMP mãteemento; AMS manteemento; HT mantenẽçia. 30-32: HT defend. ally parestra su ardim. 32: HT et les quebrãtara. 33: AMS esforza; HT p. ca este...carrera. 34: AMS nosos; HT nada nõ podriã...este rrec. 36: AMS e KMP por; HT contesca. 38: AMS e KMP por; HT poder contra nos en nig. 39: AMS des asparança; HT s. solamjente vn dia et ca...tomariã. 40: HT s. c. a la bat. et. 41: ms. nos (AMS e KMP non corrixen); HT esto vos he enbiado...de uos cuyde. 44: HT sy vos t. y biẽ t. quisieredes...estorçer. 46: KMP coyta yj. 47: KMP el ouuera. 47-

sen falla, el o ouuera preso ou morto. Por ende, señores, uos rrogo que façades, cras manãa, todo uosso poder por acabar este pleito et, tãto o demãdemos cada hũ per sua parte, que o caualeyro seia morto ou preso.

154

Cõmo rrogarõ Achilis que ouuesse coydado da morte de Éytor

Poys que Agamenõ ouuo sua rrazõ acabada, todos rresponderõ a hũa uoz que este era cõssello bõo et proueytoso. Et rrogauã aficadament a don Achiles que el ouuesse coydado et sofresse afán en esta demãda. Et el rrespondeulles assy:

—Amjgos, senores, deste feyto nõ me rrogedes nẽ me faledes y mays, que seede ben seguros que tã rrogado sõo ende que, sse, quantos meus amjgos et parẽtes aquí sodes juntados, fezessedes juramento que nũca Éytor per uós rreçebesse morte nẽ prigón nẽ outro dãno, ssabede que eu nõ me partería de fazer todo meu poder por auer del uẽgança do grã dano et do grã pesar que me ha feyto, ca este he o que me quebrãtou o coraçõ quando matou a Patróculus, que era a cousa do mũdo que eu mays amaua, nẽ porque
Fol. 67r eu sõo mays coytado // et serey ja en tódoslos días que eu ujua. Por ende nõ dultedes que eu nõ faça y todo meu poder, ca sse nõ pode partir en nehũa gisa de nõ seer a mja morte ou a ssua, ca tã grãde he o despeyto et a ssaña que del ey que todo meu coydado et mja fazẽda he tornada sobre este feyto, et meu penssar nõ he al senõ en catar tenpo ou lugar hu podesse tomar uẽgança do grã mal que me ha feyto; ca el seia ben çerto que meu penssar et meu poder nũca seerá en outra cousa senõ en catar maneyra per que o traga a morte, seu eu poder.

En esta maneyra falaua cada hũ dos caualeyros gregos que y síjan, et todos a hũa uoz ameaçauã a Éytor, et falauã en seu dãno. Mays eu sey ben, segundo creo, que, ante que elles o ajan morto ou preso, cõmo elles querían, ante fará taes esporoadas et taes feytos et taes entradas et taes caualarías que el meesmo tomará pauor en ssy, por matar dos mellores et mays onrrados et mays sabedores que éntrelos gregos ha, en gisa que senpre lles ende auerrá mal et tal dano de que sse doyan.

48: AMS e KMP manaa. 48: AMS e KMP por; HT tanto dem.

Cap. 154. 1: HT rr. a Ach. 3: AMS boo; KMP cõsello boo; HT era b. cõs. et...que el que o ou. 5: ms. sẽede; AMS e KMP señores; HT am. et señores...f. ya mas et ca. 6: AMS e KMP soo; HT b. çiertos que...et mjs par. 7: AMS por nos; KMP por. 9: AMS daño. 10: AMS patroculos. 11: AMS e KMP soo; HT cuyt. nj̃ sere en t. los d. de la mj vida por. 12: ms. sẽer; KMP nẽhũa. 15: HT f. et el. 16: ms. sẽera; AMS e KMP por; HT c. en man. 18: ms. sĩjan; KMP estaua man.; HT cauall. que. 19: HT menauazã. 20: HT ante el fara. 21: ms. mẽesmo; HT p. por sy en matar. 22: HT mej. mas. 23: HT les auerna tal.

155

Agora leixa o conto a falar desto por cõtar a quarta batalla

Agora diz o cõto que os gregos fezeron poer uelas por gardar ben suas ostes. Et mãdarõ a don Hulixas que uelasse aquela noyte, cõ mill caualeyros que lle derõ, moy preçados et moy bõos. Et os troyãos outrossy fezeron moy [ben] uelar sua uila, et poserõ rroldas moytas et moy bõas. Et os hũus tãgía comos et os outros pipas, et os que estauã perlos muros da vila, algũus deles deostauã et dezía moyto mal aos de fora.

Outro día de manãa leuãtárõsse todos et forõ a sseus tẽplos fazer seus sacrifiçios et suas orações, segundo era costume. Et poys esto ouueron acabado, armárõsse todos a grã pressa, et uestía suas lorigas, et poyna seus elmos, et gisáuãsse de yr aa batalla, et cobría os caualos de coberturas et de seus synaes. Desy caualgauã a pressa et tomauã seus escudos et suas lanças.

Et poserõ suas azes en tal gisa cõmo agora oyredes. Ẽna primeyra aaz seyo Éytor, et leuaua cõsygo os naturaes da uila. Et esta era aaz moy preçada et moy dultada. Desy seyo ẽna segunda aaz Eneas, cõ tres mill caualeyros de seus uassalos, todos moy ben armados, et quen lles ben mẽtes parasse assaz semellaría rrica aaz. Enpós estes seyo Pares, que era caualeyro moy de prol et moy fremoso, et yan cõ el os de Perssya, que el auja de acaudillar. Et esta aaz outrossy era moy grãde et moy bõa. Et enpús estes seyo Deyfebus et Polidamas et Troylos, et leuauã moytas cõpañas et moy bõas. Depoys desto seyo toda a outra gente en aaz, moy ben apostados et per grã rrecado. Et ẽna çidade nõ ficou rrey nẽ prínçipe que todos nõ seyssen aa batalla.

Outrossy da outra parte, os da hoste se armarõ moy ben, et partirõ suas azes per grã rrecado et per grãde entẽdemento. Et quen uisse quantos elmos et quantos escudos et quantos pendões et quantas synas et quantos caualeyros de lynagẽ, fardidos et esforçados, et quantas // bõas cõpañas tragía, ben armadas et ben apostadas, por grã marauilla terría onde tãta gente podería seyr nẽ seer juntada, ou qual seería a força ou o poder que os podería cõtrariar ou se lles defender.

Fol. 67v

156

Cõmo se começou a quarta batalla

Poys que os gregos forõ ẽno cãpo assy apostados cõmo auedes oydo, (et) os troyãos da outra parte fórõsse chegando, et começárõsse a ferir de saetas et de dardos. Et era as saetas tã espessas et os dardos que alançauã os hũus aos outros que semellaua

---

Cap. 155. 1: HT c. de f. 2: AMS põer; HT v. para g. 3: HT falta desde aquella. 4: ms. moy uelar; AMS boos (non corrixe); KMP boos...moy (-ben-) uelar. 5: AMS e KMP huus. 6: AMS e KMP porlos...alguus. 7: AMS e KMP manaa. 8: ms. orações (case parece oraçõos). 9: ms. ãa; AMS poyñan; KMP poyñã. 12: ms. ãaz; AMS ena. 13: ms. ãaz. 15: KMP lle. 17: ms. ãaz. 19: ms. ãaz; AMS e KMP por. 20: ms. ãa. 21 e 22: AMS e KMP por. 25: ms. sẽer...sẽeria.

Cap. 156. 4: AMS e KMP huus. 5: AMS enas. 6: AMS vijnte. 8: AMS e KMP porlos. 9: ms.

que chouja, quando choue moyto espesso. Ēnas primeyras feridas seyrō caualeyros moyto orgullosos da hũa parte et da outra, et forō ben vijt mill. Et abaixarō as lanças, et leixarō correr os caualos a ssy, et tã durament sse forō ferir que os mays deles ouuerō falssados os escudos et as lorigas et as lanças, et os pendões metudos perlos corpos. Et sabede que, desque o mũdo foy a acá, nũca ueu home torneo tã brauo nẽ tã duro, ca tãtos erã os que aly cayan mortos et os que erã malchagados que esto era grã marauilla. Et mao dia naçeu Elena pera os gregos, ca por ela son metudos en tal traballo et en tal perígoo.

Et andando en esto, topou Éytor cō Agamenõ. Et sabede que, desque naçeu, que nũca foy entrado en tã grã traballo, nẽ en batalla tã fera, nẽ en tã grã perígoo. Et don Éytor lle deu hũa tã grã lançada que lle falssou o escudo et a loriga, que era moy bõa et moy preçada, et deu cō el en terra. Mays pero nō o chagou, et escapou estonçe de morte, porque lle acorreu Achiles, que deu a Éytor tã grãdes tres espadadas per çima do elmo que llo fezo caer en terra. Et sabede que, sse a auẽtura nō ajudara Achiles, que carament o cōprara.

Eneas et Troylos et ben sesseẽta caualeyros preçados ou mays chegarō logo y en acorro de Éytor, cō suas espadas ẽnas mãos, et forō ferir a Achiles moy brauament, et aqueixáuãno tãto que, sse algũ acorro nō ouuera, lygeyrament podera perder a ujda. Mays depoys que home ẽno mũdo naçeu, nũca veu leõ, nẽ husso, nẽ porquo mõtés, nẽ outro ueado que sse tã brauament defendesse cõmo el, nen ha ẽno mũdo cousa que dizer podesse a ssua caualaría, nẽ a ssua proheza que aly mostrou, ca atã cruament et tã sen piadade os fería et chagaua et mataua que ben lles deu aquel dia a entẽder quanto ualya et quen era. Et ẽno mũdo nũca foy home que podesse coydar nẽ hosmar que hũ caualeyro soo per ssy defendersse podesse de tãtos et tã bõos cõmo o aly tijnã çerquado. Pero elles apressurárōno de tal gisa que lle fezeron do escudo dous pedaços et o elmo foy partido en quatro partes, et tódaslas armas britadas et desmalladas et todas desfeytas. Et tãto era o ssange que lle caya per moytas partes do corpo que nō era mesura. ¿Que uos dyrey? Tódoslos jogos forō postos a parte, ca Éytor foy trauar del, et prendeo per força, et sacoo do cãpo, mal seu grado.

157

Cõmo Diomedes liurou Achilis do poder de Éytor //

Fol. 68r

Qvando Diomedes ueu que Achiles era preso, ouuo ende grã pesar. Et fereu o caualo das esporas et foy topar logo cō Eneas. Et deulle tã grã lãçada que lle falssou o escudo, que era de synaes de ouro et d'azur et quarteyrões, et desmalloulle a loriga, et deu cō el en terra, et chagoo moy mal. Et dyssolle assy:

ãaca. 12 e 14: ms. perigõo. 17: AMS e KMP por. 18: ms. ãauẽtura. 20: AMS seseenta. 21: ms. ãachiles; AMS aachilis. 23: KMP beu. 24: AMS como. 28: ms. sõo; AMS por...boos...tijnan; KMP por...et boos...tijñã. 31: AMS e KMP por; HT (reaparece en) que le salia por. 32: AMS e KMP por; HT p. et ca...et lo apremio por. 33: ms. sacõo; HT et lo saco.

Cap. 157. 1: HT l. a Ach. que era preso. 2: AMS e KMP quando; HT D. oyo que. 5: ms. cha-

—Vós, onrrado cõssellador et grã priuado del rrey Priamos, grã noio rreçeberá oje o uosso señor quando uos vir perdido, ca el perderá en uós hũ lousyñeyro mao et desleal, que lle fará grã mĩga. Et cõsséllouos que nõ uefiades aa batalla hu eu ajo de andar, ca sabede que uos desamo quanto posso porlo mao cõssello et desleal que ẽno outro día destes a el rrey, en cõssellándolle que me fezesse mal. Et ben uos darey a ẽtender que fezestes mao siso, se outra uez vẽerdes aa batalla. Et sabede que por uosso mal o leixastes.

Et nõ catou mays por el, nẽ sse quiso y mays detẽer. Et leixousse yr o mays agiña que podo, cõ sua espada ẽna mão, aly hu Achiles leuauã preso. Et quando ueu que Éytor o tijña preso, ouuo tã grã saña que per pouco ensandeçera. Et alçou a espada et foy ferir a Éytor, per cima do escudo, de todo seu poder, et alcãçoo per çima do almófar et desmãchoo, que Éytor nõ tragía elmo, et fézolle hũa grã chaga ẽna cabeça. Mays Éytor nõ ficou por ende desmayado, enpero seÿolle Achiles de mão. Et por esto era moy triste Éytor, et, cõ a grã saña que ouuo, meteu mão á espada et deulle tã grã colpe per çima do elmo que deu cõ el do caualo en terra.

Et estõçe Troylos, que o(s) desamaua mortalment, desçendeu do caualo por lle tallar a cabeça. Mays Diomedes, que era moy bõo et moy lygeyro, ergeusse moy toste, cõ sua espada ẽna mão, et defendeusse moy ben. Et começárõsse anbos a dar moy grãdes colpes et moy pesados, cõmo aqueles que sabiã de esgrima et que erã moy bõos caualeyros et que sse desamauã moyto.

Et cõmoquer que a pressa grãde era, Achiles nõ sse parteu por ende do lugar, mays andaua buscando a Éytor, et Éytor a el. Et nõ tardarõ moyto que sse anbos acharõ et, tãto que sse uirõ, leixárõsse correr hũ a outro, et tã durament se ferían que sse falssauã et desmallauã as lorigas, enpero que erã de grã preço.

Quando Agamenõ ueu estar Achiles en tã grã pressa, ouuo ende grã pesar et puñou de lle acorrer o mays toste que podo. Et leuaua cõsygo çẽ caualeyros, de ataes que en tódaslas terras do mũdo serían tũdos por fardidos et ualẽtes. Et todos aujã grã prez et grã nomeada de bõos caualeyros.

Depoys desto chegarõ os grãdes señores da oste. Et os nomes dos que y chegarõ forõ estes: el rrey Menelao, et el rrey Hvlixas, et el rrey Polibetes, et el rrey Netólamos, et Palamades, et Estólenos, et el rrey Polidario, et el rrey Toas, et el rrey Nástor, et el rrey Tálafus, et el rrey Archalaus, et el rrey Talamõ, et el rrey Ajas, et Menesteus, o duque // de Arenas, que era moy bon caualeyro; el rrey de Cartãje, Elualos. Et diz a esto-

Fol. 68v

gõo; HT mal en el costado et. 6: HT pr. de rrey grãt en. rresçibiera. 7: HT oy uuestro...vos ouiera p. et ca perdiera. 8: ms. ãa; HT que fara...b. a do yo e de. 9: HT que el o. 10: HT rrey cons. 11: ms. ãa; AMS e KMP veerdes; HT venides a la b. ca sabed...lo dexistes. 12: AMS e KMP deteer. 13: HT pudo su. 14: AMS e KMP por; HT que a pocas. 15: ms. alcãçõo; AMS e KMP por çima...por çima; HT esc. a todo...et alçolo por. 15-16: ms. desmãchõo. 16: HT desmãchol ca E. 17: HT desm. pero salio A. de m. de Ector et. 18: AMS e KMP por; HT a la esp. 20: HT que lo des. (falta et inicial). 21: AMS e KMP boo; HT le cortar la...muy biuo et. 22: HT dar grandes. 23: AMS e KMP boos. 23-24: HT posados c. aq. que erã de bondat et s. muy biẽ de esg. et que se. 26: HT andauã... tardo. 27: AMS falsauan; HT et despues que...correr et. 28: HT et se desm. las l. mager que. 29: HT et q. 30: HT tales. 31: HT et por val. 32: AMS e KMP boos; HT nõbradia. 33: HT desp. destos lleg. todos los. 34: AMS Holixas; KMP Hulixas; HT lleg. son estos...Menalao...Necolamus; RTF Telepolus. 35: AMS Estolenus; HT N. Palomades et E. el; RTF Palamedes e Sthelenus. 36: KMP Menesteos; HT Archelaus...Monesteus; RTF Ascalaphus e Archelaus/e Telamon e Aïaus;/Menesteus. 37:

ría que este Elualos era moy fremoso caualeyro. Et chegou y outrossy Felistás, et Teseus, et outros caualeyros moytos et moy bõos. Et forõ per todos a çerca de sesseẽta, que o mays pobre et de menor poder deles era rrey ou cõde ou duque. Estes vijnã todos por 40 acorrer a Achiles, et metíãsse ẽna batalla hu era a espessura mays grãde, aly hu sse Achiles estaua cõbatẽdo.

Da outra parte chegarõ en acorro de Éytor moytos bõos caualeyros et moy preçados et de grã poder et de grã gisa. Et dizeruos ey quaes forõ: o primeyro que chegou y foy el rrey Póndolos, Apón o Uello, Dastros, el rrey Nástor, Caris, rrey Miçeres, rrey 45 Sanjas; Copesus, que era rrey de Larisa; Ontis, rrey de Frisa; Álcanos, que era rrey de Traça; el rrey Esteperis, el rrey Santipos, el rrey Rremus de Çizonja, Eufremios d'Alasconja, el rrey Serpedón, el rrey Eseus; Archílous, que era hũ dos fremosos caualeyros do mũdo; Filomenjs, que era nobre rrey et de grã poder; Pares, o moy fremoso, que era yrmão de Éytor; Antenor et seu fillo Polidamas. Outrossy chegarõ y os bastardos, 50 que erã dos bõos caualeyros et fardidos que ẽno mũdo aujã, nẽ mays gerreyros, nẽ mays ualẽtes en batalla.

Et aly se ajuntou hũ torneo tã duro et tã esquiuo que sería hũa grã marauilla de dizer; ca, desque o mũdo foy poblado, nũca foy torneo hu ajuntados fossen tãtos bõos caualeyros, nẽ tã onrrados, nẽ tãtas armas, nẽ tãtos gornimẽtos preçados et rricos que 55 aly forõ cõprados carament. Aly ueeriades moytos bõos elmos, rricos et dourados, cõ moytas pedras preçiosas. Aly ueeriades moytos nobres escudos et as lorigas dobradas de grã prez et de grã ualor. Aly ueeriades moytos bõos caualos cõ coberturas moy rricas et moy apostas, que nõ foy home que mellores uisse.

Et cada hũ destes caualeyros que de suso ey ditos, jurauã perla fe que aujã que 60 aquel día faríã cousas per suas mãos que senpre seeríã nẽbradas et gãañaríã prez de caualaría. ¿Que uos dyrey? Sabede que todos yan tã brauos et tã sañudos que ẽno mũdo nõ poderíã mays. Et leixarõ correr os caualos a ssy, et fórõsse ferir das lanças ẽnos corpos, tã durament et tã sen piadade que as lanças fazíã passar da outra parte. Et os hũus erã aly derrubados et os outros moy malabalados et os outros mortos et 65 outros malchagados. Et o ssange era ja tãto que tódaslas eruas jazíã tintas, et corríã grãdes rríos perlos prados.

AMS Elualus; KMP C. (-et-) Elualos; HT Atenas...cau. et el r. Cartagẽ et Erualus; RTF et li riches reis de Cartage e li beaus Eurialus. 38: AMS elualus; KMP Teseos; HT Orualus e. muy buẽ caualleiro...Filistas; RTF Philitoas. 39: AMS e KMP boos...por; HT t. çerca. 40: AMS vijñan; KMP vijñã; HT conde estos. 41: ms. ãachiles; HT ac. Ach. met. por la b. o veyã la mayor priesa contra ally o. 43: AMS e KMP boos. 45: AMS Pondolus...Dastrus; HT Pandalus...et Castrus...Paris rrey de M.; RTF Pandarus...Adrastus...Nesteus, li reis Caras, reis Merceres. 46: KMP Copesos...Alcamos; AMS Alcanus; HT Cupesus...Larisas, Cautis que era rrey...Alcamus; RTF Cupesus...Larise e li vertuos reis de Frise...Acamus. 47: AMS Santipus...remus...Oufremius; KMP Rremos; HT Esteperes...Rromus de Asonia, Eufremus de Lasonia; RTF Steropeus...Antipus...Cisonie,Eufemes de Liconie. 48: KMP Archilo(-g-)us...dos (-mays-) fremosos; HT Esedus et Archilagus...de los ferm. del m.; RTF Sarpedon...Heseus e li tres beaus Archilogus. 49: RTF Philemenis. 50: HT P. et lleg. 51: AMS e KMP boos; HT mũdo nõ auia...gerrero. 52: HT ualiẽte en la b. 54: AMS e KMP boos. 56: ms. ueeriades; AMS comprados...boos; KMP boos; HT c. muy car. et ally. 57: ms. ueeriades. 58: ms. ueeriades; AMS e KMP boos. 56-58: HT yelmos et coberturas muy rricas en los cauallos ally ver. 60: AMS e KMP porla. 61: AMS por...gaañarian; KMP por...gaañariã; HT nõbrados. 64: HT en los costados tã. 65: AMS e KMP huus. 65-66: HT mal aball. et la sangre. 66: KMP sange; HT yaz. ya tĩtas. 67:

Agamenõ víjña ẽnos primeyros, et quando ueu a el rrey Póndolos, que era de parte dos troyãos, et Póndolos a el, apartárõsse anbos a justar, et leixárõsse a ssy correr os caualos, et fórõsse ferir tã durament das lanças nos escudos que anbos caerõ en terra. Et leuãtárõsse logo moyto agiña, cõmo aqueles que erã moy uiuos, et meterõ mão aas espadas, et tã fortemẽt se ferían et tã sen piadade que esto sería hũa grã marauilla de cõtar. //

Fol. 69r Pares catou perla batalla et ueu a Menelao, et Menelao a el. Et quando sse uirõ anbos et sse coñosçerõ, leix[a]rõ correr a ssy os caualos, et fórõsse ferir de todo seu poder et de toda sua força. Et tã durament o ferío Pares que lle passou a lança et o pendón perlo escudo da outra parte, et nõ lle fezo outro mal. Mays Menelao nõ errou o colpe, et deulle tal lançada per çima de hũa adágara que tragía que lla falssou, et ao puxar foy Pares en terra do caualo. Et diz o cõto que ouuo ende Pares moy grã pesar, porque sse nõ podo encobrir que Elena o nõ uisse.

Et el rrey Hulixas et el rrey Dastrus achárõsse anbos, andando ẽna batalla, et fórõsse ferir das lanças ẽnos escudos, tan brauament que fezerõ as lanças passar da outra parte. Et leuauã os caualos o mais agiña que podían. Et Dastrus foy derrubado en terra. Et quando esto ueu Hulixas, tendeu sua mão et tomoulle o caualo, que era de grã prez. Et sabede que Hulixas era grego et Dastrus troyão.

Polibetes outrossy justou cõ Apón o Uello, que era troyão. Et deulle tal lançada per çima do escudo que deu cõ el en terra do caualo. Mays Apón sse leuãtou logo moy fardidament et, cõ grã saña, meteu mão aa espada. Et quiséralle coomear o que lle aujá feyto, mays nõ o podo acabar, ca Polibetes deu cõ as esporas a sseu caualo et foy a el, et deulle hũa grã lançada, et de tã grã força o puxou que deu cõ el en terra moy malchagado. Desy tomoulle o caualo, et leixoo jazer, et foysse.

Ẽna oste dos gregos aujá hũ rrey a que dezía Neutálamos, et era moy gordo, et encõtrou cõ rrey Archílous, que era troyão, et cõbateusse cõ el, et ferírõsse anbos tã mal et tã durament que nõ foy y tal que sse ende mal nõ sentisse. Et cõ grã saña que ouueron, seyrõsse d'éntrelos outros, et apartárõsse anbos, et começárõsse a dar tã grãdes feridas sóbrelos elmos que era hũa grã marauilla de veer, ca sse ferían per tã grã saña que, se os algẽ nõ partira, hũ deles ficara y morto. Mays a estoria nõ diz a fin de sua justa.

AMS e KMP porlos; HT gr. arroyos de sangre por. 68: AMS vijña...Pondolus; KMP vijña; HT prim. uio...Panderos...de la p.; RTF Pandarus. 69: AMS Pondolus; HT Pãderos a el et apartarõse...just. dex. 71: ms. ãas. 72: HT esp. tã f. et se. 74: AMS porla; KMP porla...a Menalao et. 75: ms. leixorõ; AMS connosçeron leixaron; KMP cõnosçerõ leixarõ. 76: HT puso. 77: AMS e KMP porlo; HT esc. a la o. p. nõ...mal et mas Menalao. 78: AMS e KMP por; HT d. vna tal. 79: HT ouo Paris. 80: HT nõ lo. 81: ms. anbos anbos (o 2º riscado); HT Adastary llegarõse a. (falta et). 82: AMS pasar. 83: AMS mays...derribado; HT Dastarus; RTF Adrastus. 84: HT tomo. 85: KMP Dastros; HT Adastarus. 86: HT et Polibetes...d. vna tal; RTF Polimenes...Ampon. 87: AMS e KMP por; RTF Ampon. 88: ms. ãa...cõomear; HT quis. cometer lo. 89: HT acabar et cogiose luego al cauallo et entro cõ el. 90: HT t. mal llag. 91: ms. leixõo; AMS dessy. 92: AMS ena...neutalamus; HT et en la...Neuculamos; RTF Telepolus. 93: KMP Archilo(-g-)us; HT encontrose cõ el rr. Archilagus; RTF Archilogus. 95: HT salierõ de entre ellos et. 96: ms. vẽer; AMS ueer...por; KMP por. 97: HT los alguno nõ p. alguno dellos fuera y m. mas en la e. nõ dixierõ la f. que ouierõ de. 99: HT P. que uio a Palo-

Et diz aquí Dayres que Polidamas veu a Palamades ẽna batalla, et fereu o caualo das esporas, et leixousse yr cõtra el a todo seu poder et a toda ssua força. Et tã brauament o foy ferir que hũa grã peça da lança cõ o pẽdón fezo seyr da lança perlo escudo, da outra parte, et a lança se lle fezo pedaços. Mays Palamades por esto nõ foy abalado nẽ ponto, et leixousse correr a Polidamas, et deulle tã grã lançada per çima de hũ escudo, en que tragía hũa agia d'ouro et o cãpo uerde, que o escudo lle fendeu per meo. Et pero que a loriga era dobrada et ben forte, desmalloa, et chagoo moy mal, et deytoo en terra, a el et ao caualo. Poys esto ouuo feyto, díssolle assy:

—Señor caualeyro, uós sodes moy bõo et moy fardido, mays, fe que deuo a meu señor, nõ me preço meos que uós, et des oiemays uoslo darey a entẽder cada que uos prouger. Et seede seguro que nũca uos en lugar veerey hu uos ascõda meu escudo.

Fol. 69v Outrossy el rrey Talamõ chegou aly et encõtrousse cõ el rrey Serpedón, // que era de parte dos troyaos. Et ouueron ontre ssy hũa justa grãde et tã sen piadade que marauilla [era], que tã toste que sse uirõ, tã durament sse forõ ferir das lanças que os escudos forõ fendidos, et as lorigas falssadas, et as lanças cõ os pendões entrarõ perlos corpos deles. Et caerõ anbos dos caualos malchagados. Et ouueron ende grã pesar moytos caualeyros que os uirõ, et fezeron por ende grã doo, que anbos erã caualeyros moy preçados et moyto amados dos seus.

158

Cõmo Achilis et el rrey Toas justarõ cõ Ẽytor et da prigiõ del rrey Toas

Aq[u]y diz o cõto que Achiles et el rrey Toas, que erã moy parẽtes, (et) acharõ Ẽytor andando ẽna batalla. Et tã toste que o uirõ, leixárõsse anbos correr a el, et fórõno ferir, et el a elles; et tã sen piadade sse fería que os elmos que tragía lles caerõ en terra das cabeças. Et sabede nũca no mũdo foy leõ, nẽ husso, nẽ porquo mõtés que tã brauament peleiasse cõmo aqueles peleiauã, ca sse derõ tãtas feridas en pouca de ora que o ssange lles seya per çima das mallas das lorigas. Et era ja tãto o sange que tódaslas eruas jazía tintas. Mays el rrey Toas escapou mal deste feyto, que ouuo a meatade dos narizes

---

mades que era buẽ cauallero y andar en la; RTF Palamedes. 100: HT yr a el. 101: AMS e KMP porlo; HT grãt partida de la l. et del p. f. salir por el. 102: HT p. et mas Palomades. 103: AMS e KMP por; HT p. ca dex. 104: AMS e KMP por. 105: ms. chagõo...deytõo; HT et mager que...desmanchola...mal en el costado et. 107: AMS e KMP boo. 107-108: KMP mays se(-y-) que deuo a meu señor, (-et-) nõ. 108: HT desde. 109: ms. sẽede...veerey. 110: HT Serpendo. 111: AMS troyãos; KMP troya(-n-)os. 111-112: ms. marauilla que (AMS non corrixe); HT piadat que tã. 113: AMS e KMP porlos; HT e. por los escudos et por los costados dellos. 114: HT ouierõ amos grãt p. muchos. 115: ms. dõo; HT uierõ fiz. por ellos grãt d. et ca amos.

Cap. 158. 3: ms. Aqy; AMS Aqy; KMP Aly; HT par. fallarõ a E. 4: KMP tan. 5: HT ferir el et Achilles et tã syn p. yelmos (sic). 6: HT cab. et de las feridas que se dierõ s. que n. el mundo. 7: HT pel. et ca. 8: AMS e KMP por; HT de las sortijas de las...tãta della salida que las. 9: HT deste

tallados. Et aquí prouarõ estes caualeyros anbos o grãde esforço de Éytor et a ssua ualentía, ca leuarõ grãde afán ẽno prouar. En tã grã barata forõ anbos, Achiles et Toas, que nũca foy home que os y uisse que coydasse que ende uiuos podessen escapar.

Mays el rrey Talamõ, de que uos ja dixe, foy [en] esta uolta malchagado, et leuárõno os seus por morto. Et quando aquesto uirõ os gregos fezéronsse afora et ben sesseẽta deles ou mays perderõ y estonçe as cabeças. Mays Antenor et Deýfebus chegarõ aly hu sse Éytor cõbatía, et prenderõ a el rrey Toas, et trouxérõno preso a Troya. Et el aujá grã coyta et grã medo, porque el rrey Príamos o desamaua moyto. Et Achiles et tódoslos outros de sua parte aujã grã pesar, et os da çidade aujã ende grã prazer et grãde alegría, et todos dezía que fezeran moy ben.

En aquela ora fezeron moytas justas de cada parte et moytos deles ficarõ y mortos et malchagados, ca assy sol cõteçer en tal pleito cõmo aqueste. Desy parteusse o torneo, mays logo se juntou outra uez, cõmo adeãt oyredes.

159

Cõmo o torneo fuy juntado outra uez

Logo aquela ora os caudillos de ánbaslas partes fezeron suas cõpañas afora, et acollérõnos a ssy, et pararõ cõmo de cabo suas azes, et começarõ o torneo outra uez, tã mao et tã espantoso que sería mao de cõtar. Et en este torneo ouuo mortos moytos bõos caualeyros et outros malchagados et derrubados dos caualos.

Pares outrossy andaua y moy brauo cõ seu arquo ẽna mão, et, porque o vijã da çidade, metía toda sua puña que o coñosçessen os gregos por sua caualaría. Et el tragía moy bõa cõpaña de moy bõos caualeyros, et todos tirauã de arquos torquíjs, et fazía moy grã dãno per u yan.

Fol. 70r Quando o ueu Menelao assy andar ẽna batalla, pesoulle // moyto, ca lle quería grã mal. Et tomou çẽ caualeyros dos mellores que podo escoller et poso toda sua força ẽno matar ou ẽno prender, se podesse, ou de lle fazer algũ grã dãno, en gisa que lle fezesse cõprar carament sua moller que lle tomara. Mays esto que el penssou era graue de acabar, pero fezo el y todo seu poder, ca moyto amjúde sse cõbatía por chegar a el et moyto sse traballaua por lle fazer dãno. Et Pares, que esto ben entẽdía, catou arredor de ssy et vío. Et dyssolle:

---

pleito ca ovo. 10: HT p. amos e. cau. el. 11: HT val. et leuarõ...pr. et en. 13: ms. foy esta (AMS e KMP non corrixen); HT et mas...fue en esta. 14: HT af. ya quanto et. 19: HT que lo fiz. 21: AMS pleyto; HT mal llag. et ca...c. este.

Cap. 159, 2-3: HT acogierõlas. 3: HT parando de...azes com. 4: HT s. graue de c. en. 5: AMS e KMP boos; RTC (reaparece en) et derribados; HT derribados. 6: HT P. a. y otr. mas brauo cõ su espada en la. 7: AMS quo connosçessen; KMP cõnosçessen. 8: KMP boos. 9: AMS e KMP por; RTC (e HT) faz. grand. 10: ms. quandõo; RTC Menalao (id. HT m. et ca); RTF Menelaus. 13: RTC (e HT) car. comp. 14: KMP a mj(-n-)ude; HT poder et ca. 15: AMS trauallaua; HT que bie lo ent. c. aderredor; RTC aderredor. 16: KMP dysso lles; HT dixo. 17: RTC (e HT) et guardatuos de. 18: ms. de-

—Fazédeuos afora et arredádeuos de mj, ca, sen falla, eu mataruos ey o caualo ou uos ferirey mal ẽno corpo; ca eu ben entẽdo o que demã[da]des. Et sse eu poder, uós rreçeberedes ende galardón et eu uos mostrarey cõmo sey tirar de arquo.

Et en dizẽdo esto, poso estonçe ẽno arquo hũ cadrillo moy forte et moy agudo. Et tendeu o arquo a toda sua força et tiroulle. Et ferio moy mal, et tã aqueixado foy daquela ferida Menelao que, per poucas, ouuo a caer do caualo. Et tã grã despeyto ouuo de cõmo Pares o ferira que quisera seer morto, et nũca auerá folgança ata que ende uẽgado seia. Et porque o sange se lle ya moyto sobeio, seyosse fora da batalla. Et atárõlle ben a chaga et, depoys que lla ouueron atada, acolleusse a hũ caualo rroã moy bõo que tragía.

Et tornousse aa batalla moy esforçado et moy brauo. Et seu talẽt era de tomar ante morte que nõ tomar uẽgança de Pares. Et vĩjnasse cõtra el o mays toste que podía. Et vĩjna cõ el el rrey Ajas, que desamaua mortalment a Pares; et vĩjnão moyto ameaçando, et tragía cõsygo todos seus uassalos, et andáuãno buscando perla batalla, et tĩjnã ollo a cada parte se o ueería, et ben dauã a ẽtender que grã sabor aujã de o achar et de lle buscar mal et dãno. Mays el, que os ben entẽdía, andáuasselles moyto alongando, tirãdo cõ seu arquo, et nõ sse achegaua a elles, onde elles aujã grã pesar et moy grã despeyto, ca osmauã que, sse a çerca de ssy o ouuessen, que o auerían preso ou morto.

Mays Éytor, que ben uira cõmo Menelao fora chagado et sse seyra da batalla et o ueu de cabo tornar atropelado cõ sua cõpaña, ben entẽdeu que vĩjña sobre Pares et que sse vengaría ben se podesse; et enderẽçou pera hu estaua Pares por lle acorrer, et cõ el ya Eneas.

Et diz o cõto que Menelao nõ fería de arquo, mays tragía hũ uenabre de açeyro moy forte et moyto agudo. Et ya cõtra Pares quanto o caualo o podía leuar et moyto aujuado pera o ferir. Et Pares estaua ja desarmado. Et tĩjña penssado de dar arrebato ẽnos gregos, sol que fossen desarmados. Mays seu penssar se lle ouuera de tornar en grã dãno, ca Menelao rremessou o uenabre que tragía et ouuéralle de dar cõ el tal ferida que o derribara en terra morto do caualo, se Eneas nõ rreçebera o colpe en seu escudo. Mays Eneas, quando veu vĩjr o colpe, cobrío a Pares do escudo, et rreçebeo en el, et
Fol. 70v colleo aa vila, // porque estaua desarmado.

Et cõ todo esto, anbos forã mortos, se Éytor lles nõ acorrera. Mays Éytor tomou

---

mãdes (KMP non corrixe); RTC (e HT) uos fare mal...ent. que demandades mal et. 20: RTC diziendol; HT et el diz. 21: RTC e HT quexado. 22: AMS e KMP por; RTC Menalao (id. HT ovo de c.); RTF Menelau. 23: ms. sẽer; RTC auer f. (id. HT que veng.). 24: HT salio. 25: AMS boo; KMP atara...boo; RTC e HT c. rruçio. 27: ms. ãa; RTC (e HT) torno...non dexar de tomar. 28: AMS vijnasse; KMP vijña sse. 29: AMS vijña...vijñano; KMP vijña...vijñã o; RTC e HT venialo. 30: AMS e KMP porla; RTC traya; HT traya c. sus...andaualo. 31: ms. uẽeriã; AMS tijñan; KMP tijñã; RTC a toda parte. 32: HT mal daño et mas. 33: HT se allegando. 34: RTC (e HT) si çerca...lo touiessen que. 35: RTC Menalao (id. HT et saliera). 36: ms. vĩjña (vĩjnã?); AMS vijñan; KMP vijña; RTC uenia; HT c. uenjr atropellado...venia s. P. por que. 37: AMS endereçou; RTC ueng. del si...end. por o (id. HT por do). 39: RTC e HT Menalao. 40: RTC (e HT) q. lo el c. pod. 41: ms. tĩjña (tĩjnã?); AMS tijñan; KMP tijña; RTC desarm. ca el solo era ya puesto de dar; HT para f. a Paris et Paris...des. ca era ya el sol puesto et estaua pensando de. 42: AMS sselle; RTC e HT o. a t. 43: RTC Menalao...o. a dar (id. HT retrayo/rremitio? el cauallo et lãçol el uenablo). 44: HT en el esc. 45: AMS vijr; HT uio el g. venir. 46: ms. ãa; HT acogiolo...p. seya des. 47: HT cõ esto...nõ los. 48: AMS

grãde afán en lles acorrer et defendeos moy ben. Et dyz o cõto que mill caualeyros bõos fezo aly fazer afora, et quareẽta deles fezo y ataes ficar que nũca ja mays auerán coydado de tomar armas nẽ de entrar en torneo, ca el os ya antepoẽdo cõ sua espada ẽna mão et yaos fazẽdo afora et puxando. Et todos per u el chegaua fazia ante el camjño.

Quando esto foy acabado, o día era ja fora et a noyte sse chegaua. Et todos sse fezeron afora hũus dos outros, ca todos erã ja moy canssados et moyto enfadados. Et quando Éytor esto ueu, ya perla batalla acollendo os seus et tragéndoos ante ssy. Et tornou cõ elles aa vila, et andaua dũ cabo et do outro cõfortãdo aos chagados, et dáualles moy bõos m[a]estres, que os penssassen das chagas.

Despoys desto tornousse ao paaço. Et chegárõsse a desarmalo moytas donas preçadas et moytas donzelas fremosas et rricas de grã gisa, et outro nõ. Et depoys que foy desarmado, ficou en hũ cãbays, que aquel día uestira nouo et fresco, et cobreu hũ mãto. Et paresçíãlle os synaes das mallas da loriga ẽna cabeça, et tragía tódaslas sobrẽçellas jnchadas. Et aquel cãbays era todo rroto et sen color, et estaua todo cheo de sange quallado et de outro sange fresco, que del sayã moy soltament; pero, cõ todo esto, nõ era el triste nẽ descõfortado per nehũa gisa. Sabede que as suas carnes erã todas quebradas et negras, et ben pareçía que nõ fora jogo o que aquel día passara. ¿Que uos dyrey del? Çertos seede que nũca Deus fez caualeyro tã ualẽt, nẽ tã fardido, nẽ de tã grã força que o en cãpo podesse sofrer nẽ endurar hũ por outro.

160

Agora leixa o conto a falar desta batalla por cõtar cõmo fezeron os troyãos

Depoys que Pares chegou aa çidade, foy logo veer a Elena. Et ela o rreçebeu moy ben et fézolle semellança de grãde amor. Et el mijsmo lle cõtou cõmo o derribara Menelao, et el cõmo o ferira do arquo, et cõmo lle cõ el cõteçera. Et Elena lle dysso assy:

—Amjgo, dígouos que nõ fazedes desagisado nehũ, ca entre uós anbos grã desamor he, et nõ he sen rrazõ. Et por ende gárdesse outra uez de uós [se] quiser, que mester lle he.

Depoys que Pares disso seus jogetes a Elena, Elena lle disso que quería yr veer a

---

diz...boos; KMP boos; HT biẽ dize. 49: HT af. quar. 50: AMS antepõendo. 51: AMS e KMP por; HT apuxando...fazienle cam.; RTC ant'el el cam. 52: RTC noche lleg. 53: KMP a afora huus; AMS huus; HT af. los vnos...enf. quando. 54: ms. tragendõos; AMS e KMP porla; RTC (e HT) acogiendosse a los. 55: ms. ãa; RTC (e HT) tornosse...a. del un. 56: ms. mãestres; AMS e KMP boos mãestres; HT que pens. 57: ms. pãaço. 58: HT rricas et grãt. 59: AMS canbais; HT ganbax nuevo que... vist. et cubrio. 60: RTC (e HT) s. de las sortijas de la. 61: RTC e HT era ya todo. 61-62: HT lleno de s. fresca que. 62: AMS saya; KMP esto õ era; RTC e HT salia. 63: AMS e KMP por; RTC e HT quebrantadas. 64: AMS parecia; HT pasarã. 65: ms. sẽede; HT çierto...fizo Dios.

Cap. 160. 1: RTC cuento de fablar; HT cuẽto de fablar (por...tr. falta). 2: ms. ãa...vẽer; RTC l. a ueer. 3: ms. mijsmo; HT le cato c. 4: AMS disso; RTC fer. de muerte et c. (id. HT cont. cõ el). 5: HT nõ le fagades desagisado...vos grãt. 6: ms. uos quiser (AMS e KMP non corrixen); RTC (e HT) rrazon por...uos si q. ca mester. 7: RTC e HT le sera. 8: ms. vẽer; KMP Elena disso;

Éytor. Et leuãtousse et foysse jndo perlo paaço. Et Éytor seyo a rreçebela et abraç[o]a moyto amẽúde. Et díssolle assy:

–Yrmãa, se oie uissedes os uossos maridos estar ẽna batalla, cõmo os eu uj, et uissedes cõmo entre ssy anbos justarõ et cõmo o hũ foy derribado et o outro malchagado, ben sey que, se lles ben queriades, grã pauor aueryades et grã pesar.

Et ela rrespondeu et disso:

–Sen falla, enpero que os nõ uj, nõ ey mayor medo ẽno mũdo ca de auer de cõteçer entre elles algũa desauẽtura. Mays Deus, porla sua merçee, uos queyra gardar de mal et de perígoo. //

161

Fol. 71r

Cõmo el rrey Príamos ouuo conssello sobre pleito del rrey Toas, que tijña preso

Dyz a estoria que el rrey Príamos mãdou chamar seus amjgos a hũa nobre et moy rrica cámara, que era laurada d'ouro et de pedras preçiosas, et estauã en ela estrados de moytos pãnos preçados. Et os que y forõ chamados son estes: primeyrament Éytor et Pares et Troylos et Antenor et Deyfebus et Eneas et Polydamas. Et depoys que y forõ ajuntados, el rrey falou primeyro. Et disso assy:

–Amjgos, nós tẽemos aquí a el rrey Toas. Et uós ben sabedes que, en toda a oste, nõ ha tres caualeyros tã gerreyros, nẽ tã ualẽtes, nẽ tã bõos, nẽ tã preçados. Et el uẽo aquí sobre nós por nos desherdar et nos deytar fora do rreyno, ou por nos matar ou destroyr, sse el podesse. Et poyslo nós en nosso poder tẽemos, quería saber de uós que cõssello dades de seu feyto, et se queredes que leuẽ del algo, ou sse queredes que o faça enforcar, ou que o faça desnẽbrar nẽbro et nẽbro, ou se me cõssellades de o mãdar arrastrar a caualos, et que sábeã tódaslas gentes et entẽdan que esto lle fezemos porlo desagisado que nos uẽerõ fazer, et outrossy que entẽdan que outro tal galardón auerán de nós, se a nosso poder veẽ. Et por esto auerán senpre de nós pauor et espanto grãde, et por esto perderán ardimẽto et ualẽtía et ualerã meos en armas, et perderã todaují esforço. Et nós seremos mays rreçeados et mays temudos.

RTC iug. Elena le...quer. ueer; HT jug. et El. le. 9: ms. pãaço...abraçõa; AMS porlo...abraçõa; KMP por lo...abraçõ a; RTC saliola a rreçebir et abraçar mucho; HT saly el a rresçebir et abrasçar mucho. 11: AMS e KMP yrmaa. 13: HT ouierades. 14: RTC falta et inicial. 15: RTC f. maguer que...m. que de (id. HT nõ los). 16: ms. merçẽe; HT des. et mas. 17: ms. perigõo.

Cap. 161. 1: ms. Priamos (repetido sobre a liña); RTC e HT s. el pl. 1-2: HT del...preso falta. 3: HT llam. a sus. 4: HT estranos. 5: RTC (e HT) llam. fueron e. 6: AMS Polidamas. 8: AMS e KMP teemos. 9: AMS e KMP boos. 10: RTC m. et destr. 11: AMS e KMP teemos; RTC e HT querria. 12: RTC (e HT) lieuen por el algo. 13: KMP cõsellades; RTC (e HT) lo mande desm. m. a mjembro. 13-14: HT cons. arrastrarlo a pies de cau. 14: RTC fazemos; HT esto que lo fazemos. 15: AMS ueeron; KMP ueerõ; RTC vin. a f. (id. HT otr. por que). 16: KMP vee(-n-); RTC (e HT) vinieren.

162

Do conssello que dou Eneas

Eneas, quando esto oyo, pesoulle de coraçõ et, ante que nehũ falasse, rrespondeu assy:

–Señor, quanto do meu cõssello, logo uos dyrey que nõ he ben que el rrey Toas seia morto nẽ maltrajudo por nehũa gisa, ca he home de grã poder et de grã fazẽda, et que ha moytos parẽtes et moytos amjgos; et se lles del tomassemos agora assy ujgança, nõ dultedes que, sse os gregos algũ de nós ouueren en seu poder, o que os dioses nõ queyrã, que lle outro tal nõ façã cõmo nós a este fezermos. Et uós ben sabedes que nós auemos aynda de auer torneos moytos et moy perjgoosos et moy fortes, et moyto amjúde. Et de cõmo o pleito uay nõ pode estar que nõ aja y presos de cada parte. Et se esta gerra dura sequer ata oyto dias, uós auedes y fillos et parẽtes et amjgos. Et, por desauẽtura, se algũ y for preso, darlle an morte mays crua et mays sen piadade que elles lle poderẽ dar. Et tal sería preso que nõ queriades uós que fosse morto nẽ maltreyto por outra tamaña casa de ouro cõmo esta he. Et, señor, eu creo que uos dou bon cõssello et são. Mays oyde o que uos dyrã estes señores, que taes son que querią uosso ben et uossa onrra, et por ela fazẽ et traballã cada día quanto poden.

163

Do cõssello que deu Éytor

Éytor, quando oyo o cõssello que Eneas dera, tornou cõtra el et díssolle assy:

–Eneas, dyssestes moy ben, et destes moy bon cõssello et moy são, et he agisado que uos creã ende. Et el rrey Toas seia moy ben gardado, que d'aquí a hũ mes ben po-
Fol. 71v demos // saber o cõssello que nos sobre este feyto será proueytoso; ca tẽpo nos fica pera tomar por el algo, se nos prouuer, ou pera o enforquar, ou espedaçar, ou pera lle dar qual morte quisermos, ou pera fazer del o que se nos antollar, ca nós nõ sabemos o que a uẽtura ha de fazer, nẽ o que ha de acõteçer ẽna batalla, ca lygeyra cousa he de hũ caualeyro seer preso. Veede uós se he mellor, se por auẽtura algũ de nós acõteçer de seer preso ou rretiúdo, moy de grado o dará por este. Et se esto nõ cõteçer, darnos an auer por el quanto soubermos demãdar. Et por esta rrazõ cõprenos moyto que o gardemos moy ben, cõmo a tesouro moy bõo de moy grãde algo ou de moy grã cãbeo.

Cap. 162. 2: HT cor. ante. 5: HT grãt guisa et q. 6: RTC si del a. a. t. u. (HT ag. t.). 7: HT gr. a alg. 8: HT que les otro...faremos; RTC faremos. 9: ms. perjgõosos; AMS perigoosos; RTC e HT fuertes mucho. 11: HT syq. ocho. 11-12: RTC et si por d. alg.; HT et sy por auentura alg. 12: RTC alg. ende fuere...podran (id. HT les). 13: RTC querriedes uos q. el fuesse...maltraydo (HT m. et maltr.). 14: RTC t. cosa; HT cosa...esta et s. yo biẽ creo. 15: KMP quer(-r-)iã; RTC señ. ca tales...querrian; HT s. et ca tales...querriã. 16: HT et tr. q. p. de cada dia.

Cap. 163. 2: HT dio. 3: RTC (e HT) diestes buen...guisado. 4: RTC g. ca daqui...bien lo pod.; HT g. ca de aqui. 5: KMP tenpo. 6: HT enf. o despeñar o para. 8: RTC e HT contesçer. 9: ms. sẽer p. vẽede...sẽer; RTC (e HT) veedes...de nos fuere preso. 10: HT an por el a. q. 12: AMS e KMP boo; RTC c. thes.; HT c. tes. et de muy buẽ algo.

164

Do que rrey Príamos rrespondeo sobre este feyto

El rrey Príamos, quando oÿo o cõssello que lle sobre esto dauã, rrespondeu assÿ:

–Todo esto que auedes dito, dizedes en elo grã uerdade. Mays os gregos son moy posfaçadores et derían que esto nõ o leixaramos de fazer senõ cõ couardiçe et cõ medo, et derían que somos ja tã espantados que nõ ousamos y al fazer. Pero cõmoquer que eu nõ quería que por nehũa [gisa] nos eles por taes touessen, todo este feyto leixo en uós et nõ uos seyrey de cõssello, nẽ de mãdado.

Et mãdou entõ que nõ matassen a el rrey Toas, mays que o gardassen moy ben. Et, sen falla, bõo cõssello lle derõ estes que o assÿ cõssellarõ. Et el fezo grã sua prol de os creer, ca, se o nõ fezeran, ante que o mes seÿra, podérasse ende moy mal achar et cõ grã pesar et cõ grã perda, assÿ cõmo adeãt oyredes. Estonçe partírõsse de alÿ et fórõsse pera suas pousadas.

165

Agora leixa o cõto a falar deles por cõtar cõmo Eneas et outros caualeyros forõ ueer a Écuba et aas outras donas que cõ ela sijãn et da fala que Écuba cõ eles fezo

Depoys que aquel cõssello foy partido, cõmo de suso oÿstes, Eneas et os outros caualeyros que cõ el esteueran forõ veer a rreÿña Ecuba et as outras donas que cõ ela sijãn. Et nõ erã tã poucas que nõ passauã per çẽto, ontre donas et donzelas. Et de quantas y erã nõ aujã y tal delas que nõ fosse fílla de rrey ou sua moller ou sua yrmãa. Et a rreÿña Écuba, que ferament era cortesa et sysuda, apartou logo a fala tres caualeyros de aqueles. Et se me algũ preguntasse quaes erã, eu llo dería, ca hũ era Troylos, seu fillo, et o outro Polidamas et o outro Eneas. Et falou cõ elles per grã peça, et dÿssolles assÿ:

–Señores, eu sey moy ben que nõ ha nehũ de uós que ata aquí se fezesse afora de querer prol et onrra de meu marido et mĩja, et ben sõo çerta que nos amastes dereytament et que nos touestes fe et lealdade cõpridament. Et agora esta gerra mõtou ja tãto

---

Cap. 164. 1: RTC e HT que el rrey. 2: AMS sobresto. 3: RTC (e HT) que dezides dezides. 4: HT porfazados...cobardia. 5: HT os. al. 6: ms. nehũa nos; AMS nehũa (cousa) nos; KMP que-r(-r-)ia...nehũa (-gisa-) nos; RTC querria...n. guisa nos; HT querria por n. guisa que nos...todo esto dexo. 8: RTC non lo m.; HT mando que lo nõ. 9: AMS e KMP boo; RTC aconseiaron. 10: ms. crẽer; RTC (e HT) fiziera...pud. muy. 11: RTC e HT p. todos de.

Cap. 165. 1: ms. uẽer; RTC c. desto a f. por; HT c. de f. desto por. 2: ms. ãas...sijãn; HT dueñas et de la f. q. auiã cõ ellas. 3: RTC e HT et aquellos cau. 4: ms. vẽer; HT cõ el rrey est. 5: ms. sijãn; KMP pouca...por; AMS por; RTC (e HT) seyan a una camara muy noble en que ella estaua et sabet que las dueñas que con ella seyan non. 6: AMS e KMP yrmaa; HT que fuese. 8: RTC e HT ca el vno. 9: AMS por; KMP por...disso lles; HT ellos vna grãt. 11: HT aqui le f. af. et de. 12: AMS e KMP soo. 13: RTC comp. ag. e. g. pujo ya; HT l. derechamiẽte ag. e. g. puxo ya. 14: AMS connos-

et he tã aficada que, por força, nos cõuerrá de coñosçer a quen de bõo coraçõ nos seruirá, ca diz o prouerbio antigo, que nõ mẽt, que o amjgo senpre se proua ẽna coyta. Et ago-
Fol. 72r ra sse chega a mayor coyta que sse nũca chegou, ca esta guerra se afica tãto // que agora pode pareçer o uosso amor et o uosso ben et o uosso bõo prez, que senpre gãanastes, et a grãde asperança que nós senpre en uós ouuemos; ca uós ben sabedes que el rrey todo sseu feyto leixou en uós, tãto poso en uós grã fiúza, ca ben entẽdo eu que sodes ataes que lle nõ cõuerría de buscar outros pera lle dar moy bõo cõssello. Agora ja ueedes que esta çerca he moy maa et moy peligrosa. Por ende uos rrogo, por Deus, que senpre ajades ende coydado et que penssedes y moyto, ca moy toste soen vĩjr grãdes auẽturas. Et por ende fazede moy ben gardar uossa uila de toda parte et nõ uos leixedes desherdar en uossos dias, et uosso ben et uossa onrra et uossa prol seerá en uós, et senpre os que de uós uẽerẽ serã onrrados et amados dos rreys que depoys de nós an de rreynar. Et se por auẽtura nós formos abaixados, os uossos ualrrã por ende menos et a culpa seerá en uós. Mays os dioses porla sua grã merçee ajan piadade de nós et nos mostrẽ prazer et uẽgança de quen nos uẽo tãto mal fazer a nossas terras et nos queren desherdar do que foy de nossos auoos et nos aquí tẽen ençarrados.

166

Da resposta que os tres caualeyros derõ aa rreyña Écuba

Poys que os caualeyros oyrõ sua rrazõ que lles a rreyña disso, dérõlle tal rresposta:

–Señora, nós ben entẽdemos que aquesta çerca he moyto esquiua et de grã perígoo et moy dultosa. Et ben veemos que este pleito pojou ja tãto entre nós et os gregos que nõ podería mĩjgar nehũa cousa ata que nós cõ elles seiamos mortos et uẽçudos ẽna batalla. Et se aos dioses prouuer, nós os faremos partir todos de aquí aontados et cofondidos, et defenderemos ben nossa uila, et liuraremos nossa terra dos ẽemjgos. Mays, se aos dioses nõ prouuer, nõ poderemos y mays fazer, ca todo jaz ẽno seu prazer. Et poys nós acó dentro tẽemos nossos corpos et nossas uidas et nossos thesouros et todo tẽemos metido en auẽtura, por ende nosso seerá o coydado de nos defender. Et sabede çerto que nós nõ leixaremos nehũa cousa de quanto nós podermos fazer en este pleito.

çer...boo; KMP cõnosçer...boo; RTC a qui de; HT convernia. 15: HT s. et ca...antiguo et nõ m. q. el amiga. 16: HT n. se llego. 17: AMS e KMP boo...gaanastes. 19: RTC (e HT) bien entendio que erades at. 20: AMS e KMP boo; HT cõuenia...c. et ag. 20-21: ms. uẽedes. 21: ms. mãa; HT p. et por. 22: AMS vijr; RTC suele u. grand desauentura; HT m. et ca muy t. puede v. muy grãt desauẽtura. 23: RTC nuestra...non nos; HT nuestra. 24: ms. sẽera; RTC nuestros dias...sera et demas sobre todos el prez et la onrra sera en uos (id. HT uuestros...sera demas). 25: AMS ueeren; KMP ueerẽ; RTC de los nuestros rreyes (id. HT de uenjr et). 26-27: ms. sẽera. 27: ms. merçẽe; HT uos et mas... p. de nos et de uos et nos; RTC p. de uos et de nos et nos. 29: ms. auõos; AMS e KMP teen.

Cap. 166. 1: KMP (-r-)resposta; HT a la dueña E. 2: RTC e HT oy. toda su. 3: ms. perigõo; KMP moyta esquiua. 4: ms. vẽemos. 5: RTC podra...m. o uenç.; HT podran...que cõ...m. o venç. 6: HT aqui desonrrados et. 7: AMS e KMP eemjgos; HT d. muy biẽ n. uilla de los en. 8: KMP poys aco; HT podemos mas f. et ca. 9: AMS e KMP teemos...teemos; RTC nuestra uida...todo lo ten.; HT uidas et nuestros bienes et n. 9-10: HT t. lo ten. en a. met. por. 10: ms. sẽera. 13: HT en la

Et depoys que acabarõ sua rrazõ, tornárõsse a falar cõ Elena, et estoueron falando cõ ela grã peça en praça. Et ela fézolles a todos moy bon senbrãt, que era moy cortesa et moy entẽdida, et deu a todos de suas dõas moy rricas et moy preçadas. Et elles todos cõfortárõna moyto et esforçárõna moy ben, que nõ ouuesse medo nehũ.

Et en quanto elles assy estoueron, Polidamas nũca falou palaura, pero que rreçebeu todas as dõas que Elena lle deu. Et pagousse moyto delas, et eu ben sey que, sse por seu querer fosse, que mays quisera rreçeber; mays nõ era seu talẽt dela, nẽ entre elles nõ ouuera cousa achada, nẽ semellãt mostrada, en que ouuesse uilanja, nẽ pleito en que nehũ home podesse trautar, nẽ en feyto, nẽ en dito. Et nõ era grã marauilla, que moyto he graue cousa de coñosçer, nẽ de penssar, do coraçõ allẽo o que coyda. //

167

Fol. 72v

Cõmo sse os tres caualeyros espidirõ das donas

Desque os caualeyros rreçeberõ suas dõas, Troylos foy beigar sua yrmãa Políçena, que era frol de beldade. Desy espedírõsse todos, et seyrõsse da cámara, et fórõsse ao paaço, hu todos aujã de comer cõ el rrey Príamos, que llelo aquel día deu francament. Et sabede que comerõ y aquel día cõ el tres mill caualeyros. Et se me algẽ pregũtar o que fezo Pares despoys de comer, eu lle dería que sse foy a ssua pousada pera Elena, et ja por esso nõ leixou de pesar ou de prazer a quen quiser.

168

De cõmo enterrarõ a Dorastolos et do doo que por el fezerõ

Djz o cõto que aquel día fezerõ todos os de Troya grã doo por Dorastolos, fillo del rrey Príamos, que Achiles matara, ca moyto era bõo caualeyro et forte et fardido et orgulloso. Et sobre todos seus yrmãos fazía mayor doo Ẽytor, saluo el rrey Príamos, seu padre, que o fazía por el tã grãde que nõ podería mayor. Et aquel día nõ foy y dona nẽ donzela que por el nõ fezesse moy grã doo. Et depoys que todo seu doo ouueron

---

plaza...s. et ca era; RTC semb. ca era. 18: AMS entre; KMP ontre; RTC (e HT) talante njn. 19: RTC fallada/fablada!...mostrado; HT fablada...mostrado. 20: AMS en dereyto et; RTC p. trauar... mar. ca m.; HT p. fauar en...era mar. ca m. 21: AMS connosçer...alleo; KMP cõnosçer; RTC (e HT) de cor. (a. o que c. falta).

Cap. 167. 1: HT se esp. los t. c. 2: AMS e KMP yrmaa. 4: ms. pãaço; RTC e HT dio muy fr. 5: RTC e HT alguno. 6: RTC e HT yo gelo. 7: RTC non deue? (lese mal) de; HT dexe.

Cap. 168. 1: ms. dõo; AMS Dorastolus; KMP Dorascolos; RTC Dorasculus; HT Dorastalus. 2: KMP per; HT d. que ffazie. 3: ms. dõo; AMS Dorastolus; KMP Dorascolos; RTC Dorasculus; HT fiz. los de...Derastalus; RTF Doroscaluz. 4: AMS e KMP boo. 5: ms. dõo. 7: ms. dõo...

acabado, mãdoo meter el rrey Príamos çerca de Casybelã, seu yrmão, en hũ moymento moy rrico. Et dizeruos ey qual. El era feyto de hũa pedra a que dezíã énichel. Et era tã clara que rreluzía de noyte assy cõmo se fosse de día, et cõ todo esso era moy dura. ¿Que uos dyrey? A sopoltura foy tã rrica que hũa marauilla sería de cõtar.

169

Agora leixa o cõto de falar dos troyãos por cõtar do pesar que os da oste aujã por el rrey Talamõ, que era malchagado, et por el rrey Toas, que era preso

Os da oste jazíã moy quedos et aujã moy grã pauor, que lles semellaua que seu pleito enpeoraua cada día en aquela batalla, ca forã dos seus moytos mortos et malchagados, onde elles aujã grã descõforto. Demays desmayauã moyto porque el rrey Talamõ era moy malchagado, et corríã todos a ueerlo aly hu jazía, et choráuãno moyto porque coydauã que morrerí[a]. Mays os m[a]estres o afiuzauã que, en pouca de sazõ, o guaresçería moy ben. Mays pero nehũ deles nõ era ende seguro, tãto vijã a chaga perigoosa. Demays erã moy descõfortados et aujã moy grã doo por el rrey Toas, que era preso; et, sen falla, ben coydauã que nõ podería seer liure de aquela prijón sen perder a cabeça.

170

Da gram coyta que aquela noyte sofrerõ os da oste porla braueza do tẽpo

Aquela noyte sofrerõ os da oste moy grã coyta et moy grã traballo en seu rrayal, ca a noyte foy moyto escura, et fezo trõos et lóstregos et uẽto moy forte, et chouja moy rrégeament. Et desque seyrõ de suas terras nũca tã grã coyta sofrerõ. En aquela noyte forõ moytas tẽdas et moytos tẽdillões rrotos et derribados. Et a tẽpestade durou ata que o día uẽo et, depoys que o día chegou, foy o tenpo tã mãsso et tã claro et tã bõo que mellor nõ podería.

---

dõo; RTC e HT duelo desp. 8: ms. mãdõo; RTF Cassibilant. 9: HT anjchel; RTF oniche. 10: RTC luzia; HT q. de n. luzia asy. 11: HT sera.

Cap. 169. 1: HT c. el pesar. 2: HT et...preso falta. 3: RTC e HT p. ca les. 5: HT a. muy grãt d. et desm. ya mucho...Tolomeo. 6: ms. uẽerlo; RTC (e HT) llorauan. 7: ms. morreriã...mãestres (KMP pon *sic*); AMS morreria...maestres; RTC morria; HT morria...poca sazõ. 8: ms. perigõosa; RTC mas ning.; HT g. biẽ mas nig. d. nõ erã e. seguros. 9: ms. dõo; RTC a. tant grand. 10: ms. seer; AMS cabeza; HT aq. priesa syn...cab. aquella noche sufrierõ esto et cõ el dia todo.

Cap. 170. 1: AMS gran. 2: HT porla...t. falta. 3: HT hueste muy g. tr. 4: AMS e KMP troos; RTC (e HT) tr. et relampagos et viento...llouio. 7: HT fue tienpo...et claro. 8: AMS e KMP boo; HT podria ser.

171

Agora leixa o cõto a falar do que fezeron gregos et troyaos por cõtar a quinta batalla //

Fol. 73r Outro día de manãa leuãtárõsse os da oste et começarõ de sse armar a grã pressa, et gisáuãsse pera vĩjr aa batalla. Et alý sse ajuntauã moytos bõos caualeyros et moy ben acõpañados et moy ben armados de moy bõas lorigas et de moy bõos elmos. Et tragía seus escudos enbraçados et suas lanças ẽnas mãos, et moytos deles tragía hũas azcũas grãdes et anchas de açeyro, linpas et cortadores cõmo nauallas.

Da outra parte seyan os de Troya, armados moyto apostament. Et tragía suas azes moy ben apostadas. Et vĩjnã moy deseiosos de fazer mal et dãno aos gregos.

O primeyro rrey que da oste seyo foy Achiles, et tragía cõsygo dez mill caualeyros, tã ben armados et tã ben apostados que lles nõ faleçía nehũa cousa. Et vĩjnã todos cõ seus escudos enbraçados et cõ suas lanças ẽnas mãos et ferament sañudos et orgullosos cõtra os troyãos. Et depoys destes chegaua Diomedes, que tragía moy grã cõpaña. Et depoys destes vĩjnã Menelao et Agamenõ, cõ grã cõpaña de seus uassalos. Et uĩjnã todos moy ben armados, et dauã moy grãdes uozes et moy grãdes gritos por meter mays espanto aos troyãos, a que querían grã mal. Et yan moy ben gisados de sofrer batalla et de fazer dãno a seus ẽemjgos.

Et agora uos dyrey cõmo esta batalla foy ajuntada. Achiles partíosse dos seus primeyrament et adeãtousse hũa grã peça. Et ya en hũ caualo que corría tã agiña que nõ auja arco nẽ baesta que tã agiña podesse lançar hũa saeta. Et o caualo era todo rrodado de mãchas, hũas tã brãcas cõmo a neue et outras tã negras cõmo azaueches. Et era moy lygeyro et moy ualẽt. Et diz o cõto que fora do rreyno de Loéns et custara grãde auer sobeio. Et el leuaua sua loriga moy bõa et moy preçada, et seu escudo ẽno braço, et sua lança moy grossa ẽna mão, que auja o ferro moyto agudo et moy tallador, et leuaua en ela hũ pendón de hũ çẽdal uermello, laurado moy rricament a seus synaes. Et começou de vĩjr cõtra os troyãos, agillando a mays andar, quanto o caualo o podía leuar.

Estonçe seyo escontra el Hupos, rrey de Larisa, que era tã grãde home et tã forte

---

Cap. 171. 1: RTC c. de f.; HT c. de ffablar...la buena bat.; AMS troyãos; KMP troya(-n-)os. 2: AMS e KMP manaa; RTC començaronse de a. (id. HT a muy grãt). 3: ms. ãa; AMS vijr...boos; KMP boos (repite et moy ben acõpañados); RTC se llegauan muchos; HT guisauã...se llegarõ muchos...muy aconp. 4: AMS e KMP boos; HT de buenas. 5: AMS azcunas. 6: KMP cortadoras (id. AMS como). 7: HT et de la...salia...Troya sus azes. 8: AMS vijñan; KMP vijñã; RTC azes bien...fazer daño; HT veniã des. de f. daño. 10: AMS vijñan; KMP vijñã. 11: RTC manos fier.; HT todos sus e. e.et sus azconas en las m. fier. 12: RTC tr. desp. del lleg.; HT et desp. del lleg. 13: AMS vijñan... uijñan; KMP vijñã...uijñã; RTC (e HT) comp. empos destos llegaua Menalao. 13-14: RTC vass. todos ven. bien a. et uenian dando muy; HT uass. todos...dando grandes. 14: RTC (e HT) bozes et gr. alaridos por. 15: RTC e HT tr. que. 16: AMS e KMP eemjgos. 17: HT ayũtado et Ach. 18: HT tã ligeramiẽte que. 19: RTC njn bestia que...rodado todo; HT l. la saeta. 19-20: AMS rodado. 20: RTC negras que mas non podrian ser et era; HT de muchas vnas tã...negras que mas nõ podria ser et. 21: KMP Loetis; RTC e HT Leutis; RTF Leütiz. 22-23: RTC en braço; HT esc. enbraçado et (falta desde aquí). 25: AMS vijr; RTC mas poder q. el c. pudia. 27: RTC contra el Vpas; RTF Hupot.

que semellaua gigãto. Et forõ anbos justar en meo de hũ cãpo chão. Et a justa foy moy forte et moy dura et moy sen piadade. Et Hupos ferío primeyrament a Achiles, et deulle hũa tã grã lançada que lle passou o escudo et a loriga et o canbax, et passoulle a lança cõ o pendón da outra parte, que tragía cõ synaes de ouro et negro a quarteyrões. Et Achiles foy tã malchagado que, per pouco, nõ ficou morto, et o ssange lle seyo tãto que chegou ata os pees. Et Achiles, cõ grã saña que ouuo, foyo ferir tã cruament et tã sen piadade que a loriga que tragía, pero que moy bõa era, nada nõ lle prestou. Et fézolle passar a lança et o pendón da outra parte per meo dos costados, et parteulle o coraçõ per meo, et deu cõ el morto en terra do caualo. Desy tomou o caualo, que era tã bõo et de tã grã preço que da hũa parte nẽ da outra nõ andaua mellor, et deo a hũ seu donzel que llo gardasse. Et aly foy morto el rrey de Larisa, et os troyãos ouueron ende grã
Fol. 73v pesar. Et ante que sse esta batalla parta, ante // seerá sua morte ben uingada.

Depoys que os troyãos uirõ que el rrey de Larisa era morto, cõ grã pesar que ouueron, leixárõsse correr aos gregos, todos en hũ tropel, et os [gregos] outro tal a eles. Et aly sse juntarõ as azes, et começárõsse a ferir tã sen piadade que logo, a pouca de ora, caerõ y mortos moytos et malchagados. Et os gritos et as uozes erã tã grãdes, et a uolta das feridas et das espadas, que esto seería hũa grã marauilla de cõtar. Et aly nõ aujá mercee nẽ piadade, ca erã mortaes ẽemjgos. Et esto ben pareçerá ante que a noyte ueña, ca assy seerá porlas justas que farã.

Ẽna oste dos gregos aujá hũ rrey de grã prez, et dezíãlle rrey Arcomenis. Et era natural de cõtra terra de Jndia. Et trouxo cõsygo a esta guerra mill caualeyros moy bõos et moy preçados. Et vijnã todos tã ben gisados de todos gornimentos que nehũ rrey nõnos podería mellor gisados trager. Et cõmo era bõo caualeyro de armas, aujá ende grã prez. Et tãto que ueu a Éytor, enbraçou seu escudo, et abaixou sua lança, et fereu o caualo das esporas, et leixousse yr a el a todo seu poder. Et foylle dar tal colpe per çima do escudo que a lãça et o pendón lle fezo seyr da outra parte. Et quebroulle a lança ẽna loriga, que era moy bõa. Et ben podera escusar esta justa, sse fora uẽtura. Mays Éytor, cõmo era ualẽt, por esso nõ foy abalado nẽ mouudo da ssela, ante foy cõtra el quanto o caualo o podo leuar. Et foylle dar tal ferida que lle passou o escudo et a loriga, et passoulle os costados de ánbalas partes, et deu cõ el morto en terra. Et desto ouuerõ moy grã pesar tódoslos gregos, et sabede que, sobre tódoslos outros, que aqueles que erã seus natur[a]es et seus uassalos tomarõ grãde afán et metérõsse a peligro porlo sacar de aly. Et ẽna çima tãto fezerõ que o leuarõ.

Diomedes chegou logo aly cõ seus uassalos moytos et moy bõos, et aly sse fezo

---

28: RTC llano. La. 29: RTC Upas; RTF Hupot. 30: RTC passo. 31: RTC lança de la o. con un p. que. 32: AMS e KMP por; RTC poco y non. 33: ms. pẽes; RTC que le llego fasta los p. Ach. 35: AMS e KMP por; RTC part. cor. 36: AMS e KMP por...boo; RTC tomol el. 38: RTC que lo g. et a. finco m. 41: ms. et os troyãos outro (AMS e KMP non corrixen); RTC correr los gr. t. en tr. et los troyanos otro. 42: RTC ayuntaron. 44: ms. sẽeria; RTC espadadas...contar ca alli. 44-45: ms. mercẽe; AMS e KMP merçee. 45: AMS e KMP eemjgos; RTC noche sea ca. 46: ms. sẽera. 47: AMS ena...Artomenis; RTC dez. el rrey; RTF Orcomenis. 49: AMS boos...vijñan; KMP boos...vijñã. 50: AMS e KMP boo; RTC non podia...armas et auya. 51: RTC prez tanto...e. el esc. et a. la lança. 52: RTC tal ferida por. 53: AMS e KMP por; RTC pendon fizo...quebrantol. 54: RTC si ouyera vent. 55: KMP ualẽt, nõ; RTC por esto. 56: KMP caualo podo. 57: RTC amas p. 59: ms. naturães (así en AMS e KMP). 60: RTC alli en la. 61: AMS e KMP boos; RTC se descubrio un. 64: AMS por...

hũ torneo moy duro et moy sen piadade, en que quebrauã moytas lanças, et falssauã moytas lorigas, et en que moytos caualeyros forõ mortos et malchagados. Et tãtos erã y os mortos que os uiuos nõ aujã ja per hu andar, senõ per sobre elles. Andando Diomedes en tal pressa, veo a el rrey Santipos, que era de parte dos troyãos. Et leixousse yr a el, et deulle tal lançada per meo dos peytos que deu cõ el morto en terra. Et os troyãos rreçeberõ ende grã perda, que o nõ podía tã lygeyrament cobrar.

Quando Éytor ueu que Santipos era morto, tomou ende grã pesar. Et leixousse yr a hũ rrey, a que dezía Palameus, et foyo ferir tã brauament que a lança lle fezo seyr da outra parte perlos costados. Et deu cõ el morto en terra. Et diz a estoria que Palameus foy hũ rrey de alende de hũ rrío a que dizẽ Justaros. Et foy moy rrézeo en esta guerra, et fezo moytos feytos grãdes per suas mãos, et fezera aynda mays, se o Éytor nõ matara.

Estonçe chegarõ aly de parte dos gregos dous rreys, que erã anbos yrmãos. Et anbos forã de hũa madre naçidos en hũa ora, et forã caualeyros moy preçados et moy ualẽtes. Et erã rreys de hũa terra moy uiçosa et moy rrica a que dezía Fásedes. Et trouxerã aa oste moytos bõos caualeyros // de seus uassalos, et moy ben gisados de caualos et de armas. Et a hũ destes dezía rrey Apítofus et ao outro rrey Çedios. Et aujã ontre ssy tã grãde amor que nũca foy quen mayor uisse, ca nũca en nehũ tẽpo do mũdo nehũ deles disso hũ ao outro palaura cõ que lle pesar fezesse, nẽ lle soubo negar nehũa cousa do que ouuesse. Et este rrey Apítofus andaua ẽna batalla moyto esforçado et moy fardido, et tragía en sua mão hũ uenabre claro, et tallaua cõmo hũa naualla. Et quando ueu en cõmo Éytor fazía grã dãno en gregos, leixousse yr a el perla grã pressa moy sañudo, et foylle dar tã grã colpe que o chagou tã mal que a ssela en que Éytor andaua ficou uermella do sange del. Et puxou quanto podo, mays pero nõ o podo derrubar. Et díssolle cõ grã saña:

Fol. 74r

—Uós nos fezestes gran dãno et grã pesar de moytos bõos caualeyros que nos matastes. Mays, sse eu poder, uós o(s) lazeraredes, que eu uos farey yr enpús aqueles que matastes. Et elles auerã grã cõforto, porque seerã uẽgados porla uossa morte.

Et Éytor, quando aquesto oyo, ouuo ende grã pesar. Et disso assy:

—Sen falla, caualeyro, ante que eu pus eles uaa, ante uós et outros trijnta taes cõmo uós seeredes da cõpaña destes que son mortos. Et agora ueeredes que a uossa ameaça uos ualrrá pouco ou nada.

Poys esto ouuo dito, alçou a espada et tã sen piadade o fereu per sóbrelo elmo que o deytou morto en terra do caualo. Et díssolle jogando:

---

por; KMP aujã por...por. 65: RTF Antipon. 66: AMS e KMP por. 67: RTC reç. y tal perd. que non. 69: RTC yr para vn r. que...tan cruamente que; RTF Alamenis. 70: AMS e KMP porlos. 70-71: KMP Palameos; RTC Palamenis; RTF Alamenis. 71: AMS Justarus; RTC un grand rrio; RTF Jotarus. 72: AMS e KMP por. 76: RTC Fosides; RTF Phocidis. 77: ms. ãa; AMS e KMP boos; RTC uass. muy. 78: KMP Apit(-r-)ofus (id. 81); RTC Epitroffus; RTF Epistrophus...Scedius. 80: RTC uno a otro. 81: RTC Epitroffus; RTF Epistroz. 82: RTC claro et agudo commo; RTF cler e trenchant come. 83: AMS e KMP porla; RTC d. a los gr. 85: KMP puxou (-o-) quanto. 87: AMS e KMP boos. 88: RTC uos lo lazdr. ca yo. 91: ms. uãa; RTC yo empos. 92: ms. sẽeredes...uẽeredes; RTC uos seguiredes la c. 94: AMS e KMP por. 97: RTC uos nunca. 98: ms. dõo; RTC Çedius...el

—Yde uossa uja et dizede a esses que mortos son que eu uos envío pera elles porque nũca uos amey.

El rrey Çidios, quando ueu que seu yrmão era morto, fezo por el grã doo, et ouuo ende grã pesar, que a poucas nõ foy morto. Et outrossy os seus uassalos aujã ende grã pesar et grã doo, et todos, cõ grã saña, enbraçarõ seus escudos et abaixarõ suas lanças, et andauã demãdando a Éytor perla batalla. Et diz o cõto que erã mill caualeyros, que nõ tijnã mẽtes senõ por Éytor, et atãto andarõ ata que toparõ cõ el, et cometérõno moy brauament. Et aly rreçebeu Éytor moytas lançadas et moytas espadadas, et tãto mal sofreu que, en pouca d'ora, fora morto ou preso, se lle Eneas nõ acorrera. Mays Eneas chegou logo et tragía cõsygo seteçẽtos caualeyros de taes que ben derõ a entẽder aos gregos que por seu mal aly uẽerã. Estes todos entrarõ per meo dos gregos atropelados, et começárõnos de ferir tã cruament et tã sen piadade que, en pouca de peça, ficarõ y deles moytos mortos et malchagados. Et aquí se uolueu ontre eles hũ torneo moy cruu et moy mortal.

Andando Eneas en este torneo, topou cõ el rrey Anfímacus, que era grã señor et moy rrico et moy ensynado et moy loução. Et foyo ferir de hũa azcũa tã fortemẽt que logo deu cõ el morto en terra, et seu linagẽ et seus uassalos fezeron aly por el grã doo. Et dyz Dayres que el nõ auja fillo nẽ herdeyro, et por ende seu rreyno foy depoys cofondido et destroydo.

En aquela pressa estando, el rrey Çedios cõ seus uassalos et cõ toda sua gente acoytauã et feríã Éytor, tã sen piadade que marauilla era, et penssauã de o chegar a morte.
Fol. 74v Et ben // paresçía que Çedios aujã grã voõtade de vingar a morte de seu yrmão. Et quando ueu Éytor assy estar óntrelos seus, ben coydou que seu deseio acabado era. Et tã rrégeament o cometeu aly que Éytor foy en terra do caualo. Mays leuãtousse moyto agiña et, cõmo era moy ardido et vrgulloso et ualẽt, estaua en meo do cãpo cõmo porquo mõtés ontre os sabujos, et liuraua o cãpo en derredor de ssy, que sse nõ chegaua nehũ a el. Mays enpero eles aujã tã grã voõtade de tomar del uẽgança que nõ aujã del nehũ pauor, nẽ el deles tãpouco. Et, sen falla, se o eles ferirã, cõprárãno moy carament. Estonçe el rrey Çedios disso cõtra Éytor moy sañudament:

—¡Ay, cã mao rrauioso! Çerto, nõ seerá mays uossa uida, et aquí morreredes agora, et tomarey uĩgança da morte de meu yrmão, et cõpraredes agora moy carament o que nos auedes feyto.

Et leixousse yr a el moy sañudo, et alçou a espada, et foylle dar tã grã ferida per çima do escudo que a broca et os crauos lle derribou, et hũ canto do escudo logo foy en terra. Et alçou outra uez a espada, et foylle dar outro colpe per sobre o uisal, mays

---

tant grand; RTF Scedius. 99: KMP outrossy seus; RTC ende tant grand...auyan del grand. 100: ms. dõo. 101: AMS e KMP porla. 102: AMS tijñan; KMP tijñã; RTC tanto. 106: AMS ueeran...por; KMP ueerã...por; RTC vinieron. 108: ms. crũu. 110: ms. parece case Anfimatus. 111: AMS azcuna; RTC tant reziamente que. 112: ms. dõo. 113: KMP djz. 115: RTF Scedius. 116: RTC f. a Ector...lo echar a. 117: RTC grand talante de. 118: RTC uio a E. 119: RTC mas el leu. 120: AMS orgulloso. 121: KMP liurara; RTC entre sab. 122: RTC non auya del. 124: RTF Scedius. 125: ms. sẽera; KMP mao (-et-) rrauioso. 126: RTC ag. car. 128: AMS e KMP por. 129: RTC luego cayo en. 130: AMS e KMP por; RTC la nasol. 131: RTC reboluio. 133: KMP escapades, ficarey. 135: RTC

a ferida nõ foy nada, ca a espada se lle uolueu ẽna mão, senõ Éytor fora malchagado. Estonçe disso Éytor cõ grã saña:

–Sen falla, se uós deste pleito assy escapades, eu ficarey aontado et cofondudo.

Estonçe enderẽçou cõtra el, et alçou a espada, et foylle dar tã grã ferida que lle cortou o braço et os costados ata a çintura. Et Çedios caeu logo morto en terra. Et quantos aly estauã que uirõ aquel colpe ficarõ todos espantados, et fezéronsse todos afora, et dérõlle uagar jaquanto.

172

Cõmo Éytor fuy colpado ẽno cauallo et cõmo o torneo fuy uolto outra uez

Depoys que el rrey Çedios foy morto, Eneas chegou logo a Éytor, et fézoo sobir ẽno caualo. Et aly se começou hũ torneo moy brauo et moy fero. Aly chegou logo Pares cõ vijt mill caualeyros perssiãos, que tragía moy bõos caualos et moy ligeyros; et Poljdamas outrossy, que era moy bõo caualeyro et moy preçado. Et vijña cõ Antenor, seu padre, et tragía suas cõpañas moy bõas et moy ben gisadas. Deyfebus, seu yrmão, outrossy logo aly chegou, et tragía sete mill caualeyros de seus uassalos, moy bõos et moy ben gisados. Et estes todos acorría a Éytor.

Da outra parte dos gregos chegaua el rrey Menelao, que tragía cõsigo grã cõpaña et bõa de seus uassalos. Et el rrey Ajes, et Olixas, et Carges, et Diomedes, et el rrey Archelaus, et el rrey Macaín, et Agamenõ, que era moy sisudo caualeyro. Et todos tragía cõssigo quantos auer podía.

Et poys aly chegarõ et forõ todos ajuntados, aly foy grãde a pressa et o mezclamento, et o torneo foy comunal, et estaua en peso, et foy moy ferido de cada parte. Et morrerõ y moytos bõos, que y morrerõ rreys et duques et cõdes et outras grãdes cõpañas. Et en gisa se uolueu o torneo que seys ou sete uegadas forõ os gregos tirados afora et outras tãtas os troyãos, et per tal passauã todos. Et segundo cõta Dayres, duraro en aquesto ata ora de meodía. Et os gregos se tirarõ estonçe afora, et juntárõsse en hũ lugar, et pararõ as azes outra uez cõmo de cabo. Desy forõ ferir os troyãos tã
Fol. 75r brauament que lles // fezerõ leixar o cãpo, mal seu grado, et fezérõnos entrar perlos carreyros da çidade, que erã estreytos et auessos. Et por ende nõ podía per elles entrar sen grã seu dãno, et moytos deles morrerõ porla pressa, que era grãde.

Et djz o cõto que Achiles andaua en esta batalla moy brauo caualeyro, cõ sua espada ẽna mão, et fazía grã dãno ẽnos troyãos. Et vjo hũ rrey moy rrico et moy onrrado,

---

cost. todos fasta el ombligo et Çedius.

Cap. 172. 1: RTC fue cobrando en el. 3: ms. fezõo. 5: AMS vijnte...boos; KMP boos; RTC traya. 5-6: AMS Polidamas. 6: AMS boo...vijñan; KMP boo...vijña. 7: RTC Dieffebus. 8: AMS e KMP boos. 10: RTC Menalao; RTF Menelaus. 11: AMS Ajas; RTC Aias et Ulixas et C.; RTF Aiaus, reis Ulixes, d'Arges li proz Diomedes. 12: RTC Matoan; RTF Machaon. 14: KMP grãdes. 15: RTC mezcl. el. 16: AMS e KMP boos; RTC muchos ca y. 18: AMS e KMP por. 19: RTC ayuntaronse. 21: AMS e KMP porlos. 21-22: RTC f. meter por las carreras. 22: AMS e KMP por; RTC estrechas et auiessas...ellas. 24: AMS diz. 26: AMS cofremus; RTC onr. que...Euffremus...tollio; RTF Eufe-

a que dezía el rrey Cofremos, et deulle tã esquiuo colpe cõ a espada que lle tallou a cabeça et o auãtal da loriga, et deu cõ el morto en terra.

Et el rrey Príamos, quando esto soubo, ouuo ende grã pesar. Et esso meesmo Éytor, aquel que senpre foy ardido et orgulloso et arrizado et que senpre ouuo prez et señorío sobre todos en armas, quando ueu os seus desbaratados et fora do cãpo, tã grã pesar ouuo ende que a poucas nõ ensandeçeu. Et meteu mão aa espada, et foy ferir ẽnos gregos moy sen pauor, et tã durament os fereu que logo aly leixou mortos dous rreys que erã moy fortes et moy rricos et moy poderosos en seus rreynos. A hũ dezía Elpinor, sseque de Labanor, et ao outro rrey Dornis de Setelía. Estes uirõ a batalla por seu mal, que nũca ja yrã a suas terras. Estonçe esforçou moyto aos seus et cobrarõ o cãpo, et el et tódolos seus outrossy leuarõ y moy grãde affán aquela uez, et gãanarõ y grã prez aquel día.

173

Do acorro que chegou aos troyãos do rrey que tragía o Ssagitario

Estando a batalla en tal peso, chegou aa çidade hũ rrey moy poderoso a que chamauã Pitroflés d'Alisonja, et era moy bõo caualeyro et moy leterado en tódalas artes. Et quando lle cõtarõ cõmo os gregos tĩjnã en barata aos da çidade et do dãno que ja os troyãos aujã rreçebjdo, pesoulle moyto. Et logo, sen outra tardada, pedeu as armas et mãdou armar os seus, que erã tres mill caualeyros ou mays de seus uassalos, et seyrõsse logo fora da uila. Et este rrey tragía en sua cõpaña hũ Sagitario, que era moy brauo et de tal feytura qual uos agora quero cõtar.

174

Das feyturas do Ssagitario

Djz o cõto que este Sagitario era delo enbíjgo a fondo todo (todo) feytura de caualo, et era tã ligeyro et tã corredor que nõ ha cousa que lle fogisse, nẽ outra que o acalçasse. Et do enbíjgo a çima, ẽno corpo et ẽnos braços et ẽno rrostro, todo aujã feytura de home. Mays era tã laydo et tã desaposto que esto sería hũa grã marauilla de cõtar, ca el nõ andaua uestido, mays todo era cabeludo cõmo besta. A façe del era uermella cõmo

---

mis. 28: ms. mẽesmo; RTC (falta et inicial) ouo del grand. 31: ms. ãa; RTC pocas ens. 33: RTC rr. al vno. 34: KMP Dorius; AMS Domis (parece); RTC E. rrey de...Dorius/Dornis? de Satelea; RTF E. del reiaume de Libanor...Dorus de Satelee. 35: RTC ya nunca...esf. los suyos et reçibiolos en el campo. 36: AMS todoslos...gaanaron; KMP todos los...gaañarõ; RTC leu. grand...preçio.

Cap. 173. 3: ms. ãa. 4: AMS e KMP boo; RTC llam. rrey Pitroplos d'Alisolia; RTF d'Alizonie...Pistropleus. 5: AMS tijñan; KMP tijñã; RTC artes quando.

Cap. 174. 2: ms. enbíjgo; RTC del omb. a fondon. 4: ms. enbĩjgo. 6: KMP uermello. 7:

fogo et os cabelos del luzíã assy que semellauã que ardía, en gisa que a tres légoas o podería home deuisar per noyte escura. Et era tã brauo et tã diuidoso et tã espantoso que nõ ha home ẽno mũdo que o uisse que del nõ ouuesse grã pauor et espanto. Et el tragía en sua mão hũ arco, en que nõ auja madeyra, mays era todo feyto de coyros cruus et de neruos engrudidos per grãde arte et per grã maestría. Et era tã forte et tã rrézeo que nõ ha home tã arrizado nẽ tã ualẽt que cõ el podesse tirar, nẽno estender pouco nẽ moyto. Et tragía a sseu lado hũ coldre duro, en que tragía saetas enpenadas de pẽnas de hũas
Fol. 75v aues a que chamã aliriões, // que ha en hũas terras que nõ son molladas, et chámãnas os filósafos terras de Menodía.

175

Cap. 213. 1: RTC c. de f.; HT conto falar. 1-2: HT et troyãos...duraro falta. 3: KMP mõte; RTC Belias; RTF Beletis. 3-4: HT ya moyto am. a caça a Belias et. 4: RTC e HT caça de. 5: RTC traya; HT rrib. et de mõtaña tom. m. ven. de...tragia. 6-7: HT entrou a buscar c. em e. m. et. 7: KMP mõte...por; AMS por; HT q. P. se t. p. moy b. s. caça cõ t. 7-8: HT todos et e. a E. cada vez sua.

Cap. 214. 2: AMS e KMP çerca; RTC començara. 1-2: HT se rrepẽtidos do que c. (sic). 3: RTC p. ya tanto; HT diz o c. que...p. ja t. estauã en. 4: AMS conuijña; KMP cõuijna; HT m. porlas grandes...et lles. 5: RTC ç. estaua bien (id. HT com. nõ se p. ja p. sen verg.). 6: HT entẽderiã que. 7: ms. mẽesmos; HT av. perd. 8: RTC (e HT) maltraydos...este fecho. 9: ms. rrijan; AMS conplia; RTC que era; HT avia q. se r. delo et o. diziã q. era bẽ. 10: ms. sẽer; AMS tijñan; KMP tijñã. 11: HT o pod. f. sen. 12: ms. ãacabar...ameçar; AMS auian; RTC todos acabar...non qued. de amenazar; HT t. de acabar...nõ qued. de ameaçar. 13: HT E. ao qual queria moy mal de. 13-14: HT que o matase. 14: RTC a la m.

215

Cõmo Diomedes era moy coytado d'amor

Aquí cõta Dayres que Diomedes nõ auía prazer nẽ alegría, que o amor de Breçayda o coytaua tãto que nõ auía en ssy cõssello. Et nũca quedaua sospirãdo et coydando moytas uezes en tristeza, et outras uezes tornáuasse ledo. Et moyto amĩúde lle creçía hũa caẽtura tã grãde ẽno coraçõ que nõ sabía que fezesse de ssy, et outras uezes tornaua [tan] frío, que as queixadas lle tremĩã, ca taes jogos cõmo estes sol o amor fazer a aqueles que jazẽ ẽno seu laço; et fázelles sofrer tã graues coytas que son par de morte, ca os nõ leixa dormir nẽ folgar quando queren. Et Diomedes assý era coytado que nõ auía prazer de nehũa cousa, nẽ coydaua en outra cousa senõ en aquela que moyto amaua et que uira por seu mal. ¿Que uos dyrey? Sabede que, se lle este pleito moyto
Fol. 91v durara, // cõuẽéralle de morrer.

Pero el yaa veer moyto amĩúde et auía grã prazer de falar cõ ela, ca este lle era hũ grã cõforto. Et ela ben entẽdía que ẽno mũdo nõ auía cousa que el mays amasse. Et por esto lle era ela mays orgullosa et peor de rrogar, ca as molleres de tal maneyra son. Pero, cõ todo esso, nõ quedaua Diomedes de lle pedir merçee amĩúde, et dezíalle que nõ podía gorir, se por ela nõ fosse, ca toda sua uida en seu poder estaua. Et en ela era senpre todo seu penssar, et amĩúde perdía o comer et o beuer et o dormir, et moytas uezes estaua sen sabor et desmayado, et outras uezes perdía sua color. Outrossý penssaua moytas cousas que lle quería dizer, et tã toste que a vijã todo se lle oluidaua. Outrossý tã grã couardiçe tomaua en ssy que lle nõ ousaua dizer nada, cõ medo que sse assañaría. Et esto he grã marauilla, que caualeyro tã ardido fosse chegado por aficamento d'amor a tã grã couardiçe. Pero ben creo que nõ ha home ẽno mũdo que moy de coraçõ ame a ssua señor que aas uegadas nõ tome couardiçe en lle dizer algũas cousas que lle conprían et que lle estaría ben et por que sería delo mays preçado. Et Diomedes assý fazía, et era mao syso, que toste podería seer que sse pagaría ende ela.

Cap. 215. 1: JC como. 2: AMS aqui; JC aqui...avia; RTC al. ca el; HT a. porque o. 3: JC avia; RTC Brisella lo acuytaua...a. de ssi; HT acoytaua...avia cõsolaçõ nẽ plazer et. 3-4: HT nũca em al pensaua et por ende senpre avia pesar et tristura. 4: JC amĩude. 5: HT lle rrequesçia...fez. et. 6: ms. tornaua frio (JC, AMS e KMP non corrixen); JC tremiã...como; AMS quixadas; RTC torn. tant frio; HT tornase tã frio...tr. et ataes. 7: ms. ãaqueles; HT f. aos q. estan ẽno...tã grãdes c.; RTC tant grandes c. 8: HT nõ os. 9: JC avia; HT que avia...c. en nẽgũa cousa. 10: HT mal. Sabede...pl. mays dur. 11: JC cõvééralle; AMS con ueeralle; KMP cõueera lle; HT dur. que el viera a morte. 12: ms. vẽer; JC amĩude et avia; AMS auia; RTC yua ueerla...ca esto; HT ya veer...grã sabor de...esto. 13: JC avia. 14: HT era mays. 15: ms. merçẽe; JC mrecéé amĩude; HT pero en t. esto...m. moy am. et dizer que. 16: HT poderia viuer se ella. 17: JC amĩude; AMS pensar; RTC comer et el dormir; HT era todo...et moytas vezes p. o c. et o d. 18: HT esmaydo...p. o color et p. 19: ms. vĩja; JC víía; RTC u. todas se le oluidauan. A las uegadas otr.; HT et tãto que a via todas se lle oluydauã out. 20: RTC dez. ninguno nada; HT out. algũas vezes tom. tã g. c. en sy q. nõ o. d. nẽgũa cousa a nẽgũ cõ m. pẽsando que se saberia et. 21: RTC llagado; HT chagado de tã forte af. 22: JC homen; RTC amor de tant; HT a. et de tã. 23: ms. ãas; KMP señora; HT a seu señor...c. ajnda que. 24: RTC della; HT conplan...estarã...s. m. pr. del et. 25: ms. sẽer; RTC seso ca t.; HT fazia enpero nõ era bõo syso ca moyto agiña podera s. de se contẽtar ella do que lle el disera et de fazer o que lle demandaua.

216

Cõmo Breçayda dou o cauallo de Troylos a Diomedes

Hvn día auẽo que Diomedes foy veer a Breçayda por falar cõ ela. Et ela tijña ante ssy o caualo que fora de Troylos. Et aquela sazõ amaua ela mays a Troylos que a outro caualeyro, et de grado llo enviara, mays auja grã rreçeo de seer ende posfaçada dos da oste. Et seẽdo Diomedes falando cõ ela, díssolle ela en rrijdo:

–Señor, porla grãdeza sen mesura moytos son desgastados do que an et pobres et mjgados. Esto uos digo por este caualo que me o outro día destes; ca, se o teuerades cõuosco quando uos o caualeyro troyão descaualgou do uosso sen uosso grado et uoslo tomou, nõ forades mjgado do caualo cõmo fostes et fórauos y moy bõo. Et uós partísteslo de uós moy toste, cõ sabor de mo enviar, et senpre moyto temj que o achariades depoys en mjgua. Et se o eu soubera, de grado uoslo enviara sen nehũa detardança. Et esto he boa cousa de dar home a dõa en lugar hu a pode cobrar. Et agora podedes entẽder que aqueles que están ẽna çidade nõ son tã lygeyros de cõquerer cõmo algũus coydan. Et de mao pleito sse entramete os que os coydan deserdar et deytar de sua terra tã lygeyrament, ca ha moytos bõos caualeyros et ardidos et moy orgullosos et de grã liñagen ẽna çidade de Troya. Et eu daruos ey este caualo, ca, poys o uosso auedes perdido, nõ podedes achar mellor. Et rreçebédeo de mj en doa. Mays ssabede que os troy[ã]os son ferament ujgadores et despeytosos, et traballarsse an de o auer de uós. Et se o ben nõ gardardes, toste uoslo poderã tomar. Et aquel caualeyro que o uosso ten, nõ he couardo nẽ ponto.

–Çerto, sseñora –disso Diomedes–, assy cõmo uós dizedes, he uerdade, ca moyto he bõo caualeyro et ardido. Et eu ben ssey que o nõ pode auer mellor que el, nẽ que mays
Fol. 92r y ualla. Mays // nõ era marauilla de o caualeyro perder agiña seu caualo en tal lugar, poys sse quer cõbater cõ bõos caualeyros et endurar o torneo. Et quanto porla perda de aquel caualo, nõ dou eu nehũa cousa. Mays pero, se me mãdardes que guarde este, gardarlo ey

---

Cap. 216. 1: JC como. 2: ms. vẽer; JC hun...tíína; AMS e KMP hun; RTC Brisella; HT Acontesçeu hũ dia que. 3: HT et a aq. s. ella am. a.T. mays ca outro. 4: ms. sẽer; JC avia; RTC seer por ende; HT c. nẽgũ et...llo disera mays...rr. et medo de s. por ende. 5: JC séendo D. falãdo...rríndo; HT e. asy em. 6-7: HT porla crueldade grande sen m. m. som myngoados do q. am et porque o gastarõ sen descreçõ torna a pobreza et a seer mẽg. 7: JC mĩgados...me ẽ outro; HT me no outro. 8: HT q. ho cav. tr. vos desc.; RTC tr. que uos desamaua desc. 9: JC mĩgado...como...bóó; AMS e KMP boo; RTC de cau.; HT tomou cõmo moy nobre et ardido et valent que el he nõ...de caualo...y bõo. 10: JC temj; HT moy agiña cõ s. de me fazer del seruiço et mo...s. me temj; RTC s. me mucho. 11: JC mĩgua; HT soub. logo voslo...tardança. 12: JC homen; AMS dona; RTC pueda auer quando le cumplier et; HT et bõa c. he dar o. a joya em l. donde a p. aver quando lle cõpre et. 13: JC algúús; AMS e KMP alguus; HT çid. que nõ. 14: HT os asy c. 15: JC lygeyramente...bóós; AMS e KMP boos; RTC ay m. b. cau. ard.; HT lig. porque som moy bõos c. moy ard. 16: RTC (e HT) lin. et yo. 17: JC mĩ; AMS min; KMP do(-n-)a; HT pod. outro aver mellor...em joyas et sab. 17-18: ms. troyõs; JC e AMS troyãos; KMP troy(-ã-)õs (-sic-). 18: AMS uingadores; JC feramente vĩgadores; HT son fortemẽte v. 19: HT g. agyña voslo poderiã. 20: JC nẽ pouco. 21: AMS certo; JC como; KMP señora; RTC assi es c. uos d. ca; HT ponto. Diso D. señ. todo he asy c. v. d. ca. 22: JC bóó; AMS e KMP boo; HT nõno pode. 22-23: RTC que lo mas uala. 23: JC cavaleiro; HT mays v. et nõ. 24: JC bóós; AMS e KMP boos; HT end. et q. he porla; RTC q. es porla. 25: KMP dou en;

eu o mellor que poder, que o nõ partirey de mĩ, sse per força nõ for. Et quen mo quiser tomar, ante o cõprará carament, sse eu poder. Et agora entẽdo eu et sey que uay coytado o meu coraçõ et o grã pesar que eu por uós ey, todo se me ha de tornar en ben et en alegría, et tãto uos coydo eu a seruir et tã de coraçõ et a pedir merçee que en algũ tenpo uos doeredes de mĩ et me faredes algũ ben. Et des oiemays sõo uosso quito et quero 30
fazer todo aquelo que uós mãdardes et por bẽ touerdes, ca sõo en uosso poder et nõ aio outro defendemento cõtra uós, nẽ atẽdo outro ben senõ o uosso.

217

Cõmo Breçayda dou a mãga do brial pera pẽdóm

Qvando Breçayda esto oyeu, entẽdeu que o aujá ja preso de amor et foy moy leda. Et deulle hũa mãga do brial que ela uestía, que era de hũ pãno de syrgo moy nobre, que a trouxesse por seu amor por pendón ẽna lança. Et Diomedes foy ende tã alegre que mays nõ podía, et sofreu por ela depoys moyto afán et baldón ẽno seu tenpo en moytos lu- 5
gares, et fezo moytas bõas caualarías, cõmo adeãt oyredes. Et desde oiemays pode dizer Troylos que lle nõ está ben sua señora, ca o moy grãde amor que ontre elles anbos era ja falssado o aujá Breçayda. Mays carament llo cõprou depoys Diomedes, cõmo a estoria o cõtará adeãt.

218

Agora leixa o cõto de falar de Breçayda por cõtar a oytaua batalla

A oytaua batalla

Depoys que as trégoas dos tres meses forõ seydas, logo en outro día, ssen mays tardar, os da çidade forõ ben armados et ben apostados, et seyrõsse fora da çidade, alen-

---

HT c. eu nõ d. nada mays. 25-26: HT este porlo voso amor eu g. ey o. 26: JC mĩ; AMS e KMP por; HT poder et nõno p. de mĩ se me por f. nõ f. tomado et aquel que mo. 27: JC caramente; HT ante que o leue el o cõpr. 27-28: HT sey ben de çerto q. o m. c. vay moy c. et. 28: HT pes. et tristeza et desejo que...t. em plazer et em al.; RTC cuyt. mio. 29: ms. merçẽe; JC mercéé...tẽpo; RTC yo seruir; HT eu de s. et p. m. tã de bõo cor. que. 30: JC mĩ...sóó; AMS e KMP soo; RTC desde; HT uos amerçearedes et doeredes...oje sõo. 31: JC sóó; AMS soo; KMP sso; RTC et njn he; HT ca todo sõo. 32: HT ey o. def. nẽ a. auer o.

Cap. 217. 1: JC como; RTC dio a Diomedes la; HT dou a Diomedes hũa moy nobre m. do seu b. para que fezese dela p. 2: JC quando...avia; AMS e KMP quando; RTC Brisella; HT e. entẽdio uio que. 3: JC panno; RTC e HT de brial. 5: JC soffreu...tẽpo; RTC e HT podria...et baldono su cuerpo en. 6: JC adeãte; HT m. cau. buenas...des. 7: RTC (e HT) que non e. b. de ssu. 8: JC avia B. et mays caramente...como; RTC Brisella...lo compro; HT lo c. 9: JC adeãte; RTC (e HT) est. cuenta.

Cap. 218. 2: RTC e HT falta. 3: RTC luego otro (id. HT seys). 4: HT f. arm. 6: HT enteros.

de das barreyras, ẽnos chãos. Et os da oste outrossy. Et as cõpañas erã moy grãdes, da hũa parte et da outra. Et diz o cõto que lydarõ doze días entregos sen folgar, que nũca os parteu senõ a noyte. Et forõ y mortos moytos bõos caualeyros et moytas bõas justas feytas et moytas bõas caualarías. Et moytos forõ malchagados a morte, ca a batalla foy moy forte et moy sen piadade. Et forõ y moytos mortos, da hũa parte et da outra.

Et diz Dayres que morrerõ y moytos duques et moytos almirãtes et que mays erã os mortos que jazía ẽno cãpo que os que jouueran da primeyra. Et diz que aqueles que forõ chagados que poucos ende ficarõ a vida, ca fezo entõ hũ tenpo mao et destenperado, en maneyra que aquel que era chagado nõ ualya nada cura de nehũ m[a]estre, mays logo erã todos mortos et nõ podía ngén guarir. Et por esso era grãde o descõforto, tã ben ẽnos de dentro cõmo ẽnos de fora. ¿Que uos dyrey? Tã grãde foy o dãno et tã esquiuo que os gregos nõ poderõ sofrer que nõ demãdassen trégoas.

219

De cõmo as trégoas forõ outorgadas por XXX días

Dyz o conto que Agamenõ, veẽdo o grã dãno et mortaldade, ouuo seu cõssello cõ
Fol. 92v os // da oste, et enviou pedir trégoas por trijnta días a el rrey Príamos, et el outorgoullas. Et logo de ánbalas partes seyrõ ao cãpo hu fora a batalla pera queymar et soterrar os mortos que y jazía. Et depoys que esto ouueron acabado, os troyãos sse gorneçerõ moy ben daquelo que mester aujã en sua çidade. Et catauã ben suas entradas et suas saydas cõmo estauã et, sse algũa cousa y aujã de rrefazer, logo o rrefazía. Et lauraua en suas cárcouas et en seus passos, aly hu entẽdía que mester fazía.

Et el rrey Príamos chamaua moytas uezes a cõssello seus fillos et outros rreys et señores que ẽna çidade estauã et en que mays fiaua. Et falaua en toda sua fazẽda, et dauã y moytos cõssellos et per moytas maneyras, mays todo nõ lles ualya nada, ca nõ quería os dioses que fossen gardados de mal et de grã perda et de grã pesar, que lles chegou a pouco tenpo. ¡Ay, que dãno tã grande et que uẽtura tã esquiua et tã cõtraria se lles chegou! Ca ẽno mũdo nõ ha home que o cõtar podesse, ca ben lles jogara Deus, se aquel día que Pares foy por Elena todos forã mortos. Et aly sse começou o sseu grã destroymento et a sua grã coyta et sua grã perda, por que será destroydos sen rrecobramento, ca todas as cousas que Casandra disso des agora lles começar[ã] a uijr.

7: KMP boos; AMS boas justas. 9: RTC e HT muy braua et. 10: KMP djz; HT que matarõ y. 11: KMP cãpo que jouueran; RTC que y yuguieran. 12: RTC que muy p. finc. ende a (id. HT fizo vn). 13: RTC que el que...n. obra de (id. HT dest. estos en). 13-14: ms. maestre; AMS maẽstre. 14: AMS ningen; RTC podian guarir...esto e. gr. desc. (id. HT et mas). 15: KMP cõmo eños. 16: HT demanden; RTC falta desde treguas.

Cap. 219. 1: HT falta de. 2: HT el d. e la m. que era grande ouo cõs. 6: HT g. biẽ de todo aquello. 6-7: HT biẽ las s. et sus e. cõmo. 7: HT auiẽ. 9: HT rrey llegaua muchas...c. a sus f. et a los o. 10: HT ç. yazia et...fablaua. 11: AMS e KMP por; HT nada et ca. 12: HT de grãt mal. 13: KMP grãde. 14: HT et ca...nõ omne...pud. et biẽ los juzgara D. 15: HT et ca ally se c. el grãt. 16: HT su cuyta et su p. 17: ms. começara (AMS non corrixe); AMS uijr; HT desde...començará.

220

Agora leixa o conto de falar daquesto por cõtar a nouena batalla, pero ante cõtará hũa visiõ que soñou Andrómata et do que lle auẽo cõ Éytor

Aa noyte auẽo que Andrómata, moller de Éytor, jazẽdo cõ el en seu leyto, depoys que as trégoas forõ fora, soñou hũa uisiõ de que foy moyto espantada. Et ela era moy boa dona et moy entẽduda et moy ensynada et moy fremosa et moy leal. Et auía ja dous fillos de Éytor, et o mayor deles auía çinquo ãnos que naçera, et dezíãlle Leodematõ, et era tã fremoso et de tã bõo talẽt que marauilla era. Et ao mays pequeno chamauã Aternates, et era moço pequeno de tres ãnos que aynda mamaua. Et desque despertou foy toda desmayada et fora de entẽdemento porla uisón que uira. Et nõ fazía sen rrazõ, ca os dioses lle mostrauã aquela noyte que, sse Éytor seysse ao cãpo ou fosse ẽna batalla, en toda gisa lle cõuerría de tomar y morte. Et desto a fezeran ben çerta per suas demostrãças uerdadeyras.

221

Cõmo Andrómata rrogou a Éytor que nõ fosse aa batalla

Depoys que Andrómata hũa grã peça penssou ẽna uisón que uira, ouuo grã pauor et grã coyta. Et disso assy a Éytor:

–Señor, quérouos dizer hũa cousa onde teño tã grã pesar et tã grã doo que, a poucas, se me nõ parte o coraçõ. Tódoslos dioses mays altos et mays onrrados veerõ a mj esta noyte en visiõ et disérõme que uos dissesse de sua parte que oie por nehũa maneyra nõ tomassedes armas nẽ fossedes aa batalla, ca nõ tornariades ende uiuo se alá fossedes, et assy uos an desafiado. Et por ende uos rrogo que nõ vaades y cõtra sua voõtade, nẽ passedes cõtra seu defendemento. Mays senpre andade a ssua voõtade et ao que elles por ben toueren, ca en outra maneyra nõ poderiades acharuos ende ben. Et por ende uos peço que uos sofrades ende aquesta uez.

Cap. 220. 1-2: HT pero...E. falta. 2: KMP Andromaca (AMS -t-). 3: KMP A (a) noyte...Andromaca (AMS -t-; pode ser Andromaca); HT Vna noche...Andromoca. 5: HT leal et m. ferm. 6: AMS cinquo; HT auia ya çĩco. 6-7: HT Loadomatã; RTF Laudamanta. 7: AMS e KMP boo. 8: HT Atermates; RTF Asternates. 9: AMS uision; KMP uis(-i-)on; HT despertara toda fue. 10: HT lo m. 11: AMS e KMP por; HT le fiz. 12: HT por las dem.

Cap. 221. 1: KMP Andromaca (AMS -t-); HT Andromaca. 2: KMP a batalla. 3: KMP Andromaca...uis(-i-)on (AMS -t-); HT Andromoca vna p. grande...grãt pesar et. 5: ms. dõo; HT tengo grãt. 6: AMS veeron; KMP veerõ; HT nõ se me parte el c. et tod. 7: AMS disseronme; KMP dis(-s-)erõ me. 8: ms. ãa; HT f. en la bat. et ca nõ t. de ally biuo. 9: ms. vãades. 10: HT andat et su u. a lo. 11: HT nõ uos podria ende uenir biẽ. 12: HT uos digo que.

222

Cõmo sse Éytor asanou contra Andrómata et de cõmo lle rrespondeu //

Fol. 93r Éytor, quando aquesto oyo, pesoulle moyto, et asañousse moy ferament. Et tóuollo por grã loucura o que lle dissera. Et rrespondeulle moy sañudo, et díssolle assy:

–Agora sey eu ben et entẽdo que hũ ponto de siso nõ auedes. Et fáçome marauillado de uós seer tã ousada de prouar solament de me tal cousa dizer. Et sse uós soñastes pouco syso nõ teño eu y que adubar nehũa cousa. Demays fostes dizer que nõ tomasse armas nẽ saysse da uila, et esto nõ pode seer, nẽ querrã os dioses que, mẽtre eu uiuo for et poder tomar armas, nõ peleie cõ aqueles soberuosos et áuoles et maos que me matarõ os parẽtes et os amjgos et o liñagẽ todo et nos aquí uẽerõ çercar, que me deles nõ defenda quanto poder. Et sse aqueles treedores et áuoles esta rrazõ oyssen, et os outros que son ẽna uila, todos me terríã por uil et me preçaríã pouco. Et sse eu fosse desm[a]y[a]do et leixasse de tomar armas et seyr da uila por uosso soño louco que soñastes, eu por ende ualrría menos. Et nõ ha cousa por que eu mays cofondudo et mays auergonçado podesse seer, nẽ por que eu podesse buscar mayor meu dãno, ca ja Deus nũca querría, nẽ o teña por ben, que eu por esto seia desmayado, nẽ tema morte, nẽ peligro. Et des agora uos castigo pera senpre et uos defendo que nũca en tal pleito me faledes, ca nõ será uosso prol nẽ uosso ben, nẽ eu por ende nõ leixarey de fazer o que deuo.

223

Cõmo Andrómata fuy al rrey Príamos cõtar a uisyóm

Quando Andrómata entẽdeu que seu rrogo nõ ualya nada, começou de fazer grã doo, et tã grã coyta auja que, a poucas, nõ ensandeçeu. Et foysse a el rrey Príamos, et díssolle assy:

–Señor, por Deus, jde agiña, et detẽede a Éytor, et defendédelle que nõ uaa oie a

---

Cap. 222. 1: KMP Andromaca (AMS -t-). 1-2: HT Andromaca et le r. 3: HT esto...muy de coraçõ et a. muy fuertemiẽte. 4: HT por locura...sañudamiente (falta assy). 5: HT vn poco de. 6: ms. sẽer; HT de seer uos tã o. et de me pr. s. tal. 7: HT tengo y. 8: ms. sẽer; HT querra dios. 9: HT armas que yo nõ. 10: AMS ueeron; KMP ueerõ. 11: ms. trẽedores; HT rrazõ ouiesen o los. 12: HT poco ca sy. 13: ms. desmãydo; AMS desmãydo...sono; KMP desmayado; HT desmaydo...de s. de la u. et de t. armas por. 15: ms. sẽer; HT enuergõçado...nĩ en que...Dios ya. 16: HT ternia...fuese desm. nĩ tomar tema nĩ pel. 17: HT desde.

Cap. 223. 1: KMP Andromaca (AMS -t-); HT Andromaca. 2: HT contarle. 3: KMP Andromaca (AMS -t-); HT Andromoca...nõ le ual. 4: ms. dõo; HT et grãt...nõ se ens. 6: AMS ide...deteede;

esta batalla, que, sse aló uay, rreçeberedes uós y grã dãno et grã perda, et el outro tal. Et en gisa fazede que, en nehũa maneyra, nõ tome oie armas, nẽ uaa a torneo, ca, sse aló uay, nõ pode tornar uiuo.

Et díssolle a uisón que uira.

224

Cõmo el rrey envjou os outros seus fillos et os outros caualleyros á batalla

Qvando el rrey Príamos esto oyo, pesoulle moyto, et foy ende en grã dulta, que mayor nõ podía, ca de cada parte vija grã perígoo et grã dãno. Et toda sua força era en Éytor, et ben çerto era que, sse el ẽna batalla nõ fosse, que seería grã dãno de sua parte. Et demays vijá a dona tã aficada en este feyto que sse temja moyto. Et teuo por ben o que ela dezía et, en cõmoquer que ende aueesse, nõ quis que Éytor aquela uez aló fosse. Et mãdou chamar Pares et Troylos et envioos aa batalla, et cõ elles a Eneas et el rrey Menõ et Polidamas et el rrey Serpedón et o duque Glaucos et Eufremos de Lançonja et Copesus, que era tã grande cõmo hũ jayán, et el rrey Pitróforos et el rrey Agásteos et el rrey Asterpes et el rrey Áncamos et el rrey Eseus et el rrey Fortis, que era señor dos felisteus, et el rrey Filomenis et tódoslos outros rreys. Et apostou moy ben as azes et partéoas moy ben, et erã moy grãdes et moy bõas. Et depoys que todos forõ ẽnos caualos, que tijnã moy ben armados et moy ben gisados, seyrõ fora da uila. Et os outros estauã ja ẽno cãpo, moy chegados aas barreyras et ben apreçebidos pera os rreçeber ẽna batalla.

225

Cõmo Éytor era sañudo porlo que Andrómata disera et cõmo pedeu armas pera yr aa batalla //

ol. 93v Qvando Éytor entẽdeu que seu padre nõno leixaua yr aa batalla porlo que Andró-

---

KMP deteede; HT oy en esta. 7: HT bat. ca sy...uos grãt. 8: ms. uãa; HT en esta guisa...al t. 10: KMP uis(-i-)on.

Cap. 224. 1: AMS e KMP enviou; HT enbiaua. 2: HT a la bat. 3: AMS quando; HT en tã grãt. 4: ms. vija g. perigõo; HT podria...su fiança era. 5: ms. seeria. 6: HT este pleito que. 7: AMS como quer...aueesse; KMP aueesse; HT que le ella. 8: ms. envioos ãa; HT a Paris et a Troylus...cõ Eneas. 9: AMS eufremus; HT Serpendon...Ofremjs de Locamja; RTF Sarpedon...Eufemus de Licoine. 10: AMS pitoforus; KMP grãde...Pitroforos (ms. pitroforos/pitoforos?); HT Cupesus...Pitros... Adastras; RTF Cupesus...Epistrot...Adrastus. 11: AMS asterpus...antamos; KMP Ancamos; HT Esterepes...Alcamus; RTF Steropeus...Acamus...F. qui sire esteit de Filitis. 12: KMP et rrey; HT filesteos et todos los; RTF Philemenis. 13: HT buenos. 14: AMS tijñan; KMP tijñã; HT biẽ cobiertos et biẽ g. 15: ms. ãa; KMP apreçibidos; HT cãpo mas lleg. (falta desde aper[çebidos]).

Cap. 225. 1: KMP per lo q. Andromaca dis(-s-)era (AMS -t-). 3: ms. ãa; AMS quando. 3-4:

mata lle auía dito, foy ende tã sañudo et tã coytado que, a poucas, nõ castigou a aquela que lle esto buscou cõtra seu defendemento. Et demays nũca será tenpo en que a nõ desame. Et cõ grã saña pedeu suas armas a Ãdrómata, ca ela as auía ascondidas cõ o grã rreçeo que auía. Et quando o ueu armar et que en toda gisa sse queria yr, tã grã doo fazía que esto era hũa grã marauilla, ca moyto dultaua sua morte. Et nõ auía en ssy nehũ cõssello, nẽ sabía que fazer. Et moytas uezes sse amorteçía cõ grã coyta et rrogáualle moyto aficadament, chorãdo moyto de coraçõ. Et rrogáualle et pedíalle por merçee que amãssasse seu coraçõ et nõ fosse este día aa batalla, mays nõ lle prestaua nehũa cousa que lle fezesse.

226

Cõmo a rreýna Éc[u]ba et as outras donas
rrogarõ a Éytor que fficase

Desque Andrómata entẽdeu que lle nõ ualýa nada seu rrogo, chamou logo aa rreýña Écuba et a suas yrmãas de Éytor et a tódaslas outras donas et donzelas de Troya, fazendo moy grã doo. Et rrogoulles moyto aficadament que rrogassen a Éytor que nõ seýsse fora da uila aquel día. Et elas assý o fezerõ, mays nõ lles ualeu nehũa cousa. Et sua madre lle dezía assý:

–Fillo, ¿por que sodes cõtra mĩ tã cruu et cõtra uossa moller et uossas yrmãas et cõtra quantas donas et donzelas aquí están et, demays, cõtra uosso padre, a que nõ queredes fazer seu rrogo? Et aquel que seus amjgos nõ cree, nũca pode fazer ben sua fazẽda. Fillo, aue de nós merçee et nõnos leixes assý morrer, ca, se nós a ty perdemos, dizerte ey o que nos cõuerrá de fazer: sen falla, nõ ha y al senõ matármosnos cõ nossas mãos.

Et sobre todas, sua yrmãa Políçena et Elena, a moy fremosa, fazía moy grã puña porlo tornar. Mays nõ lles ualía nehũa cousa, que, por quanto elas todas disserõ, nõ dou el nada. Mays ante ameaçaua moyto a sua moller, et queríalle grã mal porlo que dissera.

227

Cõmo Andrómata trouxe se[u] fillo ante
Éytor, se o podería tornar

Depoys que Andrómata ueu que nada nõ cõpría quanto rrogo lle fazía, foy cõ

KMP Andromaca (AMS -t-). 6: ms. ãadromata; AMS a Andromata; KMP a Ãdromaca. 7: ms. quandõo...dõo. 10: ms. merçẽe. 11: ms. ãa.

Cap. 226. 1: ms. Ecaba? (non é un *u*, parece máis ben *a* mal feito); AMS ecuba; KMP Ecaba. 3: ms. ãa; KMP Andromaca (AMS -t-). 4: AMS e KMP yrmaas. 5: ms. dõo. 8: ms. crũu; AMS min...yrmaas; KMP yrmaas. 10: ms. crẽe. 11: ms. merçẽe. 13: AMS e KMP yrmaa.

Cap. 227. 1: ms. se fillo; KMP Andromaca (AMS -t-). 2: no ms. abreviatura de tronar. 3:

ánbalas mãos dar ẽno rrostro, et começousse a ferir das palmas et messar seus cabelos. Et fazía tã grã doo que semellaua sandía et que era fora de seu siso. Et foy tomar ẽnos braços Aternates, seu fillo mays pequeno, et tornou logo ao paaço hu estaua Éytor armãdosse. Et lançóusselle aos pees, et díssolle assy:

–Sseñor, por este moço tã pequeno que me fica me fazede tãto amor, sequer por el uos deteede et auede del doo et piadade, ca, sse oje aló ydes, ja mays nũca o veeredes; ca oie en este día será uossa morte et uossa fin. Et el ficará de uós órfõo, se me creer nõ queredes. Et ¿cõmo podedes agora seer tã cruu, nẽ tã felón, que sse uos nõ tome de nós merçee et piadade, nẽ auedes doo de nós, nẽ de uós meesmo, et queredes tã agiña leixar o mũdo et desanparar a mĩ et a el et a uosso padre et a uossa madre et a uossos yrmãos
Fol. 94r et a uossas yrmãas? Et demays // morreremos, ca eu ben sey que nõ poderemos goreçer sen uós hũ día soo. ¡Ay, mesquiña, que uentura tã maa esta mĩa et tã forte et tã desmesurada!

Et quando ueu que por todo esto nõ daua nada, caeu de seu estado amorteçida et foy moy malferida ẽno rrostro et en todo o corpo. Et Elena, que estaua y, tomoa ẽnos braços, et fazía grã doo, et aujá grã pesar.

228

Cõmo Andrómata tornou outra [uez] a rrey Príamos, que detouesse Éytor

Éytor, por todo aquesto, nõ daua nada, nẽ sol nõ metía por esso mẽtes. Et logo, sen outr[o] tardar, fezo tirar fora seu caualo Galatea et quería caualgar. Et Andrómata lançou mão en seus cabelos, et deu hũa uoz tã grãde que foy oyda moy longe. Et foy tã dolorida que quántosla oyrõ todos per força ouuerõ a chorar, batẽdo as palmas et fazẽdo grã doo et grã uolta. Et quando chegou a el rrey Príamos, cõ grã pesar que aujá, nõ lle podo falar. Et a cabo de grã peça díssolle assy:

– ¡Ay, rrey Príamos, catiuo! ¿cõmo sodes tã louco et tã sen rrecado que nõ auedes coydado de uossa fazẽda? Ca, sse Éytor se uay oie a esta batalla, he perdido et morto. Et en esto nõ dulto eu nada, ca os dioses mo mostrarõ a mĩ et o enviarõ per mĩ desafiar. Agora catade o que y faredes, ca sabede que, se aló for, que o perderedes pera senpre. Et tornádeo ende, se o perder nõ queredes.

Poys esto ouuo dito, nõ podo mays falar et caeu amorteçida a sseus pees.

---

ms. fazia? (parece que se escribiu primeiro fazia e se riscou despois o til); AMS fazian; KMP Andromaca (AMS -t-)...fazia. 4: AMS cauelos. 5: ms. dõo. 6: ms. pãaço. 7: ms. pees. 9: ms. dõo...vẽeredes; AMS deteede; KMP deteedes...veeriades. 10: ms. crẽer; AMS e KMP orfoo. 11: ms. sẽer tã crũu. 12: ms. merçẽe...dõo...mẽesmo. 14: AMS uosas yrmaas; KMP yrmaas. 15: ms. sõo...mãa; KMP mesquina. 19: ms. dõo.

Cap. 228. 1: ms. tornou (abreviatura de tronou) outra a; KMP Andromaca (AMS -t-). 1-2: HT (reaparece en) c. Andromaca t. al r. P. o. vez (só). 3: HT esto...por esto. 4: ms. outra (abreviatura de outra); AMS outro; KMP Andromaca (AMS -t-); HT syn mucho tardar y f. t. afuera el su c. Galetea...Andromoca laçando. 5: HT cab. dio. 6: AMS e KMP por; HT quantos todos (sic). 7: ms. dõo. 10: HT faz. et ca...e. fazienda sera p. o m. 11: HT des. por mj. 12: HT fazedes. 14: ms. pẽes; HT p. le esto.

229

Cõmo rrey Príamos caualgou et fuy por tornar Éytor

El rrey Príamos era forte caualeyro et de forte coraçõ et moy duro et sen medo a sua gisa, mays pero, poys que esto oyo dizer, fóysselle alçãdo o cabelo, et fóysselle tomãdo hũ frío, et ouuo grã dulta et grã pauor de Éytor. Et começou a dar grãdes sospiros et entristeçer moyto, et começou de chorar tã fortemẽt que as lágrimas lle deçíã ata os peytos. Et a grãde afán sobeio caualgou en hũ caualo, et ya moyto penssando, et nõ dezía nada. Et achou Éytor en meo de hũa rrua, hu ya pera a batalla, et todo demudado cõ saña et cõ mao talẽt, porque o deteueran et nõ o leixarã yr quando el quisera. Et leuaua seu elmo de Pauja enlaçado ẽna cabeça, et leuaua o rrostro moy uermello et os ollos jnchados cõ saña et mays uermellos que hũa rrosa, et ya mays brauo que hũ leõ. Et leuaua uestida sua loriga et sua espada çinta ben tallãt et moy preçada, et ya en seu caualo Galatea. Et quando el rrey Príamos chegou a el, tomoo perla rrédea, et díssolle assy:

–Meu fillo, tu ficarás oie este día ẽna uila et nõ yrás aa batalla porlo amor que ey cõtigo et tu cõmjgo, que moyto ey grã rreçeo de tua morte. Et rrógote por Deus que te tornes ende, et nõ deues fazer cousa cõtra mja voõtade. Dy, cruu et sen piadade, ¿nõ sse che toma grã doo et grãde espanto de aqueles braados que aquelas donas dan? Ca nõ sey home que delas nõ ouuesse a auer piadade. Por ende, fillo et amjgo, uay descaualgar logo, eu cho rrogo, et senpre auerey que che agradesca.

230

Cõmo rrespõdeu Éytor a sseu padre //

Fol. 94v Éytor, quando esto oeu, foy en grã coydado. Et el, per nehũa maneyra, nõ ousaua contradizer ao que seu padre mãdaua. Mays ẽno outro cabo ben coydaua ja pera senpre que ende fosse posfaçado. Et disso a el rrey assy:

–Señor, ¿que loucura foy esta que por soños que hũa sandía soñou, et uoslos foy dizer cõ pouco rrecado, uos metedes a atal pleito? Ca, sse eu ficasse por tã pouco siso

---

Cap. 229. 1: KMP per; HT c. el rrey...fue tornar. 2: HT a E. 3: HT de buẽ cor. et fuerte et. 4: HT a sobre guisa...fuele tom. 5: HT ouo g. p. et g. d. de. 6: HT desçendiã. 7: HT grãt pesar sob. et cau. luego en su c. 8: ms. perãa; HT a Ector...de la rrua. 9: HT et por mal...dexarõ. 10: HT en la c. ẽlaz. et. 11: HT berm. que las brasas et. 12: HT uest. vna su...et preciada...en el su. 13: ms. tomõo; AMS e KMP porla; HT Galetea...el et tom. 15: ms. ãa; HT oy en este...por el debdo que. 16: HT com. ca mucho grãt...muerte rr. por los dioses. 17: ms. crũu; HT et uos nõ deuedes. 18: ms. dõo... braados; HT dan que nõ (RTC reaparece en aquellas dueñas). 19: ms. ãauer; RTC non deuiesse auer...ue desçender l.; HT deuiese auer...am. tornadvos et deçendet luego. 20: RTC e HT gradesca.

Cap. 230. 1: AMS rrespoudeu. 2: AMS e KMP por; RTC cuyd. ca el; HT c. et ca el. 3-4: RTC (e HT) otro bien c. que ya p. s. ende. 5: KMP uos lo; HT s. de vna s. que soño et uoslo. 6: ms. ãatal;

cõmo este, pera senpre sería couardo et gãañaría mao prez. Et por ende nõ uos deue a pesar que eu vaa ajudar aos uossos, que o an moyto mester. Et seia a uossa mercee que me nõ mãdedes tornar.

Mays, por quanto Éytor dezía, el rrey Príamos nũca llo quiso cõsentir que aló fosse, ante lle rrogaua moyto aficadament que fosse logo descaualgar. Et fézoo tornar moyto cõtra sua uoõtade et, quando sse tornou, ya tã brauo et de tã mao talẽt que nõ ha home que o catar ousasse. Et nõ sse quiso desarmar, senõ tã solament do elmo et do almófar da loriga.

231

Agora leixa o conto a falar de Éytor et torna a cõtar a nona batalla

Poys que os gregos forõ ẽno cãpo, os troyãos seyrõ fora da çidade, assy cõmo o cõto o á deuisado. Et acharõ ja estar ẽnos cãpos os da oste, ben acaudillados et suas azes ben paradas et ben gisadas de batalla. Et estaua y Diomedes cõ sua cõpaña ben apostada, et Achiles cõ a ssua, et el rrey Talamõ, et el rrey Ajas et Agamenõ et Menelao et Palamades, et outros moytos bõos caualeyros orgullosos et ardidos et gerreyros, moy ben armados os corpos et os caualos et suas synas tẽdidas. Et o ssol daua ẽnos escudos et ẽnas armas, que erã douradas et rreluzía. Et paresçía tã ben que esto era hũa grã marauilla. Mays Diomedes sse adeãtou logo cõ sua cõpaña moy grãde et moy bõa.

Da outra parte seyo Troylos cõ a caualaría de Frisa, que erã outrossy moy bõos caualeyros et moyto auẽturados en armas. Et poys que forõ çerqua hũus dos outros, abaixarõ as lanças, et enlaçarõ os escudos, et fórõsse ferir moy de grado. Et tã grãdes erã os braados et os rroydos dos caualos que os oyan moy longe. Et aly veeriades quebrantar moytas lanças, et falssar moytos escudos, et desmallar moytas lorigas, et moytos caualeyros fora das selas, et outros moytos mortos et malchagados, et caualos andar sen señores. Et poys que as lanças quebrãtarõ, meterõ mão aas espadas, et tã durament et tã sen piadade se ferirõ que seteçẽtos caualeyros ficarõ y daquela esporoada mortos et malchagados. Et o mayor dãno foy dos gregos.

Et Diomedes, quando ueu que Troylos lles fazía tã grã dãno ẽnas suas cõpañas et os fería tã ardidament, agillou cõtra el quanto mays podo; et tã sañudament o foy

RTC (e HT) a tal pl. et si. 6-7: HT poco c. esto. 7: AMS e KMP gaañaria; RTC (e HT) seria blasmado et. 7-8: RTC (e HT) ende uos non uos deuedes despagar en que yo. 8: ms. vãa...mercẽe; AMS e KMP merçec; RTC e HT nuestros (RTC pode ser uuestros). 10: RTC n. le q. (id. HT et mas). 11: ms. fezõo; RTC que l. f. desçender et (id. HT f. et ante). 12: HT mal tal. yua que. 13: HT sol. el yelmo del alm. 14: KMP almofar (-et-) da; RTC e HT a. et de la.

Cap. 231. 1: RTC c. de f. (id. HT et fabla de la IX). 2: RTC pues los g. f. ydos los; HT f. ydos et los. 3: HT estando...biẽ castigados et (id. RTC ha ya deu.). 5: RTC e HT Menalao. 6: AMS e KMP boos; RTC Palomades; HT Polidamas...muchos cau.; RTF Palamedes. 7: RTC e HT sus coberturas tend. 8: HT armas et rrel. ca erã d. et paresçiã; RTC paresçian. 10: AMS e KMP boos. 11: AMS e KMP huus; RTC (e HT) ç. los unos. 12: HT et enbraçarõ los (id. RTC f. a f.). 13: ms. brãados...vẽeriades; RTC e HT et los estruendos de los. 14: RTC e HT desmanchar. 15-16: HT andar cau. 16: ms. ãas; RTC manos; HT quebrarõ. 17: HT de aq. vegada m. 18: HT f. en los gr. 19: RTC e HT le...en sus. 20: KMP sañudament foy; HT q. pudo. 21: KMP manga...por; AMS cicatron...por; HT

ferir que a lança et a mãga do çicatrõ que lle dera Breçayda fezo passar per meo do leõ que tragía ẽno escudo. Et falssoulle tódaslas outras arma(r)duras, et fézolle (et fézolle) sentir ẽna carne o ferro dela. Mays Troylos nõ lle poupou nẽ ponto, ante o fereu tã brauament que lle falssou o escudo, et desmallou a loriga, et chagoo ẽno corpo moy mal, en gisa que lle seyo moyto sange. Mays pero nõ foy a chaga mortal, nẽ de que mal- 25 parado fosse. Et aly começarõ anbos hũa batalla mortal et tã perigoosa que, ante que sse
Fol. 95r parta, perderã do sange tãto que lles mĩgará suas forças et auerán mays mester // m[a]estres que lydar.

Aly chegou el rrey Menelao, que tragía quatro mill caualeyros ben armados et ben escudados, et vĩjnã moy auiuados de ferir. Et seyo cõtra el, rrey Miçeres de Frisa. Et 30 fórõsse anbos ferir tã durament das lanças ẽnos escudos que logo os pendões fezeron passar da outra parte. Mays el rrey Miçeres foy derribado en terra. Et chegou y logo hũ grã tropel de suas cõpañas pera lle acorrer. Et chegarõ logo da outra parte outros moytos porlo prender ou porlo matar, se podessen. Et tã grãde foy a cõpaña de Menelao que rrey Miçeres nõ podo seer acorrido nẽ liure, et Menelao o leuou preso, mays nõ lonje. Pero 35 nõ fora tã agiña solto se nõ fora Polidamas, que chegou y et lle acorreu. Et d'ende adeãt nõno podía leuar sen grã seu dãno, et aa çima nõno leuarõ, cõmo adeãt oyredes, que chegou Polidamas hu Troylos estaua et díssolle assy:

–¿Que he esto, don Troylos? ¿Por que uos fazedes afora? ¿Nõ veedes que os gregos nos queren dar a peor parte deste jogo? Demays, sabede que el rrey que nos tolleu 40 Éytor, que nos nõ uerrá oie ajudar nẽ acorrer. Et ja nũca me Deus perdõe se de tal cousa nũca oy falar, que caualeyro por soño de moller leixasse de trager armas. Et desque agora formos uẽçudos et desbaratados, oyredes os gritos et os assoujos sobre nós, atãtos que nos nõ prestarã os soños que dona Andrómata soñou.

Poys que Polidamas ouuo acabada sua rrazõ, Troylos lle disso: 45

–Amjgo, ¿uedes en que tropel leuã preso el rrey Miçeres de Frisa? Acorrámoslle et façamos tãto que seia defendudo per nós et nõ o leuẽ assy preso.

Et poys esto ouuo dito, logo, sen outro tardar, ferirõ anbos os caualos das esporas, et forõ ferir aly hu leuauã el rrey Miçeres. Et fezeron tãtas bõas caualarías por que senpre forõ nomeados, ca desmallarõ moytas lorigas et quebrarõ moytas lanças. Et tã 50 forte foy aly o enpuxar et o entropelar et o ferir que ben forõ y çẽ caualeyros derribados dos caualos, et moytos outros mortos et malchagados. Tan grãde et tã brauo era o torneo et tã espesso et tã esquiuo que nũca foy quen mayor uisse. ¿Que uos dyrey? Sabede que per ujua força llo tollerõ, mal seu grado. Et assy foy acorrido et liurado rrey

---

B. le f. (RTC Brisella). 22: AMS armaduras (non indica a repetición).; HT tod. las arm. 23: RTC s. en la loriga el f.; HT s. el f. en la loriga della...nõ lo...p. ca lo. 24: ms. chagõo; RTC e HT et le desmallo...en el costado muy. 25: HT s. et mas. 26: ms. perigõosa; HT amos la bat. 27: AMS mingara; KMP mĩgara(-n-); RTC partan...menguara; HT partiesen perdierõ...mẽguara de sus. 27-28: ms. mãestres (así en KMP); AMS maẽstres. 28: HT falta desde ly[dar]. 29: RTC Menalao et tr. 30: AMS vijñan; KMP vijñã...cõtra el (-el-) rrey; RTC c. el el rrey; RTF Merceres. 31: RTC amos a f. 32: KMP y hũ. 34: RTC Menalao que Miç. 35: ms. sẽer; RTC Menalao. 36: RTC y que lo a. et desde oymas non lo. 37: ms. ãa; KMP podía; RTC pudieron...oyr. ca llego. 39: ms. vẽedes; RTC que esto. 40: RTC p. prenda deste...sabedes. 41: RTC t. a E. 44: KMP Andromaca (AMS -t-); RTC Andromaca. 47: AMS e KMP por. 48: RTC falta et inicial. 49: RTC al rrey. 50: RTC quebrantaron. 52-53: RTC mal llag. et la buelta era tant grande et el t. e. tan br. et. 54: AMS e KMP por; RTC l.

Miçeres, que o ja moyto mester aujá, ca ja lle tollerã o elmo et queríãlle tallar a cabeça, 55
porque uijan que o nõ podíã leuar preso. Mays, ante que fosse solto, moytos o cõpraro
carament. Et poys que o ouueron liure, Troylos et Polidamas nõ sse foro do cãpo, ante
ficaro ẽno torneo, ferindo moy durament, et cõbatẽdosse. Et nõ quisero ende seyr ata
que rreçeberõ tã grã perda como adeãt oyredes.

Aly chegou el rrey Talamõ et Ajes, seu fillo, et cõ elles tres mill caualeyros moy 60
ben armados et moy ben encaualgados en bõos caualos de Arabia. Et tragía suas lanças
et seus pendões frescos. Et moyto erã de dultar, ca, sen falla, erã moy bõos caualeyros
et orgullosos et fardidos, et demays aujã moy bõo señor et moy bõo caudillo. Et aly
foy a grã perda et estraya, ca a moytos cõueo de sse partir da batalla, mal seu grado,
ca erã ja malcorrudos et maldesbaratados et nõ o podía sofrer, ca rreçebía y grã dãno. 65

Fol. 95v Et el rrey Talamõ, quando ueu a Polidamas, tã sañudament o foy // ferir que deu
cõ el en terra do caualo, et puñou de o prender. Mays Troylos, que era moy ardido et
moy aujuado, tornou aly sobre el, a gisa de bõo caualeyro, et quantos achaua a derredor
de ssy tã durament os fería et tallaua et mataua et astragaua et cofondía cõ sua espada
que, mal seu grado, o ouuerõ a leixar. Et moyto gãañou Troylos grã prez et grã nomea- 70
da en aquela ora. Et nõ ouuo y nehũ que o prouar quisesse nẽ sse cõbater cõ el. Et Poli-
damas cobrou logo seu caualo et escapou de graue auẽtura, que en tal lugar caera que,
ao agisado, el deuera a seer morto ou preso. Et estonçe foro y derrubados et enpuxados
moytos bõos caualeyros troyãos.

Et estando Troylos et Polidamas en grã pressa, chegou Pares a acorrerlles. Et tragía 75
cõsigo sete mill caualeyros perssiãos, et todos tragía moy bõos arquos torquijs. Et logo,
sen mays tardar, foro ferir ẽnos gregos, et lançauã hũus quadrillos tã agudos et tã fortes
que ja nõ sería loriga tã forte nẽ tã dura que nõ fosse desmãchada aly hu elles fería.
Et tã brauament et tã sen piadade fería os hũus aos outros que moytos deles cayan
mortos et malchagados. Et en este lugar foy tã grã morte en caualeyros que hũa grã 80
marauilla sería de cõtar. Mays Pares, como era ardido et esforçado, tã grã dãno lles fezo
aquela uez que os gregos foro tan maltreytos aquela uez que, per força, sse fezeron ja-
quanto afora, et erã tã sañudos que ja mays nõ podería.

Mays os troyãos carament cõprarã esta saña ante que a noyte ueña, et dizeruos ey
como. Aly chegou estonçe Achiles cõ sua caualaría, de moy bõo atabío et moy grãde. 85
Et quando ueu que os gregos rreçeberã tã grã dãno et tã grã perda, esforçou os seus et
rrogoulles que o ajudassen moy ben. Et foyos ferir tã de rrégeo que mays de duzẽtos
pendões (pendões) foro estonçe tintos en sange de caualeyros preçados. Et ẽno mũdo
nõ ha home que uos cõtar podesse a coyta et o afán et a perda que os troyãos aquel día

---

el rrey. 55: RTC lo mucho...el almoffar et quisieranle cortar la. 56: ms. uíjan. 57: AMS que ouueron. 59-60: RTC oyr. ca alli. 60: RTC Aias; RTF Telamon Aiaus o plus de treis mile. 61 e 62: AMS e KMP boos. 63: AMS e KMP boo...boo. 65: RTC non la p. (pode ser lo). 68: AMS e KMP boo; RTC t. luego alli. 70: AMS e KMP gaañou. 70-71: RTC nombradia. 72: RTC au. ca en. 73: ms. seer; AMS sser; RTC deu. seer. 74: AMS e KMP boos. 75: ms. ãacorrerlles. 76: AMS boos; KMP boos a. torquiis; RTC pers. que todos. 77: AMS e KMP huus. 79: AMS e KMP huus. 79-80: RTC c. y muertos. 80-81: RTC cauall. mas Paris. 82: AMS e KMP por; RTC maltr. que. 83: RTC que mas. 84: KMP cõnprarã. 85: AMS e KMP boo; RTC cauall. muy gr. et muy buena et quando. 86: RTC reçebian grand d. et gr. 87: AMS ajudasen. 88: AMS non indica a repetición; RTC preç. En el. 89-

rreçeberõ. Et tãtos erã os mortos et os chagados et os derribados que cayan da sua parte que o nõ poderõ mays sofrer, et fórõsse cõtra a cidade en bõo cõtenẽt. Et os gregos, quando esto uirõ, começarõ de dar gritos. Mays Achiles era aquel que os desbarataua et os apressuraua, tãto que nõ aujã de ssy cõssello, ca el nõ dultaua nehũa cousa. Et aly ouuo tã grã dãno et tã grãde astragamento que, per força, os troyaos ouueron a tornar as costas, querendo ou nõ. Pero tornauã moytas uezes, mays nõ lles ouuo prol, ca, en gisa os mouerõ do cãpo et os apressurarõ, que os fezeron entrar traslas barreyras, mal seu grado.

Mays Troylos et Polidamas o fezeron tã ben aquela uez que marauilla foy, ca moytas uezes yan torneãdo et justando. Et, entretãto, yansse acollendo passo et en bõo cõtenẽt, et tãto sofriã et tã grãde afán leuauã que esto era hũa grã marauilla, et tan ben acorríã aos seus que, sse elles y anbos nõ forã, todos forã mortos ou presos. Outrossy Pares
Fol. 96r leuaua sua espada ẽna mão et desfazía moy ben a pressa arredor de ssy, // hu el chegaua. Et el rrey de Perssia outrossy ya leuãdo os seus ante ssy et tornãdo moyto amjude, a gisa de bõo caualeyro. Aly chegarõ os bastardos, fillos del rrey Príamos, moy sañudos et moy orgullosos, et acorrerõ moy ben aos seus, et jurauã que os gregos carament cõpraria sua esporoada. Et tã rrégeament forõ ferir per meo dos gregos que derrubarõ daquela esporõada vijt caualeyros, en gisa que logo forõ mortos. Et tã ben sse ajudarõ que, per força, mudarõ as tres azes. Et rreçeberõ tãtos colpes que ja tódoslos elmos tragía rrotos et cheos de sange. Et ẽna pressa grãde perderõ os gregos a el rrey Talamõ et foy en poder de Margaritõ, fillo de rrey Príamos, que era hũ dos bastardos.

232

Cõmo Achiles liurou a rrey Talamõ et matou a Margaritõ, yrmão de Éytor

Quando Achiles ueu que el rrey Talamõ ya preso et en poder de Margaritõ, leixousse yr cõtra el quanto o caualo o podo leuar, et nõ sse catãdo del Margaritõ, et foyo ferir tã durament que toda a lança lle fezo entrar ẽnos costados mays de hũ palmo, et a asta quebrou, et ficou en el o trãçõ. Mays, ante que fosse derribado, tirárõno afora da pressa et trouxérõno aa vila por lle tirar o trãçón da lança. Et foy grãde o doo et os choros que as donas et as donzelas fazía, et quantos outros estauã ẽna uila. Et trouxérõno ao paaço de Éytor, hu el estaua, et foy sete ou oyto uezes amorteçido, et coydarõ que

---

90: RTC dia suffrieron et. 90: KMP que auyan da. 91: AMS e KMP çidade en boo; RTC cont. et deffendiendose muy bien et. 92: RTC començaronles a dar. 93: AMS apresuraua. 94: AMS por... troyãos; KMP por...troya(-n-)os. 96: AMS apresuraron. 99: AMS e KMP boo; RTC tornando. 101: AMS pressos; RTC y non. 102: RTC bien apriessa a derredor. 103: RTF Aresse. 104: AMS e KMP boo. 106: AMS e KMP por; RTC comp. aquella esp. 107: AMS esporoada vijnte; RTC derr. y daq. 108: AMS e KMP por.

Cap. 232. 1: RTC libro a Tal. 3: RTC Tal. era pr. 4: RTC Marg. fuel. 5: AMS feço; RTC lança fizo e. por los c. del mas. 5-6: ms. ãasta. 6: RTC t. fuera. 7: ms. ãa...dõo; RTC d. et el llanto et los. 8: RTC en donzellas...o. auya en la. 9: ms. pãaço; RTC pal. do E. estaua...siete uezes a. que

era morto. Et deytárõno en hũa cama, et tirárõlle o trãçõ, et, tãto que llo tirarõ, logo foy morto.

Quando Éytor ueu que seu yrmão Margaritõ morto era, tomou ende grã pesar et foy ende moy coytado et moy triste, ca moyto era Margaritõ bõo caualeyro et aposto et ardido et franco et leal. Et pregũtou estonçe quen o matara, et cõtárõlle cõmo o feyto fora.

– ¡Par Deus! –disso Éytor–. Mao pleito he este; marauilla he cõmo sse me nõ parte o c[o]raçõ, poys me nõ leixan aló seyr. Et faço a gisa de mao caualeyro, et nõ o posso mays sofrer, et cõuẽme de yr aló, sse poder, a ujgar a morte de meu yrmão. Et se o eu ẽno cãpo achar, cõvijrlle ha de leixar y peñor por el. Et senpre serey aontado por quanto aquí fiquey. Mays, sen falla, a pouca de sazõ me veerá alá cõssygo, et aia ende quen quiser saña ou prazer.

Et logo pedeu o caualo et, el querendo caualgar, seu padre el rrey chegou et tornoo ende, et sabede que a moy grãde afán. Et en todo esto, o torneo estaua moy ben juntado et moy ben ferido entre as cárcauas da uila. Et el rrey de Perssia et Pares et Troylos et Polidamas enduraro et sofrerõ grãde afán, et toueron aquel passo grã peça cõ tódoslos seus ata que chegou Eneas, que tragía cõsygo tres mill caualeyros moy bõos, que sse ajudauã moy ben. Mays, cõ todo esto, todos estauã mjgados de ardimento et de esforço porque Éytor cõ elles nõ era. Et quando Achiles esto soubo, próugolle moyto et preçoos pouco, et juraua que lles faría leixar o cãpo et acoller aa uila, mal seu grado. Et foysse logo a Agamenõ, et díssolle assy:

–¿Por que uos deteedes, que nõ caualgades? Ca desbaratados son, ca ja oie nõ
Fol. 96v poden auer Éytor, // nẽ seyrá oie acó. Et por ende me marauillo cõmo nos mays poden sofrer, ca moyto o achã en grã mjga, et sen el nõ sse saben ajudar, nẽ an esforço nẽ ardimento. Et poys elles están en esta maneyra, fazede vijr as azes et vaamos en elles ferir, et en gisa os enpux[e]mos que os façamos meter ẽna uila, que queyrã ou nõ.

Agamenõ fezo mouer tres azes, hũas enpús outras, et cõmoquer que alegres uaan, algũus yrã alá por seu mal, onde al nõ pode seer. Et poys que as azes moueron, Menesteus, duque de Atenas, chegou primeyro. Et tragía cõsigo vijt mill caualeyros moy ben gisados et moy ben armados, et andauã en caualos moy lygeyros et moy corredores. Et enbraçarõ os escudos, et abaixarõ as lanças, et forõ ferir ẽnos troyãos de todo seu poder. Et alý se uolueu hũ torneo mortal et perigooso. Et alý veeriades quebrãtar lanças, et fender escudos, et falssar lorigas, et caualeyros caer, et caualos andar sen señores.

Da outra parte, dos troyãos, el rrey Filomenjs chegou a aquel torneo. Et tragía cõsigo tódoslos seus de Palfona. Et nũca home ueu en tã pouca de ora nẽ oýo falar

---

cuyd. 10: RTC et pues que lo t. luego essa hora fue. 12: RTC ende muy grand. 13: AMS e KMP boo. 14: RTC contaron. 16: RTC por dios...non se me. 17: ms. caraçõ; RTC malo et. 18: RTC sof. conuieneme...p. uengar. 19: AMS conuijrlle. 20: ms. veera; RTC aca...veran. 21: RTC q. quier. 22: ms. tornõo. 23: RTC ende mas sabet...affan en. 24: RTC muy fer. ante las. 26: AMS con ssygo... boos; KMP boos; RTC b. et que. 27: KMP cõ todos esto; RTC ayudaran. 28: RTC sopo fue muy ledo et. 29: ms. preçõos...ãa. 31: AMS e KMP deteedes. 32: RTC a E. njn sal. aca. 34: ms. vãamos; AMS uijr. 35: ms. enpuxmos; RTC empuxemos...f. entrar en la v. queriendo o. 36: ms. uãan; RTC Ag. sin mas tardar f. m. las (azes) tres azes. 37: ms. sẽer; AMS e KMP alguus; RTC yran oy alla. 38: AMS vijnte; RTC primeramente. 41: ms. perigooso...veeriades; RTC et assi se...pel. alli. 42: RTC et afflacar escudos...caualleros dexar siellas et. 43: ms. ãaquel; RTF Philemenis. 44: KMP Pal-

que tãtas gentes morressen cõmo estonçe aly morrerõ, de hũa parte et da outra, ca os 45
de Palfona erã moy lygeyros et cõbatíasse moy ben, et tã pouco dultauã os gregos que
marauilla era. Et ben uos semellaría que nõ sabiã nada de couardez. Et o torneo era
moy brauo et moy sen piadade. Et apartárõsse estonçe pera justar el rrey Filomenjs et
o duque de Atenas. Et Filomenis, cõmo era bon caualeyro et ardido, foy ferir o duque
de Atenas, et doulle hũa tal lançada ẽna boca que lle quebrãtou quatro dentes, et cha- 50
goo moy mal, et cayo en terra do caualo. Et porla pressa, que era grãde, nõ quiso Filo-
mjnis deçer pera [o] prender, ca estauã y moytos da cõpaña do duque, que o tirarõ
d'j moy agiña, et leuárõno aas tẽdas, et yan fazẽdo por el grã doo.

Et encõtrarõ cõ Palamades, que sse vĩjña aa batalla. Et quando ueu cõmo leuauã
o duque, ouuo ende tã grã pesar que mayor nõ podería, et jurou parla sua ley que os que 55
esto fezeran que o cõprarĩã carament. Desy el et tódoslos seus enbraçarõ seus escudos,
et apertarõ suas lanças ẽnas mãos, et forõ ferir ẽnos troyãos moy sen piadade. Et aly
foy o torneo moy duro et moy esquiuo, et tã grãde foy o destroymento et a mortalda-
Fol. 123r rrazõ. Et nõ he sen gisa. Et de mj uos digo, cõmoquer que me // ende teña quen quiser por couardo ou por ardido, que ante quería cõmjgo tẽer Achiles que a mill caualeyros. Et mays uos digo, don Menelao: o uosso esforço nõ sse chega nehũ ponto ao seu. Et esto veemos por façaya, et ben pareçe cada día, et pareçerá ante que sse este jogo parta d'ontre nós et os troyãos; ca se [n]os Achiles nõ ajudar, elles nos temerã por ẽde moyto mẽos, et ben [n]oslo mostrarõ ẽno senbrãt, ca, senpre cada que os cometemos, auemos o peor do jogo. Et poys a Achiles nõ podemos auer, mal nosso grado nos cõuerrá fazer seu mãdado et seu talẽt; ca, sen falla, nõ podemos nehũa cousa fazer que sse nos torne en onrra, nẽ en prez, sen el, ante rreçeberemos dano et onta et desonrra ẽno ficar et ẽno estar et ẽno cõbater. Et por esto ben loaría et prazerme ya que este pleito treytassemos assy, que nõ cofondessemos nossos corpos, nẽ nossas fazẽdas, sen rrazõ et por nada. Et eu ben creo que faz bõo siso natural aquel que todauja toma dos maes o mays pequeno.

Cap. 302. 1: AMS diso; KMP Ulixas; RTC e HT Menalao (id. 2, 4). 4: AMS e KMP porlo; RTC uos digo...diriedes (HT diredes). 5: KMP cõsello; RTC este fecho ca...ac. ca sabet (HT f. et ca...ac. et ca...son cuydan). 6: RTC loades esta çerca por que cobredes (HT cobrades). 7: RTC se a ning. ende sigua et m. de u. (HT se a n. siga et m. de vezes). 8: AMS e KMP alguus; RTC catan por al sinon (HT c. que muchos nõ...synõ lo que). 8-9: HT dan por a. nj por p. nĩguna cosa que. 9: RTC otro acaesca...non deuedes desm. (HT que a). 10: ms. sẽer. 11: RTC ay; HT a. 12: RTC e HT g. ca de. 12-13: HT t. por c. quien q. o por. 13: AMS e KMP teer; RTC querria c. t. a Ach. que mill; HT querria t. com. a Ach. 14: KMP e(-sfor-)ço; RTC cau. mas...Menalao...llega njn p.; HT Menalao...llega nĩ p. al s. esto. 15: ms. vẽemos; RTC que este i. se parta (id. HT p. de cada). 16: ms. uos; AMS uos; KMP nos; RTC si nos; HT tr. que sy A. nõ nos ay. 17: ms. uoslo; AMS uoslo; KMP nos lo; RTC nos lo mostraran; HT uoslo mostrarõ...et ca. 18: HT pues Ach. 19: RTC (e HT) tal. et sin...p. nada faz. 20: RTC (e HT) njn en prouecho sin. 21: RTC comb. por...pl. troxiessemos assi et que (id. HT q. en este). 22: RTC nuestra fazienda (id. HT nada yo). 23: AMS e KMP boo; RTC bien veo que.

303

Do conssello que Diomedes deu

Dyomedes leuãtousse entõ en pe, et começou sua rrazõ en tal gisa:

–Señores, cõmoquer que sse algũ queixe desto que eu agora quero dizer, nõ posso estar que o nõ diga. Nós auemos tomado hũ peso mayor et mays dultoso et mays perigooso que don Menelao coyda, ca nos mete por boa barata et por boa rrazõ que nos façamos aquí matar todos cõmo fezemos ata aqui. Mays, ¿que he o que el daría por algũ aquí rreçeber escarno ou morte ou grã peligro, tãto que el podesse seer entregado de sua moller? Esto he agora bõo rrecado: el perdeu bon calar, et doulle por cõssello que leixe falar os outros, et nõ queyra dizer cousa que lle nõ queyran cõsentir nẽ loar. Et cõmo a mj semella, aynda Menelao nõ coñosçe ben os troyãos, ca diz que nõ an ontre ssy esforço nẽ poder desque perderõ a Éytor, nẽ ha entre elles quen moyto ualla en armas. Et eu digo a Deus uerdade que en todo o mũdo, camaño he, que nõ ha caualeyro que tãto ualla en armas cõmo Troylos, et nõ he mẽos ardido, nẽ ha mẽor força que seu yrmão Éytor, nẽ mẽos esforçado, nẽ mẽos orgulloso, nẽ mẽos ualẽt, nẽ mẽos cõprido de bondade, nẽ sse cõbate peor que el. Et mays uos digo: desque naçj nũca vj caualeyro, nẽ oy falar del, que ante quisesse seer en bondades que Troylos, ca entre todos aqueles que eu esprouey, sobeiament achey este por bon caualeyro et ualẽt. Et agora diz don Menelao que sse nõ poderã cõtra nós defender, aynda que nos Achiles nõ ajude, (et) sse uos jaquan[t]o quiserdes esforçar. [Et] esto ben pareçe en cõmo nós fogimos, et ençarrárõnos traslos tẽdillões, et cõmo nos queymarõ as naues; desque Éytor naçeu, nũca nos tãto mal fezo, nẽ tãto dãno, nẽ tã grãde, nẽ rreçebemos tã grãde onta de troyãos mẽtre Achiles foy nosco.

304

Cõmo Colcos, [o] agoyreyro, preegaua aos gregos

Poys que Diomedes ouuo acabada sua rrazõ, Vlixas outorgou ben cõ el, que anbos

---

Cap. 303. 1: AMS consello. 2: RTC (e HT) leu. en tanto en. 4: HT que le...p. el mayor. 4-5: ms. perigõoso. 5: KMP nos mẽt por; RTC Menalao...por razon (id. HT c. et ca...por una bar.). 7: ms. sẽer; HT pud. tomar entrega de. 8: AMS e KMP boo; RTC (e HT) rec. sin falla el. 9: RTC (e HT) querran. 10: KMP cõnosçe; RTC Menalao...a los tr. (id. HT et ca). 12: RTC es non; HT es nõ a cosa que me a mj digã que mejor cau. a et que. 13: RTC (e HT) que mas uala en a. que T. ca el non. 15: KMP naçi; RTC el mas (id. HT cõbata). 16: HT T. et ca e. t. los otros que. 17: AMS espr. solament achey; RTC et por ualiente...Menalao; HT cau. et por sobejo et por valiẽte...Menalao. 18-19: ms. et sse uos ja quando q. esf. esto; RTC (e HT) ay. si uos ya quanto q. e. et esto. 19-20: RTC par. en c. nos las naues ençendieron et en commo nos fuemos ençerrados t. t. desque (HT c. las n. nos e. et cõmo). 21: RTC njn tant g. daño njn reç.; HT nj g. daño rresç. nj tã g. desonrra de. 22: RTC (e HT) connusco.

Cap. 304. 1: ms. Colcos agoyreyro (AMS non corrixe); RTC Colcas ag.; HT Colcas el ag. 2:

amauã moyto a paz, et cõssellauã que a fezessen, et cõtradizíã o que Menelao dissera. Et aos mays prazería cõ ela. Et logo essa ora fora feyto se nõ fora Colcas, o agoyreyro, que sse leuãtou en pe, et disso a alta uoz, en gisa que tódoslo oyrõ:

Fol. 123v —Señores, ¿que dizedes ou que // queredes fazer? Sen falla, uós tomades mao cõssello et nõ catades uossa prol en solament coydar de fazer paz cõ os troyãos, nẽ de os querer leixar sen grã destroymẽto deles, et fazedes esto cõtra defendemento dos dioses. Et nõ digades que uoslo nõ digo, ante uoslo rrogo et uoslo cõssello et uoslo digo que uos gardedes de mal. Et os dioses poño y por testemoyos, que ueiã cõmo uos eu desengano et uos quería gardar de dãno et de uergonça. Et, sen falimẽto, uos digo que nõ podedes escapar de peligro, nẽ de grã tormenta do mar, sse solament prouassedes de fazer paz cõ os troyãos, nẽ de uos assy tornar a uossa terra; ca en toda gisa uos cõuẽ de cõprir a uoõtade dos dioses et de fazer seu mãdado. Et o al nõ uos he rrecado nẽ siso. Et eu uos digo de sua parte, sen mẽtir, que, ante que vaades desta terra, os vençeredes, et por uós an de seer destroydos et cõquistos; ca os dioses, que saben tódaslas cousas que an de víjr, demostrã aos sanctos homes que an seu amor (et) suas poridades et seus cõsellos, et mãdanlles que as preegẽ et as demostrẽ aas gentes, et ben çertos seede que uós auedes de cõquerir os troyãos a ssua desonrra moy grãde. Et toda a onrra deste feyto será uossa, et por elles agora aueren o mellor deste feyto nõ uos auedes por ende a desmayar.

Et poys que Colcas ouuo acabada sua rrazõ, nõ quiserõ os gregos mays falar en este feyto, et partírõsse de aly todos, et fórõsse pera suas tẽdas.

305

Agora leixa o cõto de falar [desto] por cõtar a quartadéçima batalla

Conta a estoria que, poys que as trégoas seyrõ, que cada hũ sse gisou moy ben et sse gorneçeu de tódaslas cousas que mester aujã pera a batalla, ca elles de outra cousa nõ aujã cura, se desta nõ. Et aquela noyte poserõ seus pendões a suas lanças et, quando uirõ o día, armárõsse moy ben todos, et cobrirõ seus caualos de coberturas de púrpuras et de çẽdaes et de pãnos laurados moy nobrement a seus synaes.

RTC el et amos; HT acabado...el et ca amos. 3: RTC Menalao (id. HT a. la p. m.). 4: RTC (e HT) ploguiera...fecha...fuera por Colcas. 5: ms. ãalta. 6: HT uos todos tom. 7: RTC e HT catastes. 8: RTC (e HT) q. assi dexar. 9: RTC uos lo yo non d. a. uos rr. et uos affruento et uos cons. que uos; HT ante voslo gradesco et uoslo rr. et vos afruẽto et vos c. que. 10: RTC e HT pongo yo por. 11: RTC querria (id. HT et uerg.). 12: RTC pel. grande njn sin grand torm.; HT esc. de daño grande nj syn g. t. 13: HT de nos asy. 14: HT de cõplir su m. 15: ms. vãades; HT uos rruego et uos digo. 16: ms. sẽer; HT s. perdidos et d. et c. et ca. 17: AMS vijr...santos; KMP sanctos; RTC e HT amor sus. 18: ms. ãas...sẽede; RTC prediquen...et por ende bien (id. HT mandolos q. los). 19: HT c. a los tr. 20: RTC auer. 19-20: HT õrra d. f. nõ au. uos por (salto). 22: RTC quis. gr. mas f. sob'este (id. HT fab. mas; falta nos dous et inicial).

Cap. 305. 1: ms. falar por (AMS e KMP non corrixen); RTC (e HT) f. daquesto por. 2: HT p. que los griegos salierõ de las t. cõ los troyanos que. 3: RTC se guarnio...auya (id. HT para bat.). 4: RTC n. cogieron sus p. en sus (HT p. cõ sus). 5: HT c. los cau. de sus cob. 7: HT era su príçipe...

Et el rrey Agamenõ, que era prínçepe dos gregos, parou suas azes, et mãdou que el rrey Ajas et el rrey Talamõ et suas cõpañas fosse primeyro, ca sabede que estes que nõ erã dos peores que ẽna oste auía. Et en estas azes deãteyras yan moytos bõos caualeyros preçados et ardidos et orgullosos. Enpós estes ya Diomedes, moy ben gisado, et leuaua sua aaz moy bõa et moy apostada, et Menelao cõ el, et estes anbos leuauã moytas bõas cõpañas et moytos bõos caualeyros ardidos et esforçados.

Desy caualgarõ todos a grã pressa perlos chãos cõtra os de Troya, que nõ forõ pregiçosos pera seyr a elles, ca os acharõ ia estando fora ẽnos cãpos traslas barreyras. Et ajuntárõsse todos en hũus grãdes chãos, que nõ erã matosos nẽ ponto. Et tã agiña que sse ajuntarõ, leixarõ cõtra ssy correr os caualos, hũus a outros, o mays de rrégeo que poderõ, et forõ todos topar de cõssún. Et aly veeriades fender escudos, et uoar lanças en peças, et rronper lorigas, et caualeyros leixar selas sen seu grado. Et dáuãsse tã grãdes feridas perlos peytos que as lanças fazíã seyr da outra parte. Et tragíãsse tã mal que daquela uez ficarõ moytas donzelas órfãas et moytas donas veúuas, que depoys nũca poderõ auer // maridos. Et aly erã as uozes tã grãdes et tã doloridas que nõ ha home que as oysse que nõ ouuesse grã doo en seu coraçõ. ¿Que uos digo? Que tãtos forõ aly os mortos, da hũa parte et da outra, que tódoslos cãpos et os uales forõ cubertos deles, et as eruas jazíã todas tĩtas de sange. Et aly ouuo moytos caualos preçados aquel día que andauã sen señores, et nõ achauã quen os quisesse tomar, nẽ quen os prender podesse.

Fol. 124r

Mays Troylos, a que sse nõ oluidaua a morte de seu yrmão Éytor, fezo aquel día tãto por tomar ũjgança por el que foy hũa grã marauilla, segundo que Dayres cõta; ca el cofondía et mataua quantos achaua ante ssy, et hu vija a mayor força dos gregos et a mayor espessura, leixáuasse correr aly, et metíasse entre elles, et feríaos tã brauament que departía tódaslas pressas. Et passaua per entr'elles, et fazíalles grã dãno, et de tal gisa os apressuraua que nõ ouuo y aaz tã orgullosa, nẽ tã dultada, que a el nõ fezesse mudar donde estaua. Et assy os apressurou, a pouca de ora, que lles fezo, mal seu grado, leixar o cãpo. Et leuoos ata as suas tendas, querendo ou nõ, que ja mays nũca sse deles partío.

Et aquela uez foy moy ben agardado dos seus, ca mays de trijta mill caualeyros o agardauã aquel día, que ja mays nũca sse del partirõ, tãto ouueron sabor de uẽçer aquel torneo et de fazer partir seus ẽemjgos de aly aontados; et, sen falla, assy o esforçarõ que

---

para. 8: AMS fosse(n); RTC comp. firiessen primero...estos non (id. HT p. et ca...estos erã). 9: AMS boos; KMP moytas boas; RTC auya ca en; HT auia et ca en...cau. et pr. 10: AMS En pus; KMP En *pus*; HT et enpos. 11: ms. ãaz; HT buena et muy biẽ guisada et apost. 12: AMS e KMP boos. 13: AMS e KMP porlos. 14: RTC f. de los campos (id. HT et ca los estauã ya esperãdo f.). 15: AMS e KMP huus. 16: AMS e KMP huus; HT mas rreszio. 17: ms. vẽeriades; HT ver. topar et f. 18: RTC (e HT) pieças et en pedaços et r. 19: AMS e KMP porlos; HT salir por la o. 20: AMS orfaas; KMP orfaas et moytas veuuas. 22: ms. dõo; HT digo tãtos. 24: HT t. en sangre. 24-25: RTC (e HT) ouo en a. dia m. c. pr. que. 27: RTC a quien se...m. de ssus hermanos fizo (HT nõ se le olu.). 28: RTC por ellos que...que nos D. (id. HT et ca). 29: ms. vija; HT el mat. et firia quantos a. sy fallauã et do veyã la m. priesa de los. 31: AMS e KMP por; RTC que rompia todas; HT q. rrõpia las pr. todas et. 32: ms. ãaz; AMS apresuraua; RTC e HT fizo. 33: RTC ap. en poca...fizo el mal; HT estauã... en poca...los. 34: ms. leuõos; HT fasta sus. 36: HT muy aguardado...et ca. 37: RTC (e HT) aguardaron. 38: AMS eemigos; KMP eemjgos; RTC f. sus en. part. de (HT f. a sus). 39-40: AMS mortos

elles ouueron aquel día o mellor da batalla et os gregos o peor. Et forõ mortas [moytas] de suas cõpañas. Et, cõmoquer que o cãpo todo foy cuberto de mortos, moytos mays ficarã y se a noyte os nõ partira. ¿Que uos digo? Que Troylos fezo y tãto aquel día que el soo leuou o prez de duzentas uezes mill caualeyros que y aujã, da hũa parte et da outra. Et en aquel torneo chagoo moy mal Menelao.

Desde oiemays nõ uos perlongarey mĩa rrazõ; mays, poys que troyãos uirõ que a noyte os partía, tornárõsse todos ben juntados et ben acaudillados pera sua çidade. Et fezeron doo porlos mortos que perderã, et mãdarõ ben penssar de seus chagados, et darlles quanto mester aujã. Et os da oste ficarõ en suas tẽdas moy tristes et moy coytados. Et sabede que nehũ nõ rrija, nẽ sse gabaua, mays cada hũ aujã grã pesar de ssy. Et feramente penssauã todos en quan pouco gãanauã cõ Troylos, et en quan moyto cõ el perdía. Et cada hũ choraua moyto seu amigo, que vija ante ssy chagado et morto, et doyasse del moyto.

306

Agora leixa o conto de falar desto por cõtar a quintadéçima batalla

En outro día de manãa foy juntado hũ torneo moy brauo et moy mortal et moy perfioso, tãto que, ante que a somana seysse, forõ mortos moytos duques et moytos almirãtes onrrados et outros caualeyros de grã gisa. Et os troyãos se uẽgarõ ben, et tomarõ grã peñor por ssy, et uẽderõ moy carament aos gregos o dãno que lles feyto aujã et a cõquista que lles coydauã fazer. Et tã mal os trouxerõ aquela uez et tãtos matarõ que os gregos erã ja rrepentidos porque aly vẽerã. Et cõta Dayres que Troylos foy o que fereu [primeyro] en este torneo, et que matou moytos caualeyros, et chagou outros moytos
Fol. 124v de colpes mortaes, // pero nõ diz o conto quaes forõ os que matou. Et tã grãde esforço aujã os seus en el que sse acollía todos a el, cõmo se fosse castelo ou forteleza hu coydassen de seer ben defendidos. Et tãtos morrerõ y daquela uez et tã ferido foy o torneo que o cãpo jazía ja cheo de pedaços de lanças quebrãtadas et de caualeyros mortos.

Et andando Troylos fazẽdo estas caualarías, quebroulle a lança que tragía, et hũ seu donzel lle dou outra moy bõa, et logo que a tomou, fereu o caualo das esporas, et

---

de; KMP mortas de s. c. (-moytas-) et; RTC muertas muchos? (ms. muchs, con raia); HT muertas muchas cõp. suyas et. 41: RTC non los...digo ca T.; HT nõ los...f. ally t. 42: ms. sõo; RTC (e HT) mill personas que. 43: ms. chagõo; RTC e HT Menalao. 44: KMP porlongarey; RTC pues tr. (id. HT des...perl. mas mj). 45: HT ayũtados. 46: ms. dõo; AMS mandaran; RTC e HT por sus m. 47: RTC (e HT) m. ouiessen et. 48: ms. rrĩja; AMS rija; HT nõ rretraya ñ̃ se alabaua. 49: AMS gaañauan; KMP gaanauã. 50: ms. vĩja; RTC e HT llag. o m. 51: RTC e HT mucho del.

Cap. 306. 1: RTC de aquesto; HT dez. quinta. 2: AMS e KMP manaa; RTC dia mañ. f. ayuntado...et porf. (HT et moy p.; falta nos dous en inicial). 3: AMS e KMP porfioso. 5: RTC prenda (id. HT auia et). 6: KMP matarõ (-deles-) que; RTC e HT mat. dellos que. 7: AMS veeran; KMP veerã. 8: ms. fereu en (AMS non corrixe); RTC ferio primero en (id. HT llago muchos). 9: HT que el mato. 10: AMS forteleça; KMP que se; HT el asy cõmo. 11: ms. sẽer; RTC cuyd. seer...y aquella (id. HT torneo y el c.). 12-13: HT yazia lleno de m. et de p. de l. et and. 14: HT dio luego

leixousse yr perlas azes hu a pressa ueu mayor. Et auẽo assy que encõtrou cõ Diomedes ẽna grã pressa, et foyo ferir tã fortemẽt que a lança et o pendón lle meteu perlo corpo, et deu cõ el logo en terra do caualo, tã malchagado que o leuarõ d'y por morto. Et quando o derribou, díssolle assy, oyndoo mays de mill caualeyros:

–Jde agora folgar cõ Breçayda, uossa señora, aquela moy leal que uos quer grã ben; et, se me ante nẽbrara, perdoárauos por ela. Pero sabede que a ssua graça et o sseu amor uos bastío todo aquesto et uos fezo lazeyrar assy aquí, et por tal feyto cõmo este oy dizer que sol arder o justo porlo pecador. Et dizédelle da mĩa parte que, se uós fostes hu eu foy, que ja y dous fomos. Et ante que sse esta çerca parta, ben sey que outros yrán y et será por ela en tal coyta cõmo uós sodes. Et moyto uos podedes gardar, se a uós assy auedes soo, ca uós nõ fostes o primeyro, nẽ querrá ela que seiades o postremeyro, nẽ ficará aynda por aquesto, ante fará senpre en gisa que seus óspedes serán pagados dela, ca moller he de tal maneyra.

Estas palauras forõ depoys rretrahudas ẽna çidade et ẽna oste, et assy forõ rrenẽbradas que en todo aquel mes forõ moytas uezes ditas et en moytos lugares. Mays os gregos, quando uirõ que Diomedes era tã malchagado, coydarõ que era morto. Et fezeron grã doo por el, et derõ grãdes uozes, et traballárõsse de o uẽgar et tomar peñor por el. Et ajuntárõsse en tropel, et forõ ferir ẽnos troyãos tã brauament que mays de dez mill lanças forõ y quebradas et mays de mill caualeyros derribados dos caualos.

Et quando lles Agamenõ veu fazer aquel doo, coydou que Diomedes era morto, et foy logo ferir ẽnos troyãos tã durament que esto era hũa grã marauilla. Et aly sse uolueu hũ torneo moy grãde et moy danoso, ca forõ y mortos moytos dos caualeyros en pouca de ora. Et Agamenõ fezo y entõ per suas mãos moytas boas caualarías, et fazía moy grã dãno ẽnos troyãos; mays cõproo moy carament, ca Troylos o foy demãdar ontre todas suas cõpañas. Et quando o ueu, alçou a espada, et foyo ferir tã de rrégeo per çima do elmo que lle tallou a quarta parte del. Et Agamenõ foy tã malchagado ẽna cabeça que os gregos forõ ende moy coytados et moy chorosos, ca a ferida era moy grãde et en peligroso lugar. Et por ende moyto desmayauã, et temĩãsse por elo que morresse dela. Et sabede que, se o Troylos ferira de dereyto, que logo fora morto, mays a ferida lle deu escontra fora, pero desçendeu tãto que lle pareçia o osso.

Et des aly ouueron os gregos o peor da batalla, et nõ sse poderõ mays mãteer. Et

---

o. que traya muy. 15: AMS leixouse yr porlas; KMP por las; HT q. se ẽc. 16: KMP grãd...por lo; AMS porlo; RTC (e HT) tant duramente que...por el costado. 17: RTC con el en...leuantaron dende por (HT leuarõ ende). 18: ms. oyndoo; RTC (e HT) q. lo uio assy yazer dix. 19: AMS Ide; KMP grã; HT ag. yd. 20: RTC e. mas pero...su et (espacio en branco); HT e. mas uos s. que la su nobleza et. 21: RTC lazd. aqui (id. HT vos lo b. todo et). 22: ms. uos entreliñado; RTC e HT de mj. 23: AMS dous somos; RTC fue ya; HT fuy ya ay...biẽ creo que. 24: RTC en tant grand c. (id. HT vos fuestes). 24-25: HT sy la asy solo vos au. et ca. 25: ms. sõo. 26: RTC sean (id. HT et ca). 28: HT hueste asy. 29: RTC e HT dichas en. 30: ms. dõo; HT fiz. muy grãt. 31: RTC e HT et de t. peño. 32: RTC (e HT) ay. en un tr. 33: RTC (e HT) f. alli queb. et bien mill. 34: ms. dõo; HT duelo et c. 36: HT d. et ca...muchos buenos cau.; RTC muchos de buenos cau. 37: AMS e KMP por; RTC e HT y por. 38: ms. cõpro; RTC daño a los troyanos...T. gelo fue (id. HT c. car. et ca). 39: AMS e KMP por. 41: RTC cuyt. et muy pauorosos ca...en muy pel. (id. HT et ca). 42: KMP moyto(-s-); RTC (e HT) ende muchos d. et tem. que. 43: RTC fir. derecho (falta desde aquí); HT fir. der. luego f. ally m. 43-44: HT cõtra. 44: HT que paresçio. 45: KMP ally...mãteer; AMS manteer; HT desde. 46: HT

Troylos matou deles moytos, et os gregos rreçeberõ grã dãno aquela uez. Mays a estoria
Fol. 125r nõ conta // quanto tenpo esta batalla durou, mays cõta Dayres, que todo esto veu, que
de ánbalas partes forõ y mortos cada uez moytos caualeyros et moy bõos, moy ardidos
et de grã prez; pero a perda dos gregos foy mayor, ca dyz que ben perderõ y tres caua-
leyros por hũ, et nõno poderõ endurar, et acollérõsse todos a ssuas tẽdas.

307

Agora leixa o cõto a falar da batalla por cõtar cõmo forõ as trégoas outorgadas por seys meses

Quando Agamenõ ueu o grã dano et a grã perda que rreçebía cada día, et cõmo os seus morría a çentos et a millares, et nõ podía sofrer aos troyãos ẽno cãpo, (et) ouuo ende grã pesar, et cõssellouse cõ os grãdes señores da oste que enviassen pedir trégoas. Et enviou logo a el rrey Príamos seus messageyros, os mays onrrados que achou, et mãdoulles que lle pedissen trégoas de medio ãno. Et os messageyros fezér[o]no logo assy.

El rrey Príamus era moyto entẽdudo, et chamou a cõssello seus fillos et seus amjgos et seus uassalos. Et todos outorgarõ que llela nõ dessen por tã longo tenpo, mays que sse cõbatessen cõ elles et lles fezessen a sseu poder auer o peor deste pleito, en gisa que fossen mortos ou presos et as naues queymadas, en maneyra que lles nõ podessen escapar, nẽ tornar a ssuas terras. ¿Que uos digo? Que ssobre estas trégoas rrazoarõ moyto et de moytas gisas, mays pero ẽna çima nõ ssey cõmo, nẽ per qual maneyra, foy outorgada a trégoa de ánbalas partes por seys meses entregos, et gardárõna moy ben. Et logo en outro día seyrõ ao cãpo a queymar et a ssoterrar seus mortos. Et os gregos enviarõ demãdar uiãdas a çerca et a longe, huquer que as achar poderõ. Et os troyãos metía toda sua puña en afortelezar sua uila et gisarla de todo o que mester aujã.

308

Cõmo Breçayda ya ueer amyúde a Diomedes et da rrazõ que cõ el ouue

Conta a estoria que Diomedes et Agamenõ erã malchagados, et ouueron moy bõos

vez la. 47: KMP nõ cõta; HT t. duro aquella b. 48: AMS e KMP boos; HT cada ora m. buenos c. ard. 49: HT m. et ca diz q. perd. 50: HT end. mas et cogierõse.

Cap. 307. 1-2: HT c. de f. (por s. m. falta). 3: HT et la p. q. rresçebia. 4: HT c. et ovo (AMS e KMP non corrixen). 5: AMS conssellousse. 6: HT q. el fallo. 7: ms. fezerno (AMS non corrixe); HT de vn medio...fizierõlo asy. 8: ms. entẽdudo (*u* sobre outra letra); KMP entendudo; HT P. que era m. ent. llamo a c. a sus. 9: HT todos acordarõ que...mas se. 12: HT digo sabet que. 13: AMS por; KMP ssey nẽ por. 14: HT tregua por...enteros. 14-15: HT luego o. dia comẽçarõ a sot. et a q. los muertos. 16: HT v. para çerca...podiã...tr. fazia t. su fuerça en. 17: HT fortalesçer...menester les era.

Cap. 308. 1: JC como; HT yua a veer (1-2: et...ouuo falta). 2: ms. ouue/ouuo? Parece que di ouue (non chegou a completa-la vocal, a non ser que estea borrado); JC razõ...ouvo; AMS ouuo;

meestres, et forõ ante goridos que os seys meses fossen fora. Mays Breçayda, quando soubo que Diomedes era malchagado, pesoulle moyto; et pero que sse quiso encobrir, nõ podo estar que nõ chorasse moyto. Et ferament fazía grã senbrãt que nehũa cousa nõ amaua tãto cõmo a el, pero ata aquel día nũca mostrou que o amaua. Mays estonçe nõ sse podo encobrir que o nõ entẽdessen, ca por defendemento, nẽ por castigo, nẽ por ameaça, que seu padre fezesse, nẽ por posfaço, nõ leixaua de o yr veer moyto amĩude a ssua tẽda, ca ferament o amaua, et todo seu coraçõ en el era ja tornado et posto fora de Troylos, et temjasse moyto de o perder. Et outro tal fazía os gregos, ca a ferida era moy perigoosa. Et, sen falla, ela o fezo moy mal et moy feament, en leixar a Troylos, et grã torto lle fezo, ca Troylos era moy bon caualeyro et de grã preço et moyto aposto et moy ardido et, demays, ualía tãto en armas que nehũ nõ ualya tãto cõmo el.

309

Cõmo Breçayda se queixaua de sy me[e]sma et se connoscía que fezera torto

Un día auẽo que Breçayda penssaua ẽno torto que auja feyto a Troylos, et tomou rrazõ cõtra ssy meesma en tal gisa:

–Eu sey ben que porlo que eu fige nũca de mĩ será dita bõa palaura nẽ bon rretrayre, ca en elo nõ ey dereyto. Et moyto oyue forte uẽtura et, sen falla, oyue mao syso et fige mao rrecado, // que errey a Troylos et o leixey por outro. Et ben entẽdo et coñosco que lle fige grã torto, ca, sse eu fezera o que deuja, meu coraçõ fora senpre cõ el, et nũca quisera cõsentir a nehũ que meu amor tomasse, nẽ catara por outra cousa se por el nõ. Mays eu foy tã louca et tan ligeyra que cõsentj de oyr loucura, et, se me eu gardar quisera quando me aduserõ, nõna deuera consentir, ante a deuera a esquiuar; ca aquela que boa quer seer nõ deue oyr quanto lle dizer quiserẽ, ca nõ ha ẽno mũdo tã entẽduda que uẽçuda nõ seia, se oyr quiser o que lle disserẽ. Et nós outras queremos y seer mesuradas et nossa mesura se nos torna en dãno (mays se nos torna en dãno), mays se nós nos fezessemos esquiuas da primeyra, nũca noslo diriã, nẽ prouaríã de dizer, et nós nõ perderiamos bon prez cõmo o perdemos. Et desde oiemays poden de mĩ posfaçar as que me desamarẽ, et auerán ben de que. Et quantas donas et donzelas ha en Troya me desamarã mortalment et cõ grã rrazõ, et a mĩa aleyue et o meu engãno grãde et a mĩa

Fol. 125v

KMP (-r-)razõ...ouue. 3: JC bóós; AMS e KMP boos. 4: ms. mẽestres. 5: HT et mager que. 6: JC feramente...senbrãte. 7: JC como...estonce. 8: HT q. gelo nõ entendierõ et ca. 9: ms. vẽer; JC amiude; HT quel su p. f. et nĩ. 10: JC feramente...ia; HT t. et ca...am. de todo su coraçõ et todo. 11: JC temiasse. 12: ms. perigõosa; JC feamente; KMP falla o. 14: AMS e JC como.

Cap. 309. 1: ms. mẽsma; JC como...meesma; AMS mesma; KMP de se me(-e-)sma. 2: KMP connosçia que fez t. 1-2: HT et...torto falta. 3: JC avia feito. 4: ms. mẽesma. 5: JC mĩ; HT seria. d. vna pal. 6: AMS direyto; JC vẽntura; HT rretraher et ca yo en. 7: HT rrec. q. dexe a T. por. 7-8: HT et biẽ con. 8: AMS deuia; JC devia meu coracõ; KMP cõnosco; HT t. et ca...fue s. 9: AMS tomase. 9-10: HT amor catase nj quisiese tomar a niguno sy a el nõ et mas. 10: JC cõsento. 11: HT nõ lo d. yo c. nĩ oyr a. lo deu. esq. et ca. 12 (e 14): ms. sẽer. 14: JC danno. 15: KMP nẽ lo prouariã; RTC (reaparece en) de la primera; HT nĩ lo prou. 16: HT des; JC como...mĩ. 18: AMS mja...enga-

loucura que eu fige et o grã meu dãno será ja senpre rretrahudo et posfaçado. Et, sen falla, eu deuja moyto a penssar en este feyto, et assy o farey, ca eu foy en este feyto moy aleyuosa et moy uil, et mudey o meu coraçõ moy ligeyrament; ca eu auja por amjgo o mellor caualeyro que nũca donzela ouuo et, se eu fezesse agisado, amaría a todos aquelles que el amasse, et quería mal a todos aqueles a que el mal quisesse. Et agora pareçe cõmo foy de mao siso et aleyuosa, ca, sse tomara por amjgo outro que el nõ desamasse, nõ fora tã grãde aleyue, nẽ tã grã trayçõ. ¿Mays eu, que fige? Tomey por amjgo o mays mortal ẽemjgo que lle eu ẽno mũdo achey. Et por ende senpre serey despreçada et posfaçada de todos, et senpre ja auerán que digã de mja maldade et de mja auoleza. Et as outras faría moy grã dereyto se me por esto matassen. Pero hũ grã cõforto ey, que moytas molleres fezeron taes cánbeos, et moytas donas casadas et moytas donzelas uj eu que tomarõ os mayores ẽemjgos que poderõ achar a seus maridos et a seus entẽdedores, et que os tomarõ de seu grado por seus entẽdedores et por seus maridos. Mays de hũa cousa me faço marauillada: ¿por que nõ auemos uergonça de quantos feytos estraños et enauessados fazemos? Et eu moyto me rripinto deste feyto, mays, cõmoquer que me ende rrepinta, nõ me tẽ prol, nẽ me ual nada, nẽ posso y nada rrecobrar, ca ja feyto he. Et desde oiemays a este serey leal, ca he bon caualeyro et moy preçado et moy entẽdudo; ca ja nõ posso tornar a Troylos, nẽ me posso partir deste, ca ja en el ey metudo meu coraçõ et meu deseio, et ámoo tãto que nõ posso mays. Mays, sse eu ena çidade ficara, solament nõ penssara de fazer tal trayçõ, que eu nũca aquel desamasse nẽ cãbiasse por outro; mays a que era soa et sen cõssello, en grã coyta et sen outro amjgo leal, assy cõmo eu era, por ende nõ pude al fazer senõ tomar atal que me podesse toller o grã pesar cõ que morría et o grã deseio et o grãde amor que auja de Troylos. Et se esto nõ fezera, ben podera eu chorar, mays nũca en mj ouuera cõforto. Et sse eu assy passara
Fol. 126r meu tenpo, eu agora // fora morta. Mays cõuẽome de curar de mj, ca era moy desanparada et deytada de todo ben; cõmoquer que eu fezesse maldade, tomey o mellor do jogo, ca algũas uezes ey agora alegría ẽno coraçõ. Et se esto nõ fezera, senpre fora en tristeza, et tal me podería agora posfaçar que me uerría cõfortar tarde ou nũca. Et por

---

ño; JC mortalmente...mĩa...enganno...mĩa; HT cõ razõ. 19: AMS dano; JC danno; RTC locura mucho auol en que yo fiz muy gr. mj daño (HT fiz mj gr. d.). 20: JC devia...feito; HT mucho pẽsar...et ca. 21: JC ligeyramente...avia; RTC aleue (id. HT l. et ca). 22: AMS e JC amigo. 23: RTC querria...aq. que (id. HT quis. ag.). 24: AMS mão; JC como...amigo; HT al. et ca. 24-25: HT el amase nõ. 25: JC amigo. 26: AMS e KMP eemjgo; JC ẽemigo; HT que yo...por syenpre. 27: AMS mĩa auoleza; JC mĩa...mĩa; HT aurã de mj que. 28: AMS direyto; RTC (e HT) farian grand. 30: JC vi...ẽemigos; AMS e KMP eemjgos. 31: RTC et aquellos tomaron...ent. o por; HT et aquellos t. por sus e. de su gr. o por. 32: JC feitos. 33: JC fezemos...feito m. como quer; RTC est. et desaguisados f.; HT estr. desagisados...arrepiẽto d. f. et mas. 34: RTC recombrar; HT me rrepiẽta...rr. et ca. 35: JC feito; RTC es muy buen (id. HT des). 36: HT d. et ya. 37: ms. amõo; HT q. mas nõ p. et mas. 38: JC solamente; KMP penssaria; RTC q. nunca yo a aq.; HT q. nũca yo aq. 39: JC amigo; KMP cõsselo (-et-) en; RTC cons. et en (id. HT et mas). 40: JC como; KMP a tal; HT era et por e. nõ puedo. 41: JC avia; RTC et grand amor (id. HT pesar que auia et). 42: JC mĩ; AMS poderia; KMP chorar (-moyto-) * mays; RTC llorar mucho mas n. ou. en mj conf. et si assi (id. HT m. et mas). 43: AMS conueome; JC tẽpo...mĩ; RTC mj que era; HT et mas...mj que era des. 44: JC como quer; RTC (e HT) bien et c. 45: JC coracõ; KMP ay; HT he al. 46: RTC et atal...que conuernia conf. (id.

aquesto quige tomar mays çedo cõforto, ca nõ deue home porlos ditos das gentes viuer senpre en dolor et en pesar. Demays, se todo o mũdo fosse ledo et eu triste et sen sabor ¿que he o que eu y gãañaría? Mays de hũa cousa me pesa tã de coraçõ que mays nõ pode, por que ey grã pauor da morte deste. Mays pero Deus faça ben a Troylos, poys que eu nõ posso auer a el a meu prazer, nẽ el a mj̃, et porque esto entẽdo, me outorgo a este outro. Pero moy de grado quería auer coraçõ que me podesse nẽbrar o grãde amor que entre nós foy et de quanto anbos fezemos. Eu ben entẽdo en meu coraçõ que faço moy sen gisa, et cada que me nẽbra rreçebo ende grã pesar et grã uergonça. Et o meu coraçõ me diz moytas uezes: ¡ay, aleyuosa traedor! ¿nõ te nẽbra quanto por tj fezo Troylos et tu por el? Ca, sse el ẽno mũdo auja dõa nobre et preçada, mayor sabor auja el de a dar a tj que tu de a tomar. Et ẽno mũdo nõ sabía el cousa que a tj prazería, ou en que tu tomasses prazer ou sabor, que el nõ fezesse tãto ata que a ouuesse. Et sse el achasse algũa cousa de que sse moyto pagasse, logo sen mays tardar ya pera tj se te pagarías dela. Et nẽbrate, aleyuosa, de quantos días bõos cõ el passaste, mẽtre te el moyto amou et tu a el, et nõ seias tã descriúda nẽ tã falyda cõmo es cõtra el. Et todo esto me entra per hũa orella et me sal perla outra, mays de oiemays nõ ha y al: quérome quitar deste affán et tornarme a este, ca a fazerme cõuẽ. Et desde aquí quero fazer que Diomedes atẽda meu amor, et seia çerto de auer quanto el quiser, et ja mays nõ achará en mj̃ paráuoa maa nẽ orgullosa cõmo achou ata aquí; ca, sen falla, eu o detuue ata aquí per palaura, cada que cõmjgo falou et eu cõ el. Et foylle moy esquiua et moy orgullosa, de que me moyto arrepinto, et ey ende uergonça cada que me nẽbra. Mays eu llo enmẽdarey moy ben, et ojemays farey todo seu prazer et toda sua uoõtade, et Deus me leixe ende veer alegría.

310

Agora leixa o cõto de falar de Breçayda por cõtar cõmo os gregos enviarõ Agamenõ a Achiles, que os ajudasse, et da rresposta que lles el deu

Mentre que durou a trégoa, os gregos aujã seu cõssello que çima daría a esta çerqua

---

HT atal podria). 47: JC homen; HT esto...c. et ca. 48: HT p. et demas. 49: JC gááñaria; AMS e KMP gaañaria; HT que gan. et mas. 50: RTC de muerte (id. HT biẽ et merçed a T.). 51: JC mj̃. 52: RTC e HT querria. 53: RTC e HT f. et yo. 54: HT rresç. ẽ mj coraçõ grãt. 55: JC ti; AMS avezes; KMP auezes: 'moy aleyuosa; RTC traydora; HT vezes al. traydora. 56: JC avia...avia; HT sy en; RTC n. o pr. 57: JC ti...ti. 57-58: HT plaz. et tu. 58: KMP ouuesse(-s-); RTC (e HT) que la tu ouiesses et. 59: JC ti; RTC (e HT) yua por ti. 60: JC bóós; AMS e KMP boos; RTC miembresete... te mucho (HT miẽbrasete). 61: JC como; KMP seias descriuda...por; AMS por; RTC (e HT) por la una. 62: JC pela; AMS e KMP porla; RTC non ay y; HT et mas des o. nõ ay y al et q. 63: HT torn. a fazer cosa et ca fazerme...at. a mj. 64: ms. mãa; JC mj̃; KMP quiser (-et que el seia pagado cõmjgo, et eu cõ el * Et de oie mays fallo en meu coraçõ por gisado de outorgar quanto el quiser-); RTC sea bien çierto...quis. et que el sea pagado comigo et yo con el et de oymas fallo en mj coraçon por guisado de otorgar quanto el quisier (HT des...de fazer q. el q. et que el sea pagado comigo et yo con el). 64: RTC pal. braua njn. 64-65: HT et ja mays...aqui falta. 65: JC como; AMS e KMP por; HT et ca. 66: KMP foy lle esquiua...que moyto; JC cõ migo; HT orgulloso. 67: KMP cade; RTC repiento...mas todo lo em. (id. HT et ende...et mas...et de oymas). 68: ms. vẽer; RTC (e HT) auer al.

Cap. 310. 1: RTC e. a Ag. et a Nestor el Uieio a Ach. 1-2: ms. ãachiles (antes o uello riscado); HT cõtar la rresp. que dio Ach. a los que enbio Ag. 2: ms. deu (despois parece que hai varias

que aujã começada. Et ferament mẽoscabauã cada día, et nõ gãanauã nada, et achauã a Achiles en grã mjga, ca el era o que mays sofría as grãdes pressas, et sabía mãtẽer os grãdes torneos, et el era o que prouaua os grãdes feytos et os acabaua, et fazía as grãdes caualarías, et d[e]sque os el nõ ajudou, senpre rreçeberõ grandes perdas. Et por ende acordarõ que enviassen Agamenõ a el, que os ajudasse, ca uijan que era moyto seu amjgo. Et el foy aló de grado, et leuou cõsygo a Nástor o Uello, que era moy sabedor // et moy entẽdudo et moy bẽ rrazoado.

Fol. 126v

Et poys que chegarõ aa tenda hu Achiles sija, asentárõsse anbos cõ el, et cõtárõlle ben sua fazẽda et seu messajen. Mays Achiles nõ sse pagaua de cousa que sobre este feyto lle dissessen et, cõmoquer que o moyto rrogassen, et per moytas gisas, que os ajudasse ẽna grã coyta en que os uija et lles nõ tardasse tãto, nũca cõ el poderõ acabar que os ajudasse, nẽ quisesse por elles tomar armas, nẽ seyr aa batalla, ante lles disso assy:

—Amjgos, en este pleito nõ me faledes, ca sabede que en mj nõ acharedes al senõ quanto ey dito a uós, don Nástor, et a Diomedes et a Vlixas, quando aquí uẽestes. Mays uós fazede cõmo sesudos, et creédeme de cõssello, et fazede paz cõ os troyãos, et faredes y moyta de uossa prol, ca uós ben veedes que rreçebedes grã dãno cada día, et sey que rreçeberedes mayor, se este pleito moyto dura. ¿Et nõ ueedes que perdestes ja Palamades, que foy grã dano, et outros moytos rreys et prínçepes onrrados, que foy outrossy moy grã dãno, que o mũdo ual moyto meos por ende, que foy tã grã perda que nũca será cobrada? Por aquesto nõ uos quero ajudar, et sabede que o nõ leixo por couardía, nẽ por pauor que aia, mays léixoo porque nũca foy quen uisse tal soberua, nẽ tã grã loucura, nẽ orgullo tã danoso, nẽ outrossy nõ quero quebrãtar os uotos et prometementos que feytos ey. Pero, porque a uós anbos amo moyto, nõ [me] uos posso en todo escusar, et por ende daruos ey meus caualeyros que uos ajuden, et ben sey que agiña entẽderedes que uos faço y grande ajuda; mays pero nõno faço de grado, mays moy aduro. Et, sen falla, uós os leuades cõtra mja voõtade, mays sen mj os leuaredes. Et ben uos podedes loar, que nõ ha ẽno mũdo home por que os aló enviasse, se por uós anbos nõ.

Agamenõ et Nástor llo gradesçerõ estonçe moyto, et partírõsse del moy pagados.

---

palabras riscadas); KMP rreposta. 4: AMS gaañauan; KMP gaanauã; RTC e HT com. ca fier. 5: AMS manteer; KMP mãteer; RTC que soffria. 5-6: HT mẽgua et ca el era el que prou. 7: ms. ds que; AMS des que; RTC desque; HT desque...r. muy gr. 8: ms. uijan; RTC ac. todos que e. a Ag. (id. HT a. et ca). 10: ms. bẽ entreliñado; HT muy rraz. 11: ms. ãa...sija; RTC t. do el seya (HT cõt. muy biẽ). 13: AMS e KMP por. 14: ms. uija; HT cuyta que...nũca en el. 15: ms. ãa. 16: KMP no me f. (-mays-) ca; RTC f. mas ca; HT f. mas et ca. 17: AMS e KMP ueestes; HT et mas. 18: ms. crẽedeme; AMS sesudo. 19: ms. vẽedes. 20: ms. uẽedes; HT pl. dura...ya a Palomades; RTC Palomades. 21: KMP dãno. 22: RTC otr. tant grand...por y et que (HT otr. grãt...p. que nũca fue mayor et nũca). 23: HT c. et por. 24: ms. leixõo; HT nũca vy yo quien. 26: ms. nõ uos (AMS e KMP non corrixen); RTC non me uos; HT he et pero...nõ me vos p. esc. 28: HT fago grãt. 29: AMS ben os; HT v. et mas. 31: HT et Agamenõ...grad. mucho.

311

Agora leixa o cõto de falar desto por cõtar a sextadéçima batalla

Agora diz o cõto que, poys que as trégoas seyrõ, que forã postas por seys meses, logo outro día de grã manãa os da oste et os da çidade armarõ ben seus caualos, et gorneçerõ moy ben seus corpos de quanto mester aujã, et pararõ suas azes per grã rrecado, en qual gisa entẽderõ que lles cõpría. Estonçe mãdou chamar Achiles todos seus caualeyros, et fézoos moy ben armar, et mãdou a todos uestir sobresynaes de púrpuras uermellos por sse coñosçerẽ por ende mellor. Et poys que todo esto foy feyto, fézoos vĩjr ante ssy, et parou sua aaz deles cõmo entẽdeu que mellor apostados yría. Et díssolles assy:

—Amjgos et uassalos, moyto me pesa porque cõuosco nõ uou et par de morte me semella, ca ben ueio que jdes sen señor; mays pero rrógouos que nõ leixedes por ende de seer moy bõos et de fazer bõas caualarías. Et nõ mjge por uós, et puñade cõmo uos teñades de cõssún, ca ben uos podedes coñosçer per estes sobresynaes que leuades.

Et elles rresponderõ que assy o faría, et espedírõsse del sen mays dizer. Et el chorou moyto ao partir que sse partirõ. Mays nehũ nõ uos podería dizer a alegría que elles ouueron porque lles seu señor deu cõssello de yr a aquel torneo, ca mortos et coytados estauã porque auj[a] grã tenpo que nõ tomarã armas. Et eu ben sey que oie farã tãto per suas mãos en esta batalla por que serã moytas donas ueúuas et moytas selas uazías, et
Fol. 127r farã andar moytos // caualos sen señores perlo cãpo.

Assy começarõ a yr en bõo passo et ajuntados en tropel. Et o torneo era ja começado, et ouuera ja y moytas justas, en que morrerã moytos bõos caualeyros. Et os caualeyros leuauã todos elmos uerdes et escudos de hũas armas, et yan sobre moy bõos caualos de Arabia, que erã moy corredores et moy lygeyros. Et quando chegarõ ao torneo, uírõno tã uolto et tã mezclado que adur podía coñosçer os da sua parte.

Et uirõ andar a Troylos entre elles rreuoluẽdosse, et daua colpes tã esquiuos que o nõ ousaua nehũ asperar per u ya. Et, sen falla, nõ era sen rrazõ, ca el andaua moy ben agardado dos seus, et ajudáuãno tã ben que auja ja mortos mays de mill caualeyros, et quebrãtados mays de mill elmos, et rronpera mays de mill lorigas, et fezera ja a mays de mill caualeyros leixar as selas, sen seu grado, et chagároos tã mal que por hũ grã tenpo

---

Cap. 311. 1: RTC contar de la; HT c. la xxij. 2: HT fuerõ. 3: AMS e KMP manaa; RTC dia grand. 4: AMS e KMP por; RTC (e HT) guarnesçieronse. 4-5: HT por qual rrec. ent. q. era bueno et por grãt guisa asy cõmo entendian que. 6: ms. fezõos; RTC purpura uermeia (id. HT m. vest. a t. sob.). 7: ms. fezõos (vĩjr entreliñado); AMS vijr; KMP cõnosçerẽ; RTC coñosçer por y meior... si otra uez et; HT conosçer mejor. 8: ms. ãaz; RTC az ante ssi commo; HT sy cõmo. 9: HT et a par. 10: HT s. et ca...s. et mas. 11: ms. sẽer; AMS e KMP boos; HT ser buenos. 12: AMS connosçer por; KMP cõnosçer por; HT c. et ca. 13: HT ellos esp. del syn mas tardar et rrespondierõle...fariã et lloro. 14: ms. ãalegria; RTC sse fizieron mas n. non le/lo? pod. (HT fiz. et mas n. nõ pod.). 15: ms. ãaquel; HT t. et ca. 16: ms. aujã; AMS e KMP (non corrixen) por; RTC (e HT) auya. 18: AMS e KMP porlo. 19: AMS boo; KMP boo...ayuntados; RTC Desi començaronse (id. HT paso ay. en vn tr.). 20: AMS e KMP boos; HT cauallos. 21: AMS e KMP boos; RTC escudos de vna señal et (id. HT sobre buenos). 23: KMP cõnosçer. 25: AMS esperar por; KMP por; RTC non lo (id. HT rrazõ et ca el andaualo tã biẽ). 27: ms. ja a (a entreliñado); HT fiz. mas. 28: ms. chagarõos; KMP chaga-

nõ poderõ tomar armas. ¿Que uos digo? Ca el os apressurou de tal gisa aquela uez que nõ poderõ mays endurar o torneo, et ouuéronsse ende a partir, querendo ou nõ, ca el se metía alj hu auja a mayor pressa, et liuraua quanto achaua ante ssy, et poucos acalçaua cõ sua espada que o nõ fendesse per meo et que o nõ deytasse ante ssy morto.

Et andando en aquesto, ueu vijr cõtra ssy o duque de Atenas, Menesteus, et tã toste que o ueu, fereu o caualo das esporas, et leixousse yr cõtra el. Et ferío de toda sua força per meo do escudo, et puxoo tã de rrégeo que solament nõ ouuo poder de sse tẽer ẽna sela. Et tomoulle o caualo, que era preçado a hũa grã cõtía de auer.

Aquel día fezo outrossy en aquela batalla tãto de armas, que marauilla sería de cõtar, el rrey Filomenjs. Et leuou ende moy grã prez entre todos. Outrossy fezo moy ben aquel día o bõo de Polidamas. Et estes erã de parte dos troyãos. Et el rrey Toas, que era de parte dos gregos, fezo outrossy aquel día tãtas bõas caualarías que ouuo delo moy grã prez.

Et estando elles en aquesto, chegarõ os caualeyros et uassalos de Achiles, que erã moy ardidos et bõos. Et vijnã moy orgullosos por sse cõbater cõ os troyãos. Et cometérõnos tan brauament que, en pouca de ora, matarõ tãtos deles que fezeron todos seus pendões bañar en sange. Et se nõ fora porlos de Perssya, que ajudauã ben aos troyãos et que chagauã aos gregos et matauã moy brauament cõ dardos et cõ saetas, carament lles uẽderã o ssojornamento que auja feyto; ca, sen falla, elles matarã mays de mill caualeyros de troyãos, mays que nõ matarã se elles aly nõ forã. Mays aquestes os menarõ moy mal, et os chagarõ moy malamẽt.

Troylos, estando en aquesta pressa, parou mẽtes et ueu el rrey Nástor. Et tã toste que o veu, leixousse correr a el per entre todos, et foy justar cõ el, et deulle hũa moy grã ferida. Mays achousse moy mal da justa, ca sse meteu tãto ontre os gregos que, ante que lle os seus podessen acorrer, rreçebeu ben çẽ feridas de lanças et de espadas ẽno corpo et ẽno escudo, et foylle moy ben coomeado o caualo que tomara ao duque de Atenas.

Mays seu yrmão Pares, quando o ueu estar en aquela pressa, acorreulle cõ tódoslos outros seus yrmãos, que erã fillos de seu padre, et erã sobeiament bõos caualeyros et ardidos et louçãos. Et Troylos estaua ja tã apressurado que, sen falla, fora morto ou preso, se lle o acorro mays tardara. Mays os yrmãos lle acorrerõ tã ben et tã ujuament que logo y fezeron ficar çẽ caualeyros de aqueles que o tijnã apressurado, et assy llo tollerõ per força a sseu despeyto.

---

rõ os. 29: HT digo que el. 30: HT durar. 32: AMS o(s) non fendese por...o(s)...morto(s); KMP por; HT esp. q. los nõ firiese et fend. 33: AMS vijr...menesteu; RTC Monesteus (id. HT esto). 35: ms. puxõo; AMS e KMP por...teer; HT se le t.; RTC sse le mantener e. 37: HT et aquel. 37-38: RTC armas el grande et pro r. F. que leuo (HT arm. et el g. r.). 38: HT et otr.; RTF Philemenis. 39: AMS e KMP boo; HT Bolidamas estos...tr. el. 40: HT otr. tãtas. 40-41: RTC (e HT) ouo ende un p. muy grande. 42: RTC falta et inicial; HT esto. 43: AMS boos et vijñan; KMP boos et vijñã; HT et muy buenos. 46: RTC que los llag. a los gr. muy brau. por los pechos et por los costados con dardos (HT llegauã a los g. brauamiẽte...s. et car.). 47: HT f. et ca. 48: RTC de los troyanos...aq. menearon (HT tr. et mas...f. et mas a estos). 49: RTC llag. malam.; HT llegarõ malam. 50: .HT esta. 51: AMS e KMP por; RTC a el el cauallo por; HT dex. yr a el entre. 52: .HT f. et mas...j. et ca. 53: HT suyos acorriesen. 54: ms. cõomeado; HT bien el cauallo. 55: AMS Paris; HT et mas...en esta; RTC en aquesta. 56: AMS e KMP boos; HT sob. muy b. 57: HT apresuro. 59: AMS tijñan; KMP çen...tijnã. 60: AMS e KMP por. 61: RTC p. ca m. y Ermagoras (HT p. et ca); RTF Ermagoras. 62: AMS atan;

Fol. 127v Mays pero fezeron y grã perda, que morreu y // Pitógaras, seu yrmão de Troylos. Et ouuo el por ende grã saña et moy grã pesar, et disso a tã altas uozes que tódoslo oyrõ que lles faría caramẽt cõprar a morte de seu yrmão, que lles faría per força leixar o cãpo, querendo ou nõ. Et fezo logo soar duas tronpas et ferir atabales, o mays de rrégeo que poderõ. Et todos os caualeyros de Achiles estauã aly hu a batalla era mays braua, et quando os ueu Troylos, foyos ferir moy brauament. Et, sen falla, aly foy o torneo moy brauo et moy duro.

Et aqueles caualeyros de Achiles erã moy ardidos et moy orgullosos et moy deseiosos de lydar, et en toda a oste nõ auja tã boa caualaría. Mays chegou aly Filomenis cõ todos seus caualeyros, et Pares cõ todos seus yrmãos. Outrossy chegou y depoys Polidamas, et ferírõnos de tal gisa que forõ y moytos escudos quebrãtados, de hũ cabo et do outro, et mays de mill caualeyros forõ y chagados, de gisa que sse nõ podían mãtẽer en sela.

Mays sabede que os caualeyros de Achiles fezerõ aly aquel día moy ben, ca, sen falla, elles sofrerõ estonçe o lazeyro da batalla. Et ajuntárõsse todos en hũ tropel por fazeren de ssy castelo en que sse defendessen. Et ben semellaua que nõ poderíã seer desbaratados lygeyrament, nẽ maltreytos, nẽ enpuxados de aly. ¿Que uos digo? Ca elles o fezeron tã ben que nõ poderíã mellor. Mays Troylos os cõbatía tã brauament que os tragía a todos tã mal que ja tã juntados nõ podía estar que os el nõ entrasse et [o]s nõ chagasse malament, et que os de aly nõ ouuesse desbaratados, sse acorro nõ ouuessen.

Mays logo lles acorrerõ cõmo agora oyredes. Aly chegou Agamenõ et el rrey Talamõ et o duque de Atenas et Menelao et Vlixas et Diomedes et outras moytas cõpañas. Et estes todos erã gregos, et vijnã frescos et folgados et orgullosos et aujuados pera acorrer aos caualeyros de Achiles. Et quando chegarõ, uoluéosse entre elles hũ torneo, en que forõ mortos moytos caualeyros ardidos et ualẽtes. Et os couardos aly tremjã moyto cõ grã pauor. Et aly veeriades uoar dardos et saetas moyto espessament, et quebrãtar moytas lanças, et rronper moytos pendões et moytas synas preçadas. Et aly veeriades quebrãtar moytos elmos, et desmallar moytas lorigas, et fender moytos escudos, et moytos caualeyros jazer ẽno cãpo mortos et moy malchagados. ¿Que uos direy longa rrazõ? Os prados erã ja cubertos de mortos et as eruas tĩtas do sange deles.

Mays pero aa çima gregos forõ enpuxados, querendo ou nõ, cõmoquer que nõ foy rrafez cousa de fazer. Mays a força et o esforço et a uẽtura et a ssua fraqueza os

---

KMP atã; RTC ende muy grand (id. HT et grãt p.). 63: AMS e KMP por; RTC (e HT) herm. et que les fara. 64: RTC e HT f. los at. 65: HT a. do era la mas fuerte bat. et. 66: HT fer. br. 68: RTC ca aquellos; HT et ca aq. 69: RTC e HT lid. en. 70: KMP cõ (-todos os seus et cõ-) todos; RTC sus uassallos et P. con todos los suyos et con (HT t. los sus uasallos...et otr.). 71: RTC del un (id. HT f. muchos). 72: AMS manteer; KMP mãteer; RTC f. llag.; HT f. mal llagados...pudierõ. 73: HT en las syllas. 74: RTC A. lo fiz. aquel (id. HT dia biẽ). 75: RTC est. todo el...fazer; HT est. el afan de la...t. de vn t. por fazer. 76: ms. sẽer; RTC (e HT) bien me semeia. 77: HT d. et ca. 78: HT m. et mas. 79: ms. es; AMS os; RTC podrian...et que los el non llag.; HT podrian...et nõ llegase. 80: ms. oũuesse. 81: HT et mas...Ag. et Tal. 82: RTC e HT Menalao. 83: AMS vijñan; KMP vijnã. 84: RTC ac. a los mermidones de (id. HT vn tal t. que). 85: RTC (e HT) muchos buenos c. fard. et u. mas los... con muy grand. 86: ms. vẽeriades. 87: ms. vẽeriades; HT m. azconas et rr. 88: AMS desmayar; RTC e HT desmanchar. 89: RTC e HT et mal llag. 90: KMP de sange; HT de sangre. 91: ms. ãa; RTC p. en la çima; HT et mas p. en la çima...o nõ pero nõ. 92: .AMS franqueza; KMP uentura...fraqueza;

desbaratou et lles fezo leixar o cãpo, mal seu grado, sen rrecobrarlo. Et morrerõ y çẽto daqueles caualeyros de Achiles, a que chamauã mermjdões. Et se nõ fora por Ajas Talamõ, nõ escapara per esto, ca os troyãos os cõbatía ẽnas tẽdas. Et leuárõlles en este desbarato çẽ tẽdas das mellores et mays rricas que ẽna oste auja.

Et cõta Dayres que tã ben o fezo aquel día Ajas Talamõ, et tãto sofreu, que tódoslos anparou moy ben. Et poys que a batalla foy partida, de ánbalas partes lle dauã ende grã prez, et, sen falla, porlo seu esforço et porla sua grã ualentía, forõ defendidas as tẽdas et as rriquezas grãdes que os gregos aujã. Et aquel día anparou os gregos de grã dano et de grã perda, que rreçeberã se por el nõ fora.

Et a batalla nõ foy partida senõ porla noyte. Et os troyãos, que a uẽçerõ, tornárõsse moy ledos et moy pagados pera sua çidade. Et Troylos leuou çẽ caualos desta batalla, moy preçados, et ben outros tãtos caualeyros de grã gisa presos, a que mays ualuera a morte ca nõ seer chagados cõmo erã.

312

Cõmo el rrey et os troyãos onrrauã moyto a Troylos

Quando el rrey Príamos soubo os grãdes danos et as grãdes perdas que seus ẽemjgos rreçeberã por Troylos, et cõmo erã maltreytos per seus fillos et per seus amjgos, foy ende moy ledo. Et ben lle semellaua que, sse Troylos moyto uiuesse, gregos sería destroydos pera senpre. Et el rrey et tódoslos prínçepes onrrarõ moyto a Troylos, et tódoslos da çidade fazía por el aos dioses moy grãdes orações et grãdes sacrifiçios, que o gardassen de mal et de perígoo et de morte et de dãno.

